

Sobre O Mariscal, de Cabanillas e Villar Ponte



EMILIO XOSÉ ÍNSUA LÓPEZ



BIBLIOTECA-
ARQUIVO
TEATRAL
FRANCISCO
PILLADO
MAYOR

DEPARTAMENTO DE GALEGO-PORTUGUÉS,
FRANCÉS E LINGÜÍSTICA

Sobre O Mariscal, de Cabanillas e Villar Ponte



EMILIO XOSÉ ÍNSUA LÓPEZ

Deseño da Capa:
MIGUEL ANXO VARELA

Ilustración da Capa:
Detalle da miniatura que acompaña á cantiga LXIII
no Códice Escorialense (T.I.1) das
Cantigas de Santa María de Alfonso X (século XIII)

Edita:
BIBLIOTECA-ARQUIVO TEATRAL
«FRANCISCO PILLADO MAYOR»
<https://www.udc.es/es/publicacions/>

© Da presente edición:
DEPARTAMENTO DE GALEGO-PORTUGUÉS,
FRANCÉS E LINGÜÍSTICA

© EMILIO XOSÉ ÍNSUA LÓPEZ

DOI

<https://doi.org/10.17979/spudc.9788497491440>

ISBN

84-9749-144-0

Depósito Legal:

C -862/2005

Impresión:


LUGAMI Artes Gráficas (Betanzos)

Maquetación:

ANTONIO SOUTO

Distribución:

<https://www.udc.gal/publicacions/distribucion>



Esta obra publícase baixo unha licenza Creative
Commons Atribución-CompartirIgual 4.0
Internacional (CC BY-SA 4.0)



DEPARTAMENTO DE GALEGO-PORTUGUÉS,
FRANCÉS E LINGÜÍSTICA

Universidade da Coruña • Facultade de Filoloxía • Campus da Zapateira • 15071 A Coruña

Consello Científico:

X. CARLOS CARRETE DÍAZ, PERFECTO CUADRADO,
MANUEL FERREIRO, MANUEL LORENZO PÉREZ,
CARLOS PAULO MARTÍNEZ PEREIRO, JOSÉ OLIVEIRA BARATA,
FRANCISCO PILLADO MAYOR, FRANCISCO SALINAS PORTUGAL,
ARNALDO SARAIVA, LUCIANA STEGAGNO PICCHIO,
LAURA TATO FONTAÍÑA

EMILIO XOSÉ ÍNSUA LÓPEZ

SOBRE *O MARISCAL*,
DE CABANILLAS E VILLAR PONTE

**Contexto, xénese, contido e peripecia
dunha obra-mestra do teatro galego**

Para Isabel e Aloia, polas moitas horas roubadas
e polo cariño que eternamente nos une.

Para a miña irmá Uxi, porque llo debo
desde hai ben tempo.

Para Elías Torres, polo maxisterio impagábel.

Para Luís Rei, pola amizade, a camaradaxe e as
proveitosas conversas arredor de Cabanillas.

Para o Manuel María, tristemente *in memoriam*

INTRODUCCIÓN

Saudada xa no seu tempo como contributo extraordinario para a daquela aínda nacente escena galega, como “verdadera joya de todo el teatro peninsular”¹ e, tamén, como compendio das mellores virtudes do Antón Villar Ponte ideólogo e do Ramón Cabanillas Enríquez versificador, *O Mariscal* resulta, sen lugar a dúbidas, unha das obras-mestras da nosa literatura dramática.

Non poucos estudosos avalan esta cualificación. Leandro Carré, por exemplo, considerouna nun artigo publicado en 1961 “ata o d’agora, a traxedia galega máis importante”². Manuel María sinalou, na mesma liña, que “as obras-cume do noso teatro son *O Mariscal* de Cabanillas e Vilar Ponte e *O Desengano do Prioiro* de Otero Pedrayo”³. Elvira Souto ten salientado que a mestría desta peza de Cabanillas e Villar Ponte se debe, no fundamental, “á arte com que se tecem os fios da trama, à força com que som desenhadas as personagens, ao ritmo ágil em que os lances se sucedem e à qualidade poética dos versos de Cabanilhas”⁴. Unha das máximas

¹ Cf. “El teatro gallego”, *Céltiga*, Buenos Aires, nº 64, 25.8.1927.

² Vide CARRÉ, L.: “Ramón Cabanillas no teatro galego”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, A Coruña, Ano LIX, Tomo XXIX, nº 339-344, abril de 1961, p. 199.

³ Vide [FERNÁNDEZ TEIXEIRO] M. M^a: “O teatro de Otero a prol da vida, a esperanza, a beleza e a razón de viver”, *A Nosa Terra*, Vigo, nº 712, 8.2.1996.

⁴ Vide SOUTO, E.: “Notas para unha lectura escolar de *O Mariscal*”, *Lenguaje y Texto*, nº 6-7, s. 1., 1991, p. 44.

especialistas na historia do noso teatro, Laura Tato Fontaíña, ten falado de *O Mariscal* como “da grande peza do teatro histórico galego”⁵ e Iolanda Ogando catalogouna como “a obra máis ambiciosa da época e unha das máis conseguidas de toda a literatura dramática galega”⁶. Millán Otero, por último, concluíu ao respecto: “*O Mariscal* pode ser considerado sen esaxeración coma a obra cume da dramaturxia galega de preguerra”⁷.

Ben é certo que non sempre a importancia da peza foi recoñecida como se debera. Abonden algúns exemplos, collidos ao chou: non é mencionada sequera por Varela Jácome na súa *Historia de la Literatura Gallega* (Santiago, 1951), e unha obra tan meritosa e útil na divulgación dos nosos valores teatrais como o é o *Manual e escolma da literatura dramática galega* (1996) de Manuel F. Vieites, non inclúe ningún fragmento de *O Mariscal*.

A peripecia editorial e dramaturxica de *O Mariscal* resulta moi reveladora das dificultades e pexas que balizaron o desenvolvemento do teatro galego, en particular, e da literatura galega, en xeral, ao longo da pasada centuria. Rexistra, con efecto, sucesivos intentos fanados de edición, divulgacións parciais, reiteradas imposibilidades de subir aos escenarios, traducións non autorizadas, conflitos e atrancos de tipo administrativo que ben puideran esconder actitudes censoriais, mornas acollidas por parte de determinados públicos cando sobe por fin aos escenarios en forma de ópera, esmagadores silenciamentos na posguerra, polémicas na súa primeira encenación propiamente dramática...

A peza que nos ocupa documenta perfectamente, ademais, as principais concepcións teatrais impulsadas e defendidas polas

⁵ Vide TATO FONTAÍÑA, L.: *Teatro Galego. 1915-1931*, Ed. Laiovento, Col. Ensaio, nº 89, Santiago, 1997, p. 224.

⁶ Vide OGANDO GONZÁLEZ, I.: *Teatro histórico: construcción dramática e construcción nacional*, Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor, Universidade da Coruña, A Coruña, 2004, p. 138.

⁷ Vide MILLÁN OTERO, X. M.: “A obra teatral de Ramón Cabanillas: unha cala en *O Mariscal*”, *Pontenerga. Revista de Estudios Sociolingüísticos*, Deputación Provincial de Pontevedra, nº 2, ano 2000, p. 61.

Irmandades da Fala. Unhas concepcións en que se combinaron as arelas artísticas cos fins proselitistas, a necesidade de acadar tensión creativa e cualidade estética coa urxencia ideolóxica de divulgación de valores históricos “alternativos” aos do discurso oficial españolista hexemónico naquel entón.

O noso traballo, elaborado a partir dalgúns materiais presentes na nosa Tese de Doutoramento *Antón Villar Ponte. Vida, obra, traxectoria cívica e pensamento*, defendida e xulgada na Universidade de Santiago de Compostela en xullo de 2002, marcouse como principais obxectivos explicar o contexto en que se xestou e en que tivo que pugnar por saír a lume a peza *O Mariscal*, desentrañar os antecedentes e reviravoltas da súa confección, acompañar o seu atribulado proceso de socialización e mais dar conta da recepción de que foi obxecto.

En coherencia cos obxectivos anotados, dividimos o noso estudo en seis partes. Nunha primeira, deitamos atención sobre o que denominamos “antecedentes” da peza, procurando, en primeiro termo, determinar cando e como se coñeceron e trabaron amizade os seus autores. A seguir, repasamos as súas respectivas bagaxes e coñecementos teatrais con anterioridade á confección de *O Mariscal*, desentrañando, así mesmo, algunhas das claves de *A man de Santiña*, peza que preludia a escrita en colaboración entre Cabanillas e Villar Ponte. Centrámonos logo na reconstrución, na medida do posíbel, do proceso de familiarización de ambos os autores coa figura e os feitos protagonizados polo mariscal Pardo de Cela, para, no final desta primeira parte, contextualizar a oportunidade dunha peza como a que nos ocupa no panorama teatral galego do tempo en que foi escrita.

Na segunda parte detémonos na certamente controvertida cuestión de delimitar o grao de participación que cabe atribuír a cada un dos dous autores na confección da peza, repasando en primeira instancia unha cantidade significativa de opinións ao respecto e achegando, na continuación, algúns datos, testemuños e materiais documentais que botan algunha luz, por ventura definitiva, sobre o asunto.

Na terceira epígrafe do noso traballo damos conta do proceso de elaboración de *O Mariscal* e da súa accidentada peripecia editorial, composta de varios intentos de edición e de representación finalmente fanados, de adiantos en revistas periódicas e lecturas privadas, de traducións para o español non autorizadas e de dúas edicións consecutivas, ambas da man de Ánxel Casal: en 1926 na editora “Lar”, a primeira, e en 1929 na editora “Nós”, a segunda. Ao fío da peripecia editorial achegamos, así mesmo, abundantes materiais sobre a recepción de que foi obxecto a peza nos círculos xornalísticos e culturais galegos do seu tempo.

Na cuarta parte centrámonos nunha sumaria análise da peza e detémonos a considerar as súas posíbeis interpretacións, para na continuación, no que constitúe a quinta parte do noso traballo, repasar a xénese e a fortuna da versión operística de *O Mariscal* levada a cabo polo músico-arquitecto Rodríguez Losada. Concretamente, fixémonos nas circunstancias que rodearon a súa frustrada estrea na Coruña, repasamos a súa xira por diversas localidades galegas e achegamos testemuños sobre a recepción de que foi obxecto.

A sexta e derradeira parte do noso traballo dá conta da fortuna posterior de *O Mariscal*, tanto no período prebélico, en que se producen novos frustrados intentos de representación e se verifica un paulatino proceso de distanciamento persoal e ideolóxico entre os seus autores, como no período posbélico, en que a peza cae nun silenciamento só roto polo exilio galego en Buenos Aires. Repasamos aquí, ademais, as diversas edicións que da peza se fixeron a partir da morte do ditador Franco e, por último, referenciamos as circunstancias e a recepción do seu primeiro encenamento en 1994, en montaxe do “Centro Dramático Galego”.

No remate, achegamos unha síntese conclusiva do traballo e as correspondentes referencias bibliográficas.

Non queremos pór ramo a esta “Introdución” sen consignar algúns agradecimentos necesarios. En primeiro termo a Iolanda Ogando, por nos fornecer o seu estudo sobre o teatro histórico gale-

go, que moito nos serviu na comprensión do contexto e da finalidade da peza que nos ocupa. Tamén a Millán Otero, pola súa lucidez á hora de desentrañar algúns elementos de *O Mariscal* e por nos chamar á colaboración en manuais de historia da literatura, dándonos así oportunidade de adiantarmos ao público lector algunhas das nosas descubertas.

De igual xeito, a Elías Torres, por ternos dado pautas de traballo investigador sen as que moitas das posíbeis achegas orixinais deste traballo non poderían terse producido. A Carlos Nuevo Cal, amigo coma poucos e colega de investigacións sobre a figura de Antón Villar Ponte e sobre a Terra de Viveiro, pola súa axuda bibliográfica e documental. A Laura Tato e Manuel Ferreiro debemos agradecer o seu convite a publicar este volume na “Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado” e as súas valiosas suxestións á hora de pulirmos o texto definitivo.

E, finalmente, un agradecemento moi especial a Luís Rei Núñez, auténtico especialista na figura de Ramón Cabanillas, que puxo ao noso dispor con xenerosidade fraterna o inxente caudal de información sobre o cambadés que leva recollido durante pacientes anos de traballo. A voz de Luís deunos alento decote e resolveu con acerto, ademais, moitas das dúbidas que nos asaltaron durante a confección deste traballo, que agora sometemos definitivamente á consideración dos lectores.

Emilio Xosé Insua López

Cambados, marzo de 2005

I. ANTECEDENTES DE *O MARISCAL*

1.1. CABANILLAS E VILLAR PONTE: ORIXES DUNHA FRUTÍFERA AMIZADE

O Mariscal é, como teremos ocasión de corroborar ao longo deste traballo, unha obra concibida, deseñada e elaborada a dúas mans; o produto, certamente maxistral en moitos aspectos, da estreita colaboración de dous destacados membros das Irmandades da Fala: o viveirés Antón Villar Ponte (Viveiro, 1881- A Coruña, 1936) e o cambadés Ramón Cabanillas Enríquez (Fefiñáns-Cambados, 1876-1959).

Semellante aserto colócanos automaticamente na necesidade de reconstruírmos, na medida do posíbel, os tempos e os modos do relacionamento que existiu entre as dúas figuras. Cómpre que expoñamos, con efecto, cando e en que contexto se coñeceron ambos autores e, a seguir, como surxiu entre eles unha amizade e unha sintonía ideolóxica sen as cales non se concibiría o afrontamento dun proxecto literario compartido como foi *O Mariscal*; que deamos conta, en fin, do momento e das razóns que os decidiron e impulsaron para levalo a cabo.

A posibilidade de que ambos os dous autores xa se coñecesen de antes da súa ida a Cuba fica aberta teoricamente pola común militancia nas fileiras republicanistas no período inmediatamente anterior ás súas respectivas peripecias transoceánicas. Esa militancia, que é suficientemente coñecida no caso do viveirés⁸, foi demostrada recentemente polo investigador Luís Rei Núñez para o caso de Cabanillas⁹.

Con todo, resúltanos esta que anotamos unha posibilidade moi remota, pois as súas respectivas áreas de actuación son relativamente moi distantes. O labor do mozo Villar Ponte republicanista

⁸ Vide ÍNSUA LÓPEZ, E. X. & NUEVO CAL, C.: *O primeiro Villar Ponte*, Fundación Caixa Galicia-El Progreso, Lugo, XVII Premio “Ánxel Fole”, 2003, especialmente pp. 40-48 e 78-93.

⁹ Vide REI NÚÑEZ, L.: “Cabanillas en Cambados: A forxa dun poeta”, *PonteNorga. Revista de Estudos Sociolingüísticos*, nº 2, Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, Pontevedra, 2000, pp. 33-52.

circunscríbese a Santiago durante os seus anos universitarios¹⁰ (1896-1900), á Mariña Luguesa mentres está establecido en Foz como boticario (1901-1906) e, moito máis esporadicamente, a cidades como Lugo e A Coruña, a onde acode puntualmente para participar nalgún mítin ou para recoller cartas de recomendación dos directores de xornais con que colabora (*El Combate*, *Tierra Gallega*) a fin de se abrir logo camiño en Madrid, cidade en que se establece provisoriamente en 1907 para facer parte da redacción do diario republicano *El País*. Pola súa vez, a militancia republicana de Cabanillas ten unha área de actuación claramente local cambadesa (todo o máis provincial pontevedresa, se considerarmos os seus ataques ao Marqués de Riestra) e eclode ademais, maiormente, nos anos 1908-1910, isto é, cando Antón Villar Ponte está instalado como xornalista en Cuba.

Precisamente a idea máis difundida até o de agora é que o relacionamento persoal entre Ramón Cabanillas e Antón Villar Ponte se iniciou na citada illa, por volta de 1910. Na Habana, segundo as versións habitualmente dadas, ambos autores terían coincidido e participado da tertulia de intelectuais, escritores e artistas galegos e españois que se reunía no Café “Puerta del Sol”. A contundencia dos datos e das datas lévanos, no entanto, a unha conclusión ben diferente: Cabanillas e Villar Ponte non puideron coincidir en Cuba.

En primeiro lugar, resulta ben significativo o feito de que Antón Villar Ponte non mencione para nada a Cabanillas cando, nun artigo que escribe a raíz dunha visita de Lluís Bagaría á Coruña, nos anos 20, evoque o círculo de amizades a que o xornalista viveirés e o caricaturista catalán pertencían na Illa antillana:

Yo conocí a Luis Bagaría en la Habana. Aportara allí con la *troupe* de Enrique Borrás. Se nos presentó una tarde, acompañado de un sim-

¹⁰ Debe descartarse unha posíbel coincidencia de ambos autores en Compostela, pois o entón seminarista Cabanillas chega á cidade do Apóstolo en 1889 e regresa ao seu Cambados natal en 1893, en tanto o estudante Villar Ponte se instala coa súa familia no número 30 da Rúa Xelmírez en 1894 e obtén a licenciatura en 1900.

pático y malogrado coruñés, Bernardo Jambrina, en la redacción del *Diario Español*. Desde entonces, él y yo fuímos inseparables camaradas. Más tarde, cuando en mala hora me designaron para dirigir dicho periódico, Bagaría desempeñó en el mismo, con toda brillantez de que es capaz, el papel de redactor artístico. Fué en el Trópico, como lo había sido antes en Barcelona y en Méjico y como sigue siéndolo ahora en Madrid, un bohemio empedernido. ¡Cuántas veces, según reza la popular guajira, ‘vimos despuntar la mañana en que la neblina densa, etc’!. Bagaría, con Pedro González Blanco, con el maestro Gay, con Diógenes Ferrand, con Tomás Orts Ramos, con Medardo Lafuente y conmigo, formaba en la peña cafeteril de los inadaptados al medio fenicio de la capital de Cuba. Frente a las humeantes tazas del moka, éramos unos *antibodegueros* terribles. Odiábamos el espíritu de la calle de la Muralla¹¹.

Mais, sobre todo, existe un desaxuste cronolóxico evidente entre as respectivas estadías en Cuba dos autores de referencia. A versión insistentemente repetida¹² que sitúa o regreso á Galiza de Antón Villar Ponte desde o país caribeño en 1912, o que xustificaría unha presunta coincidencia no mesmo con Cabanillas, está errada. En realidade, o escritor viveirés efectuou a viaxe de volta da súa *aventura* cubana, que iniciara na primavera de 1908, a bordo do vapor “Antonina”, que partiu da Habana o 25 de xuño de 1910 e arribou ao porto da Coruña a mediados de xullo dese mesmo ano. No citado buque viaxaba tamén a súa namorada e futura esposa Micaela Chao Maciñeira¹³.

¹¹ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. Después del homenaje a Bagaría”. Recorte sen identificar nin datar existente no Arquivo da Real Academia Galega, Fondo Villar Ponte, Caixa 148, Sobre 4.

¹² Así, por exemplo, NEIRA VILAS en *Memoria da emigración. Tomo I*, Ed. do Castro, Sada, 1994, p. 112; PIÑEIRO, R. en “A significación política de Antón Villar Ponte”, *Teima. Revista Galega de Información Xeral*, nº 22, 12-19.5.1977, p. 38; ou MÉNDEZ FERRÍN, X. L.: “A figura literaria de Ramón Cabanillas”, *PonteNorga. Revista de Estudos Sociolingüísticos*, Deputación Provincial de Pontevedra, nº 2, ano 2000, p. 112.

¹³ A partida de Micaela Chao é recollida polo xornal galaico-habaneiro *Galicia* (cf. nº 31, xullo de 1910) con estas palabras: “Para la capital de Galicia, la hermosa Coruña, ha emprendido viaje en el vapor alemán *Antonina*, que salió de este puerto el día 25, la respetable señora D^a Carmen Maciñeira de Chao, acompañada de Micaelita, Teresa y Carmiña, la trinidad adorable de sus hijas, y del benjamín de la casa, el simpático Antonio”.

Numerosas probas e testemuños corroboran a presenza de Antón Villar Ponte na Galiza desde o verán de 1910:

a) A súa activa participación, en cualidade de co-secretario, nos traballos da Comisión Organizadora dos actos conmemorativos do Centenario do natalicio do escritor e político Nicomedes Pastor Díaz (1811-1863) en Viveiro, constituída nesa vila o 23 de outubro de 1910.

b) A presenza de colaboracións súas, consistentes en artigos e poemas, en diversos xornais galegos como *La Voz de Galicia*, *La Voz de Viveiro* e *La Idea Moderna*. Nese sentido, o primeiro dos traballos que envía Antón Villar Ponte ao xornal lugués *La Idea Moderna* após regresar de Cuba, intitulado “Carta aberta”, está datado en Viveiro a 31 de xullo de 1910. Dúas “Notas marginales” do noso autor son publicadas por *La Voz de Galicia* os días 21 e 24 de agosto de 1910, respectivamente.

c) O feito de que as crónicas enviadas por Villar Ponte aos xornais *Diario de la Marina*, da Habana, e mais *La Correspondencia*, de Cienfuegos, aparezan asinadas igualmente a partir de agosto de 1910.

d) A súa estadía en Portugal durante as xornadas da revolución republicana, concretamente desde mediados de decembro de 1910 até mediados de xaneiro de 1911, como correspondente de prensa dos xornais cubanos antes citados. Esa estadía resulta claramente incompatíbel cunha presenza súa en Cuba que se prolongase até 1912...

e) A edición como folletín nas páxinas de *La Idea Moderna*, de Lugo, durante os meses de maio e xuño de 1911, do seu conto *Villahermosa*.

f) Un documento irrefutábel, en fin, resulta ser a instantánea realizada polo fotógrafo viveirés José Ínsua (*Pepe da Mota*) que publica no seu oitavo número a revista viguesa *Vida Gallega*¹⁴. Na

¹⁴ Reproduíca Chao Espina na súa *Historia de Viveiro*, Edicións do Castro, Sada, 1988, p. 290.

mesma aparece Antón Villar Ponte co-presidindo un dos actos de celebración na Praza Maior de Viveiro do Centenario de Pastor Díaz, o 15 de setembro de 1911.

Se Antón Villar Ponte está de regreso na Galiza en xullo de 1910, como pensamos ter suficientemente probado, está claro que non puido coincidir en ningún intre con Cabanillas en Cuba¹⁵, pois o cambadés, como é sabido, embarcou para a Illa no vapor “Dania” o 12 de setembro de 1910, aproximadamente dous meses despois de que o de Viveiro tivese abandonado xa o país caribeño para regresar, en primeira instancia, á súa vila natal.

Admitindo, pois, que Cabanillas e Villar Ponte non se coñeceron nin durante as súas respectivas mocidades republicanas no alborar do século XX nin durante as súas posteriores peripecias respectivas como emigrantes en Cuba, só cabe situar o intre do seu primeiro contacto nalgún instante ben do 1912, cando o de Cambados regresa provisoriamente a Galiza e o de Viveiro está xa instalado na cidade herculina como redactor do xornal *La Voz de Galicia*, ben posteriormente, a partir de 1915, cando o regreso á Terra do autor de *No Desterro* e *Vento Mareiro* se fai definitivo.

Os datos que manexamos fannos pensar que a hipótese con máis visos de certeza é a segunda das enunciadas, mais, por que vías, a través de que persoas, en virtude de que ámbitos de actuación compartidos ou en coincidencia con que ideas chegan ambos autores á simpatía, á compenetración, ao contacto e á amizade? A articulación villar-pontina ofrécenos algúns indicios a este respecto, tanto “en negativo” como “en positivo”.

¹⁵ Podemos testemuñar, así e todo, que o Ramón Cabanillas instalado en Cuba seguiu con certa atención os traballos xornalísticos de A. Villar Ponte, concretamente as súas crónicas decenais no *Diario de la Marina* habaneiro, pois nunha carta do poeta cambadés ao seu amigo Sánchez Peña escrita en 1911 lemos o seguinte comentario: “Villar Ponte, en una carta reciente publicada también en el *Dº de la Marina* (una carta muy bien hecha en la que dedica unos párrafos a la muerte de *O Pichón*, el mal torero compostelano, y unos valientes ditirambos al asunto Vigo-Pontevedra, en que pone a trapo de fogón al imbécil de Boente) le cuelga toda la culpa de la sangría humana al contubernio político “Montero-Riestra”, los vampiros suevos, cuya existencia son [sic] el mayor mentís a la virilidad de nuestra raza” (Cf. Carta de Cabanillas a Sánchez Peña, datada en Sagua la Grande (Cuba), a 26 de novembro de 1911 e conservada no Arquivo Real Academia Galega). O Boente aludido na epístola non é outro que o cacique pontevedrés liberal riestrista José Boente.

Con efecto, á luz do contido de certos traballos xornalísticos de Villar Ponte escritos neste período, debemos desbotar totalmente que fose o agrarismo basilista, especialmente activo entre 1910 e 1913, a plataforma ou ámbito que permitiu que os nosos autores se encontrasen e sintonizasen no persoal e no ideolóxico.

En tanto Cabanillas abrazou con verdadeiro entusiasmo a loita agrarista e anticaciquil que lideraba o abade de Beiro, a través da “Liga de Acción Gallega”, convertendo en estrofas as súas mensaxes e ideoloxemas nos poemarios *No desterro* (1913, con prólogo do propio Basilio Álvarez) e *Vento mareiro* (1915) e mais participando activamente nos seus mítins e actos sociais¹⁶, Antón Villar Ponte dedicou non poucos dos seus artigos para *La Voz de Galicia* e para o *Diario de la Marina* redixidos no período 1912-1916 a desmitificar e a criticar con certa acritude ese movemento.

Así, na sección “Con letra del siete” aludirá Antón con desagrado, en novembro de 1913, ao contido das estrofas do himno de “Acción Gallega” escrito por Cabanillas e musicado polo maestro Campos. Tratábase, ao seu xuízo, dun “rosario de estrofas infladas por la ‘pose’ de la violencia donde el recuerdo del himno *Els Segadors* cabriolea de modo loco”. A distinción que as estrofas de Cabanillas establecían entre unha vila, “podre” e “coveira da canalla”, e unha aldea “que traballa” e sempre honesta, era, a xuízo de Villar Ponte, totalmente inapropiada, pois, segundo as súas propias palabras, “en la villa, como en el campo, hay trabajadores dignísimos y personas despreciables [...]. La canallería es patrimonio de todos los lugares y flor de todos los tiempos”¹⁷.

De igual xeito, cando Basilio Álvarez en persoa leve adiante, durante xaneiro e febreiro de 1914, unha xeira de mitins por varias

¹⁶ Está presente Cabanillas, por exemplo, no mítin basilista que tivo lugar en Vilagarcía de Arousa o 29 de setembro de 1912 e mais na inauguración dun local agrarista en Ribadumia o 20 de outubro dese mesmo ano. De regreso a Cuba, o poeta preside en 1913 a delegación na Illa da “Liga de Acción Gallega” e acompaña a Basilio Álvarez en numerosos actos públicos dirixidos á colonia galega emigrada.

¹⁷ Cf. [VILLAR PONTE, A.]: “Con letra del siete. Quisiera ver cien nobles...”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 28.11.1913.

ciudades galegas (Vigo, Santiago, A Estrada....), Villar Ponte referírase na súa sección “Con letra del siete” ao abade de Beiro como un orador extraordinario, como un loitador incansábel e como un apóstolo de acusado relevo “que honra á la raza gallega”, mais terá igualmente interese en ponderar e declarar o seu absoluto desentencamento co líder agrario, cuxa cruzada considera “hoy por hoy, estéril, por no decir absurda” e a quen xulga como

un niño noble, pero equivocado, que sueña con revoluciones justicieras, profundas, capaces de derrocar las murallas de un vicioso círculo social sólo con el influjo seductor de sus bellas palabras y de sus apóstrofes rugientes¹⁸.

En abril de 1914, Villar Ponte desbota novamente a vía “basista” para a redención do país, por canto o líder agrario non rectificaba, ao seu entender, “puntos de mira que todos juzgamos equivocados”¹⁹. E aínda en marzo de 1915, pola época en que comeza a gabar abertamente a figura do poeta Cabanillas, como veremos axiña, Villar Ponte redixe unha crónica para o xornal habaneiro *Diario de la Marina* en que reitera o seu total e absoluto distanciamento a respecto da experiencia agrario-axitativa liderada por Basilio. O de Viveiro, logo de lembrar a súa efémera participación, durante os días finais da súa estadía en Cuba, en entidades redentoristas do agro, desmitifica na continuación de maneira tallante a auréola revolucionaria de “Acción Gallega”:

Hallábame yo en Cuba cuando los apóstoles del antiforismo echaban, a fuerza de gritar, los hígados por la boca. Hasta se me invitó para asistir en calidad de comparsa con voz y voto a algún mitin relacionado con el asunto.

¹⁸ Cf. [VILLAR PONTE, A.]: “Con letra del siete. El hombre del día”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 10.2.1914. Tamén sobre a figura do abade de Beiro escribe Villar Ponte en “Con letra del siete. La cuestión agraria”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 1.12.1914, contrastando o seu estilo oratorio e a súa mensaxe de radical contundencia coas prédicas anti-latifundistas de Unamuno.

¹⁹ Cf. [VILLAR PONTE, A.]: “Con letra del siete. La sexta Asamblea agrícola”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 15.4.1914.

Yo, en vano traté de poner los puntos sobre las íes. No se me hizo caso y vino lo que tenía que venir: el desvanecimiento de la pompa [...].

Ni la cuestión foral fué jamás cuestión candente en Galicia, ni “Acción Gallega” estuvo en ningún momento en circunstancias propicias para realizar la más exigua caricatura revolucionaria en el plano de los hechos. No hablemos ya de una revolución seria o medio seria.

Fracasaron los de Teis igual que han fracasado los basilistas²⁰.

Fica claro, pois, que non foi á calor do movemento basilista onde se estableceu o contacto xerminador de amizade e sintonía entre os futuros autores de *O Mariscal*. Mais, como adiantamos, a articulística villar-pontina permite tamén abesullar “en positivo” a cuestión que nos ocupa.

Con efecto, nunha das súas crónicas para o rotativo cubano *Diario de la Marina*, en maio de 1914, Villar Ponte insería unha interpelación directa a determinados persoeiros da colonia galega en Cuba (“Señor Solloso, señorita [Mercedes] Vieito, señor Fontenla [Leal], gran poeta Cabanillas, ‘Fray Roblanto’ [Roberto Blanco Torres]”) para os convidar a se sumaren á xeira galeguizadora que el propio estaba a propiciar coas súas propagandas²¹. E xa en xuño de 1915, Antón publicaba un artigo en *La Voz de Galicia*, intitulado “Anotaciones breves. Un gran poeta gallego”²², en que exaltaba aberta e entusiasticamente a figura literaria do “actual administrador del Teatro Nacional de la Habana”, considerándoa digna continuadora, xunto con Noriega Varela (daquela desterrado a Calvos de Randín), dos vultos poéticos do noso XIX. En opinión de Villar Ponte, “Cabanillas es más fecundo, más vario y más refinado que Noriega, acaso porque resulta *menos aldeano*”. Por esa razón era o de Fefiñáns

²⁰ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Crónicas de la vida gallega”, *Diario de la Marina*, datada a 21.3.1915. Recorte en Arquivo da Real Academia Galega, Fondo Villar Ponte, Caixa 151, Sobre 1.

²¹ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Decenario Gallego”, *Diario de la Marina*, A Habana, ca. finais de maio 1914 (asinada o 9.5.1914). Recorte en Arquivo Real Academia Galega, Fondo Villar Ponte, Caixa 149, Sobre 2.

²² Cf. VILLAR PONTE, A.: “Anotaciones breves. Un gran poeta gallego”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 13.6.1915.

“nuestro poeta de hoy”, impresión que o segundo volume editado nese mesmo ano en Cuba, *Vento mareiro*, non facía senón recalcar.

Xa que logo, desde cando menos 1914 o poeta Cabanillas é interpelado ou aludido, directa ou indirectamente, polo xornalista de Viveiro en artigos que abordan cuestións atinxentes ao futuro da lingua e ás circunstancias do seu cultivo literario. En 1915, esas alusións e interpelacións convértense, como acabamos de ver, en abertos eloxios e gabanzas...

Algúns documentos epistolares a que tivemos acceso parecen indicar que foi o catedrático Lois Porteiro Garea quen, por volta dos anos 1915-1916, actuou de “ponte” entre o agrario-basilista Cabanillas e o irmán da fala Villar Ponte para establecer unha primeira *entente cordiale* entre eles. Concretamente, unha carta de Porteiro a Villar Ponte datada en Santiago a 19 de xuño de 1916 testemuña as xestións do avogado lugués en Cambados para asegurar a presenza do autor de *No desterro* na primeira actividade pública organizada pola Irmandade coruñesa e revela, así mesmo, os múltiples receos que albergaban moitos basilistas, a diferenza de Cabanillas, cara ás nacentes Irmandades:

Cabanillas está tolo de contento. Díxome (e comunícollo co as reservas -non respecto a Cabanillas senón ó público en xeneral- do caso) que tiña noticia de que ós propagandistas d’Ourense (Basilio, etc.) parciais este movemento contrario a eles e recelaban de que na Cruña no nos vían ben, establecendo así certa rivalidade entre uns e outros. Cabanillas entende que convén disipar recelos. Eu xa lle dixen que vostedes eran tan respetosos neso que non impoñían a naide o predominio do grupo cruñés nin outro ningún, senon que a autoridade e predominio nacería do traballo que cada un fixese; e, ademais, que todos reconecemos o valor positivo de Basilio e de cantos loitan, sin que agora se pretenda escurecer a ninguen, senon alumar ente todos a alma da Patria esquencida nun *burato sin lume e sin ar*, que dixo Guerra Xunqueiro. Cabanillas está conforme, pro recoméndanos tino para salvar esas cativadas²³.

²³ Cf. Carta manuscrita de Porteiro Garea a Antón Villar Ponte, datada en Santiago, a 19 de xuño de 1916. Arquivo Carlos Nuevo Cal (Viveiro), exemplar fotocopiado.

A segunda edición do folleto *Nacionalismo gallego. Nuestra afirmación regional* (maio de 1916) inclúe un “Índice de fe. Algunhas opinións e xuicios” (pp. 69-90) que testemuña a favorábel acollida do texto villar-pontino entre unha parte considerábel da intelectualidade galega do momento. O que aquí nos interese subliñar, por significativo aos efectos que estamos debullando, é que entre os autores que expresan a súa adhesión ás ideas expostas por Villar Ponte figura expresamente Ramón Cabanillas:

Outras adesiós. D. Caetano Vaello, no seu nome e no do notable coro “Toxos e Froles” do Ferrol, o admirable D. Perfecto Feixóo, Ramón Cabanillas o gran poeta y-outros moitos gallegos sinificados ofrecéronos a sua axuda o mesmo que algunhos boletís rexionales²⁴.

Da mesma maneira, cando Cabanillas redixe en Cambados o 25 de maio de 1916 unha carta enderezada aos principais impulsores da Irmandade da Fala de Santiago (Lois Porteiro, Xesús Culebras, Cimadevila, Vitoriano Taibo, Portal Fradejas...), non o fai só para saudar con entusiasmo a constitución do novo agrupamento “irmandiño”, mais tamén para lle enviar a través deles “o aprauso máis ardente para os irmáns da Cruña, alma deste movemento: para os Villar Ponte, os Lugrís i os Carré Aldao, cen veces dinos de alaudó”²⁵.

Da sintonía que se establece entre o xornalista viveirés e o poeta cambadés dá fe, igualmente, a reiterada presenza de Cabanillas en actos da Irmandade herculina durante 1916. O diario *La Voz de Galicia* anunciaba aos seus lectores en xuño do citado ano que o poeta cambadés “vendrá a La Coruña con el único y exclusivo objeto de asistir a la primera jira campestre que ‘Os Amigos da Fala’, cumpliendo un artículo de los estatutos por que se rigen, orga-

²⁴ Cf. VILLAR PONTE, A.: *Nacionalismo Gallego. Nuestra afirmación regional*, Imp. de *La Voz de Galicia*, A Coruña, maio de 1916, 2ª ed., p. 75.

²⁵ Cf. Carta de Ramón Cabanillas a Porteiro *et alii*, datada en Cambados a 25 de Maio de 1916. Reproducida na revista *Estudios Gallegos*, Madrid, nº 20, Xuño de 1916 e recollida por Alonso Montero en CABANILLAS, Ramón: *Obra Completa. Tomo 3*, Akal Editor, Col. Arealonga, nº 39, Madrid, 1981, pp. 505-506.

nizan llenas de entusiasmo y de amor al terruño”²⁶. Cabanillas viaxa á Coruña o 26 dese mesmo mes a fin de se entrevistar co Consello Directivo da recién constituída Irmandade da Fala, presidido por Antón, transmitirle o seu entusiasmo na causa, garantir a súa presenza na xira campestre aludida e “saber a que atenerse en ulteriores empeños”²⁷ dentro da campaña propagandística que aquela pretendía iniciar. O 1 de xullo o noso poeta acode de novo e *ex professo* á Coruña para presidir ao día seguinte o que constitúe o primeiro acto público da Irmandade herculina, unha excursión a Elviña. O de Cambados tamén envía a súa adhesión por escrito á “Festa da Poesía Galega” que se celebrou na Coruña o 30 de agosto, por iniciativa da “Reunión de Artesáns” e á que acudiu, como representante da Irmandade, Antón Villar Ponte²⁸.

Así pois, parece evidente que ao se poñeren definitivamente en marcha as Irmandades da Fala, en maio de 1916, Antón Villar Ponte e Ramón Cabanillas están a protagonizar xa unha relación de amizade e camaradaxe que incrementará a súa intensidade nos inmediatos anos seguintes. Con efecto, ao longo de 1917 o relacionamento entre os nosos autores coñecerá unha época de especial intensidade. Non é casual, neste sentido, que Villar Ponte cite ao de Cambados reiteradamente durante os discursos que pronuncia no transcurso dos actos con que a Irmandade coruñesa agasalla a Fontenla Leal cando este visita A Coruña en marzo de 1917, coa triste obriga de acompañar desde A Habana os restos mortais do músico Xosé Castro *Chané*²⁹.

Así mesmo, a finais de abril do citado ano, o viveirés publicitará na súa sección “Con letra del siete” en *La Voz de Galicia*, en termos moi eloxiosos, o proxecto de Ramón Cabanillas de publicar en cinco volumes no prelo do xornal vilagarcían *Galicia Nueva* e con

²⁶ Cf. “Nuestro poeta”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 20.6.1916.

²⁷ Cf. “Rápida visita de un poeta. Ramón Cabanillas”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 27.6.1916.

²⁸ Cf. “Un solemne acto regional. La Fiesta de la Poesía Gallega”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 2.9.1916.

²⁹ Cf. “Un xantar enxebre”, *Eco de Galicia*, A Habana, nº 5, 10.7.1917.

periodicidade mensual toda a produción literaria saída da pluma do cambadés até a data, tanto inédita como xa coñecida. Eses cinco tomos previstos eran os intitulados *Da Terra asoballada (poesías de loita)* - finalmente o único que chegou a se editar -; *Antr-as roseiras (versos do tempo mozo)*; *Mentras baila o fuso (contos e paisaxes)*; *A fonte seca (rimas e cancións)*; e, finalmente, a peza *A man de Santiña e Unha cea de Xan Quinto (conto de ladróns)*. Villar Ponte entendía que con esta edición sería por fin posíbel, dada a escasa difusión que tiveran os poemarios editados por Cabanillas en Cuba³⁰, que o público galego apreciase debidamente a valía do de Fefiñáns, “uno de los pocos poetas de raza que actualmente hay en España” e un “gran poeta digno continuador de la gloriosa estirpe de poetas regionales que culmina en Cataluña en Verdaguer y Maragall, y en Galicia en Rosalía, Curros, Lamas y Pondal”. Que Cabanillas tivese declinado a oferta dunha casa editora madrileña para tirar do prelo estas súas *Obras completas* e optase, polo contrario, por afrontar a súa impresión nun establecemento tipográfico galego, constituía un aceno que Antón Villar Ponte valorizará como exemplo do profundo e integral compromiso patriótico do de Fefiñáns:

Ramón Cabanillas, un soñador que a semejanza de los pájaros no vive de sus cantos, y por eso vive pobremente, quiere que exista en Galicia una gran casa editora. Quiere que lleguemos cuantos escribimos en Galicia a proclamar nuestra ‘declaración de independencia editorial’ a la que va anexa la de independencia espiritual, que nosotros pedimos a gritos, base de todo positivo nacionalismo regionalizante. Ramón Cabanillas entiende que las obras producto de cerebros gallegos deben ser editadas en nuestra tierra. Y entiende bien. Esto, a poco que se medite, compréndese cuán trascendente resultaría³¹.

³⁰ Sinalaba Villar Ponte a este respecto: “Las obras que hasta ahora publicé, *No desterro y Vento mareiro*, fueron hechas en Cuba, en edición limitada y por lo mismo no han podido difundirse mucho. Quien las posee las guarda como oro en paño. Llegaron a los intelectuales, apenas si son conocidas del gran público, y por esta razón se explica que Cabanillas no alcance aún la popularidad de que disfrutaban otros poetas, vivos y muertos, no superiores a él, por ningún concepto” Cf. [VILLAR PONTE, A.]: “Con letra del siete. Las obras de Ramón Cabanillas”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 29.4.1917.

³¹ Cf. [VILLAR PONTE, A.]: “Con letra del siete. El libro gallego”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 4.10.1917.

Por este aceno, engadía Antón, o poeta cambadés facíase digno de imitación por todos os demais escritores galegos e puña un gran de area decisivo no erguemento

del magno edificio de nuestra cultura autóctona, donde lo espiritual se asocia con lo material. Y ahí está el volumen *Da Terra asoballada*, prodigio tipográfico y de economía, ya casi agotado, en poco tiempo, que honra unos talleres gallegos y que nos demuestra cómo puede irse del arte al negocio y viceversa, siempre que la voluntad y el buen sentido imperen, para crear una industria, para llegar a la redención de nuestros escritores de la tiranía centralista, tiranía de la cual son los propios gallegos los principales culpables³².

Segundo informacions do diario arousán *Galicia Nueva*, a Irmandade da Fala coruñesa, nada máis nacer, tivo mentes de editar “un periódico semanal, dirixíndolo los señores Villar Ponte, Cabanillas y Ribalta”³³. Aínda que, como é sabido, finalmente o decenario *A Nosa Terra* saíu en novembro dese ano baixo a dirección nominal de Iglesias Roura e a fáctica de Villar Ponte, non cabe dúbida de que a presenza do nome de Cabanillas xunto ao de Antón nesa hipotética tríade directora resulta en certa medida reveladora da sintonía ideolóxica e persoal existente entre ambos autores. A continua aparición de colaboracións, nomeadamente poéticas, do escritor cambadés no decenario que dirixe o de Viveiro non fai senón corroborar esta impresión. Entre as colaboracións de Cabanillas cómpre mencionar moi especialmente o poema “Meu carriño”, pois aparece adornado cunha dedicatoria ben elocuente: “Prá y-alma acesa de Antón Villar Ponte”³⁴.

Ademais, a propia figura de Cabanillas resulta “noticiada” unha e outra vez en *A Nosa Terra*, por directa intervención do seu director Villar Ponte con toda a probabilidade, ao longo dos primeiros anos de traxectoria das Irmandades.

³² *Ibidem*.

³³ Cf. *Galicia Nueva*, Vilagarcía de Arousa, nº 4.150, 31.5.1916.

³⁴ Cf. *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 8, 25.1.1917.

O de Cambados figura sistematicamente nas listaxes de figuras vencelladas á entidade nacionalista que, de cando en cando, son ofrecidas á consideración do lector de *A Nosa Terra* para que este pondere e valorice o peso e a transcendencia adquirida por aquela³⁵. A asistencia de Cabanillas a calquera acto público é sinalada de xeito explícito no boletín, o mesmo que a lectura de textos seus en actos en que o poeta está fisicamente ausente³⁶. Cando unha agrupación local das Irmandades ou algunha outra entidade pensa contar con Cabanillas para conferenciar, recitar ou colaborar eventualmente nalgunha actividade, *A Nosa Terra* non deixa de divulgalo³⁷. Do mesmo xeito, cada vez que unha obra do cambadés está en proxecto, se edita, se traduce, se versiona musicalmente ou se recensiona favorablemente en prensa, o boletín que dirixe Villar Ponte está ao quite para divulgar gabanciosamente a nova entre os seus lectores³⁸.

Nesta mesma orde de cousas, outro exemplo palmario da constante atención e permanente aplauso que recibe o poeta Cabanillas nas páxinas do boletín “irmandiño” é a publicación en

³⁵ Cf., por exemplo, “Da ‘elite’ do galleguismo. Escultores da nova Galicia”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 8, 25.1.1917, e tamén “Ferrol-Cruña. Unha nova xornada galleguista. O enxebriismo trageruanos o progreso e a libertá”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 10, 16.2.1917.

³⁶ Cf. “Santiago-Cruña-Monforte-Pontevedra. As Irmandás da Fala, cada vez mais fortes”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 19, 20.5.1917, en que se informa da lectura da adhesión de Cabanillas ao mítin das Irmandades celebrado en Santiago; “Unha xira galeguista”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 23, 30.6.1917, que comunica que se leu o poema “Galicia” de Cabanillas durante unha excursión organizada pola Irmandade de Monforte; “Dos nosos. Loubas a Rosalía”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 24, 10.7.1917, que notifica o encargo a Cabanillas por parte do Orfeón santiagués dun himno para cantar na inauguración da estatua a Rosalía na Alameda compostelá; etc.

³⁷ Cf. “Novas da causa”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 1, 14.11.1916, en que o poeta cambadés é citado como participante nun futuro ciclo de conferencias organizada pola Irmandade compostelá.

³⁸ Cf. “Peneirando”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 7, 15.1.1917, que notifica que o compositor Xosé Baldomir prepara un opúsculo de cancións galegas, algunhas sobre letras de Cabanillas; “Novas da causa”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 11, 26.2.1917, que dá conta de que Cabanillas prepara un libreto de zarzuela e unha traxedia histórica; “Peneirando”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 16, 20.4.1917, en que se informa da preparación na imprenta do xornal arousán *Galicia Nueva* das obras completas do vate cambadés; “Peneirando”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 21, 10.6.1917, en que se anuncia a inminente aparición en Vilagarcía do poemario *Da terra asoballada*; “Peneirando”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 25, 20.7.1917, que aplaude o contido dun traballo de Evaristo Correa Calderón sobre Cabanillas publicado no diario lugués *La Idea Moderna*; “Peneirando”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 30, 10.9.1917, saudando con ledicia a acollida crítica favorábel, tanto na prensa galega como na madrileña, do volume *Da Terra asoballada*; etc.

agosto de 1917 dunha favorabilísima recesión, sen asinar, do seu libro *Da terra asoballada*. Indícase nela, entre outros aspectos, que “as letras galegas están de festa” pola publicación dun poemario que resulta “xenial, admirabre” e que foi feito por “un dos mellores poetas, non soio d’España senon da Europa latina”, por “un cume da xenialidade poética”³⁹.

Loxicamente, non é só a man de Antón Villar Ponte a que atiza o lume que inflama o nome de Cabanillas como verdadeiro artífice e portavoz poético do novo espertar nacional. O líder da Irmandade compostelá, Porteiro Garea, nun artigo intitulado “Liñas de arte. Múseca e poesía”, publicado en *A Nosa Terra*, presenta a Cabanillas en xaneiro de 1917 como

un home superior, enfermo d’hipertrofia d-o corazón, que sinte n-él todol-os dores da patria, e adoecido vólvese á multítú, e unhas veces chamaa con tenruras de pai, e chega a axionllarse diant’ela non pra idolatral-a, senon pra pedirle qu’o oya, que volva en si, que non se deixe morrer no colo imbécil da louvanería... E se con cariño non consegue despertal-a, revólvese, brangue a tralla, crúzall’a cara, sacúdea, aldráxaa, faina sangar, dall’a ulir amoniáco.... Se con eso despertou, volve a acariñal-a e a estimulal-a ó traballo, á vida groriosa, á loita... Pro se non desperta aínda, ruxirá o poeta fondamente, martirizará e será mártir [...]

Nós temos tamén o noso home. Non é un sabio, é un poeta, un enorme poeta tan grande como Curros, e ca ventaxa de qu’os seus versos, toman as formas que usan os grandes vates do mundo latino: Guerra Xunqueiro, Rubén, D’Anunzio.

Cabanillas é o cardíaco que ven á remover (supricando, mallando, escarnecendo) a nosa apatía, a espertarnos do sono mortal. Hémolos poñer por cabeza d’este movemento, que si percisa moito estudo e moito sacrificio, ten as suas raíces n-o corazón – onde nacen os versos fortes, e altivos, y-os pianos y-amorosos de Cabanillas que todos manan da mesma fonte-. Estas sacudidas levan sempre diante un vate, un profeta, un rebelde (un tolo din as xentes porque predica ós que dormen) que loitando ca disgracia, ca cólera dos podrosos qu’embisten n’él com’o mar n-os baixos, co sono dos medianos qu’o

³⁹ Cf. “Follas Novas”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 28-29, 30.8.1917.

abandonan, e c'a probeza d'os probes que non s'atreven, vai pol-a terra asovallada aturuxando; pra ese poeta, qu'è o noso guía, e pra Villar Ponte así como pro gran Aurelio Ribalta, e pra Rodrigo Sanz e Manoel Lugrís (os nosos mestres y-os nosos Quixotes) acabo pedindovos devoción y—aprauso⁴⁰.

Pola súa vez, posto na rúa o volume *Da terra asoballada* (1917), Peña Novo arremeterá desde *A Nosa Terra* contra o vello rexionalista Barcia Caballero despois de que este recensionase de xeito moi acedo a citada obra no xornal *El Eco de Santiago*, acusando a Cabanillas de se deixar contaminar “por la peste reinante” e descualificando de maneira tallante as orientacións e reivindicacións patrióticas das Irmandades. Ademais de verter duros reproches contra a actitude de Barcia, Peña Novo definirá ao escritor cambadés como “o poeta máis grande nado en Galicia”⁴¹.

Cando a morte do poeta Eduardo Pondal produza unha vacante na Academia Galega, un solto do boletín *A Nosa Terra*, probablemente debido á pluma de A. Villar Ponte, defenderá a candidatura de Cabanillas para ocupala:

¿Quen pode substituire ô Bardo?
Somente un home cheo de lus ven â nosa pruma: o de Ramón Cabanillas. ¿Hai outro capaz d'opoñérselle?
O xenial autor de *Vento Mareiro* ten que ser o sustituto do xenialísimo autor de *Queixumes dos Pinos*.
Ramón Cabanillas ten que sere nomeado académico, e tén que facerse a súa receución solene na Cruña, de maneira que día pé pra organizare unha festa galeguista.
Tal é unha opinión mui xeneralizada en Galicia e nas colonias de Galicia n'as Américas de que nos facemos eco, inda sabendo que o gran poeta cambadés non sinte a vanidade e doerase d'istas liñas⁴².

⁴⁰ Cf. PORTEIRO GAREA, L.: “Liñas de arte. Múseca e poesía”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 8, 25.1.1917.

⁴¹ Cf. PEÑA NOVO, L.: “Os vellos e os novos. Cabanillas, Barcia Caballero”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 28-29, 30.8.1917.

⁴² Cf. “O noso voto. Ramón Cabanillas, ten de sere académico”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 20, 30.5.1917.

Ora, se algunha manifestación textual podemos aducir como proba indiscutíbel da intensidade que adquire o relacionamento e a mutua admiración que se profesan Villar Ponte e Cabanillas neste período auroral das Irmandades, esa non é outra que o traballo *Ramón Cabanillas, poeta da raza (Apuntes para un estudio)*, que foi publicado por vez primeira en forma de folletín polo xornal *A Nosa Terra* entre os meses de setembro e decembro de 1917, aínda que asinado simplemente X⁴³. Unha nota que apareceu no voceiro das Irmandades case un ano despois permite saber con certeza, non obstante, que a autoría dese traballo corresponde a Antón Villar Ponte⁴⁴.

En realidade, o de Viveiro confeccionara o mencionado ensaio para presentalo co lema “Maruxiña” a un concurso literario convocado, en formato de “Xogos Florais”, pola revista escolar *Maruxa*, cuxa redacción estaba domiciliada no número 13 da santiaguesa Rúa Nova. Era o seu director Marino López Blanco e nela colaboraron, entre outros, Posada Curros, o propio Ramón Cabanillas, Cabeza de León, Fermín Bouza Brei, López Abente, Carballo Calero e Cotarelo Valledor. Esta revista semanal, que saíra á rúa por vez primeira o 1 de abril de 1917, declábase “de corazón regionalista”, levaba como subtítulo “Literatura, Ciencia y Arte”⁴⁵ e resultaba coetánea de *Suevia*, publicación promovida entre outros por Ortiz Novo, na altura bibliotecario da Irmandade da Fala de Santiago. Ao que parece, foi o líder desa Irmandade, Porteiro Garea, quen propuxo que entre os temas susceptíbeis de tratamento no citado concurso figurase o estudo da obra do poeta de Fefiñáns.

O traballo villar-pontino comeza cunha especie de reflexión xeral sobre as causas do predominio do xénero lírico no

⁴³ Concretamente, en sete entregas, que saíron nos números 32 (30.9.1917), 33 (10.10.1917), 34 (20.10.1917), 35 (30.10.1917), 37 (20.11.1917), 38 (30.11.1917) e 39 (10.12.1917), respectivamente.

⁴⁴ Cf. *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 66, 10.9.1918. Esa nota aclara que no folletón do xornal saíu, entre outros, “un estudo da obra de Cabanillas do noso irmán Villar Ponte (A.)”.

⁴⁵ Cf. *Maruxa*, Santiago, nº 1, 1.4.1917.

Rexurdimento literario galego do XIX e sobre as razóns por que este alcanzara menor importancia e dimensión que o seu correlato catalán, a *Renaixença*. A clave estaba, para Villar Ponte, na maior lucidez dos rexionalistas cataláns á hora de comprenderen, a diferenza dos seus homólogos galegos, que só a través da acción defensora e do cultivo sistemático da lingua propia tiña futuro a causa da reivindicación da personalidade colectiva que abandeiraban. Ao non teren abrazado os rexionalistas galegos no século XIX con todas as consecuencias a causa idiomática, acrecenta o noso autor, a dominación espiritual e material da Galiza por Castela tornouse aínda máis profunda e o propio pensamento galeguista, encerrado case sempre no molde lírico, tamén non puido chegar á consciencia popular: “Seu enxebrismo culto confinado soio nos versos, igoalmente que as arbres silvestres produxo ô chegar à maturidade follaxe mesto e froles belas, recedentes, pro non froitos útiles. E o porvir da raza quedou tronchado”⁴⁶.

Feitas estas consideracións introdutorias, Villar Ponte vai consagrar a Ramón Cabanillas definitivamente neste ensaio como “poeta da Raza”, isto é, como o escritor “representativo” polo que viña agardando, sumida en palpábel decadencia, a literatura patria desde a desaparición física de Rosalía, Lamas Carvajal, Curros Enríquez e Pondal. O xornalista de Viveiro aludía a dous instantes solemnes da recente historia do país (a creación da “Solidaridad Gallega” e as Asembleas Agrarias de Monforte) que poderían ter servido para que se producise a revelación dese poeta arelado, mais iso non acontecera. Houbo, pois, que agardar ao instante en que Cabanillas, primeiro no seu Cambados natal, e despois en Cuba, escoitando as verbas apostólicas de Basilio Álvarez, puxese a cantar a súa musa:

E o seu canto foi bô. Todal-as ansias da raza, no que teñen de naturais, atoparon nos seus versos o niño cubizado, xa que estes versos eran latexos ategados d’amore e dolore, cando manseliños, cando cheos de xenreira d’un corazón feito anacos [...]

⁴⁶ Citado por *Suplemento nº 10 de Nós*, Setembro de 1929.

Cabanillas non percisou d'aprendizaxes, deveu poeta dende que publicou sua primeira poesía. E sua primeira poesía foi froito da maturidade xuvenil. Non fixo o bachillerato da rima. Poeta *a natiuitate* co'a y-alma chea de saudades pol-a familia e pol-a terra, cantou cando tiña de cantare; cando o ambiente, como o âr ôs arbres, puido abanear as cordas da sua lira, irmá da que empregou pr'â *Encomenda*, Curros. A raza falou entón polo-os seus labres [...]. E aqueles poetas que cantaban por afición en rimas artificiais, sin sair dos vellos moldes dos precursores, pais grroriosos do primeiro renacemento literario galego, ficaron eclisados pol-o xenio do novo vate⁴⁷.

Entre as circunstancias que facían de Cabanillas un escritor merecedor do alcume de “poeta da Raza” (deixando de man, aclara en todo o caso Villar Ponte, o “conceuto centífico de raza mais ou menos discutibre”), ou do título de “primeiro poeta *nacional* de Galicia”, enumeraba Antón Villar Ponte as seguintes:

a) O terse dado de cheo, “de xeito integral, â doce e grroriosa lingua nativa”, isto é, a súa aposta polo monolingüismo perante a práctica bilingüe ou diglósica habitual nos escritores galegos desa época: “Sua musa foi galega pol-a forma e pol-o fondo; no galego esquirbeu prosas literarias e políticas, de xeito moderno e hastra seu meio de comunicación particulare cos seus coterraños foi e sigue sendo o idioma materno”⁴⁸.

b) A súa vontade de simplificación, refinamento e modernización do rexistro lingüístico: “Nos versos do autor de *Vento Mareiro* apréciase a nobre afanía de facer unha língua *autualizada* com'a catalana e a portuguesa. Ô longo d'eles non podería atopar o P. Blanco, si vivira, o labrego cantor que descubreu en Lamas Carballal [sic]. Tampouco o vate dos ¡ai! e dos ¡ei! de que falou Rodrigo Sanz”⁴⁹.

⁴⁷ *Ibidem*, p. 7-9.

⁴⁸ *Ibidem*, p. 11.

⁴⁹ *Ibidem*, p. 14.

c) O feito de posuír un talento xenial, de ser “fillo escolleito das musas”. Esta cualidade púñase de manifesto sobre todo, segundo Villar Ponte, por comparación con outros poetas: “Mais fecundo que os precusores, que os mestres tidos por insuperabres (lembraivos de que está imprentando cinco libros) gánalles na variedá, na universalidá, na craridá (ouxetividá, din os parnasianos) e no moderno senso da paisaxe”⁵⁰.

d) O ter logrado unha harmoniosa combinación entre o moderno e o tradicional na súa poesía, converténdose dese xeito nunha especie de ponte de ouro entre o primeiro e o segundo renacemento das nosas letras: “Non é, con todo, un poeta illado, exótico, que difréciese dos outros soio por un xeito modernista accidental. Cabanillas lembra ôs vellos, pois coma iles leva ô verso a y-alma rexional ô través da súa propia y-alma. Ten algo de todol-os precusores e hastra recreiase âs veces, glosándoos de maneira lonxana en formosos *ritornellos*. Pro ten mais que os precusores, porque ten moito de seu, aristocratizado, sotilizado no alambique do novecentismo. E así debeu [sic] un poeta mais completo”⁵¹.

e) A súa orixinalidade e fecundidade, que nunca implicaban demérito na cualidade: “Cabanillas produxo tanto e tan bô, que fanse difízles as seleicións, propias soio d’un libro esquirto paseniñamente. O mesmo nas que poderíamos chamar suas poesías civís, que nas líricas, nas panteístas e nas humoradas, a xenialidade deita vitoriosa. Coma Valle Inclán na prosa, il idealiza o sensibre e sensibiliza o ideial. E trunfa na balada e no *lied* (xéneros coase inéditos en España, conforme dixo moi ben a Pardo Bazán)”⁵².

Expostas estas consideracións, proseguirá Villar Ponte o seu ensaio cun sumario repaso ás principais composicións dos poemarios *No desterro* e *Vento Mareiro*, chamando a atención sobre as abundantes coincidencias da lira do cambadés con figuras consagra-

⁵⁰ *Ibidem*, pp. 11 e 13.

⁵¹ *Ibidem*, p. 13.

⁵² *Ibidem*, p. 15.

das da literatura peninsular máis ou menos coetánea (Núñez de Arce, Juan Ramón Jiménez, Vicente Medina, Antonio Machado, Eduardo Marquina, Santiago Rusiñol, Guerra Junqueiro...) e tamén sobre os ecos perceptíbeis nos seus versos das composicións máis emblemáticas de Rosalía, Curros, Lamas, Pondal e mesmo Benito Losada. A conclusión que tiraba disto era a seguinte:

Cabanillas como se pode vere, cultiva todol-os xéneros, pulsa total-as cordas da lira, até a torva das supremas xenreiras. Cabanillas bebéu as augas da inspiración nas mesmas fontes que os grandes vates do noso renacemento primeiro, e zugóu, como abella de milagre, en total-as froles da raza, pra darenos a ofrenda da mel hyme-ta que arelábamos. Pro soupo evolucioar c'os tempos, pra faguerse moderno, novo no vello e vello no novo, que é sere contemporáneo de cada día pra sempre, trocándose no primeiro poeta da Raza, pol-a forma e pol-o fondo, pol-os grandes recursos que acertou a sacare do noso idioma, nas suas bentas mans cal un órgano que tan axiña deixa ouvir os rexistros feituquiños, doces, mimosos, com'as voces graves, e os berros irtos, bruantes, feros⁵³.

Puña ramo ao seu ensaio o xornalista viveirés ponderando o importante contributo que significaba a obra de Cabanillas para o prestixio do idioma galego (“amostra a costa do seu xenio que o galego serve pra espresare todol-os matices do sentimento e total-as facianas do pensamento”), salientando o papel de guía que lle correspondería ao de Cambados nos camiños que se abrían para a nova lírica galega e, finalmente, declarando a súa esperanza en que, igual que tiña xurdido xa o “poeta da Raza”, non tardase en se manifestar na literatura galega o “gran prosista a quen todo lle porpara advenimento”⁵⁴.

Aínda que o traballo de Villar Ponte *Ramón Cabanillas, poeta da raza* resultou definitivo á hora de “canonizar” en termos literarios ao poeta cambadés, como moi ben ten explicado Xosé R. Pena⁵⁵,

⁵³ Citado por *Suplemento nº 11 de Nós*, Outubro de 1929, p. 7.

⁵⁴ *Ibidem*, p. 9.

⁵⁵ Vide PENA, Xosé R.: *Manuel Antonio e a vangarda*, Ed. Sotelo Blanco, Santiago, 1996, Cap. 3, pp. 27-42.

non deben esquecerse dúas circunstancias que tamén resultan claves, ao noso entender, nese proceso:

a) Que xa desde a mesma publicación do seu primeiro libro, *No Desterro*, algunhas voces autorizadas tiñan abesullado a relevancia e novidade que traía consigo Cabanillas. O poeta e sacerdote Antonio Rey Soto, por exemplo, aludía ao de Fefiñáns nas páxinas do diario arousán *Galicia Nueva*, con ocasión da aparición de *Vento Mareiro*, como “un poeta tan grande, pero más nuevo, más polícromo y más completo que todos sus antecesores”⁵⁶, e o intelectual Evaristo Correa Calderón xa falaba del no diario lugués *La Idea Moderna* como poeta da Raza⁵⁷.

b) Que a obra de Cabanillas, no momento en que recibe esta “consagración” por parte do líder das nacentes Irmandades da Fala, está lonxe aínda de ser ben coñecida na Galiza. Como xa dixemos, o propio Villar Ponte, pola mesma época en que redixiu o seu ensaio, sinalaba en *La Voz de Galicia* que as producións de Cabanillas *Vento mareiro* e *No desterro* “no han podido difundirse mucho” e “apenas si son conocidas del gran público”. Era esta a razón que explicaba, ao seu ver, que “Cabanillas no alcance aún la popularidad de que disfrutaban otros poetas, vivos y muertos, no superiores a él, por ningún concepto”⁵⁸.

Todo isto quere dicir, en definitiva, que cando Villar Ponte bautiza e eleva no seu ensaio a Ramón Cabanillas á categoría de “poeta representativo”, non está senón adiantándose á recepción comprida e completa da obra do cambadés por parte da maioría do público coetáneo. De aí derivan, seguramente, as lecturas que tomando a parte polo todo, converteron a Cabanillas durante moito tempo no poeta cívico por excelencia do nacionalismo (minorando ou obviando outras cordas e temas da súa fecunda lira) e o tornaron,

⁵⁶ Cf. *Galicia Nueva*, Vilagarcía de Arousa, nº 3.872, 23.8.1915.

⁵⁷ Cf. CORREA-CALDERÓN, E.: “Crónica. Poesía gallega”, *La Idea Moderna*, Lugo, 26.6.1917. Citado por PENA, Xosé R., *op. cit.*, p. 32.

⁵⁸ Cf. [VILLAR PONTE, A.]: “Con letra del siete. Las obras de Ramón Cabanillas”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 29.4.1917.

ademais, nunha figura tan admirada, respectada e incuestionábel que, a diferenza de vultos como Rosalía, Curros, Lamas ou Pondal, nin sequera recibiría reproches no manifesto *¡Máis alá!* (1922) de Manuel Antonio e Cebreiro...

Após a publicación do ensaio *Ramón Cabanillas, poeta da Raza* continuarán aparecendo novos textos e testemuños da intensa e especial *entente cordiale* que se estebeleceira entre os futuros autores de *O Mariscal*. En xuño de 1917, referindo aos lectores de *La Voz de Galicia* a aparición do segundo poemario do irmán da fala Gonzalo López Abente (1878-1963), *Alento da Raza*, o xornalista viveirés salientaba que a nova obra constituía

un libro que *quedar*á porque, como los del gran Cabanillas, marca lo que pudiéramos llamar la característica progresiva en la evolución del renacimiento literario gallego iniciado por Rosalía, Curros, Pondal, Añón, Lamas, etc. *Vento mareiro* y *Alento da Raza*, son como lindes del nuevo camino por el que ha de orientarse la juventud que viene... Asemexándose a las obras de los poetas precursores, diferéncianse de ellas, no obstante, en cierto sentido de unidad y de universalidad propio de todos los escritores *novecentistas* [...] Además en Cabanillas y en López Abente - como en algunos poetas noveles que prometen mucho - se observa, a veces, casi siempre, una *clarificación colorista* de que los grandes precursores han carecido por lo general, y que corre parejas [sic] con la naciente escuela de pintura gallega⁵⁹.

É moi probabelmente o de Viveiro quen en outubro de 1917 sae de xeito anónimo en defensa do poeta nas páxinas de *A Nosa Terra* cando este acepta das mans do Marqués de Riestra, coñecido cacique da provincia de Pontevedra, un posto de secretario interino no Concello de Mos, feito considerado por algúns medios de prensa como 'incoherente' co pasado basilista, coa condición de nacionalista e coa vea anticaciquil de que facía gala na súa poesía o escritor cambadés. Nesta tesitura, alén de insistir na fidelidade ao ideario nacionalista de Cabanillas ("sigue sendo noso, sigue sendo o

⁵⁹ Cf. [VILLAR PONTE, A.]: "Con letra del siete. *Alento da Raza*", *La Voz de Galicia*, A Coruña, 22.6.1917.

irmán da y-alma, o pirmeiro poeta nacionalista”), Villar Ponte revela as gravosas necesidades familiares ás que este tiña que facer necesariamente fronte, para, na continuación, responsabilizar a eses mesmos xornais e sectores que criticaban ao poeta de non lle teren ofrecido colaborar nas súas planas a cambio dunha digna remuneración:

ninguén quixo preguntárese: ¿De que vive o poeta, cómo vive o poeta?

¡Ai, s’o preguntaran! O poeta ten muller e seis fillos; o poeta traballa rexamente, pra conquistar un cativo anaco de pan, pra poder vexetar de maneira doorosa.

Ninguén s’achegou a il pra brindarlle axuda; ningún xornal galego dos que pagan tantas colaboracións ridículas, ll’oferceu unha. Pra calquer homenaxe pidífanlle versos, pro ¿quén lle pagou endexamais ises versos?

¡Si os poetas poideran hipotecar anacos da inmortalidade que ll’es [sic] agarda, ós usureiros! ¡Pro a usura non enxergue d’iso!

Xa sabemos que cando Cabanillas morra -e ogalá [sic] sexa tarde-Galicia enteira, com’as colonias galegas d’as Américas, faránlle garimosos homenaxes. Entón será a hora das gabanzas e das xusticias. Tamén a dos prantos, lembrativos dos do cocodrilo.

Pro namentras viva, que viva como poida, ¿Non é eisi?

Pois xa tedes o pago; xa tedes o pago, hipócritas, fariseos, sepulcros branqueados. Si tivese algo de vergoñoso o feito de que Ramón Cabanillas acetase a Segredaría de Mós, o vergoñoso sería pra Galicia, sería pr’ós galegos, e no pr’o poeta [...]

Chorarémolos en morte; pro entón, alguén preguntará: ‘¿Qué protección lle díchedes en vida; cantos d’ises gabadores da poesía galega, cantos d’isos políticos do rexionalismo ortodoxo lle tenderon a sua man?’

Ós que agora censuran a Cabanillas, pasarálles o mesmo que a aqueles que escupen ó ceyo: que a censura lles virá caer nos ollos ⁶⁰.

De igual xeito, cando establece contacto co secretario da “Lliga Regionalista” catalá e director de *La Veu de Catalunya*, Ferrán Agulló, para concretizar o artellamento dunha alianza das Irmandades co catalanismo de cara ás lexislativas de febreiro de

⁶⁰ Cf. “Pra vergonza de Galicia. Un caso dino de meditación”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 34, 20.10.1917.

1918, Villar Ponte non deixará pasar a oportunidade de interesarse ao intelectual catalán na obra do poeta, como pon de manifesto un testemuño epistolar a que accedemos en que Agulló urxe ao viveirés o envío dalgúns poemas de Cabanillas e se lamenta de non ter podido coñecelo en persoa⁶¹.

Como é sabido, o poeta cambadés figuraría inicialmente na listaxe de expedicionarios das Irmandades que se ían deslocar a Cataluña a finais de 1917 para celebraren alí a chamada “Semana Galega”⁶². Por causas que descoñecemos, Cabanillas non viaxou a Cataluña e a súa charla sobre poesía galega ficou no tinteiro. Foi Antón Villar Ponte en persoa o que se encargou, precisamente, de facer que Cabanillas estivese dalgún xeito “presente” nesa embaixada galeguista en Cataluña, lendo o seu poema “En pé” durante o banquete con que a plana maior do catalanismo agasallou os delegados das Irmandades en Barcelona o día 30 de novembro do citado ano⁶³.

Ao longo de 1918 continúan as mostras de sintonía persoal e ideolóxica entre Cabanillas e Antón Villar Ponte. En febreiro, nas páxinas do diario *El Noroeste* (que estaban entón baixo a súa batuta), o de Viveiro non dubida en colocar a Cabanillas como punto culminante dun evolucionar da poesía galega desde a perspectiva do compromiso patriótico:

En Curros no hay más que el poeta *enxebre* que recoge del ambiente las vibraciones de universal rebeldía para localizarlas a través de su *enxebreza*. En Rosalía la rebeldía ya se asocia á un sentimento vivo y obsesionado de anticentralismo. Pero es Lamas el poeta regionalista y Pondal el pren[ac]ionalista, que prepara el advenimiento de Ramón Cabanillas, nuestro primer cantor conscientemente nacionalista⁶⁴.

⁶¹ Carta manuscrita de Ferrán Agulló a Antón Villar Ponte, datada en Barcelona a 4 de setembro de 1916, existente no Arquivo particular de Teresa Villar Chao (A Coruña).

⁶² Así o anunciou o xornal *La Veu de Catalunya*, Barcelona, 16.11.1917.

⁶³ Cf. *La Veu de Catalunya*, Barcelona, 1.12.1917.

⁶⁴ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Honrando a nuestros poetas. Curros Enríquez y Pondal”, *El Noroeste*, A Coruña, nº 10.319, 7.2.1918.

Ambos autores participan na velada necrolóxica en memoria de Porteiro Garea que ten lugar no local da Irmandade coruñesa o día 15 de novembro do citado ano⁶⁵. O cambadés co-presidiu a sesión xunto co cónsul de Portugal, sr. Oliveira, e recitou poemas na compañía de Vitoriano Taibo e López Abente. Tamén asisten activamente á Iª Asemblea Nacionalista en Lugo e asinan o seu “Manifesto”. Cabanillas propón nesa transcendental xuntanza, ademais, que o boletín *A Nosa Terra*, dirixido nesa altura por A. Villar Ponte, sexa considerado “único orgo oficial na imprensa do nazionalismo galego”, proposta que debe enmarcarse no clima de ruptura das Irmandades co sector rexionalista (Rodrigo Sanz, Antón Valcárcel, etc.) que se mantiña á fronte de *El Noroeste*⁶⁶.

A sintonía entre os nosos escritores continúa durante 1919 e plásmase, sen irmos máis lonxe, nas angueiras do “Conservatorio Nazonal”, que estrea *A man de Santiña*, e na común valorización que fan ambos sobre a conveniencia ou non de as Irmandades concorreren á batalla electoral. Tanto Ramón Cabanillas como Antón Villar Ponte defenden nesa conxuntura, en artigos que ven lume nas páxinas de *A Nosa Terra*⁶⁷, unha táctica “abstencionista”, de boicote activo ao entramado oficial, por corrupto e inservíbel. Será este o posicionamento que irá aglutinando un cada vez máis amplo sector das Irmandades, baixo o liderado de Risco, que terminará por se constituír en febreiro de 1922 como “Irmandade Nazonalista Galega” (ING). É Cabanillas, ademais, quen durante a á IIª Asemblea Nacionalista, celebrada en Santiago os días 7, 8 e 9 de novembro de 1919, promove xunto con outros destacados dirixentes unha proposta de nomeamento de Antón Villar Ponte como presidente honorario das Irmandades. Ben é verdade que esa proposta, por causas que ignoramos, non se someteu finalmente a consideración⁶⁸.

⁶⁵ Cf. *La Voz de Galicia*, A Coruña, 16.11.1918.

⁶⁶ Cf. *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 73-74, 5.12.1918.

⁶⁷ Cf. VILLAR PONTE, A.: “O noso voto espricado en verbas quentes”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 90, 25.5.1919 e “Un consello do poeta da Raza”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 91, 5.6.1919.

⁶⁸ Fica testemuño da súa intención nun manuscrito existente no Arquivo Real Academia Galega, Fondo Villar Ponte, Caixa 146, Sobre 2. O texto da proposta, ben breve, dicía: “Que se nomee Presidente

En 1920 o boletín das Irmandades insire nas súas páxinas o discurso de ingreso de Cabanillas na Academia Galega⁶⁹. E postos xa en 1921, no transcurso da IIIª Asemblea Nacionalista celebrada en Vigo no mes de abril, Cabanillas resulta designado xunto con Antón Villar Ponte, Vicente Risco e Xoán Vicente Viqueira para facer parte dunha ponencia que tería como fin “chegar á uniformidade no idioma”⁷⁰. Nese mesmo ano Antón escribirá encomiasticamente en *La Correspondencia* de Cienfuegos sobre a lectura no “Ateneo” vigués do poema “O cabaleiro do Santo Grial” de Cabanillas⁷¹, e Ramón Villar Ponte fará o propio no diario ferrolán *El Correo Gallego*⁷².

En xaneiro de 1922, pola mesma época en que vai ser expulsado da dirección do boletín *A Nosa Terra*, Villar Ponte envía a *La Voz de Galicia* un artigo en que fala dun auténtico novo “Rexurdimento” das letras galegas, que se manifestaría na publicación case simultánea de varios volumes literarios en galego de indubidábel cualidade: os parrafeos *Mal de moitos* e *Trato a cegas*, de Charlón e Hermida, “realmente chistosísimos”; a obra de teatro *Alén*, de Xaime Quintanilla, “muy moderna y muy original”; a *Doctrina nazionalista*, de Ramón Villar Ponte; o poemario *Abrente*, de Vitoriano Taibo e, sublíñemolo nós, a segunda edición de *Vento mareiro*. Ese segundo Rexurdimento tiña, na súa opinión, un nome propio indiscutíbel: Cabanillas. O poeta de Fefiñáns, con efecto,

con el estro iluminado por la espléndida *claridad novecentista*, salió a la palestra para elevar la poesía gallega a las cumbres de lo moder-

honorario ó individuo que iniciou as Irmandades da Fala”. Aparece asinado por Bernardino Varela, Banet Fontenla, F. Abelaira, Xaime Quintanilla, Losada Diéguez, Arturo Nogueuel, Vitoriano Taibo, López Abente, Ánxel Casal, Ramón Cabanillas, Guillermo Cedrón, Lois Pérez Carballa e unha persoa máis, cuxa sinatura non demos identificado.

⁶⁹ Cf. “A saudade nos poetas galegos. Discurso de Ramón Cabanillas”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 129, 5.10.1920. O poeta substituíu na cadeira número 31 da Corporación académica a Xosé Salgado Rodríguez.

⁷⁰ Cf. *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 139, 30.4.1921.

⁷¹ Cf. VILLAR PONTE, A.: “El Santo graal”, *La Correspondencia*, Cienfuegos, ca. 1921. Recorte en Arquivo Real Academia Galega, Fondo Villar Ponte, Caixa 147, Sobre 1.

⁷² Cf. VILLAR PONTE, Ramón: “El poeta de la raza. Una nueva obra”, *El Correo Gallego*, Ferrol, 30.8.1921.

no. Los versos del ilustre vate cambadés han conseguido incorporar nuestra lírica enxebre a la lírica europea actual. Rosalía, la divina, ya fuera una revolucionaria de la rima, una admirable precursora; pero en ella la manera de decir aún no lograra emanciparse de la superabundancia verbalista propia de los poetas del siglo XIX. La transparencia de la idea conseguida con el menor número de palabras, la diafanidad serena de la emoción artística, la difícil sencillez cristalina que hace de la breve frase musical un espejo, este *ne quid nimis* de rítmico renglón corto que no pudo sospechar Horacio, y que abre para siempre un hondo abismo entre los buenos versificadores y los elegidos de las musas, con Cabanillas vino a Galicia⁷³.

Aínda arredondaría Villar Ponte este seu xuízo literario coas seguintes aseveracións:

Ya no es posible dar el nombre de poeta a aquel que hace versos de forma métrica impecable, ni a aquel que en rimas bien medidas desenvuelve un tema ameno o un rosario de imágenes felices. Tampoco a los que rompan, sólo de modo externo, los viejos moldes. Porque la modernidad no consiste en el arbitrario empleo de los versos, como muchos creen; no consiste en alejarse de los métodos clásicos para seguir los ahora en boga: consiste, única y exclusivamente, en la *forma de expresión*. La modernidad, cabe, pues, tanto en el viejo soneto de oriundez italiana, como en el extraño pareado baudelairiano. La forma métrica es lo secundario; la manera de expresarse, lo esencial. Y así pudo demostrarlo Cabanillas abriendo a los jóvenes poetas de su tierra un camino europeo, por el cual avanzan ya hacia nosotros arrancando laureles para coronar las lirás que pulsan magistralmente Victoriano Taibo y Manuel Antonio, entre otros...⁷⁴.

Segundo indicou o propio Villar Ponte en carta ao poeta Manuel Antonio, este artigo seu foi replicado nas páxinas de *El Ideal Gallego*, aínda que sen asinar, por Eugenio Carré Aldao, no

⁷³ Cf. VILLAR PONTE, A.: "Nuevo renacimiento de las letras gallegas. Algunos libros nuevos", *La Voz de Galicia*, A Coruña, 22.1.1922. Villar Ponte transcribirla longos parágrafos deste artigo nunha carta súa ao poeta Manuel Antonio (Vide GARCÍA-SABELL, Domingo (ed.): *Manoel Antonio. III. Correspondencia*, Ed. Galaxia, Vigo, 1979, pp. 146-148).

⁷⁴ *Ibidem*.

contexto das desavinzas que conduciron á expulsión do viveirés da dirección de *A Nosa Terra*. O dono da “Cova Céltica”, entendendo que nas críticas de Villar Ponte había animosidade manifesta contra el e contra certos autores coetáneos (Florencio Vaamonde, Eladio Rodríguez, Lugrís Freire...) defendeu ardentemente a excelitude de Rosalía e gabou os méritos daqueles (“altísimos poetas no simples versificadores como alguen desdeñosamente insinúa”), para concluir: “Todo cuanto pueda decirse hoy, está mejor o peor expresado, dicho ya de atrás. La generación actual no hace sino seguir el ejemplo recibido de aquellos”...⁷⁵.

A estreita relación de Cabanillas con Villar Ponte maniféstase nesta época, en fin, coa participación do de Viveiro nunha homenaxe en Cambados ao escultor Asorei, promovida en agosto de 1922 por Cabanillas⁷⁶, e mais na presenza villar-pontina na “folia dos rapaciños galegos” que co nome de *As Roladas* e o patrocinio de figuras como Leonardo Rodríguez, Portela Valladares, os irmáns Palacios ou o Marqués de Figueroa, edita Cabanillas en Madrid nos meses de maio e xullo de 1922. Con efecto, para o primeiro número da publicación Villar Ponte achega o texto intitulado “Abrulas”. Trátase dunha lírica glosa, dividida en dúas partes, de dous pensamentos dos escritores Schiller (1759-1805) e Maëterlinck (1862-1949), respectivamente⁷⁷. Ademais, a propia filla de Antón Villar Ponte, a nena Carme Villar Chao, é destinataria na segunda e derradeira entrega deste “xornaliño” que nos ocupa dun poema de Ramón Cabanillas, intitulado “A Meliña”, e mais dun retrato de Álvaro Cebreiro⁷⁸.

* * *

⁷⁵ Vide GARCÍA-SABELL, Domingo (ed.): *Manoel Antonio. III. Correspondencia*, Ed. Galaxia, Vigo, 1979, p. 148.

⁷⁶ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Nuestros articulistas. Interpretación de un homenaje y glosa de un consejo”, *Galicia*, Vigo, nº 33, 31.8.1922.

⁷⁷ Cf. *As Roladas*, Madrid, nº 1, maio de 1922, p. 4.

⁷⁸ Cf. *As Roladas*, Madrid, nº 2, xullo de 1922, p. 3.

Á vista dos datos achegados nos parágrafos precedentes, parécenos plausible concluir, xa que logo, que Antón Villar Ponte e Ramón Cabanillas non se deberon de coñecer durante a súa mocidade de activismo republicanista e que tampouco puideron coincidir en Cuba. Trabaron algún trato, probabelmente, en tempos de axitación agrarista na Galiza (1912-1913), se ben o de Viveiro non compartillou en absoluto nin os xeitos nin as proclamas de Basilio Álvarez, que o de Cambados tan ben lograría poetizar. A través de Porteiro Garea, ambos autores comezaron a partir de 1915 un proceso de sintonización no persoal e no ideolóxico que desembocou nun intenso entendemento no seo das Irmandades da Fala. Entre 1916 e 1922 rexistramos o período de máxima sintonía entre ambos autores, embarcados en numerosas empresas colectivas e protagonistas de varios proxectos en común. Será entón, precisamente, cando se xeste e se confeccione *O Mariscal*.

1.2. FORMACIÓN E PRECEDENTES TEATRAIS DOS AUTORES DE *O MARISCAL*

Visto sucintamente o proceso en virtude do cal os nosos autores se coñeceron, estableceron amizade e participaron en sintonía ideolóxica nos labores das Irmandades da Fala no seu período auroal, procede que pasemos a unha segunda cuestión non menos importante á hora de termos en conta os diversos antecedentes de *O Mariscal*.

Cabe, efectivamente, colocar sen demora a seguinte pregunta: quen eran, teatralmente falando, Cabanillas e Villar Ponte no momento en que emprenden a confección da súa peza mestra, *O Mariscal*? Que experiencia e que formación no mundo dramático posuían? Con que bagaxe afrontaban a elaboración dunha peza tan ambiciosa e chea de complexidades?

O “pasado” teatral de Antón Villar Ponte respecto do momento de composición da peza *O Mariscal* é relativamente ben coñecido. Na súa vila natal iniciouse como actor *amateur*, partici-

pando entre 1899 e 1901 con outros mozos viveireses na representación de diversas pezas⁷⁹. Durante a etapa universitaria frecuentou os teatros de Santiago e aínda se deslocou puntualmente á Coruña para acudir a determinadas representacións de obras zarzuelísticas como *La Tempestad*, *El reloj de Lucerna*, *La Dolores*, *El anillo de hierro* e un longo etcétera, resultando que, segundo as súas palabras, “en más de una ocasión tuvimos que empeñar la capa y los libros” para poder financiar os gastos derivados de tal afán⁸⁰.

Xa instalado en Foz como boticario, compuxo a rogos dunha entidade obreirista luguesa a peza en español *El peso de una ley*, representada por vez primeira en Viveiro, en abril de 1902. Hoxe perdida, constituía ao parecer un contundente ataque ao sistema de “redención a metálico” do servizo de armas⁸¹. Villar Ponte escribe e publica a seguir o drama “de tese” *A patria do labrego* (1905), auténtico alegato anticaciquil e pro-migratorio⁸². En paralelo, publica varios monólogos breves orixinais en español, como os intitulados *Conflicto internacional (Sátira en acción)*, que aparece no xornal republicano herculino *El Combate* (nº 90, 25.1.1903), e *Dos cartas (Monólogo)*, recollido pola tamén coruñesa *Revista Gallega* (nº 408, 11.1.1903).

Así mesmo, durante os seus anos focegos Antón traduce para galego varias pezas do entón puxante teatro catalán (*Terra baixa*, de Guimerà; *El místic*, de Rusiñol; *Els vells*, de Ignaci Iglèsias), a fin de llas fornecer á “Escola Rexional de Declamación” que impulsan na Coruña o escritor Manuel Lugrís Freire e o actor Bernardo B. Jambrina⁸³. A rápida desfeita desa “Escola” trunca, porén, este labor tradutor villar-pontino. Non menos reveladores do seu interese pola *res dramática* nesta época resultan algúns artigos que publica na

⁷⁹ Vide ÍNSUA LÓPEZ & NUEVO CAL: *O primeiro Villar Ponte, op. cit.*, pp. 63-66.

⁸⁰ Cf. [VILLAR PONTE, A.]: “Con letra del siete. ¡El pobre Berges!”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, nº 11.694, 17.2.1917.

⁸¹ Vide ÍNSUA LÓPEZ & NUEVO CAL: *O primeiro Villar Ponte, op. cit.*, pp. 105-111.

⁸² *Ibidem*, pp. 111-128.

⁸³ *Ibidem*, pp. 95-105.

prensa periódica, abordando o contributo teatral de figuras como D'Annunzio⁸⁴ ou Henrik Ibsen⁸⁵, dando conta do auxe teatral que está a experimentar Cataluña⁸⁶ ou comentando a estrea de diversas pezas, como é o caso de *Gloriosa derrota*, de Galo Salinas⁸⁷.

É de supor que Antón frecuentase os teatros durante a súa estada madrileña en 1907, mentres traballaba como “negro” na redacción do diario republicano *El País*. Sabemos que asistiu na capital hispana, concretamente, á representación da peza *Stein unter steinen*, de Suderman, versionada en castelán pola compañía siciliana Ferrau-Grasso, e intuímos que non debeu de ser esta nin a primeira nin a última vez que se sentiu animado a ocupar asento no patio de butacas dalgún teatro capitalino. Do que si temos plena constancia é, en todo o caso, do importante papel que xoga na súa vocación e formación teatrais a súa estada en Cuba (1908-1910). Con efecto, ademais de exercer durante uns meses como director do cadro de declamación “Rosalía Castro” da Habana⁸⁸, do que facían parte entre outras a súa futura esposa Micaela Chao Maciñeira e a xornalista Mercedes Vieito Bouza, Villar Ponte traballará como cronista de espectáculos do *Diario Español* durante a temporada 1908-1909 na capital cubana.

Esta circunstancia permitiralle ser espectador diario das representacións que levaban a cabo en diferentes teatros (o “Nacional”, o “Payret”...) prestixiosas compañías como a de Enric Borrás, Tina di Lorenzo, Mímí Aguglia, etc., e visionar a posta en escena de pezas dun elenco de autores realmente variado, en que se combinan autores do moderno teatro catalán (Ángel Guimerà, Santiago Rusiñol,

⁸⁴ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Impresiones de un libro. *Belial*”, *Revista gallega*, A Coruña, nº 334, 11.8.1901.

⁸⁵ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Impresión literaria. La obra de Enrique Ibsen”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 1.6.1906.

⁸⁶ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Impresiones y apuntes”, *Revista Gallega*, A Coruña, nº 429, 7.6.1903.

⁸⁷ Cf. “Bibliografía”, *Revista Gallega*, A Coruña, nº 490, 7.8.1904.

⁸⁸ Esta entidade, con sede no nº 15 da Rúa Monte da Habana, foi fundada en xaneiro de 1908, entre outros, por Julio Monasterio, Abdón Vide, Antonio Forján e Alberto Santomil. Alén do cadro de declamación, que se presentou ao público por vez primeira no “Teatro Tacón” o 25 de xullo de 1908, contaba cunha sección de “Recreo y Adorno” e outra de “Solfeo, Filarmonía, Canto e Instrucción”.

Ignaci Iglésias), autores de éxito na escena española (Joaquín Dicenta, José Echegaray, Pérez Galdós, Linares Rivas, Vital Aza, Muñoz Seca, Joaquín Abatí, os irmáns Álvarez Quintero), clásicos do teatro hispano (Calderón de la Barca) e representantes dalgunhas das tendencias dramáticas europas máis en voga da época, nomeadamente franceses (Alfred Capús, Edmond Rostand, Victorien Sardou, Henry Bernstein, Alexandre Dumas, Pierre Wolf), alemáns (Hermann Suderman) e italianos (Gerolamo Rovetta, Roberto Bracco, D'Annunzio).

Instalado na Coruña desde abril de 1912 como redactor do diario *La Voz de Galicia*, Antón proseguiría dando públicas mostras do seu interese polo teatro en novos artigos: celebrará un novo centenario de Shakespeare⁸⁹; saudará o éxito de dramaturgos de orixe galaica como Sofía Casanova, Valle Inclán, Linares Rivas ou Ramón Goy de Silva nos escenarios teatrais da capital española⁹⁰; aplaudirá o talento de Jacinto Benavente⁹¹ e defenderá de certas acusacións de plaxio sobre a peza *La malquerida*⁹²; congratularase pola concesión en 1912 do Premio Nobel ao dramaturgo alemán Gerhart Hauptmann⁹³; divulgará os méritos literarios do belga Maurice Maëterlinck⁹⁴; lamentará que os coliseos galegos ficasen á marxe da xira que ofreceu pola Península na primavera de 1916 o dramaturgo francés Edmond Rostand⁹⁵; etc.

⁸⁹ Cf. [VILLAR PONTE, A.]: “Con letra del siete. Cervantes y Shakespeare”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 22.1.1914.

⁹⁰ Cf. [VILLAR PONTE, A.]: “Con letra del siete. Nuestras glorias regionales”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 15.1.1913.

⁹¹ Cf. [VILLAR PONTE, A.]: “Con letra del siete. El homenaje del día”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 27.10.1912 e “Con letra del siete. Entre los clásicos y las estrellas”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 7.3.1915.

⁹² Cf. VILLAR PONTE, A.: “Pláticas literarias. Hablemos de *La Malquerida*”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 4.3.1914.

⁹³ Cf. [VILLAR PONTE, A.]: “Con letra del siete. Un premio y una vacante”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 19.11.1912.

⁹⁴ Cf. [VILLAR PONTE, A.]: “Con letra del siete. El literato ciego y los ciegos en literatura”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 13.1.1915 e mais [VILLAR PONTE, A.]: “Con letra del siete. Ofrenda sentimental”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 13.3.1915.

⁹⁵ Cf. [VILLAR PONTE, A.]: “Con letra del siete. Una peregrinación cultural”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 9.4.1916.

Postas en marcha as Irmandades, Antón distinguirase no seu seo polo permanente empeño no potenciamento da dramaturxia e a escrita teatral galega. Da súa pluma saen entre 1916 e 1921 dúcias e dúcias de artigos sobre o tema, animando a constitución de cadros de declamación, aplaudindo a escrita de novas obras e tratando de as orientar esteticamente, sempre con sentido renovador e, ao mesmo tempo, dignificador da lingua e do país. Tamén escribe o prólogo á edición dos “parrafeos” *Mal de moitos / Trato a cegas* (1921) de Euxenio Charlón e Manuel Sánchez Hermida; dúas pezas orixinais intituladas *Entre dous abismos* (1920)⁹⁶ e *Almas mortas* (1922)⁹⁷, respectivamente; varias traducións inéditas e infelizmente hoxe perdidas: *O pai*, de August Strindberg; *Lysístrata*, de Aristófanes; *O avaro*, de Molière; e *As alegres comadres de Windsor*, de Shakespeare - aquí co título de *Xan entre elas* -; e aínda leva a cabo algunha que outra participación de carácter actoral. Será precisamente nesta conxuntura cando partille co poeta de Cambados o proxecto e o proceso de confección de *O Mariscal*.

Polo que di ao “pasado teatral” de Ramón Cabanillas respecto do momento de composición da peza *O Mariscal*, cómpre dicir antes de máis que é talvez moito menos fecundo e activo que o de Villar Ponte, aínda que non está exento de interesantes manifestacións. O testemuño de Luís Bouza Brei confírmanos que desde moi novo Cabanillas alentou unha vocación literaria que incluía tamén o cultivo do xénero teatral: “Mais tarde soupen, non sei como nin cando, que ele, de neno, compuña e representaba nas vacacións vrancegas, con outros nenos da súa idade, pequenas e churrusqueiras obriñas de teatro de pantasía épica”⁹⁸.

⁹⁶ Vide ÍNSUA LÓPEZ, E. X. “Introdución” en VILLAR PONTE, Antón: *Entre dous abismos. Nouturnio de medo e morte*, Universidade da Coruña, Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado, nº 3, A Coruña, 1998, pp. 82-87.

⁹⁷ Vide ÍNSUA LÓPEZ, E. X.: “Introducción”, en VILLAR PONTE, A.: *A patria do labrego / Almas mortas*, Ed. Biblioteca Gallega de La Voz de Galicia, Col. Biblioteca 120, nº 11, A Coruña, 2002, pp. 24-56.

⁹⁸ Vide BOUZA BREI, L.: “Memorante biografía human i-apasionada de Ramón Cabanillas Enríquez”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, A Coruña, Ano LIX, Tomo XXIX, nº 339-344, p. 181.

Con anterioridade á súa estada cubana, o de Fefiñáns compuxo aos seus dezaseis anos de idade unha peza teatral breve en español intitulada *El Naufrago* (1892), que se conserva hoxe manuscrita no Museo de Pontevedra. O drama, dividido en dous actos, está protagonizado por catro personaxes (“Enrique”, “Pablo”, “José” e “Soldado”) e xira arredor dos conceptos da amizade e a ambición. Amigos do poeta como González Fraga e Isaac Rovira serían os que asumisen os papeis nunha hipotética representación desta peza, a xulgar polas anotacións que figuran no manuscrito da mesma.

Non sabemos canto e que teatro puido ver o seminarista Cabanillas en Compostela no período 1889-1893, mais si corroborar que se deslocou con certa frecuencia a Vilagarcía de Arousa ou mesmo a Pontevedra para ver algunha función durante os seus anos de burócrata en Cambados (1893-1910). Na súa vila natal foi nese período un asiduo dos espectáculos teatrais, maiormente *coupletísticos*, que ofrecía o “Salón Variedades”, como deixan entrever os versos satíricos en español que lle adicou na sección “Coletazos” do xornal *El Cometa* á cabareteira Soler, aludida neles como “bailadora y cantatriz”⁹⁹.

Unha vez chegado a Cuba en setembro de 1910, Cabanillas asistiu con frecuencia a espectáculos teatrais. Na Habana non deixou de concorrer a algunhas representacións, como testemuña a correspondencia que mantén co seu amigo cambadés Manuel Sánchez Peña¹⁰⁰ e, posteriormente, frecuentou en Sagua la Grande os tres teatros que existían entón nesa localidade¹⁰¹. O éxito acadado

⁹⁹ Cf. “Coletazos”, *El Cometa*, Cambados, nº 5-6, 8.6.1910 e mais nº 7, 29.6.1910. Citado por REI NÚÑEZ, L. & CAMBA, X. (eds.): ‘*El Umia*’. ‘*El Cometa*’. *Ramón Cabanillas, xornalista cambadés*, Concello de Cambados, 2001. Edición facsimilar.

¹⁰⁰ Nunha carta datada na Habana a 18 de Outubro de 1910, pouco despois da súa chegada á Illa, Cabanillas expón: “ayer fui a ver a Regino López, un asturiano que es el ídolo del público cubano, un actor cómico que hace una docena de años era mozo de *bodega* (bodegas son las tabernas del país) y hoy gasta automóvil a fuerza de bailar la rumba [...] Representaron dos obras de autores cubanos: *La Venta del Vento*, una revista política que critica un *embullo* como el de los consumos de ahí, y *Academia de Besos*, una zarzuela del género ínfimo, de lo más ínfimo, que pretende ser un plagio de *El método Gorritz*” (Citado por CABANILLAS, R.: *Obra Completa. Tomo 3*, Ed. Akal, Col. Arealonga, nº 39, Madrid, 1981, p. 480).

¹⁰¹ Así o poñen de manifesto uns versos do propio Cabanillas resgatados polo seu biógrafo Caamaño Bournacell no traballo “Ramón Cabanillas enjuiciado por sí mismo”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, A Coruña, Ano LIX, Tomo XXIX, nº 339-344, p. 190.

polo seu primeiro volume poético, *No desterro* (A Habana, 1913), suscitou de inmediato iniciativas como a que lle formulou o compositor Ricardo Fortes, para musicar sinfonicamente poemas seus como “A morte do gaiteiro”¹⁰², ou ofertas relacionadas co espectáculo teatral. Concretamente, en carta a Sánchez Peña datada a 31 de xaneiro de 1914, Cabanillas expón: “Me animan a que escriba una zarzuela de corte melodramático. Ni me creo capaz ni tengo tiempo ni humor; insisten de tal modo, sin embargo, que ¡quién sabe!, tal vez me anime”¹⁰³.

En 1915, pouco antes do seu regreso definitivo a Galiza, Cabanillas ocupou o posto de administrador do “Teatro Nacional” (antes “Tacón”) da Habana, dependente do “Centro Galego”. É de supor que esta vinculación profesional cun dos coliseos máis activos e importantes da capital cubana lle permitise presenciar un considerable número de obras, establecer contacto directo con non poucos actores e directores e, en definitiva, tomarlle o pulso de primeira man a un mundo, o teatral, polo que xa tiña sentido predilección desde moi cedo, como acabamos de ver.

Xa instalado na Galiza, ademais de colaborar activamente coas Irmandades, Cabanillas non abandonaría o seu interese polo teatro. O primeiro número do boletín *A Nosa Terra*¹⁰⁴ dá conta dun proxecto da Irmandade para estrear unha ópera galega con libreto de Cabanillas, música de Reveriano Soutullo e decoracións de Castela: titularíase *Galicia 1808*, mais o seu manuscrito perdeuse nas reviravoltas do 36. Non sería raro, por outra banda, que Cabanillas se deslocase desde Cambados ao “Salón Villagarcía” arousán durante 1916 para ver as montaxes teatrais de pezas de Benavente, Linares Rivas ou Guimerá efectuadas nesa temporada por compañías como a de Montijano ou a de Enric Borrás. Unha carta a Antonio Rey Soto, datada a 19 de maio de 1917, testemu-

¹⁰² Cf. “Anacos d’unha parola. A música galega”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 84, 25.3.1919.

¹⁰³ Cf. Carta de Ramón Cabanillas a Manuel Sánchez Peña, datada na Habana, a 31 de xaneiro de 1914. Reproducida por Alonso Montero en CABANILLAS, R.: *Obra Completa. Tomo 3, op. cit.*, p. 502.

¹⁰⁴ Cf. *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 1, 14.11.1916.

ñanos a contrariedade do poeta cambadés por non poder asistir en persoa, como tería sido o seu desexo, á estrea da peza *Amor que vence al amor* en Vilagarcía de Arousa¹⁰⁵.

Sobre o interese de Cabanillas polo xénero teatral é significativo, en fin, o feito de que cando marcha a Madrid a finais de 1921 para xestionar a segunda edición de *Vento mareiro* e mais unha finalmente frustrada primeira edición de *O Mariscal*, sobre a que logo volveremos, non deixe de lle comentar por carta a Antón Villar Ponte: “Saio moi pouco e vexo pouca xente: non me intresa nada deste vivir madrileño. De teatros, samente fun ver á Xirgú e á Bárcena: a primeira é estupenda. De cupretismo, achei moi do meu gosto á Salú Ruíz; é feia mais é unha cousa boa”¹⁰⁶.

Ademais de *A man de Santiña* e *O Mariscal*, pezas das que axiña nos ocuparemos pormenorizadamente, Cabanillas escribiu para os escenarios varios libretos de ópera: o xa citado *Galicia 1808*, con partitura de Reveriano Soutullo; *Macías o namorado*, con música do compositor arxentino Isidro B. Maiztegui; e, finalmente, *A Virxe de Cristal*, baseado no coñecido poema de Curros Enríquez e escrito, segundo informa Carvalho Calero, “a toda presa, a requerimento do mestre Baldomir [1867-1947]”¹⁰⁷.

A estrea desta versión estaba prevista para a primavera de 1920 no “Liceo” de Barcelona¹⁰⁸, mais nunca chegou a se realizar por causa da negativa a autorizala dos familiares e descendentes do

¹⁰⁵ Cf. Carta de Ramón Cabanillas a Antonio Rey Soto, datada en Cambados a 19 de Maio de 1917. Reproducida por Alonso Montero en CABANILLAS, R.: *Obra Completa. Tomo 3, op. cit.*, p. 506.

¹⁰⁶ Carta de Ramón Cabanillas a Antón Villar Ponte, datada en Madrid, en Outubro de 1921. Reproducida por Alonso Montero en CABANILLAS, R.: *Obra Completa. Tomo 3, op. cit.*, pp. 509-510.

¹⁰⁷ Vide CARVALHO CALERO, R.: “Teatro lírico e Ramón Cabanillas”, *Faro de Vigo*, Vigo, 12.9.1965. Recollido en CARVALHO CALERO, R.: *Escritos sobre teatro*, Biblioteca-Arquivo Teatral Franciso Pillado Mayor, Universidade da Coruña, A Coruña, 2000, p. 58, en edición de Laura Tato.

¹⁰⁸ Cf. “Ópera gallega”, *Galicia Nueva*, Vilagarcía de Arousa, nº 4.914, 10.7.1919. Indica, concretamente, o xornal vilagarcían que Cabanillas “ha terminado ya otro libreto para una ópera al cual habrá de poner música de [sic] un maestro gallego. Trátase de un arreglo de la famosa leyenda de Curros Enríquez ‘A Virxe do Cristal’, adaptada a la escena. La obra tiene dos actos, divididos cada uno en dos cuadros, y no se estrenará en Galicia como parecería natural, sino en Barcelona, en el Teatro Liceo. El estreno se verificará en la primavera del año que viene”.

poeta celanovés. En calquera caso, fícanos o seguinte testemuño da valorización que lle merecía ao compositor herculino o traballo do vate cambadés:

– ¿Y el arreglo de la leyenda que hizo Cabanillas le satisfacía a usted?
– Muchísimo. No creo que pueda hacerse nada mejor, más lleno de respeto y devoción para el poema de Curros. Toda la fuerza emotiva que hay en las estrofas de *A Virxe do Cristal*; todo el fondo de tragedia rural y de consuelo místico que vibra en la leyenda del autor de *Aires da miña terra*, Cabanillas supo trasladarlo con relieve pasmoso al libreto que yo musicué con verdadero cariño. El maestro Vives que lo conoció ha dicho que nada podría hacerse más rico en situaciones musicales¹⁰⁹.

1.3. PRELUDIO DA ESCRITA EN COLABORACIÓN: *A MAN DE SANTIÑA*

1.3.1. ALGUNHAS HIPÓTESES SOBRE A XÉNESE DE *A MAN DE SANTIÑA*

É lugar común afirmar que Cabanillas compuxo a súa peza *A man de Santiña* por encargo, por suxestión ou a petición de Antón Villar Ponte¹¹⁰, co fin de utilizala para a presentación pública do “Conservatorio Nazonal do Arte Gallego” da Irmandade herculina, que tivo lugar o 22 de abril de 1919 no “Pabellón Lino” da Coruña. Tal se desprende, certamente, das propias palabras do poeta cambadés en 1954, nunha epístola enderezada ao profesor Carvalho Calero:

Un meu amigo que publicaba un xornal en Vilagarcía, emprentou *Da terra asoballada* aló polo 1917, poesías da loita anticaciquil en

¹⁰⁹ Cf. “La ópera *A Virxe do Cristal*. Entreviú con el maestro Baldomir”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.461, 26.10.1928. Amadeo Vives, alentado polo éxito da súa ópera *Maruxa*, solicitoulle o libreto de *A Virxe do Cristal* a Cabanillas en 1921 (Cf. QUINTANILLA, J.: “Divagaciones. Dos artistas. Arte Gallego. Cantemos...”, *El Correo Gallego*, Ferrol, 30.9.1921).

¹¹⁰ Autores como Xosé Ramón Pena teñen mesmo afirmado que a peza que nos ocupa foi escrita por Cabanillas “á par con Antón Villar Ponte” (Vide PENA, X. R. (ed.): “Introducción”, en CABANILLAS, R.: *Da Terra asoballada*, Eds. Xerais, Vigo, 1994, p. 14).

que nos embarcaba a todos por un lado Basilio Álvarez e polo outro Villar Ponte. Eu, que nunca soupen decir que non, faguía o que eles me suxirían. Por indicación do derradeiro esquirbín *A man de Santiña*, e dimpóis mandóume unhas cuartelas co proieuto, que dimpóis compretamos en colaboración, de *O Mariscal*: por entón eu era segredario do auntamento de Mos¹¹¹.

Non queremos deixar de colocar aquí, porén, algunhas hipóteses, consideracións e datos que obrigan a matizar estas afirmacións do ancián Cabanillas, empeñado nesta fase da súa vida, como é transparente no fragmento da carta reproducido e aínda noutras epístolas da mesma época conservadas¹¹², en negar importancia á súa traxectoria (“son un home sin biografía”), en desertar da propia iniciativa (“faguía o que eles me suxirían”), en rebaixar a valía da súa produción (“dos meus versíños é mellor non falar”; “a verdade é que esquirbín coma quen fai cestos”) e, mesmo, en renegar do rótulo de “Poeta da Raza” (agora visto por el como algo “ridículo” e como unha “cruz”), con que tiña sido consagrado no Parnaso galego por Antón Villar Ponte desde 1917.

Queremos, con efecto, formular dúas hipóteses que contradín a versión habitualmente admitida sobre a xénese e confección de *A man de Santiña*. Concretamente, pensamos que

a) Cabanillas redixiu *motu proprio*, e non por indicación, suxestión ou encargo de Antón Villar Ponte, a “farsada en dous pasos” *A man de Santiña* e só despois de a ter composta máis ou menos definitivamente foi requirido polo xornalista viveirés para lla ceder ao “Conservatorio” da Irmandade herculina. Noutras palabras, o que realmente tería feito Villar Ponte non sería encargarlle a Ramón Cabanillas a confección dunha peza teatral *ex novo*, senón animalo a poñer ao dispor do recién creado “Conservatorio” a que

¹¹¹ Carta de Ramón Cabanillas a Ricardo Carvalho Calero, datada en Madrid, a 8 de Novembro de 1954. Reproducida por Alonso Montero en CABANILLAS, R.: *Obra Completa. Tomo 3*, Ed. Akal, *op. cit.*, pp. 527-528.

¹¹² Vide, por exemplo, a carta a Francisco Fernández del Riego datada en Cambados a 18 de agosto de 1948 e reproducida por Alonso Montero en CABANILLAS, R.: *Obra Completa. Tomo 3*, *op. cit.*, pp. 531-533.

tiña escrito xa o cambadés, pola súa propia conta e risco, desde, cando menos, comezos de 1917.

b) Ademais, cando a peza de Cabanillas xa estaba practicamente rematada, á altura de maio de 1918, Villar Ponte, alén de lla pedir para o “Conservatorio”, influíu dalgunha maneira sobre o cambadés para introducir nalgúns diálogos desa peza inicialmente concibida sen “tese” certos parlamentos que vehiculizaban algunhas das mensaxes centrais das Irmandades da Fala nesa altura. Noutras palabras, Cabanillas “coloraría” *a posteriori* algunhas das escenas da súa farsada con pinceladas de ideario nacionalista explícito por recomendación ou indicación de Villar Ponte.

Nada di, significativamente, o de Viveiro sobre unha eventual e hipotética participación súa na xénese de *A man de Santiña* cando, en abril de 1917, informa aos lectores da súa sección “Con letra del siete” de *La Voz de Galicia* sobre a intención do poeta cambadés de tirar do prelo do *Galicia Nueva* de Vilagarcía, en cinco volumes, as súas obras completas. Limitase Villar Ponte, con efecto, a indicar que o tomo quinto dese proxecto, a que xa temos aludido en repetidas ocasións, recollería *A man de Santiña* (farsada en dous pasos) e *Unha cea de Xan Quinto* (conto de ladróns)¹¹³. Desde logo, a ben coñecida tendencia de Villar Ponte a reivindicarse nos seus propios artigos de prensa como promotor, ideador, alentador ou *factotum* de moitas iniciativas culturais e literarias da época non casa ben con esta circunstancia referida.

Na mesma orde de cousas, repárese en que a peza de Cabanillas está tamén expresamente publicitada xa entre as obras do autor cambadés na lapela da primeira edición do volume *Da Terra asoballada*, que sae do prelo do *Galicia Nueva* de José Benito Fernández durante o verán de 1917, practicamente dous anos antes de que se produza a súa estrea por parte do “Conservatorio” da

¹¹³ Cf. [VILLAR PONTE, A.]: “Con letra del siete. Las obras de Ramón Cabanillas”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 29.4.1917. A primeira noticia sobre a intención de Cabanillas de afrontar a edición das súas Obras Completas rexístrase no exemplar do propio xornal arousán *Galicia Nueva* correspondente ao día 12 de abril de 1917.

Irmandade e case un ano antes de que *A Nosa Terra* dea as primeiras novas sobre o comezo dos ensaios de cara á súa encenación.

Se a peza de Cabanillas está xa anunciada en abril de 1917 e as primeiras novas sobre o proxecto do citado “Conservatorio” remiten, como moi cedo, para maio de 1918, parece evidente que a composición daquela dificilmente pode vencellarse de xeito directo e en primeira instancia á posta en marcha deste. Será nese mes de maio de 1918 cando o boletín *A Nosa Terra* anuncie:

A Irmandade da Fala da Cruña ten mentes d'estrenare axiña a comedia do gran poeta Ramón Cabanillas, nomeada *Man de Santiña* [sic]. Pensa tamén dare a conecer o teatro portugués contemporáneo. E ven traducind'o galego, logo de feita unha refundición comenente, da xenial obra de Shakespeare, nunca representada nos teatros d'España, *As alegres comadres de Windsor*¹¹⁴.

O texto que acabamos de citar permite especular coa idea de que a peza con que o “Conservatorio” tiña previsto inicialmente efectuar a súa presentación en público fose a versión da peza de Shakespeare *As alegres comadres de Windsor*, traducida para galego polo propio Antón Villar Ponte co título de *Xan entre elas*. Probabelmente, aos promotores do “Conservatorio”, con Antón á cabeza, debeulles de parecer nun momento dado máis interesante, oportuno e talvez emblemático estrear unha peza galega orixinal e de autor “consagrado”, de prestixio indiscutíbel nese instante, que non unha versión traducida dunha peza “menor” dun clásico estranxeiro. Dito sexa coloquialmente, a Irmandade coruñesa tratou de aproveitar o “tirón” de Cabanillas na presentación da súa nova entidade e de aí, con toda a certeza, a escolla de *A man de Santiña* como texto “fundacional”¹¹⁵.

¹¹⁴Cf. *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 56, 30.5.1918.

¹¹⁵Tato Fontaíña, en liña semellante, ten afirmado que a citada escolla “garantía a importancia da obra, evitaba posibles susceptibilidades entre os dramaturgos en activo e facilitaba a boa acollida por parte da prensa” (Vide TATO FONTAÍÑA, L.: “Introdución”, in QUINTANILLA, X.: *Donosiña*, Universidade da Coruña, Biblioteca Arquivo Teatral “Francisco Pillado”, A Coruña, 1997, p. 17).

Ademais, a revista *Vida Gallega* publica no día primeiro de maio de 1918 unha entrevista-reportaxe co poeta cambadés e nela alúdese á peza *A man de Santiña* como obra acabada, só pendente do pulido final. A vulgar polo resumo e os comentarios que Jaime Solá, director da mentada revista, ofrece aos seus lectores sobre o argumento da obra, semella que están totalmente ausentes nela, nesta altura do seu proceso compositivo, as notas reivindicativas e patrióticas que finalmente aparecerán na versión definitiva postas en boca do fidalgo Don Salvador de Arenteiro. Aínda que a citación sexa longa, paga a pena reproducir o fragmento desa entrevista-reportaxe de Solá co poeta cambadés en que se fai concreta referencia á peza *A man de Santiña*:

La comedia de Cabanillas.- Cabanillas ha escrito una comedia. ¿Es posible que un poeta lírico, todo exaltación, escriba una comedia, toda tranquilidad? Es un hecho, más que una posibilidad. Y esta comedia ha sido escrita en prosa. Y el poeta de las reivindicaciones dejó de segar cabezas por esta vez para hacer obra constructiva. De su comedia sale la santificación de unos amores. Quien casa, construye.

Cabanillas escribió su comedia sin tesis regional. Hizo bien. Ya hemos abusado de las tesis. Esto estuvo en su lugar en los comienzos de la literatura galleguista. Entonces todos nos creímos obligados á plasmar en nuestros libros los anhelos que estaban en suspensión en el ambiente. Y como el ambiente había llegado á la saturación regionalista, nosotros llegamos á la saturación en galleguismo.

Cabanillas hace feminismo [sic]. Tanto monta tejer un argumento alrededor de un tipo de mujer. Esta se llama Fuensantiña. Es un capullo. Y en ella se funden las agudezas de nuestra hembra imponderable y los candores de los primeros años juveniles: “Santiña” es avispada y astuta é intrigante y buena porque sí: porque así es, generalmente, la mujer gallega.

En un hogar hidalgo de la aldea, en pleno agro, vive “Santiña” con los suyos. Surgen alrededor unos amores; amores que empezaron en la infancia y resistieron victoriosos la dura prueba de la ausencia. Pero una aprensión enturbia la dicha de los novios.

Ella es la sobrina del padre de “Santiña”. Él es un joven del lugar, que ahora retorna después de unos años en América. Ignorados sus amores, pudo D. Salvador -el padre de Santiña- poner sus ojos en

su sobrina, educadora de sus hijas. ¿Quién vencería esta inclinación, si fuese cierta?

“Santiña” va poniendo su mano, llena de dulzura, sobre el corazón de cuantos la rodean. Ingeniosamente provoca situaciones que aclaran el horizonte, turbio á veces. Y sin esfuerzos, sin violencias, sin que nadie se dé cuenta de cómo en el tranquilo pazo de “Santiña” los hechos se suceden, D. Salvador reconoce que no ama á su sobrina y ésta logra la aprobación de sus amores.

Mano de santa fué, para el triunfo del idilio, la intervención, llena de donosuras, de Fuensanta. Por eso la comedia se titula “Man de Santiña”.

Tiene dos actos esta obra y toda su tesis es ésta: mostrarnos cómo es, ingenuamente astuta, dulce y traviesa porque sí, la mujer que cría este país.

Plausible propósito el que tuvo al escribir su comedia nuestro “poeta de la raza”. Estábamos cansados de ver á nuestros bardos tremolar la tea apocalíptica anunciando incendios cuyas llamas jamás alumbraron, hogaño, el cielo de Galicia. Esto es más práctico. Esto es edificar; como he dicho antes: obra sinceramente constructiva.

La comedia está terminada, pero no está puesta en limpio todavía. Cabanillas ha empezado á hacerlo. Y puede tardar mucho, porque es medio musulmán. Lo hará bien; con buena letra de una máquina lubricada seriamente, en grandes cuartillas impecables; cuidando el estilo; puliendo mucho; respetando la llamarada del momento de genio pasional pero metiéndola en el mechero de las quintas esencias de la forma.

No es gongorino Cabanillas, sino, por el contrario, la extrema sencillez. Pero su literatura es impecable. Sobre ella actúa el cincel hasta dejarla inmaculada. Y solo así -salvo raras excepciones- es cómo se puede hacer obras inmortales¹¹⁶.

Como pode comprobarse na anterior citación, parece claro que en maio de 1918 *A man de Santiña* é, a ollos dun intelectual profundamente antinacionalista como era Jaime Solá, unha farsada “toda tranquilidad”, “constructiva” e carente de “tesis regional”... Daquela, cando e por que introduciu Cabanillas algúns parágrafos e diálogos en que algunhas das teses políticas das Irmandades se fan absolutamente explícitas?

¹¹⁶Cf. SOLÁ, J.: “El poeta Cabanillas á través del Valle de Salceda”, *Vida Gallega*, Vigo, nº 106, 1.5.1918.

En xaneiro de 1919, aparecen en *A Nosa Terra* varias mencións á peza cabaliniana que colisionan con algúns dos datos que fomos expondo nas liñas precedentes:

A man de Santiña.- Con este nome rematou Ramón Cabanillas unha obra do teatro galego, en galego, que il chama farsada en dous pasos. Ista farsada nos foi remitida a nós pol-o autore genial de *Vento Mareiro*, e nas nosas maus está.

A man de Santiña, cuio original único poseemos, inda que feita de presa por Cabanillas, é com'a primeira pedra d'un género teatral moderno que moito convén enxergar na nosa lingua¹¹⁷.

O anónimo articulista alude aquí a unha presunta confección “de presa” da obra, mais sabemos xa que no verán de 1917 aparece citada entre as obras do autor na lapela de *Da terra asoballada* e que en maio de 1918 se dá en *Vida Gallega* como obra rematada, só pendente de retoques finais. Tamén resulta un tanto paradoxal que se fale no mentado artigo do “remate” da peza como cousa recente e da remisión do “único orixinal” cando, como acabamos de citar, o propio boletín das Irmandades aludira en maio de 1918, un semestre antes, á intención de encenar “axiña” a peza de Cabanillas... Ese intervalo temporal existente entre maio de 1918 e xaneiro de 1919, serviría para que se levase a cabo un hipotético proceso de revisión e/ou suxestión de acrecentamentos ao texto orixinario de Cabanillas por parte de Antón Villar Ponte?

Á vista dos datos e consideracións que estamos expondo, cremos honestamente que non é descabelado formular a posibilidade de que Cabanillas tivese escrito a peza por un impulso propio, tomando pé na realidade do Salnés que tan ben coñecía (a obra transcorre nun pazo situado nun val veciño dunha “viliña humilde, de por medias mariñeira e labradora, e fronteiro das ágoas dunha ría que bican os seus lindeiros”, definición que encaixa co Cambados natal do autor) e cun enfoque en que estaba ausente inicialmente todo

¹¹⁷Cf. “Nosos poetas e a prosa. Unha obra teatral de Cabanillas”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 77, 6.1.1.1919.

pendor proselitista¹¹⁸ e que, con posterioridade, Antón Villar Ponte lle tivese suxerido a inclusión de determinadas ideas e/ou parlamentos para aproveitar a súa encenación por parte do “Conservatorio” como un acto máis de propaganda, explícita e implícita ao mesmo tempo, do idioma galego e da ideoloxía defendida polas Irmandades.

Referímonos, por exemplo, ao diálogo que sosteñen os personaxes de D. Salvador e do Alcalde no Paso Segundo da peza, pois as intervencións do fidalgo no mesmo resumen á perfección algúns dos ideoloxemas que defendían e definían as Irmandades nesa altura: a crítica aos políticos e deputados *cuneros*¹¹⁹; a reivindicación da valía e fremosura da lingua¹²⁰; a defensa do nacionalismo das Irmandades perante os partidarios do *regionalismo sano y bien entendido*¹²¹; a postulación da necesidade dunha nova fidalguía, baseada no espírito, como clase directora do país; etc. Non é gratuíta a inclusión destes contidos na peza caballiniana se temos en conta a especial conxuntura que atravesaban as Irmandades durante ese ano de 1918.

¹¹⁸ É moi significativo, neste sentido, que autores como Leandro Carré fixesen notar, algún tempo despois da estrea da peza que nos ocupa, a superficialidade do seu tema principal: “Lástima que un linguaxe tan poético, tan belo, non dé relevo a unha acción máis emocionante. Un anaquiño que afondase a pasión, o drama que se inicia, e a comedia de Cabanillas ocuparía o máis alto lugar na Dramática galega” (Cf. CARRÉ, L.: “A moderna orientación do Teatro Galego”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº , 184, 1.5.1923).

¹¹⁹ Indica Don Salvador, a este respecto, despois de coñecer por boca do Alcalde a identidade do candidato *cunero* polo distrito: “¡Pero, home! ¿vostede non ve que eso é xudiar con nós? ¡Un castelán! ¿Que demos vai a saber das nosas cousas galegas ese Conde das Torres Altas por moi altas que seian as torres e moi entendido que vostede mo faga? [...] Nin o Conde das Torres Altas nin vostede nin o seu xefe poden contar connigo, nin cos que se guíen por min, pra semellante trapallada. Nós e a nosa terra percisamos homes entendidos e honrados, e máis que entendidos e tanto como honrados, homes galegos. E conte que para ser galego non abonda que se haxa tido berce na Galicia: fai falla máis. ¡Enténdame ben! ¡Fai falla estar namorado da terra, defende-los seus dereitos, procurar a súa mellora, non avergoñarse da súa fala, afondar nas mágoas de que se doí e buscarlles remedio! ¡Querela, meu Alcalde! ¡Levala no corazón con toda a reverencia de que ela é merecente!” (Citado por CABANILLAS, R.: *Obra dramática*, Ed. Xerais, Vigo, 1996, edición de Bernárdez, Carlos L. e Vieites, Manuel F., p. 96).

¹²⁰ O propio Cabanillas, na “Autocrítica” que incluíu á fronte da súa peza, indicou que un dos obxectivos da mesma era precisamente mostrar “canto ten de suave, maina, garimosa e aloumiñadora, en beizos de muller, a fala meiga da nosa Patria” (Citado por CABANILLAS, R.: *Obra dramática*, op. cit., p. 77).

¹²¹ Sobre estes “regionalistas” comenta Don Salvador: “¡Ben os conezo! ¡Son os dos xogos froares! Son os que andan por eí diante, de vinte anos á data, falando da Galicia meiga, da nosa terríña, da rula viúda, da pequena patria, como eles din; son os que andan agora predicando un rexionalismo feito onto á noite que lles sirva de tapadeira das vergoñas pasadas. ¡Conézoos como si os parira! ¡Sonlle os que dimpois que fan a súa i atrapan a credencial chegan ós Madriles e cóllense do brazo dos Condes de Torres Altas pra ver si se lles pega un anaquiño de ceceo e perden o deixo galego!” (Citado por CABANILLAS, R.: *Obra dramática*, op. cit., p. 97).

Con efecto, en febreiro dese ano colleitan un rotundo fracaso nas eleccións lexislativas a pesar da súa coaligación coa “Lliga” de Cambó. Ningún dos candidatos propostos pola entidade galeguista (Porteiro Garea en Celanova; Rodrigo Sanz en Pontedeume; Losada Diéguez na Estrada; Antón Valcárcel na Coruña; ...) obtén escano, o que deixa na práctica a representación parlamentar dos distritos galegos para os partidos do turno e, nomeadamente, en mans de políticos *cuneros*. A inclusión de alusións críticas a estes en *A man de Santiña* cobra así todo o seu sentido e oportunidade...

O mesmo cabe dicir a respecto das mencións críticas cos “rexionalistas” que fai o personaxe de Don Salvador. A reflexión após os decepcionantes resultados electorais conduciu ás Irmandades á ruptura con Cambó e a un debate interno que enfrentou a “nacionalistas” e “rexionalistas”. Ese debate desembocou, finalmente, no abandono da entidade por parte dos segundos (Rodrigo Sanz, Aurelio Ribalta, Antón Valcárcel...), en abril de 1918, e na celebración en novembro, na cidade das murallas, da “Iª Asemblea Nazionalista”. O propio Antón Villar Ponte viviría todo este traumático proceso en primeira liña, dada a súa condición de director fáctico, entre febreiro e xuño de 1918, do diario *El Noroeste*, adquirido coa axuda financeira catalá e administrado por caracterizados elementos do sector “rexionalista”.

Por outra banda, que o personaxe de D. Salvador faga referencia á organización de “Xogos Florais” como principal manifestación da política trabucada ou timorata dos “rexionalistas” remite, desde logo, para a polémica que axita a Irmandade herculina en agosto de 1918, a través do boletín *A Nosa Terra*, contra o certame literario da súa homónima betanceira, por redixir as súas bases en español e por contribuír a unha manobra política “para conquiremento d’ unha acta electoral... rexionalista, garciprietista, figueroista e aínda mais, tomando por mingo o galeguismo”¹²².

Así pois, o percorrido táctico e ideolóxico das Irmandades da Fala durante 1918 era o suficientemente convulso como para que

¹²² Cf. “Os Xogos, xogos son”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 64, 20.8.1918.

Cabanillas e Villar Ponte considerasen que non debían “desaproveitar” a oportunidade de fixar posicionamentos e de espallar mensaxes. E nesta perspectiva enténdese que a farsada concibida inicialmente por Cabanillas sen “tese”, ou en todo o caso coa única tese da dignidade, fremosura e valía do idioma galego en boca de personaxes de condición social elevada, se transformase por influxo de Antón Villar Ponte, cando menos nalgúns dos seus diálogos, nun texto claramente “propagandístico” dalgunhas das ideas e valorizacións do sector nacionalista das Irmandades, en que ambos autores se encadraban.

Mais se, como defendemos, Ramón Cabanillas compuxo inicialmente a peza *A man de Santiña motu proprio* e sen ningunha intervención villar-pontina, cal puido ser o seu impulso prístino? Cal a súa fonte primixenia de inspiración?

Non se ten dado aínda, coidamos, unha explicación suficientemente convincente ao xiro ideolóxico que se produce no pensamento de Cabanillas, que *A man de Santiña* testemuña como ningunha outra obra, no tocante ao retrato e función social da fidalguía galega. O noutro frustrigador dos galos negros, festexador dos lumes nos pazos señoriais e entusiasta defensor da aldea que traballa redixe agora unha peza de ambiente fidalgo en que todas as persoas desa condición social aparecen retratadas coa maior das positividadeas... Tense aludido en múltiples ocasións ao desexo do autor de presentar na súa obra a lingua galega en labios de personaxes de condición social elevada como estratexia para a dignificación do idioma, en concordancia co pensamento das Irmandades da Fala. Non nos cabe a menor dúbida de que así foi, mais, en calquera caso, por que en boca de fidalgos e non de burgueses da clase media urbana, como postulaban coetaneamente outros autores teatrais das Irmandades, como Leandro Carré?. Se urbano e burgués ía ser o público herculino que ía contemplar en primeira instancia a peza no escenario, por que este recurso ao protagonismo da fidalguía de pazos brasonados?¹²³.

¹²³ Un interrogante semellante ao noso xa foi colocado no seu día por MILLÁN OTERO no traballo “Sobre o itinerario poético. A paixón pasiva”, en VV. AA.: *Ramón Cabanillas. Camiño adiante*, Ed. A Nosa Terra, Col. A Nosa Cultura-Extra nº 10, Vigo, 1989, p. 16, para concluír que se trataba dunha

Coidamos que alén da evidente sintonía que establece nesta época Ramón Cabanillas co pensamento dos homes do grupo “Nós”, un elemento clave a ter en consideración para explicar ese xiro ideolóxico a que aludimos e ese protagonismo da fidalguía na peza *A man de Santiña* é a magnífica relación persoal que mantén o noso poeta cunha destacada personalidade da política oficial do momento como era o Marqués de Figueroa (Xoán Bautista Armada Losada, 1861-1932), vencellado por familia ás terras e ao pazo cambadés de Fefiñáns.

Con efecto, xa polo tempo en que Cabanillas animara en Cambados o xornal *El Umia*, este inserira no seu segundo número, correspondente ao 5 de febreiro de 1907, esta expresiva nota:

El Marqués de Figueroa.

En este pueblo, que visita todos los veranos y donde cuenta con muchos amigos particulares, ha producido gratísima impresión su nombramiento para desempeñar el Ministerio de Gracia y Justicia.

La redacción de EL UMIA le felicita respetuosamente, y conoedora de que en sus viajes á la Toja ha palpado las dificultades para el embarque en las últimas temporadas de baños, espera y le ruega coopere á la urgente terminación de nuestro muelle¹²⁴.

Así mesmo, pouco diverxe o retrato moral de D. Salvador de Arenteiro, protagonista de *A man de Santiña*, co que Cabanillas estampa nas páxinas de *A Nosa Terra* en 1917 ao se referir ao volume do Marqués de Figueroa intitulado *Del solar galaico*:

Todo bondade e xentileza por caste e natural condición, que é moito, e por forza de reuto pensamento, que é máis, este noso Marqués de Figueroa de falas sinxelas de neno, de verbas levantadas

escolla motivada, en derradeira instancia, polo madurecemento do pensamento nacionalista do autor, en liña coas formulacións de Otero Pedraio, Risco e Castelao. Millán Otero interpretaba aquí, ademais, que o personaxe de Don Salvador era “trasunto en múltiples aspectos do propio Cabanillas”, afirmación con que só parcialmente ficamos conformes.

¹²⁴ Cf. “Ecos Locales”, *El Umia*, Cambados, nº 2, 5.2.1907. Citado por REI NÚÑEZ, L. & CAMBA, X.: (Eds.): ‘*El Umia*’. ‘*El Cometa*’. *Ramón Cabanillas, xornalista cambadés*, Concello de Cambados, 2001. Edición facsimilar, p. 29.

de poeta e de agudos i axustados ditos de vello petrucio, é, polas catro bandas, un galego feito de carne do corazón [...]

Afeito á vida nobre e repousada dos pazos, sabe tamén como se tece a das chouzas; escoitou as conversas, cando doídas, cando retranqueiras, dos caseiros queixosos da anada i os levadores no agro, pleiteantes por dereito de rega; platicou, paroleiro, ó longo das fondas corredoiras e das veredas reiales, con feirantes e carreteiros; [...] foi romeiro [...], disputou cos vellos abades [...]¹²⁵.

Da mesma maneira, certos parlamentos do personaxe D. Salvador co Alcalde en *A man de Santiña* fan pensar inmediatamente nunha referencia encuberta ao Marqués de Figueroa, concretamente ao seu apelido:

DON SALVADOR.- [...] Xa sabe, nada de Condes andaluces, nin casteláns nin vizcaínos...! A ver si atopa por ehí, que haber hainos, un Fungueiriño, un Carrasqueira, un Pedreiro... Eísi, un nome que cheire a caldo de pote i a leite en cunca, i entón... falaremos!

Da intensa amizade que se profesaban Cabanillas e o Marqués de Figueroa no momento en que as Irmandades da Fala comezaron a eclosionar polo país adiante dá conta unha alusión á mesma debida probabelmente á pluma de Antón Villar Ponte nun artigo que aparece en *La Voz de Galicia* o 2 de xullo de 1916. Con efecto, dando conta da presenza do poeta cambadés na Coruña para presidir a excursión a Elviña que serviría para presentar publicamente a nova entidade, o articulista indica:

Nuestros lectores conocen ya algo de la genial inspiración de Cabanillas. Mas para poderse dar exacta cuenta del positivo valor de este poeta - que por mediación del entusiasta gallego Marqués de Figueroa fué conocido en sus obras por D. Antonio Maura, quien las elogió con entusiasmo - es preciso haber leído íntegros *No Desterro y Vento Mareiro*¹²⁶.

¹²⁵ Cf. "Follas Novas", *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 24, 10.7.1917.

¹²⁶ Cf. "Ramón Cabanillas", *La Voz de Galicia*, A Coruña, 2.7.1916.

A boa relación de Cabanillas co Marqués de Figueroa non só se deu nos tempos previos á estrea de *A man de Santiña*. Posteriormente foi o Marqués, non por casualidade, unha das primeiras personalidades que se apresurou a felicitar a Cabanillas polo éxito da súa peza¹²⁷. Colaborou ademais co boletín *Nós* en diversas ocasións¹²⁸ e asistiu *ex professo* á cerimonia de ingreso de Cabanillas na Academia Galega celebrada en Mondariz o 30 de agosto de 1920, sendo o encargado de presidir a sesión e de lle impoñer a medalla ao novo numerario¹²⁹. O Marqués fixo parte, así mesmo, da listaxe de patrocinadores da revista infantil *As roladas*, editada por Cabanillas en Madrid en maio de 1922. Tamén non é casual que fose o autor do volume *Del solar galai-co* quen promovese a candidatura de Cabanillas como numerario da Real Academia de la Lengua Española e quen respondese en 1929 o discurso de ingreso do poeta na mesma¹³⁰.

Pola súa vez, tamén Antón Villar Ponte deixou algún testemuño escrito da positiva consideración que lle merecía o Marqués de Figueroa. Cando este ditou unha conferencia en novembro de 1923 na “Reunión de Artesáns” herculina, o de Viveiro definiuno como “político del viejo régimen que es uno de los pocos políticos gallegos cultos y de vena *enxebre*” e entendeu que moitas das aseveracións do orador ao longo da súa peroración constituían un indiscutíbel convite deste persoeiro a secundar a liña política da ING risquiiana, isto é, a

imitar a la minoría de gallegos inteligentes y patriotas, de todos conocida, que entiende que ni partidos ni colectividades harán

¹²⁷ Cf. *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 87, 25.4.1919.

¹²⁸ Concretamente cos textos intitulados “¿Fada ou quimeira? ¿Vixilia ou sono?” (*Nós*, Ourense, nº 3, 30.12.1920); “Falares miñotos” (*Nós*, Ourense, nº 21, 15.9.1925) e mais “Poesía” (*Nós*, Ourense, nº 31, 25.7.1926).

¹²⁹ Cf. “Real Academia Gallega. Recepción de Ramón Cabanillas. Las solemnidades de Mondariz”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 1.9.1920.

¹³⁰ Pouco despois de que Cabanillas recibise en 1927 a súa designación como académico, o diario coruñés *La Voz de Galicia* anotaba: “En breve, cuando el marqués de Figueroa venga, como todos los veranos, a reposar unos días en su posesión de las Torres, Cabanillas pasará unos días con el ilustre autor de *Gondar y Forteza*, su mentor en andanzas académicas, que será probablemente quien contestará al discurso del poeta” (Cf. “Cabanillas en la Academia”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 27.7.1927).

nada por la tierra si no laboran de modo previo e intenso por la creación de una conciencia regional colectiva, a base de serios alardes de cultura de los que surgirá fecunda la necesaria emoción histórica salvadora¹³¹.

De igual xeito, en 1928 o xornalista viveirés recensionará positivamente na súa sección “Galerías” o volume *Libro de cantigas: En terras galaico-lusitanas*, cualificándoa como obra de “un fino erudito y un agudo pensador”, a quen deberían imitar “en la devoción a Galicia y en el estudio de sus problemas los aristócratas y políticos que son nuestros conterráneos”¹³². Finalmente, cando se produza o óbito do Marqués, en novembro de 1932, Villar Ponte escribirá na súa sección “Exemplos” de *El Pueblo gallego* unhas liñas de pesar en que o define como “prócer enxebre” e como “galego representativo”, salientando ademais a sinceridade do seu rexionalismo e o seu cultivo e amor pola lingua:

Tiña fonda devoción pol-a fala galega na que s’espresaba a cotío e na que deixa escritos numerosos poemas. Foi un dos catro políticos de prestixio dos derradeiros tempos que non sentiron desdén pol-a lingua vernácula. Desde este punto de vista merece un posto d’honor cabo de Montero Ríos, de Leonardo Rodríguez e de Portela Valladares¹³³.

A pesar de ser o pensamento do viveirés “tan oposto n’outros respectos ô do culto aristócrata galego”, segundo as súas propias palabras, non deixará aquel de lembrar a valente afirmación do dereito de Galiza á súa autonomía política realizada polo autor de *Del solar galaico* desde a tribuna da “Reunión de Artesáns” coruñesa, nos primeiros compases da ditadura primo-riverista.

¹³¹ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Nuestros articulistas. El Marqués de Figueroa y la personalidad de Galicia”, *Galicia*, Vigo, nº 413, 28.11.1923.

¹³² Cf. VILLAR PONTE, A.: “Galerías. Un libro auroral y otro crepuscular”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.379, 21.7.1928.

¹³³ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Exemplos. Un aristócrata enxebre”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 2.706, 26.11.1932.

Podemos concluir, pois, que na escrita primixenia de *A man de Santiña* hai unha evidente intención caballiniana de agasallar e homenaxear a figura do seu amigo o Marqués de Figueroa. Mais a peza encerra moito máis que un retrato deseñado en termos moi positivos dun fidalgo galego chamado Don Salvador, trasunto do citado Marqués.

Hai nela, con efecto, algunhas anécdotas biográficas do propio Cabanillas postas en boca do personaxe Don Pedro¹³⁴ ou trasantadas no personaxe de Ricardo, un garrido mozo que “unque vén de América non di *che nin macanas*”¹³⁵. E aparece, ademais, unha figura que ostenta o protagonismo principal e que pode tamén axudar a botar luz sobre a xénese e motivacións da peza: a moza de catorce anos de idade e orixe fidalga “Santiña” (diminutivo de Fuensanta). Que persoa de carne e oso, coñecida de Cabanillas, puido servir de modelo directo de inspiración para o deseño dese personaxe central da peza que nos ocupa?

Aínda que é difícil asegurar categoricamente nada ao respecto, queremos colocar aquí a hipótese de que esa rapariga de orixes fidalgas e múltiples virtudes espirituais retratada por Ramón Cabanillas en *A man de Santiña* non fose senón trasunto de Julia Becerra Malvar (1892-1974). Filla de Manuel Becerra, alcalde monárquico pontevedrés en 1905-1906, e esposa do conde de Creixell, o valenciano Vicente Sagarriga, Julia Becerra mantivo unha intensa amizade con Cabanillas ao longo de toda a súa vida. O poeta frecuentou o seu trato no Pazo de Barrantes (Ribadumia), probábel referente do “Casal de Riosagro” en que transcorre *A man de Santiña* e lugar que había acoller en 1930, xa na “Dictablanda”, unha importante reunión de elementos antidinásticos entre os que figuraría o autor de *No desterro*. Cabanillas participou con Julia

¹³⁴ No Paso Primeiro de *A man de Santiña*, o personaxe Don Pedro fai unha evocación dun amor de infancia que remite inevitabelmente para o poema cabanilliano “Amor de neno”, incluído en *No Desterro*.

¹³⁵ Lémbrese que pouco tempo despois Villar Ponte compoñería a súa peza *Almas mortas* (Ed. Céltiga, Ferrol, 1922), en que retrata de maneira crítica a figura-tipo do emigrante galego enriquecido e destacado que regresa á Terra.

Becerra, ademais, do trato de persoeiros como o político maurista Sánchez Guerra, o Marqués de Figueroa ou o catalanista Francesc Cambó. Do relacionamento de Cabanillas co casal dos Creixell dá conta, así mesmo, o feito de que chegase a traballar como secretario persoal do conde cando este exerceu como gobernador de Segovia, durante un dos gobernos do citado Sánchez Guerra, nos meses previos á instauración da ditadura primo-riverista.

Nun rascaño de autocritica que Cabanillas enviou ao diario *La Voz de Galicia* polos días en que a súa peza *A man de Santiña* ía ser estreada polo “Conservatorio” da Irmandade da Fala coruñesa, logo reproducido a xeito de limiar na primeira edición da peza, o poeta cambadés confesaba da seguinte maneira a existencia desa rapariga que dera pé á confección do personaxe feminino que nos ocupa:

A farsada quere ser un anaco de vida que topéi ô pé da porta.
Santiña vive, e Dios daralle, para ben de todos ôs que nos enche de rayolas de sol de primavera, moitos anos de vida dóce e axeitada.
Santiña ten un libriño de tapas de carey e broche de prata que leva a misa os días de festa e no que reza, ô saltar do leite, de xoennlos, diante de unha Nosa Señora de talla fina, as oracións da mañán.
Marca da folla na que escomenzan as pregarías mañaneiras é un papeliño no que unha man que acariñóuna de pequena e un corazón que adóuraa como filla esquirbiron, outrora, estas liñas de benquerer:

*Non pido que seias santa;
chégame que seias boa:
aguda que firas, non;
e menos, mosquiña-morta.*

*Ós probes, pan e quentura;
ós nenos, bicos e rosas,
ós vellos, brazo e consolo;
a todos, alma ridora.*

*Eirexa, toda a que queiras
sin esquencer que na chouza
hai que vixial-a cociña
e que remendal-a roupa.*

*Música e canto, un pouquiño
é condición que namora
e compre ser cantareira
sin chegar a cantadora.*

*Amores, pra unha mociña
son o choyo de mais conta:
¡alma! ¡vida! ¡corazón!
... o demais é pouca cousa.*

*Non é perciso ser santa:
¡que seias galega abonda!*

Santiña lémbrese total-as mañáns das verbas copleiras e a elas axusta os seus días de virxe san e xeitosa¹³⁶.

A expresión “ao pé da porta” que emprega aquí Cabanillas debe facer referencia, entendemos, á proximidade entre Cambados e Barrantes (Ribadumia). A condición fidalga e economicamente acomodada da moza, correspondente á que gozou Julia Becerra, ponse de manifesto, evidentemente, no luxo que a rodea: ten un breviario de misa con tapas de carei e broche de prata, no seu cuarto hai unha figura da Virxe de “talla fina”, etc. Por último, non parecen senón do propio Cabanillas os versos que unha man “que acariñouna de pequena” escribiu para ela, ofrecéndolle un programa educativo e un compendio de valores morais a profesar claramente marcados por unha concepción tradicionalista e relixiosa da vida. Programa e compendio que *mutatis mutandi*, sen irmos máis lonxe, reaparecerán nos sonetos que compoñen o poema caballiniano “Sono dourado”.

* * *

Así pois, coidamos, en síntese, que a elaboración da peza *A man de Santiña* respondeu, á partida, á propia iniciativa de Ramón Cabanillas, quen a deseñou xa en 1917, polo tempo en que preparaba a edición dunhas finalmente frustradas “Obras Completas” no

¹³⁶ Cf. “La solemnidad literaria de hoy, *A man de Santiña*”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 22.4.1919.

prelo do diario arousán *Galicia Nueva*. Ambientouna na súa bisbarra natal do Salnés, inspirándose para os personaxes principais nas figuras de Julia Becerra Malvar e Xoán Armada Losada (Marqués de Figueroa) e non inseriu nela, inicialmente, parágrafos proselitistas explícitos de ningunha caste, se ben non cabe dúbida da súa intencionalidade dignificadora da lingua.

Só máis tarde, a partir de maio de 1918, cando se pon en marcha a idea dun “Conservatorio” na Irmandade coruñesa e o conxunto do movemento galeguista está a atravesar toda unha serie de axitadas continxencias (fracaso nas eleccións legislativas de febreiro, en coaligación con Cambó; escisión do sector “rexionalista” en abril, liderado por Rodrigo Sanz; celebración da I Asemblea Nacionalista na cidade de Lugo en novembro...) Antón Villar Ponte intervén para que o de Cambados remate definitivamente a súa peza, para que lla ceda á mentada entidade teatral e, moi probabelmente, para que introduza algúns parlamentos que vehiculicen explicitamente algunhas das mensaxes emblemáticas das Irmandades nesa altura.

O importante é, aos efectos do noso traballo, que desta experiencia de “colaboración” entre Cabanillas e Villar Ponte, todo o *sui generis* que se quixer, nacerá precisamente a decisión de ambos de afrontaren conxuntamente a confección de *O Mariscal*.

1.3.2. RECEPCIÓN E FORTUNA DE *A MAN DE SANTIÑA*

Sexa como for a cuestión que estivemos debullando nas liñas precedentes, o certo é que Antón Villar Ponte se erixiu nos instantes previos á estrea de *A man de Santiña* como un dos grandes panexiristas e divulgadores dos méritos da peza de Cabanillas, que marcou ao seu ver “una etapa nueva y una nueva orientación en el aún naciente teatro gallego”, por canto conseguiu elevar o galego en escena á categoría de “idioma rico, bello y flexible”¹³⁷. Para arroupar a estrea desta primeira peza teatral por parte do “Conservatorio”,

¹³⁷ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Antes que llegue la hora del estreno... La primera obra teatral de Cabanillas”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 13.4.1919.

que tivo finalmente lugar no “Pabellón Lino” o 22 de abril de 1919, en dúas sesións consecutivas¹³⁸, as páxinas de *A Nosa Terra*, baixo a dirección do xornalista viveirés, acolleron varios artigos.

En xaneiro do citado ano, os lectores do boletín eran advertidos, por exemplo, de que a peza caballiniana significaría unha “primeira pedra d’un género teatral moderno que moito convén enxergar na nosa lingua” e de que marcaría un “camiño luminoso a seguirmos para ter un teatro novecentista”¹³⁹. Nese mesmo artigo analizábase nos seguintes termos a novidade que *A man de Santiña* traía á escena galega do punto de vista do tratamento e consideración da lingua:

A nosa lingua, até agora, no teatro, non se tiña empregado senon en senso d’antiguidade, facéndoa expresadora de temas históricos, e en senso actual ageitada ao rusticismo. Dramas e comedias aldeans, tragedias do pasado [...]

Ramón Cabanillas ofércenos agora a súa farsada en dous pasos, escrita nunha prosa cheia de belezas nas que o geito clásico castelán d’acotare por esceas non existe, como non existe, endeben, en moitas obras portuguesas. E isa farsada, ond’a sinxeleza, a poesía, o bó gusto e o espírito señorial camiñan axuntados, ten que facer imitadores.

A man de Santiña é un juguete acugulado de delicadezas e de maiños e mornos sentimentos, onde fica redimido o noso idioma pol-a modernidade da fábula. É camiño lumioso a seguirmos para ter un teatro novecentista, pois de geito oitocentista e partidista son coase total-as escasas produciós feitas até a data [...].

A man de Santiña, con todo, e unha linda obra galega, pol-a forma e pol-o fondo. Unha obra que conquistaría bó éxito en calquera centro elegante. Obra que demostra como o galego sirve millor que para porcadadas e cousas rústicas, para cousas finas, delicadas e belas¹⁴⁰.

¹³⁸ A primeira ás 19.00 h. e a segunda ás 22.00 h., respectivamente. O prezo das localidades foi o mesmo para ambas sesións: dúas pesetas a butaca e 60 céntimos a entrada xeral (Cf. “La obra de Cabanillas. *Man de Santiña* [sic]”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 20.4.1919).

¹³⁹ Cf. “Nosos poetas e a prosa. Unha obra teatral de Cabanillas”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 77, 6.1.1919.

¹⁴⁰ *Ibidem*.

A mediados de marzo anunciábase no mesmo xornal a fin dos ensaios previos da obra, coa dirección de Fernando Osorio, e a preparación por parte do pintor Camilo Díaz Baliño dos decorados para a encenación¹⁴¹. Días antes da estrea, dábase conta dos derradeiros preparativos e anunciábase a presenza no solemne acto do propio Cabanillas, doutros vultos das Irmandades (Castelao, Taibo, López Abente...) e dalgúns intelectuais como Rey Soto e Fernández Mato¹⁴².

Rompendo provisoriamente o seu afastamento dun xornal a cuxa redacción pertencera desde abril de 1912 até xaneiro de 1918 e que abandonara por desavinzas ideolóxicas e profesionais, Antón Villar Ponte publicou con motivo da estrea de *A man de Santiña* un artigo en *La Voz de Galicia* en que sinalaba, na mesma liña que a exposta polos artigos anónimos aparecidos no boletín das Irmandades:

A man de Santiña, marca una etapa nueva y una nueva orientación en el aun naciente teatro gallego. Es, por otra parte, la primera obra escénica de un poeta de renombre que ama a su tierra y al verbo natural de su tierra con amores de fanático. Todo esto, pues, debe tenerse en cuenta cuando llegue la hora del anhelado estreno.

Puede adelantarse, sin embargo, como dato satisfactorio y halagüeño que, Cabanillas, antes que otra cosa, en la *farsada en dos pasos* que escribió y desarrolló - felizmente a nuestro ver- ha pretendido elevar el gallego desde la condición dialectal en que lo postraron con mejor buena fe que acierto otros escritores, a la de idioma rico, bella [sic] y flexible, tan propio para expresar lo grave como para matizar lo dulce [...]

Se trata de una obra de transición, verdadero puente entre los tímidos y no siempre afortunados ensayos de teatro gallego habidos aquí y los que sobrevendrán ahora. Más allá de lo rústico puede triunfar la lengua [...] Así, al menos, intenta demostrarlo Ramón Cabanillas y ya por esto juzgaréis de su propósito transcendente¹⁴³.

¹⁴¹ Cf. "Acontecemento teatral. Estreno de *A man de Santiña*", *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 83, 15.3.1919. Sobre a traxectoria de Díaz Baliño como escenógrafo vide RUIBAL, Euloxio R.: *Xogo de máscaras. Escritos sobre teatro*. Eds. Espiral Maior, Col. Teatro, nº 2, A Coruña, 2003, pp. 9-17.

¹⁴² Cf. "Rexurdimento do teatro galego. A gran festa da próisima Pascua", *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 85-86, 15.4.1919.

¹⁴³ Cf. VILLAR PONTE, A.: "Antes que llegue la hora del estreno... La primera obra teatral de Cabanillas", *La Voz de Galicia*, A Coruña, 13.4.1919.

Ademais, o de Viveiro chamaba a atención dos lectores dunha maneira especial a respecto do propio contido desta peza á que se refire como “obra de patriotismo generoso y de belleza pura”, pois resultaba ben distinto ao que até entón adoitaba aparecer na dramaturxia galega:

A man de Santiña desarrollada en forma de comedia, tiene aquella condición esencial que pedía Goethe a los dramaturgos: la de apoyarse con un pie en la realidad y con otro en la fantasía. Aunque escrita en prosa, en una prosa elegante y ‘trabajada’, es obra de poeta y de altísimo poeta. Sobre el realismo de los personajes flota el nimbo áureo y azul de la poesía, continuamente. Y la comedia ‘farsada’ le llama el autor- se adentra por los campos del poema, del brazo invisible de la esfumación hermana del sueño para volver a hacer hincapié en el realismo más neto, cuando las situaciones teatrales lo requieren. Todo, por lo demás, resulta claro, cristalino y diáfano en *A man de Santiña* [...].

Ciertamente no es obra de cuyo fallo pueda responder la galería que ruge, se exalta y se pone en pie, con gesto energuménista, movida por el latiguillo que despierta el sensiblerismo; tampoco es obra cuyo juicio tenga que esperar el referendo de las élites ni de los ‘aristarcos’. No; es la obra que pueden comprender todos y que puede emocionar y aun deleitar a todos los que no crean que la truculencia efectista resulta el *non plus ultra* de los valores teatrales. Una obra que, diciéndolo de una vez, es capaz de ser saboreada por cuantas personas gusten de lo fino y exquisito.

En ella ni se ahorcan caciques, ni se habla de mujeres deshonradas ni de supersticiones y brujerías. En cambio, canta a las rosas de mayo -que en mayo y en el campo gallego se desenvuelve la acción-; se canta al amor primero y a los viejos amores marchitos y guardados en el corazón, como en un gentil devocionario de recuerdos; se canta a la Tierra, divinizando la Patria; se exalta el paisaje; se idealiza el nuevo señorío aldeano que trocó, sin renegar del rancio abolengo hidalgo, los hierros herrumbrosos de la lanza por los hierros brillantes del arado; se censura el abandono de los lares nativos por los que creen en la cólquida americana, y se define con verdadera objetividad parnasiana la nueva política regional...¹⁴⁴.

¹⁴⁴ *Ibidem*.

O propio Cabanillas, que estará ausente no día da estrea¹⁴⁵ a pesar dos insistentes requerimentos que lle fixeron os promotores do “Conservatorio”¹⁴⁶, confirmaría previamente en *La Voz de Galicia* as palabras ditas por Villar Ponte sobre a *intencionalidade* que albergaba do punto de vista lingüístico a peza: “Santiña e os seus falan galego. O que a leva ó taboado non pensou máis que en amosstrar como é de mol e milagreira a man das nosas mociñas, o tesouro de dozura que gardan no corazón e canto ten de soave, de garimosa, en beizos de muller a nosa fala meiga”¹⁴⁷.

O citado xornal, unha vez producida esa primeira encenación pública de *A man de Santiña*, ponderaría a delicadeza e a galanura da peza de Cabanillas, cualificándoa de “emocional canto a Galicia”, de “delicada comedia de amores, humana y bella” e de “comedia de plena exquisitez, de matices, de pensamentos geniales e ideas nobles”. A estes louvores engadiría unha definición da obra como “filigrana de forma, un modelo exquisito de prosa gallega, repujada y acariciadora”. Finalmente, poría en destaque e con especial simpatía a presunta falta de “tese” na peza:

Podrá, pues, no ser la obra de un dramaturgo ducho en los recursos escénicos, pero es, sin disputa, la obra de un poeta inspirado, que ama con arrobamiento a su país, que domina su idioma, que halla en él instrumento lo suficientemente adecuado para expresar todos los sentimientos y que, en suma, logra, sin lloriqueos ni

¹⁴⁵ Cabanillas pediría desculpas pola súa ausencia na estrea de *A man de Santiña* a toda a Irmandade coruñesa e aos actores e actrices do “Conservatorio” mediante carta a Antón Villar Ponte, que o viveirés reproduciría en *A Nosa Terra* (Cf. *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 87, 25.4.1919).

¹⁴⁶ En carta manuscrita sen data, que consultamos no Arquivo de Teresa Villar Chao, varios dirixentes da Irmandade herculina como Peña Novo, Ramón e Antón Villar Ponte, Fernando Osorio, así como a actriz que ía encarnar o papel de “Santiña”, Carme Meléndez, dirixíanse a Cabanillas nestes termos: “Querido poeta: Esta carta non ten outro ouxeto que decirche por derradeira vez que de ningunha maneira deixes d’estar na Cruña o martes 22, pra asistir ó estreno da tua obra. E perciso absolutamente perciso, compretamente necesario que veñas. É rogo, e desexo unánime de toda a xente da ‘Irmandade’. Non te esquezas d’animar a Castelao, pra que *compareza* tamén. Non che pesará vir inda que fagas ó maior sacrificio. Apertas de todol-os irmáns e miña unha muy forte que se trocará en xusta xentreira si faltas á tua palabra de vir”.

¹⁴⁷ Cf. “La solemnidad literaria de hoy. *A man de Santiña*”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 22.4.1919.

apóstrofes airados, reflejar el vivir gallego plácidamente, serenamente.

Registremos la nota. El poeta regional, diputado por antonomasia el poeta de la raza, ha escrito una obra para el teatro sin hermanar la literatura con la política. Apenas si en una escena se alude a los caciques y se predicán santas ideas redentoras para el porvenir de la región, grande por el esfuerzo de sus hijos. Después, la obra sigue blandamente su curso, flúida [sic], grata y cantarina como las puras linfas de una fontana manando en las umbrosas quebraduras del monte. Es de celebrar también por esto, el buen gusto y el alto sentido estético de Cabanillas. Que el *patrón* sirva para enmendar los rumbos de la naciente dramática gallega, que hasta ahora sólo parecían responder a una única nota, amarga, iracunda, desolada. Bien estuvo que así fuese, seguramente, para despertar energías dormidas; pero ya es hora de una oportuna y artística evolución -iniciada hace rato con tan buen éxito, en castellano, aun dentro del marco regional-¹⁴⁸.

A respecto da clamorosa ausencia do autor na estrea da súa obra, anotaríala o mesmo diario:

Ramón Cabanillas no estaba en el teatro, y en vano fué que el público se desgañitase pidiendo que saliese a recoger el galardón debido a su ingenio. No estaba en el teatro, ni en La Coruña, ni en Pontevedra, ni en su casa aldeana. Desapareció, diciendo que vendría, pero terriblemente modesto y huraño como es, optó sin duda por escabullirse, sabe Dios adónde, hasta dejar que pasase este para él terrible nublado del estreno¹⁴⁹.

O éxito da representación da peza de Cabanillas por parte dos actores e actrices do “Conservatorio” da Irmandade coruñesa¹⁵⁰, baixo a dirección escénica de Fernando Osorio, con decorados de

¹⁴⁸ Cf. “Arte gallego. A *man de Santiña* de Cabanillas. El estreno de anoche”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 23.4.1919.

¹⁴⁹ *Ibidem*.

¹⁵⁰ O reparto estivo formado por Carmiña Meléndrez (no papel de “Santiña”), Loisa Castelo (“Mari-Rosa”), Esther Carballo (“Rosario”), Carmen Chao Maciñeira (“Misiá Manuela”), Lois Lafuente (“Don Salvador”), Baltasar Edreira (“Ricardo”), Manuel Xerardo Roel (“Alcalde”), Vitor Casas (“Un criado”) e o propio director Fernando Osorio (“Don Pedro”).

Camilo Díaz Baliño e música de Luís Brage, foi indiscutíbel. A peza foi obxecto de cinco representacións consecutivas¹⁵¹, o seu autor recibiu moi axiña unha homenaxe en forma de banquete, que se celebrou no Porriño¹⁵², e en Cataluña o escritor Avis Martí iniciou os traballos de tradución directa do texto caballiniano desde o galego para o catalán, como primeiro paso “para poñelo en escea na cidá condal na tempada d’inverno próxima”¹⁵³. O boletín das Irmandades levou o comentario da velada inaugural do “Conservatorio” á súa primeira plana, aseverando entre outras cousas:

O estreno de *A man de Santiña* foi a consagración do idioma galego; a demostración de que o noso doce e rico idioma sirve e axéitase para espresare as delicadezas do sentimento e os matices da dicción máis finos e sotiles.

Esta fermosa farsada en dous pasos do xenial poeta da Raza, Ramón Cabanillas, sinala o camiño reuto para o trunfo do noso teatro nazonal¹⁵⁴.

A peza de Cabanillas, dicía noutro artigo o mesmo xornal, “acabou, para sempre, c’os vellos tanteos de teatro escrito en galego, con asunto galego pero axeitado ás formas máis pobres e *demodées* do decadente teatro castelán”¹⁵⁵. Pola súa vez, o xornalista Blanco Torres aludiría á estrea de *A man de Santiña* como “un éxito reso-

¹⁵¹ O boletín da Irmandade, *A Nosa Terra*, indicou que semellante éxito “non se recorda que acontecera endexamais con ningunha outra obra de teatro na nosa Terra” (Cf. “O rexurdir do Teatro Galego. Inauguración do noso Conservatorio. Estrenouse *A man de Santiña*”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 87, 25.4.1919).

¹⁵² No xornal arousán *Galicia Nueva* (13.5.1919) lese a este respecto: “**Noticias.**- El domingo se ha celebrado en Porriño un baquete de 30 cubiertos en honor del gran poeta Ramón Cabanillas, para celebrar el magno éxito de su comedia *A man de Santiña*”. Do mesmo xeito, en *A Nosa Terra* (15.5.1919) informábase sobre o particular nestes termos: “**Un homenaxe.**- Na vila de Porriño foi ousequiado con un banquete de numerosos cubertos o xenial poeta da raza, Ramón Cabanillas. Ouxeto do banquete foi a celebración do gran trunfo qu’o poeta por escelenza conqueriu no estreno da sua primeira obra teatral, a tan gabada *Man de Santiña*”.

¹⁵³ Cf. “Teatro e música galega. Ramón Cabanillas libretista de ópera”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 93, 5.7.1919.

¹⁵⁴ Cf. “O rexurdir do teatro galego. Inauguración do noso Conservatorio. Estrenouse *A man de Santiña*”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 87, 25.4.1919.

¹⁵⁵ Cf. “Follas Novas”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 88, 5.5.1919.

nante y nunca visto en Galicia tratándose de obras de teatro esencialmente gallego”, acrecentando que con esta peza Cabanillas “ha abierto con mano consagrada las puertas del teatro gallego”¹⁵⁶. Para o de Cuntis, efectivamente, *A man de Santiña* significaba unha clara ruptura co teatro galego anterior, unha aposta pola modernidade literaria que, sen renunciar á identidade galega, apuntaba de xeito decidido cara á universalidade:

Hasta el presente no existía en Galicia una personalidad escénica que respondiese ni al espíritu ni a las modalidades estéticas de nuestras costumbres, amaneradas en los cuentistas y ahogadas, en los que tienen de más puro y espontáneo, por los que vinieron cultivando un teatro gallego convencional, y, sin salirse de una esfera reducida, rutinariamente tendenciosa, sin ponderables contenidos substanciales, que trataba de provocar borrascas en un vaso de agua -sin una ideología que en la realidad viva complementase la norma enunciada- y sólo hacían conmover por un instante, con fulguraciones de sangre, las fibras populares más instintivas. Lo que había de puramente tradicional, de dinamismo autóctono y de remozamiento espiritual de una raza en las tentativas del teatro gallego, estaba sistemáticamente circunscrito a lo accidental, a la fechoría del cacique, al espectáculo del dolor y la miseria aldeanos y a la aparición del vengador, con las inevitables derivaciones trágicas [...] Siendo esencialmente gallego nuestro arte -cualquiera que sea su manifestación- será al mismo tiempo arte de todas partes, arte universal, y esta cualidad de diferenciación lo salvará no solamente del fracaso, porque no puede fracasar ningún arte puro y sentido, sino también de una vida estrecha y precaria.

A man de Santiña tiene esta condición: es plenamente gallega, por sus personajes, por su ambiente, por todas las tonalidades que informan la trama escénica¹⁵⁷.

Logo da exitosa estrea de *A man de Santiña* na Coruña, o “Conservatorio” pensou en ampliar o máis axiña posíbel o seu repertorio, con pezas de Xaime Quintanilla (*Donosiña*) e Porto Rei (*A*

¹⁵⁶ Cf. BLANCO TORRES, R.: “Crónicas de Galicia. Nuestro floreciente teatro”, *Eco de Galicia*, A Habana, nº 105, 3.8.1919.

¹⁵⁷ *Ibidem*.

tola de Sobrán), e emprender a seguir unha *tournèe* polas vilas máis importantes do país, en combinación co empresario do espectáculo Isaac Fraga (1888-1982)¹⁵⁸. Esa *tournèe* previa inicialmente actuacións en Santiago, Vilagarcía de Arousa, Pontevedra, Vigo, Lugo, Betanzos e Ferrol¹⁵⁹. Os protestos da Irmandade da Fala ourensá a través do seu xornal *O Tío Marcos da Portela* (3ª época) pola exclusión de Ourense no proxecto de xira¹⁶⁰, obrigaron finalmente ao cadro dramático a modificar o itinerario previsto: o secretario do “Conservatorio” coruñés notificou á Irmandade ourensá que na primeira quincena de maio a peza de Cabanillas subiría aos escenarios na cidade das Burgas¹⁶¹. Tamén se recibiron cartas desde Madrid e Barcelona pedindo que o “Conservatorio” actuase en ambas as cidades¹⁶².

A pesar de que a polémica intestina desatada no “Conservatorio Nazonal” por mor da conveniencia ou non de representar a peza *Donosiña*, de Xaime Quintanilla¹⁶³, acabou provocando a desaparición da propia entidade, o grupo coruñés da Irmandade continuou sostendo un cadro de declamación *amateur* que deu levado *A man de Santiña* ao coñecemento do público galego da época en diversos coliseos. Con efecto, o día primeiro de ano de 1920 representaron a peza novamente na Coruña¹⁶⁴. Máis adiante fixeron o propio en Lugo (6 de abril) e Compostela (1 de maio), presentados nesta última cidade polo daquela estudante e socio da “Xuventude Nazonalista” Valentín Paz Andrade¹⁶⁵. Posteriormente estiveron no “Teatro Jofre” de Ferrol (23 de maio).

¹⁵⁸ Cf. “Una obra de Cabanillas. El estreno de *A man de Santiña*”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 23.3.1919. En novembro de 1922, o boletín nacionalista recoñecería que Isaac Fraga “ven axudando moito ás agrupacións de teatro galego e aos coros” (Cf. *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 173, 15.11.1922).

¹⁵⁹ Cf. “Cousas esenciais. O galeguismo s’impón”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 84, 25.3.1919.

¹⁶⁰ Cf. *O Tío Marcos da Portela*, (3ª época), Ourense, nº 52, 7.4.1919.

¹⁶¹ Cf. *O Tío Marcos da Portela* (3ª época), Ourense, nº 53, 21.4.1919.

¹⁶² Cf. “Camiño do trunfo. O Conservatorio nazonal de arte Galego”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 88, 5.5.1919.

¹⁶³ Sobre esta polémica Vide TATO FONTAÍÑA, L.: *Teatro galego. 1915-1931*, Ed. Laivento, Ensaio, nº 89, Santiago, 1997. pp. 54-57.

¹⁶⁴ Cf. “O coadro de Decramación da ‘Irmandade’”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 110, 10.1.1920.

¹⁶⁵ Cf. “En Santiago. *A Man de Santiña*”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 119, 10.5.1920.

Certo é, porén, que a pesar do éxito sobre os escenarios, *A man de Santiña* tería que agardar a ser editada por vez primeira case dous anos despois da súa estrea. Sairía á rúa, concretamente, da Imprenta do Balneario de Mondariz o 15 de xaneiro de 1921. O boletín *A Nosa Terra* prognosticou en tal ocasión que a edición “venderáse como pan bendito”¹⁶⁶. Do mesmo xeito, convén dicir que houbo sectores de opinión intelectual e xornalística que lle fixeron propositadamente o vacío a este éxito do teatro en galego¹⁶⁷ e mais ao seu artífice, como se encargou de denunciar oportunamente o boletín *A Nosa Terra* no seu “Cadro Mouro”: “Na Cruña, onde a calquer parvo ou a calquera vivo se lle fai un homenaxe, Cabanillas, o xenial artista, non tivo loubas nin agasallos. Soilo os seus bós irmás [sic] o agarimaron. Despois que morra xa lle facerán homenaxes os que falan d’amare as nosas cousas... cando lles convén”¹⁶⁸.

O éxito da súa primeira experiencia teatral e determinados agasallos honoríficos con el relacionados, como a inauguración en 1920 dun teatro en Baiona que levaba o seu nome, deberon de animar, sen dúbida, a Cabanillas para emprender ou culminar novos proxectos relacionados coa arte dramática. Non tarda en rematar así, no propio 1919, un libreto para ópera, estruturado en dous pasos de dous cadros cada un, que lle encargara o maestro Xosé Baldomir baseado no célebre poema de Curros “A Virxe do Cristal”. O comentario de *A Nosa Terra* é ben elocuente:

Ninguén coma o autor de *A man de Santiña* para tal empeño. El, coma ninguén, soupo glosare os versos de Rosalía cand’o homenaxe â imortal cantora de *Follas Novas* feito en Compostela. El, agora, glosou os versos e o espírito de Curros n’este libreto, c’unha facilidade pasmosa.

¹⁶⁶ Cf. “Teatro galego”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 135, 28.2.1921. Durante 1921, a peza de Cabanillas coñecería encenacións en Cariño (28 de maio), por un cadro afeccionado da localidade, e Vigo (2 de decembro), de mans da “Agrupación Artística”.

¹⁶⁷ Así, o director de *La Voz de Galicia*, Alejandro Barreiro, vaticinaba nas páxinas da revista *Vida Gallega* que o probábel éxito da peza caballiniana había ficar nun mero “éxito casero, algo agasajado e íntimo” polo feito de estar a peza redixida en idioma galego en vez de en español (Cf. BARREIRO, A.: “El teatro gallego y el idioma”, *Vida Gallega*, Vigo, nº 130, 31.7.1919).

¹⁶⁸ Cf. “Cadro Mouro”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 95, 25.7.1919.

Limos o libreto de Cabanillas na Cruña, pois denantes d'entregarllo ô mestre que ten de 'musical-o', quixo que a direición do Conservatorio Nazonal de Arte Galego o conecese.

A nosa impresión é a de que o xenial Cabanillas fixo o arreglo d'*A Virxe do Cristal* como o non facería millor o mesmo Curros.

Ademais, o poeta da Raza, moderno nos seus gustos, tivo o acerto de darl'ó libreto aquel xeito esixido pol-o drama lírico autual. Non contén recitados. Os coros, os duos, os monólogos, non forman senon parte d'un todo que recollerá e unificará a partitura orquestal sinfonizándoo. Quere dicire que a música e mail-a letra apreixaránse com'a luz e a sombra, coma o corpo e a i-alma, cal elementos consustanciaes conforme ocorre no *lied*.

Esta ópera escrita en idioma galego, estrenarásse no Liceo de Barcelona, na primavera próisima¹⁶⁹.

Aínda que tal estrea non chegase a producirse e a obra de Cabanillas e Baldomir protagonizase unha malfadada peripecia, de que deron conta no seu día Manuel Ferreiro e Goretti Sanmartín¹⁷⁰, o que nos interesa salientar é o feito de que foi nese preciso instante cando Cabanillas fixo *tándem* con Villar Ponte para afrontar a dúo un novo proxecto aínda máis ambicioso e complexo: a confección da peza *O Mariscal*.

1.4. PROCESO DE FAMILIARIZACIÓN DOS AUTORES DE *O MARISCAL* COA FIGURA DE PARDO DE CELA

Temos xa esbozado algunhas explicacións sobre cando e como se coñeceron os autores de *O Mariscal*; sobre o contexto en que aluaron a idea de redixiren en común unha peza teatral; sobre a bagaxe con que, como homes de teatro, afrontaron ese proxecto; e, finalmente, sobre unha primeira experiencia de colaboración textual entre ambos autores, a propósito de *A man de Santiña*. Debemos agora dar conta, na medida das nosas posibilidades, do proceso de

¹⁶⁹ Cf. "Teatro e música galega. Ramón Cabanillas libretista de ópera", *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 93, 5.7.1919.

¹⁷⁰ Vide FERREIRO, M. & SANMARTÍN, G.: "Introdución" en CABANILLAS, Ramón: *A Virxe do Cristal*, Universidade da Coruña, Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado, nº 20, A Coruña, 2002, pp. 5-77.

familiarización de ambos coas figuras que conforman, en definitiva, a materia prima con que modelarán a súa peza *O Mariscal*.

Neste sentido, podemos certificar, en primeiro termo, que o interese de Antón Villar Ponte pola figura e os feitos do Mariscal Pedro Pardo de Cela foi moi temperán. Naceu xa na súa adolescencia, polo contacto intelectual co poeta bohemio viveirés Alfredo García Dóriga (1849-1911), que tiña abordado ese tema nalgún dos seus poemas, como os intitulos “Canto a Mondoñedo”¹⁷¹ e “El castillo de Castro de Oro”¹⁷². A este último pertencen os seguintes versos:

“En el valle que domina
la *Frouseira* con sus peñas,
y de un *castro* entre las breñas,
se alza un castillo feudal;
sus murallas se derrumban
al peso de la injusticia,
y allí la mártir Galicia
lanza un canto funeral.
Castillo de Castro de Oro,
¿donde están tus defensores?
¿Qué ha sido de tus señores
luchando por el honor?...
¿Quién de tus almenas pudo
quitar el pendón guerrero,
y hacer que un buen caballero
muriese como un traidor?
 ¡Ay de mí!
Galicia llorando vela...
Sombra de Pardo de Cela
 ¿qué es de tí?”.

Máis tarde, durante os seus anos de boticario en Foz (1901-1906), ese interese non faría máis que se incrementar dada a cerca-

¹⁷¹ Un fragmento deste poema redixido en español pode verse na revista *Mondoñedo*, Buenos Aires, nº 4, decembro de 1926.

¹⁷² Publicado en *El Eco de Viveiro* (Ano VI, nº 268, 10.9.1893), reproducido no xornal habaneiro *Galicia* (nº 50, 15.12.1907) e recollido no volume póstumo *¡Fuego del alma!*... (Impr. de Antonio Santiago, Viveiro, 1911), aquí cunha significativa dedicatoria ao líder rexionalista Alfredo Brañas.

nía xeográfica dos *loci* da trágica epopeia do nobre galego, a pervivencia na masa popular da Mariña luguesa das lendas sobre a súa figura¹⁷³ e, fundamentalmente, o trato que mantivo con outro admirador e coñecedor da figura do Mariscal, o escritor e médico republicano Manuel Leiras Pulpeiro (1854-1912)¹⁷⁴, autor de poemas *pardo-celistas* como “Desde lle a peta botaron”, “Xa comenza”, “Xentiña do Valedouro”, “Cheguéi á ponte de Ruzos”, “Inda se han volver as tornas”, “Néboa que de todo envolve”...

Foi grazas ás conversas con García Dóriga e con Leiras Pulpeiro e, probabelmente tamén, ás lecturas de volumes existentes nas súas respectivas bibliotecas, como o mozo Antón Villar Ponte accedeu, coñeceu e asimilou xa nesta época, en boa medida, a rica e variada tradición literaria galega pardo-celista, tanto a de xinea popular que arrincaba dos Séculos Escuros (composta por textos como a “Relazón da carta xecutoria”, o “Pranto da Frouseira”, o “Cantar do Mariscal”, o “Romance de Pardo de Cela”, a lenda da ponte do “Pasatempo”...) ¹⁷⁵, como tamén a culta que se escribira no século XIX.

Entre os autores que, alén dos xa citados Dóriga e Leiras, converteron ao Mariscal en personaxe beneficiario da súa inspiración e exerceron, por ese motivo, un influxo máis ou menos directo sobre o xornalista viveirés á hora de concibir a confección da peza teatral que finalmente escribiu en colaboración con Cabanillas, cabe lem-

¹⁷³ Un anónimo redactor da revista *Mondoñedo*, editada en Buenos Aires, sinalaba nun artigo publicado en 1926 a necesidade de honrar a memoria de Pardo de Cela porque “por algo nosas mais nos ensinaron *que era home moi bon e que o mataron sin deber fácelo*” e evocaba a lenda da cabeza do mariscal, que desde o cepo até o altar rodara repetindo *credo, credo, credo*, “por habérnolo ensinado nosas nais” (Cf. “Pardo de Cela”, *Mondoñedo*, Buenos Aires, nº 4, decembro de 1926). Moito despois, o escritor mindoniense Cunqueiro referíase a unha criada da súa casa que “era moi cantora de romances. Sabía, por exemplo, o da Frouseira” (Vide NICOLÁS, R.: *Entrevistas con Alvaro Cunqueiro*, Ed. Nigra, Vigo, 1994, p. 33).

¹⁷⁴ Vide LÓPEZ FERNÁNDEZ, C.: “O tema do Mariscal Pedro Pardo de Cela en Leiras Pulpeiro”, *Grial*, Vigo, nº 59, Tomo XVI, Xaneiro-Febrero-Marzo de 1978, pp. 88-95.

¹⁷⁵ Sobre este particular vide ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, X. M^a: “Literatura popular gallega en torno a Pardo de Cela”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Tomo XX, Santiago, 1965, pp. 350-378; FILGUEIRA VALVERDE, X.: “Sobre el *Cantar do Mariscal*. Otra versión con nuevos versos”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Tomo XXI, Santiago, 1966; e BLANCO PÉREZ, D.: *Historia da literatura popular galega*, Universidade de Santiago, 1994, pp. 48-50.

brar a Teodosio Vesteiro Torres (1847-1876), Vitorino Novo García (?-1899)¹⁷⁶, Manuel Murguía¹⁷⁷ (1833-1923), Florencio Vaamonde Lores (1860-1925), Valentín Lamas Carvajal (1849-1906) e, mesmo, aínda que a súa peza teatral *El Mariscal Pedro Pardo* ficase incompleta e inédita e aínda que o seu pensamento se colocase frecuentemente nas antípodas do galeguismo, á condessa de Pardo Bazán (1851-1921).

Concretamente, Vesteiro Torres, na súa *Galería de gallegos ilustres* (Madrid, 1874-1875, 5 vols.), no capítulo adicado aos “Guerreiros”, presentara ao Mariscal como aliado dos irmandiños e como nobre afouto que, ao ver a lei de Castela imperante sobre a súa terra, “se aprestó a morir, si preciso era, por la nacionalidad galáica”¹⁷⁸. Indicara, ademais, a admiración que causaba “el recordar que Pedro Pardo de Cela, condenado a la pena capital por la Justicia de los reyes de Castilla, hubiera sostenido durante *tres años* una guerra de potencia a potencia, llegando a causar la desesperación de sus enemigos”¹⁷⁹. A razón desa tenaz resistencia estribara, ao seu ver, no “afecto que le profesaron sus vasallos, sin el cual le hubiera sido absolutamente imposible defenderse por tan largo tiempo de los soldados de [Ladrón de] Guevara”¹⁸⁰. Vesteiro concluíra sobre o persoiro obxecto da súa atención:

Pardo de Cela, feudal, no fué acaso mejor que los otros. Mas al contemplar perdida la vida propia y autónoma de su patria, fué como

¹⁷⁶ O seu poema “Pardo de Cela”, escrito en español, foi reproducido, por exemplo, pola revista *Galicia da Habana* (Ano I, nº 14, 26.10.1902) precedido da seguinte nota: “Los Reyes Católicos para asegurar la unidad de la patria [...] dictaron la sentencia de muerte contra el mariscal Pedro Pardo de Cela”.

¹⁷⁷ O poema de Murguía adicado a Pardo de Cela componse dos seguintes versos “Ceñida de ciprés mi torpe lira / exhala melancólicos sonidos, / tristes como los últimos gemidos / del guerrero infeliz que los inspira. / A su recuerdo el corazón suspira / y suspende indeciso sus latidos, / y asoma a los ojos encendidos / lágrimas de dolor, hambrientas de ira. / Vendieronle y compraronle traidores, / y de la guerra en la infernal balumba / como bueno acabó!!... Prestan las flores / perfume al viento en que su credo zumba, / himnos de honor los viejos trovadores, / paz y descanso su olvidada tumba!”. Citado por VESTEIRO TORRES, T.: *Galería de gallegos ilustres. Tomo 1*, Ediciones Galicia, Buenos Aires, 1955, p. 195 (1ª ed., Madrid, 1875).

¹⁷⁸ Citamos por VESTEIRO TORRES, T.: *Op. cit.*, p. 192.

¹⁷⁹ *Ibidem.*

¹⁸⁰ *Ibidem.*

ninguno. La independencia de Galicia estuvo representada por él: así le amaron, así le siguieron, así pelearon y murieron bajo su bandera tantos hijos de este hidalgo país [...] Pedro Pardo de Cela fué nuestro mártir.

Antes que se alzaran los Comuneros de Castilla, las Germanías de Valencia y las Justicias de Aragón, tuvimos en él un paladín de la libertad galaica [...] El verdugo que le mató, mató nuestra antigua nacionalidad. Empezó entonces el período más doloroso de Galicia [...] El noble gallego muerto en el cadalso, vive y vivirá siempre en el corazón de sus compatriotas. El drama de Mondoñedo hirió en el alma a los hijos del pueblo, y aun hoy murmuran el cantar tradicional, queja no reprimida y emplazamiento ante juez más excelso:

*A Dios darán conta de-lo
Que lles queira perdonar,
Do que acabou na Frouseira
Co a vida do Mariscal*¹⁸¹.

Pola súa vez, o ferrolán Vitorino Novo, primeiro director de *El Correo Gallego*, tamén evocara a figura de Pardo de Cela no seu *Romancero de Galicia*, editado pola “Biblioteca Gallega” en 1887 cun prólogo de Benito Vicetto, precisamente. En *Os calaicos* (A Habana, 1894), Florencio Vaamonde referírase ao Mariscal como persoeiro “erguido contra o torpe cesarismo / a patria defendendo [...]”, que resultara finalmente vencido porque os seus inimigos, “novos Xudas”, apelaran “á traición máis baixa e fea”¹⁸². De igual xeito, no poema “A Pardo de Cela”, Vaamonde inserira estrofas como estas: “O nobre esforzado / Que a patria / Sostuvo, altaneira / Con firme tesón [...] / Que dina alabanza / Do pobo mereces / E mil e mil veces / O patrio louvor”¹⁸³.

Outro poeta, o ourensán Valentín Lamas Carvajal, definira nun soneto a Pardo de Cela como “xenio leyal d’a independeza nosa” e como “mártir”, agoirando ademais que do seu sangue derra-

¹⁸¹ *Ibidem*, p. 194.

¹⁸² Citacións tiradas de VAAMONDE, F.: *Os calaicos. Mágoas. Follas ao vento*, Eds. Xerais, Col. Biblioteca das Letras Galegas, nº 57, Vigo, 2003, pp. 191-192 e 203. Edición de Isabel Seoane.

¹⁸³ Cf. *Suevia*, A Habana, nº 14, 12.5.1912, p. 5; *Suevia*, Buenos Aires, nº 2, marzo de 1913, p. 12, ou tamén *A Fouce*, Buenos Aires, nº 24, 17.12.1930.

mado había de resucitar “a independencia e gloria de Galicia”¹⁸⁴. A condesa de Pardo Bazán, finalmente, deixara deseñada no seu drama inédito *El Mariscal Pedro Pardo* a figura do nobre mindoniense como “vasallo defensor / de mi legítima reina / doña Juana de Castilla” e como heroe que tiña levantado durante tres longos anos no reino galego “el estandarte de la santa independencia”, procurando “quebrar los hierros” que escravizaban “mi patria adorada”¹⁸⁵.

Ora ben, sen minusvalorizarmos o influxo que os autores e textos que acabamos de citar puideron exercer particularmente sobre Antón Villar Ponte no seu proceso de familiarización coa figura de Pardo de Cela, non cabe dúbida que foron algúns outros os que lograron unha maior e máis contrastada influencia sobre o coautor de *O Mariscal*.

Referímonos, por unha banda, aos traballos literarios e artigos de tema histórico do arquivista compostelán e fundador da revista *Galicia Diplomática* (1882) Bernardo Barreiro de Vázquez Varela (1850-1904), pai do director de *La Voz de Galicia* Alejandro Barreiro Noya. Así o puxo de manifesto o propio Villar Ponte en decembro de 1916: “Vede agora este anaco de romance do pobo que voa nas áas da tradizón e que nos collimos, c’outras cousas mais, dos notables e maxistraes traballos do insine hestoriador e literato compostelán, Bernardo Barreiro, dino d’eterna gabanza antr’os gallegos”¹⁸⁶.

E, por outra, de xeito sobranceiro, á novela do ferrolán Benito Vicetto (1824-1878) *Los hidalgos de Monforte* (1ª ed., Sevilla, 1851), que debeu de chegar ás súas mans a través da edición feita en 1903, en dous tomos e co subtítulo de “historia caballeresca del siglo XV”, pola “Biblioteca Gallega” que impulsou na Coruña o erudito astor-

¹⁸⁴ Vide o poema de Lamas Carvajal “Pero Pardo de Cela”, presente no volume *Espiñas, follas e froes*, Ourense, Impr. La Propaganda Gallega, 1876, p. 71. Foi reproducido, significativamente, por *A Nosa Terra* (nº 124, 25.7.1920), cando o decenario se editaba baixo a dirección de Antón Villar Ponte.

¹⁸⁵ Vide BLANCO SANMARTÍN, F. & NÚÑEZ SABARÍS, X.: *El Mariscal Pedro Pardo. Obra inédita de Emilia Pardo Bazán*, Servicio de Publicacións da Deputación Provincial de Lugo, Lugo, 2001, pp. 28 e 47.

¹⁸⁶ Cf. VILLAR PONTE, A.: “O 17 de Nadal do 1483. Non esquezamos a nosa hestoria. Cando morreiron as liberdades gallegas”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 4, 15.12.1916.

gano Andrés Martínez Salazar (1846-1923). É xusto recoñecer que este influxo da novela vicettiana sobre os futuros autores de *O Mariscal* e sobre a propia obra dramática foi xa advertido no seu día por Renales Cortés con estas palabras:

La influencia de Vicetto es explícita en la obra de Ramón Cabanillas. En el prólogo de Antón Villar Ponte, se afirma que el Pardo de Cela que aparece en el drama [*O Mariscal*] es deliberadamente distinto del noble levantisco y enemigo del pueblo que parece haber sido el histórico Mariscal. Pero el dramaturgo recurrió a la figura épica forjada en su novela por Vicetto debido a que éste logró construir un mito, y los pueblos, si quieren hacerse a sí mismos, tienen más necesidad de mitos que de Historia. Idea romántica de la historiografía y de su misión que [...] coincide en gran parte con la que había defendido el propio Vicetto¹⁸⁷.

Como é sabido, o protagonista da 3ª parte de *Los hidalgos de Monforte* é Pedro Pardo de Cela, presentado por Vicetto como xefe máximo dos irmandiños (auxiliado polos seus capitáns Pedro Bolaño, señor de Torés, e Pedro Miranda, señor do Boulloso, personaxes que reaparecen co mesmo rol en *O Mariscal*), como defensor da causa da *Beltraneja* e como representante “de la nobleza del país pronta a desnudar su espada por su independencia, erigiéndola en república venturosa”¹⁸⁸. Neste sentido, Renales Cortés ten salientado atinadamente que “con *Los hidalgos de Monforte*, Vicetto contribuyó a la creación del mito de un Mariscal Pedro Pardo de Cela liberal, paladín de las libertades democráticas y de la independencia de Galicia frente a los señores feudales tiránicos sometidos al poder castellano”¹⁸⁹.

Ademais, outro personaxe vicettiano, Amaro de Vilamelle, capitán da hoste do conde de Lemos e protagonista principal da primeira parte de *Los hidalgos de Monforte*, dá nome ao soldado caste-

¹⁸⁷ Vide RENALES CORTÉS, J.: *Celtismo y Literatura Gallega. La obra de Benito Vicetto y su entorno literario*, 2 vols., Xunta de Galicia, Servicio Central de Publicacións, Santiago, 1996, p. 211.

¹⁸⁸ Cf. VICETTO, B.: *Los Hidalgos de Monforte, Tomo I*, Biblioteca Gallega de Autores Castellanos, nº 1, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 2004, p. 53.

¹⁸⁹ Vide RENALES CORTÉS, J.: *Op. cit.*, p. 210.

lán que en *O Mariscal* de Cabanillas e Villar Ponte engana a Elvira e abre as portas á consumación do aprexamento a traizón de Pardo de Cela. Este Amaro é na novela de Vicetto fillo do arquero maior Clodio Espasende, que non é senón un disfraz que adopta Pardo de Cela para poder espiar o castelo do conde de Lemos. Non é por casualidade, pois, que durante 1918 e 1919 Ramón Villar Ponte escollese o de *Clodio Espasende* como pseudónimo para asinar algunhas das súas colaboracións en *A Nosa Terra*, coincidindo precisamente co período de xestación da peza dramática por parte de seu irmán Antón e de Ramón Cabanillas.

A figura do mercenario Mudarra, a lenda da Ponte do Pasatempo mindoniense, a morte en cadalso do Mariscal e o poema coñecido como “Pranto da Frouseira” tamén foron elementos glosados e empregados por Benito Vicetto nos compases finais da súa novela.

Que Cabanillas coñeceu e gostou da citada novela de Vicetto próbao, por exemplo, o feito de que lle dedicase en xullo de 1931, na revista *La Temporada de Mondariz*, un poema ao verdugo Dardalleito¹⁹⁰, precisamente unha das personaxes secundarias presentes en *Los hidalgos de Monforte*. En todo o caso, resultan infinitamente máis abundantes os testemuños da admiración de Villar Ponte cara á narración vicettiana, unha das moitas que o ferrolán escribiu en clave “histórica”¹⁹¹.

Vicente Risco ten asegurado, por exemplo, que o xornal herculino *El Noroeste* deu ao prelo como folletín a novela vicettiana en 1918, isto é, no período en que exerceu a dirección factual do rotativo Antón Villar Ponte¹⁹². Este, nun artigo editado en *El Pueblo Gallego* en 1926 en que reflexionaba sobre as causas do fracaso da

¹⁹⁰ Recollido por Alonso Montero en CABANILLAS, R: *Obra Completa. Tomo 2*, Akal editor, Madrid, 1979, pp. 359-360.

¹⁹¹ Entre elas, alén de *Los hidalgos de Monforte* (1ª ed. Sevilla, 1851), cabe citar *El lago de la Limia*, ambientada no s. IX; *Rogin Rojal ó el paje de los cabellos de oro*, ambientada no s. XI; e mais *El caballero de Calatrava*, ambientada a finais do s. XIV.

¹⁹² Vide RISCO, V: “Vicetto ou o romantismo”, *Nós*, Ourense, nº 53, 15.5.1928, p. 88.

empresa cinematográfica galega “Celta Films” (que impulsaran desde agosto de 1922, entre outros, Higinio Troncoso e Antonio Rey Soto), proporía a conversión da novela de Vicetto en guión cinematográfico como fórmula segura de éxito:

Para que una empresa gallega, constituida como Dios manda, pudiera probarnos si el cine con temas gallegos es o no negocio, y buen negocio, tendría que apelar a estas dos cosas: al gasto del dinero preciso, sin cicaterías ni regateos, y a la escogitación de un asunto sugestivo propicio a la propaganda. Así *Los hidalgos de Monforte*, por ejemplo. Tan interesante novela de Wiceto [sic] goza de gran popularidad en España y en América. No hubo periódico madrileño o gallego de alguna importancia en las postrimerías del pasado siglo que no la hubiese publicado en folletín. Tiene, por lo tanto, hecho el reclamo. Posee cuantas características se requieren para interesar al público de cine. Se presta a maravilla para hacer desfilas por la pantalla, en consonancia con la acción, los mejores momentos y los más bellos paisajes de Galicia.

La novela *Los hidalgos de Monforte* llevada a la película con propiedad, bajo el asesoramiento de una dirección idónea, sin omitir gastos, a la manera norteamericana, estamos, pues, seguros, de que constituiría un excelente negocio económico y un indudable medio de propaganda de las bellezas monumentales, arqueológicas, artísticas y naturales de nuestra tierra. Una película de tal guisa, si que podría ir en triunfo a todas partes¹⁹³.

Así mesmo, aplaudindo en abril de 1933 a idea da “Federación de Sociedades Galegas” de Buenos Aires de establecer un premio destinado a recompensar anualmente a mellor obra literaria en galego, Antón permitíase suxerir que tal certame potencia-se concretamente un subxénero do que o sistema literario galego estaba aínda falto, a novela aventuresca, coa mente posta no modelo que representaba *Los hidalgos de Monforte*.

Esta clase de novelas todavía cautivan al gran público, todavía son de las que cuentan con mayor número de lectores y, por lo mismo,

¹⁹³ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Galerías. Un rato a cinematografía”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, ca. 1926. Recorte en Fundación Penzol (Vigo), Fondo Villar Ponte, Caixa 40 (6).

si hacemos que surja una buena plerórica de interés y de amenidad se logrará difundir nuestro idioma a expensas de ella más que con libros eruditos o con volúmenes literarios del gusto de los selectos. Si *Los hidalgos de Monforte*, por ejemplo, en gallego se hubiesen escrito, ¿cuánto debido a ese hecho tendría adelantado la divulgación de nuestra lengua?¹⁹⁴.

Do vínculo afectivo que Villar Ponte tiña coa obra e a figura do historiador e novelista ferrolán dá tamén proba a súa participación na velada conmemorativa do cincuentenario das mortes de Vicetto e Añón que, organizada pola Academia Galega, tivo lugar o 25 de maio de 1928 nos salóns da “Reunión de Artesáns” coruñesa¹⁹⁵. En realidade, cabe supoñer que foi o propio Villar Ponte o *factotum* desta homenaxe, pois xa en febreiro de 1928 expresara nun artigo en *El Pueblo Gallego* a idoneidade de celebrar algún acto que lembrase a obra do ferrolán, que “fué algo así como el Walter Scott gallego”¹⁹⁶. No discurso que pronunciou na solemnidade académica que citamos, Villar Ponte lamentou que non se contase aínda con biografías completas e fiábeis dos dous autores homenaxeados, salientando a actualidade de moitos dos ideais liberais que ambos profesaran¹⁹⁷. E aínda en xuño de 1935, escribindo sobre a vila de Monforte, o xornalista viveirés anotaba noutro artigo seu: “gracias a Viceto [sic], seguirá siendo siempre la urbe de los Hidalgos. Y en torno a su vetusta silueta, cuantos la columbren, tejerán sin duda una corona de evocaciones románticas a la manera de las de Walter Scott”¹⁹⁸.

¹⁹⁴ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. Un buen medio de fomentar el gallego”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 9.4.1933.

¹⁹⁵ Cf. “Velada conmemorativa en honor del poeta Añón y del novelista Vicetto”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.332, 26.5.1928, e mais “En memoria de Añón y de Vicetto”, *Revista del Centro Gallego*, Montevideo, nº 138, xullo 1928. Alusións ao acto pódense ver tamén en *El Orzán*, A Coruña, nº 3.098, 26.5.1928, e mais en *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 249, 1.6.1928, p. 7.

¹⁹⁶ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Temas de interés. Acerca de unos homenajes”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.236, 2.2.1928.

¹⁹⁷ Cf. “Sección oficial. Una sesión conmemorativa. Homenaje a Benito Vicetto y a Francisco Añón”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, A Coruña, nº 205, tomo XVIII, 1.6.1928, p. 17.

¹⁹⁸ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Avisos gallegos. De la Torre de Hércules a la Torre de los Lemos”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 9.6.1935.

Fica, pois, establecido que foi a novela de Benito Vicetto *Los hidalgos de Monforte*, máis que ningún outro texto, o principal elemento de referencia que tanto Villar Ponte como Cabanillas tiveron e manexaron á hora de deseñaren o perfil da figura pardo-celiana durante a confección da súa peza dramática. Mais, coñecidas as fontes en que beberon a súa visión do Mariscal, cabe preguntarse tamén en que momento se produciron os primeiros sinais de que nas súas mentes bulía xa a idea de confeccionar un traballo literario sobre o tema.

A este respecto cómpre dicir que, primeiro en *La Voz de Galicia* e posteriormente noutros cabezallos¹⁹⁹, Antón Villar Ponte publicou precisamente nos seus anos focegos un artigo intitulado “La leyenda de la Frouseira”, en que relataba unha excursión a este mítico monte efectuada nos finais de xaneiro de 1907 polos tertulianos da súa botica (Noriega Varela, Rafael Herrera e Camilo Cela). Entre anécdotas da excursión e descrições paisaxísticas, o de Viveiro presentaba xa ao Mariscal como “noble cabeza, donde bullían santas ideas de libertad para Galicia” e como “heroico defensor de nuestra pequeña patria” perante uns Reis Católicos que, segundo as súas palabras, “vistieron el rico y vario espíritu español con el hábito gris de la unidad nacional”²⁰⁰. No alto deste monte, citado por Joaquín Costa “en sus luminosos y eruditos *Apuntes sobre los Reyes Católicos*”, en expresión do noso autor, os excursionistas contemplaron “vetustos vestigios del estratégico castillo donde Pedro Pardo de Cela con sus aguerridas huestes se hizo fuerte tantas veces y donde á traición - ¡sólo á traición! - pudo ser hecho prisionero por sus enemigos”²⁰¹.

O máis importante, porén, aos efectos do noso traballo, é que xa nesa ocasión o escritor viveirés fixo referencia ao deseño na súa imaxinación dunha historia co Mariscal Pardo de Cela como prota-

¹⁹⁹ Cf. *El Norte de Galicia*, de Lugo (nº 2.079, 27.11.1907), e a revista galaico-habaneira *Follas Novas* (nº 577, 21.6.1908).

²⁰⁰ Cf. *La Voz de Galicia*, A Coruña, nº 8.208, 14.2.1907.

²⁰¹ *Ibidem*.

gonista, o que sen dúbida sitúa nese preciso instante o pulo inicial para a confección da obra que nos ocupa:

Por eso en aquella cima histórica que algún día preocupó grandemente á Isabel y Fernando [...], trazamos en nuestras fantasías juveniles con los pinceles del romanticismo y del quid idealizador que cada hombre lleva en su ser, obligados por el propio medio ambiente, toda una historia de gallardías valerosas y de guerreras aventuras que parecía surgir atropelladamente del fondo de nuestros pensamientos como brotan las florecillas silvestres y las plantas rústicas de las grietas vetustas de las ruinas del castillo que entonces se ostentaban á nuestra vista²⁰².

A visita á Frouseira, indica Villar Ponte no mesmo artigo, permitiulle tamén escoitar de boca dun vello labrego da zona, o señor Varela, unha das moitas lendas que corrían na bisbarra sobre a figura do Mariscal:

Entonces refiríonos brevemente, pero con esa credulidad propia del campesino gallego, poniendo en sus ojillos cansados el fulgor de la emoción, una leyenda de Pardo de Cela que él tenía por muy cierta; una infantil leyenda llena de ingenuidad amable, algo sencillo y ameno como una valada [sic] rústica. Las palabras del viejo parece que se idealizaban en el ambiente crepuscular sosegado y melancólico; brotaban de su boca desdentada y marrullera como estrofas de una égloga humilde, igual que brotan las augas cristalinas de las negras portalladas de los molinos aldeanos, formando ondulaciones y espumas.

— Ya sabía yo, buenos señores, que el monte había de gustaros. Cuantos a él suben no tienen labios sino para alabarlo. Y así Dios me de la vida, como es verdad lo que voy a contaros: una historia del fundador de este castillo cuyas ruinas acabáis de contemplar con vuestros propios ojos... Es corriente en el país. No toparéis, ni por un aquel, con un solo rapaz de la comarca que ya no la conozca. ¡Ay, el gran señor Pardo de Cela tenía un poderío muy grande! Ya verán, nobles caballeros, ya verán... Es el caso que el valiente mariscal llevaba siempre un anillo de oro en un dedo de la mano, un anillo de oro con una gran piedra de brillantes que era, á fe, una cosa buena: ¡Como que estaba encantada! Y salud no tenga -y digo la

²⁰² *Ibidem.*

verdad cual Nuestro Señor manda-, si aquella no poseía virtud para derribar *casas blancas* con solo dirigir sus rayos á las fachadas enjalbegadas, cuando se le antojara... Pues, amigo de Dios, fué el caso que el conde de Fontao, un enemigo mortal de *mi* señor, construyó un edeficio [sic] del color de la nieve en el Valle de Oro, y entonces contrariado Pardo de Cela, subiendo una tarde, cuando el sol iba camino del Poniente, á una de las almenas de su castillo de la Frouseira, hizo un ligero movimiento con el dedo en que llevaba el anillo encantado, salieron de él unos reflejos que cegaban -¡así me salve Dios!- y el edeficio [sic] del conde se vino al suelo sin que nadie pudiera, en jamás de los jamases, edificarlo...²⁰³.

Durante a súa estadía en Cuba (1908-1910), Antón puido constatar que a súa entón xa ben asente devoción pola figura do Mariscal era compartida por outros autores como Constantino Horta (unha das persoas ás que dedicaría o folleto *Nacionalismo gallego. Nuestra afirmación regional*), Mercedes Vieito Bouza, Vicente López Veiga²⁰⁴, Luís Pardo²⁰⁵ ou José Otero Abelleira²⁰⁶, todos eles caracterizados membros do sector proto-nacionalista da colonia galega na Illa. Outro tanto lle acontecerá, algo máis tarde, a Ramón Cabanillas, quen na revista *Suevia* da Habana, en abril de 1912, publicará uns versos que, ademais de transluciren a súa lectu-

²⁰³ *Ibidem*. A versión deste artigo villar-pontino publicada no diario lugués *El Norte de Galicia* (cf. nº 2.079, 27.11.1907) difire lixeiramente da aquí citada, polo que a reproducimos tamén:

“Y á seguida de oír nuestros entusiastas comentarios, refirieron brevemente, pero con esa credulidad propia del campesino gallego, una rara leyenda de Pardo de Cela que él tenía por ciertísima; una inocente leyenda llena de ingenuidad rústica, algo sencillo y ameno como una historieta infantil. Las palabras del viejo parecía que se idealizaban en el ambiente crepuscular sosegado y melancólico; brotaban de su boca desdentada y marrullera como estrofas de una balada humilde, igual que brotan los remolinos del auga de las negras postaladas de los molinos aldeanos perdidos en los repliegues del paisaje. - ¡Ay, buenos caballeros! Así Dios me dé salud, Pardo de Cela era un gran señor, de mucho poderío. Hacía cuanto se le antojaba, porque tenía un anillo de oro con una gran piedra de brillante que poseía virtud para derribar *casas blancas*. Y como él era enemigo de éstas, no podía consentir su genio que desde las alturas de su castillo se divisase ninguna. Así es que cada vez que se levantaba alguna en cualquiera de estos contornos, no precisaba el Mariscal más que dirigirla [sic] los reflejos de su piedra encantada desde uno de los torreones de su fortaleza, para que la casa se viniera por tierra. Y así, buenos caballeros, le derribó una al conde de Fontao...”.

²⁰⁴ Colaborador da autoproclamada “Revista Regional Ilustrada” *Galicia*, da Habana, asinou moitas das súas colaboracións nela co pseudónimo *Pardo de Cela*, precisamente.

²⁰⁵ Autor do traballo “Pardo de Cela”, *Galicia*, A Habana, Ano III, nº 37, 11.9.1904.

²⁰⁶ Para este autor, “el 17 de Diciembre es un día luctuoso para nuestra siempre adorada Galicia y por consiguiente, para todo gallego patriota y de nobles sentimientos” (Cf. ÓTERO ABILLEIRA, J.: “Pardo de Cela”, *Galicia*, A Habana, nº 3, Ano X, 21.1.1911).

ra de *Los hidalgos de Monforte* de Vicetto, aluden en termos positivos á figura do Mariscal:

Firéume a lus do ceo camiño de Damasco
y-entrei, lucindo negros airóns no branco casco,
no medeo dos cruzados, con Godofredo en Sión;
y-arqueiro de Xelmírez na vella Compostela
e paxe, alá en Monforte, do bon Pardo de Cela,
queimóume por relapso a Santa Inquisición²⁰⁷.

Após regresar de Cuba en 1910, Villar Ponte non deixará de amosar o seu entusiasmo pardo-celista en diversos artigos xornalísticos publicados nos seguintes anos. Así, comentando unhas palabras pronunciadas polo vicepresidente da Tuna escolar santiaguesa na visita que esta agrupación cursou á cidade herculina a comezos de 1915, que aludían á figura do Mariscal Pardo de Cela como “libertador”, o viveirés escribe en *La Voz de Galicia*:

La borrosa figura del legendario mariscal que tan bien ‘noveló’ D. Bernardo Barreiro en interesante libro donde la verdad histórica y la fantasía se dan la mano en amigable consorcio, ha adquirido ayer nuevo relieve en las románticas palabras de aquel joven y culto tuno. Y esto ocurre, precisamente, cuando las regiones españolas andan á la greña por motivos económicos; cuando se aplaude en la ‘Princesa’ de Madrid *Las Flores de Aragón*; cuando los gallegos de Cuba organizan un partido autonomista glorificador del hidalgo de la Frouseira, y cuando en el Congreso de los diputados acaba de discutirse más o menos ligeramente cual debe ser el verdadero himno nacional.

El momento, pues, nos parecería propicio para efectuar una sucinta divagación en torno del espíritu regionalista latente en nuestra tierra. Hasta podríamos advertir cómo allende el Sil existen lamentables prejuicios relacionados con la pequeña patria gallega, prejuicios que ya alcanzan la categoría de históricos y que acaso tengan su prístina raigambre en las rebeldes hazañas llevadas á cabo contra el Poder central por Pardo de Cela, en tiempos de los Reyes Católicos²⁰⁸.

²⁰⁷ Vide CABANILLAS, R.: “A Trainera”, *Suevia*, A Habana, nº 10, 14.4.1912.

²⁰⁸ Cf. [VILLAR PONTE, A.]: “Con letra del siete. Acerca de las palabras de un tuno”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 7.2.1915.

Cando as Irmandades da Fala comece a súa actuación cívico-política, converterán a figura do Mariscal nun importante referente simbólico e reivindicativo das liberdades nacionais galegas perdidas. Por iso, en decembro de 1916, participando como representante da Irmandade coruñesa nunha Asemblea pro-ferrocarril da Costa que tiña lugar en Ferrol para protestar polo veto do ministro conservador La Cierva á concesión dunha partida orzamentaria anual para a prosecución das obras de construción da vía férrea Ferrol-Xixón, Antón Villar Ponte porá colofón ao discurso que pronunciou nesa ocasión con estas palabras:

Eu falo no nome d'unha irmandá nazionalista, mais transcendental do que moitos pensan, que conscentemente, con tenacidade, sen desmayos, vense organizando en Galicia, chamando ás portas do corazón da xuventude, pra ire conquistando, un a un, os homes das novas xeneracións, pr'á causa santa da nosa redención. Solo nos salvará o nazionalismo galego intransixente e fero. Defendemos unha bandeira, a bandeira de Pardo de Cela, rendida pol-a traición na Frouseira, a cuya soma non poden cobixarse os espíritos empodrecidos pol-a rutina ou pol-as comenencias particulares²⁰⁹.

De igual xeito, o 6 de maio de 1917, diante do monumento que honra a memoria do comandante Solís e dos seus oficiais, fusilados en Carral en 1846, Antón Villar Ponte pronunciaría un discurso ao que pertence o seguinte fragmento:

Eiquí - dicía - deberan vir adprender as podres xuventudes, tuberculosas do esprito, que dobregan o espiñazo nas nosas vilas, ante os amos que reparten credenciás, chamándonos cursis e tolos a cantos sentimos e pensamos, a cantos non queremos ser neutrales en nada, porque preferiríamos a morte ô alcume de neutros. Din - concreuy - que a vía láctea guiaba ós pelengrinos que iban a Compostela. Que a vía roxa que vai do Medulio á Frouseira e da Frouseira a Carral, nos gué a nós²¹⁰.

²⁰⁹ Cf. "Pol-o ferrocarril da Costa. Un xesto de cibdadanía", *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 5, 25.12.1916.

²¹⁰ Cf. "Unha nova xornada groriosa. Homenaxe ós mártires de Carral. ¡Aprende, xuventude de sapos!", *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 18, 10.5.1917.

A reacción de conspicuos representantes do *regionalismo sano y bien entendido* contra esta reivindicación pardo-celiana levada a cabo polo nacionalismo galego a partir de 1916 non se fixo agardar. O daquela alcalde da Coruña, Manuel Casás Fernández (1867-1960), por exemplo, advertiría desde as páxinas de *La Voz de Galicia* sobre a necesidade de exercer unha crítica severa contra certas lendas e auréolas históricas como as que rodeaban a figura de Pardo de Cela²¹¹. Alén de reivindicar os irmandiños (inimigos declarados do Mariscal e dos seus parentes Pedro Bolaño, marido da filla daquel, Beatriz, e Pedro Miranda) como verdadeiro símbolo das ansias de redención do país, Casás Fernández, citando como autoridades ao Licenciado Molina, a Vasco de Aponte, a José Villaamil e a Murguía, presentaba ao Mariscal como un déspota feudal, saqueador, orgulloso e cheo de cobiza, inimigo dos Reis Católicos só porque estes querían por fin ás súas arbitrariedades e desmáns, completamente alleos a todo sentir ou reivindicación patriótica:

Con estos antecedentes, que sancionan autorizados testimonios de la historia general de España y la particular de Galicia, ¿cómo se trata de difundir la falsa leyenda de considerar a Pardo de Cela, como héroe y mártir de la redención de nuestra tierra, sojuzgada por él y otros magnates en la odiosa servidumbre en que mantuvieron al pueblo gallego?²¹².

Estes e outros protestos semellantes do político liberal garcioprietista coruñés ou doutros intelectuais tiñan a súa orixe, precisamente, no contido dun artigo de Antón Villar Ponte publicado en *A Nosa Terra* coincidindo co 433 aniversario da morte en Mondoñedo do Mariscal. Nel, tomando pé nas lendas populares da bisbarra mindoniense, reivindicaba a figura de Pardo de Cela como mártir das liberdades da nosa terra: “Non esquezamos, pois, qu’a

²¹¹ A literatura de revisión crítica e desmitificadora da figura do Mariscal fora iniciada polo erudito José Villaamil y Castro, a finais do século XIX, na revista *Galicia diplomática*.

²¹² Cf. CASÁS FERNÁNDEZ, M.: “Una efemérides histórica. El mariscal Pardo de Cela”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, nº 12.840, 7.12.1920.

morte de Pardo de Cela, sinifica o mouro serán das nosas liberdades y-o xunguimento da Galicia o carro trunfal de Castela²¹³.

Pola mesma época, nun dos seus escasos artigos en prosa publicados no boletín *A Nosa Terra*, Cabanillas aludiría á figura de Isabel a Católica como referente para aqueles unitaristas españois que se alporizaban cando escoitaban formulacións nacionalistas ou demandas de “soberanía rexional” como as que colocaban as Irmandades²¹⁴.

Algún tempo despois, o poeta de Cambados recrearía liricamente a historia dunha princesa medieval a quen curaría dos seus males unha vella aldeá²¹⁵ e retrataría con espírito reivindicador, nas páxinas do mesmo decenario, o pasado suevo de Galiza²¹⁶, o que non deixa de ser ben sintomático da preocupación “historicista” que acompaña ao poeta cambadés durante o período en que se confeciona *O Mariscal*... Algunhas das composicións de temática histórica e ambientación medieval que escribiu Cabanillas nos anos 20 e que viron lume ocasionalmente en publicacións periódicas como *La Temporada* de Mondariz ou o diario *Galicia* de Vigo, como os tres sonetos agrupados baixo o título de “Xelmiria”, “Morreu Don Sancho en Uclés”, “No castelo de Lobeira”, “Camiña Don Sancho”, “Froralva” ou “As pombas do perdón”, serían recollidas moito tempo despois no volume *Camiños no tempo* (Ed. “Bibliófilos Gallegos”, Santiago, 1949). Nótese ademais que, coincidindo coas datas de composición da peza teatral que nos ocupa, Cabanillas daría lectura en Mondariz, en agosto de 1920, ao seu discurso de ingreso na Real Academia Galega, facendo no mesmo citación

²¹³ Cf. VILLAR PONTE, A.: “O 17 de Nadal do 1483. Non esquezamos a nosa hestoria. Cando morren as liberdades gallegas”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 4, 15.12.1916.

²¹⁴ Cf. CABANILLAS, R.: “Nazionalismo ou Soberanía Rexional”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 3, 5.12.1916. En concreto, Cabanillas indicaba que ao escoitaren a verba nacionalismo, os centralistas e uniformistas españois reaxían do seguinte xeito: “¡Eiquí do envolverse na bandeira! ¡Eiquí do chamar a berros por doña Sabela a Católica! ¡Eiquí do blasfemar farisaico!”.

²¹⁵ Cf. CABANILLAS, R.: “A filla do Rey”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 31, 30.9.1917.

²¹⁶ Cf. CABANILLAS, R.: “En troques”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 99, 5.9.1919.

expresa dalgúns dos versos que Lamas Carvajal tiña dedicado a honrar a figura do Mariscal (“A sangue do infeliz Pardo de Cela / Crama venganza á Dios pol-a inxusticia / ¡O que a fixo verter ten que bebel-la...!”)²¹⁷.

Con maior ou menor insistencia, a reivindicación da figura e do martirio pardo-celiano non abandonou nunca o “imaxinario mítico” do movemento nacionalista galego, como demostran, sen irmos máis lonxe, as páxinas do boletín *A Nosa Terra* baixo a dirección de A. Villar Ponte.

O noso xornalista, nun artigo que se publicou o 25 de xullo de 1920, isto é, cando a peza teatral que nos ocupa está xa en pleno proceso de xestación, poría en contraste certos mitos da españolidade (Numancia, os “comuneros”, o cardenal Cisneros, Isabel a Católica...) cos equivalentes da galegitude (Medulio, os “irmandiños”, o arcebispo Xelmírez, Pardo de Cela...). Pola súa vez, Ubaldo Landín publicaría a comezos de 1921 un soneto ao Mariscal²¹⁸ e o boletín das Irmandades lembraría nese mesmo ano que o 17 de nadal de 1483 “pagaron co’a vida o se haberen rebelado contra do imperialismo de Castela, Pardo Cela [sic] e o seu fillo”²¹⁹. O propio Antón Villar Ponte, en fin, inseriría en 1922 na revista pontevedresa *Alborada* un texto en que facía un canto a determinadas montañas galegas como testemuñas privilexiadas do decorrer histórico da Galiza e como símbolos da súa tenaz resistencia contra todo intento de dominación:

O Libredon, o Medulio, o Cebreiro e a Frouseira donáronnos os catro rexos esteos da nacionalidade [...]. No Libredon quixo ter cova o señor Sant-Iago, pra que houbésemos un século XII d’ouro; no Medulio quixo probar a nosa raza, con xurdio pulo heróico, que ningún imperialismo alleo podería atrollare a nosa libertade; no

²¹⁷ Cf. “A saudade nos poetas galegos. Discurso de Ramón Cabanillas”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 129, 5.10.1920.

²¹⁸ Cf. *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 133, 1.2.1921.

²¹⁹ Cf. *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 153, 15.12.1921.

Cebreiro, fixóuse pra sempre o noso idealismo europeo, e na Frouseira deprende a Dominadora, coma sô a traición o galego sucumbe...²²⁰.

Debemos sinalar, por último, que esta visión sobre Pardo de Cela que difunden as Irmandades no período en que Cabanillas e Villar Ponte emprenden a elaboración da súa peza *O Mariscal* tamén chegou aos sectores conscientizados da colectividade galega en América, e así, por exemplo, a delegación da ING en Cuba (Aurelio Selas, Vicente Rebolgar..) celebrará nos locais do “Centro Galego” da Habana, o 17 de decembro de 1923, unha velada de homenaxe a Pardo de Cela²²¹.

1.5. OPORTUNIDADE DE *O MARISCAL* NO CONTEXTO TEATRAL DA ÉPOCA

Téndomos en conta todo o exposto até aquí, cómpre considerarmos finalmente outros antecedentes máis ou menos mediatos da peza *O Mariscal*, que teñen a ver co contexto teatral galego da súa época. Este contexto é hoxe suficientemente coñecido mercé aos traballos de investigadores como Laura Tato Fontaíña, Rabunhal Corgo, Euloxio R. Ruibal ou Manuel F. Vieites e non imos insistir aquí na súa descrición. Ora, non queremos deixar de facer referencia concreta a algúns factores e circunstancias que explican, ao noso ver, o que podemos denominar “oportunidade” ou “pertinencia” dunha obra como a que nos ocupa nese preciso contexto. Entre eses factores e circunstancias sinalaremos, particularmente:

a) A consideración da figura do Mariscal por parte das Irmandades da Fala como referente político e mítico-simbólico que cumpría reivindicar e divulgar (xunto con outros moitos como Prisciliano, Xelmírez, ...) entre o pobo galego, a fin de lograr un proceso de conscientización nacionalitaria.

²²⁰ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Os esteos da nazionalidade”, *Alborada*, Pontevedra, nº extra, 25.7.1922.

²²¹ Cf. *Eco de Galicia*, A Habana, nº 205, 23.12.1923.

Ao falarmos da familiarización de Villar Ponte e Cabanillas coa figura de Pardo de Cela xa temos feito mención ao proceso polo que este nobre galego tardomedieval se converte, no discurso do nacionalismo galego, en estandarte reivindicativo. A peza que nos ocupa, tomando pé na figura do Mariscal, revisará criticamente a “historia oficial” hispana, feita con presupostos centralizadores e uniformistas.

b) A existencia dunha certa tradición de teatro histórico (entendendo por tal o que presenta elementos procedentes dese discurso) na precaria e escasa produción dramática galega do século XIX, representada por pezas como *Mari Castaña. Unha revolta popular* (Xogos Florais de Pontevedra, 1884), de Emilio Álvarez Giménez (1830-1911); *Men Rodríguez de Tenorio* (escrita ca. 1886) de Manuel Amor Meilán (1867-1933); *Os ártabros. Escena orfeónica* (1889), de Francisco M^a de la Iglesia (1827-1897); *A torre de Peito Burdelo* (1891), de Galo Salinas (1852-1926); *Pedro Madruga* (Pontevedra, 1897), de Xoán Cuveiro Piñol (1821-1906); etc.

Neste sentido, *O Mariscal*, como proxecto textual, puido “dialogar” con outras obras galegas precedentes e, ao mesmo tempo, aspirar a superalas, cousa que fixo indubitabelmente. Na época en que Cabanillas e Villar Ponte emprenden o seu proxecto, esta tradición de teatro histórico en galego, practicamente interrompida²²², era non obstante reivindicada, xunto co costumismo ruralista, por autores como Xavier Prado *Lameiro* como un dos camiños máis valedeiros para o desenvolvemento do teatro galego²²³. E non deixa de ter interese sinalar que após a confección de *O Mariscal*, autores como Armando Cotarelo Valledor, Xoaquín López Riobóo, Euxenio Carré ou Álvaro de las Casas se sumaron ao cultivo do subxénero histórico en idioma galego cos seus dramas *Hostia* (lido no

²²² O propio Villar Ponte demostraba ter plena consciencia desa interrupción cando, ao falar na revista *Mariñana* en 1926 da futura edición de *O Mariscal*, indicaba: “Fora da *Fonte do Xuramento* [sic], apenas si de teatro histórico se ten feito algo en galego, nos tempos autuaes” (Cf. VILLAR PONTE, A.: “Unha obra nova galega. *O Mariscal* está imprentándose”, *Mariñana*, Sada, n^o extra, febreiro 1926, p. 11).

²²³ No prólogo ao volume *Monifates* (Ourense, 1928), o mentado dramaturgo ourensán aseveraba que “na actualidade non pode haber mais teatro netamente gallego que o teatro do agro e o hestórico; o primeiro representable; o segundo, somentes literario”.

Seminario de Estudos Galegos o 21 de maio de 1924 e publicado posteriormente como folletín no diario vigués *Galicia*, *Os Hirmandiños* (premiado pola Irmandade herculina en xaneiro de 1924), *Macías o Namorado* (Impr. Roel, 1921) e *A morte de Lord Stäuler* (Ed. Nós, 1929), respectivamente²²⁴.

c) A consideración do subxénero teatral histórico, practicamente inexistente no sistema literario galego na altura en que Villar Ponte e Cabanillas poñen man ao traballo de elaboración de *O Mariscal*, como un elemento necesario tanto no proceso de maduramento estético como no afán de aproveitamento proselitista, político se se quixer, da dramaturxia galega²²⁵.

Sobre a virtualidade proselitista e o rol (in)formativo do teatro en xeral Antón Villar Ponte escribiu abondosamente. Aquí ímonos conformar con facer referencia a un artigo seu intitulado “Un medio para crear la emoción histórica”, escrito en marzo de 1924 a propósito da inminente estrea en Compostela dun drama histórico en tres actos intitulado *La Reina Lupa*, obra do catedrático de instituto, secretario de redacción da revista *Ultraya* (1919-1920) e sacerdote Manuel Vidal Rodríguez (1871-1941), por canto nel alude o noso xornalista á necesidade de contar cunha dramática de carácter histórico que contribuíse de maneira decisiva para, nas súas palabras, “despertar en el alma de las gentes la emoción de nuestro pasado, que hasta ahora solo son a sentirla y casi nunca de un modo integral, contadísimos compatriotas de sensibilidad exquisita”²²⁶.

Polo que di á virtualidade estética renovadora que a proposta de cultivo do teatro histórico podía conlevar, convén lembrar que dous dos autores de máis relevo no panorama teatral occidental da

²²⁴ Unha completa visión sobre o subxénero histórico no teatro galego pode verse en OGANDO GONZÁLEZ, I.: *Teatro histórico: construcción dramática e construcción nacional*, Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor, A Coruña, 2004.

²²⁵ Sobre o papel da literatura nos procesos de construción nacional, vide FERNÁNDEZ PÉREZ-SANJULIÁN, C.: *A construción nacional no discurso literario de Ramón Otero Pedrayo*, Eds. A Nosa Terra, Vigo, 2003.

²²⁶ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. Un medio para crear la emoción histórica”, *Galicia*, Vigo, nº 467, 23.3.1924.

época, que eran explicitamente admirados por Villar Ponte, o irlandés George Bernard Shaw (1856-1950) e o alemán Gerhart Hauptmann (1862-1946), cultivaban ese subxénero.

E significativas son, no mesmo sentido, as palabras con que recensiona positivamente o viveirés en *A Nosa Terra* as pezas *Infanta*, de Manuel de Figueiredo (1725-1801), e *A Horda*, de João de Castro (1871-1955), ambas representativas da corrente de teatro histórico, arcádico un, simbolista, outro, dentro das letras lusitanas. A primeira, indicaba o xornalista, “mais que unha traxedia teatral é un poema trágico en tres estancias e en prosa; n’ unha prosa traballada, exquisita a transparentar un fondo pensamento patriótico perante ondas de belo lirismo”²²⁷, en tanto a segunda exemplificaba á perfección “un género de teatro irepresentábel [sic]. Un teatro poemático, cheio de símbolos, a través dos que óllase a realidade”²²⁸. Non é difícil percibir que certas características aquí anotadas como méritos (transfondo patriótico, lirismo e poeticidade, presenza de símbolos...) definen, precisamente, a proposta contida en *O Mariscal*..

Na mesma perspectiva, non debe perderse de vista que *O Mariscal* non foi a única peza teatral de corte histórico concibida por Villar Ponte. Mentres se xestaba no prelo de “Lar” a primeira edición de *O Mariscal*, o xornal *El Pueblo Gallego* daba novas da seguinte maneira sobre algúns novos proxectos dramáticos en que estaba embarcado nesa altura:

hemos de comunicar a nuestros lectores que *O Mariscal* de Villar Ponte y Cabanillas, está pronto a desplegarse por el mundo, entre las pompas líricas y la fidelidad histórica, la emoción de uno de los culminantes capítulos amargos de nuestro pasado.

Y como el descanso de Antón Villar Ponte es el pelear y es siempre su almohada la silla de guerra, tiene ya en el horno dos nuevas obras que se confiarán al vehículo eficaz de la escena; una, basada en la figura brava e interesantísima de Sinfiriano López, el menestral

²²⁷ Cf. *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 153, 15.12.1921.

²²⁸ *Ibidem*.

indómito y generoso ahorcado por denunciar [sic] a Porlier en los días de lucha entre el absolutismo y el liberalismo; otra, que se inspira en el admirable tipo femenino de liberal de Juana de Vega y en los mártires de Carral²²⁹.

A primeira desas pezas, a que versaría sobre as figuras de Juan Díaz Porlier (1788-1815) e Sinforiano López Alía (?-1815), nunca chegou a rematarse. Antón, logo de ter abandonado a súa redacción no período ditatorial, por imponderábeis que descoñecemos, fixo non obstante un derradeiro intento por acabala durante os anos finais da súa vida, na 2ª República, aínda que tampouco lograría pórllle ramo desa volta. Só a publicación nas páxinas de *El Pueblo Gallego* dun artigo na sección “Pretextos cotidianos”, o 10 de abril de 1931, intitulado “La Historia se repite”; a aparición en *La Voz de Galicia* dunha “Estampa romántica. Las últimas horas de Sinforiano López”, o 30 de abril de 1935, e a existencia nos fondos da Academia Galega de varios fragmentos manuscritos²³⁰, permiten abesullar o tecido argumental e a substancia dramática que terían dado consistencia ao proxecto teatral barallado, mais finalmente non rematado, por Villar Ponte.

Tocante á segunda das pezas, editada recentemente por Ernesto Vázquez Souza co título de *Xuana de Vega ou Os Mártires*²³¹, cómpre dicir que ficou igualmente incompleta, se ben aquí cabe falar dun moito maior grao de elaboración do rascuño que no caso anterior, como testemuñan os dous manuscritos conservados na Academia Galega²³². No diario vigués *El Pueblo Gallego*, o 18 de

²²⁹ Cf. “Hacia el futuro. Labor Gallega”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 774, 28.7.1926.

²³⁰ Véxase Fondo Villar Ponte, Caixa 159, Sobre 44.

²³¹ Cf. VILAR PONTE, A.: *Xuana de Vega ou Os Mártires*, Edicións Laivento, Santiago, 2001. Edición e notas de contexto de Ernesto Vázquez Souza.

²³² Fondo Villar Ponte, Caixa 159. Como explica Vázquez Souza na edición citada, trátase de dous borradores. O primeiro, con letra do propio xornalista viveirés, componse de cinco cuartos de folio e a primeira liña doutro. O segundo, escrito (copiado probabelmente polo fillo de Ramón Villar Ponte, Xosé Ramón) é máis amplo. Vázquez Souza sinala: “Semella un texto pasado a limpo, máis completo, con máis personaxes e unha acción máis complexa. Non se trata do mesmo texto, aínda que toma algunhas frases e os personaxes do primeiro. Resume os contidos do manuscrito anterior e presenta interesantes novidades” (*ed. cit.*, p. 25).

setembro de 1926, confesaba Villar Ponte, efectivamente, que estaba elaborando un drama ou poema dramático arredor dos sucesos da revolución galega de 1846, a dos mártires de Carral, e explicaba a intención última con que emprendía esa tarefa:

Con verdadeiro cariño vengo escribiendo un poema dramático, donde se dan todos los elementos de la tragedia cruenta, cuyo eje son las interesantes horas gallegas del año 1846. Si tuviese acierto (que no lo tendré a buen seguro) en el desarrollo de la obra, esta serviría, entre otras cosas, para poner de relieve ante los ojos de la juventud de hoy lo que va de tiempos a tiempos [...]

Así el poema dramático que vengo escribiendo quiere plasmar en una ficción reflejo de la realidad pretérita el espíritu de sacrificio que animaba a mujeres y hombres gallegos del siglo XIX²³³.

A figura central desta proxectada peza de Villar Ponte, destinada a salientar “el amor a la libertad que entonces privaba como obsesión suprema”, sería Juana de Vega (1805-1872), condesa de Espoz y Mina. Así explica o viveirés os porqués desta escolla:

La egregia figura de Juana de Vega (para mí una de las que mejor valorizan los méritos del eterno femenino gallego a través de la Historia) tiene todas las características esenciales de la mujer verdaderamente representativa de una raza. En ella la feminidad exquisita se hizo compatible con el heroísmo más extraordinario!²³⁴.

O contido dos dous rascaños conservados desta peza inconclusa resulta suficientemente revelador dos dous enfoques que manexou Villar Ponte sucesivamente durante a confección da mesma. Se nun primeiro momento a obra parece centrarse sobre todo nun intento de reconstrución ou recreación dramatizada da personalidade de Juana de Vega, posteriormente, como testemuña o segundo borrador e advirte o seu rigoroso editor Vázquez Souza, a trama vai minorando o papel e centralidade dese personaxe, tanto

²³³ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Galerías. La gloriosa tradición liberal de Galicia”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 819, 18.9.1926.

²³⁴ *Ibidem*.

para facilitar o avanza da propia acción dramática como para focar a atención e tensión argumental da obra nos prolegómenos conspirativos do levantamento liberal-provincialista de 1846 contra Narváez²³⁵. De aí que aparezan agora como personaxes o propio comandante Solís e o líder estudantil Antolín Faraldo.

Non sabemos con certeza por que non deu cabo Villar Ponte á confección desta peza, á que alude nunha “Carta Abierta. Acerca del Teatro Gallego” publicada en *El Pueblo Gallego* o 13 de xaneiro de 1928 como escrita, subliñémolo, en colaboración con Cabanillas e da que indica “pronto habrá de publicarse”²³⁶. Vázquez Souza conxectura que a mudanza do contexto político operada en abril de 1931 e o cambio de tendencias estéticas que vai experimentando nesa época a escena galega (adopción de moldes como o teatro intimista, o *folk-drama*, etc. e abandono do teatro histórico...) supuxeron dous fenómenos que incidiron negativamente sobre a “oportunidade” da peza proxectada, a pesar de que a memoria dos mártires de Carral foi reivindicada con insistencia polos republicanos galeguistas durante o período.

Algo tamén debeu de influír, pensamos nós, o progresivo distanciamento entre os seus autores e, así mesmo, os reiterados fracasos á hora de conseguir que *O Mariscal* subise á escena como peza teatral. Cando menos, iso deducimos do seguinte fragmento dun artigo xornalístico villar-pontino:

Cabanillas e máis eu, pol-o mesmo, iñoramos tamén a estas datas si temos acertado ou non na teatralización d’aquela obra [*O Mariscal*]. C’o que nos falta o estímulo para rematar outras producións escénicas que tñamos escomenzadas. No teatro somentes

²³⁵ É de supor que a principal fonte de información para Villar Ponte sobre os sucesos de 1846 fose o volume de Tetamancy Gastón *La Revolución Gallega de 1846*, editado pola Imprenta de Eugenio Carré, na Coruña, en 1908.

²³⁶ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Carta Abierta. Acerca del Teatro Gallego”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.227, 13.1.1928. Concretamente, indica o de Viveiro: “Por lo que respecta a Ramón Cabanillas y a mí, la falta de intérpretes de nuestro teatro no ha de servirnos de obstáculo para proseguir en la empresa de escribir obras en la lengua materna. Entre manos tenemos otra - *Os mártires* - que pronto habrá de publicarse. Con un nuevo desengaño forjamos una nueva ilusión”.

pódese trunfar a forza d'esperencia. E na Galicia inda é pouco doado tela. Facer obras teatraes para que ninguén as represente é cousa desanimadora d'abondo²³⁷.

d) A posta en marcha en 1919 dun “Conservatorio” por parte da Irmandade da Fala coruñesa que nace, loxicamente, necesitado de repertorio e que aspira, ademais, a ofrecer pautas tanto para a renovación estética do teatro galego como para a superación dos condicionamentos que viñan lastrando o seu contacto co público e a consecución de éxito e prestixio.

Non cabe a menor dúbida sobre a conexión entre a confección de *O Mariscal* e o inicio dos traballos da entidade teatral e formativa impulsada pola Irmandade coruñesa. Non obstante, a accidentada e efémera traxectoria deste “Conservatorio”, como veremos, frustraría o primeiro intento de representación pública da peza de Cabanillas e Villar Ponte.

e) O resurxir que tiña experimentado no inicio da vixésima centuria no teatro español un xénero de drama histórico versificado, da man de autores como Eduardo Marquina (1879-1946), con obras como *Las hijas del Cid* (1908) ou *En Flandes se ha puesto el sol* (1910, estr. en 1909); Francisco Villaespesa (1877-1936), con *El alcázar de las perlas* (1911), *Doña María de Padilla* (1914), *El Rey Galaor* (1915) ou *La leona de Castilla* (1918); ou Ramón Goy de Silva (1888-1962), con *La Reina Silencio* (1918). Ben é verdade que, como sinalaron no seu momento Eduardo Blanco Amor²³⁸ e Vicente

²³⁷ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Liñas sinxelas. O teatro como arma galeguizadora”, *El Despertar Gallego*, Buenos Aires, nº especial, decembro de 1929.

²³⁸ Dicía o autor de *Os biosbardos*, concretamente: “La semejanza técnica que puede tener con algunas producciones del teatro neo-romántico castellano, y que varios comentaristas han señalado a *O Mariscal*, no pasan de ser meros parecidos superficiales, nacidos más que de la imitación consciente, del concepto genérico del teatro dentro de una época más universal que privativa de una literatura particular, y mucho menos de la castellana, poco rica en inventiva formal y en novedades de ejecución. En cambio, las diferencias son profundas. Diferencias de concepto y de forma. El lenguaje -riquísimo y expresivo, lleno de admirables medias tintas- se mantiene dentro de una justa sobriedad y ni aun en los pasajes en que la trama escénica parece requerirlo más (los parlamentos de Pardo de Cela y Pedro, seu fillo [sic], en el acto segundo, la invocación de “O Cego”, en el primero y el recio monólogo de “A Vella” en el final, por ejemplo) llega a caer en la oratoria venal y tribunicia ni el lenguaje adopta los inflados barroquismos verbales con que suelen empavesar sus escenas los dramaturgos de la lengua

Risco²³⁹, e corroboraron máis recentemente Manuel María²⁴⁰ e Francisco Rodríguez²⁴¹, son evidentes as diferenzas que afastan *O Mariscal* dese tipo de teatro, a pesar dalgunhas coincidencias externas (uso do verso, tema tardo-medieval, combinación de influencias clásicas, románticas e modernistas...).

O ton reivindicativo que preside a peza de Cabanillas e Villar Ponte (afirmación dun pobo decapitado historicamente) nada ten a ver coas orientacións reaccionarias, de nostalxia imperial e apoloxéticas da “raza española” que dominan o teatro “histórico-poético” dos autores hispanos citados²⁴². Neste sentido, comentando en 1918 no xornal coruñés *El Noroeste* a estrea en Madrid, concretamente no “Teatro de la Princesa”, da peza *Santa Juana de Castilla*, de Benito Pérez Galdós, o propio Villar Ponte tiña deixado ben clara a súa total falta de entusiasmo pola proposta estética do autor de *Las hijas del Cid*, desde o momento en que eloxiou a capacidade do citado escritor canario para tratar “todo aquilo que en versos fríos, retoricistas, carentes de alma, levou á la escena, sin gran escrúpulo ni respeto,

castellana. Por el contrario, abunda en momentos de feliz e hidalga inspiración *enxebre*: el romance que canta “A Mociña” en el prólogo; el diálogo de Elvira y Amaro en el primer acto; la breve y dulcísima escena entre Xuana y los nobles y el idilio de ésta con Pedro, fillo [sic], con la trova de clásico e hidalgo corte gallego que ha de hacerse popular en labios del pueblo y tal vez en el pentágono de nuestro músico futuro, tanta es su simple y genial belleza...” (Cf. *CRITIAS* [BLANCO AMOR, E.]: “Libros. *O Mariscal*”, *Céltiga*, Buenos Aires, nº 49, 10.1.1927).

²³⁹ Cf. RISCO, V.: “Da Galiza Renascente (Conclusión)”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 256, 1.1.1929, pp. 8-9. O autor ourensán sinalaba que *O Mariscal* “é drama histórico, en versos magníficos, ceceais imitantes aos dramas hespañoles de Eduardo Marquina, mas as evocacións históricas de Marquina non poden ter a queñtura de ideal que ten a obra de Cabanillas e de Villar Ponte, porque non teñen a actualidade que esta ten”.

²⁴⁰ O poeta chairego sinala, neste sentido: “Esta obra puede ser clasificada como perteneciente al teatro poético del modernismo. Desde luego, a nuestro juicio, es una obra de muchísima más categoría teatral y poética que cualquiera de Marquina, de Villaspesa o de don José María Pemán. Los elementos poéticos están maravillosamente manejados. Y la acción está muy bien desarrollada y con grandes efectos teatrales, debido al ritmo *in crescendo* de la misma” (Vide FERNÁNDEZ TEIXEIRO, M. Mª: “Noticia del teatro gallego”, *Primer acto*, nº 120, Madrid, maio de 1970, p. 15).

²⁴¹ Vide RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, F.: “*O Mariscal*: un modelo de redención”, en VV.AA.: *Ramón Cabanillas. Camiño adiante*, Ed. A Nosa Terra, Col. A Nosa Cultura-Extra nº 10, Vigo, 1989, pp. 26-39.

²⁴² Investigadores como Antonio Castellón sitúan as citadas pezas de Marquina, Villaspesa, etc. dentro dunha tendencia inmobilista que visaría “la restauración de la visión del mundo de la nobleza como ideología dominante” (CASTELLÓN, A.: *El Teatro como instrumento político en España (1895-1914)*, Ed. Endymion, Col. Textos Universitarios, Madrid, 1994, p. 19).

Eduardo Marquina”²⁴³. Os editores de *O Mariscal*, Ánxel Casal Gosenxe e Leandro Carré Alvarellos, nunha folla voandeira propagandística da peza que nos ocupa, sinalaban nunha liña semellante: “*O Mariscal* salvará as fronteiras trunfador. Os galegos poderán amosstrar con fachenda esta obra que val tanto, se non val mais que as milliores do teatro castelán moderno chamado poético e histórico”²⁴⁴.

Colocados nesta perspectiva, convén tamén non esquecer, finalmente, a relativa puxanza que experimentou, pola mesma época en que se xestou e confeccionou *O Mariscal*, o teatro histórico catalanista, representado por autores como Ángel Guimerá (1845-1924) con obras como *La Reina Jove* (1911), *Indibil i Mandoni* (1917) ou *Juan Dalla* (1921), ambientada esta última na Barcelona de 1714. Sintomaticamente, a estrea desta peza no “Teatro Novedades” sería prohibida polas autoridades.

²⁴³ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Jornadas. El viejo siempre joven”, *El Noroeste*, A Coruña, ca. 1918. Recorte en Arquivo da Real Academia Galega, Fondo Villar Ponte, Caixa 148, Sobre 4. Talvez teñan algo que ver con esta falta de simpatía de Antón Villar Ponte cara a Marquina, como causa, os parágrafos denigratorios do clima galego que este puxo en boca dalgúns personaxes na peza *Las hijas del Cid*.

²⁴⁴ Folla voandeira existente en Fundación Penzol, Fondo Villar Ponte, Carpeta 40 (4).

II. A CONTROVERTIDA CUESTIÓN DA AUTORÍA

2.1. OPINIÓNS SOBRE O GRAO DE PARTICIPACIÓN DOS AUTORES DE *O MARISCAL* NA CONFECCIÓN DA PEZA

Unha cuestión que de maneira inevitábel debemos abordar aquí, por non estar suficientemente clarificada aínda na historiografía dramática galega, é a da autoría da peza, ou por mellor dicir, a do grao de participación ou contributo concreto que correspondeu a cada un dos nosos dous protagonistas na elaboración de *O Mariscal*.

Leandro Carré aseverou que a peza, “se ben escribida en colaboración con Villar Ponte, quen trazou en grande parte as escenas, ten nos fermosísimos versos o selo inconfundíbele de Cabanillas”²⁴⁵. Carvalho Calero, pola súa vez, afirmou que “Antonio Villar Ponte, nado nas terras que enseñoreaba o Mariscal, concebiu a realización dunha peza de teatro poético, con intención política. Enviou a Cabanillas unhas cuartillas co proxeito, que despois completou en colaboración. A obra está en verso, de xeito que foi totalmente versificada por Cabanillas”²⁴⁶. Abundando nesta interpretación, o sabio ferrolán escribe: “Vilar Ponte firma con Cabanillas *O Mariscal*. Aquél concibiu a obra como unha peza pseudohistórica de propaganda política. Segundo parez, redactou un guión do drama. Sendo éste en verso, Cabanillas escribiu todo o diálogo, e imprimíulle enteiramente a súa persoalidade. Non se parez cousa ás pezas examinadas do autor vivariense, pero non sabemos o que del puido permanecer na estrutura do drama”²⁴⁷.

²⁴⁵ Vide CARRÉ, L.: “Ramón Cabanillas no teatro galego”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, A Coruña, Ano LIX, Tomo XXIX, Abril de 1961, nº 339-344, p. 199.

²⁴⁶ Vide CARBALLO CALERO, R.: *Historia da Literatura Galega Contemporánea (1808-1936)*, Ed. Galaxia, Vigo, 1981, 3ª ed., p. 590.

²⁴⁷ *Ibidem*, p. 611. Noutro traballo seu alude Carvalho Calero tamén a *O Mariscal*, “que na súa realización hai que considerar obra de Cabanilhas. Nom sabemos que importancia tivo o planeamento do drama por Vilhar Ponte, e em que medida subsistíron as súas ideas na execución da peça, mui superior ás que aparecen firmadas só polo vivariense” (Cf. CARVALHO CALERO, R.: “António Vilhar Ponte, *Escolma*”, *Letras Galegas*, AGAL, Ourense, 1984, p. 202). E aínda noutro artigo, explica o erudito ferrolán: “António Vilhar Ponte, continuando a tradición de Benito Vicetto e Manuel Leiras

Pola súa banda, Otero Pedraio evocou ao falar na revista *Grial* das súas lembranzas caballinianas “aquele centileante *Mariscal* composto en compañía do inesquencido Antón Vilar Ponte”²⁴⁸. Varela Jácome enxergou que “Vilar Ponte fixo o esquema do *Mariscal*, centrado na figura de Pardo de Cela, pero os parlamentos foron versificados por Cabanillas”²⁴⁹. Francisco Pillado e Manuel Lourenzo sentenciaron, así mesmo, que “non se pode pensar, nin xiquera remotamente, que Villar Ponte escribira unha soa liña de *O Mariscal*. El sería porén o autor da idea e máis do limiar á primeira edición que firman *os autores*”²⁵⁰. Anxo Tarrío entendeu que a colaboración de Villar Ponte “non pasou da idea e da redacción do limiar”²⁵¹, en tanto Manuel F. Vieites considerou que Villar Ponte “aportou a idea inicial e o argumento”²⁵². Carlos L. Bernárdez e o propio Vieites aludirían noutro traballo a esta cuestión da autoría nestes termos:

Sabemos que a obra tamén está asinada por Antón Villar Ponte e non seremos nós os que separemos aquilo que eles xuntaron, mais entendemos que se no proceso de deseño e construción da fábula e mesmo da trama, hai indicios evidentes da participación de Villar Ponte, a escrita, a realización práctica dese bosquejo polo que rastrexamos as fondas pegadas de Yeats, é da autoría de Cabanillas²⁵³.

Pulpeiro, ideou o drama de *Mariscal* e remeteu a Cabanilhas un esquema do mesmo. Postos ambos de acordo sobre a distribución definitiva das cenas, Cabanilhas versificou a obra de cabo a rabo” (Cf. CARVALHO CALERO, R.: “O teatro galego actual”, en *Letras Galegas*, AGAL, Ourense, 1984, p. 106).

²⁴⁸ Vide OTERO PEDRAYO, R.: “Evocación de Ramón Cabanillas”, *Grial*, Vigo, nº 54, Outubro-Novembro-Dembro de 1976, p. 408.

²⁴⁹ Vide VARELA JÁCOME, B.: “Literatura do s. XX”, en VV.AA.: *Historia de Galicia*, Cupsa Editorial, Barcelona, 1980, p. 311.

²⁵⁰ Vide LOURENZO, M. & PILLADO, F.: *O Teatro Galego*, Ed. do Castro, Sada, 1979, p. 75. En parecidos termos expresáronse ambos autores na súa *Antoloxía do Teatro Galego*, Eds. do Castro, Sada, 1982, p. 191, nota 2.

²⁵¹ Vide TARRÍO VARELA, A.: *Literatura Galega. Aportación a unha Historia crítica*, Ed. Xerais, Vigo, 1994, p. 197.

²⁵² Vide VIEITES, M. F.: “Manual e escolma da literatura dramática galega”, Ed. Sotelo Blanco, Santiago, 1996, p. 27.

²⁵³ Vide BERNÁRDEZ, C. L. & VIEITES, M. F.: “Introducción”, en CABANILLAS, Ramón: *Obra dramática*, Ed. Xerais, Col. Biblioteca das Letras Galegas, nº 41, Vigo, 1996, p. 38.

Sobre o mesmo asunto, Laura Tato indicou que “o texto foi redixido en prosa por Villar Ponte e versificado por Cabanillas”²⁵⁴, mentres Alonso Gírgado anotou que “todo apunta a que Antón Villar Ponte só é autor do prólogo e do guión do texto”²⁵⁵. Pola súa vez, Dolores Vilavedra aseverou que Cabanillas glosou a figura de Pardo de Cela “a partir de unha idea de Antón Vilar Ponte, quen coasinaría a peza”²⁵⁶.

A *Enciclopedia Galega Universal* da editora “Ir Indo”, na voz “Cabanillas”, informa a respecto de *O Mariscal* que “aínda que aparece como coautor Antón Villar Ponte, o máis probable é que este lle dese a idea a Cabanillas para que fose el quen escribise o corpo da peza”²⁵⁷. Finalmente, Millán Otero, partindo da base de que “canto nela puxo Cabanillas e canto Villar Ponte nunca será fácil de decidir”, tentou sistematizar os datos sobre o particular deste xeito:

Sería difícil cuestionar que todo o que na obra é elaboración poética (a forma final, o verso, a linguaxe, o ritmo), deben atribuírse ao poeta: moitas pasaxes poderían ser obxecto incluso de análise comparativa con poemas anteriores ou contemporáneos do cambadés. Tamén os matices místico-relixiosos que adopta a obra e que coinciden basicamente co mundo elaborado a partir de *Na noite estrelecida* (1926) e os poemas históricos de *Camiños no tempo* (1949, mais escritos ao longo dos anos 20).

A figura do mariscal Pardo de Cela non era un referente que seducise a Cabanillas, á marxe desta peza teatral. Posto á tarefa de construír unha historia mítica da nación, séntese atraído por outros momentos de esplendor e decadencia do reino [...] [e por] figuras como Xelmírez, dona Urraca, don Sancho, Afonso VII...

A elección da *persona*, a trama argumental, o trasfondo ideolóxico, cabe por iso atribuílos a Villar Ponte. Pardo de Cela e o seu espacio físico eran referentes próximos para o escritor de Viveiro [...]

²⁵⁴ Vide TATO FONTAÍÑA, L.: *Historia do Teatro Galego. Das orixes a 1936*, Ed. A Nosa Terra, Vigo, 1999, p. 117.

²⁵⁵ Vide ALONSO GIRGADO, L. *et alii*: “Introducción”, en *Resol. Edición facsímile*, Centro ‘Ramón Piñeiro’-Xunta de Galicia, Santiago, 1997, p. 175, nota 206.

²⁵⁶ Vide VILAVEDRA, D.: *Historia da literatura galega*, Ed. Galaxia, Vigo, 1999, p. 159.

²⁵⁷ Vide voz “Cabanillas, Ramón”, *Enciclopedia Galega Universal. Tomo 4. BRAS-CASAL*, Ed. Ir Indo, Vigo, 2001, pp.145-147.

Villar Ponte coñecía a fondo as tradicións orais relativas ao Mariscal, o espazo físico de Mondoñedo e a Mariña luguesa; en menor medida, as fontes históricas que permitían recompoñer a súa figura. O desenvolvemento artístico e a coherencia teatral débense sen dúbida a Cabanillas; a substancia da obra e boa parte da súa intención e orientación, a Villar Ponte²⁵⁸.

2.2. NOVOS DATOS A CONSIDERAR SOBRE A CUESTIÓN

Tentando precisar ao máximo unha cuestión que, en calquera caso e como fica dito, dificilmente poderá ser resolta de maneira definitiva, imos citar algúns textos, fontes e feitos que permiten revisar criticamente unha parte das aseveracións dos estudosos citados e deixar definitivamente sentado o papel activo, realmente **co-autoral**, que xogou Antón Villar Ponte na elaboración dunha obra que con demasiada frecuencia, como advertiu oportunamente Fernández Castro²⁵⁹, se elimina ou se minusvaloriza no seu *currículum*²⁶⁰.

Cando a revista coruñesa *Alfar*, en abril de 1923, adiantou un pequeno fragmento de *O Mariscal*, informou ao seus lectores en breve nótula previa que a peza foi “escrita en prosa por Villar Ponte y versificada luego por Cabanillas, respetando todos los giros e imáxenes que aquél concibió”²⁶¹.

Pola súa banda, o xornal betanceiro *Rexurdimento*, daquela órgano de prensa da ING, ao publicar igualmente en febreiro de

²⁵⁸ Vide MILLÁN OTERO, X. M.: “A obra teatral de Ramón Cabanillas: unha cala en *O Mariscal*”, *Pontenerga. Revista de Estudos Sociolingüísticos*, Deputación Provincial de Pontevedra, nº 2, PP. 57-59.

²⁵⁹ No seu traballo sobre *O Mariscal*, este autor fai unha ao noso ver moi atinada e pertinente “reivindicación do importante papel xogado por Villar Ponte, e que hoxe se desatende, o que en xustiza debería ser corrixido” (Vide FERNÁNDEZ CASTRO, X. M.: *art. cit.*, p. 27).

²⁶⁰ Algúns dos moitos exemplos que sobre esta omisión poderían aducirse son a introdución de Ramiro Fonte á edición de *Vento mareiro* (Ed. Xerais, Vigo, Col. Biblioteca das Letras Galega, 38, 1995), en que non se cita a Antón Villar Ponte en ningún momento como co-autor da peza que nos ocupa, ou o estudo de Isabel González sobre “Sufijación nominal en *O Mariscal* de Ramón Cabanillas” (en VV.AA.: *Homenaxe a Cabanillas no centenario do seu nacemento*, Universidade de Santiago, Facultade de Filoloxía, Santiago, 1977), de título elocvente na perspectiva que nos interesa.

²⁶¹ Cf. *Alfar*, A Coruña, nº 28, abril de 1923.

1923 un fragmento de *O Mariscal*, aludía a ela como obra que Antón Villar Ponte “compuxo en prosa, brindándolla ó poeta da Raza Ramón Cabanillas pra que a versificase, coma o fixo”²⁶².

Algún tempo despois, o voceiro da Irmandade da Fala coruñesa *A Nosa Terra*, ao fío da publicación da peza pola editorial “Lar” (1926), comentaba:

Xa os nosos lectores saben que se trata de unha obra dramática en tres actos e un prólogo inspirada na vida do Mariscal Pardo de Cela, o xurdio patriota galego do século XV, de onde Villar Ponte que concibiu a obra recolleu os materiais para darlle vida o gran Cabanillas n’uns versos fermosos, xurdios, que como seus non precisan gabanza e confirman no dictado de poeta da raza que ten conquerido por méritos indiscutibles²⁶³.

O irmán da fala Vitor Casas, nun artigo que veu lume no diario vigués *El Pueblo Gallego* por esas mesmas datas, despois de saudar con ledicia a impresión da obra, sinalaba a respecto do papel desempeñado por cada un dos seus autores nela o seguinte:

Quens vimos como Villar Ponte ideouno, xa fai seus sete anos, e fumos lendo escena por escena as que Cabanillas íballe enviando xá versificadas soupemos axiña do que iba a ser *O Mariscal* e fúmonos decatando da sua grandiosidade maxestuosa. Os seus autores empeñaron n’esta obra o seu talento, a sua capacidade e intrés [...].

Villar Ponte ideando a trama e tomando como fonte a lenda que vive e alenta despois de catro séculos, nas terras mindonienses escenario da perda das nosas liberdades, soupo dar unha vida nova, na que as actuais e vindeiras xeneracións ollarán un xurdio cieiro [sic] de enseñanzas, á traxedia do patriota Pardo de Cela vilmente aforcado [sic] valéndose da traición, co seu fillo, na praza de Mondoñedo no Nadal de 1478 por tomar a defensa da Causa de Galicia [...].

A intervención de Villar Ponte en *O Mariscal* é do máis feliz polo que él fixo e do mais xeneroso e prausible polo-a idea que o guiou.

²⁶² Cf. *Rexurdimento*, Betanzos, 2ª xeira, febreiro de 1923.

²⁶³ Cf. “Lecturas. Libros galegos”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 230, 1.11.1926, p. 12.

Cabanillas, o gran poeta da Raza, ten na obra ocasión enorme para nos dar unha proba máis da súa grandiosa capacidade poética, xa demostrada e por todos reconhecida, en total-as suas obras²⁶⁴.

Nunha carta dirixida por Ramón Cabanillas a Carvalho Calero o 8 de novembro de 1954, desde Madrid, o cambadés afirma que por indicación de Villar Ponte “esquirbín *A man de Santiña*”, para decontado engadir: “e dimpóis mandóume unhas cuartelas co proieuto, que dimpóis compretamos en colaboración, de *O Mariscal*”²⁶⁵.

O propio Villar Ponte, no artigo anunciador dunha finalmente frustrada impresión de *O Mariscal* na Casa Moret, artigo que se publicou en febreiro de 1926 na revista *Mariñana* de Sada, deixou dito, con claro apelo á técnica da *captatio benevolentiae*:

¿Vos estraña que eu loube tanto *O Mariscal* sendo coautor do mesmo? Pois a vosa estrañeza desaparecerá logo de decirevos [sic] que canto é meritório n’este libro pertence, ben a Cabanillas, ben ó pobo. A Cabanillas pol-a inspiración poética; ó pobo, porque o pobo foi o que concibiu a leenda. Os luares que poidan contarse, ó longo das follas da traxedia proisima a ser imprentada, eso é o debido a min²⁶⁶.

Xa editada a obra, cando Antón resulta detido, multado e finalmente encadeado o 15 de xaneiro de 1927 por mor dos contidos críticos coa ditadura primo-riverista do seu artigo “La extraña unanimidad” (que se publicara o 30 de novembro de 1926 en *La Correspondencia*, de Cienfuegos), o xornal galaico-arxentino *El Despertar Gallego* facíase eco da nova nestes termos: “El egregio publicista Antón Villar Ponte, uno de los más valiosos periodistas de Galicia, coautor de *O Mariscal*, acaba de ser castigado por el gobier-

²⁶⁴ Cf. CASAS, V.: “Libros Galegos. *O Mariscal*”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 7.10.1926.

²⁶⁵ Vide CARBALLO CALERO, R.: “Cartas de Cabanillas”, en VV.AA.: *Homenaxe a Cabanillas no centenario do seu nacemento*, Universidade de Santiago, Facultade de Filoloxía, Santiago, 1977, pp. 7-16.

²⁶⁶ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Unha obra nova galega. *O Mariscal* está imprentándose”, *Mariñana*, Sada, nº extra, febreiro 1926, p. 11.

no que soporta España con 500 pesetas de multa o un mes de cárcel, por un artículo en el que, como de costumbre, decía un núcleo de verdades de a puño²⁶⁷.

En xuño de 1929, logo da estrea da súa versión operística, *A Nosa Terra* referirase á peza *O Mariscal* como “gran traxedia trama-da por Villar Ponte e posta en verso por Cabanillas”²⁶⁸. E, finalmente, o xornal *La Voz de Galicia*, ao facer en marzo de 1936 a nota necrolóxica do seu noutrora redactor e colaborador Antón Villar Ponte, indicaba, entre outros moitos aspectos, que “en colaboración con Ramón Cabanillas, poetizou la tragedia *O Mariscal*”²⁶⁹.

Todos estes testemuños da época e as declaracións dos propios protagonistas deixan ben sentado, coidamos, o activo papel desempeñado por Antón Villar Ponte no deseño, documentación previa e dramatización da peza, pero advírtennos, ademais, sobre a necesidade de revisar parcialmente a versión comunmente aceptada sobre a cuestión da autoría de *O Mariscal*, como xa propuxemos noutro traballo²⁷⁰.

Hai que facer esa revisión tendo presente, sobre todo, o indicado polo propio Villar Ponte nun artigo publicado nas páxinas de *El Pueblo Gallego* o día 25 de xaneiro de 1935:

Nosotros, únicamente una vez hemos escrito en colaboración con otro una obra de teatro. El otro era un poeta: Cabanillas. La obra *O Mariscal*. Y a pesar de que nosotros la hemos hecho toda, absolutamente toda, en prosa lírica antes de enviársela a Cabanillas para que la vertiese en rimas -quien la vertió respetando incluso la inmensa mayoría de nuestras imágenes originales- después de rematada nos parecía, aunque tal parecer supusiera yerro, que algunas de las situaciones dramáticas resultaban más esvaídas luego de realizar-

²⁶⁷ Cf. “Antón Villar Ponte fué multado en 500 pesetas por escribir”, *El Despertar Gallego*, Buenos Aires, nº 90, 16.1.1927.

²⁶⁸ Cf. “Ao decorrel-os días”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 261, 1.6.1929, p. 1.

²⁶⁹ Cf. “Falleció Antonio Villar Ponte”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, nº 17.464, 5.3.1936.

²⁷⁰ Vide ÍNSUA LÓPEZ, E. X.: “O teatro das Irmandades da Fala”, en VV.AA.: *Historia da Literatura Galega, Tomo II*, Ed. A Nosa Terra/A.S.-P.G., Vigo, 1996, fascículo 20, pp. 632-633.

se su versificación, que antes de que ésta se realizara. Pese a nuestra compenetración ideológica, la divergencia temperamental restó sin duda algún vigor unanimista al conjunto²⁷¹.

Un forte sentimento de enfado movía a Villar Ponte á hora de facer estas apreciacións, redixidas tras escoitar nunha emisora de radio coruñesa unha conferencia en que se tiña aludido á peza *O Mariscal* como obra exclusiva de Ramón Cabanillas:

no hace mucho un señor, pronunciando una conferencia ante el micrófono de cierta estación de radio sobre teatro gallego, habló con elogio de *O Mariscal* para afirmar que era algo así como nuestra *Amaya*. Mas cuidóse mucho, él sabra por qué, que acaso lo sepa, de no citar como autor de aquella sino a Cabanillas. Nosotros le cedemos de buen grado todo lo de mérito que haya en *O Mariscal* a Cabanillas, el admirable poeta. Pero lo cierto es que dicha tragedia, con todos sus aciertos y defectos teatrales y con casi todos los pretextos líricos que contiene, envueltos más tarde en las ondas sonoras de la rima por Cabanillas, la hemos escrito nosotros. Nosotros que nos sentimos reacios a volver a gestar una obra, que pretende serlo de arte, en colaboración con nadie²⁷².

A maiores deste testemuño, na Fundación Penzol (Vigo) e no Arquivo da Academia Galega (A Coruña) gárdanse algúns documentos que permiten afinar aínda máis a resposta ao interrogante de que papel correspondeu a cada escritor na autoría de *O Mariscal*.

Un caderniño gardado a día de hoxe no Arquivo da Academia Galega (Fondo Villar Ponte, Caixa 150, Sobre 3) e formado por varias follas voandeiras coladas das que imprimira a Irmandade da Fala para a campaña electoral de Peña Novo e Durán García no Distrito 3º da cidade herculina, nas municipais de 1920, demostra que o xornalista viveirés realizou un concienzoso traballo de documentación con anterioridade á realización e confección da peza.

²⁷¹ Cf. VILLAR PONTE, A.: "Pretextos cotidianos. Sobre la creación literaria que no es unipersonal", *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 3.370, 25.1.1935.

²⁷² *Ibidem*.

Nese caderniño anotou efectivamente Antón diversos datos históricos e lingüísticos tirados da lectura de referencias bibliográficas como *Galicia en el último tercio del siglo XV*, do cóengo composrelán Antonio López Ferreiro (1837-1910), que editara en dous volumes (en 1896 e 1897, respectivamente) a “Biblioteca Gallega” de Martínez Salazar; a *Historia Iriense* ou *Corónica de Santa Maria de Iria*, de Rui Vasques; a *Descripción do Reino de Galicia*, do Licenciado Molina; o *Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia* feito por Vasco de Aponte; o *Memorial de la Casa de Saavedra* de 1674; varias *Actas Capitulares* dos Concellos de Santiago e Ourense do século XV...

Polo traballo de José Villaamil y Castro (1838-1910) intitulado “El Mariscal Pardo de Cela”, publicado na revista santiaguesa *Galicia Histórica* en 1901, Villar Ponte documenta concretamente, por exemplo, as rivalidades do nobre galego protagonista da súa peza teatral coa Mitra mindoniense, mais, perante a imaxe negativa do Mariscal que o citado erudito transmitía no seu traballo, presentándoo como un rebelde e desobediente que apoiándose en xente “desalmada y feroz” causou consternación en toda a Galiza, o noso xornalista apunta: “¿Por qué la tradición del país dice todo lo contrario?”²⁷³.

Do mesmo xeito, grazas á *Relazón da carta xecutoria* inserida por Fernando de Saavedra e Rivadeneira, señor de Parga, no seu xa citado *Memorial*, no século XVII, Villar Ponte coñece os nomes e a orixe xeográfica dos vintedous criados que atraizoaron a Pardo de Cela e debe salientarse o feito de que, entre eles, figure unha tal Elvira de Muras, pois reaparecerá como personaxe en *O Mariscal...*

A anotación de diversos elementos lingüísticos, como nomes de moedas (*dobras, maravedises, réas, marcos, onzas, francos, enriques d'ouro*); nomes de partes da armadura; formas substantivas, verbais e xiros sintácticos *arcaicos* ou xa inusuais no galego coetáneo, etc. que Villar Ponte fai neste caderniño que nos ocupa semella orienta-

²⁷³ Vide Arquivo da Real Academia Galega, Fondo Villar Ponte, Caixa 150, Sobre 3.

da a recoller a esencia do galego tardo-medieval e, de paso, dotar de rigorosa historicidade a linguaxe empregada na obra.

Recolle datos Villar Ponte, igualmente, sobre o nome e condición de diversos persoeiros que interviñeron máis ou menos directamente nos feitos teatralizados logo en *O Mariscal*. Sobre o gobernador Fernando de Acuña, apostila con sarcasmo: “digno ingerto de los poncios de hoy”. De Diego López de Haro anota: “sustituii ô Fernán de Acuña, logo de que este fixo o aforcamento do Mariscal Pardo de Cela”. Noutra anotación sinala: “Os reis casteláns encheron d’estraxeiros ó país. D’esto fala Murguía”. A respecto do entón bispo santiagoés escribe: “Os reises católicos premiaron a *lealtade* de Fonseca co’a restitución á mitra compostelana de varias das terras usurpadas. Pra logo, véndose *seguros*, pagarlle con privalo do dominio das fortalezas da mitra”. De Ladrón de Guevara sinala que “co’a flota *castelán*, fixo fuxir de Viveiro a Pardo de Cela mais aquela escuadra foi escorrentada despois de Pontevedra”. E aínda noutra anotación villar-pontina lemos: “Pardo de Cela sempre foi contra os reises católicos i-as armas casteláns. Pardo de Cela abrangueu sempre a causa da Beltraneja e de Afonso V de Portugal. Se outros nobres, como Pedro Madruga, o axudaran ou pensaran o mesmo ¿non tería outro rumbo o noso porvire?”²⁷⁴.

Tamén no Fondo Villar Ponte do Arquivo-Biblioteca da Real Academia Galega (Caixa 146) existe unha serie de textos manuscritos, redixidos no reverso das mesmas follas voandeiras de propaganda electoral con que fixera o caderniño antes aludido e que aparecen reunidos baixo o significativo título de “Apuntes sobre Pardo de Cela”. A ese conxunto, que semella o borrador dunha conferencia, discurso ou artigo, pertence o seguinte fragmento, revelador da valorización histórica que lle merecía a Villar Ponte o período en que a Galiza perde toda mostra de independencia política perante a coroa castelá:

²⁷⁴ Vide Arquivo da Real Academia Galega, Fondo Villar Ponte, Caixa 150, Sobre 3. Lémbrese que Xoana, filla do rei castelán Enrique IV e sobriña da súa contrincante Isabel a Católica, casou co seu tío Afonso V de Portugal en 1475.

Do século XII ó XIX, en que xurden os precursores, apenas temos historia, somos un pobo morto, inda que a derradeiros do XV e comezos do XVI hai en Compostela un gran frolecimento artístico, inda que eramos escravos xa.

Do século XII adiante o sentimento galego vai a menos e a emoción do noso pasado foi usurpada vilmente pol-a España indivisa de 'unha soila rexión, un solo idioma e un solo poder lexislativo'. Esta pragmática que deron os príncipes do *tantomonta* foi a máis grande usurpadora da nosa emoción histórica. Galicia, dende entón sin poder utiliza-lo seu idioma, ficaba condenada a enterral-a sua persoalidá e as suas arelas de libertá e a interromper a sua Historia.

A Galiza que durante oito séculos dera alentos espritoales, homes e materiais pra conquistar cen pobos que adoraban a Mahoma, non tiña dreito a vivir do século XV para adiante; debía ser escrava e foino. Pra eso mataron a Pardo de Cela y estabreceuse a Santa Hermandá que se non creou pra esnaquizar os salteadores de camiños senon que nasceu pra afogar berros de libertade e matar pobos independentes²⁷⁵.

Ao mesmo monllo de manuscritos que citamos pertence estoutro fragmento, igualmente significativo sobre a percepción que o de Viveiro tiña da figura que protagonizaría *O Mariscal*:

Pardo de Cela pagou heroicamente, c'o seu sangue i-o do seu fillo, a sua santa rebeldía, sen renderse nunca ante os reis casteláns. E tivo que ser Joaquín Costa, un alleo, quen dixera n'unha das suas obras, que foi lástema que non houbese un Pardo de Cela i-unha Frouseira en cada provincia da Hespaña.

Somentes, pois, os castrados espritoalmente, os que levan a sua i-alma agrilloada e cega por cinco séculos d'escravitude moral e material (que d'ambas as duas sofreu Galicia desde entón) poden deixaren de sentir admiración e entusiasmo pol-o inmortal Pardo de Cela. Revisando os nosos valores históricos con pensamento novecentista, ninguén pode deixar de ver com'o mais patriótico este homenaxe a quen soñaba, ambicioso ou non, que importa esto!, con libarnos da hexemonía castelán para unirnos co'a irmá Lusitania²⁷⁶.

²⁷⁵ Vide Arquivo da Real Academia Galega, Fondo Villar Ponte, Caixa 146.

²⁷⁶ *Ibidem*.

Finalmente, na propia Academia Galega demos localizado unha folla manuscrita en español de Antón Villar Ponte (nun folio numerado na parte superior como 29, e, entre parénteses e na marxe lateral esquerda como 26 volta) que probabelmente corresponda ao proxecto-guión en prosa enviado polo xornalista viveirés a Ramón Cabanillas para a confección de *O Mariscal*²⁷⁷. O contido desa folla responde basicamente (aínda que con importantes variacións textuais, como se verá) ao 3º Acto, 1ª Xornada, 1º Cadro, Escenas IIIª e VIIª da obra, quere dicir, ao instante en que Frei Rosende conmina aos prisioneiros a se prepararen debidamente para morreren a ben con Deus e cando estes expresan os seus sentimentos cara á traidora Castela. Comparemos a literalidade dun fragmento dese manuscrito coa da peza tal e como esta foi finalmente publicada:

MANUSCRITO VILLAR PONTE

“Mariscal- Se acerca la [hora] de dejar también nuestras almas la cárcel del cuerpo.

Fray- Para presentarse en el Tribunal de Dios [ilexíbel] misericordia, hermanos míos. Dejad el peso de los rencores, como buenos cristianos, para que el espíritu pueda ascender hasta el cielo.

Mariscal- Hay ciertos rencores que redimen y purifican como el fuego. Los mortales espíritus tienen dos alas para volar: la del amor y la del odio. Sin un gran odio no puede haber un gran amor. Si amamos a Galicia libre tenemos que odiar a Castilla esclavizadora. Perdonamos a los traidores, a los instrumentos de los esclavizadores; pero aun vive un odio impersonal, porque será eterno como la [ilexíbel] del espíritu a Castilla.

P[edro] Hijo- Tranquilos vamos a ofrecer el cuello al hacha del verdugo, como se ofrece la mies a la hoz del segador. Pero nuestras cabezas, como las espigas rubias [palabra tachada] el pan de la redención. El sacrificio de mi sangre joven derramada inocentemente encenderá en las venas de la juventud por venir, el amor a la libertad gallega; Padre mío, Padre, abrazadme, abrázemonos, démonos el último abrazo. Madre mía, llegó nuestra última hora! Y no puedo verte, y no puedes verme y por nosotros te habrás arrastrado al pie de los Reyes. Tu calvario, tu calvario... ¡Madre mía ¿dónde estás?, hermana, mi dulce Juana!...

²⁷⁷ Arquivo da Real Academia Galega, Fondo Villar Ponte, Caixa 149, Sobre 1.

Pedro Miranda: Quizás podréis verla.

Mariscal: No rayéis con el diamante de las lágrimas el cristal de la serenidad que trasparenta nuestro valor, el valor gallego, [ilexfbel] página de la Historia [...] Ved hermanos como caminamos hacia la muerte. Así, serenamente, altivamente, con la frente erguida

Fray- Aun faltan breves minutos”.

PEZA PUBLICADA

FREI ROSENDE: ; Irmáns ! ;Dade a esquecemento
 inquedades e ilusiós !
 ; Recollede o pensamento
 e mirade que El Señor
 ó mesmo tempo é xustiza
 e caridade e perdón!
 ; Unha nova, eterna vida
 ides començar !

O MARISCAL: En nós
 a morte, a morte temida
 xa non é anguria nin tremor
 ; Rubiremos ó martirio,
 ó taboado da pasión,
 a ofrecer estas cabezas
 - que xa o misterio bicou -
 ó machado do verdugo
 e á vinganza dun treidor,
 como as espigas do trigo
 - hostias na consagración -
 se ofrecen louras e homildes
 á fouce do segador!

FREI ROSENDE: ;Na forca ou no trono, a morte
 chega mandada de Dios!

MIRANDA: ; Cairemos coa maxestade
 e o bruído atronador
 dos outos pinos lanzales

arrincados do trebón
na fraga escura e medosa;
cairemos como bos,
deixando espallada ó vento
e afondada en terra mol
semente de lealtade
de fidalguía e de valor,
semente de amor á patria
que o ceo en sorte nos dou !

FREI ROSENDE: ; Segredos son os camiños
do porvir ! ; Soio El Señor
os conece !

PEDRO: Ós novos tempos,
ás novas xeneraciós,
o meu sangue hei de deixarlle
en eterna donación.
; Que as mocedades da Terra
escoiten a miña voz !
; Que o meu tráxico relembro
alcenda seus corazós
cando nos séculos loiten
polo trunfo da nación !.

A comparación entre os dous textos aquí reproducidos deixa claras, coidamos, cando menos dúas cuestións: a) Que a transposición do guión en prosa de Villar Ponte para verso por parte de Cabanillas non foi mecánica, existindo no labor do cambadés unha altísima dose de creatividade propia aplicada; b) Que, non obstante isto, hai bastantes versos do de Fefiñáns que toman pé literal en metáforas e imaxes suxeridas xa no guión en prosa do viveirés.

Estamos, pois, de ser realmente o manuscrito citado un fragmento do guión previo da peza elaborado por Villar Ponte, como coidamos, diante dunha proba que confirmaría tanto a veracidade das confesións do viveirés arriba transcritas arredor do tema da auto-

ría da obra como, igualmente, as opinións que atribúen ao cambadés a completa responsabilidade da versificación.

Por outra banda, no propio Fondo Villar Ponte da Fundación Penzol, de Vigo, existen interesantes documentos para o estudo de *O Mariscal*. Así, están alí depositados dous fragmentos manuscritos e un terceiro dactilografado do que semella ser unha primeira versión da obra. Denominarémolos aquí A, B e C, respectivamente. Sen que sexa a nosa intención facer aquí unha completa crítica ecdótica da peza, veremos como do contido deses documentos poden deducirse tamén algúns interesantes extremos a propósito da cuestión autoral que nos ocupa.

O manuscrito A corresponde ao Prólogo e mais ao 3º Acto da peza. Presenta dous tipos de anotacións por riba ou á marxe do texto propiamente dito. Unhas a lápiz, con caligrafía de Antón Villar Ponte, e outras a estilográfica, con letra que talvez corresponda a Cabanillas ou talvez a unha terceira persoa. As correccións léxicas que fai o viveirés aparecen sobreescritas sobre o texto primitivo. As outras (probabelmente posteriores), á marxe. Vexamos cales son esas correccións, marcando cun asterisco nalgúns casos as formas finalmente presentes na versión publicada da peza:

MANUSCRITO	CORRECCIÓN AVP	CORRECCIÓN MARXE
<i>mirando*</i>	<i>a ollar</i>	
<i>ventaniña</i>	<i>fenestra*</i>	
<i>asopara</i>	<i>arreda*</i>	
<i>a sangue</i>	<i>a sangue</i>	<i>o sangue*</i>
<i>co-a sangue</i>		<i>c'o sangue*</i>
<i>alá</i>		<i>alén</i>
<i>legría</i>	<i>ledicia*</i>	
<i>irmán (fem.)</i>		<i>irmá</i>
<i>queda</i>	<i>fica</i>	
<i>pregoulle</i>		<i>pideulle</i>
<i>a (contrac.)</i>		<i>à</i>
<i>recadan soios</i>	<i>ficán soios</i>	
<i>cerrando</i>	<i>pechando</i>	

<i>pouco a pouco</i>	<i>paseniñamente*</i>	
<i>reunidos</i>	<i>xuntados</i>	
<i>salte</i>	<i>choute*</i>	
<i>sayal</i>		<i>veo*</i>
<i>lentamente</i>	<i>paseniñamente*</i>	
<i>roxa*</i>	<i>vermella</i>	
<i>sigros</i>		<i>séculos*</i>
<i>espesóuse</i>		<i>fixose mais mesta*</i>
<i>quedan</i>	<i>fican*</i>	
<i>envolta</i>	<i>acochada*</i>	
<i>coba</i>		<i>cova*</i>
<i>roiba</i>	<i>loira</i>	
<i>a roxa sangue</i>		<i>o roxo sangue*</i>
<i>ventaniña</i>	<i>fenestriña</i>	
<i>legría</i>		<i>ledicia*</i>
<i>soltar</i>	<i>ceibar</i>	
<i>repouso</i>	<i>acougo*</i>	
<i>tembro</i>		<i>tremo</i>
<i>ventaiña</i>	<i>fenestra*</i>	
<i>propara</i>	<i>arranxa</i>	
<i>proparado</i>	<i>arranxado*</i>	
<i>sombreiro</i>	<i>chapeo</i>	
<i>ventana</i>	<i>fenestra</i>	
<i>enmarañada</i>	<i>enguedellada</i>	
<i>escadas</i>		<i>escalas</i>
<i>nadia</i>		<i>ninguén</i>
<i>alento</i>	<i>folgos</i>	
<i>o (contrac.)</i>		<i>ô</i>
<i>tembrorosos</i>	<i>tremelantes</i>	
<i>cravan</i>		<i>chantan</i>

No manuscrito que denominamos A aparecen ademais con caligrafía de Villar Ponte algunhas acotacións engadidas ao orixinal: “Un Cego de romances, dos tempos autuaes; serve de Lazarillo unha Rapaciña”; “A Rapaciña canta a cantiga de Adalid, “Frouseira, triste Frouseira”; “recalcando estas verbas”... Finalmente hai varias notas correctoras que proceden de Villar Ponte. Cando o verso reza *¿Teu*

Tío o Bispo?” (o Mariscal dirixíndose a Beatriz), corrixe o noso autor: “O Bispo Fradique non é tío de Beatriz, nin parente” (p. 10 do manuscrito A); cando no diálogo entre Coengo 1 e Coengo 2 o orixinal di: *Velaí, ô par da fonte, para dar auga / os cabalos da escolta y-entretelos todo o que poidan, retardando a marcha*, Villar Ponte anota: “estes versos varíalos pra que non amostren craramente a treición ó público” (p. 33); cando o Coengo 2 diga no orixinal manuscrito *¡Cairá na trampa!*, o de Viveiro correxirá novamente: “Convén teño para min, que este verso i-outros tróquense, de xeito que o público non adiviñe moito si son leyaes ou traidores” (p. 35).

Deste primeiro manuscrito que se garda na Penzol podemos deducir, pois, cando menos tres tipos de intervención de Villar Ponte *a posteriori* da elaboración da versión poetizada por parte de Cabanillas:

a) Villar Ponte supervisou do punto de vista lingüístico os versos de Cabanillas e este aceptou na súa maior parte as suxestións do viveirés, a xulgar polas formas finalmente incluídas na versión final da peza²⁷⁸;

b) Villar Ponte mandoulle ao de Fefiñáns alterar certos versos para salvagardar a peza dunha anticipada percepción por parte do público de certos misterios ou suspenses contidos na súa trama argumental;

c) Villar Ponte corrixiu a Cabanillas cando este, ao versificar, incorreu nalgún erro que atentase contra a adecuación e o rigor históricos da obra.

Esta tripla intervención, que desmente tallantemente que o papel de Villar Ponte na confección de *O Mariscal* se limitase á fase

²⁷⁸ Fernández Rei, ao se ocupar da lingua de Cabanillas, ten chamado a atención sobre a significativa presenza en *O Mariscal* de solucións e formas morfolóxicas que corresponden claramente aos falares da área mindoniense do bloque central, isto é, ao galego da bisbarra de Viveiro: *cha, irmá, corazós, razós, faiga, unhos, valla...* Entende o citado profesor que a presenza desas variantes débese “á man do viva-riense Villar Ponte” (Vide FERNÁNDEZ REI, F.: *Ramón Cabanillas, Manuel Antonio e o mar da Arousa. Dúas singraduras na construción dun idioma para unha patria*, Real Academia Galega, A Coruña, 1999, p. 34 e 37).

previa á versificación realizada por Cabanillas, semella deixar tamén en evidencia que é o de Viveiro quen máis presente ten o deseño global da peza e as esixencias de “historicidade”.

O manuscrito que denominamos B corresponde, no fundamental, ao 1º Acto da obra. Xa na súa primeira páxina aparece un duplo texto caracterizador. O orixinal, do poeta cambadés, di: “Lenda histórica traxediada por A. Villar Ponte e posta en romance por R. Cabanillas”. A corrección, saída da pluma do xornalista viveirés, sinala polo contrario: “Lenda histórica en tres xornadas e dous coadros c’un introito feita e teatraizada por A. Villar Ponte e posta en romance por R. Cabanillas”. Presenta este manuscrito B, ademais, numerosas correccións de carácter gráfico e lexical, mais todas elas debidas agora a unha única man. Atendendo á caligrafía que presentan, non hai dúbida de que se trata de correccións feitas por Villar Ponte. Son, descontadas repeticións, estas:

ORIXINAL (CABANILLAS)

*aquí**
alto (a)
sóbor
nadia
oircho
e comenza
sóbor
asoparan
detrás
alexarse
pero
*servicio**
*acariñar**
oín
*foches**
*alaxa**
*reinas**
conversar

CORRECCIÓN (VILLAR PONTE)

eiquí
outo (a)
encol
*ninguén**
ouvircho
y-escomenza
encol de
*arredan**
detráis
*alonxarse**
*mais**
servizo
agarimar
*ouvín**
fuches
xoya
raíñas
*parolar**

<i>frorida*</i>	<i>frolida</i>
<i>soltéime</i>	<i>ceibeime</i>
<i>sangre</i>	<i>sangue</i>
<i>escalas</i>	<i>escadas*</i>
<i>queda</i>	<i>fica</i>
<i>conquistada</i>	<i>conquerida</i>
<i>entendo</i>	<i>enxergo</i>
<i>altiva</i>	<i>outiva</i>
<i>tembrososas*</i>	<i>tremelantes</i>
<i>oyes</i>	<i>ouces</i>
<i>entendeché</i>	<i>enxergache</i>
<i>sentido</i>	<i>senso</i>
<i>brando</i>	<i>mol</i>
<i>sombra (s)</i>	<i>soma (s)*</i>
<i>soave</i>	<i>macio</i>
<i>legrias*</i>	<i>ledicias</i>
<i>chamar à porta</i>	<i>petar à porta*</i>
<i>chamadas</i>	<i>petaduras</i>
<i>no recorde</i>	<i>na lembranza</i>
<i>serán ditas</i>	<i>terán de se dicir</i>
<i>potros</i>	<i>poltros</i>
<i>sobor do</i>	<i>encol do</i>
<i>espesa</i>	<i>mesta</i>
<i>sangrando*</i>	<i>sangando</i>
<i>altura</i>	<i>outura</i>

Na páxina 26 deste manuscrito B hai un trecho do diálogo de Valadouro con Elvira riscado (“*Pol-o seu amore / ¡c-os casteláns ou co inferno [...]!*”) e substituído (“*Pol-o seu amore / m’eu daría hastra ó inferno [...]!*”) cunha expresiva nota de Villar Ponte: “Convén, Ramonciño, chatar estes versos que fan perder interés ô que ven despois. ¿Non che parece?”. Constatamos, con todo, que non aparece na versión definitiva ningunha das dúas opcións aquí baralladas.

Parece claro que, novamente, a intervención do viveirés, alén de procurar a pulcritude idiomática, visa a salvagarda dos mecanismos de intriga que balizan o deseño estrutural da peza. Semella estar

en todo o momento máis da man de Villar Ponte a noción acabada da arquitectura xeral da obra, como se a Cabanillas, absorto na irta tarefa de pór en verso, estrofa tras estrofa, as ideas e imaxes do guión, non lle resultase doado abesullar a sintaxe construtiva do edificio teatral resultante.

Por outra banda, que exista por parte de Villar Ponte, como vemos, unha actitude de “consulta” a Cabanillas sobre a pertinencia das modificacións suxeridas ou recomendadas semella querer indicar claramente que durante o proceso de xestación e plasmación da obra ambos os dous se retroalimentaron nos seus respectivos labores. Isto é: aínda que ao de Viveiro lle correspondese, á partida, unha parte do traballo (a idea, a documentación previa, a redacción do guión en prosa, a planificación da trama teatral) e ao de Cambados outra (a posta en verso), ambos fixéronse conta mutua do feito polo outro, corrixíndose (Cabanillas, sobre o guión inicial; Villar Ponte, *a posteriori*, sobre as estrofas buriladas polo cambadés) e, importa moito salientalo, sometendo as modificacións a consenso e mutua aceptación. Estaríamos, pois, diante dunha auténtica **co-autoría** da peza, e non diante da xustaposición de dúas autorías estancas...

Finalmente, no que denominamos fragmento C de *O Mariscal* existente no Fondo Villar Ponte da Fundación Penzol, o dactilografado, que corresponde á Xornada 2ª do 2º Acto da obra, podemos observar tamén interesantes aspectos. As didascalias e o nome dos personaxes están escritos a man por Cabanillas, que asina a copia en “Terra de Mos, 23-abril-1920”. Hai, de novo, toda unha serie de correccións e suxestións léxicais e gráficas:

ORIXINAL (CABANILLAS)

castelo
cerre da porta
sóbor da
retirada
nada mais*

CORRECCIÓN (VILLAR PONTE)

pazo*
pecho da porta
sobre da
recuada*
mais nada

<i>xuntarnos*</i>	<i>semblarnos</i>
<i>preto</i>	<i>perto</i>
<i>e (verbo)</i>	<i>ê</i>
<i>variles</i>	<i>bariles</i>
<i>o (contrac.)</i>	<i>ô</i>
<i>sóbor</i>	<i>encol</i>
<i>barro</i>	<i>lama</i>
<i>ceibe</i>	<i>libre</i>
<i>a sua sangue</i>	<i>o seu sangue*</i> [ollo: sangue sempre é masculino no noso idioma patrio]
<i>reinas</i>	<i>raíñas</i>
<i>tembroroso</i>	<i>tremeloso</i>
<i>arumados</i>	<i>garimados</i>
<i>terra plan</i>	<i>terra chan</i>
<i>tembro</i>	<i>tremo</i>
<i>ô recordo</i>	<i>a lembranza</i>
<i>cramando</i>	<i>berrando</i>
<i>nadia</i>	<i>ninguén</i>
<i>aléxase</i>	<i>alónxase</i>
<i>desque</i>	<i>deica</i>
<i>alcanzo</i>	<i>abrango</i>
<i>tembras</i>	<i>tremas</i>
<i>sóltao</i>	<i>céibao</i>
<i>roiba</i>	<i>loura</i>
<i>vostede</i>	[<i>vostede non existía aínda</i>]
<i>non me queres*</i>	<i>me non queres</i>
<i>queda</i>	<i>fica</i>
<i>rápido</i>	<i>súpeto</i>
<i>salir</i>	<i>sair</i>
<i>aparta</i>	<i>afasta</i>
<i>rinse e alégranse</i>	<i>ridores e ledos</i>
<i>apreta</i>	<i>apreixa*</i>
<i>de cote</i>	[<i>¿está ben?</i>]

Xunto con estas correccións (algunhas das cales denotan claramente a preocupación villar-pontina pola adecuación da lingua dos personaxes á presunta fasquía do galego medieval), achamos

varias notas do escritor viveirés que demostran, máis unha vez, a súa “actitude consultiva” e co-autoral, o seu dominio do material histórico que serve de marco e ambiente á peza e o seu control sobre a perfecta coherencia teatral dos diálogos contidos en cada estrofa. Vexámolo.

A carón das estrofas (2º Acto, Xornada 2ª, Escena 2ª) en que o personaxe Mariscal está a louvar a Corte de Don Xoán II, introduce Antón a seguinte nota: “Macías o Namorado e Xoán Rodríguez de Padrón, seu amigo, estiveron n’esta Corte, como paxes i-escudeiros”. Fíxoo, se cadra, co propósito de que Cabanillas modificase os versos introducindo o dato, cousa que finalmente non fixo o poeta . Cando nun verso se cita a “Pedro de Sotomayor”, preguntárase o xornalista viveirés en nota á marxe: “¿Non convén dicir Pedro Madruga?”. Que un personaxe diga no verso cabanillesco “cai o telón” leva a que o de Viveiro anote tamén á marxe esta pregunta: “¿Esto será propio da época?”...

Ás veces Villar Ponte propón modificacións na redacción das didascalias: que Bolaño entre *acaneándose, con difícil equilibrio* na vez de simplemente *movéndose*; que os criados traidores, á hora de recibiren a súa paga, sorrían *vilanescamente*... Con todo, estas suxestións non aparecen recollidas na versión definitiva de *O Mariscal*, o que significa a existencia de certo poder de “decisión final” en mans de Cabanillas...

Por outra banda, non debía convencer demasiado ao viveirés a escena do prendemento do Mariscal tal e como estaba no orixinal dactilografado por Cabanillas, pois nas estrofas correspondentes indicáballe ao poeta: “Todo esto sería o que habería que trocar”, para noutro momento aclararlle: “De se correxir a forma de prender ô Mariscal, tes que trocar estes versos; alúdese aquí, entón, a que primeiro prenden o Miranda y-o fillo de Pardo de Cela”. Da mesma maneira, Villar Ponte proponlle a Cabanillas introducir no parlamento do Mariscal co seu inimigo Mudarra (2º Acto) a seguinte sentenza: *Fala Lois Marcos Mudarra como carceleiro, / o que non ousarías nunca falar como cabaleiro*. A frase, porén, non figura

na versión definitiva. Por último, Villar Ponte escribe a seguinte nota no final desta copia mecanografada do 2º Acto: “Convén aludir n’este acto a que Beatriz está ausente e xustificar tamén en dúas verbas de D. Alfonso, por exemplo, que Bolaño loitou e fuxiu ferido”.

Chegados a este punto, convén resumir sinteticamente os datos achegados sobre a cuestión da autoría de *O Mariscal* que semellan resultar definitivos:

1) Villar Ponte, logo de ter recollido en solitario materiais documentativos sobre a época, os personaxes e os feitos que pretendía teatralizar, redixiu un guión en prosa e en español da obra, que serviu de armazón estrutural e pauta escénica para a posterior versificación en galego.

2) Esa versificación foi efectuada por Ramón Cabanillas, por empregarmos a gráfica expresión do profesor Carvalho Calero, “de cabo a rabo”²⁷⁹, mais con certa fidelidade ás imaxes suxeridas no propio guión previo villar-pontino;

3) En todo o caso, Cabanillas someteu o seu labor versificador á posterior revisión aprobatoria de Villar Ponte, quen non só suxeriu modificacións de índole gráfica e lingüística (algunhas aceptadas finalmente; outras non), senón que advertiu ao poeta cambadés da necesidade de retocar certas estrofas en función tanto do mantemento de certas intrigas que impulsaban a trama (modificación diálogo Elvira-Amaro, no 1º Acto; modificación diálogo entre os Coengos, no 3º...) como en función da perfecta adecuación histórica da peza (lingua empregada, relacións de parentesco entre personaxes históricas, etc.). A non exacta coincidencia entre o borrador da peza que se garda na Fundación Penzol e o texto finalmente editado demostra, nese sentido, que ese proceso de revisión villar-pontino foi tomado en conta nalgunha medida polo de Cambados...

²⁷⁹ Vide CARVALHO CALERO, R.: “O teatro galego actual”, *Letras Galegas*, AGAL, Ourense, 1984, p. 106.

4) *O Mariscal* escribiuse, pois, en auténtico réxime de **colaboración e co-autoría**²⁸⁰, cun fluído e constante intercambio entre quen ideou, documentou, tracexou e revisou a peza e quen a foi convertendo en versos galegos, estrofa a estrofa, tomando pé nas ideas dun guión que, debemos anotar non sen certa sorpresa, foi redixido inicialmente en español.

²⁸⁰ É ben significativo, a respecto da noción co-autoral que defendemos, o feito de que o propio Cabanillas lle indicase por carta a Fernández del Riego, cando este estaba a preparar a Obra Completa do cambadés para a editar en Buenos Aires: “Para a publicación de *O Mariscal*, si acordan incruilo, teremos de faguelo co asentimento do fillo de Antón Villar Ponte” (Carta de Cabanillas a Fernández del Riego, datada en Barakaldo, a 3 de outubro de 1954 e reproducida por ALONSO MONTERO, Xesús (ed.): *Ramón Cabanillas. Obra Completa. Tomo 3*, Akal Editor, Madrid, 1981, p. 522).

III. PERIPECIA EDITORIAL E RECEPCIÓN

3.1. NOTAS SOBRE O PROCESO DE ELABORACIÓN DE *O MARISCAL*

Non temos constancia do instante concreto en que Ramón Cabanillas e Antón Villar Ponte acordaron e emprenderon a elaboración en común da peza *O Mariscal*. Con todo, certos indicios permítennos conxecturar que probabelmente foi a finais de 1916 ou comezos de 1917 cando deu comezo o proceso.

Antón publica no boletín das Irmandades, o 15 de decembro de 1916, o traballo “O 17 de Nadal do 1483. Non esquezamos a nosa hestoria. Cando morreron as liberdades gallegas”, reivindicativo da figura do Mariscal e ao que pertence este fragmento:

O 17 d’este mes do Nadal, cumpre o 433 aniversario da morte do mariscal Pedro Pardo de Cela, nobre, valente e ilustre caudillo das liberdades da nosa terra, comuneiro gallego que tivo o seu Villalar no Valadouro, por obra de miserabres traiciós.

Deber de cantos sexan bos patriotas é lembrare esa data triste, facendo xermolar na conciencia da nazonalidade gallega a memoria do noso héroe-mártir epónimo. O qu’a hirmá Cataluña fai todol-os anos o 11 de setembro co seu derradeiro conceller en cap Rafael Casanovas, que caeu envolto na bandeira catalana defendendo as liberdades do Principado, ten que servirenos de exemplo.

Barcelona ó rendir’s os exércitos de Felipe V, sufriu a perda y-o despoxo das suas liberdades forás. Antes sufríraa Galicia na Frouseira c’o a prisión e morte en vil cadalso do Pardo de Cela y-o seu fillo, rapaz de 23 anos, por sentenza ditada en Santiago, sendo primeiro gobernador do que fora reino de Galicia, o castelán Fernán d’Acuña, e xustiza maor, o madrileño García Chinchilla.

C’o aforcamento do indomable guerreiro Pedro Pardo de Cela, sucumbeu a nazonalidade gallega, e dende entón emprincipiou o calvario dooroso da nosa terra, que debemos esquirbire con bágoas e sangue [...]

Non esquezamos, pois, qu’a morte de Pardo de Cela, sinifica o mouro serán das nosas liberdades y-o xunguimento da Galicia o carro trunfal de Castela²⁸¹.

²⁸¹ Cf. *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 4, 15.12.1916.

É plausíbel pensar que o noso autor estea nese instante en pleno proceso de documentación para a confección da peza e que aproveite ese esforzo de familiarización cos feitos acontecidos arredor da figura pardo-celiana para reflexionar sobre o significado político e histórico dos mesmos a través do artigo que acabamos de citar.

Neste sentido, é ben significativo que se aluda nel á traizón dos criados, ao apreixamento do Mariscal no castelo do Castrodouro e á lenda da “ponte do Pasatempo”, episodios reflectidos logo na trama de *O Mariscal*. Non menos revelador resulta, igualmente, o feito de que o mesmo exemplar de *A Nosa Terra* insira, acompañando o artigo villar-pontino, varias composicións poéticas de tema pardo-celiano: un soneto de Florencio Vaamonde (*Por cobarde traición, varón temido...*), un cantar de Leiras Pulpeiro (*Desde ll'a peta botaron / Naide mais foi á Frouseira...*) e un romance en que figuran os nomes dos vintedous criados que, segundo indica a *Relazón da carta xecutoria*, foron treidores ao Mariscal (*Aqueles malos tredores / que venderon a Frouseira...*)²⁸².

De igual xeito, na sección “Novas da causa” de *A Nosa Terra* informábase un par de meses despois, concretamente o 26 de febreiro de 1917, de que “varios escritores da nosa terra veñen facendo obras. O gran poeta Cabanillas prepara un libreto de zarzuela e unha traxedia histórica”²⁸³. Talvez esa traxedia non fose outra que a que nos ocupa, se ben cabe tamén a posibilidade de que se tratase dun proxecto de peza ou relato sobre o “bandido bó” Xan Quinto, nunca concretizado por Cabanillas mais mencionado na portada interior do volume *Da Terra asoballada* (Vilagarcía de Arousa, 1917).

O 30 de abril dese mesmo ano, o cambadés publica en *A Nosa Terra* por vez primeira o poema “¡En pé!”, cunha adicatoria a Lois Porteiro Garea. Repárese que nas estrofas deste seu chamamento á loita “darredor da bandeira azul e branca”, Cabanillas evoca a peripecia pardo-celiana nos seguintes termos: “Validos de traido-

²⁸² Cf. *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 4, 15.12.1916.

²⁸³ Cf. “Novas da Causa”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 11, 26.2.1917, p. 7.

res, / a noite da Frouseira, / a patria escravizaron / uns reises de Castela”...

Finalmente, máis un indicio é a alusión de Antón Villar Ponte á “vía roxa que vai do Medulio à Frouseira e da Frouseira a Carral”²⁸⁴ no xa citado discurso que pronunciou durante a homenaxe aos mártires de Carral que as Irmandades da Fala celebraron en abril de 1917.

De non ser así, cabe pensar alternativamente que os nosos autores se puxeron ao labor de compor *O Mariscal* coincidindo coa posta en marcha en abril de 1919 do “Conservatorio Nazonal” da Irmandade herculina, que se presentou ao público, como xa expuxemos, cunha peza do poeta de Fefiñáns, *A man de Santiña*.

Desde logo, hai que rexeitar totalmente a hipótese formulada no seu día por Xosé M. Fernández Castro²⁸⁵, quen, partindo dunha inexistente coincidencia de Villar Ponte e Cabanillas en Cuba, imaxinou a ambos autores facendo tertulia nos ambientes bohemios da Habana, comentando o tomo dos *Cantares Gallegos* editado por Leiras Pulpeiro en 1911 e concibindo pór en escena algún día a materia dramática que encerraba a tráxica peripecia do Mariscal²⁸⁶.

Unha carta de Castelao ao escenógrafo Camilo Díaz Baliño, gardada no Museo Carlos Maside de Sada, serve para certificar que o arranque do proceso de composición de *O Mariscal* é, en todo o caso, anterior á propia estrea de *A man de Santiña*, verificada como é sabido na Coruña o 22 de abril de 1919. O rianxeiro, despois de

²⁸⁴ Cf. “Unha nova xornada gloriosa. Homenaxe ós mártires de Carral. ¡Aprendede, xuventude de sapos!”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 18, 10.5.1917.

²⁸⁵ Vide FERNÁNDEZ CASTRO, X. M.: “Cuestións históricas e teóricas en *O Mariscal* de R. Cabanillas e A. Villar Ponte”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1996*, Editorial Galaxia, Vigo, 1997, pp. 11-39.

²⁸⁶ Fernández Castro sinala, na mesma liña, que “aínda que non comezou a ver a luz ata o ano 1924, [*O Mariscal*] xa podía ser teoricamente planificado, ou quizais mellor sería dicir *soñado*, nos tempos da tertulia habaneira, entre 1911 e 1912” (*art. cit.*, p. 19). Semellante *enseñación* existiu na mente de Villar Ponte, como vimos ao nos referir ao proceso de familiarización deste autor coa figura de Pardo de Cela, mesmo antes da súa estada en Cuba, concretamente no período en que estivo como boticario na vila luguesa de Foz e fixo unha excursión, en xaneiro de 1907, ao monte da Frouseira.

facer unha serie de suxestións a Díaz Baliño para a confección do cartaz anunciador desa estrea, informaba ao artista ferrolán na súa epístola: “Escoita, chachiño: está faguendo Cabanillas unha obra que iso si que é cousa boa. En verso ¿sabes? E chámase *O Mariscal*”²⁸⁷.

O boletín *A Nosa Terra*, dando conta do éxito da estrea de *A man de Santiña*, comunicaba aos seus lectores, tras reproducir unha carta do poeta cambadés en que pedía desculpas por non ter asistido en persoa ao feliz evento: “Como se ve, Cabanillas animado pol-a súa primeira produción teatral, prepara outras”²⁸⁸.

O texto mecanografado do borrador do 2º acto de *O Mariscal*, que se conserva, como dixemos, na Fundación Penzol, está asinado por Cabanillas en Mos a 23 de abril de 1920. Talvez o noso poeta llo puido entregar en persoa a Villar Ponte pouco tempo despois, pois consta a asistencia de ambos ao banquete con que a Irmandade coruñesa agasallou no “Hotel Londres” da cidade herculina, en xullo de 1920, ao seu flamante novo concelleiro electo, Lois Peña Novo²⁸⁹.

Nesta perspectiva compréndese, ademais, a inclusión no exemplar nº 124 do boletín *A Nosa Terra*, correspondente ao 25 de xullo de 1920, do soneto “Pardo de Cela” de Lamas Carvajal e a presenza da seguinte alusión nun artigo do propio Villar Ponte intitulado “Lembranza...”: “Cando vos falen da unidade nacional, lembraivos de Pardo de Cela, encarcerado a traición”²⁹⁰.

Por outra banda, segundo lemos na crónica que Vicente Risco publicou no boletín *A Nosa Terra*, no transcurso do acto de home-

²⁸⁷ Cf. Carta de Castelao a Camilo Díaz Baliño, sen lugar e sen data (ca. comezos de 1919), gardada no “Museo Carlos Maside”, de Sada, e reproducida en CASTELAO: *Obras. Tomo VI. Epistolario*, Ed. Galaxia, Vigo, 2000, p. 64.

²⁸⁸ Cf. “O rexurdir do Teatro Galego. Inaugurazón do noso Conservatorio. Estrenouse *A man de Santiña*”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 87, 25.4.1919.

²⁸⁹ Cf. “Novas da causa”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 124, 25.7.1920.

²⁹⁰ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Lembranza...”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 124, 25.7.1920.

naxe a Murguía que tivo lugar no Balneario de Mondariz o 31 de agosto de 1920, co gallo da cerimonia de ingreso de Cabanillas e Rey Soto na Academia Galega, o poeta cambadés e Villar Ponte fixeron pública lectura duns fragmentos da súa peza: “Diante da eirexa, á sombra d’un carballo, na intimidade d’unha tertulia dina da corte dos Médicis, dos Montefeltro ou dos Gónzaga, leeu Antón Vilar Ponte dous autos do *Mariscal*, a soberbia traxedia que il e mais Cabanillas están rematando, unha impresión inesquecente pr’os que escoitaron”²⁹¹.

Un ano despois, concretamente en maio de 1921, a sección “Follas Novas” de *A Nosa Terra* (daquela aínda baixo a dirección de Villar Ponte) incluía un anuncio de publicación que parece querer indicarnos que o proceso de elaboración da peza estaba definitivamente rematado: “Tamén axiña háse d’imprentar a traxedia histórica galega de Ramón Cabanillas e Antonio Villar Ponte *O Mariscal*”²⁹². Cinco meses despois insístiase no boletín nacionalista en aludir a *O Mariscal* entre os volumes que ían ser publicados durante 1922²⁹³, o que dalgún xeito confirma que a súa confección estaba plenamente rematada.

3.2. UN FANADO PRIMEIRO INTENTO DE REPRESENTACIÓN DE *O MARISCAL*

Concluída probabelmente a mediados de 1920 a redacción da peza que nos ocupa, os seus autores tentaron que se representase inmediatamente e puxeron as súas esperanzas a tal efecto nun grupo amador, o cadro de declamación da Irmandade da Fala herculina.

Como xa advertimos ao falar da peripecia de *A man de Santiña*, este cadro non era senón o grupo que ficara en pé, por

²⁹¹ Cf. “Follas Novas. Libros e Revistas. Cabanillas na Academia Galega”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 128, 25.9.1920.

²⁹² Cf. “Follas Novas”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 141, 31.5.1921.

²⁹³ Cf. “Follas Novas”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 150, 31.10.1921.

empeño persoal de Antón Villar Ponte, após a desfeita do “Conservatorio Nazonal” a finais de 1919, unha desfeita que, como é sabido, viñera provocada polas disputas entre “renovadores” e “conservadores” á hora de seleccionar as obras que debían configurar o seu repertorio. Esas disputas tiveran o seu momento álxido cando se preparaba a representación da peza *Donosiña*, de Xaime Quintanilla e desembocaran na fundación por parte dun sector do “Conservatorio”, liderado por Leandro Carré, dunha escola de actores e actrices “alternativa”, ao parecer vinculada ao coro “Cántigas da Terra”²⁹⁴.

Nestas condicións, o “Conservatorio” desaparecería como tal en novembro de 1919, mais Villar Ponte tentou entón por todos os medios que a Irmandade herculina continuase dispoñendo dun grupo teatral. Arroupando o seu labor desde as columnas de *A Nosa Terra*, que estaban aínda baixo a súa dirección, o de Viveiro fixo que o cadro da Irmandade subise ao escenario e representase ao longo de 1920 e comezos de 1921 varias pezas orixinais propias (concretamente, *Entre dous abismos* e *A patria do labrego*); diversos “parrafeos” de Charlón e Hermida; *A man de Santiña*, de Cabanillas; diversos dramas e comedias portuguesas de corte naturalista (*Amanhã*, de Manuel Laranjeira; *Fim de Penitência*, de Marcelino de Mezquita; *Mater Dolorosa*, *Rosa de Todo o Ano* e *Sóror Mariana*, de Júlio Dantas); *San Antón o casamenteiro* e *¿Cásome ou non me caso?*, de Avelino Rodríguez Elías; *O fidalgo*, de Xesús San Luís Romero; *Para vivir ben de casados*, de Leandro Carré Alvarellos; *A Festa de Tabeirón*, de Labarta Pose; *Na corredeira*, de Xavier Prado Lameiro;

²⁹⁴ Disto dá conta o xornal arousán *Galicia Nueva* nos seguintes termos: “En La Coruña se han reunido algunos de los más notables ‘amateurs’ que en la localidad se han dedicado al teatro regional, y expuesto el proyecto de crear una ‘Escuela de Teatro Gallego’. Muchos de aquellos se han inscripto ya en las listas de esta nueva agrupación artística bautizada con el nombre glorioso de ‘Rosálía Castro’. El deseo de los organizadores de dicha agrupación es el de ofrecer al gran número de aficionados con que cuenta el arte teatral gallego una selección que constituya un conjunto agradable, tanto por el trabajo de los actores como por las obras que se representen, y presentar éstas con toda propiedad, esperando que así el público responderá al intento de una manera franca y decidida. Es necesario también que los autores regionales faciliten sus obras a la ‘Escuela’ y escriban otras nuevas tratando siempre de superarse y teniendo en cuenta el objeto de la agrupación, esto es laborar por el progreso y engrandecimiento del teatro regional. Se espera que en breve podrá dar una prueba de lo que se propone la ‘Escuela de Teatro Gallego’, para satisfacer cumplidamente el gusto e interés del público” (Cf. *Galicia Nueva*, Vilagarcía de Arousa, nº 5.003, 25.10.1919).

A tola de Sobrán, de Francisco Porto Rei; e versións elaboradas por el mesmo de obras como *As alegres comadres de Windsor* (co título de *Xan entre elas*), de William Shakespeare.

Precisamente neste empeño villar-pontino por tirar adiante co cadro da Irmandade herculina hai que inserir o finalmente frustrado intento de representación de *O Mariscal* a que facemos referencia nesta epígrafe. Con efecto, na Carpeta 40 (4) do Fondo Villar Ponte da Fundación Penzol áchase un manuscrito sen datar en que o de Viveiro anotou en rascuño un hipotético reparto de papeis da obra entre os actores do citado cadro: Federico Zamora interpretaría a “Pedro Valadouro” e ao “Coengo 1º”; Lois Lafuente encarnaría ao “Mariscal”; Elvira Bao a “Elvira de Muras”; Vítor Casas Rei ao fillo do Mariscal; Fernando Osorio a “Pedro Bolaño”; Carme Meléndrez a “Xoana”; Carme Chao Maciñeira (cuñada de Antón Villar Ponte) a “Dona Sabela”; Fernando Blanco a “Mudarra”; Manuel Lemus García a “Vilarelle”; Consuelo Varela a “Beatriz” e a “Unha moza”; Carlos Monasterio Valeiro a “Afonso Yáñez” e ao “Coengo 2º”; Enrique Rodríguez Sabio a “Don Lope”; Bernardino Varela a “Frei Rosende”; etc²⁹⁵.

O xornal vilagarcían *Galicia Nueva*, editado e dirixido por amigos persoais do poeta de Fefiñáns (lémbrese que do seu prelo saíra no verán de 1917 a primeira edición do libro *Da Terra asoballada*), mesmo chega a informar aos seus lectores o día primeiro de xullo de 1921: “En breve será estreada en Santiago *O Mariscal* del poeta Ramón Cabanillas”.

Neste proxecto de primeira encenación de *O Mariscal* polo cadro de declamación da Irmandade herculina están involucrados, polo que sabemos, ademais dos autores do texto, o escenógrafo

²⁹⁵ Outros papeis corresponderían a integrantes do cadro dos que non temos máis datos que o nome de pía: Vicente (“Amaro”); Evaristo (“Un meniño”); Horacio (“Pedro Miranda”); Julia (“Unha vella”); Nogueira (“Alvaríño”) e, mesmo, ‘un amigo de [Xosé] Regueira’ (“Carcereiro”). No mesmo manuscrito citado anótanse ademais certos elementos de vestiario e *atrezzo*, “que habría que alquilar o hacer”: un traxe de capitán castelán, outro de alférez castelán, outro de soldado, cinco traxes de cabaleiros para os nobres galegos, un de paxe, dúas capas e senllos barretes para os cóengos, tres traxes para as damas (Dona Sabela, Dona Beatriz e Dona Xoana), un traxe de carcereiro, outro de frade, cinco de criados e dous de criadas, un saial de peregrino, unha barba postiza longa, as perrucas correspondentes...

Camilo Díaz Baliño e o empresario para quen este traballa, Isaac Fraga, mais por factores que non podemos coñecer exactamente, este intento de representación de *O Mariscal* fanouse.

Está claro que as propias características e complexidades da peza (grande extensión e dificultades inherentes do texto versificado, elevado número de actores e actrices necesarios, variedade de localizacións e decorados, complexas e custosas necesidades de vestiario e *atrezzo*, etc.) tornaban difícil de seu a súa posta en escena por un grupo amator. Mais non sería descartábel pensar, igualmente, que tivesen xurdido algunhas diferenzas de criterio (sobre o texto?, sobre a encenación?, sobre quen ía correr coa organización e financiamento das representacións?, sobre o número e identidade das vilas destinatarias das representacións a efectuar?, sobre o eventual reparto de hipotéticos emolumentos?...) entre os diversos artífices do intento, a xulgar polo contido dunha carta que o poeta de Fefiñáns dirixe ao escenógrafo Camilo Díaz Baliño desde O Porriño, no mes de xullo dun ano que non se determina no manuscrito, mais que coidamos corresponde con 1921. O texto da mesma di así:

Meu querido irmán:

Neste mesmo correo sae carta para Antón Villar na que lle falo de canto tratamos na nosa conversa de esa cibdade. Coido que chegaremos todos a saltar o rego: no fondo non hai nin pode haber diferenzas e as que poidan surdir na tona, son boas de compor. O mellor sería que nos vísemos ehí, que falando é como mellor se entenden as cousas: a esto tiro eu e a elo chegaremos: craro é que, para que non haxa equivocación, é perciso que esté ehí [Isaac] Fraga, pois nada se pode faguer en serio sin que, denantes, escoite a leutura da traxedia.

Recibín os exemplares de *Luz* e, dende logo, pode vostede publicar todas as cousas miñas que lle pete: as menos conocidas son as de “No Desterro”: mandaréille algunha, feita de intento.

Sempre seu irmán, con alma e vida, e fervente admirador²⁹⁶.

²⁹⁶ Vide carta de Ramón Cabanillas a Camilo Díaz Baliño, datada no Porriño a 2 de xullo [do 1921, ao noso ver; en 1928, segundo o editor], reproducida por Alonso Montero en CABANILLAS, Ramón: *Obra Completa. Tomo 3*, Akal Editor, Madrid, 1981, p. 513.

Debemos aclarar que o profesor Alonso Montero, no tomo terceiro da súa edición das *Obras Completas* do poeta cambadés, publicado por Akal Edicións en 1981, datou provisoriamente esta epístola a que nos referimos en 1928, ao noso entender de xeito errado. Repárese, neste sentido, en que na misiva aparece citado o semanario literario, artístico e político santiagués *Luz*²⁹⁷, que viu lume baixo a dirección de Camilo Díaz Baliño en 1921, sendo o seu número sete correspondente ao mes (xullo) en que está datada a carta que nos ocupa. Nótese, así mesmo, que o poeta considera nesta altura a súa obra menos coñecida *No desterro*, que como é sabido tería unha segunda edición en 1926: parece claro, pois, que o descoñecemento a que alude o poeta ten que ser anterior á aparición desa segunda edición do primeiro dos seus poemarios... Sabemos, ademais, que o poeta residiu no Porriño até xullo de 1921. Pouco despois instalouse en Madrid e pasou a traballar como secretario particular do deputado de orixe galega Leonardo Rodríguez, un dos máis importantes mecenas da publicación *As Roladas*²⁹⁸. Por último, aténdase á mención ao empresario de orixe carballeño Isaac Fraga (1888-1982), que vive a finais da década dos 10-comezos dos 20 un momento realmente doce para os seus intereses²⁹⁹, que xa estivera ao dispor da Irmandade herculina para a organización dunha breve xira de *A man de Santiña* ao longo de 1919 e que conta no seu cadro de persoal, desde 1916, co escenógrafo e pintor Camilo Díaz Baliño...

Todo apunta, ao noso ver, na dirección de considerar esta carta como escrita en xullo de 1921, correspondendo daquela o seu contido ao instante en que os autores de *O Mariscal* intentaban, sen éxito finalmente, que unha peza pouco menos que recén acabada de facer como era o seu *O Mariscal* subise aos escenarios... Se isto é así,

²⁹⁷ A aparición desta revista foi saudada positivamente polo boletín *A Nosa Terra* na súa sección “Follas Novas” (nº 142, 15.6.1921), dado que *Luz* “ten por bandeira a do galeguismo”, é un boletín “moi simpático e ben escrito” que insire “traballos moi interesantes”.

²⁹⁸ Por este e por outros servizos emprastados por Leonardo Rodríguez á causa galeguista, o boletín *Nós* expresaría publicamente o seu lamento pola desaparición deste persoeiro que “animou e alentou tódalas nosas ánsias de redención e de rexurdimento” (Cf. *Nós*, Ourense, nº 13, 1.11.1922).

²⁹⁹ Nesta época adquire e/ou explota comercialmente salas cinematográficas e teatros como os “Principal” de Santiago, Pontevedra, Lugo e Monforte; o “Rosalia de Castro” da Coruña; o “Apolo”, de Ourense; o “Odeón” de Vigo; o “Jofre” de Ferrol; o “Tamberlick” de Vigo; etc.

estamos diante dun valiosísimo testemuño que nos indica a existencia dalgún tipo de desavinza, que Cabanillas intenta minimizar mais que, polo que se deduce, debeu de ter suficiente entidade e peso como para provocar que o proxecto non fose finalmente adiante...

A este respecto, convén non esquecer que a dinámica das Irmandades durante o segundo semestre de 1921 é de crecente enfrontamento interno. Antón publica en xullo o seu polémico artigo “Resposta a un e a moitos. Duas crases de galeguistas” e colócase progresivamente en franca minoría no seo do agrupamento herculino. Á altura de xaneiro de 1922, resulta finalmente expulso da dirección de *A Nosa Terra*, no que constitúe todo un preludio da ruptura das Irmandades que se consagra na Asemblea de Monforte (febreiro de 1922).

Nesta conxuntura, Leandro Carré Alvarellos toma o control do cadro de declamación coruñés e transfórmao en “Escola Dramática Galega”. Esta funciona na práctica ben pouco tempo, pois a súa derradeira estrea (a da peza *¡Ainda vive!*, do profesor de orixe valenciana Francisco Alcayde) ten lugar o 21 de xaneiro de 1923. O importante, a efectos do noso traballo, é que na breve andaina da “Escola” non hai xa lugar para retomar o proxecto de representación de *O Mariscal*, pois como sinala Tato Fontaíña, desde a perspectiva da Irmandade herculina non tiña lóxica alentar as creacións e acrecentar a sona literaria daqueles que, como Ramón Cabanillas e Antón Villar Ponte, se pasaran ás fileiras do “inimigo”, isto é, á ING de Risco³⁰⁰...

3.3. PRIMEIRO INTENTO DE PUBLICACIÓN DE *O MARISCAL*

En paralelo a este frustrado intento de representación de *O Mariscal* polo cadro de declamación da Irmandade herculina de que acabamos de falar, rexistramos tamén un primeiro intento de publicación. Algúns testemuños epistolares e xornalísticos documentan,

³⁰⁰Vide TATO FONTAÍÑA, L.: *Teatro galego 1915-1931*, Ed. Laivento, Santiago, 1997, p. 176.

con efecto, o desexo dos nosos autores de dar canto antes a súa obra ao prelo unha vez rematada.

Así, en carta ao seu cuñado Joaquín Sánchez Peña, datada no Sanmartiño [sic, por Novembro] de 1920 e redixida desde o “Palace Hotel” de Madrid, Ramón Cabanillas escribía ao respecto: “Yo iré muy pronto por esa: tal vez el Domingo pueda verte y quisiera que tuvieses el retrato para esa fecha porque *O Mariscal* se editará rápidamente”³⁰¹. No derradeiro día de maio de 1921, o boletín *A Nosa Terra* informaba aos seus lectores na sección “Follas Novas” de que Cabanillas rematara a composición do seu poema “O cabaleiro do Santo Grial”³⁰² e de que tiña intención de lelo en primicia no Ateneo de Vigo, coincidindo co desenvolvemento da exposición do pintor ferrolán Imeldo Corral. A seguir, o voceiro das Irmandades, na altura aínda baixo a dirección do xornalista viveirés, engadía: “Tamén axiña háse d’imprentar a traxedia histórica galega de Ramón Cabanillas e Antonio Villar Ponte *O Mariscal*”³⁰³. E xa chegados ao mes de outubro de 1921, repetíase o anuncio, agora con estas palabras:

Libros no prelo

O ano de 1922 oferesce ser fecundo para a literatura, as artes e o pensamento galego.

N’ele hánse publicar volumes interesantes. Entre outros: *Doctrina nacionalista* de Ramón Villar Ponte, c’un prólogo de Puig e Cadafalch; *Abrente*, versos de Victoriano Taibo, c’unha introdución de Cabanillas e un epílogo de López Abente; *Mal de moitos e Trato a cegas*, parrafeos teatraes de Charlón e Hermida, c’un prólogo de Antón Villar Ponte; *Oraciós campesiñas*, poemas de Eladio Rodríguez González, con ilustracións dos principaes pintores galegos; *Vento mareiro*, segunda edición do libro xenial de Cabanillas; *Almas mortas*, farsada cómico-tráxica en tres xornadas de R. [sic] Villar Ponte; *Plan pedagóxico das Irmandades*, de Vicente Risco; *O Mariscal* leenda trá-

³⁰¹ Cf. Carta de Cabanillas a Joaquín Sánchez Peña, datada en Madrid, no San Martiño de 1920, existente no Arquivo familiar Vidal Cabanillas e que coñecemos por mediación de Luís Rei Núñez.

³⁰² Publicaríase no propio xornal *A Nosa Terra* o 1 de agosto de 1921.

³⁰³ Cf. “Follas Novas”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 141, 31.5.1921.

xica histórica en verso de Cabanillas e Villar Ponte e unha novela de Gonzalo López Abente e un estudo internazonalista de Xaime Quintanilla. Tamén daráanse a coñecer as impresións sobre as artes na Europa de Castelao e antoloxías dos milllores poetas e pensadore galegos, asin coma un vocabulario castelán-galego, e o conto *A Princesa da sorriso d'ouro*, de Corredoira [sic] Calderón³⁰⁴.

O primeiro e fracasado intento de publicación da peza que nos ocupa correu da man de Ramón Cabanillas na imprenta do editor Pueyo de Madrid (con locais na Rúa Luna, nº 29), nos finais de 1921. O poeta, despois de presentar a súa renuncia á secretaría municipal de Mos³⁰⁵, instalouse en Madrid e desde esa capital, en carta datada en outubro do citado ano, sinalarlle a Antón Villar Ponte:

Vento mareiro [a 2ª edición] está moi adiantado. Coido que *O Mariscal* escomenzará a comporse alá o mediar o mes que ven: compre que me mandes a primeira páxina, é decir, o texto da portada; o demais corre da miña conta [...]

Din que Castelao estaría en Ourense o vinte: eu non sei nada del nin das portadas: Dios llo perdoe³⁰⁶.

Desde logo, non debe interpretarse o dito nesta epístola, en ningún caso, como testemuño do proceso de escrita de *O Mariscal*, senón como referencia aos preparativos tipográficos tendentes a unha primeira edición que resultou finalmente frustrada. O verbo *compor(se)* que emprega Cabanillas non é aquí sinónimo de *escribir(se)*, senón de reunir letras ou matrices, cos seus correspondentes espazos, nun compoñedor para formar palabras, liñas, páxinas ou moldes, dentro do conxunto de operacións que constitúen o proce-

³⁰⁴ Cf. "Follas Novas", *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 150, 31.10.1921. Como é sabido, moitas das obras aquí aludidas saíron entre 1921 e 1923 na colección ferrolá "Céltiga", impulsada entre outros por Quintanilla, Ramón Villar Ponte e Manuel Morgado, mais non *O Mariscal*...

³⁰⁵ Documéntanos Luís Rei que o Concello de Mos, baixo a presidencia do alcalde Carlos González Santos, aceptou a renuncia de Cabanillas en sesión plenaria celebrada o 21 de outubro de 1921.

³⁰⁶ Cf. Carta de Cabanillas a Antón Villar Ponte, datada en Madrid, outubro de 1921. Fundación Penzol, Vigo, Fondo Villar Ponte, Carpeta 40-4. Reproducida por Alonso Montero en CABANILLAS, R.: *Obra Completa. Tomo 3*, Akal Editor, Madrid, 1981, p. 509. As portadas aquí aludidas son, entendemos, unha que Castelao fixo finalmente para esa 2ª edición de *Vento mareiro* e outra que debería facer parte do volume *O Mariscal*...

so de impresión dun libro. Do mesmo xeito, a primeira páxina a que se alude na carta é, como explica en realidade o propio Cabanillas, a capa do libro, non un presunto “inicio” textual que sería completado a seguir polo de Cambados...

Outra carta de Cabanillas, enderezada o 6 de febreiro de 1922 a Ramón Villar Ponte para acusar recibo da súa *Doctrina Nazionalista*, corrobora con toda clarezza que era Castelao o encargado de deseñar a capa do libro *O Mariscal* que o de Cambados e o de Viveiro querían editar e, talvez tamén, o causante dunha primeira demora no traballo de impresión: “Dille a teu irmán que a portada do meu libro *Vento mareiro* feita pol-o Castelao é anterior ô seu viaxe ô estranxeiro, o mesmo que a de *Luar*. O que está faguendo agora é a do *Mariscal*, sobor do que lle debe esquirbir Antón”³⁰⁷.

Algunhas cartas entrecruzadas por Cabanillas e o debuxante coruñés Álvaro Cebreiro (1903-1952), resgatadas no seu día por Mariano Tudela³⁰⁸, permítennos reconstruír, ademais, aínda que sexa fragmentaria e indirectamente, algúns prolegómenos e obstáculos desta finalmente frustrada primeira edición de *O Mariscal*.

Como é sabido, Cebreiro ilustrou numerosos volumes da literatura galega de preguerra, entre os que cabe contar a segunda edición de *Vento mareiro* e a primeira de *O Mariscal*³⁰⁹. Baixo a ollada e o consello de Villar Ponte, redixiu xunto con Manuel Antonio o manifesto *Máis alá* (1922) e os seus debuxos estiveron presentes en moitas revistas galegas da época con que tamén Cabanillas e Villar Ponte tiveron relación: *As Roladas* (1922), revista que dirixiu o poeta cambadés e onde Cebreiro inseriu un retrato de “Meliña”, a filla de

³⁰⁷ Carta de Ramón Cabanillas a Ramón Villar Ponte, datada a 6 de febreiro de 1922, gardada no Fondo “Fernández del Riego” da Fundación Penzol, de Vigo.

³⁰⁸ TUDELA, M.: *Álvaro Cebreiro*, Ed. do Castro, Col. O Movemento renovador da arte galega, nº 2, Sada, 1983, pp. 132-135.

³⁰⁹ Cebreiro ilustrou ou fixo capas, ademais, para *Alén* (1921), de Xaime Quintanilla; *Mal de moitos e Trato a cegas* (1921), de Euxenio Charlón e Manuel S. Hermida; *Abrente* (1922), de Vitoriano Taibo; *Axídate e O menciñeiro* (1922), dos xa citados Charlón e Hermida; *Luar. Contos galaicos* (1923), de Evaristo Correa Calderón; *D’Outono* (1924), de Gonzalo López Abente; *A vella roseira* (1925), do xa citado Taibo; *Concepción singela d’o ceo* (1925), do antes mentado Correa Calderón e, finalmente, *Abellas de ouro* (1930), de Lesta Meis.

Antón Villar Ponte; *Ronsel*, publicación luguesa dirixida por Evaristo Correa Calderón, en que se publicou, con toda a probabilidade por mediación de Cebreiro, un fragmento en primicia de *O Mariscal*; *Rexurdimento*, de Betanzos, órgano oficioso de imprensas, na súa segunda xeira (1922-1923), da ING de Vicente Risco; *Galicia* (1922-1926), de Vigo, diario de que Cabanillas chegou a ser administrador e de que foi colaborador habitual o xornalista viveirés; a coruñesa *Alfar*, promovida polo cónsul uruguaio na cidade herculina, Julio J. Casal; etc.

As cartas aludidas deixan entrever que Cabanillas, no momento en que xestiona en Madrid na casa Pueyo esta frustrada primeira edición de *O Mariscal*, está absorbido ao mesmo tempo na preparación da segunda edición de *Vento mareiro* e mais na dun novo volume poético, intitulado *Luar*, nunca publicado finalmente, en que habían de entrar, segundo as súas palabras, "todo o que non metín no *Vento mareiro*"³¹⁰.

En realidade, tratábase de retomar o fanado proxecto de "Obras Completas" que o poeta tentara levar adiante en 1917 coa imprenta do diario arousán *Galicia Nueva* e que ficara limitado á edición dun único volume dos cinco previstos, *Da Terra asoballada*. Agora, instalado en Madrid, Cabanillas negocia con Pueyo un novo proxecto denominado "Biblioteca Galega" e úrxelle a Cebreiro que lle mande debuxos para ilustrar eses volumes "porque teño un trato con editor, somentes pendurado d-eso"³¹¹. En agosto de 1921, o poeta explícalle ao debuxante, referíndose á segunda edición de *Vento mareiro*:

Recibín os dibuxos, que xa están en mans do fotograbador: sairán ben porque a casa é boa e faraios con todo coidado.

Os libriños, tal como tiñamos pensado non foi facedeiro arrincar con eles e tiréi pra diante animado pol-o proyeuto de alongar esa publicación dándolle o xeito de Biblioteca Galega: para min a

³¹⁰ Carta de Cabanillas a Cebreiro, sen datar, reproducida por TUDELA, M.: *Álvaro Cebreiro*, Ed. do Castro, Sada, 1983, p. 134.

³¹¹ *Ibidem*.

cousa non é de pensar moito; de non poder faguela en Galicia que se faga anque seia en Alaska e, dende logo, en Alaska sería mellor que en Madrí, mais en Madrí ten de ser³¹².

O citado libro, que saíu do prelo definitivamente o 15 de novembro de 1921, comezou a ser anunciado e recensionado inmediatamente polo boletín das Irmandades na súa sección “Follas Novas”³¹³. En febreiro de 1922, cando Antón Villar Ponte xa fora expulsado da dirección do decenario, coméntase a novidade editorial do seguinte xeito:

Do poeta da raza. *Vento Mareiro*.- Ademirablemente editado pol-a ‘Editorial Galatea’ de Madrid, da que é propietario o noso amigo don Alexandro Pueyo, acaba de se pór á venda a segunda edición corrixida e aumentada do libro do poeta da raza Ramón Cabanillas *Vento Mareiro*. É o primeiro libro que sae á luz da ‘Biblioteca Galicia’ que o Sr. Pueyo ten creado.

Leva unha magnífica e interesante portada do noso xenial e admirado Castelao, que como obra sua é todo o boa que cabe supór. Ademais, intercalados no texto, leva unhos dibuxos moi ben feitos de Álvaro Cebreiro, noso irmán na causa.

Como decimos, o libro é un verdadeiro alarde de tipografía, e pol-o seu módico prezo terá de esgotarse axiña. Ademais das poesías publicadas na primeira edición feita na Habana leva outras novas³¹⁴.

Temos, pois, identificada indirectamente unha das razóns que explican por que a edición de *O Mariscal* pola casa Pueyo madrileña non pasou do intento: a prioridade que Cabanillas outorgou, retomando un proxecto de *opera omnia* xa acariñado en 1917, á reedición dun dos seus poemarios, *Vento mareiro*, e á preparación de, cando menos, outro volume poético, intitulado *Luar*.

³¹² *Ibidem*, p. 135.

³¹³ Así, o 30 de novembro anúnciase: “**Vento mareiro**.- Xa rematada a imprentación d’esta obra de Ramón Cabanillas, axiña se porá á venda. Está editada pol-a nova Sociedade ‘Marineda’, que leva como pe: Madrid-Coruña” (Cf. “Follas Novas”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 152, 30.11.1921), e en decembro insítese “**Libros novos**.- *Vento Mareiro* de Ramón Cabanillas vaise pór á venda” (Cf. “Follas Novas”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 154, 31.12.1921).

³¹⁴ Cf. “Novos libros”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 156, 1.2.1922.

Non sabemos se a interrupción do proxecto cabanilliano (ese volume *Luar*, como aconteceu con *O Mariscal*, tampouco saíra do prelo nesa ocasión) tivo algo a ver cos probablemente escasos resultados económicos desa segunda edición de *Vento mareiro*. Retraeríase o editor Pueyo á vista da falta de rendibilidade dese primeiro volume da “Biblioteca Galega” que apalabrara con Cabanillas? É moi probable que así acontecese, mais deberon confluír outros obstáculos, ademais deste que indicamos, para provocar o ineditismo de *O Mariscal*.

Desde logo, a correspondencia de Cabanillas con Cebreiro que Tudela exhumou permite enxergar con clareza a existencia dunha morea de quefaceres e tribulacións para o poeta cambadés na capital hispana, que mesmo afectaban á súa saúde. Con efecto, salferen as cartas do cambadés ao debuxante herculino expresións como as seguintes: “Inda non ando bó. Estou que non me teño de floxo e escangallado”³¹⁵; “como estou cheo de traballos non che me paro”³¹⁶; “estou cheo de traballos e trapalladas n-este Madrí dos meus pecados”³¹⁷; “este meu andar dando voltas sin repouso”³¹⁸; “non me debes tomar a mal preguizas nin abandonos, que os teño somentes c-os que quero e c-os que sei que me queren e que todo m-o perdoan”³¹⁹... Lémbrese neste sentido que ademais de traballar na secretaría persoal do deputado Leonardo Rodríguez, Cabanillas pon en marcha o proxecto de *As Roladas* e aínda escribe e envía a *A Nosa Terra* e a outros xornais como *La Zarpa* varios poemas en que retrata, con ollo crítico, diversos ambientes madrileños³²⁰.

³¹⁵ Carta de Cabanillas a Cebreiro, datada no Porriño a 2 de xullo de 1921, reproducida por TUDELA, M.: *op. cit.*, p. 133.

³¹⁶ Carta de Cabanillas a Cebreiro, sen datar, mais escrita xa desde Madrid, reproducida por TUDELA, M.: *ibidem*.

³¹⁷ Carta de Cabanillas a Cebreiro, sen datar, reproducida por TUDELA, M.: *Op. cit.*, p. 134.

³¹⁸ *Ibidem*.

³¹⁹ *Ibidem*.

³²⁰ Así, por exemplo, “Cheirumes da Corte / Os pinos saudosos” (*A Nosa Terra*, A Coruña, nº 151, 15.11.1921), “O Parlamento / A España de oxe” (*A Nosa Terra*, A Coruña, nº 152, 30.11.1921), “Un enterro de primeira” (*A Nosa Terra*, A Coruña, nº 153, 15.12.1921) e “Orxía cortesán” (*A Nosa Terra*, A Coruña, nº 154, 31.12.1921). Estes poemas, xunto con outros de tema e enfoque semellante (“1921!”, “A bailadora”, “No Museo”, “O mentideiro”, “Serán de domingo”...) serían recollidos por Cabanillas na segunda edición do seu libro *No desterro* (1926).

Se a situación económica e as obrigas laborais de Cabanillas non daban para afrontar as despesas e traballos dunha edición de autor, a situación económica e profesional de Antón Villar Ponte non era moito máis alentadora nesta precisa época.

Con efecto, até a aparición do diario olívico *Galicia*, o de Viveiro, expulso da dirección de *A Nosa Terra*, tivo que se gañar a vida precariamente coas súas correspondencias para os xornais cubanos *La Correspondencia* de Cienfuegos e *Diario de La Marina* da Habana e con esporádicas colaboracións en cabezallos como o agrario-basilista *La Zarpa*. Despois de ter feito parte da redacción de *La Voz de Galicia* (1912-1918), de ter dirixido *El Noroeste* (1918) e de ter colaborado estreitamente con seu irmán Ramón nas planas do diario ferrolán *El Correo Gallego* (1921), Antón vivirá desde finais de 1921 até finais de 1922 o que probabelmente constituía un dos momentos de máxima precariedade laboral de toda a súa dilatada traxectoria como xornalista.

Se a todo isto sumamos os custos humanos e políticos da escisión vivida polas Irmandades en febreiro de 1922, após a IV^a Asemblea Nacionalista (Monforte), que estreitaron o círculo de afectos aos autores de *O Mariscal* e deterioraron nalgunha medida as expectativas de difusión da obra entre os correligionarios de outrora, poderemos completar o cadro de causalidades que, directa ou indirectamente, provocaron que este primeiro intento de edición da peza resultase abortado.

En todo o caso, interesa moito salientar que non se pode atribuír o fracaso deste primeiro intento de edición de *O Mariscal* a unha hipotética existencia de desavizas entre os seus autores na altura. É ben significativo, por exemplo, que o xornalista viveirés non teña senón louvores e parabéns para o poeta cambadés no instante de recensionar a segunda edición de *Vento mareiro*³²¹ e que sexa tamén quen lle envíe por correo certificado ao poeta Manuel

³²¹ Cf. VILLAR PONTE, A.: "Nuevo renacimiento de las letras gallegas. Algunos libros nuevos", *La Voz de Galicia*, A Coruña, 22.1.1922.

Antonio un exemplar da obra cabanilliana³²². Na mesma liña, é o poeta Cabanillas quen distribúe a comezos de 1922 entre algúns nacionalistas galegos residentes en Madrid (Aurelio Ribalta, Ignacio Rodríguez...) exemplares da *Doctrina nazonalista* de Ramón Villar Ponte, segundo fica testemuñado na xa citada correspondencia epistolar do cambadés que se conserva³²³.

Cando en abril de 1922 recensiono na súa sección “Os homes, os feitos, as verbas” a aparición da segunda edición de *Vento mareiro*, o boletín ourensán *Nós* engadirá o seguinte comentario sobre a peza *O Mariscal*, significativamente posto en termos dubitativos: “Esquecíamos a gran traxedia *O Mariscal*; que seica áchase xa no prelo”³²⁴.

3.4. ADIANTOS DE *O MARISCAL* EN PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS

Así as cousas, a peza *O Mariscal*, inédita e non representada aínda á altura de 1922, só vai ser coñecida durante varios anos polo público galego grazas a lecturas en diversos cenáculos literarios (“donde su lectura fué acogida con toda clase de pronunciamientos favorables”, a dicir do xornal coruñés *El Noroeste*³²⁵) e mais á esporádica publicación de breves e escollidos fragmentos en diferentes revistas e xornais. O diario vigués *Galicia* daba conta en xuño de 1925 nas súas columnas dunha desas lecturas privadas de *O Mariscal* nos seguintes termos:

En La Coruña, en el domicilio del joven escritor Juan de Jesús Vázquez, se ha reunido un grupo de literatos y artistas para escu-

³²² Vide GARCÍA-SABELL, D. (ed.): *Manuel Antonio III. Correspondencia*, Ed. Galaxia, Vigo, 1979, pp. 164-165.

³²³ Carta de Ramón Cabanillas a Ramón Villar Ponte, datada a 6 de febreiro de 1922, existente no Fondo “Fernández del Riego” da Fundación Penzol, de Vigo.

³²⁴ Cf. *Nós*, Ourense, nº 10, 20.4.1922, p. 23.

³²⁵ Cf. “Acontecemento literario. *O Mariscal*”, *El Noroeste*, A Coruña, ca. outubro 1926. Recorte no Arquivo da Real Academia Galega, Fondo Villar Ponte, Caixa 149, Sobre 3.

char la lectura del hermoso drama *O Mariscal*, original de Ramón Cabanillas y Antón Villar Ponte [...] Villar Ponte leyó en dicha reunión *O Mariscal*, que mereció calurosos elogios de los allí presentes³²⁶.

Polo que di á aparición de fragmentos en revistas, a coruñesa *Alfar* adiantou ao público no seu número 20, correspondente ao mes de abril de 1923, un anaco desta peza teatral, ilustrado para a ocasión por Cebreiro cunha caricatura en que aparecen sobreimpresionados os rostros de Cabanillas e Villar Ponte³²⁷. Tratábase, concretamente, dun retallo do Terceiro Acto, Xornada Primeira, Primeiro Cadro, Escena Quinta, en que a Vella (representación da Raza) visita no cárcere a Pardo de Cela, a seu fillo e a Pedro Miranda, dálles de beber polo cálice sagrado que garda o sangue dos mártires bos e xenerosos e profetiza que o seu inminente sacrificio non será en van...

Por outra banda, con motivo da celebración o 17 de nadal de 1923 dun novo aniversario do degolamento en 1483 do Mariscal Pardo de Cela, do seu fillo e de Pedro Miranda diante da catedral de Mondoñedo, o xornal *Rexurdimento* de Betanzos, daquela voceiro oficial da ING, ten a iniciativa de adiantar outro brevísimo fragmento da peza, que corresponde co parlamento en que Pedro Bolaño identifica a figura do Mariscal feito prisioneiro cun novo Cristo camiño do martirio redentor (Acto Segundo, Xornada Segunda, Escena Doce):

Relembrando ista patriótica e triste efemérides que constituie o comenzo da escravitude galega, que inda hoxe sigue, coidamos o millor ofrecerlles ós leutores un anaco da lenda tráxica en tres xornadas *O Mariscal*, que Antón Villar Ponte compuxo en prosa, brindándolla ó poeta da Raza Ramón Cabanillas pra que a versificase, coma o fixo³²⁸.

³²⁶ Cf. "O Mariscal", *Galicia*, Vigo, nº 845, 24.6.1925.

³²⁷ Cf. *Alfar*, A Coruña, nº 28, abril de 1923.

³²⁸ Cf. *Rexurdimento*, Betanzos, 2ª xeira, febreiro de 1923.

Finalmente, a revista luguesa *Ronsel*, dirixida por Correa Calderón, tamén reproducirá no seu quinto número (setembro de 1924, pp. 6-9) un longo fragmento do aínda inédito *O Mariscal*. Trátase do premonitorio diálogo entre Valadouro, Elvira de Muras e O Cego presente no Primeiro Acto, Xornada Primeira, Segundo Cadro, Escena II da obra.

Coñecidos polo público estes fragmentos, comezou a crearse en determinados círculos da opinión galeguista, mesmo por riba de enfrontamentos ideolóxicos e tácticos existentes, a convicción sobre a absoluta necesidade de que a obra de Cabanillas e Villar Ponte adquirise canto antes difusión, tanto polos seus valores estéticos como pola súa probábel eficacia proselitista á hora de espertar a consciencia nacional adormecida. Por iso mesmo o boletín *A Nosa Terra*, obviando as rexas discrepancias que mantiña daquela cos membros da ING, entre eles os dous autores de *O Mariscal*, aproveitará a convocatoria do seu “Certame Literario de Teatro” para efectuar un chamamento

â editorial *Céltiga* para que pubrique a traxedia *O Mariscal*, de Cabanillas e Ponte [sic], que sendo pol-o d’agora imposible dar a coñecer nas taboas, débese pol-o menos facer coñecida como obra literaria, que o seu mérito ben o merece³²⁹.

O propio voceiro da Irmandade coruñesa é o encargado de facer pública a nova sobre a posibilidade de que *O Mariscal*, xunto con *A Virxe de Cristal*, de Curros Enríquez, e *Los Hidalgos de Monforte* de Benito Vicetto, fose convertido en filme cinematográfico, logo de que a “Celta Films” estrease con éxito a adaptación da opereta *Maruxa* (1914) de Amadeo Vives e Luís Pascual Frutos, con titulares en galego elaborados por Lugrís Freire³³⁰. No entanto, nin

³²⁹ Cf. “Teatro Galego. Certame literario”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 191, 1.9.1923. Tamén ao dar conta do sumario do quinto número da revista *Ronsel*, que, como xa dixemos, incluía un fragmento de *O Mariscal*, *A Nosa Terra* aproveitará para sinalar novamente que o drama de Cabanillas e Villar Ponte “debe ser publicado o mais axiña posible” (Cf. “Lecturas”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 206, 1.11.1924).

³³⁰ Cf. “O arte mudo. A primeira película galega”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 197, 1.2.1924.

a editora “Céltiga” sobreviviu tanto tempo como para afrontar o reto nin a “Celta Films” emprendeu nunca a filmación da versión cinematográfica de *O Mariscal*. Desta maneira, a obra que nos ocupa encara o ecuador da década dos 20 aínda inédita e sen ter subido nunca aos escenarios.

3.5. OUTRO FRUSTRADO INTENTO DE EDICIÓN DE *O MARISCAL*

A pesar dos pesares, Villar Ponte e Cabanillas non desmaiarán no afán de procurar unha editora para a súa peza. As súas xestións semellan dar froito cando, á altura de maio de 1925, Villar Ponte non dubida en anunciar satisfeito aos lectores do diario vigués *Galicia* que Manuel Moret, propietario do establecemento tipográfico coruñés do mesmo nome,

va a editar igualmente con todo cariño una obra cuyas dimensiones alarmaron a otros editores -razón pola que lleva más de dos años inédita- que es la leyenda trágica en verso gallego, de Ramón Cabanillas y el cronista que suscribe, intitulada *O Mariscal*³³¹.

Talvez teña a ver con este anuncio, así como coa celebración dunha xuntanza arriba mencionada en que se fixo a lectura privada de *O Mariscal* no domicilio de Juan de Jesús Vázquez, na Coruña, o feito de ter aparecido nesta época, concretamente en maio de 1925, unha obra en verso do escritor Xosé Traperero Pardo (1900-1995) intitulada *El Mariscal Don Pedro Pardo de Cela. Leyenda acerca de su prisión y muerte* (Imprenta Gerardo Castro, Lugo, 1925). Diríase que a edición dunha obra de idéntico xénero (teatro en verso) e de idéntica temática, aínda que redixida en distinto idioma, esporou o desexo de Villar Ponte e Cabanillas daren ao prelo dunha vez por todas a súa creación, desde logo moito máis

³³¹ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. Un gallego exemplar”, *Galicia*, Vigo, nº 807, 10.5.1925.

requintada, ambiciosa e meritoria que a do futuro director da revista *Vallibria*³³².

Dous meses despois de feito o anuncio a que antes nos referimos, o de Viveiro saúda con satisfacción a posta en marcha por parte da casa editorial Moret dunha “Biblioteca Escollida de Autores Galegos”, que se inaugura o 30 de xullo de 1925 cunha escolma da poesía de Valentín Lamas Carvajal preparada polo escritor coruñés Juan G. del Valle³³³. No seu comentario, Villar Ponte salienta que o “limiar” do volume supuña a primeira e feliz incursión no emprego do galego por parte do seleccionador³³⁴.

A pesar deste anuncio, 1925 finalizou sen que os prelos da Moret deitasen as galeradas de *O Mariscal*. O 19 xaneiro de 1926, o xornal *Galicia* de Vigo reiteraba que a casa editorial coruñesa ía imprimir por fin *O Mariscal*, obra “que está chamada a agotarse a las pocas horas de hacer su exhibición en los escaparates de las librerías”³³⁵.

O propio Villar Ponte publicaría entón un artigo na revista quincenal sadense *Mariñana*, en febreiro de 1926. No mesmo, ademais de sintetizar as causas que mantiveran a obra inédita até ese instante e de atribuír a totalidade dos méritos que encerraba a peza ao poeta Cabanillas, sinalaba algúns dos aspectos que lle podían resultar máis agradábeis e interesantes nela ao público lector, para insistir, finalmente, no anuncio de edición de *O Mariscal* pola mentada casa-editora herculina:

³³² O xornal coruñés *La Voz de Galicia* acollería a edición da obra de Trapero Pardo coas seguintes palabras, inseridas na sección “Al margen de los libros” do exemplar correspondente ao 8 de maio de 1925: “Don J. Trapero Pardo ha dado a la publicidad una leyenda poética, versificada con facilidad e inspiración, acerca de la vida y hechos del mariscal Pardo de Cela. Revela un cariñoso estudio de aquella interesante figura histórica y condiciones estimabilísimas de poeta en el autor de la obra, que tiene períodos verdaderamente afortunados. Deseamos un feliz éxito al ameno poema, cuyo mérito histórico y literario nos complacemos en reconocer”.

³³³ Vicente Risco, co gallo da publicación do volume *Poesías* de Lamas Carvajal, referiuse tamén gabanciosamente a esta “Biblioteca” do editor Moret nas páxinas do boletín *Nós* (Cf. nº 23, 15.11.1925).

³³⁴ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. Selección de poemas de Lamas Carvajal”, *Galicia*, Vigo, nº 941, 4.10.1925.

³³⁵ Cf. “Acontecimiento literario gallego. *O Mariscal*, en prensa”, *Galicia*, Vigo, nº 1.029, 19.1.1926.

Deica agora era pouco doado, por non dicir imposible -pra quenes non tivesen cartos- o publicar libros galegos de moitas follas. Fora da Terra, ningún editor aventurábase a imprimen cousas feitas na nosa lingua. É na Galiza, tampouco. Agora é diferente. Agora hai unha Editorial *Lar* que áchase disposta á publicación de canto mereza sere coñecido. Agora hai tamén un editor intelixente, verdadeiro artista na súa arte, D. Manoel R. Moret, que tende as mans xeneroso a tódolos publicistas.

Pois gracias ó señor Moret axiña sairá imprentado *O Mariscal*, obra fondamente patriótica na que o gran poeta da Raza, Ramón Cabanillas, e mais eu, puxémol-a nosa i-alma.

O Mariscal ten -desque se rematou, e vai xa pra catro anos- un ambiente favorable entr'os intelectuás e artistas da Terra. Das suas esceas principás dóuse lectura en diferentes xuntanzas d'amigos. Das mesmas esceas oferceron as primicias varias revistas e boletins. Emporiso se non puido levar á imprenta deica agora, por non encontramos con editores que s'atrevesen a editaren obra tan voluminosa. Pro, gracias ó Sr. Moret, como dixemos enantes, hoxe xa se acha no prelo³³⁶.

Mais non foi así. Por motivos que ignoramos, Moret non deu cabo ao proxecto, se ben a aventura da “Biblioteca Escollida de Autores Galegos” continuaría aínda por un tempo: en 1927 poría na rúa o segundo volume da mesma, a novela *Ruinas*, de Rosalía de Castro, con prólogo de Armando Cotarelo Valledor³³⁷, e o propio Villar Ponte anunciaría nun dos seus artigos xornalísticos a intención da citada editora de publicar varios volumes máis: un tomo de contos de Salvador Fernández García-Bodaño, un álbum de caricaturas de Pellicer (intitulado *Siluetas*) e un ensaio sobre hixiene corporal do galeno Eliseo Sandez Otero³³⁸.

Así as cousas, a peza *O Mariscal*, á desgraza da súa total ausencia dos escenarios, tivo que continuar sumando o máis desalentador

³³⁶ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Unha obra nova galega. *O Mariscal* está imprentándose”, *Mariñana*, Sada, nº extra, febreiro 1926, p. 11.

³³⁷ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Temas de interés. Una novela de Rosalía y una guía de turismo”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 12.11.1927.

³³⁸ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Temas de interés. Libros próximos a publicarse”, *El Pueblo Gallego*, nº ??. Arquivo Real Academia Galega, Fondo Villar Ponte, Caixa 148, Sobre 4.

e frustrante ineditismo. O propio Villar Ponte aludirá en febreiro de 1926 a esta tristeira situación con estas palabras:

Ramón Cabanillas y nosotros hemos dado alma, hace más de cuatro años, a una tragedia histórica que tiene su basamento en una hermosa leyenda popular. Fragmentos de la misma se publicaron en la Prensa. La obra entera fué dada a conocer en peñas de literatos. El escenógrafo Camilo Díaz ultimó con exquisito arte los bocetos de las decoraciones correspondientes. Vicente Risco dió pautas gráficas para la mayor propiedad indumentaria de los personajes. Sin embargo, la tragedia -que todos sabéis se denomina *O Mariscal*- continúa y continuará inédita, Dios sabe hasta cuando. ¿Por qué? Pues por la falta de actores capaces de llevarla a escena, sencillamente. No hay que dudarlo. Si nuestra obra - no por lo que tiene de nuestra, sino por lo que tiene de Cabanillas-, estuviera escrita en castellano o estuviera traducida al catalán, es seguro, segurísimo, que a estas horas ya hubiese sido llevada a la escena³³⁹.

Mientras se están produciendo estes intentos de publicación da peza de Cabanillas e Villar Ponte, a sociedade galega está asistindo a un férrido e vívido debate sobre a relevancia, transcendencia e significado histórico-político da figura do Mariscal Pardo de Cela. A imprenta luguesa de Gerardo Castro tira do seu prelo en 1925, por exemplo, a xa citada obra *El Mariscal Don Pedro Pardo de Cela. Leyenda acerca de su pasión y muerte*, de José Trapero Pardo. No seu prólogo lese esta explicación:

Nosotros en Pardo de Cela no vemos al héroe y el mártir que en su rabiosa clerofobia nos intenta pintar Vicetto; ni vemos tampoco en él un vulgar facineroso y un cruel señor feudal, hasta cobarde, como nos lo describe Villaamil; ni al bandolero criminal que lleva todo a sangre y fuego como ha querido mostrárnoslo Zugasti. El aguerrido noble que lucha con valentía bajo las banderas de Juan II y Enrique IV, decimos, no será un héroe esforzado, y no lo presenta la Historia como tal, pero no es tampoco un asesino vulgar sin arrestos ni nobleza.

³³⁹ Cf. VILLAR PONTE, A.: "Galerías. Por qué el teatro gallego no prospera", *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 639, 16.2.1926.

Pola súa banda, o xornalista Lesta Meis sinalaba nesta época a respecto da figura do Mariscal:

Non deixo de comprender que a sona de que goza nace mais de traición que lle fixeron que de outra cousa. Porque si é verdá que loitou contra o poder dos reis e que morreu combatíndoos, tamén é certo que no fixo desde un punto de vista galego, senón desde un punto de vista particular, personal. El defendía o que tiña por seu, e o mesmo o houbera defendido de calquer que llo quixese quitar. A lo menos así mo parece a min, con toda honradez³⁴⁰.

Nunha posición distinta ás citadas achamos a revista *Céltiga* de Buenos Aires, que saudaba o catrocentos corenta e dous aniversario da morte de Pardo de Cela con este titular, que escusa comentario: “El Mariscal Pardo de Cela. Decapitado en Mondoñedo el 17 de Diciembre de 1483 por defender la independencia de la Nación Gallega”³⁴¹. Un ano despois, cando xa saíra do prelo a primeira edición de *O Mariscal*, a revista galaico-arxentina, inspirada entre outros por Ramón Suárez Picallo e Eduardo Blanco Amor, sinalaba a Pardo de Cela como “héroe y mártir gallego”³⁴². Tamén facía as seguintes consideracións:

La Historia oficial ocultó sistemáticamente la verdadera historia del bravo caballero gallego, y cuando lo mencionó fué para desvirtuar los hechos, la vida y las luchas en que actuó contra los que hurtaaron a Galicia sus fueros y sus libertades inherentes a su condición de pueblo libre.

Pero la justicia histórica, que raras veces se halla contenida en la historia oficial, comienza a hacerse sobre este y otros sucesos de nuestra historia y la figura gigantesca de Pardo de Cela pasa a ocupar un lugar prominente entre los héroes nuestros; el más prominente, puesto que su muerte inicia el período de nuestras desventuras

³⁴⁰ Cf. LESTA MEIS, Xosé: “Aquí pra entre nós. Galicia no século XV. Pedro Pardo de Cela e Aguiar”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 451, 11.7.1925.

³⁴¹ Cf. *Céltiga*, Buenos Aires, nº 23, 10.12.1925. A revista galaico-bonaerense reproducía aquí, ademais, versos sobre o mariscal de García Dóriga e Leiras Pulpeiro e varias fotografías dos loci da traxedia: a ponte do “Pasatempo”, a praza de Mondoñedo, a casa do Castrodouro e a cadea que suxeitou a Pardo de Cela en prisión, coñecida como “A Mariscal”.

³⁴² Cf. “Héroe y martir gallego. El mariscal Pardo de Cela”, *Céltiga*, Buenos Aires, nº 47, 10.12.1926.

nacionales. Con la cabeza de Pardo de Cela fueron tronzadas las libertades de Galicia, que él defendiera hasta darles el contributo de su vida.

De ahí que fueran inútiles todos los esfuerzos hechos para ocultar el carácter de aquel suceso; en vano se presentó a Pardo de Cela como un señor feudal defendiendo únicamente su señorío; en vano se recurrió al manido tópico de la unidad nacional española, para hacer simpática la acción de sus verdugos; en vano su nombre fué borrado del nobiliario gallego; en vano la Iglesia (el obispo de Mondoñedo D. Fradique fué uno de los mayores enemigos del Mariscal, atribuyéndose a instrumentos suyos la detención de la esposa doña Isabel, cuando traía su indulto en el famoso puente del ‘Pasatiempo’, en el preciso instante en que la fatal sentencia se cumplía) lanzó sobre él tremenda excomunión. Su recuerdo vivió bien amado en el alma de Galicia. Primero en el corazón del pueblo (y raras veces el pueblo recuerda con gratitud a quien no lo haya servido) que le tejió bellísimos romances heroicos cantados por los ciegos gallegos. Luego en la lira de los precursores, que le dedicaron magníficas estrofas. En la severa investigación histórica, después, y por último, el más alto poeta de Galicia, el que con justicia ostenta el título de poeta de la Raza, Ramón Cabanillas, junto con uno de nuestros más eruditos publicistas, Antón Villar Ponte, acaban de producir sobre el asunto, la obra cumbre de nuestra literatura³⁴³.

3.6. A EDICIÓN DE “LAR” (1926)

Como é sabido, a peza *O Mariscal* acabaría coñecendo en vida dos seus co-autores un total de dúas edicións. A primeira delas correu a cargo da editora coruñesa “Lar”, impulsada por Leandro Carré Alvarellos e Ánxel Casal Gosenxe³⁴⁴, e rematouse de imprimir concretamente o día de San Ramón (31 de agosto) de 1926. O boletín ourensán *Nós* xa tiña anunciado en maio dese mesmo ano que a citada editora “publicará axiña na sua Biblioteca Teatral *O*

³⁴³ *Ibidem*.

³⁴⁴ Xa no seu momento, Antón Villar Ponte tíñase feito eco na revista *Alfar* da aparición deste novo selo editorial coas seguintes palabras de alento e gabanza: “*Lar* constituye un bello alarde de enxebriismo, digno del supremo aplauso y del resuelto apoyo por parte de los buenos gallegos devotos de su idioma renaciente y de sus tradiciones admirables” (Cf. *Alfar*, A Coruña, nº 46, xaneiro de 1925, p. 27).

Mariscal por Ramón Cabanillas e A. Vilar Ponte a obra cume do noso teatro rexional”³⁴⁵.

Trátase dun volume de 187 páxinas, ilustrado por Álvaro Cebreiro e que se vendeu por pedido directo á editora ao prezo de 3’50 pesetas. A tiraxe, considerábel nos parámetros da época, foi de 1.000 exemplares. Segundo testemuñaría en 1934 o editor Casal, nas páxinas de *El Pueblo Gallego*, *O Mariscal* “fue vendida clandestinamente y agotada en unos días”³⁴⁶.

Non é este que citamos o único testemuño da boa acollida da edición. A revista galaico-arxentina *Céltiga*, aos poucos meses da saída á rúa da obra, advertía aos seus lectores, coidamos nós que cunha miga de esaxero froito da súa sá intención propagandística: “Hemos recibido un millar de ejemplares, apenas hace un mes, y ya no nos quedan para la venta ni cincuenta. Unos días más, y no tendremos ni un solo ejemplar”³⁴⁷. Ademais, os editores colocarían no volume *Fuxidos*, de Gonzalo López Abente, que facía o número 26 da colección de novela curta “Lar”, a seguinte nota dirixida ao potencial lector: “Permitímonos sômente recomendarlle que merque axiña un exemplar de O MARISCAL, pois son tantos xa os pedidos que temos que a edición feita esgotarásese rápidamente”³⁴⁸. E xa en 1929, cando saíu á rúa a segunda edición de *O Mariscal*, o boletín ourensán *Nós* indicou que a primeira “esgotárase en poucos días, en moitos lados sen siquera pasar pol-as librerías”³⁴⁹.

En calquera caso, cómprer saber que o propio Villar Ponte, calibrando o grao de dificultade con que se topaba a literatura galega para penetrar no tecido social, mencionaba nun artigo seu o caso

³⁴⁵ Cf. *Nós*, Ourense, nº 29, 15.5.1926. A editora “Lar” publicaría nesa mesma colección teatral as pezas *O corazón dun pedáneo*, de Leandro Carré Alvarellos e *Hostia*, de Armando Cotarelo Valledor.

³⁴⁶ Cf. CASAS, Á. de las: “La Editorial ‘Nós’”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 21.9.1934.

³⁴⁷ Cf. *Céltiga*, Buenos Aires, nº 48, 25.12.1926.

³⁴⁸ Citado por SANMARTÍN REI, G.: *Lendo nas marxas. Lingua e compromiso nos paratextos (1863-1936)*, Ed. Espiral Maior, Col. Universitas, nº 1, A Coruña, 2002, p. 60.

³⁴⁹ Cf. *Nós*, Ourense, nº 66, 15.6.1929, pp. 108-109.

da boa venda desta primeira edición de *O Mariscal* como un fenómeno excepcional:

“Si en Cataluña se lee poco, aquí no se lee casi nada. Aquí la edición de una obra de quinientos ejemplares, distribuidos entre las librerías de la metrópoli y los centros gallegos de América, es difícil que se agote en el transcurso de varios meses, aunque se le haga un gran reclamo y aunque encierre verdaderos méritos. La excepción confirma la regla. Y la excepción, en este caso, ha sido *O Mariscal*, obra de la que se hizo una tirada de mil ejemplares absorbido [sic] de modo rápido por el público.

Pero lo corriente es lo contrario; y tenemos buena experiencia de ello”³⁵⁰.

Ao saír á rúa *O Mariscal* impreso por primeira vez, a revista *Céltiga* inseriu nas súas páxinas unha nota intitulada “Por qué editamos *O Mariscal*”, asinada polo Director (Carré) e polo Administrador (Casal) de “Lar”. Desbotando o móbil de “gañar diñeiro”, dado o escaso número de lectores en galego existente na época, e ponderando o sacrificio que supuxera, os editores declaraban aquí ter posto na rúa a traxedia do “grorioso Pardo de Cela, que ven a ser a traxedia das liberdades galegas”, por dúas razóns, basicamente. En primeiro termo, por veren nesta peza, que “levaba varios anos sen saír á luz a pesar das xestións e intentos repetidamente feitos”, unha obra “grande pol-a conceición, fermosa pol-a forma, enorme pol-o ideal que contén”³⁵¹; e, en segundo lugar, por consideraren que “esta obra non debía, non podía permanecer inédita; era mester que a súa lêtura ferise os ollos de todol-os galegos pra abrir nos seus cerebros un vieiro espiritual de ardidos pensamentos”³⁵².

³⁵⁰ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Galerías. El libro, artículo de primera necesidad”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.340, 5.6.1928. Como contraste a estas aseveracións, sábbase que Laureano Santiso Girón, en xaneiro de 1931, referiríase á venda de exemplares de *Viaje y fin de don Frontán*, de Rafal Dieste, editado pola Librería “Niké” de Santiago, nos seguintes termos: “en Santiago se han vendido 417 ejemplares durante el primer mes, cosa no ocurrida hasta ahora a ningún libro gallego” (Cf. SANTISO GIRÓN, L.: “Desfile de hechos. Reportaje sobre una posibilidad del libro gallego”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 2.127, 28.1.1931).

³⁵¹ Cf. CASAL, Á. & CARRÉ ALVARELLOS, L.: “Por qué editamos *O Mariscal*”, *Céltiga*, Buenos Aires, nº 49, 10.1.1927.

³⁵² *Ibidem*.

A publicación de *O Mariscal* por “Lar” foi todo un acontecemento cultural e literario na época³⁵³ e suscitou comentarios en numerosos xornais, case sempre de xorne louvatorio³⁵⁴. Así, o boletín *A Nosa Terra*, nunha recensión redixida probablemente por Vitor Casas, aínda que sen a asinar, aplaudiu a aparición do longamente agardado libro, facéndose eco do bo acollemento que toda a prensa galega lle estaba dispensando e salientando, ademais, a importancia da peza alén do campo estritamente literario:

Ten ista obra unha importancia realmente extraordinaria pois ademais de ser formidabre en todol-os aspectos que se refiren ao orde literario, no que está á outura das millores peninsulares d’este xénero, ten tamén a de ser unha obra fundamente galega, formidabremente patriótica.

Pode ser calificada como a nosa obra epopéyica [...]

O Mariscal debe ser leído por todos os galegos [...] xa que encerra ensinanzas moi dinas de se ter en conta. Os que simplemente teñen aficións literarias e gústalles a literatura de obras boas teñen en *O Mariscal* ocasión como poucas para se deleitar admirando unha obra literaria de valor inmenso³⁵⁵.

Pola súa banda, *La Voz de Galicia* saudou tamén en 1926 a edición “largo tiempo esperada” dunha obra que, ao seu entender, “así por lo interesante y gallardo de la figura que le sirve de base como por el prestigio positivo de sus autores, tendrá una fuerte resonancia que traspasará sin duda las fronteras regionales”³⁵⁶.

³⁵³ Algúns militantes galeguistas deixarían testemuño nas páxinas do boletín *A Nosa Terra* en 1936, ao se producir o óbito de Antón Villar Ponte, do enorme impacto emocional, ideolóxico e mesmo estético que supuxera para eles a lectura desta primeira edición de *O Mariscal* (Cf. SUÁREZ PICALLO, X. A.: “Lembranza d-un mozo”, *A Nosa Terra*, Pontevedra, nº 405, 13.3.1936).

³⁵⁴ Coidamos errada, nese sentido, a apreciación de Rei Romeu de que *O Mariscal* “non contará cunha acollida crítica tan copiosa como a primeira peza de teatro do autor [*A man de Santiña*]” (Vide REI ROMEU, M.: “A recepción crítica da obra de Cabanillas”, en VV.AA.: *Ramón Cabanillas. Camiño adiante*, Ed. A Nosa Terra, Col. A Nosa Cultura-Extra nº 10, Vigo, 1989, p. 75).

³⁵⁵ Cf. “Lecturas. Libros galegos. *O Mariscal*”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 230, 1.11.1926.

³⁵⁶ Cf. “El teatro gallego. *O Mariscal*, tragedia”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, nº 14.599, 9.10.1926. Transcribirá ademais o xornal herculino un fragmento da Segunda Escena do Segundo Acto, en que o Mariscal se dirixe ao seus leais para recabar a súa axuda.

Vicente Risco deu conta da boa nova nas páxinas de *Nós*. Na súa recensión, considera o escritor ourensán que a peza era desde o punto de vista literario (que non ideolóxico), o fecho de toda unha época, e mesmo chega a prognosticar que nun futuro, xa convertida en clásico das nosas letras, deixaríase de lado a emoción estética que podía producir nese instante para valorizar esencial e preferentemente o seu papel histórico e o seu contido ideolóxico:

O certo é que *O Mariscal* ten na segunda renacemento galega, unha significanza única en canto expresión das mais fondas arelas da vida, do pensamento e da literatura da nosa Terra, no instante en qu'os concibiron os seus autores. *O Mariscal*, en canto peza literaria resume e pecha unha época da nosa literatura; en canto expresión ideolóxica, sinala o viciro por onde van os verdadeiros, ata o punto de qu'os podemos dar coma pedra de toque pr'a probanza das almas, e escollemos somente aquelas que gusten do *Mariscal* no seu segundo aspecto.

O Mariscal ten pol-o tanto unha importancia histórica qu'igual a seu mérito. Crar'está que hoxe, a xente ha ver mais a emoción dramática e as belezas líricas da obra, e que o seu valor histórico ha aparecer despois, cando pasadol-os anos se chegue a facer clásica e abrámol a co respeito con qu'abrimos os *Queixumes dos Pinos*³⁵⁷.

El Noroeste, despois de salientar que *O Mariscal* non era obra totalmente nova, pois “escrita hace tiempo, más de una vez fué leída por sus autores en cenáculos y peñas literarias, donde su lectura fué acogida con toda clase de pronunciamientos favorables”, resaltou a completa compenetración e identificación dos seus autores “con el personaje de noble tradición gallega, al que han rodeado de toda su grandeza histórica”. Aínda que o rotativo coruñés non dubidaba en vaticinar que o drama había de ser “muy leído”, por aparecer “rodeado de una aureola de prestigio”, lamentaba non obstante que non se abesullasen probabilidades para a súa subida aos escenarios: “*O Mariscal*, obra constituida para el teatro, para ser representada en versos escritos para ser declamados, no ha podido subir al tinglado

³⁵⁷ Cf. V[icente] R[isco]: “Libros”, *Nós*, Ourense, nº 35, 15.11.1926, p. 18. Reproducido por *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 876, 24.11.1926.

de la farsa y ello demuestra que la no existencia de un teatro gallego, se debe, no a la falta de teatro propiamente dicho, sino a la carencia de actores gallegos”³⁵⁸.

Pola súa banda, o xornal *El Ideal Gallego*, publicación católica e dereitista cun denso historial de enfrontamentos coas Irmandades da Fala, aínda recoñecendo a beleza da obra de Cabanillas e Villar Ponte, non só non obviou a súa radical discrepancia coa tese da obra, que ao seu ver “ha de ser muy discutida en Galicia”, senón que mesmo chegou a suxerir que os autores terxiversaran, xa non a historia, senón mesmo o relato popular lexendario sobre os feitos:

La obra es una leyenda trágica basada en la vida del mariscal Pardo de Cela, leyenda que contiene la tradición popular vista a través del temperamento artístico de ambos literatos y que acaso por esto mismo no coincide exactamente con los relatos que los viejos transmiten a los mozos en la comarca mindoniense durante las interminables noches de invierno³⁵⁹.

Tamén o xornalista cuntesino Xoán Xesús González comentou nas páxinas do xornal *El Compostelano*, en outubro de 1926, a aparición desta primeira edición de *O Mariscal*, “que tanto se leva arelado por cantos desexan buscar no seo da nosa nacemento literaria e por cantos sinten os nobres degaros dunha cultura galega”³⁶⁰. Despois de lle sintetizar ao lector a esencia temático-argumental da obra, o futuro fundador da “Unión Socialista Galega” sinalará:

A lectura de ista obra, é, para nós, un motivo de acrecentamento emocional como será para outros un despertar a os [sic] sentimentos patrios. Nela condénsase toda a traxedia da Frouseira, determi-

³⁵⁸ Cf. “Acontecemento literario. *O Mariscal*”, *El Noroeste*, A Coruña, ca. outubro 1926. Recorte en Arquivo da Real Academia Galega, Fondo Villar Ponte, Caixa 149, Sobre 3.

³⁵⁹ Cf. “Bibliografía. *O Mariscal*”, *El Ideal Gallego*, A Coruña, ca. outubro 1926. Recorte en Arquivo da Real Academia Galega, Fondo Villar Ponte, Caixa 149, Sobre 3.

³⁶⁰ Cf. GONZÁLEZ, X. X.: “No vieiro da nosa cultura. *O Mariscal*”, *El Compostelano*, Santiago, outubro 1926. Recorte no Arquivo da Real Academia Galega, Fondo Villar Ponte, Caixa 149, Sobre 2.

nante de iste noso estado de postración, de indiferencia, de incapacidade e de miseria. Da Frouseira arrancan todos os nosos doores, todos os nosos sufrimentos, todas as nosas amarguras. Datamos de alí e temos que seguir o camiño de ista fatalidade histórica que nos consume e que nos humilla. Hai algo de terriblemente irremediabel na vida galega i é a expiación de ise pecado que cometeron os que deixaron consumir a traxedia do Mariscal Pero Pardo de Cela. ¡ Cántos recordos, cántas arelas, cántas voces non despertará aló no fondo íntimo dos bos galegos iste drama que nos mandan os nosos camaradas, os nosos hirmáns Villar Ponte e Cabanillas !³⁶¹.

Vítor Casas tamén se referiu en *El Pueblo Gallego* ao evento, aludindo á perfección con que a obra estaba feita, ao seu indiscutíbel valor literario intrínseco e, ademais, á súa eficacia como plasmación artística de ideais redentores nun momento histórico en que os camiños da acción propiamente política estaban atuídos polo réxime ditatorial primo-riverista:

Todo n'ela está ben, formidablemente ben. A escenificación, a trama, os versos. Vén ademais n'uns momentos en que son percisos estos acicates que fan sentir e meditar, xa que non, porque non é posíbre, autuar.

O Mariscal é un baluarte da Idea como a Frouxeira foino da traxedia en que a obra está inspirada. Din os autores n'un introito que non é obra para lêr os homes fríos que estudan a historia pol-a historia. Eu engado que para os iniciados é un motivo mais de convencimento e para os demais quizais o comenzo da iniciación³⁶².

Púñalle ramo ao seu comentario este irmán da fala herculino, que morrería a mans dos franquistas en 1936 na cidade do Lérez, coas seguintes palabras: “Lástima grande é que por deficiencias de actores e as dificultades que supón pol-os gastos non poida por agora ser levada ao tabrado ¿Non haberá ningunha empresa ou particular que queira tomar a cousa ao seu cárrego? Sería para quen o fixera un negocio seguro e para Galicia un éxito grandioso”³⁶³.

³⁶¹ *Ibidem*.

³⁶² Cf. CASAS, V.: “Libros Galegos. *O Mariscal*”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 835, 7.10.1926.

³⁶³ *Ibidem*.

Xosé Lesta Meis, no *Heraldo de Galicia* da Habana, agoirou igualmente neste intre un grande éxito para esta peza, se ben (influído con toda a seguridade polas opinións que ao respecto sostíña o seu amigo Manuel Casás Fernández, coñecido detractor das Irmandades da Fala) non compartiu o entusiasmo dos autores da peza coa figura do Mariscal, entendendo que existía máis grandeza na de Alonso de Lanzós, un dos líderes da revolta irmandiña: “este si que le entra a uno por el corazón y lo hace latir con grandeza”³⁶⁴. Con todo, Lesta Meis expresará tamén a seguinte defensa do enfoque lendario e mítico dado por Cabanillas e Villar Ponte:

Ni toda la historia es verdad ni toda la verdad es historia [...] Nosotros también nos inclinamos hacia los mitos en casos en que los mitos resultan grandes propulsores de ideales fecundos. Las leyendas tienen más fuerza creadora que las verdades [...] El pueblo que la forja la cambia según sus gustos o ideas y conserva siempre la frescura de lo que acaba de nacer.

Este es el caso del Mariscal Pardo de Cela. Tiene su leyenda en la fantasía popular y esta leyenda saltará por encima de toda barrera que el dato histórico contrario le quiera oponer³⁶⁵.

En Buenos Aires, os promotores da revista *Céltiga* publicitaron profusamente a aparición desta primeira edición de *O Mariscal*, reproducindo diferentes fragmentos dela nas súas páxinas³⁶⁶ e ponde-rando as súas excelencias de todo o tipo en notas como a que segue, que reproducen literalmente o contido dunha folla voandeira que a editora “Lar” debeu repartir nesa época polas rúa coruñesas³⁶⁷:

¿Non tédes ouvido falar de *O Mariscal*? Pois *O Mariscal* vai saír á publicidade moi axiña. Este poema escénico no que se desenvolve de xeito orixinalísimo unha fermosa lénda hestórica do século XV, obra de Ramón Cabanillas e de Antón Villar Ponte, imprentado

³⁶⁴ Cf. LESTA MEIS, X.: “De Mi Tierra. *O Mariscal*”, *Heraldo de Galicia*, A Habana, 21.11.1926.

³⁶⁵ *Ibidem*.

³⁶⁶ Cf. *Céltiga*, Buenos Aires, nº 37-38, 25.7.1926, fragmento da Xornada Segunda; e *idem*, nº 43, 10.10.1926, fragmento do “Prólogo”.

³⁶⁷ Pode verse esta folla voandeira na Carpeta 40 (4) do Fondo Villar Ponte da Fundación Penzol (Vigo).

con amore pol-a Editorial Lar, dentro de poucas datas porâse â venda. Pol-a beleza dos versos, pol-o interés da fábula que emociona e conmove fondamente, pol-o outo espírito patriótico que latea a través de total-as esceas, *O Mariscal* conquerirá un éisito inmenso. Témol-a seguranza de que ninguén que poida ha deixar de mercalo e de que moi axiña faráse popularísimo.

O Mariscal salvará as fronteiras trunfador. Os galegos poderán amostrar con fachenda esta obra que val tanto, se non val máis que as millores do teatro castelán moderno chamado poético e histórico. Cantos literatos de sona e cantos críticos de autoridade coñecen *O Mariscal* desfanse en loubores pra esta obra ademirabre, verdadeiro timbre d'orgullo pra as letras de Galicia.

Ramón Cabanillas e Antón Villar Ponte puxeron na confeición de *O Mariscal* todo o seu talento e todo o seu amor â Terra e a Beleza. No vizoso rexurdimento da literatura galega *O Mariscal* ha ser como un blasón indestructible e cheio de gloria³⁶⁸.

Blanco Amor, Eliseo Pulpeiro, Alonso Ríos, Suárez Picallo, Antón Zapata e os demais promotores de *Céltiga* tiveron claro que estaban diante dunha obra valiosa para a causa galeguista tanto en termos de fruición estética como de eficacia proselitista:

El maravilloso drama *O Mariscal*, debido a las plumas próceres de Cabanillas y Ramón [sic] Villar Ponte, e ilustrado por Cebreiro, acaba de llegar a nuestro poder.

Sus editores destinan la mayor parte de los volúmenes a la venta entre los gallegos de la Argentina, y *Céltiga* hace una cuestión de honor el que los gallegos que habitan esta tierra amplia y libérrima sepan responder a tan honrosa confianza.

O Mariscal significa dentro del teatro y de la literatura de nuestra tierra, una obra de culminación artística, una nobilísima intención realizada y un amplio grito mesiánico arrancado de nuestra historia y lanzado como un alerta al porvenir.

Nunca en ninguna obra anterior de estos o de otros autores, se hermanaron tan magníficamente, la excelencia artística, la sobriedad verbal y el tremendo significado que encierra *O Mariscal*, al lado de su gallarda y cíclica rebeldía.

³⁶⁸ Cf. "*O Mariscal*", *Céltiga*, Buenos Aires, nº 45, 10.11.1926. A revista engadía á reprodución da folla voandeira de "Lar" a seguinte nota: "Xa chegou. Pida un volume a 'Céltiga' antes de que se esgote".

Aspiramos a que esta obra, al mismo tiempo que despierte en el espíritu insuperables emociones estéticas, sirva para levantar las conciencias de los templados y exaltar el ideal de los convencidos.

Gallego: Si lo eres de corazón, pide tu ejemplar a *Céltiga*, para que leyéndolo tú y tus hijos, sepas cuánta es la grandeza de tu tierra y la genialidad de los hombres que en ella luchan, para elevar su nivel espiritual ante el mundo de la cultura³⁶⁹.

Con motivo desta primeira edición de *O Mariscal* tamén publicou *Céltiga* unha substanciosa recensión da peza asinada por *Critias* (Eduardo Blanco Amor, probabelmente), da cal cómpre destacar aquí dous aspectos, fundamentalmente. Por unha banda, a distinta valorización que expresa *Critias* a respecto da opinión de Vicente Risco (publicada na revista *Nós*, como vimos) sobre a transcendencia e valor de canonicidade para a porvir da literatura galega desta obra; por outra banda, a lúcida disección que se realiza aquí das diferenzas, xa arriba aludidas, entre *O Mariscal* e as pezas do teatro chamado poético e histórico español coetáneo (Marquina, Villaespesa...).

Sobre a primeira cuestión di *Critias*:

A la pluma vigorosa del ilustre Villar Ponte y al exaltado lirismo de Ramón Cabanillas, debe Galicia esta soberbia manifestación del genio de su raza, donde el verbo matizado y saudoso de Rosalía adquiere fulgores épicos y resonancias casi insospechadas. Todo lo heroico, lo rudo y lo amplio que flota sobre los cantos bárdicos de Pondal como posibilidades en germen para desarrollos futuros estremece los versos de *O Mariscal* y les insufla un poderoso aire cíclico capaz de recorrer las curvas de muchos siglos. *O Mariscal* no es obra que hará época. Es época mismo en sí. No creemos con el maestro Risco, que cierre con un soberbio jalón el pórtico de una época, ni aún como expresión literaria. Creemos, por el contrario, que franquea un amplio horizonte para nuestro teatro. Nuestra escena romántica está sin explotar. Y cuando se estudien con sosiego y amplitud los valores de nuestro romanticismo, se verá que falta el sector importantísimo -importantísimo en el renacimiento a la

³⁶⁹ Cf. "Para los gallegos de corazón", *Céltiga*, Buenos Aires, nº 45, 10.11.1926.

vez literario y cívico de un pueblo- del teatro como expresión y popularización del tema histórico, que tanto abundó en la escena de otros países, contribuyendo eficazmente a su reintegración patriótica. *O Mariscal* con su vigorosa escenificación, con la bravura y la dedicadeza de sus versos y con la admirable captación del tema legendario -más cerca del alma popular que todos los alegatos eruditos- llevado a la escena por actores adiestrados, o simplemente, leído, servirá tanto o más que los mejor tramados ensayos, para expandir el corazón del pueblo gallego, el conocimiento de las viejas deudas y de las hurtadas rebeldías que debemos a nuestra tierra con antigua y vergonzosa deuda, siempre negada por cobardes o mistificadores³⁷⁰.

A respecto da segunda, sinala o citado recensionador:

La semejanza técnica que puede tener con algunas producciones del teatro neo-romántico castellano, y que varios comentaristas han señalado a *O Mariscal*, no pasan de ser meros parecidos superficiales, nacidos más que de la imitación consciente, del concepto genérico del teatro dentro de una época más universal que privativa de una literatura particular, y mucho menos de la castellana, poco rica en inventiva formal y en novedades de ejecución. En cambio, las diferencias son profundas. Diferencias de concepto y de forma. El lenguaje -riquísimo y expresivo, lleno de admirables medias tintas- se mantiene dentro de una justa sobriedad y ni aun en los pasajes en que la trama escénica parece requerirlo más (los parlamentos de Pardo de Cela y Pedro, seu fillo [sic], en el acto segundo, la invocación de "O Cego", en el primero y el recio monólogo de "A Vella" en el final, por ejemplo) llega a caer en la oratoria venal y tribunicia ni el lenguaje adopta los inflados barroquismos verbales con que suelen empavesar sus escenas los dramaturgos de la lengua castellana. Por el contrario, abunda en momentos de feliz e hidalga inspiración *enxebre*: el romance que canta "A Mociña" en el prólogo; el diálogo de Elvira y Amaro en el primer acto; la breve y dulcísima escena entre Xuana y los nobles y el idilio de ésta con Pedro, fillo [sic], con la trova de clásico e hidalgo corte gallego que ha de hacerse popular en labios del pueblo y tal vez en el pentágrama de nuestro músico futuro, tanta es su simple y genial belleza...³⁷¹.

³⁷⁰ Cf. CRITIAS: "Libros. *O Mariscal*", *Céltiga*, Buenos Aires, nº 49, 10.1.1927.

³⁷¹ *Ibidem*.

Julio Sigüenza, nunha conferencia intitulada “La personalidad de Ramón Cabanillas” que impartiu no “Teatro Victoria” de Buenos Aires o 15 de outubro de 1926 no transcurso dun acto organizado pola revista *Céltiga*, aseveraría a propósito de *O Mariscal* que con ela o teatro galego tomaba novos rumbos

encaminándose hacia nuestras tradiciones y nuestra historia, consciente ya de su misión sobre las multitudes que debe orientar e instruír.

Con la obra de Cabanillas y Villar Ponte debe morir, para no levantarse más, el ridículo teatro de las *zocas* y del *indiano*, que nada resuelve, y que ningún valor real puede aportar a nuestra cultura³⁷².

Outro xornal da Galiza da diáspora, *El Despertar Gallego*, reproducíu nun número extraordinario de 17 de decembro de 1926 algúns fragmentos da peza que nos ocupa. Alén de cualificar *O Mariscal* como “la cumbre más alta a que podían aspirar las letras gallegas”, engadía:

Por lo magníficamente combinado de su trama, por el vigor de sus escenas, verdaderamente emocionantes, por la soberana belleza y galanura de sus versos, por la grandeza de su lenguaje, *O Mariscal* es capaz de inmortalizar, no sólo a sus autores, sino también a toda una época literaria³⁷³.

O enorme e positivo impacto causado pola obra de Cabanillas e Villar Ponte nunha parte da colonia galega emigrada tivo, ademais, outras manifestacións ben palpábeis. Así, o músico natural da Pobra do Caramiñal e asentado na Arxentina Egidio Paz Ermo (1863-1933) compuxo unha partitura para ilustrar musicalmente o “Prólogo” da traxedia³⁷⁴. Ramón Suárez Picallo conferen-

³⁷² Cf. SIGÜENZA, J.: “La personalidad de Ramón Cabanillas”, *Céltiga*, Buenos Aires, nº 44, 25.10.1926.

³⁷³ Cf. “*O Mariscal*”, *El Despertar Gallego*, Buenos Aires, ca. 1926. Recorte no Arquivo da Real Academia Galega, Fondo Villar Ponte, Caixa 149, Sobre 2.

³⁷⁴ Vide VILANOVA RODRÍGUEZ, A.: *Los gallegos en la Argentina. Tomo 2*, Eds. Galicia, Buenos Aires., 1966, p. 1134.

ciou na “Semana Gallega” organizada pola “Federación de Sociedades Galegas” da Arxentina en 1926 sobre o tema “El Mariscal Pardo de Cela. Un capítulo de la Historia de Galicia”, aludindo á peza *O Mariscal* como “obra cumbre de nuestra literatura, que será con el correr del tiempo, nuestro poema nacional”³⁷⁵.

Xa a comezos dese ano o 4º Congreso da citada “Federación” tiña acordado ademais que “por non compartir a opinión de que o día de Galicia sexa celebrado coincidindo con unha festa relixiosa, conmemorarán iste día o 17 de Nadal, que é o aniversario do martirio en Mondoñedo do Mariscal Pardo de Cela”³⁷⁶.

Así o fixeron, desde logo, en decembro de 1927, no transcurso dunha “Semana Gallega” en que, entre outras moitas actividades, Ramiro Isla Couto deu lectura a unha conferencia de Antón Villar Ponte intitulada “Los nuevos valores gallegos”³⁷⁷.

Aínda no verán de 1928 Gumersindo Vázquez e Carmen Rey fixeron un recitado dramatizado do prólogo de *O Mariscal* no transcurso dun festival organizado polo “Centro Galego” de Buenos Aires, festival que, dito sexa de paso, presidiu o daquela embaixador de España na República Arxentina e futuro ideólogo do fascismo hispano, Ramiro de Maeztu³⁷⁸.

Así mesmo, do entusiasmo que espertou en Cuba a publicación en 1926 de *O Mariscal* dá conta o feito de que a “Agrupación Artística” da Habana, filial do “Centro Galego”, se propuxese levala inmediatamente a escena, aínda que o proxecto non fose finalmente adiante. Un articulista que asinou J. F. comentaba a ese respecto nas páxinas de *El Pueblo Gallego*:

³⁷⁵ Cf. *Propaganda Galeguista*. “Estado actual de la Cultura Gallega” por Eduardo Blanco Amor y “El Mariscal Pardo de Cela” por Ramón Suárez Picallo. *Conferencias pronunciadas durante la Semana Gallega organizada, en Buenos Aires, por la Federación de Sociedades Gallegas y culturales*, páxina 35. Folleto do que non consta editor (a revista *Céltiga?*), nin lugar (Buenos Aires?) nin data (ca. 1926).

³⁷⁶ Cf. “Da Arxentina. Federación de Sociedades Galegas”, *El Emigrado*, A Estrada, nº 185, 28.2.1926.

³⁷⁷ Cf. “Semana gallega”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.202, 13.12.1927.

³⁷⁸ Cf. *Galicia. Revista del Centro Gallego*, Buenos Aires, nº 187, ano XVI, xullo de 1928.

Esto nos parece bien, aunque no deje de apenarnos algo el hecho de que sea en el extranjero, antes que en la metrópoli, donde dicha obra teatral haya de estrenarse. Después de haber leído *O Mariscal* y de deleitarnos con su lectura, pensamos que la sonoridad del verso y lo emocionante de algunas situaciones de obra tan notable solo en la escena podrán apreciarse íntegramente. *O Mariscal* sobre las tablas cobrará su verdadera vida. Y nosotros preguntamos: ¿no hay en algún pueblo de Galicia una Peña de aficionados al arte de Talía capaz de decidirse, con entusiasmo y cariño, a intentar el estreno de *O Mariscal*?

La importancia que esto tendría para la dignificación de nuestro idioma y para la propulsión del teatro gallego, no se precisa demostrarlo [sic]. *O Mariscal* es obra que interesa a toda clase de público y que vería con gusto lo mismo la llamada *gente bien* que la gente del pueblo. Desde el punto de vista económico, el buen éxito resulta, pues, seguro. Y desde el punto de vista artístico, ya no hay que hablar. Cuidando su presentación en escena, diciendo los versos como Dios manda, escogitando bien los intérpretes, *O Mariscal* podría recorrer en triunfo los principales teatros de Galicia³⁷⁹.

E no Uruguai, a revista do “Centro Galego” insería nas súas páxinas en maio de 1927 un artigo de Leandro Carré sobre o teatro galego en que podemos ler:

Por romate, acaba de se publicar *O Mariscal*, a traxedia histórica de Pardo de Cela, debida a Cabanillas e Villar Ponte, que foi escrita hai algúns anos e cuia publicación se me debe en parte importantísima. Velaí outra obra de grandísima importancia que tampouco foi posíbele ata o d’agora presentar nas táboas³⁸⁰.

3.7. OUTRO FANADO INTENTO DE REPRESENTACIÓN DE *O MARISCAL*

Precisamente con ese problema de ineditismo nos escenarios de *O Mariscal* como *leitmotiv*, producírase a comezos de 1928, nas

³⁷⁹ Cf. J. F.: “Por el Teatro gallego. Un intento que debiera hacerse” *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 870, 17.11.1926.

³⁸⁰ Cf. CARRÉ, L.: “O Teatro Galego”, *Revista del Centro Gallego*, Montevideo, nº 124, Abril-Maio de 1927.

planas do xornal *El Pueblo Gallego*, un intercambio público de cartas entre Antón Villar Ponte e o director do cadro “Agrupación Dramática Galega” de Vigo, Emilio Nogueira. Na primeira das misivas Nogueira explicarlle ao viveirés a principal razón por que o seu cadro non podía afrontar, por máis que quixese, a montaxe teatral de *O Mariscal*:

Ahora bien; supóngase el señor Villar Ponte, que, este su humildísimo amigo, tuviese el atrevimiento de ensayar su obra *O Mariscal* ¿ Con qué apoyo oficial o particular contamos, para vestir y decorar, lo que tan maravillosamente han forjado ustedes en su obra?... Faltos de ese apoyo, ¿ a quién, y de qué modo, tendríamos que acudir para sufragar los gastos que esto supondría?... ¡ Nosotros, que llevamos año tras año de insistente propaganda de nuestro teatro; haciendo desembolsos constantemente de nuestro bolsillo particular, sin que ninguna entidad oficial ni extra oficial, se haya acercado a nosotros para ofrecernos su apoyo moral en compensación a nuestra labor, también sentimos el dolor agudo de la indiferencia de los organismos oficiales [...]!³⁸¹.

A cordial resposta de Villar Ponte non se faría agardar. Dándolle a razón a Nogueira no tocante á falta de apoio oficial para o desenvolvemento da dramaturxia galega, suxeríralle non obstante unha posibilidade máis ou menos factíbel de representación de *O Mariscal* ao abeiro da adaptación operística da peza, que xa estaba a se preparar nesa altura:

Completamente conforme con usted. *O Mariscal* (y hablo de esta obra como pudiera hablar de otras) para que pueda estrenarse en debida forma es preciso que alguien adelante los gastos que requiere el ‘montaje’ de la misma. De otra suerte, permanecerá inédita por los siglos de los siglos. Con lo que ni autores ni actores sentirán estímulos para seguir laborando de modo entusiástico en pro del teatro regional [...].

Allá, para la primavera próxima, proyecta el notable compositor D. Eduardo R. Losada estrenar en La Coruña (llevándola después por

³⁸¹ Cf. NOGUEIRA, E.: “Sobre el Teatro Gallego. Una carta abierta”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.226, 10.1.1928.

otros escenarios de Galicia) una ópera suya hecha a base de nuestra tragedia *O Mariscal*. El decorado de la ópera ha de ser el mismo que requiere la tragedia. Los trajes, iguales. Y ¿ no podría aprovecharse ese momento para hacer sendas fiestas de arte gallego, estrenando un día el drama y al siguiente la ópera o viceversa? ³⁸².

Nogueira acusará recibo da carta villar-pontina e porá fin, seguidamente, a este cordial intercambio epistolar, congratulándose de coincidir co viveirés no diagnóstico dos males que aqueixaban a dramaturxia galega (“veo con satisfacción que nuestras apreciaciones sobre el teatro regional coinciden”), sinalando a presión sobre as institucións oficiais a fin de que subvencionasen o teatro galego como unha estratexia a pór en práctica e pódose, por último, ao seu dispor para unha hipotética montaxe, que finalmente nunca sería realizada, de *O Mariscal*:

Respecto a la representación de *O Mariscal* he de confesar que se ha dado un gran paso y creo que con buena voluntad podría ponerse en escena tan hermosa tragedia. Por mi parte, señor Villar Ponte, me consideraría muy honrado poniendo mi grano de arena al servicio de un arquero del Mariscal D. Pedro Pardo de Cela ³⁸³.

Que a “Agrupación Dramática Gallega” chegou a pensar seriamente na montaxe da peza de Cabanillas e Villar Ponte demóstrao a aparición na prensa editada en Vigo, durante o mes de maio de 1929, dunha serie de anuncios e notas nese sentido, como o que a seguir se reproduce:

El director del cuadro dramático con quien hemos hablado acerca de tan trascendental estreno, nos manifestó que para poder llevar a

³⁸² Cf. VILLAR PONTE, A: “Carta abierta. Acerca del teatro gallego”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.227, 13.1.1928.

³⁸³ Cf. NOGUEIRA, E.: “Carta abierta. Acerca del Teatro Gallego”, *El Pueblo Gallego*. Vigo, nº 1.233, 18.1.1928. Talvez perante a perspectiva de que *O Mariscal* puidese subir finalmente á escena e contribuíse para propagar unha determinada valorización da figura do mariscal Pardo de Cela oposta á súa, o erudito Couceiro Freijomil saíría á palestra pública para atacar a Vicente Risco como biógrafo de Vicetto e para negar calquera validez á imaxe do mariscal como protomártir da liberdade galega deseñada no seu día polo citado historiador e novelista ferrolán (Cf. COUCEIRO FREIJOMIL, A.: “Temas regionales. En torno a una biografía de Vicetto”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 21.6.1928).

escena *O Mariscal* que cuenta con muchos personajes, necesita más gente de la que tiene de ordinario el cuadro y nos ruega que hagamos un llamamiento a señoritas y caballeros que tengan aptitudes escénicas, para que a partir de hoy, se presenten en el domicilio de la citada Agrupación, Velázquez Moreno, 33, entresuelo, de ocho a diez de la noche, donde se les entregarán los papeles correspondientes a sus condiciones artísticas³⁸⁴.

Tamén *El Pueblo Gallego* inseriu un anuncio nas súas planas en que a citada entidade se dirixía “a todos las señoritas y caballeros aficionados al teatro, que quieran prestar su concurso para la realización de tan magna empresa”³⁸⁵, para que realizasen a súa inscrición no local da “Agrupación”. Infelizmente, este plausíbel esforzo da “Agrupación” que dirixía Emilio Nogueira non foi adiante e *O Mariscal*, como peza de teatro, tivo que continuar ausente dos escenarios por moito máis tempo...

3.8. UNHA TRADUCCIÓN NON AUTORIZADA DE *O MARISCAL* PARA O ESPAÑOL

A pesar de que o esforzo de edición en formato libro da peza de Villar Ponte e Cabanillas por parte da editora coruñesa “Lar” non se viu recompensado coa conseguinte escenificación, houbo figuras da intelectualidade española da época que viron de inmediato na obra méritos suficientes como para tornala atractiva para a súa adaptación escénica³⁸⁶.

Tanto a compañía de “una de las actrices españolas de mayor prestigio”, Margarita Xirgú, como a do actor catalán Enric Borrás,

³⁸⁴ Cf. “Se prepara el estreno de *O Mariscal*”, *Faro de Vigo*, Vigo, 11.5.1929. Citado por TATO FONTAÍNA, L.: *Teatro Galego. 1915.1931*, Ed. Laivento, Col. Ensaio, nº 89, Santiago, 1997, p. 189, nota 428.

³⁸⁵ Cf. “Agrupación Dramática Gallega. *O Mariscal*”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.629, 12.5.1929.

³⁸⁶ Está por comprobar, ademais, o influxo que *O Mariscal* de Cabanillas e Villar Ponte puido exercer sobre o escritor e activista republicano catalán Marcelino Domingo, amigo persoal e correligionario nesta época do xornalista viveirés. Precisamente en 1926, durante unha das súas frecuentes estadias nas prisións primo-riveristas, Domingo principiaría a confección da súa peza *Doña María de Castilla* (editada en 1933), en que se exalta a rebelión dos *comuneros* casteláns.

vello coñecido de Villar Ponte desde os tempos da súa estada en Cuba, fixeron varios requerimentos de autorización nese sentido, mais os autores de *O Mariscal*, segundo deducimos das súas propias confesións e do testemuño de Julio Sigüenza, negáronse a que a súa obra fose traducida e representada en español antes de que se producise a súa estrea en galego.

Sobre este particular, o autor de *Galicia, cara y cruz* escribiría en setembro de 1926, nas planas do xornal galaico-bonaerense *El Despertar Gallego*, o seguinte:

El más ilustre trágico de la escena contemporánea, el catalán Enrique Borrás, ha pedido a Villar Ponte con cuya amistad cuenta desde hace largos años, la autorización suficiente para traducir su obra al castellano y representarla por los teatros de América y de España. Sería verdaderamente lamentable y doloroso, que Galicia perdiera por tal motivo las primicias de *O Mariscal*³⁸⁷.

E o propio Villar Ponte, nun dos seus artigos, diría a este respecto:

A raíz de la publicación de *O Mariscal*, una de las actrices españolas de mayor prestigio nos pidió con verdadero encarecimiento que vertiésemos dicha obra al castellano, pues sería para ella aun buen negocio llevarla en su repertorio por América. Nosotros le respondimos que agradecíamos sus deseos, pero que era nuestro propósito verla representada en gallego, aunque fuese medianamente, tan solo, antes que en ningún otro idioma. Luego, Dios diría³⁸⁸.

Permite entender mellor que se producise ese requerimento da Xirgú aos autores de *O Mariscal* o feito de que a famosísima actriz española e o xornalista viveirés se tivesen coñecido persoal-

³⁸⁷ Cf. SIGÜENZA, J.: "Escritores Gallegos. Antonio Villar Ponte", *El Despertar Gallego*, Buenos Aires, 19.9.1926.

³⁸⁸ Cf. VILLAR PONTE, A.: "Galerías. El teatro gallego y *O Mariscal*", *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.215, 28.12.1927. Tato Fontaíña ten escrito a este respecto que Villar Ponte e Cabanillas concederon á Xirgú permiso para elaborar a pertinente adaptación da peza a idioma español "a condición de que lles fose remitida a tradución para dar a súa conformidade sen que nunca máis soubesen nada da cuestión" (Vide TATO FONTAÍÑA, L.: *Teatro Galego*, Laiovento, Santiago, 1997, p. 187).

mente con anterioridade, concretamente en xullo de 1921, na cidade de Ferrol, aonde chegara a compañía da actriz para ofrecer no “Teatro Jofre” catro funcións da *Fedora* de Victorien Sardou (1831-1908). Antón Villar Ponte estaba precisamente durante eses días na cidade departamental para negociar cos irmáns Barcón a asunción da dirección do xornal *El Correo Gallego*, responsabilidade que recaíu finalmente na persoa de seu irmán Ramón.

Non é casualidade, neste mesmo sentido, que a primeira colaboración asinada por Antón Villar Ponte no mentado xornal, publicada o día 19 de xullo de 1921, se titulase precisamente “Margarita Xirgú” e consistise nun entusiasta saúdo e intensa gabanza para esta actriz:

Margarita Xirgú va venir [sic] a El Ferrol. Yo os digo que cuantos sean devotos del arte teatral estarán de enhorabuena. Porque la insigne actriz es insigne de veras, y esta vez el adjetivo no está reñido con la realidad.

Margarita Xirgú, acaso defraude las esperanzas de los que gustan del mesamiento de los cabellos, del latiguillo a todo pasto y del grito sin contador. La insigne actriz se produce en la escena como podrían producirse en la realidad los diversos y heterogéneos tipos que interpreta.

Nosotros no sabemos que entre las comediantas españolas actuales haya ninguna que, como ella, posea la ductilidad de talento suficiente para encarnar figuras de alta comedia, figuras trágicas, ya sean de característica rústica o de pergeño aristocrático, refinado.

Su dominio del claro oscuro es notable; su naturalidad, encantadora. Sabe escoger siempre la elegante y artística postura - que pudiéramos denominar estatuaria - en que debe quedar en lo culminante de cada escena. Y si a esto se añade lo agradable y bien timbrado de la voz, tendremos que Margarita Xirgú resulta una actriz capaz de codearse con las mejores de Europa.

Por eso no ‘entra’ desde el primer momento en el espíritu de los espectadores. Acostumbrados al tipo de artista ‘legendaria’ que concede al público de galería más de lo que debe concedérsele, esta excelente actriz nos desconcierta un poco. Pero pronto, los que posean la más pequeña intuición artística reaccionarán, para rendirse ante su *savoir faire* tan exquisito como honrado.

Margarita Xirgú ha probado su arte en los más difíciles y heterogéneos géneros teatrales, y lo mismo salió airosa de su empeño en la tragedia clásica, que en la tragedia contemporánea (de lo trágico de gran relieve y de lo trágico cotidiano de que hablaba Maeterlinck) y en la comedia que pudiéramos llamar boulevardesa.

Con la por desgracia brevísima actuación de la gran actriz catalana en Ferrol, podremos, pues, disfrutar de unas intensas sensaciones de arte puro. Parodiando al personaje de la comedia de Rusiñol, podremos decir con cierta 'saudade', cuando abandone esta urbe, que es el 'arte que pasa'...³⁸⁹.

Falarían actriz e xornalista xa neste encontro en Ferrol da peza *O Mariscal*, cuxa confección estaba, de facto, rematada nesa altura? Non podemos afirmalo, mais é perfectamente posíbel.

Por outra banda, en xuño de 1926, polas datas aproximadamente en que *O Mariscal* saía do prelo de "Lar", o xornalista viveirés facíase eco nunha das súas crónicas para o xornal *La Correspondencia* de Cienfuegos dunha conferencia sobre *feminismo* e *feminidade* ditada pola propia Margarita Xirgú en Sevilla³⁹⁰. Esta atención que lle empresta neste instante Villar Ponte á citada actriz talvez sexa indicio de que foi entón cando negociaron un versionamento para español da obra *O Mariscal*, finalmente non levado a cabo.

Quen si chegou a realizar en Buenos Aires unha tradución de *O Mariscal*, a pesar de non dispor da correspondente autorización dos autores da obra, foi o dramaturgo e promotor teatral Francisco Villaspesa (1877-1936), axudado polo xornalista de orixe galega Germán Fernández Fraga. Foi Carvalho Calero un dos primeiros investigadores da nosa literatura que advertiu da existencia deste curioso *affaire*, ao informar de que Villaspesa "anunciou a tra-

³⁸⁹ Cf. VILLAR PONTE, A.: "Margarita Xirgú", *El Correo Gallego*, Ferrol, 19.7.1921.

³⁹⁰ Cf. "Feminismo y feminidad", *La Correspondencia*, Cienfuegos, 13.6.1926. Recorte no Arquivo Real Academia Gallega, Fondo Villar Ponte, Caixa 148, Sobre 1. Margarita Xirgú diferenciaba entre *feminismo*, isto é, "lo que afecta a las externidades sociales de la mujer [...] lo que todas las mujeres deben crear entre todas para que su condición social y económica se eleve en beneficio de la vida pública", e *feminidade*, "lo que afecta a su interior. Lo que atrae al hombre y constituye la delicia del hombre [...] lo que cada mujer ha de intentar perfeccionar en sí misma".

duçom e encenaçom de *O Mariscal*, propósito que nom chegou a realizar-se³⁹¹.

En realidade, Villaespesa non só traduciu a peza senón que mesmo chegou a anunciar a súa estrea pública para o xoves 29 de decembro de 1927, no “Teatro de la Comedia” da capital arxentina³⁹², a cargo da compañía que el mesmo dirixía³⁹³. Como queira que esa estrea non se chegou a celebrar, nos programas de man repartidos entre o público asistente á representación o venres día 30 de decembro de 1927 de *El Burlador de Sevilla*, o empresario e dramaturgo español ofreceu explicacións sobre unha hipotética futura estrea de *O Mariscal* no “Teatro de la Comedia” bonaerense nos seguintes termos:

Próximo estreno.- El grandioso drama histórico en tres jornadas y en verso; original de los escritores gallegos Ramón Cabanillas y Antón Villar Ponte; vertido al castellano por Don Francisco Villaespesa y Germán Fernández Fraga, titulado *El Mariscal*.

Esta produción que constitúe una primicia absoluta para el público porteño evoca un período de las luchas del mariscal gallego Pedro Pardo de Cela contra los Reyes Católicos.

Nota.- La obra será puesta en escena con toda la propiedad que requiere; por esta causa ha sido preciso postergar su estreno anunciado para el Jueves³⁹⁴.

Evidentemente, o problema para esta representación estribaba en realidade, máis que en razóns de “propiedade” na súa posta en escena, en razóns doutra “propiedade”, a intelectual... Con efecto, Villaespesa e Fernández Fraga tiñan emprendido o labor de traducir

³⁹¹ Vide CARVALHO CALERO: “O teatro galego actual”, *Letras Galegas*, Asociación Galega da Língua, Ourense, 1984, p. 106.

³⁹² Sito na Rúa Carlos Pellegrini, nº 248, de Buenos Aires, este coliseo teatral era propiedade da empresa Franco-Collazo.

³⁹³ Desta “Gran Compañía Española de Comedias y Obras Poéticas de Francisco Villaespesa” facían parte os actores e actrices Marta Fábregas, Gloria Pinedo, Prudencia Grifell, Luísa Tresols, María L. Pratti, Amparo M. Grifell, Lucrecia Aruay, Rafael Victorero, Luísa Vehil Tresols e José Palacios.

³⁹⁴ Cf. Programa de man do “Teatro de la Comedia” de Buenos Aires, “Gran Compañía Española de Comedias y Obras Poéticas de Francisco Villaespesa”, Arquivo da Real Academia Galega, Fondo Villar Ponte, Caixa 149, Sobre 1.

e adaptar a peza de Cabanillas e Villar Ponte sen agardar pola, cando menos do punto de vista ético, correspondente autorización de ambos autores galegos³⁹⁵ e así o vai denunciar Villar Ponte (avisado de tal extremo mediante cablegrama enviado por Eduardo Blanco Amor, Ramón Suárez Picallo, Rial Seijo e Ramiro Isla Couto) nas páxinas de *El Pueblo Gallego*³⁹⁶. O de Viveiro sinalaba, sen ocultar o seu enfado:

De lo expuesto [no cablegrama citado] se deduce que nuestra obra ha sido vertida en Buenos Aires al castellano. ¿ Por quién ? ¿ En qué forma ? No lo sabemos, puesto que el que solicitara en principio permiso para llevar a cabo la traducción nos daba nombres de probables traductores (Francisco Villaespesa, entre ellos) pero sin concretar ninguno en definitiva. Pese a lo que, parece, *O Mariscal* ya se halla *castellanizado*. Si esta castellanización fuese buena, la obra gallega lejos de sufrir detrimento ganaría en prestigio. Mas ¿ quién nos garantiza su bondad y su fidelidad al texto original, máxime habiendo recibido el cablegrama alarmante que dejamos exteriorizado ? En toda autorización que concedan unos autores para traducir una obra suya (y especialmente si esta es de teatro) aún sin que se diga, va implícito el deber del traductor de someterla al conocimiento de aquellos antes de mostrarla al público. No se ha cumplido tan elemental requisito: ni siquiera se nos dijo en firme el nombre del encargado de hacer la versión en castellano, y por lo tanto, procedimos a prohibir el estreno de la misma con un perfecto derecho³⁹⁷.

O diario *La Voz de Galicia*, ao dar noticia en marzo de 1928 dos preparativos para a confección da versión operística da obra por parte de Eduardo Rodríguez Losada, referiríase ao acontecido con *O Mariscal* na Arxentina nos seguintes termos: “En América, según noticias, han representado, refundido, traducido o adaptado el hermoso drama de Villar Ponte y Cabanillas, al revuelo de la indife-

³⁹⁵ Así o indica, por exemplo, o xornal *El Noroeste*, A Coruña, 22.5.1929.

³⁹⁶ Cf. VILLAR PONTE, A: “Galerías. El Teatro gallego y *O Mariscal*”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.215, 28.12.1927.

³⁹⁷ *Ibidem*. [Subliñado noso].

rencia conquese allí se mira eso de la propiedad literaria. Así da gusto”³⁹⁸.

Pola súa vez, a revista viguesa *Vida gallega*, nunca amiga dos nacionalistas galegos, faríase no entanto eco deste *affaire* que comentamos cun artigo de titular realmente expresivo: “El caso de *O Mariscal*. Lo castellanizan y le comen los cuartos”. A ese artigo pertence o seguinte fragmento:

Hasta ahora no fué posible representar en Galicia la nueva producción, que es muy hermosa y que debe constituir el hito de donde parta la creación de nuestro gran teatro regional. *O Mariscal* exige elementos escénicos de que por ahora no se dispone en nuestro país. Aún hace pocos días controvertían públicamente sobre esto algunos conocidos actores y escritores.

Pero si discurrieron y trabajaron en vano para sí Villar Ponte y Cabanillas no lo hicieron para otros, más afortunados, y, desde luego, más audaces. Fueron éstos -allá en Buenos Aires- nuestro joven conocido el joven escritor desconocido Germán Fernández Fraga, que puso el libro en castellano para que lo entendiese Francisco Villaespesa; y éste, que hizo los versos españoles [...].

Los verdaderos autores de *O Mariscal* protestaron de la apropiación. Y antes lo hizo un grupo de patriotas gallegos, no sabemos si movidos por la anomalía de que se ofrezca en castellano lo que nació en gallego - acaso sin grandes garantías de acierto en la versión - o por el dolor de ver lastimados los derechos de propiedad intelectual de dos ilustres escritores regionales³⁹⁹.

Ao que parece, non era a primeira vez que o citado Fernández Fraga se apropiaba indebidamente de obras alleas, pois segundo *Vida gallega*,

Ese traductor Fernández Fraga, que con tanta despreocupación osó adueñarse de una parte de *O Mariscal* gallego, sin duda para hacerle un favor a Galicia y otro a Cabanillas y Villar Ponte, es el mismo

³⁹⁸ Cf. “Otra ópera gallega. *O Mariscal*”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, nº 15.038, 22.3.1928.

³⁹⁹ Cf. “El caso de *O Mariscal*. Lo castellanizan y el comen los cuartos”, *Vida gallega*, Vigo, nº 367, 10.2.1928.

sujeto que publicó un soneto ajeno con su firma en el *Faro de Vigo*, y el auténtico Germán que hizo su entrada en Buenos Aires llamando malos caminos vecinales a las carreteras de Galicia; el que dice pertenecer a la juventud gallega de vanguardia, y el contradictor nuestro a quien tuvimos que darle con la badila en los nudillos. No sabemos donde encontrará colocación el joven periodista ahora que los galleguistas de vanguardia lo excomulgan afiliándolo a la triste grey de los que ‘andan a la caza de obras literarias ajenas para explotarlas como si fueran propias, del modo más audaz y desaprensivo’⁴⁰⁰.

Por outro artigo na sección “Temas de interés” en *El Pueblo Gallego*, que Villar Ponte non asina explicitamente mais que é sen dúbida obra súa, sabemos como reaccionaron el e Cabanillas para a defensa dos seus intereses e que valoración lles mereceu, en derradeira instancia, a cuestionábel conduta de Fernández Fraga e Villaespesa:

Ni Ramón Cabanillas ni Villar Ponte han tenido a estas fechas noticia alguna del estreno. No lo autorizan tampoco, puesto que no se les pidiera permiso para hacerlo. Solo supieron que *O Mariscal* iba a llevarse a la escena en Buenos Aires, castellanizado, por un cablegrama que les había enviado desde dicha urbe un grupo de buenos amigos [...]

¿ Se habrá estrenado al fin la obra de referencia ? La traducción de la misma al castellano hecha por Villaespesa y Fraga ¿será fiel al texto de Cabanillas y Villar Ponte? Hasta ahora no podemos dar respuesta a tales preguntas.

Lo que, sí, no ignoramos es que los autores de *O Mariscal* se han dirigido a la ‘Sociedad de Autores Españoles’ de teatros, poniendo tan extraño pleito en su conocimiento y rogándole intervenga para solucionarlo, a base de prohibir el estreno de dicho drama, si todavía no se realizó, y de suspender nuevas representaciones del mismo en caso de que se intente hacerlas en Buenos Aires o en cualquier otra ciudad americana.

⁴⁰⁰ *Ibidem*. A pouca simpatía que *Vida gallega* amosa neste artigo por Fernández Fraga tiña probablemente como causa mediata os comentarios pouco favorecedores con que o xornalista saudara desde *El Diario Español* bonaerense a designación do director da revista olívica, Jaime Solá, como numerario da Academia Galega (Cf. “El joven Germán se sale con la suya. Ya se habla de él”, *Vida gallega*, Vigo, nº 355, 10.10.1927).

Como se ve el proceder de Villaespesa y Fraga no puede ser más indelicado. Y santo y bueno si todavía no se les ocurre publicar y poner a la venta la traducción castellana de *O Mariscal*, sin permiso de los autores. Que por América adelante se estilan estas y otras atrocidades que suponen el más triste atentado contra los derechos de la propiedad intelectual.

Como comentario a todo lo expuesto diremos de nuevo que es lamentable que en Galicia no haya posibilidad de llevar a la escena obras del fuste de *O Mariscal* y otras, que tanto habrían de contribuir al rápido progreso del naciente teatro gallego. Pero, por ahora, hay que contentarse con la lamentación. Y tener cuidado con los que por América andan a la caza de obras literarias ajenas para explotarlas como si fuesen propias, del modo más audaz y desaprensivo⁴⁰¹.

Convén aclarar que non eran Villaespesa nin Fernández Fraga uns descoñecidos para Antón Villar Ponte, aínda que non saibamos se se pode dicir o mesmo para Cabanillas.

O dramaturgo almeriense fora entrevistado polo xornalista viveirés en abril de 1917 a bordo do vapor “Alfonso XIII”, aproveitando unha escala do buque no porto herculino na súa travesía cara a México. Villaespesa viaxaba acompañado nesa ocasión por un vello amigo de Villar Ponte, o xornalista e dramaturgo sevillano Diógenes Ferrand, que tiña compartido co viveirés algunhas empresas xornalísticas e moitas horas de bohemia na Habana. Após ter actuado como correspondente en México para o xornal madrileño *ABC*, Ferrand entrara a traballar en 1911 como representante xeral da compañía dramática da actriz mexicana *Virginia Fábregas* (María Barragán), de que facían parte actores tamén relacionados amicalmente con Villar Ponte como Martínez Tovar, García Leonardo ou Alejandro Navarro.

Sería precisamente Ferrand o encargado de presentar a Antón Villar Ponte ao autor de *El alcázar de las perlas*, quen viaxaba a México para unirse á compañía de Fábregas, ditar unha tríade de

⁴⁰¹ Cf. [VILLAR PONTE, A.]: “Temas de interés. Un pleito literario”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 31.1.1928.

conferencias (intituladas “Colonización española”, “La poesía moderna” e “El moderno teatro”, respectivamente), actuar de xurado nuns xogos florais hispano-americanos no país azteca, estrenar varias das súas pezas dramáticas (*La maja de Goya*, *Judith*, *Aben Humeya...*), completar algúns proxectos (*El guante de la virreina*, *Hernán Cortés*, *Bolívar*), redixir crónicas para o *Heraldo de Madrid* e, por último, compoñer un libro de impresións da súa viaxe que había de se intitular *La ruta de Hernán Cortés*.

O punto de maior interese na entrevista que lle realizou Villar Ponte a bordo do vapor “Alfonso XIII” estriba, ao noso entender, nas relativamente sorprendentes declaracións que Villaespesa fixo a respecto do noso idioma e sobre a política máis conveniente para Galiza. Trátase dunhas declaracións que, como se poderá comprobar na seguinte citación, sintonizan perfectamente coas propias opinións do entrevistador, destacado promotor e dirixente das Irmandades da Fala nesa altura:

– Aquí en Galicia, ¿no hay poetas y escritores que cultiven el idioma regional?

– Pocos –respondimos.

– Pues es una pena. El gallego, tan dulce, tan dúctil, tan hermoso como su hermano el portugués... Yo lo entiendo perfectamente y digo que si lo dominara no emplearía otro instrumento de expresión en mis poesías. El castellano, a veces, resulta muy duro. ¡Las jotas! ¡Las eses ásperas!... Quien sea poeta y conozca algo no más de la lengua de Rosalía tiene que opinar como yo...

[...] Nosotros oíamos embelesados estas cosas del gran bohemio Paco Villaespesa. Y aún nos dijo:

– Cultivad vuestro idioma; haced regionalismo; con el regionalismo surgirán los pugilatos entre pueblos y pueblos, y solo así llegaremos un día a la vertebración espiritual de España; más aún, a la consecución de la Iberia soñada y necesaria... No hay otro camino⁴⁰².

⁴⁰² Cf. VILLAR PONTE, A.: “De paso para la América. Un nuevo conquistador. Villaespesa en La Coruña”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 22.4.1917. Convén saber que, con posterioridade ao *affaire* que nos ocupa, Francisco Villaespesa vería publicado o seu poema “Galicia” nas páxinas do boletín ourensán *Nós*, en tradución para o italiano debida a Guido Batelli (Cf. *Nós*, Ourense, nº 95, 15.11.1931).

Probabelmente, esta simpatía que puido suscitarse neste encontro entre os dous autores, salferida desa presunta coincidencia ideolóxica a respecto da cuestión do cultivo do idioma galego, foi o forzado pé en que se apoiou máis tarde Villaespesa para tomarse a licenza de traducir, sen a pertinente autorización, a obra de Cabanillas e Villar Ponte...

Polo que di ao relacionamento con Germán Fernández Fraga, que había de se gañar a vida na Arxentina como redactor do rotativo *El Diario Español* e que publicaría en Montevideo, concretamente na Imprenta Teutonia, o volume pró-franquista *España y su rumbo*, a revista *Céltiga* publicou en abril de 1927 tres “Retratos metafóricos” cortados pola súa pluma que correspondían ás figuras de Suárez Picallo, Álvaro Cebreiro e Antón Villar Ponte, respectivamente. Dando a ver que tratara en persoa ao debuxante e que mesmo atesouraba algún dos rascuños que aquel tiña feito e rexeitado, Fernández Fraga afirmaba que “Cebreiro ha sido el dibujante que supo poemizar, blandamente, el poema de Ramón Cabanillas y Antón Villar Ponte *O Mariscal*”. Pola súa vez, o “retrato metafórico” dedicado ao viveirés estaba composto polas seguintes liñas:

Es un pino gallego, alto, muy alto. Su prosa es gota de brétema que cae en el desaliento de las almas para reconfortarlas de hondas y fuertes saudades. Otras veces, como los pinos gallegos, extiende sus ramas hacia la inmensidad y balancea su copa amplia, que deshace la brisa en alientos emocionantes. Baña de luz el oscuro invernal de las conciencias todas y ofrece la sombra de sus rebeldías a los espíritus que sienten el fuego del eterno cansancio.

Alto, muy alto, Antón Villar Ponte vigila, ampara, llora, ríe, pelea. Al hambriento de libertades sabe saciarlo, alimentando con su corazón el propio corazón. Al que tiene sed de sabiduría le ofrece la savia de su inteligencia como si fuese un copón de vino generoso. Donde encuentra una injusticia deja un trozo de cadena rota. Donde existe una vacilación un aliento. Donde una pena, una flor y una oración pagana donde desmaya o muere una idea.

Es un pino gallego Antón Villar Ponte. Alto, alto, muy alto. Siempre en la extrema vanguardia de las causas justas, vigila y aconseja a los hombres desde el mejor altozano: El del Amor a la Humanidad que lucha, a la Humanidad que llora....⁴⁰³.

⁴⁰³ Cf. FERNÁNDEZ FRAGA, G.: “Retratos metafóricos”, *Céltiga*, Buenos Aires, nº 56, 25.4.1927.

Cónstanos que, unha vez enteirado do desagrado con que os autores de *O Mariscal* recibiron as novas relativas ao seu propósito, o dramaturgo almeriense enviou un telegrama a Villar Ponte ao seu domicilio de Rego de Auga, nº 4, datado en Buenos Aires a 4 de febreiro de 1928, co seguinte texto: “Terminada mi traducción *Mariscal* espero autorización cable para estrenarla. Saludos. Villaespesa”⁴⁰⁴. O propio Risco mencionaría esta solicitude ao se ocupar do éxito alcanzado por *O Mariscal*, mais está claro que o de Viveiro e o de Cambados negaron tallantemente tal autorización.

Non debe esquecerse, en calquera caso, que ao autor de *El alcázar de perlas* amparáboo un vacío legal existente nesa altura. O propio Villar Ponte, a finais de 1916, tiña apoiado na súa sección “Con letra del siete” do diario coruñés *La Voz de Galicia* unha campaña emprendida polo xornalista Gómez Carrillo en *El Liberal* tendente a reclamar a asinatura de tratados que garantisen os dereitos de propiedade intelectual en Sudamérica aos autores de obras editadas na Península, pois a situación legal nesa época a ese respecto era claramente desfavorábel para os lexítimos intereses daqueles. Indicaba Villar Ponte, lonxe de sospeitar daquela que habería de verse un día agredido por esa situación de indefensión:

Verdaderamente, es extraño que en las Repúblicas ibero-americanas sean introducidos por editores extranjeros la inmesa mayoría de los libros escritos en español, expuestos a ser traducidos o publicados en su forma original, sin conocimiento ni autorización de casas editoriales ni autores, a causa de la falta de convenio de propiedad intelectual con nuestra nación⁴⁰⁵.

Semellante circunstancia explica, aínda que obviamente non xustifica, a actitude de Francisco Villaespesa. En calquera caso, se parece claro que coa súa conduta o escritor almeriense converteu a Villar Ponte e Cabanillas en vítimas dun roubo intelectual, non cabe tampouco dúbida de que os confirmou, ao mesmo tempo, como autores dunha obra que, visto o interese que suscitaba, tiña que atesourar necesariamente unha valía dificilmente cuestionábel.

⁴⁰⁴ Pode verse no Arquivo da Real Academia Galega, Fondo Villar Ponte, Caixa 150, Sobre 1.

⁴⁰⁵ Cf. [VILLAR PONTE, A.]: “Con letra del siete. La Feria del Libro”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 19.11.1916.

3.9. A EDICIÓN DE “NÓS” (1929)

A segunda edición de *O Mariscal*, que apareceu na Coruña o 17 de abril de 1929, coincidindo practicamente coa estrea da ópera homónima, levou o selo de “Nós” e fixo o volume XXIII da editora fundada en solitario por Ánxel Casal, logo de que este rompese a súa anterior sociedade con Leandro Carré Alvarellos, “Lar”⁴⁰⁶.

Unha nota da *Revista del Centro Gallego* da capital uruguiaia publicada no seu exemplar correspondente a setembro de 1927 permítenos saber que foi intención de Casal desde o mesmísimo instante en que botou a andar a súa nova empresa proceder a facer unha “segunda edición corregida de *O Mariscal*, de Ramón Cabanillas y Antonio Villar Ponte, en vista de que la primera se agotó de modo rápido”⁴⁰⁷. En agosto de 1928, a mesma publicación insistía: “La Editorial Nós, de La Coruña, anuncia la segunda edición de *O Mariscal*, la bellísima tragedia de Ramón Cabanillas y Villar Ponte, a la que aupiramos [sic] tan grande éxito de venta como a la anterior”⁴⁰⁸.

Coidamos que a iniciativa desta segunda edición de *O Mariscal* debe ser enmarcada dentro das felices consecuencias do proceso de reconciliación e posterior reingreso de Antón Villar Ponte na Irmandade da Fala coruñesa, que se verifica ao longo de 1928. A ruptura producírase, como é sabido, en 1922, por mor dos debates que enfrentaron na IV Asemblea Nacionalista, en Monforte de Lemos, aos partidarios da liña posibilista e de participación política institucional propulsada por Peña Novo e aos defensores da liña maximalista, de boicote institucional e de retraemento electoral defendida por Risco. Tanto Antón Villar Ponte como Ramón Cabanillas secundaran daquela os posicionamentos risquianos, mais

⁴⁰⁶ Sobre as causas e consecuencias desta ruptura vide VÁZQUEZ SOUZA, E.: *A fouce, o hórreo e o prelo: Ánxel Casal ou o libro galego moderno*, Edicións do Castro, Col. Documentos para a historia contemporánea de Galicia, nº 169, Sada, 2003, pp. 252 e ss.

⁴⁰⁷ Cf. “Noticario del Arte Gallego”, *Revista del Centro Gallego*, Montevideo, nº 128, Setembro 1927, p. 20.

⁴⁰⁸ Cf. “Noticario del Arte Gallego”, *Revista del Centro Gallego*, Montevideo, nº 139, Agosto de 1928.

á altura de 1925, en plena ditadura primo-riverista, o xornalista viveirés está xa notoria e publicamente distanciada da esmorecente ING e propugna a través da prensa periódica a necesidade de dispor canto antes dunha forza política nova, liberal, republicana e autonomista.

A persoa que xoga un papel fundamental para que ese proceso de reingreso de Villar Ponte no núcleo nacionalista coruñés teña lugar é, precisamente, o impresor Ánxel Casal Gosenxe. Abonda repasar o relacionamento de Villar Ponte coa empresa editora “Nós” no período final da Ditadura primo-riverista para se decatarse desta circunstancia.

A Casal débesele, con efecto, alén da publicación das dúas edicións de *O Mariscal* (1926 e 1929), que Antón Villar Ponte prologase en 1927 o volume con que se inaugurou a colección de teatro da nova editora (a peza *A tola de Sobrán*, de Porto Rei). Grazas a Casal reúne Antón, ademais, tres das súas obras dramáticas orixinais no *Tríptico teatral* (1928), prepara probablemente a edición do primeiro tomo das poesías de Leiras Pulpeiro (1930) e reemprende en 1928, ben que de maneira esporádica, a súa colaboración xornalística con *A Nosa Terra*, que se vira interrompida en xaneiro de 1922 por mor da súa expulsión da dirección do boletín. Ánxel Casal e Antón Villar Ponte son, ao mesmo tempo, promotores destacados do efémero xornal republicano *El Momento* (26 de febreiro a 13 de marzo de 1930) e hanse erixir ben axiña en representantes máximos do sector nacionalista que impulsa e integra inicialmente a “Organización Republicana Gallega Autónoma” (ORGA).

Cando saíu á rúa a segunda edición de *O Mariscal*, o seu prezo de venda ao público foi realmente popularísimo: tan só 1 peseta, isto é, dúas veces e media máis barato que a edición de “Lar”. Semellante prezo contrastaba cos que a propia editora “Nós” se vía obrigada a manexar habitualmente para outros volumes⁴⁰⁹ a fin de

⁴⁰⁹ Contrátese o prezo desta segunda edición de *O Mariscal* co que presentaban en 1928 outras obras do catálogo de “Nós”, como *A fiestra valdeira* (2'50 ptas.), *Estebo* (3'50), *De catro a catro* (1'50), *Doctrina Nazionalista* (2'50), *Os señores da terra* (2'50), *Tríptico teatral* (3) ou *O porco de pé* (3). Neste sentido,

garantir unha mínima rendibilidade. Isto demostra, desde logo, a xenerosidade proselitista de Ánxel Casal, así como a importancia simbólica e mesmo propagandística que o editor lle concedía á peza de Cabanillas e Villar Ponte. O xornal *A Nosa Terra* aclaraba significativamente que tal baixo prezo puxérase co propósito “de que ninguén desconoza a maxistral obra que ademais do seu inmenso valor literario ten o de ser unha páxina histórica de indiscutible verdade e de funestas consecuencias para Galicia que todo galego non debe iñorar”⁴¹⁰.

Na mesma liña escribía en *El Pueblo Gallego* Vítor Casas:

Continúa ‘Nós’, a benemérita editorial coruñesa, abrubardeándonos [sic] con libros na súa ofensiva cultural e patriótica. En pouco máis d’un ano vintidous volumes amén de folletos de propaganda, estudos profesionás e centíficos en col de diversas materias. Da súa forxa saen cada mes, *Nós*, a revista que espalla pol-o mundo a nosa cultura galega, e *A Nosa Terra*.

Neste mes saen tres libros. *Vaosilveiro* novela de Gonzalo López Abente, un segundo tomo de *Cousas* de Castelao e unha edición popular de *O Mariscal* de Villar Ponte e Cabanillas [...].

¿Quen pedía libros? Hai [sic] ván libros e libros. Libros bóns, baratos, para andar en total-as máus. Xá van uns cantos e aínda os que fallan. No estadio da cultura galega loitan os editores cos autores n’un match formidabre onde sómente haberá un trunfador: Galicia⁴¹¹.

E no boletín *Nós* referíase o citado autor, polas mesmas datas, a esta segunda edición de *O Mariscal* ponderando que se trataba

convén citar o seguinte parágrafo, tomado do editorial de *El Pueblo Gallego* (“Opiniones. Divagaciones sobre el libro gallego”) do día 13 de Outubro de 1934: “Los libros de la Editorial ‘Nós’ son caros. No importa que resulten así fatalmente, tanto por la calidad de la obra como por su indiscutible esmero editorial. Pero es indudable que un precio de siete pesetas, retrae al lector. Mucho más han de alejarle, por necesidad, los que los superan”.

⁴¹⁰ Cf. “Follas Novas”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 261, 1.6.1929, p. 11. Ademais, nun dos “Suplementos gratuítos” que a editora de Casal publicaba periodicamente incluíriáanse algunhas escenas correspondentes ao comezo do Segundo Acto de *O Mariscal* (Cf. *Suplemento Gratuíto de ‘Nós’*, Fascículo VIII, Xullo de 1929).

⁴¹¹ Cf. CASAS, V.: “Fenestra. Libros”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.638, 23.5.1929.

dunha edición “popular e pra todos” e salientando, así mesmo, que no instante de saír á rúa había xa dela “moitísima demanda”⁴¹².

Esta nova edición da peza presenta algunhas particularidades dignas de destaque. A portada está debuxada polo artista valdeorrés Xaime Prada (lémbrese que na primeira edición fora feita por Castelao) e a obra aparece agora sen ilustracións interiores (non se inclúen, pois, os debuxos de Cebreiro presentes na primeira), a non ser un pequeno debuxo de Castelao, semellante aos que insería con frecuencia no boletín *Nós*, fechando a derradeira páxina. Ademais, *O Mariscal* presenta aquí unha maquetación das páxinas a dúas columnas. Tanto a supresión de ilustracións como o emprego de dupla columna parecen recursos claramente destinados a poupar espazo (a edición consta só dun total de corenta e nove páxinas) e abaratar así os custos da edición.

Por outra banda, resulta significativo que tras o xa comentado *affaire* da tradución non autorizada da obra por parte de Francisco Villaespesa, esta edición de 1929 inclúa unha nota que advirte oportunamente, como *aviso para navegantes*: “Rexistrado na ‘Sociedad de Autores’. Todol-os dereitos reservados”. De igual maneira, no cabo da peza os autores insiren unha nota en que formulan algúns consellos para a posta en escena nun hipotético caso de representación. Esa nota, suprimida de xeito un tanto incomprendible de todas as edicións que se fixeron posteriormente de *O Mariscal*, di así:

Os autores aconsellan que de se levar ô teatro esta obra, n-algúns pasaxes da mesma, com’o das triadas de Pedro Bolaño, na segunda xornada e o do remate da terceira cand’o tolo desespero de Doña Sabela, verbigracia, pra chegar â máxima emoción, fáigase o que os franceses chaman MUSIQUE EN SCENE, ou sexa pôr un fondo musical enxebremente axeitado, que sone ô lonxe, cáseque esvaído, sin distraquere ren o ouvido do públrico⁴¹³.

⁴¹² Cf. *Nós*, Ourense, nº 66, 15-6-1929, p. 108-109.

⁴¹³ Cf. CABANILLAS, R. & VILLAR PONTE, A.: *O Mariscal. Lènda tráxica en verso*, Ed. Nós, A Coruña, 1929, 2ª ed., p. 49.

Moito máis subliñábeis son aínda a supresión nesta segunda edición de *O Mariscal* do prólogo en prosa asinado polos autores que acompañou a primeira e a mudanza do seu subtítulo. Con efecto, a peza presentada en 1926 como “traxedia histórica” pasou a se denominar en 1929 “lênda tráxica en verso” e os autores prescindiron das liñas limiares en que afirmaran no seu momento a superioridade da verdade da lenda sobre a verdade historiográfica. Por que se producen estas mudanzas? É difícil dicilo con certeza, mais cabe colocar, cando menos, dúas hipóteses ao respecto.

A primeira delas permitiría conxecturar que a supresión dese “prólogo” resultaba unha estratexia editorial máis, como a dobre columna e a ausencia de ilustracións interiores, para a poupanza de páxinas e o conseguinte abaratamento de custos. A outra hipótese incidiría, en troca, na non necesidade de aclarar en 1929 os porqués ideolóxicos e as fontes literario-historiográficas dunha peza de teatro que xa conseguira éxito, difusión e sona en 1926 e que viña facendo parte por méritos propios dunha intensa corrente de debate arredor da figura do Mariscal que, por non deixar, non deixou de se manifestar nin sequera hoxe. Neste sentido, a mudanza do subtítulo operada na segunda edición, ao remarcar taxativamente o carácter “lendario” da peza, servía por si soa para compendiar os contidos expostos con máis vagar no citado prólogo en prosa da primeira edición e para retrucar de vez calquera posíbel acusación de “ahistoricidade” que se lle puidese lanzar.

Sexa como for, o certo é que ao fío desta segunda edición de *O Mariscal*, que constituíu ao que parece un novo éxito⁴¹⁴, varias figuras intelectuais da Galiza da época pronunciaríanse novamente en termos moi eloxiosos sobre os contidos e cualidades da peza. Vicente Risco, por exemplo, desta volta nas páxinas de *A Nosa Terra* como antes o

⁴¹⁴ Algunhas fontes falan incluso de dúas edicións consecutivas que se terían esgotado rapidamente: “**O Mariscal**.- También la Editorial ‘Nós’ ha puesto a la venta una edición económica de *O Mariscal*, la tragedia [sic] escrita por Ramón Cabanillas y Antonio Villar Ponte, y de la que se han agotado, en pocos meses, dos ediciones consecutivas” (Cf. *Revista do Centro Gallego*, Montevideo, nº 150, Xullo de 1929, p. 16). Si temos constancia, en todo o caso, da reprodución dalgúns fragmentos de *O Mariscal* nos *Suplementos Gratuitos* números 10 e 11 da editora, publicados en setembro e outubro de 1929, respectivamente.

fixera nas do boletín *Nós*, expresaría coas seguintes palabras a súa valorización positiva da obra de Cabanillas e Villar Ponte:

O millor drama galego é O *Mariscal*, de Villar Ponte e Cabanillas. Unha edizón feita en 1926, esgotouse por comprobante en dous meses. Estase preparando a segunda, mais aseguran que na América andan vendendo edizóns clandestinas. O poeta hespañol Francisco Villaespesa solicitou autorizazón pra traducila.

É drama histórico, en versos magníficos, cecais imitante aos dramas hespañoles de Eduardo Marquina, mas as evocacións históricas de Marquina non poden ter a quentura de ideal que ten a obra de Cabanillas e de Villar Ponte, porque non teñen a actualidade que esta ten. O *Mariscal* evoca a figura histórico-legendar do Mariscal Pero Pardo de Cela, executado en Mondoñedo por rebelde aos Reis Católicos. A leenda popular fixo de il un héroe, defensor dos oprimidos e nemigo dos tiranos eclesiásticos e seculares, e os escritores do século pasado erguérono en símbolo da independencia de Galiza contra o poder real. Eis a significazón extraordinaria d'esta figura sobre da que a historia aínda non puido decir a última palabra [...]. O drama sigue paso a paso a leenda popular. Mais cando Pero Pardo e o seu fillo e Pedro de Miranda están na cadea aguardando a morte, aparece unha vella enloitada e magestosa, a Raza, Galiza, venlle a ofrecer 'o mel dos escollidos' na copa do San Graal...⁴¹⁵.

Villar Ponte amosarlle a Casal o seu agradecemento por esta segunda edición da súa peza teatral dedicándolle palabras de eloxio na prensa galega e protestando acremente, ao mesmo tempo, porque o inxente e pulcro labor que estaba a desenvolver na Coruña a editorial "Nós", "siempre dispuesta a imprimir, y lo que es lo mismo, a salvar del olvido y de la muerte todo lo que redunde en ventaja para la cultura regional"⁴¹⁶, non fose correspondido como merecía nin polo público en xeral, nin pola propia prensa, que por regra dedicaba menos atención aos volumes que producía a editora de Ánxel Casal "que a cualquier mediocre libro de otras tierras". Nese sentido, ponderaba Villar Ponte,

⁴¹⁵ Cf. RISCO, V.: "Da Galiza Renascente (Conclusión)", *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 256, 1.1.1929.

⁴¹⁶ Cf. [VILLAR PONTE, A.]: "Temas de interés. Un trabajo de Alfredo García Ramos", *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.259, 29.2.1928.

El hecho de que en La Coruña exista una Editorial que acoja todos los originales de algún interés que se produzcan en la lengua vernácula, sean quienes quieran sus autores, prescindiendo de todo matiz sectario y sin exigir a nadie el menor desembolso de dinero, constituye algo sumamente halagüeño y patriótico. Una editorial de semejante naturaleza tiene que ser considerada por los devotos de Galicia como una de nuestras instituciones de cultura más simpática y honrosa. Aunque las ‘Irmandades da Fala’ no hubiesen dado más que este fruto (y dieron muchos espléndidos) ya podrían sentirse satisfechas⁴¹⁷.

Como xa advertimos, a segunda edición de *O Mariscal* preparada pola casa editora “Nós” coincidiu no tempo, practicamente, cun fito transcendental na súa peripecia escénica: a súa estrea en versión operística no “Teatro Tamberlick” de Vigo o 31 de maio de 1929. Mais antes de abordarmos esa nova incidencia, mesmo sexa feliz, na traxectoria de *O Mariscal*, debemos facer un alto para explicarmos os contidos e algunhas das posibles interpretacións que encerra esta complexa e lograda obra teatral de Villar Ponte e Cabanillas.

⁴¹⁷ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Temas de interés. De una institución y de un libro”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.716, 27.9.1929.

IV. ANÁLISE E INTERPRETACIÓN DE *O MARISCAL*

4.1. ANÁLISE DE *O MARISCAL*

Centrándonos na análise da técnica, da trama e da estrutura de *O Mariscal*, hai que indicar, antes que nada, que se trata dunha peza realmente complexa. Sirva como exemplo meridión desta complexidade que na súa trama interveñen unha trintena de personaxes en cinco escenarios distintos (dous exteriores e tres interiores) e que nela se combinan e suceden escenas de acción e escenas de aceso lirismo, momentos climáticos e momentos remansados.

Aínda que vertida en moldes clásicos e modernistas, non deixa de presentar, xunto cunha innegábel forza expresiva e capacidade conmovedora, certas feitura orixinais e pegadas evidentes do teatro simbolista europeo da época. Ao lado de elementos que a colocan nunha dirección dramático-estética arcaizante (o uso do verso, especialmente de romances, hendecasílabos e alexandrinos con rima consoante pareada; diversos diálogos amorosos que salferen as escenas; a grandiosidade épica de certos parlamentos), *O Mariscal* amosa tamén certas solucións anovadoras ou, cando menos, altamente creativas. Repárese, como ten sinalado Francisco Rodríguez, en que é unha obra en que non se presentan as situacións máis dramáticas, “senón en visións, soños ou evocacións de personaxes”⁴¹⁸. Nótese tamén o feito de que, como advertiu Carvalho Calero, o seu protagonista principal, sendo tal, está no entanto ausente durante todo o 1º Acto e no propio desenlace⁴¹⁹. Advírtanse, en fin, o recurso aos disfraces nalgunhas escenas ou os sorprendentes e eficaces efectos lumínico-sonoros que deberían acompañar, se fosen respectadas as indicacións feitas polos autores nas didascalias, certos instantes da representación (noite de treboada en que resulta preso o Mariscal; visita da Vella que encarna a Raza á prisión; etc.).

⁴¹⁸Vide RODRÍGUEZ, F.: “*O Mariscal*: un modelo de redención”, en Ramón Cabanillas. *Camiño adiante*, Ed. A Nosa Terra, A Nosa Cultura, nº 10, Vigo, 1989, pp. 26-39.

⁴¹⁹Vide CARBALLO CALERO, R.: *Historia da literatura galega*, op. cit., p. 590.

O Mariscal componse dun Prólogo e de tres Actos con cadansúa Xornada. O primeiro está dividido en dous Cadros, de catro e tres escenas, respectivamente, que se ambientan na campía do Valadouro e no pazo de Castrodouro. O segundo consta dun único Cadro, con catorce escenas ambientadas todas no interior do citado pazo. Por último, o terceiro tamén está formado por dous cadros, de oito e cinco escenas, respectivamente, ambientadas nunha cela da cadea de Mondoñedo e na “Ponte do Pasatempo”. Trátase, segundo Millán Otero, dunha sorte de “solución de compromiso entre o modelo tripartito da tradición hispánica e as cinco unidades propias do teatro isabelino e a traxedia neoclásica”⁴²⁰.

O prólogo está protagonizado por un vello cego, cantor de romances, e por unha mociña loira, ambos vestidos significativamente con indumentaria contemporánea á dos espectadores (“adoviados ó xeito de hoxe”). O vello comeza presentándose como herdeiro dos rapsodas do noso Medievo e pedindo atención para unha historia *de tempos mellores / que neles frorecen uns tenros amores / e hai donas fermosas e bos loitadores / cadeas... misterios... e sangue... je treidores!*. A meniña, pola súa banda, canta un romance que interroga reiteradamente sobre o acontecido co antigo poder da Frouseira e alude, no remate, ao enorme poder asoballador daquela raíña *que ó de Cela castigou*. Ambos personaxes, cego e nena, simbolizan a Galiza popular e aldeá que soubo e quixo conservar a lenda do Mariscal. Como escribiu o anónimo comentarista da revista *Nós* (probabelmente Otero Pedraio), neste prólogo de *O Mariscal*

Fala a voz do pobo, a voz verdadeira, que non s’esquece nin minte, nin se deixa amolecer pola moda, a voz que sinte coma presentes total-as realidás galegas, a voz qu’inda se creba co-a door e s’ergue co-a paixón falando do Mariscal. A voz acusadora e vingadora, triunfando por riba dos folicularios e dos historiadores. A voz de Deus⁴²¹.

⁴²⁰ Cf. MILLÁN OTERO, X. M.: “A obra teatral...”, *op. cit.*, p. 61.

⁴²¹ Cf. “O estreno de *O Mariscal*”, *Nós*, Ourense, nº 66, 15.6.1929.

O 1º Cadro do 1º Acto, situado na campía do Valadouro, nos lindeiros dun souto desde o que se divisa a fortaleza da Frouseira, ofrece os antecedentes da traxedia desde o punto de vista dos casteláns: o Mariscal resiste na súa fortaleza da Frouseira un longo asedio e aqueles (Mudarra, Don Lope), urxidos decote pola súa monarca Isabel a Católica, son conscientes de que só acudindo á traizón poderán derrotalo. Para iso botarán man do soldado castelán Amaro, que mantén un idilio con Elvira de Muras, criada de D. Afonso Aguiar. Co pretexto dun futuro casamento ben abastado, Amaro logra convencer a Elvira para que facilite o triunfo castelán abrindo na noite as portas do pazo...

O 2º Cadro do 1º Acto, na noite seguinte á do primeiro cadro, está protagonizado por dous serventes do pazo de D. Afonso, señor de Yáñez e de Aguiar: a xa citada Elvira e o seu pretendente Pedro Valadouro. Este tenta convencer á muller, sen éxito, de que case con el. No medio da conversa petan á porta e entra un vello cego, que resulta ser o impostor *donjuanesco* Amaro. Este, rodeado dos criados do pazo de Castrodouro, comínoas a obedecer os mandatos do bispo mindoniense, inimigo do Mariscal, e recítalles unha apocalíptica e profética visión da derrota do reino galego a mans de Castela:

¡Vexo as agras e as veigas polo sangue enlamadas
e o lume ergueito ó ceo con longas labaradas !
¡Vexo a guerra, a cabalo, levada da tromenta,
afundindo nos corpos a espada sanguíñenta!
Vexo a peste escarnada que bota rindo, a montes,
bichocos nas feridas e solimán nas fontes!
¡ E de xeito de cobra, vexo a fame chuchando
nos peitos das mulleres e na ubres do gando ! [...]
¡ E por riba, na outura,
antre as nubes doiradas de xentil fermosura,
vexo cheios de gloria os reises de Castela
e ós seus pés, prisioneiro, Pero Pardo de Cela ! [...]
¡Virán días de loito, de chorar e de tremer!
¡Virán días de sangue e de ferro e de estrondo
e todos cairedes nunhas trevas sin fondo !.

O 2º Acto localízase na noite de treboada do fatídico 7 de decembro de 1483, na sala de entrada e recibo do pazo de Castrodouro. Transcorre agora desde a perspectiva da nobreza galega resistente. O Mariscal réunese cos seus fieis (seu fillo Pedro, D. Afonso, Pedro Miranda, Bolaño) para avaliar o agravamento da súa situación estratéxica (o conde de Lemos, seu sogro, non envía a axuda requerida; de Castela e de Santiago veñen novas tropas para reforzaren o cerco castelán; o bispo de Mondoñedo non cesa de conspirar en contra do Mariscal; non hai novas de Pedro Madruga nin do apoio que puidese emprestar Portugal, etc.). Abesullando que algunha traizón se tece xa na súa contra (sospeitosa retirada das tropas de Mudarra), o Mariscal e os seus deciden presentar batalla contra Castela até a derradeira pinga de sangue, confiando na lealdade do pobo e amosándose dispostos a morrer berrando “Patria e Libertade”:

A furto de lealtade,
 ; fuxidos á xusticia e ó dereito
 onte Altamira, Monterrei e Andrade,
 hoxe o Conde meu sogro... os que restamos
 sin medos e sin chatas, aquí estamos !
 Con eles van, guiados pola envexa,
 mentindo santidade,
 eses soberbios príncipes da Eirexa
 de ourilucentes cruces sobre o peito
 que en nome da probeza e da homildade
 buscan, somentes, persoal proveito [...]
 ; Ouro e bens gañarán, honra ningunha !
 ; Arumados do bico da vitoria
 ou morrendo envolveitos na bandeira,
 un día ten de vir que a voz da Hestoria
 dirá, solene, fiel e xusticieira,
 onde estivo a falsía e onde a gloria !
 ; De costas ós treidores
 fican a carón noso, rudos, bravos,
 os que os reises, os bispos e os señores
 chaman servos e escravos;

os eternos, xigantes loitadores;
 o pobo todo amor, todo bondade
 que soio ten, na paz como na guerra,
 dous amores: o amor á liberdade
 e o santo amor á Terra;
 o pobo san e forte
 que a despeito da morte,
 trocando o propio sangue en ardimento
 vencedor ou vencido,
 recollendo da loita novo alento
 xurde sempre máis rexo e máis brandido !.

Este 2º Acto, en palabras de Francisco Rodríguez, “move-se en contínuo contraste entre o mundo da lealdade e do honor, ao servício da causa galega, e o mundo dos servos e escravos de Castela”⁴²². O diálogo de amor entre a filla de D. Afonso, Xoana, e o fillo do Mariscal, Pedro (diálogo que en certo sentido pon contrapunto, pola pureza e a sinceridade dos seus protagonistas, ao sostido por Elvira de Muras e o soldado castelán Amaro no 1º Acto), dá paso ás escenas en que se consuma a traizón: entrada das tropas castelás no pazo, apreixamento de Pardo de Cela e dos seus leais, pagamento en ouro aos traidores, traizón de Amaro á inxenua Elvira de Muras, morte do fiel Vilarelle a mans dun Bolaño enganado...

O 3º Acto, finalmente, transcorre durante o tráxico 17 de decembro de 1483, primeiro nunha cela do cárcere de Mondoñedo (1ª Cadro) e logo na Ponte do Pasatempo (2º Cadro). Os prisioneiros (Pardo de Cela, seu fillo e Miranda) discuten con Frei Rosende sobre o deber de perdoar os seus captores, expresan a súa tristura por morreren deixando a patria escravizada e consólanse agardando un tempo futuro en que o seu sacrificio renda finalmente froito, segundo profetiza Miranda dirixíndose ao Mariscal:

⁴²² Vide o seu traballo “*O Mariscal: un modelo de redención*”, en *Ramón Cabanillas. Camiño adiante*, Ed. A Nosa Terra, A Nosa Cultura, nº 10, Vigo, 1989, pp. 26-39.

¡Ten o teu sangue de deixar na Hestoria
un regueiro de luz viva e acesa !
¡Vivirás nas súas páxinas groriosas
canto viva a lembranza desta terra !
¡Teu nome será o facho luminoso
que amostará a vereda
por onde han camiñar, tempos adiante,
os que sintan no peito a sagra arela
de faguer libre o chan en que naceron,
de ter patria de seu honrada e ceiba !.

Os prisioneiros reciben logo a reconfortante visita de Beatriz e Xoana, que confían na chegada dun indulto para eles. O Mariscal, porén, desconfía premonitoriamente desa posibilidade, que xestiona perante a Raíña castelá a súa propia dona, Isabel de Castro. Teñen logo os que están en capela a máxica visita-visión dunha Vella “de xeito maxestoso” portadora do Grial, que os unxe coa graza dos mártires: o cálice ha recoller o seu sangue para que algún día no futuro se faga xustiza.

Aínda que Carvalho Calero viu nesta visionaria escena de *O Mariscal* semellanzas coa personificación de España presente na peza *Numancia*, de Cervantes⁴²³, o propio Villar Ponte recoñecería a evidente influencia de William B. Yeats, concretamente do seu folk-drama *Catuxa de Houlihan*⁴²⁴, que el mesmo traducira para galego no oitavo número do boletín ourensán *Nós* (decembro de 1921), no deseño desta escena de *O Mariscal*, preñada de simbolismo e de ecos artúricos:

¿Quién es ‘Cathleen’ la protagonista del ‘folk-drama’? La encarnación de la historia de la eterna epopeya de Irlanda en una vieja saudora [sic] -melancolía y esperanza- que a través de su breve paso por la escena dice con palabras sobrias, llenas de alusiones y símbolos,

⁴²³ Vide CARBALLO CALERO, R.: *Historia da literatura galega contemporánea, op. cit.*, p. 590.

⁴²⁴ Antón Villar Ponte establecería contraste entre a figura da Cathleen deseñada por Yeats e a Xuana que protagoniza o poema “A probiña que está xorda”, de Rosalía de Castro (Cf. VILLAR PONTE, A.: “Galerías. Evocación literaria”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 686, 11.4.1926).

todo el proceso multiseccular de las luchas de un país de campos verdes y de blancas nieblas, hermano del nuestro, para independizarse de un imperialismo extraño, a costa de innúmeros sacrificios cruentos [...]. Habiendo un propósito proselitista este parece esfumado por lo hábil del desarrollo de la escena que llega a su final con la imposición del sacrificio que exigen todas las causas altas y nobles [...], para servir al ideal [...].

Si quisiéramos buscar la equivalencia de un símbolo análogo (no igual) al de esta obra irlandesa en una obra de teatro gallego, permítmeme que lo diga con orgullo: sólo en el primer cuadro del tercer acto de *O Mariscal* podríamos encontrarlo⁴²⁵.

Este 1º Cadro fécchase cos prisioneiros, agora reconfortados pola eucaristía que lles acaba de ofrecer a Vella-Raza, agardando na cela pola hora do axustizamento e soñando, se chegar finalmente o indulto, nunha nova loita que tivese un resultado favorábel para Galiza...

O 2º Cadro do 3º Acto lévanos a unha ponte nas aforas de Mondoñedo. Dous cóngos, facéndose pasar por criados leais ao Mariscal, entreteñen a Isabel de Castro, que tornaba apresadamente desde Castela traendo na súa man o anseiado indulto para os prisioneiros. Cando Bolaño se decata do engano (unha segunda traizón de que é vítima o Mariscal...) é xa demasiado tarde: os sinos da catedral mindoniense tanxen a morto e a dona do Mariscal cae despromada perante o visionario horror do sangue dos seus tinxíndoo todo...

A obra encérrase coas doridas palabras do fiel Bolaño. Unhas palabras que realmente terían que resultar moi conmovedoras, se non patrioticamente electrizantes, para o posíbel público que as escoitase despois de ter asistido e presenciado o desenvolvemento íntegro da traxedia:

⁴²⁵ Cf. VILLAR PONTE, A.: "Pretextos cotidianos. Sugerencias en torno de una obra teatral irlandesa", *El Pueblo Gallego*, Vigo, 10.2.1934. Ramón Sainero ten documentado abondosamente a presenza de mulleres-símbolo do propio país na tradición literaria irlandesa, tanto popular como culta, desde os versos de Patrick Pearse alusivos á "Anciá de Beare" até a vella protagonista de *Cathleen ni Houlihan*, de Yeats (SAINERO, R.: *Leyendas celtas en la literatura irlandesa*, Akal Editor, Madrid, 1990, pp. 101-119).

¡ Xa trunfache Castela ! ; Xa venceche !
¡ Señor e Pai ! ; Túa gloria ós que caíron
(*Pondo un xionllo en terra*)
do brazo co-a traición e co-a inxusticia !
e piedade pra nós e pra Galicia
(*Rompe a chorar con fondo desconsolo*).

4.2. INTERPRETACIÓN DE *O MARISCAL*

Foi o propio Antón Villar Ponte quen en febreiro de 1926, ao anunciar a intención da Casa Editora Moret de proceder á impresión de *O Mariscal*, ofreceu na revista sadense *Mariñana* un adiantamento-resumo moi atinado do carácter e da traza desta obra:

Vai, logo, a ollal-a lus mui axiña *O Mariscal*. E ¿sabedes o que é esta obra? Pois a escenificación e poematización d'unha das leendas mais belidas que poñen recendo poético na nosa historia. As loitas do rexo Pardo de Cela; a morte trágica d'este e mais do seu fillo. A rendición da Frouseira, derradeiro baluarte das libertades patrias no século XV, pol-a mais moura das treicións.

É unha obra pra todol-os gostos. Nutrido feixe de versos do poeta galego de mais sona - d'un poeta dino de s'emparellar co'a santa e meiga Rosalía-, pr'os afeizoados á boa poesía. Libro d'intrés emocional pr'os que sinten pracer nas intrigas novelescas, e peza teatral amenísima, xa que n'ela buligan amores, madrigaes, berros de loita e saloucos de traxedia, que cecais lles compra ós divos da literatura escénica⁴²⁶.

Mediante a recreación de sucesos e lendas relacionados coa traición e morte de Pardo de Cela a mans das tropas castelás, a finais do século XV, Cabanillas e Villar Ponte propoñen en *O Mariscal* unha visión cuestionadora e alternativa á da historia oficial, desvelando determinados elementos e adoptando uns prismas que permiten catalogar os sucesos arredor dos que xira a peza como manifestacións senlleiras dun auténtico confronto protonacional Galiza / Castela.

⁴²⁶ Cf. VILLAR PONTE, A.: "Unha obra nova galega. *O Mariscal* está imprentándose", *Mariñana*, Sada, nº extra, febreiro 1926, p. 11.

Onde a mentada historia oficial quería facer ver unicamente sucesos provocados polo egoísmo nobiliar ou por apetencias e condutas bandidescas de Pardo de Cela, presentando asemade a Isabel de Castela como altruísta pacificadora e como reestabelecedora providencial da orde social e política, os nosos autores denunciarán o afán imperialista da raíña castelá, o inmoral recurso á traizón das súas mesnadas e as tráxicas consecuencias que se derivarían para o reino galego da derrota do Mariscal rebelde.

Vindicando a figura de Pardo de Cela e dos seus leais como defensores e mártires das liberdades galegas perante o imperialismo castelán, os nosos autores formulan unha clara mensaxe conscientizadora valedeira para o seu propio presente: os sucesos teatralizados retrátanse como orixe e causa primixenia de males, problemas e marxinacións que afectan aínda á Galiza de comezos do século XX e perante os que compre reaxir cunha afouteza e cunha fidelidade ao país semellante á amosada polo nobre mindoniense martirizado. *O Mariscal* é, pois, vista desde esta perspectiva e alén dunha obra de extraordinario mérito artístico, unha relectura en clave crítica do discurso histórico castelanista dominante na época da súa confección e, ao mesmo tempo, unha mensaxe proselitista e mobilizadora para a causa nacional galega, que nesa altura cobraba corpo organizado nas Irmandades da Fala.

4.2.1. O MITO PARDO-CELISTA COMO VISIÓN ALTERNATIVA Á HISTORIA OFICIAL

Nas liñas do prólogo en prosa que encabezou a súa primeira edición (a redacción do cal é unanimemente atribuída ao xornalista viveirés), a peza *O Mariscal* ofrece xa as súas principais claves interpretativas: vindicación da tradición lendaria galega perante a crónica oficial castelá e exposición duns sucesos que debían resultar aleccionadores e catalizadores á hora de sustentar e impulsar no propio presente as demandas nacionais galegas⁴²⁷.

⁴²⁷ O manuscrito orixinal deste prólogo pode verse na Fundación Penzol, Vigo, Fondo Villar Ponte, Carpeta 40 (4). Pode consultarse, segundo edición de Carlos L. Bernárdez e Manuel F. Vieites, en

Exáltase aquí, como é sabido, o mito e a lenda popular como forzas autenticamente xermoladoras do progreso e da identidade dos pobos, *por riba de todol-os datos históricos perfectamente contrastados*⁴²⁸.

Existen en realidade, segundo se explica neste prólogo, dúas verdades: unha, a da lenda tecida e transmitida xeración tras xeración polo pobo, viva aínda en zonas como O Valadouro e Mondoñedo e nalgún caso presente xa tamén na tradición poética e historiográfica galega decimonónica culta (Vicetto, Murguía, Lamas Carvajal, Leiras Pulpeiro, Florencio Vaamonde, García Dóriga...); outra, a da historia oficial, inspirada polos vencedores e escrita e divulgada polos seus corifeos, que carece de garantías desde o mesmo momento en que non respecta nin recolle por ningures o espírito de defensa da nación que presuntamente animou no seu día aos finalmente vencidos.

Esa verdade lexendaria que a obra quere plasmar fala dun Pardo de Cela que loitou contra os casteláns e a prol da causa de Dona Xoana, *que Portugal sentía e agarimaba como xusta*; dun Pardo de Cela que foi traizoado por un sector da propia nobreza laica e eclesiástica galega e posteriormente decapitado en Mondoñedo; dun reino que pasou a ser gobernado por *extranxeiras zumezugas*; e, finalmente, dun país que viu gorada a partir de entón, sen a presenza do Mariscal, a posibilidade de vivir libre *da escravitude abafante que nos magoa*.

Os autores de *O Mariscal*, tomando pé nun parágrafo da *Vida de Quijote y Sancho* (1905) de Miguel de Unamuno (1864-1936) relativo á forza das lendas que aniñan no corazón dos individuos, e seguindo o exemplo doutros literatos e intelectuais europeos defen-

CABANILLAS, R.: *Obra dramática*, Edicións Xerais, Vigo, 1996, pp. 109-110, ou tamén en SANMARTÍN REI, G.: *Os (pre)textos galegos (1863-1936)*, Ed. Sotelo Blanco, Santiago, 2002, pp. 210-211.

⁴²⁸ Esta concepción resulta claramente debedora da expresada no seu momento por Benito Vicetto. Como indica Renales Cortés, “las ideas historiográficas de Vicetto acerca de la necesidad de construir una mitología histórica como condición previa para la creación del ‘espíritu nacional’ eran asumidas por teóricos del nacionalismo como Antón Villar Ponte, que se expresa claramente en este sentido en el prólogo del drama de Cabanillas *O mariscal*” (Vide RENALES CORTÉS, J.: *Celtismo y Literatura Gallega. La obra de Benito Vicetto y su entorno literario*, 2 vols., Xunta de Galicia, Servicio Central de Publicacións, Santiago, 1996, p. 275).

sores do valor do mito como forza galvanizadora da vontade colectiva, como era o caso dos alemáns Friedich von Schlegel (1772-1829) e Friedich Ernst Daniel Schleiermacher (1768-1834) ou do normando George Sorel (1847-1922)⁴²⁹, declaran no prólogo recoller e asumir conscientemente esa verdade da lenda, a forza xermoladora do mítico, rexeitando, xa que logo, a verdade histórica ‘oficial’: *Fique en hora boa, para quen a queira, a verdade histórica, máis bretemosa que a outra e choída en apostillas de cortesáns dos reis de Castela.*

Cabe lembrar, nesta orde de cousas, as palabras con que Vicente Risco defendeu en 1928, no boletín *Nós*, o legado historio-gráfico e literario de Benito Vicetto, pois o pensamento do intelectual ourensán a respecto da superioridade da “verdade da lenda” sobre a “verdade histórica” aplicada á obra do escritor ferrolán coincide plenamente co pensamento expresado polos autores de *O Mariscal* no prólogo da súa peza. Referíndose en particular á novela *Los hidalgos de Monforte*, que, como xa sabemos, moito influíu no proceso de familiarización de Villar Ponte e Cabanillas coa figura do Mariscal, escribe Risco:

Anaco da epopeya galega que non pode ser esquecido. ¿ Qu’importa que non seña certo ? A verdade poética é, dend’o punto de vista vital, superior á verdade histórica, e a leenda ten unha verdade simbólica, unha verdade ideal. A outra verdade é somentes pra sabela; esta é pra vivila [...] Vicetto deu figura poética ô galeguismo, e a *simbólica* da renacencia galega arrinca d’il. Pouco importa qu’a críteca histórica queira - sen conseguilo, pol-o demais, xa que a personalidade de Pero Pardo é aínda e ha ser un misterio - tirar ô Mariscal a sua croa de mártir e de héroe; o istinto vital de Galiza ha seguir de cote o soño de Vicetto, máis verdadeiro sempre qu’a mesma historia, e o qu’o queira desmentir, é por elo impío e perverso, xa qu’estima mais a sua cativa gloria d’erudito qu’a tradizón e o istinto de conservaceón da sua Pátrea⁴³⁰.

⁴²⁹ Cabanillas e Villar Ponte tamén citan no seu Prólogo, coa mesma intención, outros autores como José Ortega y Gasset (1883-1955), Stéphane Mallarmé (1842-1898), Jean Marie de Villiers de L’Isle-Adam (1840-1889) e Vicente Risco (1884-1963). No rascuño manuscrito deste Prólogo gardado na Fundación Penzol tamén aparece mencionado o aragonés Joaquín Costa (1844-1911).

⁴³⁰ Cf. RISCO, V.: “Vicetto ou o romantismo”, *Nós*, Ourense, nº 53, 15.5.1928, p. 88.

O xornalista Lesta Meis, na recensión da obra que publicou no diario *El Pueblo Gallego*, concordaba con esta escolla dos autores de *O Mariscal*, advertindo aos hipotéticos lectores da mesma:

O Mariscal non se debe xusgar con criterio histórico riguroso. Primeiro porque é unha obra de arte; anque estea basada n-un feito histórico, a unha obra de arte non se lle pode obrigar a que siga a historia punto por punto.

Non é ese o ouxeto desta cras de libros. Despois, porque a historia de moitos feitos daquela época na [sic, *non a*] conocemos mais que por deducciós. Pol-o menos esto creo eu. Ademais na vida non todo o fai a historia. Nin é o mais importante siquera. Tampouco toda a historia é verdá nin é verdá toda a historia. Os grandes milagros fixéronos os mitos. As lendas teñen máis forza creadora que totalas verdades históricas [...] Este é o caso do mariscal Pardo de Cela. Ten unha lenda que o pobo recolleu e conservou. Esa lenda é a base de *O Mariscal*. Aplicarlle un criterio histórico de dato e feito soamente, sería un disparate [...] Diga a historia todo o que lle pete, hai dentro de nós algo mais poderoso que a razón. E ese algo ponos ó lado de Pardo de Cela⁴³¹.

A pesar das advertencias do autor de *Estebo* e ignorando a petición feita polos propios autores de *O Mariscal* no seu prólogo en prosa (*Acouguen os homes graves de sangue espiritual frío que andan ó estudo da Hestoria pola Hestoria, e termen de se non encabuxaren coa lectura desta obra*), o certo é que non poucos historiadores tentarían posteriormente, mesmo nos nosos días, un axuste de contas cos contidos da obra que nos ocupa, achegándose a ela non na súa fasquía e función de **texto literario**, senón como se se tratase dun sisudo **estudo histórico** que houbera que corrixir e rebater cientificamente... Valla como exemplo desta actitude o comentario do, por outra banda, competentísimo historiador Eduardo J. Pardo de Guevara, ao escribir sobre *O Mariscal* que

si bien su fundamento histórico mejora al anterior [Vicetto], comete el gran error de trasladar el trasfondo ideológico bajomedieval al

⁴³¹ Cf. LESTA MEIS, X.: "Aquí pra entre nós. *O Mariscal*", *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 859, 4.11.1926.

pensamiento regionalista gallego de finales del siglo XIX, presentándonos a un Pardo de Cela mártir de la redención de Galicia y caudillo de sus libertades⁴³².

Como advertiron atinadamente no seu momento García Negro e Dobarro,

Sobre este personaxe, de escuro perfil histórico, técese - a partir de Vicetto - unha rede de lenda e mito, facendo del o símbolo da resistencia de Galiza fronte ás ánsias imperialistas dos Reis Católicos e converténdoo nun auténtico mártir da pátria galega. Pouco importa, desde o punto de vista literario, a escasa verosimilitude de tal suceso, porque ao que é preciso atender é á funcionalidade política e social que os das *Irmandades* e outros imprimían —e imprimen— a obras como esta. Unha vez máis, compre subliñar a necesidade de entroncar a literatura coa realidade social do país que a produce⁴³³.

Este recurso á verdade da “lenda” perante a da “historia” por parte de Cabanillas e Villar Ponte, xa presente en Vicetto, ten moito que ver, evidentemente, coa súa particular percepción sobre o ocultamento e mesmo o menosprezo con que foran e continuaban sendo tratados e valorizados os feitos galaicos nos tratados historiográficos e nos epítomes de uso escolar da España da época. *O Mariscal*, desde esta perspectiva, resulta indiscutibelmente unha obra literaria que encerra e vehiculiza todo un discurso interpretativo “alternativo” a respecto da historia do país⁴³⁴.

⁴³² Vide PARDO DE GUEVARA, E.: *El Mariscal Pedro Pardo de Cela y la Galicia de fines del siglo XV*. Ed. Alvarellos, Lugo, 1981, p. 166.

⁴³³ Vide GARCÍA NEGRO, M^a. P. e DOBARRO PAZ, X. M^a: *33 aproximacións á literatura e á lingua galegas*, Edicións do Castro, Col. Ensaio/Filoloxía, Sada, 1984, p. 83.

⁴³⁴ Sobre este rol “alternativo” que obras literarias como *O Mariscal* podían xogar a respecto do ensino da historia do país cabe lembrar unhas palabras de Risco pertencentes ao limiar da *Historia sintética de Galiza* (1927), de Ramón Villar Ponte: “Galiza ten urxentemente que reconqueril-a sua persoalidade histórica; tense que reeducar, e tense que reeducar por si mesma fora das aulas, pol-a aición privada dos que queiran sel-os seus educadores espontáneos. Por que Galiza non é educada *pra ser*, polos seus educadores oficiás, os quales, por oficio e por regramento, edúcana pra ser provincia, e namentras non poida reivindicar-os seus instrumentos d’enseño, ten que ser educada no libro, no xornal e na tribuna [...] Pol-o de pronto, é urxente a educación do pobo galego, e hai que acabar co-a vergonza de qu’os galegos descoñezan por complot a sua historia. E non-a coñecen, por que nin nas escolas lla adeprenden, nin teñen libros por ond’adeprendela “.

Exemplo da citada percepción, aínda que corresponda a un momento un tanto posterior á confección de *O Mariscal*, é a recensión crítica que A. Villar Ponte redixe en outubro de 1934 sobre un novidoso volume de “Historia de España” elaborado pola “Academia de la Historia” de Madrid para o seu uso en escolas primarias. Aínda recoñecéndolle méritos como o de ter procurado a máxima obxectividade e ter prescindido de “leyendas patrioterias” e louvores esaxerados aos monarcas do pasado, indica, non obstante, o noso autor:

Pero Galicia en ese eptome, como ocurría en casi todos los anteriores, apenas si cuenta para nada. Sólo una alusión a nuestro idioma al hablar de Alfonso X, otra a los celtas que poblaron nuestro territorio y otra a la conquista de este por Leovigildo. Y sansacabó. ¿Es que las cosas de Galicia no influyeron alguna vez en el desarrollo político y cultural de la Península?. La herejía de Prisciliano que motivó concilios episcopales, discusiones teológicas y libros notables en diversas lenguas europeas, ¿no merece siquiera una palabra? ¿No la merece también el reino independiente de los suevos? ¿Y puede silenciarse en absoluto, como se silencia en dicho epítome, la invención del Apóstol Santiago, la grandeza de la época de Gelmírez, las peregrinaciones jacobeanas que alumbraron a lo largo de la vía franca muchos elementos del arte y la cultura del medioevo, como demostró Menéndez Pelayo? Pues la sublevación de nuestros villanos y rústicos contra la teocracia y la aristocracia, que fué la primera de Europa de semejante naturaleza, según testimonios eruditos en los que abundaron Castelar y Joaquín Costa ¿tampoco tiene importancia? ¿No la tienen los foros? ¿Y no significa nada, por otra parte, la prisión y muerte de Pedro Pardo de Cela?

Pues ni de esto se dice nada ni nada de las luchas con los normandos, ni la conquista de Sevilla, ni de la guerra de Independencia, ni de la incursión de Drake, ni de la revolución del 45 ni de la que hizo triunfar la Constitución de Riego. Se silencian los nombres de Jerónimo Bermúdez de Castro, que compuso las primeras tragedias teatrales españolas, del P. Feijóo, enciclopedista precursor de la medicina moderna y de otros gallegos eminentes⁴³⁵.

⁴³⁵ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. Se nos da lo que merecemos”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 3.295, 27.10.1934.

Por esa mesma época, segundo a denuncia do xornal *A Nosa Terra*, o nome de Pedro Pardo de Cela era incluído nas follas dun calendario entre os bandidos máis famosos da Península, ao lado de Pernalles, Roque Guinart, Vivillos, Diego Corrientes e outros. Perante este feito, exclamaría o boletín galeguista: “¡O heroi da libertade galega un bandido vulgar!!”⁴³⁶. Enteirado Villar Ponte desta circunstancia, redixirá un artigo a que pertence esta *vindicatio* da figura pardo-celiana:

De la gesta de la Frouseira hizo un elogio Joaquín Costa. Pedro Pardo de Cela que vive en olor de héroe epónimo de los derechos de Galicia en la leyenda y en la tradición sostuvo una resistencia heroica contra las tropas de los Reyes Católicos, y sólo traicionariamente pudo vencérselo, para luego entregar su cabeza al verdugo. Disputó al obispo de Mondoñedo la propiedad de unos bienes que éste le había usurpado, con tanta razón y tanta justicia, que en sentencia que puede leerse en los “Servicios de la casa de Saavedra” se ordenó que le fuesen devueltos a su esposa doña Isabel, al propio tiempo que se condenaba a diversas penas a los que se prestaron a traicionarlo. Si a esto se añade que ha tomado, en unión de otros nobles de nuestra tierra, partido por la princesa doña Juana de Portugal contra la loca homónima hija de la reina de Castilla, se comprenderá perfectamente lo absurdo y caprichoso de encasillarlo entre bandidos vulgares. De triunfar sus propósitos en el ambiente de verdadera democracia presentida que forjaron los Hermandinos - cantados por Castelar y por Costa en galeatos encendidos - la suerte de Galicia y de España hubiera sido otra distinta de la que fué desgraciadamente. Ocurriría entre nosotros lo que ocurrió en Alemania con los siervos acaudillados por Lutero unos años más tarde. Y ni el espíritu de las libres municipalidades castellanas sufrirían la rota [sic] de Villalar ni la locura de la casa de Austria nos llevaría a través de Yuste y El Escorial al hechizamiento del país con Carlos II el hechizado⁴³⁷.

Antón defendería, ademais, con vehemencia, noutro traballo xornalístico posterior á elaboración de *O Mariscal*, a necesidade de

⁴³⁶ Cf. “Pencirando”, *A Nosa Terra*, nº 334, 2.6.1934.

⁴³⁷ Cf. VILLAR PONTE, A: “Pretextos cotidianos. Una ligereza con trazas de injuria”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 3.170, 30.5.1934.

recorrer ao lirismo e aos mitos nacionais para alicerzar unha política galeguista, en aberto contraste con outras opinións como as expresadas por *Johán Carballeira* no propio xornal *El Pueblo Gallego*⁴³⁸, que descualificaban o movemento nacionalista galego nesa altura por achalo puramente especulativo, afastado da esfera do práctico e do cotián, envolto nunha nebulosa de poesía. Argumentaba Villar Ponte, nese sentido:

Pero ¿ es que el lirismo y la especulación no son lo pristino en todo movimiento político ? [...] La primavera de cualquier política seria si no cuaja en brotes líricos y especulativos pocos frutos provechosos podrá engendrar. No hay en el mundo civilizado [...] un sólo país donde los partidos gubernamentales no hayan surgido de la nebulosa del lirismo y la especulación. El aliento germinal por la lírica se manifiesta, y no sabemos que la acción pueda concebirse sin la especulación previa, que es su virgen-madre [...]

Pues si el galleguismo no se hace lírico en lo de fecundar sus programas pragmatistas con el pólen de los poetas gallegos, cuyo aroma es la tierra misma sutilizada ¿ qué política que no sea la nefasta del pasado podrá alumbrar ?⁴³⁹

Despois de anotar no discurso con que ingresou na Academia Galega o 24 de xullo de 1934 todo un relatorio de acontecementos históricos diversos (desde os tempos dos castros “celtas” e do heresiarca Prisciliano até a época hodierna, pasando pola etapa sueva, o Medioevo, a revolta Irmandiña, o axustizamento de Pardo de Cela ou os Séculos Escuros), ao seu ver mostrativos do *volkgeist* liberal que caracterizaba o pobo galego, Villar Ponte viuse obrigado a responder ás críticas de pendor reaccionario e antigaleguista que desde algúns medios de prensa se lanzaron daquela contra el. Proclamou, por iso, o dereito dos galegos á libre interpretación da propia historia e rexeitou a tutela intelectual e historiográfica castelá con estas palabras:

⁴³⁸ Vide CARBALLEIRA, *Johan* (pseudónimo de GÓMEZ DE LA CUEVA, X. F): “Temas galegos. Política de realidades”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 3.199, 3.7.1934.

⁴³⁹ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. El lirismo y la política gallega”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 6.7.1934.

¿ O quiere privárenos a los gallegos conscientes, que ya somos muchos, incluso del derecho de libre examen de los hechos históricos para que éstos sigan siendo interpretados tan sólo por los que ponen su meta ideológica en El Escorial ?⁴⁴⁰

A memoria popular, que tiña conservado o relato da traizón e morte do Mariscal, é a base (claramente confesada, repárese) sobre a que Cabanillas e Villar Ponte fan desa controvertida figura un mártir das liberdades galegas fronte ao expansionismo da Raíña Católica⁴⁴¹. O xornal *El Orzán*, ao saudar en outubro de 1926 a aparición da agardada edición impresa desta peza, acertaba xa a resumir:

Estos dos notables escritores han compuesto a base de la historia del mariscal Pardo de Cela, una interesante tragedia [...]

La vida y los hechos, más o menos legendarios del infortunado señor de la Frouseira dieron margen a Villar Ponte y a Cabanillas para hacer [...] una vibrante defensa de los anhelos galleguistas, condensados y simbolizados en la figura del mariscal rebelde [...]

Como dicen muy acertadamente los autores en el breve prólogo que precede a la tragedia, hay una verdad de la historia y una verdad de la leyenda. Por esta última, quizá, aunque parezca paradoja, la más real de las dos verdades o al menos la más efectiva en el alma popular, se han guiado Cabanillas y Villar Ponte para lanzar sus inflamados anatemas contra Castilla⁴⁴².

Non estivo tampouco descamiñado o anónimo comentarista de *La Voz de Galicia*, na mesma perspectiva, ao anotar:

⁴⁴⁰ Vide *O sentimento liberal na Galiza. Discurso lido o día 24 de xullo do 1934, no acto da súa recepción pública por D. Antonio Villar Ponte e resposta de Don Ramón Otero Pedrayo*, "Publicacións da Real Academia Galega", A Coruña, 1977.

⁴⁴¹ Como sinala Fernández Asís: "Cabanillas y Villar Ponte seducidos por la figura legendaria de Pedro Pardo -en la historia es cosa muy distinta- como ya lo había sido aquel Vicetto, malogrado escritor, con talento y fantasía sobrados para haber sido un admirable novelista romántico, si los caprichosos giros de su insegura vida no hubieran dispersado la intensidad de su imaginación; Cabanillas y Villar Ponte idearon un drama en el que se exalta como un símbolo la figura del infortunado Pardo de Cela, a quien el pueblo nimbó con la aureola poética que, siempre piadoso, otorga a los mártires políticos" (Cf. F. de A. [Fernández Asís]: "Acontecimiento artístico. Estreno de *O Mariscal*", *El Orzán*, A Coruña, nº 3.439, 29.6.1929).

⁴⁴² Cf. "Publicaciones", *El Orzán*, A Coruña, nº 2.611, 9.10.1926.

El carácter del mariscal, pleno de sobria gallardía, de firme entereza; las luchas con los reyes de Castilla en defensa de la causa de doña Juana de Portugal; la traición que dió al traste con sus viriles propósitos, y las posibilidades de más altas rebeldías, que latían en aquel espíritu inquieto y que acaso hubiesen granado más tarde en provechosos frutos de emancipación para nuestra raza, cautivaron el espíritu de Villar Ponte y Cabanillas, tan enamorados de su tierra, y les llevaron a fijar definitivamente en una obra poética de altos vuelos la personalidad de Pardo de Cela, reconstituyéndola con elementos históricos y con otros tomados de la leyenda y de las tradiciones y cantos populares, en que el pergeño moral del protagonista de la tragedia se conserva vigoroso y pujante⁴⁴³.

Ademais, no diario fundado por Fernández Latorre advertíase que

El pensamiento de los autores aparece claramente reflejado en los renglones liminares que abren el volumen y, para el lector avisado, se manifiesta ya con nitidez en la cita de Unamuno que va a la cabeza del prefacio: “...una de esas llamadas leyendas cuando mueve a obrar a los hombres, encendiéndoles los corazones, o les consuela de la vida, es mil veces más real que el relato de cualquier acta que se pudre en un archivo”. No se crea por esto que Cabanillas y Villar Ponte han desfigurado deliberadamente la figura histórica del Mariscal. No es esto. Es más bien, que para acusarla y exaltarla con el relieve que le cumple han animado la severidad del dato histórico, escueto e incomprendible, con la honda sustancia creadora que late en la leyenda⁴⁴⁴.

Fronte a estas opinións, Augusto M^a Casas cuestionaría que a figura de Pardo de Cela fose merecente dun tratamento artístico como o que se lle outorgaba na peza *O Mariscal*:

en el teatro nos basta *un carácter*, y es el caso que la personalidad de Pardo de Cela está muy lejos de ser *un carácter*. Por esto no perdonamos el descuido. Más teatral, más estética sería la figura del de Camiña. Decimos también más teatral, porque lo que nos interesa en este particular, no es la vida de un personaje sino su carácter. Y

⁴⁴³ Cf. “El Teatro Gallego. *O Mariscal*, tragedia”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, n^o 14.599, 9.10.1926.

⁴⁴⁴ *Ibidem*.

ya que se trata de un mito debieron los insignes autores de *O Mariscal* cuidarse más de la *realidad teatral*. Si en esto reparasen no les haría falta que justificasen ninguna inexactitud histórica. Así lo creemos sinceramente. Porque es el caso que nosotros no vemos por ninguna parte la estética de este mito⁴⁴⁵.

E o mesmo faría, aínda que algúns anos máis tarde, Carvalho Calero nas páxinas de *El Pueblo Gallego*. Reflexionando sobre a figura do heresiarca Prisciliano, afirmará:

Non comparte o pequeno escritor que suscribe a simpática preocupación de moitos galeguistas por eisaltar a estatura de certos personaxes da nosa historia en tan desmedida dimensión que as súas testas cheguen a atinguir o cume do mito. Non xulgo necesario facer un Guillermo Tell de Pero Pardo de Cela, por exemplo. Non creo que a utilidade que de isto se seguira - de ser posible isto - compensara o rubor que naturalmente ha sentir o falsificador da historia. Por elo, apresúrome a manifestar a pouco benévola indiferencia con que vexo a tendencia, que abre, a facer tamén un mito de Priscilián. E non porque coide que Galicia deba ser un pobo sin mitos. Pero o mito, aínda sendo unha cousa que ha conter, por esencia, unha grande dosis de irrealidade; pero o mito, aínda sendo por definición algo superrealista, ha mester de un soporte real cuia solidez resista a abrumadora carga do grorioso andamiaxe de pantería ou superrealidade⁴⁴⁶.

Convén lembrar aquí, para situarmos os termos desta polémica, o dito por Renales Cortés a propósito da funcionalidade do discurso histórico, e mesmo histórico-literario, na fase que protagonizan as Irmandades da Fala e onde se insire, precisamente, unha peza como *O Mariscal*:

el discurso histórico en el albor de los movimientos nacionalistas no cumple una función total ni siquiera fundamentalmente científica, sino ideológica [...] Para lograr esta cimentación ideológica del

⁴⁴⁵ Cf. CASAS, A. M^a: “Canciones del gay saber”. Recorte en Fundación Penzol, Fondo Villar Ponte, Caixa 40-4.

⁴⁴⁶ Cf. CARBALLO CALERO, R.: “Mitos. Priscilianus”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 2.815, 4.4.1933.

hecho nacional, el discurso histórico -como instrumento científico- puese ser necesario, pero no suficiente. Una y otra vez los historia-dores de estas características se ven en la precisión de apelar al mito, ya preexista éste a su obra, ya lo forjen ellos nuevamente⁴⁴⁷.

Nada máis lonxe da realidade que supor que *O Mariscal* é, por esta expresa intención de recrear un mito ou lenda confesada polos seus autores, unha obra carente da máis mínima apoiatura nos datos históricos (cando menos daqueles de que se dispuña na altura en que a peza foi redixida⁴⁴⁸) ou que a súa elaboración por parte de Villar Ponte e Cabanillas se afrontou desde a máis absoluta das desinformacións ou con propositada manipulación de referentes documentais e bibliográficos. Ben polo contrario, os arriba profusamente mencionados documentos existentes no Fondo Villar Ponte da Academia Galega demostran ben ás claras o alto grao de coñecemento e o sisudo traballo de documentación previa realizado polos autores, nomeadamente polo viveirés, antes de deseñar a peza.

Ademais, *O Mariscal* presenta unha boa presada de datos e situacións hoxe absolutamente contrastados e admitidos como certos, isto é, “históricos”. Así o parentesco da esposa do Mariscal, Isabel de Castro e Osorio, coa casa dos Lemos (era filla de Pedro Álvarez Osorio) e o non apoio desta á resistencia da Frouseira; o parentesco de Pedro Bolaño con Pardo de Cela a través do matrimonio coa súa filla Beatriz; a perfecta identificación dos compoñentes do bando nobiliar galego partidario de Isabel fronte a Xoana “la Beltraneja” (Arcebispo Alonso de Fonseca II, o bispo mindoniense Don Fradique, Diego de Andrade, López Sánchez de Moscoso, Pedro Álvarez Osorio, o conde de Monterrei...); a prolongada duración do cerco da Frouseira polas tropas castelás, comandadas efectivamente por persoeiros que aparecen na obra,

⁴⁴⁷ Cf. RENALES CORTÉS, *op. cit.*, vol. II, p. 9.

⁴⁴⁸ Abonda con ler o parágrafo 4º da Lección XII do *Compendio de Historia General de Galicia* (Tipografía de *El Eco Franciscano*, Santiago, 1928, 4ª edición, pp. 140-141) do profesor da Escola Normal de Santiago José Rodríguez González, nada sospeitoso de connivencia ideolóxica coas Irmandades da Fala, para decatarse de que a imaxe do mariscal Pardo de Cela como “postrer representante de la nacionalidad gallega”, como “paladín de la libertad galaica” e como “émulo de los Comuneros castellanos” era, por así dicir, moeda común na época en que Cabanillas e Villar Ponte compoñen a súa peza.

citados ou en cualidade de personaxes, como Hernán de Acuña, Ladrón de Guevara, Garci-López de Chinchilla ou o mercenario francés Mudarra; a exacta datación tanto do prendemento en Castrodouro (7 de decembro de 1483) como do axustizamento na praza de Mondoñedo (17 de decembro de 1483) do Mariscal e dalgúns dos seus leais (Miranda, un fillo de Miranda, Bartolomé de Baamonde e García Rodríguez de Bordel); etc.

Contribúe para reforzar esta sensación de historicidade e verosemellanza da obra as constantes alusións a espazos realmente existentes en que, con efecto, se desenvolveron os acontecementos literaturizados: Valadouro, Castrodouro, Frouseira, Muras, Frexulfe, Alfoz, Masma, Cadramón...

Proba, igualmente, de que o recurso á lenda e ao mito popular á hora de deseñar a figura de Pardo de Cela nada tivo a ver cun presunto desinterese pola historia por parte dos autores de *O Mariscal* é que Antón Villar Ponte animou frecuentemente a creación dunha historiografía galega propia, centrada no país e liberada dos preconceitos, mistificacións e visións interesadas que a maquinaria estatal, ben a través do sistema escolar, ben a través doutros resortes, imbuía poderosamente no conxunto da poboación.

Por iso deu o seu máis entusiasta aplauso, por exemplo, para a “Liga de Amigos de Santiago” cando esta entidade convocou en 1924 un certame de historia, música e literatura co galego como lingua en que debían presentarse necesariamente os traballos que optasen a premio⁴⁴⁹. E lémbrese, no mesmo sentido, que foi precisamente seu irmán Ramón quen asumiu a preparación dun epítome, a *Historia Sintética de Galicia*, que procuraba cubrir ese flanco descuberto da divulgación galeguista.

Na mesma liña, non debe ser obviada a satisfacción que experimentou e expresou a través da prensa Villar Ponte perante a aparición de obras historiográficas de autores como o presbítero José

⁴⁴⁹ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Nuestros articulistas. La lengua gallega, ante conscientes e inconscientes”, *Galicia*, Vigo, nº 498, 30.4.1924.

Couselo Bouzas (1869-1962, autor de *La guerra hermandina*)⁴⁵⁰, o cóengo Salustiano Portela Pazos (1877-1976)⁴⁵¹, Eduardo Lence Santar Guitián (1879-1960)⁴⁵² ou o profesor da Universidade Pontificia compostelá Manuel Silva Ferreiro (autor de *Galicia, voto en Cortes*). Aínda que todas elas foron publicadas despois da confección de *O Mariscal*, viñan botar luz desde a perspectiva galega sobre un período histórico, o das guerras irmandiñas e a loita entre Xoana “la Beltraneja” e Isabel a Católica, que Antón Villar Ponte xulgaba transcendental para explicar a decadencia e marxinación posteriores de Galiza.

Concretamente, o contido do ensaio de investigación histórica de Silva Ferreiro, editado pola tipografía do Seminario Conciliar compostelán en decembro de 1925, levábo a sintetizar:

De los hechos expuestos con tanta claridad por el señor Silva Ferreiro, deducimos que nuestra tierra desde el tiempo de los Reyes católicos, esto es, desde que la Frouseira se rindió - apagándose con tan trágica rendición la última llamarada del incendio purificador y liberal que provocaron los bravos hermandinos -, hasta que las huestes napoleónicas pusieron en estado naciente la conciencia gallega por quiebra vergonzosa del poder central, Galicia mostrando cierta constancia para sentirse a sí misma - lo que constituye una verdadera e ininterrumpida afirmación regionalista, que solo en los siglos XVII y XVIII ha hallado tristísima decadencia - no tuvo, sin embargo, la voluntad precisa para imponer de modo revolucionario y varonil aquel sentimiento⁴⁵³.

O traballo de Silva Ferreiro demostraba que a privación a Galiza do dereito a voto en Cortes, en favor de Zamora, fora anterior ao reinado de Isabel a Católica e documentaba como só tras

⁴⁵⁰ Cf. VILLAR PONTE, A. “Galerías. *La guerra hermandina*”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 820, 19.9.1926.

⁴⁵¹ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Galerías. Estudios de relevante interés”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 706, 9.5.1926.

⁴⁵² Autor do ensaio *El Mariscal Pardo de Ceta y la Santa Hermandad* (Mondoñedo, 1930).

⁴⁵³ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. Una lección de historia gallega”, *Galicia*, Vigo, nº 1.029, 19.1.1926.

ímprobos esforzos diplomáticos e financeiros (pagamento de cen mil ducados) o reino galaico puidera recuperar ese dereito, durante o reinado de Felipe IV. Non obstante, en honor á verdade hai que dicir que o noso xornalista non ficou enteiramente satisfeito co contributo historiográfico de Silva, por canto non daba aínda resposta á cuestión que aquel consideraba fundamental: cal fora a causa última por que o reino de Galiza ficara desposuído dese dereito. En opinión de Villar Ponte, cabía colocar a hipótese de que aquela privación do voto en Cortes fose unha represalia temerosa da teocracia e da aristocracia perante a gravidade e transcendencia dos sucesos da revolución irmandiña:

Las luchas de los hermandinos gallegos, aquellas bravas y feroces gestas de sangre, fuego y hierro, dignas de ser cantadas por una lira torva y masculina como la del extraño bardo Pondal, en torno a las cuales no se hizo todavía un verdadero esclarecimiento - debido a la falta de datos, pues sólo los de Vasco de Aponte y de otros escritores parciales, cronistas de los Reyes, se conocen hasta la fecha -, sirvieron de hilo a algunos publicistas, por el que quiso sacarse el ovillo de la mediatización del derecho al voto de Galicia por Zamora. Y puede que la deducción no sea, a la postre, ni torcida ni equivocada. Cierta lógica hay en su abono. Las luchas de los hermandinos debieron de causar gran pavor en toda la Península. Eran una protesta en acción, ruda, violenta, trágica, avasalladora, llena del aliento germinal del pueblo y del soplo geórgico del rús, contra las demasías de la Teocracia y la Aristocracia, que merecieron férvidos galeatos de Castelar y de Joaquín Costa, entre otros. Eran como una vaga precursión, en el ocaso del medioevo, de los anhelos democráticos del alba ochocentista, de aquello, entonces intuitivo y balbuciente, que siglos más tarde había de culminar maturizado, con categórico imperativo, al resplandor siniestro de la revolución francesa, en una sublime tabla, complementaria de la de Moisés: la de los derechos del hombre. Eran como una cruzada sangrienta, épicamente bárbara, en la que iba implícito, dentro de las nieblas de candorosa inconsciencia, el presentimiento de los módulos de las modernas libertades, que recibieron de la antigua idea griega del ciudadano su germen inmortal⁴⁵⁴.

⁴⁵⁴ Cf. VILLAR PONTE, A.: "De Galicia. Acerca de un pleito histórico", *El Sol*, Madrid (ca. xaneiro 1926). Citado por recorte existente na Fundación Penzol, Fondo Villar Ponte, Caixa 40 (6).

Villar Ponte insistiría na súa hipótese ao acusar recibo en 1933 dun traballo de Rodrigues Lapa sobre os vilancicos, en que, entre outros moitos aspectos, ficaba patentizado o pexorativo concepto que da Galiza se tiña formado España (e tamén Portugal) a partir do século XV:

Yo cada vez estoy más convencido de que la recia personalidad gallega que resistió a todas las invasiones, para Castilla, mejor dicho, para el absolutismo de los reyes castellanos, se hizo odiosa especialmente desde el alzamiento de nuestros siervos y villanos del siglo XV contra la teocracia y la aristocracia. Este alzamiento, el primero de tal clase, para nuestra honra, no pudieron perdonárnoslo los señores de la Meseta. Y el privarnos del voto en Cortes, cuando Zamora hablaba por nosotros, no dudamos de que a tal hecho ha respondido. Sufrimos este castigo, como sufrimos poco después la bárbara doma de que habla el licenciado Zurita, por la protesta gallega contra la naciente unidad nacional surgida de la usurpación del trono por Isabel I, que suponía la lucha de la Frouseira median-te malas artes finiquitada.

Desde entonces todos los literatos de habla castellana al servicio del absolutismo de Castilla, siervos de los mecenas palaciegos, reflejaron, y el hecho es lógico, la indignación de sus amos contra Galicia en poemas y novelas.

Por el delito de tener nosotros una personalidad inconfundible, un nexo peligroso como el de la lengua con el rebelde Portugal, un presentimiento de libertad y democracia, precursor de todos los de Europa, y una vieja cultura de rancia estirpe lírica y religiosa que reflejan los cancioneros y la Crónica Troyana, el ímpetu absorbente de la inicial hegemonía de Castilla nos zahirió con mofas, desdenes y calumnias que fueron rodando en alas de la tradición [sic], de tierra en tierra a través de los siglos, para traspasar incluso el Atlántico con los conquistadores, sin que ni aun hayan extinguido sus ecos⁴⁵⁵.

Agora ben, sen entrarmos a valorizar a presenza en *O Mariscal* dalgunhas interpretacións que, sendo habituais na época en que aquel se redixiu, non casan polo que hoxe sabemos coa ver-

⁴⁵⁵ Cf. VILLAR PONTE, A.: "Pretextos cotidianos. Comentarios a un trabajo de Rodríguez Lapa", *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 2.835, 28.4.1933.

dade histórica (por exemplo, a presentación de Pardo de Cela como dirixente e aliado do pobo na revolta irmandiña⁴⁵⁶, nun parlamento do personaxe D. Afonso no 2º Acto), non se debe negar tampouco que a obra de Cabanillas e Villar Ponte é, noutros moitos aspectos, franca e propositadamente mitificadora.

Destaca, nesta perspectiva, un elemento como é a invención da figura dun fillo do Mariscal, que vai morrer canda el. É un detalle moi relevante porque dos diálogos da peza (por exemplo, parlamento amoroso entre Xoana e Pedro, no 2º Acto) conclúese que este Pardo de Cela fillo tería sido o futuro rei consorte se se tivese podendo casar coa pretendente ao trono castelán, Xoana, sempre e cando esta tivese vencido na loita contra Isabel, a Católica. Ademais, a través doutro parlamento deste inventado descendente do Mariscal exprimiron Cabanillas e Villar Ponte un dos apelos máis relevantes, significativos e claros aos posíbeis receptores da súa obra: *Ós novos tempos, / ás novas xeneraciós / o meu sangue hei de deixarlle / en eterna donación. / ¡ ; Que as mocedades da Terra / escoiten a miña voz ! / ¡ ; Que o meu tráxico relembro / alcenda seus corazóns / cando nos séculos loiten / polo trunfo da nación !*

Igualmente mitificadoras resultan dúas anacrónicas alusións na peza (monólogo de Mudarra no 1º Acto, 1º Cadro, Escena 4ª e parlamento do Mariscal no 2º Acto, Escena 2ª) á bandeira galega ondeando no máis alto da Frouseira...

Salta á vista, por outra banda, que na peza a maioría dos personaxes protagonistas están caracterizados e vencellados entre si mediante unhas relacións preñadas de simbolismo e que se articu-

⁴⁵⁶Xa o profesor Carvalho Calero advertiu oportunamente a respecto desta circunstancia na peza *O Mariscal*: "Postos a escribir un drama histórico, Villar Ponte e Cabanillas houberan debido compor o drama dos Irmandiños. Mais tal posibilidade non tiña de se realizar ata moito tempo despois, e achou espresión nunha peza escrita en galego, aínda que publicada en castelán, *La soldadera*, de Lois Seoane. Villar Ponte, que non era precisamente Basilio Álvarez, preferiu ao drama agrario e social dos Irmandiños, o drama patriótico e político de Pardo de Cela. Certo que iste fora xa transformado por Vicetto en xefe dos campesiños alzados, pero o que na obra á que agora me refiro se salienta, é a oposición do Mariscal á política centralizadora dos Reis Católicos. No drama acéitase un pasado *irmandiño* do Mariscal, o que permitiu aos autores exilio como herói en troques de Rui Xordo" (Vide CARBALLO CALERO, R.: *Libros e autores. Século XX*, Fundación P. Barrié de la Maza, A Coruña, 1982, p. 28.).

lan, como teñen indicado nos seus estudos Elvira Souto, Millán Otero ou Bernárdez & Vieites, arredor de esquemáticos eixos opositivos como *Galiza / Castela, lealdade / traizón, poder nobiliar / poder eclesiástico, patriotismo / mercenarismo...* Algún deses eixos serve para resolver de maneira propositadamente sinxela as posibles contradicións que unha lectura máis demorada dos feitos históricos podía revelar (relacións entre a nobreza galega e o propio pobo, servo seu, poñamos por caso). Da figura do Mariscal están eliminados así, verbigracia, todos aqueles extremos e aspectos que puidesen minorar a súa lexitimidade aos ollos do espectador como representante máximo da fidelidade a Galiza e ao seu pobo. A súa dona, Isabel de Castro, preséntase como muller forte, nobre, con porte e de conduta dignos dunha auténtica raíña. Miranda e Bolaño son claros exemplos de lealdade e valor, e así sucesivamente.

De igual maneira que todos os leais a Pardo de Cela carecen de tacha, en *O Mariscal* Castela é a traizón, a ambición, a falta de escrúpulos, a crueldade e o engano. Os seus servidores usan disfraces (Amaro, os Coengos), incumpren a palabra dada (Amaro a Elvira de Muras), utilizan a cobiza allea ou o medo en beneficio propio (criados do Castrodouro) e aplican a pena de morte para os seus inimigos por máis cabaleirosos que estes foren e aínda que a súa captura se basease na máis grande das indignidades: *A guerra no é traición / máis que antr'as xentes de Castela*, tiña sentenciado xa o propio Pardo de Cela no momento de ser aprexado... O propio deseño da figura do Mariscal (voz, acenos, conduta, parlamentos...) funciona como constante contraste perante a ruindade moral de todos os casteláns e mais dos galegos traidores.

Son, por outra banda notorios, como teñen advertido Bernárdez & Vieites, os paralelismos que a obra establece entre a figura de Pardo de Cela e a de Xesús Cristo⁴⁵⁷, paralelismos que, cómpre subliñalo, xa foran encontrados e expresados pola musa popular no célebre “Pranto da Frouseira” que hoxe se conserva no

⁴⁵⁷ Vide BERNÁRDEZ, C. L. & VIEITES, M. E.: “Introducción”, en CABANILLAS, Ramón: *Obra dramática*, Ed. Xerais, Vigo, 1996, pp. 50-55.

arquivo da Academia Galega, copiado pola man do ilustrado Xosé Cornide Saavedra. Nesa composición lese a seguinte estrofa: *Por treisón tamén vendido / Xesús Noso Redentor / e por aquestes treidores / Pedro Pardo, meu señor.*

Nesta perspectiva, repárese na simetría do episodio do prendemento do Mariscal por Mudarra co relatado no Novo Testamento en col da captura de Xesús Cristo en Xetsemaní, após a traizón de Xudas. A propia esposa de Pardo de Cela encárase cos seus captores con estas palabras: *¿Onde están agachados / os Xudas que a Castela / venderon a Galiza en que son nados / e o Cristo que se alzou a defende-la ?*. Como o Nazareno, o Mariscal é feito prisioneiro rodeado polos seus, traizoado por diñeiro e conducido a un sacrificio que, con todo, deberá resultar “liberador” nun futuro máis ou menos próximo. Igual que Cristo morreu na cruz para salvar o mundo, o Mariscal entrega a súa vida (*Fágase pois en min súa vontade*) para que as xeracións vindeiras de galegos recobren, tendo presente o seu exemplo, a dignidade e liberdade perdidas nesa infausta hora (=mesianismo). Igual que Cristo tivo que beber do cálice da amargura, o Mariscal bebe no cálice do sangue dos mártires que lle ofrece na cela a Vella, símbolo da Raza... Pedro Bolaño comparará explicitamente co Calvario o camiño que conduce desde o pazo de Castrodouro onde o seu señor foi feito prisioneiro até a cela de Mondoñedo onde vai ser encerrado, para logo ser axustizado (2ºActo, Escena 12):

; Camiño de ferradura
 que levas a Mondoñedo !
 ; Nova Rúa da Amargura !
 ; Ou vereda da inxustiza
 pola que rube ó martirio
 o redentor de Galiza !
 ; Dálle paso doce e brando,
 que tamén el vai doído,
 antre saións e sangrando !
 ; Tamén el, todo bondades,
 leva ás costas a cruz sagra
 dun sono de liberdade !

¡ Tamén el cheo de dores,
vai con coroa de espiñas
posta na man de treidores !
¡ Tamén el, murcho e maltreito,
como rosa de pasión
leva unha chaga no peito !
¡ Camiño de ferradura
aberto ó paso da Morte
na noite tristeira e escura,
leva con paz e sosego
ó soñador dunha patria,
ó novo Cristo galego !.

Tamén resulta suxestivo, neste sentido, establecer paralelismos actanciais entre os personaxes de Isabel de Castro coa Virxe (*¿Haberá pra min calvario / ás portas de Mondoñedo / pior que o da nai de Cristo, do subrime Nazareno, / que do fillo aspirar puido / o salaio derradeiro / mentres eu fillo e esposo / teña perdido sin velos*) e do fiel Bolaño co apóstolo Xoán nas escenas finais da obra.

Finalmente, cómpre advertir a respecto dos trazos mitificadores presentes en *O Mariscal* que non menos doses de mitificación e propaganda a prol dunha determinada visión da realidade e dos feitos históricos existía, en todo o caso, no denominado teatro histórico español máis ou menos coetáneo (Villaespesa, Marquina, Pemán), na articulística de figuras como Ortega y Gasset, Unamuno ou Ramiro de Maeztu e, mesmo, en obras pretensamente científicas como as que daquela escribían Menéndez Pidal e os seus discípulos do “Centro de Estudios Históricos” (Américo Castro, Claudio Sánchez-Albornoz, etc.). Estes intelectuais, escritores e historiadores operaron imbuídos nunha mentalidade castelanista, ocultadora da importancia do reino da Galiza na Alta Idade Media⁴⁵⁸ e negadora do carácter plurinacional que encerra desde vello o Estado español e deixaron o seu selo ideolóxico-mistificador claramente marcado no retrato que elaboraron de figuras como Don Pelayo, Rodrigo

⁴⁵⁸Vide NOGUEIRA, C.: *A memoria da nación. O reino de Gallaecia*, Eds. Xerais, Vigo, 2001.

Díaz de Vivar (o *Cid* Campeador), a raíña Isabel a Católica ou o cardeal Cisneros.

Precisamente, contrastando a existencia desta literatura histórico-mitificadora de pendor castelanista coa constante posta en causa da interpretación que os sectores galeguistas facían da figura do Mariscal, escribiría agudamente Moisés da Presa no xornal galai-co-bonaerense *A Fouce*:

A nós o único que nos intresa dend-o punto de vista galego é qu’o Mariscal, loitou e deu seu sangue pol-a libertade de Galiza, e si eisí non fora, ficábamos no deber d’inventalo posto qu-os povos tén mester d’herois pra mais afirmar e enaltecer a concenza nazonal e cando carecen d’eles crean-nos. Acaso os historiadores hespañoes, non votaron man de San-Iago [sic], montáron-o nun cabalo branco, puxéronlle na man unha espada framíxera, e de súpeto ceibáron-o antr’as ringleiras de mouros na fantástica batalla de Clavijo ?
¿ E o Cid Campeador ?⁴⁵⁹.

4.2.2. *O MARISCAL* COMO FERRAMENTA PROSELITISTA DO NACIONALISMO GALEGO

Para Carvalho Calero, *O Mariscal* pode definirse como unha “peza pseudohistórica de propaganda política”⁴⁶⁰ que teatraliza os sucesos da loita e morte do Mariscal galego Pardo de Cela, executado o 17 de nadal de 1483, a mans das hostes castelás de Isabel a Católica e da nobreza galega traidora. Engade o sabio ferrolán que *O Mariscal* “pola súa composición é un drama romántico, e polo seu estilo per-tence ao teatro poético modernista de evocación histórica”⁴⁶¹.

Tarrío Varela cualificaa de “romántica e visceral, á vez que representativa da ideoloxía nacionalista do momento”⁴⁶², mentres

⁴⁵⁹ Cf. PRESA, M. da: “O Mariscal”, *A Fouce*, Buenos Aires, nº 43, 17.12.1931.

⁴⁶⁰ Vide CARBALLO CALERO: *Historia...*, *op. cit.*, p. 611.

⁴⁶¹ Vide CARBALLO CALERO: *Historia...*, *op. cit.*, p. 590.

⁴⁶² Cf. TARRÍO VARELA, A.: *Literatura galega...*, *op. cit.*, p. 294.

que Elvira Souto alude a ela como peza “de inspiración romántica e verso vaziado em molde modernista” e como texto dramático “proyectado como um instrumento de acción política”⁴⁶³. Bernárdez & Vieites preferen encadrala “na tradición simbolista”⁴⁶⁴, aínda que recoñezan a presenza nela de trazos claramente modernistas.

Poucas obras poden catalogarse con tanta clarezza como artefactos estéticos ao servizo dunha causa ideolóxica e política, neste caso a do nacionalismo galego. *O Mariscal* representa en boa medida o *summum* da proposta teatral das Irmandades da Fala, por canto apunta á máis alta das cualidades estéticas acompañándoa dunha nítida mensaxe galeguista. Téñase moi en conta, nesta perspectiva, que outras pezas históricas de ambiente medieval do teatro galego precedente, como o *A Torre de Peito Burdelo* (1891), de Galo Salinas, ou *Pedro Madruga* (1897), de Cuveiro Piñol, non tiveran en absoluto a intencionalidade explicitamente nacionalista que vai presentar *O Mariscal*. Como explica o profesor Carvalho Calero, a respecto de *Pedro Madruga*, Cuveiro Piñol “quixo desde logo exaltar umha figura heróica, mas ao próprio tempo quer mostrá-lo prudente e conformista coa interpretación oficial da história de Espanha”⁴⁶⁵.

Moitos testemuños posteriores á confección da obra corroboran esa intencionalidade proselitista con que, certamente, foi deseñada. En outubro de 1934, por exemplo, aplaudindo a idea de lle erixir na localidade pontevedresa da Estrada un monumento a Pardo de Cela, Antón Villar Ponte expresará con clarezza o transfondo e o propósito político-ideolóxico que cabía outorgarlle tanto a ese projectado monumento como á propia peza dramática que escribira anos atrás con Cabanillas:

⁴⁶³ Vide SOUTO, E.: “Notas para umha lectura escolar de *O Mariscal*”, *Lenguaje y Texto*, nº 6-7, s. l., 1991, pp. 41-51.

⁴⁶⁴ Vide BERNÁRDEZ & VIEITES: *Op. cit.*, p. 45.

⁴⁶⁵ Vide CARVALHO CALERO, R.: “Pedro Madruga no teatro galego”, *Agália*, Ourense, nº 10, verán de 1987, pp. 197-205.

No importa que el monumento sea más o menos suntuoso [...] Lo principal para nosotros ha de ser que aquél noble heróico y rebelde que fué decapitado en Mondoñedo después de la brava gesta de la Frouseira, aparezca perpetuado de manera plástica en territorio de Galicia.

Podrán discutir cuanto quieran su figura los que se aferran al dato histórico creyéndole siempre veraz sin pararse a considerar si procede de fuentes parciales o imparciales y sin tener en cuenta que viendo como se escribe la historia de hoy poco debemos creer en la de ayer.

Para nosotros la leyenda popular que desde los tiempos del Mariscal hasta hoy vino trasmitiéndose de generación en generación por los aldeanos del Valle de Oro y Mondoñedo hallando eco incluso en el cancionero y en la lira de nuestros poetas ochocentistas, tiene bastante más valor que las referencias de los cronistas cortesanos. Lo que la rebelión de Pardo de Ceta y la anterior de los Hermandinos han influido en los historiadores de la época y sucesivos puede verse claramente en el concepto que desde entonces se nos tiene en Castilla. Apenas si algún poeta o literato de renombre de los de allende Ponferrada y allende Navia dejó de tratarnos como bárbaros a los gallegos [...] Y esto no nos estraña porque gallegos eran los que, conjuntamente con los portugueses, estuvieron a punto de truncar los anhelos de Doña Isabel.

Lo indudable es que con el sacrificio de Pardo de Ceta comienza la decadencia de Galicia: la atracción de nuestros nobles a la Corte y la bárbara doma de que habla Zurita.

Toda posibilidad de inteligencia con Portugal quedó frustrada desde entonces hasta hoy por aquella causa. Se nos privó del idioma, que fué como matarnos el alma; hízosenos olvidar nuestras glorias antiguas (la lejana de Prisciliano y la menos lejana de Gelmírez, por ejemplo), dejando entregada nuestra economía a su propio esfuerzo y dándole la espalda a nuestra privilegiada situación geográfica, más por desdén, a buen seguro, que por ignorancia o torpeza.

El monumento a Pardo de Ceta significa pues el anhelo patriótico de recobrar la trayectoria de nuestros destinos en el punto y hora en que ésta sufrió una refracción fatal. La vuelta a los orígenes con mirada nueva y juvenil después de un calvario de cinco siglos de triste categoría de colonia. El testimonio palpable de la re-creación de nuestra conciencia de pueblo con propia personalidad, como corolario del renacimiento cultural a que asistimos en carácter de colaboradores.

¿Que la historia escrita por extraños y por siervos de los extraños, criados de nobles enemigos de la plebe rebelde que se alzó contra ellos, no está conforme con nuestra apreciación histórica que glorifica la leyenda? ¿Y ha de evitarlo para las generaciones futuras la que vienen escribiendo los amanuenses de los *conservadores de hoy*? Todo es uno y lo mismo. Y nosotros sabemos que más que la propia historia han hecho por la fijación de la conciencia de los pueblos sus leyendas y sus mitos⁴⁶⁶.

Neste sentido, consideramos errada a apreciación de Manuel Guede cando sinala que se Villar Ponte e Cabanillas tivesen pretendido coa súa obra un obxectivo esencialmente político ou militante “saberían artellar un proxecto escénico no que as dificultades e complicacións estruturais que se advirten na lectura de *O Mariscal* non terían lugar”⁴⁶⁷. Ben polo contrario, coidamos que a maxestuosidade e a complexidade con que está concibida a peza son moi propositadas porque coadxuvan precisamente á intensificación da súa mensaxe, concebida en grande medida como “apelo profético” e non como recreación “pasatista” ou “arqueolóxica”... Coidamos que o de Viveiro e o de Cambados concibiron adrede *O Mariscal* como unha obra “grandiosa”, tanto na forma como no fondo, non por ignoraren as precariedades con que se debatía a escena galega da súa época, senón mesmamente para colocala nun reto superatorio e para lle brindar, ao mesmo tempo, un buque-insignia, unha obra de cualidade e de ambición estética indiscutíbeis, porque esta era a mellor maneira de poder inserir os seus contidos e as súas proclamas, unha vez que fosen lidas ou contempladas polo público, no debate político-ideolóxico do seu tempo. A eventual “eficacia” da obra, pois, ficaba dalgunha maneira suxeita e vencellada á súa propia “ambición”.

⁴⁶⁶ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. Sobre el monumento que va a edificarse en La Estrada”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 3.292, 24.10.1934. Con anterioridade, o xornalista viveirés tiña feito xa interpretacións en clave política do axustizamento de Pardo de Cela, salientando que fora “un dos nobres galegos que tomaron partido por doña Joana, ou o que é o mesmo pola unión con Portugal” (Cf. VILLAR PONTE, A.: “Meditación sinxela”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 2.909, 25.7.1933).

⁴⁶⁷ Vide GUEDE OLIVA, M.: “*O Mariscal* desde este horizonte”, en CABANILLAS & VILLAR PONTE: *O Mariscal*, Xunta de Galicia-IGAEM, Col. “Centro Dramático Galego”, nº 7, Santiago, 1994, p. 15.

O Mariscal trata de lle presentar ao espectador do seu tempo unha historia do século XV con valor actualizábel, con “lección” para o presente. A súa trama e o seu desenlace tornan explícita a tese de que a historia do país puido ter sido outra ben distinta, e mellor, de non correren os acontecementos como finalmente correron no cerco e captura do Mariscal galego rebelde. A peza coloca o espectador perante un drama colectivo que, *mutatis mutandi*, segue a se padecer no presente, cando menos desde a óptica nacionalista que sosteñen os seus autores: os alleos gobernan o país. Os galegos do século XV posicionáranse perante os casteláns asoballadores en termos de lealdade ou traizón á Terra, igual que o continuaban facendo os galegos que presuntamente ían ocupar o patio de butacas para ver *O Mariscal*...

Nisto reside, en definitiva, o propósito último da obra: conmover aos espectadores-lectores co relato dramatizado dunha derrota por traizón que determinou traxicamente o devir colectivo; esperar a súa consciencia galega (e galeguista) perante un suceso histórico-lexendario que arrastraba consecuencias innegábeis até o mesmísimo presente; ofertarlles modelos de conduta e de amor polo país encarnados como en ninguén no Mariscal e nos seus leais; advertilos da nula recompensa que agardaba a aqueles que, como Elvira de Muras, confiasen en alcanzar beneficio da súa deslealdade; esixirlles, en definitiva, unha mobilización (emocional, cívica, ideolóxica, política...) que impedise que o sacrificio heroico dos mártires que protagonizan a peza ficase esquecido e que, desa maneira, a súa morte honrosa resultase finalmente inoperante e inútil.

O anticastelanismo e a denuncia da traizón ao país feita por certos estamentos (xerarquía eclesiástica, nobreza entreguista, servos cobizosos) son, con clareza, os eixos ideolóxicos vertebradores de toda a peza, concibida polos seus autores, insistimos, cunha evidente intención aleccionadora e proselitista a prol do nacionalismo galego.

Precisamente esa clara mensaxe reivindicadora das liberdades nacionais galegas que a obra vehiculiza (con todos os matices místico-mesiánicos que se queiran ver nela, como elemento ideolóxico de

procedencia claramente cabanilliana) foi o que molestou en determinados círculos de opinión afectos ao centralismo ditatorial español. É sabido que cando a “Real Academia Española” falou en 1926 de incorporar representantes das linguas periféricas, o diario upetista *La Nación* tentou vetar a entrada de Cabanillas na Corporación alegando razóns “patrióticas” e aludindo ao anticastelanismo do poeta, posto de manifesto precisamente en *O Mariscal*:

No desconecemos la obra poética de Ramón Cabanillas, pero deliberadamente hemos omitido su nombre, porque para ello tenemos buenas razones de orden patriótico. Cabanillas, como otros intelectuales gallegos, está asaz imbuído por el catalanismo de los *saltataulets*, en buena hora finiquitado. En su espíritu mandan todos los tópicos anticastellanos, que non son los mejores consejeros para una obra de solidaridad ibérica, como la que representa la impuesta por el Gobierno al dar consagración oficial a las lenguas familiares en uso entre algunas clases sociales de vaerias regiones. En el caso de Galicia entre labradores y marineros.

Algunos conceptos que se repiten en la obra de Cabanillas no delatan una buena disposición de ánimo para hacer una labor que tiene que ser de concordia, como no garantiza la ecuanimidad precisa para una obra de hispanidad el reciente drama del poeta gallego *O Mariscal*, donde se asigna más valor a la leyenda que a la verdad histórica⁴⁶⁸.

Especialmente significativa é, nesta perspectiva, a valorización negativísima que os autores de *O Mariscal* fan destilar nos parlamentos e na trama da súa obra arredor da figura de Isabel a Católica, un dos símbolos favoritos do dereitismo hispano durante ese período e, posteriormente, tamén durante a ditadura franquista⁴⁶⁹. Convén citar aquí, por reveladoras desa valorización a que aludimos, unhas liñas villar-pontinas escritas en xaneiro de 1936 a propósito da raíña castelá, en réplica a uns ataques do dirixente “cedista” Vázquez de Cal:

⁴⁶⁸ Cf. “Los candidatos a la Academia. Al buen callar llaman Sancho”, *La Nación*, Madrid, nº 356, 7.12.1926.

⁴⁶⁹ Vide MARTÍNEZ-RISCO DAVIÑA, L.: *O ensino da Historia no bacharelato franquista (Período 1936-1951). A propagación do ideario franquista a través dos libros de texto*, Edicións do Castro, Col. Historia, Sada, 1994, especialmente pp. 167 e ss.

Yo tengo que manifestar una vez más que no siento simpatías por dicha señora reina, como no puede sentirlas ningún gallego que conozca algo de aquel período histórico que abarca desde los tiempos de Enrique el Imponente hasta los de Carlos II el Hechizado. Período triste que refleja el gesto cívico de Pedro Padrón [sic] en pro de nuestros siervos de la gleba que ofrecieron al mundo la soberbia epopeya de los Hermandinos - elogiada por Castelar y Joaquín Costa - y que trae el castigo para Galicia de privarle de propia voz y propio voto en Cortes, así como las posteriores injurias de los escritores del centro.

Siento ocasionarle con esto un nuevo berrinche al señor Vázquez de Cal, que en la 'hojita parroquial' de la Ceda publicó una carta llena de santa ira contra mí, tachándome de mentiroso y calumniador, porque hice incidentalmente en este periódico un juicio, que estimo justo, de doña Isabel la Católica. Pues otros juicios sobre el mismo tema tracé en *O Mariscal*, en el discurso de ingreso en la Academia Gallega, en *Os evanxeos da risa absoluta* y en diversos ensayos y conferencias [...]

La reina que llenó a Galicia, según manifestaron varios historiadores, entre ellos Murguía, de alcabaleros de otras tierras que agobiaban a nuestros pobres paisanos; que después del castigo injusto del señor de la Frouseira - como injusto reconocido en la sentencia que figura en el libro 'Servicios de la casa de Saavedra' -, de la bárbara doma de que habla en licenciado Molina [sic], y del fomento del absentismo en los nobles gallegos a fuerza de dádivas y promesas, asestó un golpe de muerte a nuestras energías nacionales y a nuestro propio destino histórico y geográfico al usurparle el trono a doña Juana de Portugal, francamente no puede ser muy grata para los pensadores de Galicia [...].

La reina varonil, digna de un estudio de Freud, que 'montaba tanto como Fernando' - ¡pobre Fernando separatista que quería a la muerte de su esposa escindir de nuevo a Aragón de Castilla! -, al intentar hacer la unidad impuso la uniformidad, presintiendo las camisas verdes, hijas de la suya negra, que por virtud no mudaba nunca, y fundó la Inquisición, ultraje a la libertad de pensamiento que nos ha privado de filósofos y hombres de ciencia, como nos privó igualmente de progresos en la agricultura, el comercio y la industria con la expulsión de judíos y moriscos; pero en cambio supo regalarnos una hija loca y una dinastía extranjera y hechizada con cohorte de intelectuales extraños aplastadores de las comunidades castellanas, no merece la gratitud de republicanos ni de gallegos. Representa una línea quebrada en la marcha de la hispanidad,

que con ella, como afirma José Ortega y Gasset, sembró los gérmenes de la decadencia⁴⁷⁰.

Como menciona o propio autor, a peza *Os evanxeos da risa absoluta* (1934) tamén constitúe en certo sentido un texto de combate ideolóxico contra o castelanismo na medida en que sustenta unha afirmación do *genius* panteísta, alegre e tolerante da Galiza e da súa independencia espiritual fronte aos padróns éticos e relixiosos de Castela (misticismo, sobriedade, honor calderoniano, intolerancia...), encarnados no Quixote cervantino que morre renegando das súas loucuras idealistas e, subliñémolo, na raíña Católica, figuras ambas moi queridas pola literatura rexeneracionista e *noventa-yochista* española e mesmo por sectores do autodenominado *regionalismo sano y bien entendido*⁴⁷¹. En *Os evanxeos da risa absoluta* inclúese en boca do personaxe “Electus” un discurso intitulado “O tolo soliloquio do ser ou non ser”, que ofrece significativamente o seguinte “retrato” da raíña castelá:

por se dormir o noso pobo non escuitou no amancer da súa escravitude; cando a Sabela castelán de alma irta e ventre case estéril rouboulle a coroa a unha princesa que vira a mesma paisaxe nas dúas ribeiras do Miño, rachada polos cons da Historia, e tencionaba zurcila coa agulla do cetno nebrada de zumes verdes que tallou o machado de verdugo en Mondoñedo... verdugo xordo e mudo para os laios de Pedro Padrón [sic] procurador daqueles labregos ós que nunca se lles perdoará o santo sacrificio de semean entre fogo e ferro o grau da libertade [...]

¡ Sabela da filla tola, neto flamengo, bizneto ogro e tataraneto enfeitizado que fixeches cimenterio, cheio de cruces como chatas do pensamento da pel de touro ibérica onde os ollais da castración serviron de engarce de Iuste e o Escorial !. ¡ Ladroeira que arredaches a dous irmáns da mesma Natureza nai xunguidos pola mesma placenta miñota por consellos dun franciscano bélico, nemigo dos fel-

⁴⁷⁰ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. ¿Quiénes somos los buenos españoles y cuáles los malos”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 3.862, 25.1.1936.

⁴⁷¹ Véxase, por exemplo, a visión panxirista do reinado dos Reis Católicos para a Galiza que deseña Manuel Casás Fernández no volume *Episodios Gallegos. Recuerdos históricos y literarios* (Edicións Galicia do Centro Galego, Buenos Aires, 1953, pp. 40-57).

gos, para logo matar as ideas, esmagar o espontaneísmo do diverso xeográfico, Sirena da Iberia, pón dolles a camisa de forza feita pola túa man a tódolos divinos tolos que tiveron en Prisciliano antergo devanceiro tolo de atar... !. ¡ Louqueira dun manicomio de místicos perturbados polo ermo sin bosques e sin augas limpas onde as risas das fadas núas non poden escoitarse... Sepultureira da necrópolis das ledas rebeldías do miolo cheias de pulo humano e criador !...

Por ti foi posíbel que encol da herba vizosa da diversidade, tripada polo pé de ferro dun imperialista no estranxeiro, mendigo de esmo-las Peninsua adiante, que tivo a soberba de se enterrar vivo nun mosteiro despois de ver a toda Hespaña feita un deserto, xurdira o Escorial, escoria de reis en pó de ermo, na forma de parrilla aburada polo sol da meseta onde o Inxenioso Fidalgo perdeu a razón para que o celme idealista da Iberia que lle dera inspiramento fose escarnio e burla de yangüeses e señores, branco serodio da gargallada universal de tódolos tempos, após da pagana festa do arabismo, lóstrego ledado nas tebras do meioevo que abenzoara o bispo don Opas. ¡ Ai, cristiana triste dos Cristos sin dozura, que por xenreira á Natureza, fonte de vida pagana, a verdadeira vida, inspiraches o simbo da nemiga á paisaxe que troca polo negro todo matiz de verde no crucificado de Velázquez, para que logo o grego, o grego sin gracia helénica, desterrado en tortura, encha de morto verdor as almas místicas do ermo que escoan dos seus lenzos [...]

... Pita cega da Fe que por azar pillou illas e continentes que logo lle esbararon e fuxiron das mans á súa terra, porque esta, deprendida daquela, co pano mouro nos ollos, mirando para si, coidaba, en soberba fachenda, mirar por todos e para todos.

Contra Sabela, Rosalía... a do corazón de rosas de cen follas cun cravo de ferro chantado nele. Contra Tereixa de Cepeda e Ahumada - evocación de viño forte e sin recendo e de sol aburante - Conceición Areal - ledicia de escumas salitrosas, de praias limpas, de azul e branco de mar e ceio e de batir de aas de vela atlántica -. E logo, a Freira das Chagas e o parvo Tenorio, serodias herbas parásitas, nadas no chan, e del desbotadas embora, para que lles sirvan de pai e nai ós nosos peisaniños cegos, xordos, mudos e desleigados...⁴⁷²

Non son estes, desde logo, os únicos testemuños da negativa valorización que Antón Villar Ponte facía da figura de Isabel a

⁴⁷² VILLAR PONTE, A: *Os evanxeos da risa absoluta (anunciación do Antiquixote)*, Ed. Nós, Santiago, 1934, pp. 181-184.

Católica. O feito de que as Cortes Constituíntes da 2ª República mantivesen o nome desta para designar unha das máximas condecoracións que o nacente réxime podía outorgar a un cidadán causou un evidente malestar no entón deputado da ORGA pola circunscrición coruñesa, por canto se trataba, ao seu ver, dun indubitábel síntoma “del unitarismo que priva entre muchos elementos del actual régimen”. Un Villar Ponte que consideraba que “ese chirombolo honorífico no está a tono con el espíritu de nuestra República”, concluía sobre este particular:

Desde el punto de vista republicano izquierdista una condecoración que lleva el nombre de una reina, y de una reina que es la católica por antonomasia, dista mucho de ser un acierto. Y no por su carácter de católica, precisamente, sino por haber sido la fundadora de la Inquisición (que constituye el más serio atentado contra la libertad de pensamiento) y la que expulsó a los judíos y moriscos del país, ocasionando la ruina del comercio y de la industria y generando la decadencia de España en el mismo momento de la unificación.

Pues si habida cuenta de esto no resulta muy lógico que ostente el nombre de Isabel la Católica, la más alta condecoración de nuestra República de trabajadores, tampoco puede resultar si pensamos que aquella reina de Castilla fué la que impuso una unidad que llevaba implícita en sí misma la pérdida de las libertades regionales. Una condecoración de tal índole no podrá satisfacer ni a catalanes, ni a vascos, ni a gallegos, porque tiene que recordarles siempre el imperialismo de la Meseta⁴⁷³.

Na mesma perspectiva para entender as mensaxes e a visión histórica presentes en *O Mariscal*, non deben esquecerse algunhas polémicas que sostivo a través da prensa periódica Antón Villar Ponte con determinados persoeiros representativos da mentalidade española centralista e uniformista, como Carmelo Viñas Mey⁴⁷⁴, José

⁴⁷³ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Buenos días. El collar unitario”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, ca. finais de 1931-comenzos de 1932. Recorte en Arquivo Real Academia Galega, Fondo Villar Ponte, Caixa 149, Sobre 2.

⁴⁷⁴ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. Un toque de atención”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 13.5.1933; VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. Al buen callar llaman Sancho”, *El Pueblo Gallego*, nº 2.865, 3.6.1933 e VILLAR PONTE, A.: “Ejemplos. Os sabios chochean...”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 2.967, 30.9.1933.

Ortega y Gasset⁴⁷⁵, Ramiro de Maeztu⁴⁷⁶ ou Ernesto Giménez Caballero⁴⁷⁷.

Ás afirmacións de Ortega sobre o papel xogado por Castela na historia peninsular replicará Villar Ponte, por exemplo:

A pesar de su *mente clara* los castellanos han sido la causa de nuestros desastres coloniales y de la decadencia de España. Ellos opri­miendo las iniciativas de las regiones constrinieron a miserable vida a pueblos prósperos antes de la unidad nacional. Castellana fué también la idea de la expulsión de judíos y moriscos. Castellana, igualmente, la Inquisición.

Castilla castigó a Galicia a no tener representación en Cortes, obli­gando a Zamora a hablar por nosotros, a causa del terrible delito que cometieron nuestros siervos de la gleba al alzarse violentamente (¡gloriosas gestas de los Hermandinos!) contra la teocracia y la aristocracia [...]

Los castellanos de *mente clara* y sin más abierta a las cosas ¿ qué hicieron que no fuese ese cúmulo de torpezas que forman muchos capítulos de la historia de España ? La hegemonía de Castilla que llevó a Madrid la capitalidad de la Península ¿ de qué claridades mentales era poseedora ?

En posición sesgada, llenos de recelos y suspicacias, nos ve don José Ortega y Gasset a los habitantes de todas las regiones españolas (con excepción de asturianos y castellanos) y no hay duda de que tenemos motivos para ello. En cambio, nosotros no vemos por nin­guna parte la privilegiada claridad mental de Castilla, ni através de la historia moderna, ni en la hora de ahora. No serán los castella­nos inferiores a nosotros, pero superiores tampoco. Y menos en sentido político⁴⁷⁸.

⁴⁷⁵ Cf. VILLAR PONTE, A.: "Pretextos cotidianos. Los de mente clara y los de posición sesgada", *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 2.515, 17.4.1932.

⁴⁷⁶ Cf. VILLAR PONTE, A.: "Pretextos cotidianos. La renovación política por el *embuchado*", *El Pueblo Gallego*, Vigo, ca. 1934. Recorte en Arquivo Real Academia Gallega, Fondo Villar Ponte, Caixa 148, Sobre 1.

⁴⁷⁷ Cf. VILLAR PONTE, A.: "Pretextos cotidianos. La *Oxford Union* y el garbanzo de Giménez Caballero", *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 3.086, 17.2.1934.

⁴⁷⁸ Cf. VILLAR PONTE, A.: "Pretextos cotidianos. Valorizaciones gratuitas, no", *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 2.517, 20.4.1932.

De idéntico xeito, en resposta ás interpretacións históricas imperialistas de Maeztu (decantadas e recompiladas posteriormente no volume *Defensa de la Hispanidad*), escribirá o de Viveiro:

¿ Qué Castilla es la que se quiere que vuelva ? ¿ La democrática de los comuneros que el nieto de Isabel la Católica asesinó en Villalar ? ¿ La fundadora de la Inquisición y persiguidora [sic] de judíos y moriscos; es decir, la que castró el pensamiento español haciéndolo estéril para las investigaciones científicas y para la concepción de sistemas filosóficos originales y la que ha arruinado la industria y el comercio autóctonos ? ¿ La que llevó [sic] a la Corte de flamencos, primero, y luego de italianos ? ¿ La que de la América descubierta por casualidad hizo un cementerio para enterrar en él las energías de la raza, acabando luego por perderlo todo, material y espiritualmente ? ¿ La que nos ha dado la bandera roja y gualda para iniciar nuestros ya ininterrumpidos desastres navales ? ¿ La que anuló la sabia legislación marítima de Cataluña ? ¿ La que no pudo dominar a Portugal más tiempo del que dominó a Flandes, sin asimilárselo jamás ? ¿ La que siguió llamando el deseado a un rey felón que la entregó a los franceses y más tarde les ha abierto los brazos a los cien mil hijos de San Luís ? ¿ La que a las ansias de libertad de Cuba, Puerto Rico y Filipinas ha respondido con la frase de *El último hombre y la última peseta*?⁴⁷⁹.

Na mesma liña cabe colocar as desmitificadoras reflexións de Villar Ponte a respecto do pasado histórico español, particularmente incisivas na valorización dos reinados de Isabel a Católica, do seu neto Carlos V e dos demais monarcas da dinastía dos Austrias. Perante a exaltación desa época imperial, *do no se ponía el sol*, por parte da intelectualidade e da historiografía española afín aos postulados máis centralistas, unitaristas e dereitistas, argumentará o noso autor:

La decadencia española fué como una enfermedad congénita de la unificación pretendida por Fernando e Isabel. Nació con ésta [...] Los Reyes católicos pusieron freno a todas las bocas por donde

⁴⁷⁹ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. Mayorazgo que quiere perpetuar un gallego”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, ca. 1932. Recorte no Arquivo da Real Academia Galega, Fondo Villar Ponte, Caixa 149, Sobre 2.

afluían señeras las savias espontáneas y originales de las diversas nacionalidades ibéricas. Crearon además la Inquisición (atentado serio contra las libres alas del pensamiento) y expulsaron judíos y moriscos (atentado insensato contra la industria, la agricultura y el comercio). Pero con todo la unidad peninsular bajo un solo trono era tan ficticia como violenta, y por eso Fernando en su testamento ya quiso deshacerla.

Desde Carlos I (culminación del Imperio) hasta Carlos el Hechizado (puesta de sol de los Austrias y fruto condigno de la unidad de muerte iniciada por Isabel la Católica), ¿ qué España *grande* era la que dueña de inmenso territorio allende y aquende el mar, por las descubiertas, por razones matrimoniales y por conquistas bélicas, para acometer cualquier empresa tenía que mendigar unos subsidios onerosos de los pueblos peninsulares, mientras oprimía y aniquilaba a las libres municipalidades y ponía la ciencia y el arte patrios en manos de extranjeros ? [...]

Cabe pensar que otra cosa seríamos de haber podido cada país diverso de España desenvolver libremente sus características raciales [...]

Aquella grandeza sólo territorial [...] ¿ para qué nos ha servido ? [...]

Aquella grandeza territorial, obra de una unidad idónea para el parasitismo extranjero que propiciaron Austrias y Borbones, nos trajo a la pequeña [sic] contemporánea [...]

Entonces la grandeza de España habrá que generarla en sentido totalmente contrario al que propaga el derechismo ultramontano⁴⁸⁰.

Para rematarnos esta epígrafe adicada á interpretación de *O Mariscal*, non debemos obviar que Villar Ponte expresou *a posteriori* algún que outro descontento co resultado final, por discrepar seguramente cos matices misticistas, mesianistas e mesmo esotérico-saudosistas, perfectamente sinalados no seu día por Francisco Rodríguez⁴⁸¹, Bernárdez & Vieites⁴⁸² ou Millán Otero⁴⁸³, que o poeta

⁴⁸⁰ Cf. VILLAR PONTE, A.: "Pretextos cotidianos. El ideal nacional del fascismo hispano", *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 3.092, 24.2.1934.

⁴⁸¹ Vide RODRÍGUEZ, F.: "*O Mariscal*: un modelo de redención", in VV.AA.: *Ramón Cabanillas. Camiño adiante*, Ed. A Nosa Terra, Col. A Nosa Cultura-Extra nº 10, Vigo, 1989, pp. 26-39.

⁴⁸² Vide BERNÁRDEZ & VIEITES: "Introducción", *Op. cit.*, p. 53-55.

⁴⁸³ Vide MILLÁN OTERO, X. M.: "A obra teatral de Ramón Cabanillas: unha cala en *O Mariscal*", *Pontenerga. Revista de Estudos Sociolingüísticos*, Deputación Provincial de Pontevedra, nº 2, ano 2000.

de Cambados deu introducido na resolución da obra, anunciando a orientación que ía seguir a súa poesía tras o ciclo cívico-agrario-nacionalista que deseñara con *No Desterro*, *Vento mareiro* e *Da Terra asoballada*. Como se recordará, o de Viveiro confesou, cando xa a súa relación persoal con Cabanillas estaba unha miga enfraquecida, que

después de rematada [*O Mariscal*] nos parecía, aunque tal parecer supusiera yerro, que algunas de las situaciones dramáticas resultaban más esvaídas luego de realizarse su versificación, que antes de que ésta se realizara. Pese a nuestra compenetración ideológica, la divergencia temperamental restó sin duda algún vigor unanímista al conjunto⁴⁸⁴.

Non é casualidade, neste sentido, que Villar Ponte puxese en cuestión en diversos artigos escritos con posterioridade á confección de *O Mariscal* a idea da “saudade”, tan cara a Cabanillas, como trazo definitorio, e moito menos exclusivo, do *volkgeist* galego. Así, ao fío da celebración dunha conferencia no “Ateneo” vigués de Nóvoa Santos sobre o tema e tendo presentes todas as achegas realizadas sobre a cuestión por autores como Teixeira de Pascoaes, Leonardo Coímbra, Xoán V. Viqueira, Otero Pedraio e Risco⁴⁸⁵, Antón Villar Ponte dubidaba en 1927 entre a consideración da “saudade” como mero tópico literario, sen existencia real fóra da poesía, e a consideración dese sentimento como manifestación patolóxica da psique, provocada xeralmente pola ausencia das persoas queridas ou polo distanciamento das paisaxes nativas. O que non admitía, en ningún caso, era a idea de que ese sentimento fose exclusivo de galegos e portugueses, como algúns dos autores arriba mencionados postulaban. A “saudade” sería un sentimento “patrimonio de todos los pueblos”, feito que Villar Ponte tería constatado e corroborado en persoa durante a súa estadía como emigrante en Cuba:

⁴⁸⁴ Cf. VILLAR PONTE. A.: “Pretextos cotidianos. Sobre la creación literaria que no es unipersonal”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 3.370, 25.1.1935.

⁴⁸⁵ Unha visión sintética da pegada do saudosismo nas letras galegas pode verse en BERNÁRDEZ, Carlos L.: “Ramón Cabanillas e o saudosismo. Literatura e ideoloxía no tempo das Irmandades”, en VVA.: *Actas das Xornadas sobre Ramón Cabanillas realizadas en Cambados os días 7 e 8 de xuño do 2001*, Xunta de Galicia-Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, Santiago, 2001, pp. 49-61.

Pero acaso pudiéramos llegar a la conclusión de que el asturiano, el montañés, el catalán y el andaluz, añoran tanto a sus regiones respectivas, como el portugués a Portugal y el gallego a Galicia. Sevillanos conocimos nosotros, no ya en América, sino en Lisboa, que suspiraban más por la ciudad de la Giralda que conterráneos nuestros por pueblos de su nacimiento. Catalanes, y catalanes muy cultos, tratamos en América, que ante un plato de *munyetas* al estilo de Cataluña, sentían verdadera emoción patriótica. Y si en Galicia el anhelo nómada priva más que en otras tierras ¿ cómo compaginar el impulso ambicioso que lleva a muchos al éxodo, sin una necesidad absolutamente perentoria que lo motive, con ese amor excepcional o insólito al terruño (saudade, morriña) cuya exclusividad se nos achaca ?⁴⁸⁶.

⁴⁸⁶ Cf. VILLAR PONTE, A. "Galerías. Acerca de la saudade y la morriña", *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 981, 27.3.1927.

V. XÉNESE E FORTUNA DA VERSIÓN OPERÍSTICA DE *O MARISCAL*

5.1. SOBRE A XÉNESE DA VERSIÓN OPERÍSTICA DE *O MARISCAL*

En carta desde Madrid, datada a 18 de novembro de 1954, Ramón Cabanillas confesáballe ao profesor Ricardo Carvalho Calero, despois de que este o requirise para lle subministrar informacións sobre a súa traxectoria como escritor teatral:

nada sei dunha edición de *O Mariscal* en 1932, arredor deste ano o inxenheiro Lousada, de acordo con Villar Ponte, esquirbéu unha ópera para a que eu vertín ó castelán algunhas partes do drama, pro non sei que se emprentasen⁴⁸⁷.

O poeta de Fefiñáns, imprecisións á parte (Rodríguez Losada era arquitecto, non enxeñeiro; a versión operística de *O Mariscal* fíxose e estreouse con anterioridade a 1932), daba conta así dun proxecto sobre o que tamén deitaremos a seguir a nosa atención.

Xa en agosto de 1927, comentando un proxecto zarzuelístico de ambiente galego do maestro Guridi, Antón Villar Ponte adiantaba ao público lector, nun artigo intitulado “Zarzuela y ópera gallegas”, a nova de que o compositor coruñés Eduardo Rodríguez Losada Rebellón (1886-1973), con ascendencia viveiresa por parte materna, tiña o afán de

llevar a cabo una ópera, también gallega, a base de la leyenda trágica *O Mariscal*, sobre la que hizo ya varios números musicales que afirman son muy interesantes los pocos que los conocen. El señor Losada trabaja en esta obra con verdadero entusiasmo⁴⁸⁸.

⁴⁸⁷ Vide CARBALLO CALERO, R.: “Cartas a Cabanillas”, en VV.AA. *Homenaxe a Cabanillas no centenario do seu nacemento*, Univ. de Santiago, Facultade de Filoloxía, Santiago, 1977, pp. 7-16.

⁴⁸⁸ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Galerías. Zarzuela y ópera gallegas”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.113, 31.8.1927. Reproducido tamén en *Vida Gallega*, Vigo, nº 352, 10.9.1927. No Fondo Villar Ponte do Arquivo da Real Academia Galega, Caixa 147, Sobre 4, existe un recorte de prensa dun artigo do viveires

Esa mesma nova difúndea o propio xornalista viveirés no diario madrileño *El Sol* tamén en setembro de 1927, dando a coñecer que o compositor vasco Guridi tiña pasado unha temporada na Galiza recollendo en romarías e concertos de coros diversos motivos musicais populares para a confección dunha zarzuela:

Los que creemos que el folklore musical de Galicia es una riquísima cantera de temas líricos, de donde pueden extraerse materiales preciosos para realizar con ellos obras de gran provecho y de posible perdurabilidad, seguimos realmente anhelantes los trabajos de Guridi y del Sr. Losada Rebellón. De que estos trabajos culminen o no en el éxito feliz, depende que Galicia comience a preocuparse, como de algo muy necesario, de la propulsión del cultivo intenso de la música propia, ahora que es el momento oportuno.

Aquí donde el sentimiento lírico está tan vivo y tan acusado, y donde todo -paisaje y habla- resultan esencialmente musicales y notoriamente armónicos, no se explican muchos que, a excepción de la música, ninguna de las demás artes bellas deje de tener serios y exquisitos cultivadores⁴⁸⁹.

En decembro dese mesmo ano, comentando o incidente da tradución non autorizada de *O Mariscal*, de que nos ocupamos arriba, e lamentando igualmente a falta dun cadro de declamación na Galiza que asumise a montaxe e estrea da súa peza teatral, o noso xornalista aínda acrecentaba:

Hasta la fecha, aunque hubo varios intentos de estrenar dicha obra en el teatro, ninguno ha prosperado por falta de un cuadro de declamación en condiciones para ello. Interesante, sin embargo, sería que se realizase su representación, no solo con objeto de estimular a cuantos escriben literatura escénica en gallego, sino también pensando en la educación del oído de nuestros públicos para

intitulado "Acerca de la música gallega", correspondente á sección "Temas de interés" de *El Pueblo Gallego*. É mágoa que careza de indicación de data, pois faise nel unha alusión a Rodríguez Losada que podería axudar a determinar con maior exactitude o momento en que o músico-arquitecto iniciou o proceso de composición da partitura para *O Mariscal*. Concretamente, no artigo citado indícase que "después de haber compuesto varias obras (entre ellas *El monte de las ánimas*) ahora anda planeando una composición enxebre de alto empeño".

⁴⁸⁹ Cf. VILLAR PONTE, A.: "De Galicia. Lo mejor para el desenvolvimiento de nuestra música", *El Sol*, Madrid, nº 3.163, 25.9.1927.

que puedan apreciar del mejor modo concebible las bellezas de la lengua materna. Por ningún medio, como por el del teatro, nuestro espléndido idioma natural lograría conquistar devotos para su cultivo. Non obstante, ahí tenéis inédito, fuera del campo de la lectura, *O Mariscal*, lo mismo que otras varias obras gallegas dignas de ser llevadas a las tablas⁴⁹⁰.

Villar Ponte concluía sen disimular a súa decepción:

Por lo que respecta a *O Mariscal*, tendremos sus autores que resignarnos, si Dios no lo remedia, a verlo representar en castellano y convertido en ópera gallega. Que esta, se halla ya casi ultimada por el culto arquitecto y músico compositor Don Eduardo R. Losada, y habrá de estrenarse en la primavera próxima. Pero la obra íntegra, en gallego, tal y como fué concebida y desarrollada ¿cuándo subirá a la escena?⁴⁹¹.

Os tres protagonistas do versionamento operístico de *O Mariscal*, Cabanillas, A. Villar Ponte e Rodríguez Losada, tiñan, en realidade, experiencia previa neste tipo de labores. O viveirés tiña preparado anteriormente unha adaptación zarzuelística, con música de Mauricio Farto, dun poema de Rosalía de Castro. Esa adaptación fora estreada polo coro “Saudade” na Coruña, os días 7, 8 e 9 de maio de 1926, co título de *A probiña que está xorda*. Pola súa banda, Ramón Cabanillas xa tiña traballado antes de escribir a propia versión dramática de *O Mariscal*, como vimos ao nos referir aos seus antecedentes teatrais, en varios proxectos líricos como o intitulado *Galicia 1808* e mais na adaptación operística en dous actos (de dous cadros cada un) do coñecido poema de Curros Enríquez “A Virxe do Cristal”. O compositor Eduardo Rodríguez Losada tamén non era novo nestes mesteres⁴⁹². En maio de 1925, con efecto, estreara na

⁴⁹⁰ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Galerías. El Teatro gallego y *O Mariscal*”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.215, 28.12.1927. Esta queixa de Villar Ponte provocaría, precisamente, o xa aludido intercambio de cartas públicas entre el e Emilio Nogueira (director da “Agrupación Dramática Gallega”), así como o ofrecemento desta entidade para tentar representar teatralmente *O Mariscal*.

⁴⁹¹ *Ibidem*.

⁴⁹² Para unha aproximación a esta figura Vide CARREIRA, X. M.: “Eduardo Rodríguez Losada, o compositor de *O Mariscal*”, en VV. AA.: *Ramón Cabanillas. Camiño adiante*, Ed. A Nosa Terra, Col. A Nosa Cultura-Extra nº 10, Vigo, 1989, pp. 40-41.

Coruña, coa colaboración do maestro Arbós e a súa Orquestra, un poema sinfónico intitulado *El Gnomo*, baseado nunha lenda do escritor romántico sevillano Bécquer. Naquela ocasión, o propio Villar Ponte, aínda aplaudindo o éxito desa obra, tiña expresado a través da prensa unha seria reconvenção ao músico-arquitecto polo criterio de escolla de textos empregado para dar canle á súa inspiración:

No hay derecho a que un gallego y un coruñés precise a estas alturas, cuando todos lamentamos el atraso en que se halla la música culta de nuestra tierra, recurrir a una leyenda del sevillano Gustavo Adolfo Bécquer para inspirarse [...] ¿ Es que en Galicia no hay leyendas y leyendas hermosísimas muy superiores a la mencionada del poeta andaluz autor de las *Rimas*? [...] Una vez más se da el caso del gallego - y del gallego inteligente, que es lo triste - volviéndose de espaldas a las fuentes de inspiración autóctonas y buscando lo universal, no en lo cercano, como la buena lógica aconseja, sino en las lejanías del estéril exotismo. Fuese gallego e inspirado en tema gallego el poema sinfónico que acaba de estrenar el señor Rodríguez Losada y nuestra música entonces tendría un día de fiesta inolvidable, con registro áureo e imperecedero en la historia de las artes del terruño. No lo ha sido y todos veremos en *El Gnomo* un trozo musical más de tantos discretos y reveladores de un compositor de excelentes condiciones que con frecuencia surgen... En el pecado llevará la penitencia el distinguido arquitecto coruñés⁴⁹³.

Algún tempo despois, concretamente o 6 de maio de 1927, Rodríguez Losada estreaba no Teatro “Rosalía de Castro” da Coruña unha nova ópera súa, en dous actos. Tratábase de *El monte de las ánimas*, con libreto de Julio J. Casal (cónsul uruguaio na cidade herculina e promotor da revista *Alfar*) e Luís Núñez de Cepeda, baseada novamente nunha lenda de Bécquer, que foi interpretada polo orfeón “El Eco”⁴⁹⁴ baixo a dirección escénica de Juan José Villar

⁴⁹³ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Al margen de un poema sinfónico. El eterno defecto de los gallegos”, *Galicia*, Vigo, nº 809, 13.5.1925.

⁴⁹⁴ Formado, para a ocasión por Luciano Romero, Ramón Cid Paris, Rafael Rubio, Manuel Rubio, Carlos Fernández Obanza, Carlos Allones Pérez, Carlos Allones Labarta, Carlos Cedrón Cuenca, Fernando Cedrón Cuenca, Fernando Torres Ozores, Altherio Paz Mateos, Enriqueta Brandón, Concha Brandón, Carmen Malde, Elvira Martín, Josefina Pottecher, Carmen Urioste, María Teresa Patiño, Aurora Portal, Carmen Laciana, Lola Rodríguez, Rosario Mariño, Pilar Villacastín, Eva Martín, Eulalia Berea, Matilde Agudín, Sofía Allones, Adelaida Vergara, Jaunete Pottecher, Sila Salgado,

Sixto e co tenor Francisco Naya, as tiples Carmen Varela e Sara Salgado e a contralto María Castro Caruncho nos papeis principais. Os decorados foron obra de Camilo Díaz Baliño e o propio Rodríguez Losada dirixiu a orquestra⁴⁹⁵.

Antón Villar Ponte tamén lamentaría nesta ocasión que o compositor coruñés optase por procurar inspiración á marxe da cultura e das letras galegas, “porque si hay tierra de bellas leyendas pleróticas de lirismo que están pidiendo a gritos el ser encarceladas entre las rejas del pentágrama, esta tierra es la nuestra”⁴⁹⁶.

Convén ter en conta que a decisión de Villar Ponte, Cabanillas e Rodríguez Losada de emprender o versionamento de *O Mariscal* de teatro para ópera é tomada nun momento en que conflúen varias tendencias que favorecen o intento.

En primeiro lugar, está en relativo auxe nos escenarios o xénero zarzuelístico, cando menos naqueles non copados aínda totalmente polo arrasador cinematógrafo. Alguén tan coñecedor, desde a súa perspectiva evidentemente, da situación dos escenarios galegos como era o empresario Isaac Fraga, comentaba significativamente, nun artigo publicado en agosto de 1928 no diario vigués *El Pueblo Gallego*, que a chamada “alta comedia” benaventina e os espectáculos líricos eran, sen ningunha dúbida, os xéneros predilectos do público⁴⁹⁷. Era evidente, en particular, un relativo florecemento neses anos 20 e comezos dos 30 da “zarzuela galega”, isto é, de obras dramático-musicais, ben en galego, ben (a grande maioría) en cas-

Maruja Gaos, Isabel Acevedo, Asunción Piñeiro, Josefina Portal, Carmen Vergara, Carmen Puga e Carmen Piñeiro (Cf. “Acontecemento de arte. La ópera de Rodríguez Losada”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 20.4.1927).

⁴⁹⁵ Cf. “La fiesta musical de anoche. *El Monte de las ánimas*, la nueva ópera de Rodríguez Losada”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 7.5.1927. Estaba prevista inicialmente unha xira desta ópera por varias cidades galegas: o día 22 de maio, en Santiago; o 28, en Vigo; o 5 de xuño, en Ferrol, etc., mais, por motivos que non coñecemos, a ópera só puido representarse finalmente na Coruña de novo, en Pontevedra e en Ferrol (Cf. *La Voz de Galicia*, A Coruña, 20.5.1927; *El Noroeste*, A Coruña, 28.5.1927; e *El Orzán*, A Coruña, nº 2.805, 7.6.1927).

⁴⁹⁶ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Galerías. La zarzuela de un vasco y la ópera de un gallego”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 939, 6.2.1927.

⁴⁹⁷ Cf. FRAGA, I.: “Vigo Teatral”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.391, 5.8.1928.

telán, que presentaban unha temática, uns personaxes e unha ambientación relacionados dun xeito ou doutro co noso país. Ben é certo que estas obras non sempre presentaban Galiza e os galegos da maneira máis correcta, veraz, digna e respectuosa, a xulgar polos moitos comentarios e queixas suscitados ao respecto en diversos ámbitos de opinión do noso país⁴⁹⁸. O propio Antón Villar Ponte dedicaría algúns dos seus artigos en *El Pueblo Gallego* a combater ese tipo de obras. A un deses artigos, escrito en maio de 1935, pertence a seguinte queixa:

¿ Cuándo acabarán por dejarnos en paz esos comediógrafos babecas y esos cronistas chirles que para ganarse unas pesetas llevan al teatro y a la crónica de revista temas gallegos salpicados con frases y palabras que quieren recordar las de nuestro idioma ?.

Creímos que al fallecer Lugin y enmudecer Linares Rivas cesaría tal tendencia. Pero, no. Por ahí andan comediógrafos aprovechadores de todo el viejo cascode teatral a quienes la crítica seria de Madrid desprecia y censura, que siguen aferrados, al tratar asuntos de nuestra tierra, a los modos grotescos de aquel novelista y aquel dramaturgo. Cuando tienen que hacer hablar a aldeanos gallegos ponen en su boca una jerga tan ridícula como bárbara [...].

Va siendo hora de poner a todas horas en la picota del ridículo a semejantes parvos de los que ninguna persona de buen gusto deja ya de reirse⁴⁹⁹.

⁴⁹⁸ Como indicaba o comentarista de *La Voz de Galicia*, ao fío da estrea de *Cantuxa*, de Baudot e Torrado, en xuño de 1928: “Confesamos por nuestra parte, que tenemos un miedo atroz a estas cosas gallegas o pseudo gallegas, llevadas al teatro. Miedo al latiguillo, a la destemplanza, a la acritud inusitada, a la impropiedad, al tópico pueril, a muchas cosas principales o accesorias que lindan a veces con el ridículo [...] De *pandereta* van siendo, con efecto, los mendigos legendarios y los peregrinos y las viejas casonas, los bosquejos del Pórtico de la Gloria, los abades orondos, los gaiteros, los *curros* de romería, las pallozas del Cebreiro” (Cf. *La Voz de Galicia*, A Coruña, 21.6.1928).

Santiso Girón, desde *El Pueblo Gallego*, abundaría anos despois nestas prevencións: “En el teatro lírico español, Galicia siempre tuvo de músicos y libreteros (especialmente de estos últimos) un trato despiadado y una interpretación pintoresquista. La Galicia del *meigallo*, de la *santa compañía*; la Galicia supersticiosa y pobre de espíritu, más bien que cultivadora de sus tradiciones, sumida y enzarzada en ellas por falta de adelanto cultural, sirvió de ancho campo de experimentación a muchas zarzuelas y operetas, estrenadas en Madrid por maestros y autores de relieve algunas veces, como Vives, Guridi, Romero y Fernández Shaw... Esa literatura y ese arte verdaderamente injuriosos para nuestra tierra, nos hicieron un daño incalculable” (Cf. SANTISO GIRÓN, L.: “Proyecciones. Ópera gallega en Madrid”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 3.341, 20.12.1934).

⁴⁹⁹ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. Como se escribe en gallego y como se ridiculiza a Galicia”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 3.459, 9.5.1935.

Exemplos deste tipo de obras zarzuelísticas de ambientación galaica que están na moda durante a década dos 20 e comezos dos 30 nos escenarios galegos e hispanos son *A lenda de Montelongo*, de Manuel Rey Pose e José Buhigas Olavarrieta, con partitura do maestro Del Río, estreada en Santiago en 1924 por “Cántigas e Agarimos”; *Amor na cume*, de Glicerio Barreiro, con música de Ángel Teijeiro, estreada en Lugo polo coro “Cántigas e Aturuxos” en 1925; *Carmela* e mais *O retorno do soldado*, ambas do compositor Ángel Teijeiro (a segunda con libreto de Eloy Martínez) representadas en Lugo (1925) e Vigo (1928), respectivamente; *A Fantasma de Teixido*, con libreto de José Sánchez Pérez e música de Francisco Escobar, representada polo coro ferrolán “Ecos da Terra” a comezos de 1927; *A Virxen do Cristal*, con letra do escritor santiagués Carlos Neira Villamil e música de Ricardo F. Carreira, estreada no “Teatro de la Zarzuela” madrileño, a finais de 1928; *La moza del coitadiño*, con partitura de Modesto Rebollo (director da banda do “Regimiento Isabel la Católica”) e libreto de Adolfo Torrado Estrada, Francisco Aizpuru e Antonio Barallobre, ambientada nas terras de Betanzos e estreada en Madrid, en marzo de 1930, pola Compañía Badía-Peñalver-Almodóvar; *Cantuxa y Martiño*, zarzuela en tres actos ambientada no val do Incio, debida ao director de banda de música da Infantaría de Mariña ferrolá, Gregorio Baudot, con libreto en español de Torrado Estrada⁵⁰⁰; *Ché Isidoriño*, comedia editada na colección “El Teatro Moderno” en 1930 e estreada na Coruña en marzo do seguinte ano, con libreto do propio Torrado Estrada; *La Virgen de la aldea*, de Gabriel Núñez Rodríguez e Faustino del Río, zarzuela en tres actos interpretada en 1934 no Teatro “Rosalfá de Castro” herculino pola agrupación artística “Ofelia Nieto”; e, por encerrar xa esta necesariamente incompleta relación, *La Meiga*, zarzuela en tres actos, estreada en Madrid o 20 de decembro de 1928 e editada un ano despois na colección “El

⁵⁰⁰ Cf. *La Voz de Galicia*, A Coruña, 5.2.1928; *El Noroeste*, A Coruña, nº 13.657, 5.2.1928. As primicias desta partitura déronse a coñecer nos salóns da sociedade de recreo herculina “Nuevo Club”, en febreiro de 1928, suscitando no propio Villar Ponte o seguinte comentario: “[...] puede ser la base de una próxima e intensa explotación de la riquísima cantera de aires populares líricos con que contamos” (Cf. [VILLAR PONTE, A.]: “Temas de interés. Primicias de una ópera gella”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.247, 15.2.1928).

Teatro Moderno”, ambientada na comarca da Ulla e escrita por Federico Romero e Guillermo Fernández Shaw, con música do compositor vasco Jesús Guridi⁵⁰¹.

En segundo lugar, como xa se dixo, no propio teatro español autores como Eduardo Marquina e Francisco Villaespesa puxeran en voga con bastante éxito pezas de recreación histórica, vehiculando nelas unha visión reaccionaria, nostálgica e castelanista (péñese en obras como *En Flandes se ha puesto el sol*, do primeiro; ou *La leona de Castilla*, do segundo).

Alén deste contexto literario-musical favorábel, hai que se preguntar sobre a “oportunidade” da adaptación en termos de intervención social, isto é, por que e para que accederon Villar Ponte e Cabanillas a verter a súa obra nun molde formal distinto, acompañándoa de música e sacrificando no tronso fragmentos enteiros do texto orixinal, coas súas correspondentes mensaxes e contidos?. Ocorrénsenos varias razóns. A primeira, “compensar” así o frustrante ineditismo escénico que viña padecendo a peza teatral homónima. Tamén fornecer, mediante adaptación a libreto dun texto dramático, materiais que contribuísen ao potenciamento do teatro lírico galego (traendo ao rego deste o talento compositivo de Eduardo Rodríguez Losada) e que reforzasen a súa autonomía a respecto da correspondente manifestación da cultura

⁵⁰¹ Esta obra foi, con todo, moi mal acollida por diversos sectores da opinión pública galega. O director de *La Voz de Galicia*, Alejandro Barreiro, escribía: “No es posible traerse de Galicia una zarzuela, como se trae una vaca, esa vaca de imponente cornamenta que los autores sacan a escena en ocasión propicia. Como no basta para dar la sensación del carácter racial que los personajes usen cirolas y monteras y empleen un lenguaje en que abundan con exceso las terminaciones en *ño*. En ese aspecto, *La Meiga* es una caricatura cursi, ruborizante [...] No habrá razón para sentirse indignados; pero no la hay tampoco para estar agradecidos” (Cf. BARREIRO, A.: “La meiga”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 27.12.1928). Pola súa vez, Modesto Prieto Camiña denunciaba que “vuelve la ignorancia de los autores castellanos a poner en ridículo a Galicia con una obra llamada *La Meiga*, en la que se concentra el insulto descarado a la región que el pasado verano brindó hospitalidad y obsequio cumplidamente a Guridi, Fernández Shaw y Romero” (Cf. PRIETO CAMIÑA, M.: “Teatralerías. Ante un nuevo escarnio a Galicia”, *Heraldo de Galicia*, A Habana, Año XI, nº 6, 31.5.1929). O propio Villar Ponte consideraría *La Meiga* un grande fracaso de Guridi: “Ha acontecido lo que nosotros esperábamos: que por encargar de la confección de la letra de su zarzuela de ambiente gallego a dos señores por completo extraños a las cosas de nuestra tierra, la obra, a son de bombo y platillos anunciada, resultó una de tantas obras vulgares y ramplonas, en lo que se refiere a la fábula y al desarrollo de ésta, que suben, sin deber subir, a los escenarios madrileños. La expectación que *La Meiga* despertara, quedó así defraudada totalmente [...] Galicia no tiene todavía una zarzuela digna de ella” (Cf. [VILLAR PONTE, A.]: “Temas de interés. Una lección más que debe tenerse en cuenta”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.513, 26.12.1928).

hexemónica en castelán⁵⁰². Outra posíbel razón estribaría no desexo de combater, desde a perspectiva do nacionalismo galego, certos discursos historiográficos presentes na época de exaltación do reinado dos Reis Católicos (discursos que alimentaron o dereitismo antinacionalista durante a 2ª República e que se farían “oficiais” durante o franquismo); e, finalmente, para contribuír a erixir referentes simbólicos das ansias de liberdade do país, nun instante histórico en que a ditadura primo-riverista comezaba a ser e a se notar vulnerábel.

Nesta última perspectiva, talvez non sexa ocioso sinalar que Cabanillas está a cultivar profusamente neste instante a literatura de ambiente histórico. Escribe varios poemas de ambiente medieval que pasarán anos máis tarde, xa na posguerra, ao volume *Camiños no tempo*; recrea no relato “O oso de Oseira”, publicado na revista viguesa *Vida Gallega* en 1930, o tempo do arcebispo Fonseca II e dos líderes irmandiños Alonso de Lanzós, Pedro Osorio e Diego de Lemos⁵⁰³; describe o nacemento dun lugar denominado “Aldea das Casas” arredor dun castelo medieval no relato “Volkskunde”, publicado no boletín pontevedrés *Logos*⁵⁰⁴; etc.

Nas vésperas da estrea da versión operística de *O Mariscal*, nunha entrevista concedida a Emilio Canda (fillo) e publicada logo na revista *Vida Gallega*, o escritor viveirés declarábase enteiramente satisfeito do labor do compositor Losada, por máis que recoñcese que no arranxo lírico,

⁵⁰² Corroboran esta impresión algúns comentarios de A. Villar Ponte arredor da deostada zarzuela *La Meiga*, de Guridi, con libreto de Romero e Fernández Shaw (Cf. [VILLAR PONTE, A.]: “Temas de interés. Una lección más que debe tenerse en cuenta”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.513, 26.12.1928): “Lo peor es que después de este nuevo fracaso artístico de Galicia en el teatro español, aunque luego fuese ofrecida a una empresa madrileña una obra buena, de positivo mérito, se la rechazaría por instinto de conservación económica. Esto no nos preocupa mucho a nosotros, porque creemos que lo gallego debe hacerse en Galicia, y si en Galicia obtiene éxito, tratar de imponerlo al resto de España. El verdadero progreso, en arte como en todo, procede de que se acuse por endósomosis: de dentro afuera y no de fuera adentro [...] Ignoramos cuando escribimos estas líneas si la partitura que el arquitecto coruñés Losada compuso para *O Mariscal*, será o no todo lo importante que fuera de desear. Pero lo que sí sabemos es que cuanto hace referencia a cosas de arte gallego, todos nuestros conterráneos debieran proceder como Losada procede: haciendo su labor para que la juzguen los suyos, dedicándola a Galicia las primicias de su obra. Pensando en Galicia y sólo en Galicia”.

⁵⁰³ Cf. *Vida Gallega*, Vigo, nº 459, 30.8.1930.

⁵⁰⁴ Cf. *Logos*, Pontevedra, nº 47, Outono-Nadal de 1935.

la figura del Mariscal aparece un poco borrosa, disdibujada [sic], cuando en la obra tan vigorosamente se difine [sic] su personalidad. Y se ha suprimido casi todo el segundo acto. Nosotros hemos entregado el drama en las manos del Sr. Losada y él suprimió o cambió con arreglo a las exigencias de la música y obediente a los motivos de inspiración⁵⁰⁵.

Unhas liñas da carta aberta que Villar Ponte dirixiu en xaneiro de 1928 ao director da “Agrupación Dramática Gallega” de Vigo, Emilio Nogueira, advírtennos sobre a plena consciencia que tiña o autor viveirés a respecto dos inevitábeis sacrificios e podas que a adaptación operística conlevaría no texto orixinario:

Todo libreto de ópera exige una reducción considerable; una abundosa poda de escenas y parlamentos, como nadie ignora. Por lo mismo *O Mariscal* ‘musicado’ solo pálidamente dejará entrever la obra literaria que Cabanillas y yo hemos concebido y hecho⁵⁰⁶.

O xornal *El Orzán*, o 16 de marzo de 1928, anunciaba nas súas páxinas que Rodríguez Losada tiña a música de *O Mariscal* “casi terminada ya”, indicando ademais que a partitura desta ópera, de tintes wagnerianos, recollía “los cantos de las distintas comarcas de esta región, adaptándolos al dramatismo de la obra del poeta de la raza y del distinguido escritor vivariense”⁵⁰⁷.

Pola súa banda, o 22 de marzo de 1928, o xornal *La Voz de Galicia* aludía por primeira vez á preparación de *O Mariscal*, “otra ópera gallega”, nos seguintes termos:

Tenemos entendido que pronto se terminará y llegará a período de ensayo la nueva ópera que nuestro querido amigo el inspirado

⁵⁰⁵ Cf. “Teatro Gallego. Estreno de *O Mariscal* en el Tamberlick de Vigo”, *Vida Gallega*, Vigo, nº 415, 10.6.1929.

⁵⁰⁶ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Carta abierta. Acerca del teatro gallego”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.227, 13.1.1928.

⁵⁰⁷ Cf. “*O Mariscal*. Una ópera gallega”, *El Orzán*, A Coruña, 16.3.1928.

músico D. Eduardo R. Losada compone sobre el admirable y dramático poema galaico de Cabanillas y Villar Ponte *O Mariscal*.

Claro que el libro de la ópera es un esquema del intenso drama escrito por ambos poetas, pero alguna situación culminante se respeta y el ropaje musical viste y exorna el conjunto con sus ricas galas. Parece -tal dicen los que conocen fragmentos de la partitura- que aun es en ella más lozana, fácil y genial la inspiración del compositor, más personal la factura, más depurada e innovada en la técnica que en *El Monte de las Ánimas*, la otra ópera que tan brillantes éxitos proporcionó no ha mucho al señor Rodríguez Losada.

Serán intérpretes en su día de la obra nueva cuyas primicias disfrutará La Coruña, los mismos poco más o menos que cantaron aquella obra con triunfo tan notorio en Galicia: un breve y meritísimo elenco de notables aficionados, mercedores de alto elogio.

La ópera será montada y puesta en escena, llegado el momento, con la artística propiedad que le cuadra. Ya se ha visto como sabe hacer estas cosas el autor, que además de ser un buen músico es un distinguido arquitecto.

Por donde *O Mariscal* - Pardo de Cela, la víctima sacrificada en la Frouseira - va a subir a escena, con música, antes de que la haya representado una compañía de comediantes o un cuadro de declamación. Por lo menos en Galicia⁵⁰⁸.

O primeiro de maio de 1928, *La Voz de Galicia* indicaba que o maestro Losada estaba xa a ultimar a instrumentación da partitura e que esta había de se estrearse, en principio, en setembro dese mesmo ano. O boletín *A Nosa Terra*, en xuño, informaba que comezaran os ensaios da ópera *O Mariscal* e que a súa estrea se ía verificar finalmente no mes de setembro, cun elenco de cantantes procedente “de varios pobos de Galicia”. O voceiro da Irmandade sinalaba que tanto autores como intérpretes “atópanse grandemente entusiasmados” e vaticinaba, ademais, o éxito dunha obra que, na súa opinión, daría “impulso varudo â nosa música e literatura escénica”⁵⁰⁹. Pola súa vez, a revista do “Centro Gallego” de Montevideo, no número correspondente a xuño de 1928, informaba:

⁵⁰⁸ Cf. “Otra ópera gallega. *O Mariscal*”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, nº 15.038, 22.3.1928.

⁵⁰⁹ Cf. “Arte Galega”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 249, 1.6.1928, p. 13.

O Mariscal.- El notable compositor D. Eduardo R. Losada, autor de varios bellos poemas sinfónicos y de la aplaudida ópera *El monte de las Ánimas*, estrenada con éxito el pasado año, dedica especial atención esta temporada a instrumentar la ya terminada partitura de su nueva ópera, de carácter gallego, *O mariscal*.

Basada esta obra en la hermosa y conocida tragedia de Cabanillas y Villar Ponte, espérase con ansiedad el día de su presentación al público, que será hacia el próximo mes de septiembre, estrenándose en La Coruña⁵¹⁰.

Sería Villar Ponte, nun artigo sen sinatura publicado nas páxinas de *El Pueblo Gallego*, quen aclarase que, se ben a estrea da ópera *O Mariscal* estaba prevista nun principio para o 25 de xullo de 1928, “fué preciso aplazar dicho estreno hasta septiembre por circunstancias especiales”⁵¹¹. É probábel que debaixo desa expresión cautelosa se oculte unha alusión á acción represiva das autoridades da Ditadura, que, non se esqueza, viñan de encadear ao noso autor a comezos dese ano de 1928 por mor do contido de certos artigos críticos cun dos prebostes da Ditadura, Calvo Sotelo. No artigo antecitado, o de Viveiro denunciaba, ademais, a absoluta falta de axuda para o proxecto por parte dos estamentos oficiais:

Sin embargo, los ensayos de tan interesante producción musical, a la que sirve de base la tragedia de Cabanillas y Villar Ponte, ya vienen efectuándose con verdadero entusiasmo por un grupo de aficionados al *bell canto* -que más que aficionados parecen artistas y lo son, sin duda- bajo la inteligente dirección del propio autor de la partitura. El esfuerzo del señor Losada es de los que requieren supremos elogios. Sólo un hombre de su talento, de su voluntad y de su extraordinario amor al arte, sería capaz de acometer un labor ímproba [sic] como la que ahora le ocupa. Aprovechar los ratos que le deja libres el ejercicio de su profesión de arquitecto, para componer una ópera en tres actos y luego preocuparse de la búsqueda y selección de elementos capaces de interpretarla y de dirigir los ensayos de tales elementos, resulta cosa casi incomprensible en un pue-

⁵¹⁰ Cf. “Noticario del Arte Gallego”, *Revista del Centro Gallego*, Montevideo, nº 137, Xuño de 1928, p. 17.

⁵¹¹ Cf. “Tema de interés. El esfuerzo ejemplar de un coruñés”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, ca. primavera de 1928. Recorte no Arquivo da Real Academia Galega, Fondo Villar Ponte, Caixa 150, Sobre 2.

blo como el nuestro donde tantos celos se le rinden a la bagatela y al *dolce far niente* [...] pensamos que si Losada fuese hijo de otro pueblo, no gallego, a estas horas hubiera tenido para poder realizar su artista [sic] tarea con plena satisfacción, no sólo el apoyo moral de todos sus convecinos, sino el económico, también, de los organismos oficiales más obligados a prestarlo⁵¹².

Chegado o mes de setembro de 1928, porén, os preparativos para a posta en escena da ópera continúan e non hai data de estrea fixada. Así dá conta da situación o xornal coruñés *El Noroeste*:

O Mariscal, como se sabe, fué primero un drama; y ahora los mismos autores lo han preparado para ópera. El autor de la música es el arquitecto coruñés señor Rodríguez Losada, cuyas dotes ya son conocidas por haber compuesto la partitura de la leyenda becqueriana *El monte de las ánimas*. Camilo Díaz, el notable escenógrafo, lleva muy adelantados los lienzos para *O Mariscal*, que [sic] según las referencias que tenemos, cabe augurarle un excelente éxito⁵¹³.

En outubro do mesmo ano, o xornal *La Voz de Galicia*, dando novas da futura estrea en Madrid da ópera *A Virxe do Cristal*, de Neira Villaamil e Ricardo F. Carreira, alude á situación da ópera *O Mariscal* nestes termos: “según se dice, subirá a la escena del Rosalía de Castro en el mes de enero [de 1929]”⁵¹⁴.

Entrado o ano 1929, porén, a ópera de Rodríguez Losada, Cabanillas e Villar Ponte continúa sen subir a escena. Talvez teña moito que ver na parálise do proxecto nesta altura o falecemento o día 27 de novembro de 1928 de Micaela Chao Maciñeira, a esposa do noso xornalista. Unha carta a Álvaro Cebreiro datada en Viveiro, a 26 de Decembro de 1928, testemuña a dor, o desamparo e o desacougo vital dun Antón Villar Ponte agora viúvo e con dúas criaturas ao seu coidado:

⁵¹² *Ibidem*.

⁵¹³ Cf. “Galicia en el teatro. Una zarzuela y una ópera gallegas”, *El Noroeste*, A Coruña, nº 13.884, 31.10.1928.

⁵¹⁴ Cf. “Música gallega”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 19.10.1928.

Truncóuseme a vida. Fiquéi na máis fonda das melanconías. Desposeime co'a door para sempre [...] Era feliz d'abondo. Tiña un tesouro dos que poucos homes logran seren donos. Unha muller forte, doce, de craro senso, de rexo carácter que adoraba en min, que o daría todo por min, dina compañeira d'un loitador ou d'un sementador d'ideás. Non me cega a paixón, pero coido que si cada galego e cada español con temperamento de home de loita tivese unha muller com'a miña, o país sería outra cousa. Porque son cáse-que sempre as mulleres na intimidade do fogar quenes tallan as aas dos loitadores. A maoría das claudicacións veñen dos consellos teimados e doces das mulleres no seo da familia. Pro a miña, tí ben o sabes, nunca foi *plomo de cordura burguesa*, sempre foi áa para min. Veume ameazado de morte e lonxe de me apoucar (inda sintindo andarlle a procesión por dentro) dábame azos. Véume no carce, e espermentaba fondo orgulo por elo. Véume á morte e non saíu da beira do meu leito até que non puido mais [...] E no cimiterio está. I-eu na vida, sô, con dous pequeniños. Eu que non sei nada do trafego do fogar; eu inútil para todo o material! Eu que descansaba n'ela! Decátate da miña situación! Somentes dous consolos: un, que nin a Raíña podería morrer millor asistida do que ela. Outro, que da Coruña e de toda Galicia recibín probas d'amistade... [...] Agora serei com'o seu noivo eterno [...] Moito perdín, moito. Pro teño o deber de vivir pra os cativiños⁵¹⁵.

Cabanillas e Villar Ponte están xuntos na Coruña en febreiro de 1929, concretamente nas solemnidades do ingreso de Vicente Risco na Academia Galega, que se celebraron nos salóns da “Reunión de Artesáns” herculina. O de Cambados foi, como é sabido, recipiendario do escritor ourensán nesa ocasión e en honra a ambos tivo lugar no “Kiosco Alfonso”, no mesmo día, unha cea a que concorreu o xornalista viveirés⁵¹⁶. Falarían os autores de *O Mariscal* nesa ocasión sobre os accidentados avatares do proxecto de estrea da súa peza versionada operisticamente? É probábel que sí.

⁵¹⁵ Carta de Antón Villar Ponte a Álvaro Cebreiro, datada en Viveiro a 26 de Decembro de 1928. Citada por TUDELA, M.: *Álvoro Cebreiro. Vida y afanes de un creador*, Ed. do Castro, nº 2, Sada, 1983, pp. 129-131.

⁵¹⁶ Cf. “Un solemne acto académico. Recepción de Vicente Risco en la Real Gallega”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 24.2.1929.

En marzo de 1929, rebatendo nun artigo a idea doutro articulista de que A Coruña fose á zaga doutras cidades no relativo ás artes, nomeadamente ás musicais, Villar Ponte, alén de facer un repaso dos principais fitos da tradición musical herculina, aproveitaba a ocasión para informar aos seus lectores da prosecución dos ensaios da versión operística da obra que el e Cabanillas compuxeran:

Se creó el coro ‘Cántigas da Terra’, que aún perdura, colmado de laureles; se dió vida a otra institución simpática y plausiblemente orientada que se denominaba ‘Saudade’; se arribó a la orquesta de instrumentos de arco de la Filarmónica – el esfuerzo más serio hecho en este sentido en Galicia – cuya muerte todos lamentamos; se intentó la reorganización de “El Eco”, que ahora parece ir por buen camino, para trocarse en Polifónica; se arribó al estreno de una ópera *El monte de las ánimas* del arquitecto Losada, a base de elementos locales, y ahora viene preparándose el estreno de otra ópera, en gallego, del mismo compositor, esperada con gran impaciencia, que se titula *O Mariscal*⁵¹⁷.

Un mes despois, comentando a conveniencia de que as diversas entidades corais e musicais que existían na cidade herculina coordinasen dalgún xeito os seus labores e inquietudes, insistía:

Incluso pensamos que debieran tener cobijo en un mismo domicilio, conjuntamente con otra institución que sería necesario crear: una orquesta local de la que pudieran ser base los valiosos elementos que han integrado un día la Filarmónica coruñesa de feliz memoria y que estos tiempos, precisamente, de modo aleatorio se vienen congregando bajo la batuta del arquitecto y compositor musical Eduardo R. Losada para interpretar su ópera *O Mariscal* que muy en breve va a estrenarse⁵¹⁸.

E cando pareza que por fin o público coruñés poderá presenciar a estrea de *O Mariscal*, o propio Villar Ponte encargárase de

⁵¹⁷ Cf. [VILLAR PONTE, A.]: “Temas de interés. Empresas de cultura musical”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.581, 15.3.1929.

⁵¹⁸ Cf. [VILLAR PONTE, A.]: “Temas de interés. Una empresa que soñamos”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.605, 13.4.1929.

ponderar nun artigo de prensa, publicado en maio de 1929, a importancia do evento na vida cultural da cidade, descualificando ao mesmo tempo a aqueles sectores que previamente á estrea axitaban xa todo tipo de críticas e reparos:

Por lo que hace a la ópera en gallego, la primera de tal género de que haya noticias, cabe un subrayado jubiloso, toda vez que constituirá una notable efemérides en la historia del arte coruñés. No ya la composición de esa ópera que supone la existencia de un técnico musical capaz de grandes empeños, sino el hecho de llevarla a escena con toda propiedad, a base de instrumentistas *amateurs* y de cantantes de afición, en su mayoría, hablan de un serio y meritorio esfuerzo, de veras considerable, que honra más de lo que muchos creen a nuestra ciudad.

La ópera, como se sabe, está inspirada en la leyenda trágica de Ramón Cabanillas y Antonio Villar Ponte que se intitula *O Mariscal*. Su autor es el arquitecto Rodríguez Losada, que antes de ahora ya nos probó con buenos ejemplos su serio dominio del difícil arte del pentágono.

Nada tiene de extraño, pues, que la fecha del estreno se espere con gran expectación por muchos; tanto por los que desean ver triunfantes los valores artísticos de casa, o sea los patriotas y los hombres dueños del sentimiento fecundo de la propia estimación, como por los que verdaderos antropófagos de la espiritualidad, gozan con goce morboso en arrancar túrdigas de la piel del vecino cuando el vecino hace algo que se sale de lo vulgar y que ellos se sienten ya no incapaces de hacer, sino de comprender⁵¹⁹.

5.2. CENSURA NA ESTREA CORUÑESA?

A mediados de maio de 1929 anúnciase en varios xornais que a estrea da ópera *O Mariscal* ía ter por fin lugar no Teatro “Rosalía de Castro” da Coruña o luns, día 27 de maio de 1929, ás sete da tarde. Tratábase, como ponderaba o xornal *El Noroeste*, dun “admirable esfuerzo artístico que acaso no tenga precedentes en cuantos de carácter lírico se llevan hasta ahora realizado en

⁵¹⁹ Cf. [VILLAR PONTE, A.]: “Temas de interés. Fiestas de arte y cultura”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.629, 12.5.1929.

Galicia”⁵²⁰. Outras publicacións destacaban o novidoso e arriscado do empeño en que embarcaran autores e compositor:

Novedad es llevar a escena una ópera con el libreto escrito en versos gallegos. Empeño serio componer tres actos y un prólogo con música original, moderna, llena de verdaderas dificultades técnicas que no asfixian en ningún momento el espontaneismo de la inspiración. Y dificultad no pequeña vestir la obra, una obra de época cuya fábula se desarrolla en el siglo XV, con toda propiedad (de la sastrería se encargó una casa de Valencia), dándole a la *miss en scene* todo el carácter que debe tener [...] Pero este esfuerzo merece el calificativo de heróico si pensamos que los encargados de cantar y declamar la obra son *amateurs* y la mayoría de los integrantes de la orquesta que interpreta la partitura también⁵²¹.

Nesa altura, o xornal *El Noroeste*, despois de dar pormenores sobre os traxes de época confeccionados para a ocasión por unha casa valenciana e sobre os seis decorados pintados por Camilo Díaz Baliño, alentaba a representación de *O Mariscal* aludindo a ela como un “gran alarde artístico hecho por aficionados que merece, sin duda, el aplauso de cuantos desean el progreso musical de Galicia”⁵²². O 25 de maio, o mesmo xornal informaba que “se ultiman los preparativos para el estreno”, advertindo do despacho anticipado de localidades nos locais da Filharmónica coruñesa, en horario matutino desde as once ás trece horas, e vespertino desde as dezaseis ás dezanove horas, e ponderando o coidado e propiedade de decorados, vestiario e posta en escena, pois evocaban “de la manera más rigurosa posible el ambiente gallego del siglo XV”⁵²³.

Aínda na propia véspera (26 de maio, domingo) da estrea prevista, varios xornais herculinos apuraban as derradeiras informa-

⁵²⁰ Cf. “En el Rosalía Castro. Próximo estreno de la ópera *O Mariscal*”, *El Noroeste*, A Coruña, 22.5.1929.

⁵²¹ Cf. “Un próximo acontecimiento artístico. El estreno de la ópera *O Mariscal*”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.631, 15.5.1929. Reproducido en *Revista del Centro Gallego*, Montevideo, nº 148, maio de 1929, pp. 29-30.

⁵²² Cf. “En el Rosalía Castro. Próximo estreno de la ópera *O Mariscal*”, *El Noroeste*, A Coruña, 22.5.1929.

⁵²³ Cf. “Arte Gallego. El estreno de la ópera *O Mariscal*”, *El Noroeste*, A Coruña, nº 14.078, 25.5.1929.

cións sobre a mesma. Así *El Noroeste*, alén de agradecer aos autores o envío dun exemplar da obra, reiteraba as excelencias da ópera, animaba ao público a asistir á estrea e daba conta da relación de principais intérpretes. Pola súa vez, *La Voz de Galicia*, ademais dalgúns deses mesmos datos, ofrecía outros como o prezo das localidades (2 ptas. a máis barata; 10 ptas. a máis cara), a composición da orquestra (socios da Filharmónica coruñesa axudados por algúns músicos profesionais) e o reparto completo de papeis.

O elenco de actores e actrices amadores chamados a pór en escena *O Mariscal* estaba formado por Enriqueta Brandón (“A Raza”, “Xoana”, “Froilán”); Honoria Goicoa (“Elvira de Muras”, “Mariscal”); Julia Catoira (“Lazarilla”); Juan Estrada (“Mariscal”); Arcadio Malvís (“Miranda”, “D. Lope”, “Coengo 2º”); Francisco R. Iglesias (“Don Pedro, fillo do Mariscal”); Jesús Arias (“Bolaño”, “Mudarra”); Venancio Deus (“Cego”, “Alfonso Yáñez”, “Pedro Valadouro”, “Frei Rosende”, “Coengo 1º”); José Álvarez (“Goriño”); Fernando Navarrete (“Soldado castelán”, “Amaro”); e o neno Eduardito Losada (“lazariño de Amaro”), fillo do autor da partitura.

O citado xornal resumía, ademais, a propia índole da obra cualificándoa de

adecuado extracto del intenso e histórico drama regional del mismo título de que son autores el gran poeta gallego Ramón Cabanillas y nuestro distinguido compañero el notable escritor Antonio Villar Ponte [...] Consta la considerable y destacada obra de un prólogo y tres actos, divididos en cuatro cuadros, de positivo interés, carácter evocador y gran fuerza dramática⁵²⁴.

Segundo lemos no xornal *El Orzán*, a estrea de *O Mariscal* na Coruña non puido finalmente realizarse “por no estar el Teatro Rosalía Castro en condiciones legales para la celebración de esta clase de espectáculos”⁵²⁵. Parecida versión ofrece o diario arousán

⁵²⁴ Cf. “Un suceso artístico. El estreno de *O Mariscal*”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, nº 15.322, 26.5.1929.

⁵²⁵ Cf. *El Orzán*, A Coruña, nº 3.437, 27.6.1929.

Galicia Nueva, para o que a suspensión da estrea coruñesa se produciu “a causa de dificultades que presentaba el teatro Rosalía”⁵²⁶.

Tato Fontaiña, porén, ten atribuído esta suspensión á acción censorial das autoridades da Ditadura na Coruña (“Junta de Espectáculos” e Gobernador Civil) baixo o pretexto formal das condicións de seguridade do local. Isto axudaría a entender, na súa opinión, a nula presenza de explicacións sobre o particular, nos días seguintes, na prensa e a moi significativa ausencia de autoridades nas representacións da ópera que tiveron lugar días despois en Vigo e Pontevedra⁵²⁷.

Con todo, a versión dunha testemuña de época, Ánxel Casal, sobre a suspensión da estrea é outra. Con efecto, en carta ao entón presidente do “Seminario de Estudos Galegos”, Salvador Cabeza de León, datada na Coruña a 3 de xuño de 1929, o promotor da editora “Nós” explica:

O do *O Mariscal* non foi cousa de censura; debeuse â pouca seriedade do gobernador e da xunta d’espectáculos que andiveron dando voltas deica â derradeira hora en que saíron con que o teatro non reunía condicións, mais agora parece que modificaron o informe i-é doado que o poñan axiña⁵²⁸.

Desde logo, a censura de espectáculos teatrais por parte das autoridades gubernativas, ben directamente, ben por indicación de determinados sectores sociais de ideoloxía reaccionaria, era moeda corrente durante o período ditatorial na cidade herculina.

Segundo informa o diario *El Orzán*, Antón Villar Ponte valeuse da súa condición de presentador durante un acto da “Universidad Popular” celebrado o día 10 de febreiro de 1928, con-

⁵²⁶ Cf. “*O Mariscal*”, *Galicia Nueva*, Vilagarcía de Arousa, nº 7.768, 30.5.1929.

⁵²⁷ Vide TATO FONTAÍÑA, L.: *Teatro galego, op. cit.*, pp. 111-113, e mais *Historia do teatro galego, op. cit.*, p. 129.

⁵²⁸ Cf. DOBARRO PAZ, X. M^a. & VÁZQUEZ SOUZA, E.: *Ánxel Casal (1895-1936). Textos e documentos*, Edicións do Castro, Col. “Documentos para a historia contemporánea de Galicia”, nº 168, Sada, 2003, p. 215.

cretamente unha conferencia do escritor de orixe cubana Ricardo Baeza (1890-1956) sobre “Clasicismo y Romanticismo”, para denunciar un episodio desa natureza e xostregar “acertadamente a quienes se atrevieron a ostentar la representación del público de La Coruña ante la empresa del Rosalía, para que no subiese a escena una obra tan interesante como *La máscara y el rostro*, de Luigi Chiarelli”⁵²⁹.

Talvez axuda, igualmente, a corroborar a explicación “censorial” sobre a suspensión da estrea coruñesa da ópera *O Mariscal* o feito de que a finais de maio de 1929 as autoridades gubernativas tamén prohibisen a celebración dun acto promovido pola “Universidad Popular”⁵³⁰, de que Antón Villar Ponte era destacadísimo impulsor e directivo⁵³¹. A citada prohibición resultou finalmente o detonante da desaparición efectiva da entidade, lamentada de inmediato polo viveirés nas páxinas do diario vigués *El Pueblo Gallego*⁵³².

Ora ben, non cabe dúbida de que a oferta de espectáculos teatrais na cidade herculina no período ditatorial non era, desde logo, nin tan abundante nin tan frecuente como para que a suspensión da función en que *O Mariscal* había de se presentar en público non fose tomada como un auténtico “escándalo” de non mediar xustificacións ou causas que resultasen medianamente críbeis para o público expectante. Repárese en que o xornal *El Orzán*, por exemplo, pro-

⁵²⁹ Cf. *El Orzán*, A Coruña, nº 3.009, 11.2.1928. O italiano Luigi Chiarelli (1884-1947) era un dos máximos representantes do denominado *teatro grotesco*, con pezas como *La maschera e il volto* (1916), en que tentaba pór de manifesto as contradicións na vida das persoas e na sociedades entre as aparencias convencionais e a realidade dos sentimentos.

⁵³⁰ Acto anunciado como de grande importancia por Antón Villar Ponte no seu artigo “Temas de interés. Fiestas de arte y cultura”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.629, 12.5.1929.

⁵³¹ A idea de crear na Coruña unha entidade dese xorne fora lanzada polo noso xornalista desde as páxinas do diario vigués *El Pueblo Gallego* xa en agosto de 1926. Nun artigo evocador das actividades da primeira “Universidad Popular” que tivera A Coruña (que funcionara cando menos desde setembro de 1906 até 1915, impulsada por Santiago Casares Quiroga, Abad Conde, Ángel Senra e outros), Villar Ponte concluíu: “Creemos que constituye una verdadera necesidad para La Coruña la organización de una nueva Universidad Popular” (Cf. VILLAR PONTE, A.: “Temas de interés. Una institución que necesitamos”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 794, 20.8.1926).

⁵³² Cf. [VILLAR PONTE, A.]: “Temas de interés. ¿Cuándo despertaremos?”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.693, 26.7.1929.

testaba en xuño de 1929 porque “un año hace ya que no pasa por La Coruña una compañía de verso, ni de zarzuela, ni de ópera, ni de nada”⁵³³.

A xustificación achegada polas autoridades no momento de suspender a estrea coruñesa de *O Mariscal* foi a situación de inhabilitación do “Rosalía” para espectáculos teatrais, por mor do seu deficiente estado e pola carencia de determinadas adaptacións e requisitos que garantisen a plena seguranza dos espectadores en caso de incendio e similares. E o certo é que podemos mencionar algúns parágrafos de artigos do propio Antón Villar Ponte que fan referencia a esa deficiente situación física do Teatro “Rosalía de Castro” coruñés na época en cuestión.

Así, en novembro de 1927, Villar Ponte salientaba en *El Pueblo Gallego* a perentoria necesidade de que A Coruña dispuxese dun novo e grande teatro, “más que en sentido de lujo en sentido de capacidad”, pois só así se abaratarían as entradas ata se faceren “asequibles a la mayoría de los coruñeses” e só así tamén podería haber unha programación continua e estábel na cidade, tanto de cinema como de teatro⁵³⁴. Insistiría na mesma cuestión en febreiro de 1928, cando a Deputación provincial coruñesa planeaba comprarlle ao Concello a súa parte de co-propietario do “Teatro Rosalía” para proceder, deseguido, a ampliar as dependencias do seu pazo a conta do coliseo. Perante a presentación dese proxecto, Villar Ponte manifestaba:

Nosotros varias veces hemos hablado de la necesidad que siente La Coruña de un coliseo de grandes dimensiones. Y hoy repetimos lo mismo. Pero ello no es óbice para que digamos que, haya los teatros que quiera, el ‘Rosalía’ debe conservarse porque resulta sencillamente una joya en su género. Con unas ligeras reformas, habida cuenta de las insuperables condiciones acústicas que posee, merece que se le respete como un monumento. Además de un teatro

⁵³³ Cf. *El Orzán*, A Coruña, nº 3.426, 14.6.1929.

⁵³⁴ Cf. [VILLAR PONTE, A.]: “Temas de interés. Negocio para quien sea, y beneficio para La Coruña”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1189, 27.11.1927.

grande, donde puedan tener defensa las costosas compañías de zarzuela y ópera y las grandes masas corales sin perjuicio mayor del bolsillo del público, hace falta un teatro reducido para dramas y comedias, que reducidos son, por razones fácilmente comprensibles, todos los coliseos de este género que hay por Europa adelante. Y cuanto más progrese el arte escénico, ambientes más íntimos habrá de necesitar. De suerte que el “Rosalía’ desde este punto de vista cae, aunque algunos no lo crean, dentro de las exigencias del futurismo⁵³⁵.

En novembro de 1928, comentando con certo pesar o feito de que non tivese habido ese ano por Defuntos ningunha representación na Coruña do célebre *Don Juan* de Zorrilla, como era costume inveterado, Villar Ponte explicaba:

La causa de que tal hecho ocurriera no obedeció a las prédicas de Marañón, Pittaluga y tantos otros contra el gallardo calavera sevillano. A pesar de lo que digan de Don Juan y del donjuanismo esos doctores eminentes, el pueblo español - y el coruñés, por ende - sigue afecto a la ya vieja costumbre de que, coincidiendo con la Fiesta de Difuntos, con los buñuelos de viento y los huesos de santo, es preciso ver representar el famoso drama de Zorrilla.

Si este año quebró la tradición, culpa fué de la cola que trajo consigo el incendio del Novedades de Madrid. Nuestro teatro Rosalía - que tiene a su frente un empresario tan simpático como Gumersindo Pereira - tuvo que rescindir el contrato con varias compañías a causa de verse precisado a realizar obras para seguridad del público en trance de siniestro. Por eso no hay en La Coruña actualmente ninguna troupe dramática y por eso nos quedamos sin Tenorio este año⁵³⁶.

Pola mesma época, despois de manifestar unha sá envexa perante as representacións de teatro que a prestixiosa compañía de Margarita Xirgú estaba a ofrecer en Vigo, Villar Ponte exclama:

⁵³⁵ Cf. [VILLAR PONTE, A.]: “Temas de interés. Necesitamos un teatro grande y un buen teatro pequeño”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.528, 28.2.1928.

⁵³⁶ Cf. [VILLAR PONTE, A.]: “Temas frívolos. Cómo podemos rejuvenecer a Don Juan”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.471, 7.11.1928.

Y en La Coruña, ¿cuándo podremos disfrutar de estos espectáculos de verdadero arte? Por las trazas - y si Dios no lo remedia - allá en época en que la rana críe pelo. El Teatro Rosalía tardará mucho, al parecer, en hallarse en condiciones de poder dar representaciones teatrales. El Teatro Linares ya sabemos que no puede darlas mientras no se decida a hacer reformas serias, que acaso no hará nunca, pensando que con el cine se defiende mejor que con compañías de drama, comedia o zarzuela. Estamos, pues, ante una desoladora perspectiva que rebaja considerablemente los atractivos de que siempre disfrutó nuestra urbe⁵³⁷.

Na mesma liña, quéixase o noso xornalista noutra ocasión:

Porque el tiempo pasa y cuantas compañías de zarzuela y drama llegan a Galicia se encuentran con ancho campo para actuar en otras urbes, Vigo entre ellas, mientras tropiezan con el paso cerrado para La Coruña. Hace ya muchos meses que aquí no disfrutamos de otro espectáculo teatral que el del cine. Y así no podemos recrearnos con las más modernas producciones líricas y dramáticas que en otros pueblos de Galicia van dándose a conocer [...] Deber del Ayuntamiento, por lo mismo, es pensar en la realización inmediata, urgente, de las obras que se precisa acometer en el Rosalía para que así los coruñeses y forasteros estén en condiciones de poder disfrutar de espectáculos teatrales [...] Lo contrario implicaría el colmo del abandono y la negligencia⁵³⁸.

Como queira que se calculou que as obras de reforma necesarias no “Rosalía” custarían arredor das 400.000 pesetas, Villar Ponte chegaría a defender que con ese diñeiro se constrúise na Coruña outro coliseo máis grande⁵³⁹. Algún tempo despois, aínda considerando que demorara de máis, o noso xornalista saudaría a resolución da Comisión mixta administrativa do “Teatro Rosalía” de propor

⁵³⁷ Cf. [VILLAR PONTE, A.]: “Temas de interés. Problemas de difícil solución”, *El Pueblo Gallego*, Vigo. Recorte sen datar no Arquivo da Real Academia Galega, Fondo Villar Ponte, Caixa 150, Sobre 2.

⁵³⁸ Cf. [VILLAR PONTE, A.]: “Temas de interés. De teatro y otras cosas”, *El Pueblo Gallego*, Vigo. Recorte sen datar no Arquivo da Real Academia Galega, Fondo Villar Ponte, Caixa 150, Sobre 2.

⁵³⁹ Cf. [VILLAR PONTE, A.]: “Temas de interés. Sobre teatros”, *El Pueblo Gallego*, Vigo. Recorte sen datar no Arquivo da Real Academia Galega, Fondo Villar Ponte, Caixa 147, Sobre 4.

por unanimidade á Corporación municipal herculina que se lle adxudicase a Gumersinso Pereira o arrendamento e explotación do coliseo polo prazo de dez anos mediante a cantidade de 23.000 pesetas anuais e coa obriga de executar as obras de reforma necesarias, por un importe de 264.333 pesetas⁵⁴⁰.

E a comezos de 1929, semanas antes da prevista estrea de *O Mariscal*, protestaba:

Hasta el 31 de mayo, como sabéis, se prorrogó el plazo para arreglo de los teatros que no estén en las debidas condiciones de seguridad contra toda clase de accidentes que exige una Real orden publicada a últimos del año 1928. Lo que quiere decir que, hasta la fecha, funcionaron y aún seguirán funcionando muchos coliseos donde la ley de espectáculos no podría aplicarse a rajatabla. Con lo cual resulta que coruñeses y santiagueses sufrimos las consecuencias de no habernos acogido a un régimen previsorio [sic] de tolerancia que supieron aprovechar muy bien otros pueblos.

Y esto hay que lamentarlo porque nos obligó a pasar todo un invierno condenados sólo a la visión de películas cinematográficas [...].

La culpa de que esto haya acontecido fué, principalmente, de los señores munícipes que sabiéndose administradores indirectos del mejor teatro coruñés no acertaron a realizar las gestiones precisas para que éste pudiera seguir funcionando con la misma libertad con que lo han hecho la mayoría de los de España, no mejor dotados de los servicios requeridos en caso de incendio o de falsa alarma que el municipal del Riego de Agua⁵⁴¹.

O feito de que a estrea coruñesa de *O Mariscal* se producise finalmente no Teatro “Linares Rivas”, e non no “Rosalía de Castro”, parece indicar que non se solventaron os problemas aducidos para desautorizar a representación da peza no segundo dos coliseos citados, mais ao mesmo tempo bota dalgunha maneira por terra a cau-

⁵⁴⁰ Cf. [VILLAR PONTE, A.]: “Temas locales. Una solución que pudo anticiparse”, *El Pueblo Gallego*, Vigo. Recorte sen datar en Arquivo da Real Academia Galega, Fondo Villar Ponte, Caixa 150, Sobre 2.

⁵⁴¹ Cf. [VILLAR PONTE, A.]: “Temas de interés. Lamentable caso de negligencia”, *El Pueblo Gallego*, Vigo. Recorte sen datar en Arquivo da Real Academia Galega, Fondo Villar Ponte, Caixa 150, Sobre 2.

salidade censorial á que se referiu a profesora Tato Fontaíña. Con efecto, se o que trataban as autoridades coruñesas da época era impedir que a obra de Cabanillas e Villar Ponte chegase ao público, que sentido ou eficacia tiña suspendela nun teatro e autorizala semanas máis tarde noutro da mesma cidade? O propio Villar Ponte explica días despois do evento:

¿ Llegará el otoño y vendrá el invierno sin que La Coruña tenga ni un sólo teatro disponible para otra clase de espectáculos que los de cine ? ¿ En el próximo año ocurrirá lo mismo que en el pasado, o algo peor todavía, puesto que hasta hace poco aun podían darse representaciones teatrales en el Linares Rivas y ahora ya ni esto resulta viable ?

La Coruña tiene, entre otros muchos problemas de diversa índole, sin resolver este de la construcción de un moderno y amplio teatro [...]

No creemos que el capital que se invirtiera en esa empresa dejase de producir un interés respetable, muy superior, sin duda, al que proporcionaría cualquier edificio para viviendas. Sin embargo, no hay ningún coruñés adinerado que, hasta la fecha, haya tenido la decisión de acometer semejante obra. Se trata de un negocio seguro y nadie se atreve a realizarlo. Acaso porque la rutina pesa mucho en el ambiente. En cambio ha habido el propósito de gastar una respetable porción de miles de duros en el arreglo y reforma del “Rosálía Castro”. Cosa que a la postre no solucionaría grandemente el problema de contar con un teatro moderno, dígame lo que se quiera⁵⁴².

Así pois, a teor destes fragmentos articulísticos villar-pontinos e do fiábel testemuño de Ánxel Casal, parece verosímil atribuír a suspensión da estrea coruñesa de *O Mariscal* á indisponibilidade, por causas legais relacionadas coa súa seguranza, do teatro “Rosálía de Castro”. Cuestión á parte é admitir que a situación física do coliseo fose unha perfecta coartada para que se producise a inexistencia de espectáculos teatrais na cidade ou sospeitar que a desidia das autoridades municipais herculinas ao respecto tivese intencionalida-

⁵⁴² Cf. [VILLAR PONTE, A.]: “Temas de interés. Una urbe sin teatros”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.687, 19.7.1929.

de... O certo é que na véspera da estrea da obra no “Linares Rivas”, o rotativo *El Orzán* explicaba:

Al fin va a ser posible que los coruñeses conozcamos *O Mariscal*, la ópera en tres actos de Antonio Villar Ponte y Eduardo Rodríguez Losada, que hubo de estrenarse en Vigo por no estar el Teatro Rosalía Castro en condiciones legales para la celebración de esta clase de espectáculos.

Los insistentes requerimientos del público para que la obra se cantase en la Coruña, movieron a los autores a no demorar el estreno hasta que en el ‘Rosalía’ se ejecuten las obras que es necesario llevar a cabo y *O Mariscal* será puesto en escena mañana viernes, a las ocho menos cuarto en el Teatro Linares Rivas⁵⁴³.

Finalmente, non consideramos exacto afirmar que as autoridades estiveron ausentes da representación de *O Mariscal*, actitude que podería ser indicativa, efectivamente, de desapego, desinterese e mesmo hostilidade por parte de aquelas a respecto da obra. No caso de Vigo, semella máis ben ao contrario, pois o xornal *El Pueblo Gallego* na véspera da estrea indicaba que “al estreno en nuestra ciudad serán invitados el gobernador civil de la provincia, el presidente de la Diputación, alcalde de Vigo y otras personalidades”⁵⁴⁴, e na crónica do día seguinte relataba que o alcalde vigués Pérez Viondi

tuvo la gentileza de enviar el coche oficial de la Alcaldía para recoger en el Hotel Palace, donde se hospedaban, a las tres señoritas que encarnaban los papeles femeninos de la obra, llevándolas hasta el Tamberlick donde volvió a recogerlas al terminar la función. Después de terminada ésta, la banda municipal obsequió con una serenata frente al Palace a los autores e intérpretes de la obra⁵⁴⁵.

E polo que di á estrea da ópera de Rodríguez Losada en Ferrol, o diario *El Pueblo Gallego* sinalou que constituíra todo un

⁵⁴³ Cf. “Una grata noticia. Estreno de *O Mariscal*”, *El Orzán*, A Coruña, nº 3.437, 27.6.1929.

⁵⁴⁴ Cf. “Del estreno en Vigo de la ópera *O Mariscal*”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.644, 30.5.1929.

⁵⁴⁵ Cf. “El acontecimiento gallego de ayer. El estreno de *O Mariscal* en Vigo señaló una fecha en el arte lírico regional”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.646, 1.6.1929.

éxito, que agradara sobremaneira ao público e que o teatro estivera ateigado, subliñémolo, “asistiendo las autoridades civiles y militares”, así como “las más distinguidas familias de la población” e mesmo “los alumnos de la Escuela Superior de Guerra”⁵⁴⁶.

5.3. ESTREA EN VIGO DA ÓPERA *O MARISCAL*

Como é sabido, a ópera *O Mariscal* acabou estrenándose finalmente en Vigo catro días despois da súa frustrada presentación pública coruñesa. Concretamente, foi ás 19.30 h. do día 31 de maio de 1929, venres, no “Teatro Tamberlick”, en función única⁵⁴⁷. Os decorados foron obra de Camilo Díaz Baliño: no Primeiro Acto, unha paisaxe do Valadouro, co castelo da Frouseira ao Fondo, iluminada polo albor; no Segundo, a Sala-Cociña do pazo de Castrodouro; no Terceiro, finalmente, o interior da prisión, cunha ampla xanela desde a que se ve o ceo estrelado e, no seguinte Cadro, unha vista ao lonxe de Mondoñedo, presidida polas torres e o rosetón da catedral. A posta en escena argallouna José Álvarez e a interpretación musical correu por conta da orquestra da “Sociedad Filarmónica” coruñesa⁵⁴⁸, composta para a ocasión por “más de 50 profesores”⁵⁴⁹ e reforzada “por profesionales de Santiago y Pontevedra”⁵⁵⁰.

Só Villar Ponte e Rodríguez Losada acudiron á estrea viguesa da súa obra. Cabanillas non puido facelo dado que estaba en Madrid para ler o seu discurso de ingreso como representante do

⁵⁴⁶Cf. “Ferrol al día. El estreno de *O Mariscal*”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.661, 19.6.1929.

⁵⁴⁷Cf. “En el Tamberlick. La ópera *O Mariscal*”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.645, 31.5.1929. O propio diario vigués citado aclarou que “la representación será única, pues hay compromisos apremiantes de Pontevedra, Orense y Lugo, poblaciones a donde se llevará la obra inmediatamente” (Cf. “Del estreno en Vigo de la ópera *O Mariscal*”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.644, 30.5.1929).

⁵⁴⁸Esta entidade, fundada na cidade herculina en 1904, estivo dirixida entre outros por José Doncel, Fernando Martínez Morás (quen conseguiu en xullo de 1928 reorganizar no seu seo unha orquestra) e, precisamente, o compositor de *O Mariscal*, Eduardo Rodríguez Losada, quen exercería como máximo responsábel da sociedade até 1932.

⁵⁴⁹Cf. “El acontecimiento gallego de ayer. El estreno de *O Mariscal* en Vigo señaló una fecha en el arte lírico regional”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.646, 1.6.1929.

⁵⁵⁰Cf. “Del estreno en Vigo de la ópera *O Mariscal*”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.644, 30.5.1929.

noso idioma na “Real Academia Española de la Lengua”, intitulado “Un somero recuerdo de la vida y obra de Eduardo Pondal”, co Marqués de Figueroa como recipiendario⁵⁵¹. Que Cabanillas tiña pensado, non obstante, asistir á estrea prevista para o 27 de maio na Coruña, finalmente frustrada, dedúcese destas palabras de Villar Ponte:

Porque para que nada falte, a fin de asistir al estreno de *O Mariscal*, el gran poeta Ramón Cabanillas estará entre nosotros unos días, marchando luego a Madrid con objeto de hacer su ingreso solemne en la Real Academia Española⁵⁵².

Diversas crónicas xornalísticas fálanos dun notábel éxito nesta primeira representación da ópera *O Mariscal*, se ben deixan entrever que o “Tamberlick” non chegou a encherse, seguramente por mor “del escaso anuncio hecho”⁵⁵³ e pola premura con que os promotores da ópera tiveron que substituír a cidade herculina pola olívica como sede da estrea. O repórter Emilio Canda (fillo) reproducía na súa crónica para a revista *Vida Gallega* da estrea de *O Mariscal* o seguinte diálogo:

La orquesta ha comenzado ya. Todo está en silencio. Un aldeano, después de observar la sala por el agujero del telón, se acerca:

- ¡Qué poca gente!

- Pero es muy selecta- apunta Villar Ponte.

⁵⁵¹ Cf. “Gallegos ilustres. Recepción de Cabanillas en la Real Academia Española”, *El Noroeste*, A Coruña, nº 14.080, 28.5.1929 e mais “Galicia en la Academia Española. La recepción de Cabanillas”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, nº 15.323, 28.5.1929. Un dos cronistas do acto, Alfredo García Ramos, lamentaría nesta ocasión: “¡Qué lástima que a quien, como Cabanillas, conoce los resortes íntimos del idioma gallego, llevándolo desde los quinteiros, las corredeiras y las rúas al solio de las musas, no le sea permitido escribir su discurso en la lengua vernácula!” (Cf. GARCÍA RAMOS, A.: “Galicia en Madrid. Cabanillas en la Academia Española”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 29.5.1929).

⁵⁵² Cf. [VILLAR PONTE, A.]: “Temas de interés. Fiestas de arte y cultura”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.629, 12.5.1929.

⁵⁵³ Cf. “El estreno de *O Mariscal*”, *Progreso*, Pontevedra, 2.6.1929.

Da precipitación e da ampla marxe de improvisación que rodearon a estrea viguesa da ópera *O Mariscal* dá proba o feito de que o diario vigués *El Pueblo Gallego* só puidese confirmar o local e o horario para a mesma no exemplar do día xoves 30 de maio, isto é, na propia véspera do evento (Cf. “Del estreno en Vigo de la ópera *O Mariscal*”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.644, 30.5.1929). Nesta perspectiva, non resulta raro que no mesmo día do evento o mentado rotativo olívico, do que Antón Villar Ponte era colaborador habitual, conminase: “Lector: vaya usted hoy al Tamberlick. ¡No falte!”.

- Es temprano todavía –añade un tercero-; - no ha cerrado aún el comercio⁵⁵⁴.

Villar Ponte viviu con especial nerviosismo a velada, a vulgar pola mentada crónica:

Cuando tornamos al escenario descubrimos la figura alta, seca, desaliñada de Villar Ponte [...] [que] se ha puesto y quitado el sombrero una infinidad de veces. Y pasado de una mano a otra igual infinidad de veces. Por fin se acerca a unas maderas apoyadas de pié a una pared, y lo deja sobre ellas. Decididamente le estorbaba. Ponte respira satisfecho como si acabara de desprenderse de un enorme peso⁵⁵⁵.

Ao finalizar a interpretación, o xornalista de Viveiro resistiuse canto puido, quer por timidez, quer por modestia, a saír ao escenario para recibir o aplauso do público:

El telón empieza a caer poco a poco. La sala aplaude en una cerrada y ensordecedora explosión.

Se oyen voces de *el autor, el autor*, reclamando la presencia de Villar Ponte en escena.

- Antonio, a escena,- le advierte el simpático y cultísimo Presidente de la Asociación de la Prensa de La Coruña.

- No, no - rehuye Villar Ponte.

Todo el mundo se acerca al afortunado coautor.

- ¡Pero no oye usted que lo están llamando!

- ¡Bah! -aún resiste don Antonio.

- No sea usted así, a escena.

Y como Villar Ponte se negase otra vez rotundamente, entre todos lo cogen y lo arrastran. El autor forcejea, mas de nada le vale. Tropezando en los barrotes de los decorados, consiguen llevarlo a escena... Parece que en vez de ir a recoger el halagador homenaje del público, Villar Ponte creyó que pretendían arrojarlo a una caldera de aceite hirviendo [...]

⁵⁵⁴ Cf. "Teatro Gallego. Estreno de *O Mariscal* en el Tamberlick de Vigo", *Vida Gallega*, Vigo, nº 415, 10.6.1929.

⁵⁵⁵ *Ibidem*.

Villar Ponte se dá cuenta de su error, al verse en tan amable y grata compañía que le obsequia con aplausos y con flores, y ya sonrío feliz, inclinándose hasta romperse el espinazo tal que en los tiempos versallescos.

Cargado también con su ramo de flores sube al palco escénico Losada, el inspirado músico, autor feliz de la partitura. Y autores y actores rivalizan desde el proscenio luminoso, en inclinaciones y reverencias, en un noble pugilato de agradecimiento⁵⁵⁶.

O comentarista da estrea no boletín *Nós*, probabelmente Ramón Otero Pedraio, aludiría da seguinte maneira ao quión que correspondía no éxito da versión operística a cada un dos seus autores: “O poeta traballouna en versos de flama, de metal e de sangue; Vilar díulle o ritmo escénico preciso pra faguela sentir pol-o púbrico d’hoxe e de mañán. Losada, a fondura e a perspectiva orquestal; Camilo, a plástica das paisaxes e dos interiores”⁵⁵⁷.

Segundo o diario coruñés *El Noroeste*, a ópera *O Mariscal*

obtuvo un franco y ruidoso éxito. En especial el primero y tercer acto, fueron acogidos con verdaderas salvas de aplausos, haciéndose sinceros elogios lo mismo de la bellísima partitura del señor Losada, que del libreto.

La interpretación excelente.

Asistió bastante concurrencia, que tributó a autores e intérpretes calurosas ovaciones, en las cuales hizo partícipe al inspirado escenógrafo señor Díaz Baliño⁵⁵⁸.

Pola súa banda, *La Voz de Galicia*, na crónica telefónica do seu correspondente C., aseveraba:

⁵⁵⁶ *Ibidem*. Pola súa banda, o cronista do xornal olívico *El Pueblo Gallego* informaba os seus lectores de que Antón Villar Ponte e Eduardo Rodríguez Losada “tuvieron que salir al escenario a la terminación de todos los actos y fueron ovacionados al final de una manera estruendosa, levantándose el telón repetidas veces” (Cf. “El acontecimiento gallego de ayer. El estreno de *O Mariscal* en Vigo señaló una fecha en el arte lírico regional”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.646, 1.6.1929).

⁵⁵⁷ Cf. “O estreno de *O Mariscal*”, *Nós*, Ourense, nº 66, 15.6.1929.

⁵⁵⁸ Cf. “Un éxito teatral. Estreno de *O Mariscal* en Vigo”, *El Noroeste*, A Coruña, 1.6.1929.

Durante todo el día de hoy se ha seguido hablando mucho del gran éxito alcanzado ayer en el Teatro Tamberlick con la presentación de la ópera gallega *O Mariscal* [...]

La impresión que ha quedado en cuantos asistieron al estreno es de que [sic] se ha avanzado un gran paso en el campo de la música escénica gallega y que este primer drama lírico que surge en nuestra región perdurará como idea bien lograda vestida con el ropaje de una brillante y sabia instrumentación [...].

Y, en conjunto, debe afirmarse que el triunfo de presentar una obra sería como *O Mariscal*, con todas las características de una ópera de enjundia y sabor galaicos, es empresa digna del más alto aprecio y del más caluroso estímulo⁵⁵⁹.

Ao dicir do comentarista do citado diario coruñés, o compositor Losada, entre outros acertos, soubera estilizar e sutilizar moi ben varios motivos musicais folclóricos galegos, resolvendo cada lance sen efectismos. O seu mérito acrecentábase por non ter podido botar man do tópico recurso aos coros, ausentes na obra.

Por outra banda, un dos instantes da peza que maior entusiasmo espertou entre o público, sempre segundo o cronista de *La Voz de Galicia*, foi o dúo “Amaro-Elvira” (o barítono Fernández Navarrete e a soprano Honoria Goicoa), no primeiro acto: “la ovación fué estruendosa y unánime”. Do segundo acto salientaba o dúo “Elvira-Valadouro” (Goicoa e Venancio Deus), en forma de tenzón, mais criticaba a talvez excesiva duración do recitado clásico que precedía á entrada do mendicante disfrazado que prepara a traizón... Canto ao terceiro e derradeiro acto, o comentarista de *La Voz de Galicia* sinalaba:

El acto de mayor intensidad dramática es el tercero, y también aquél en que la orquestación acusa compenetración evidente del autor con los procedimientos wagnerianos, aunque en alguna frase se recuerde la influencia de la escuela debussysta. Toda la partitura de ese acto es bellísima, desde los compases con que se inicia la escena en la cárcel -quizás un tanto dilatada- y el tema jocoso y juguetón de Gorioño,

⁵⁵⁹ Cf. “El estreno de la ópera *O Mariscal*”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, nº 15.328, 2.6.1929.

hasta los postreros acentos de desesperación y dolor con que termina la obra y en que Honoria Goicoa llegó a estupendos aciertos de ademán y de voz, que arrancaron ovaciones entusiastas⁵⁶⁰.

En *El Pueblo Gallego*, o comentarista que se ocultou baixo as iniciais L. T. sinalaba na súa recensión que o segundo acto da ópera era “el más flojo de la partitura”, en tanto “el tercer acto, dividido en dos cuadros, nos parece el mejor de los tres, por todos conceptos”⁵⁶¹. Ao seu xuízo, o motivo do éxito logrado pola versión operística de *O Mariscal* estribaba en que

Cabanillas y Villar Ponte hicieron una creación literaria, un verdadero poema lírico, sobre el cual Eduardo R. Losada tuvo motivos para inspirarse y producir una partitura sobria, de tonos elevados y orquestación que revela ya al maestro en esta lides.

La ópera *O Mariscal* tiene, pues, contextura literaria y musical, y merece todos los honores de la ópera gallega, así por uno como por otro motivo. El episodio que se desenvuelve a lo largo de sus tres actos es una gesta gloriosa de la raza y la música sabe ponerse a tono con ella⁵⁶².

Pola súa vez, tamén a revista galaico-bonaerense *Céltiga* se facía eco do éxito da estrea no “Tamberlick” vigués da versión operística de *O Mariscal*, salientando, por unha banda, as magníficas actuacións dos intérpretes Honoria Goicoa, Enriqueta Brandón, Navarrete, Malvís, Estrada e mais Arias, e sinalando, por outra:

Ya era hora. Galicia tiene, desde ese día, una deuda de gratitud para con los autores de la gesta de la raza, tan admirablemente cantada en la ópera *O Mariscal*.

Este acontecimineto constituyó, por todos los conceptos, un triunfo de los que intervinieron en su creación e interpretación⁵⁶³.

⁵⁶⁰ *Ibidem*.

⁵⁶¹ Cf. L. T.: “Sobre el estreno de la ópera *O Mariscal*. Un esfuerzo grandioso del arte lírico regional”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 2.6.1929.

⁵⁶² *Ibidem*.

⁵⁶³ Cf. “Un acontecimiento artístico gallego. El estreno de *O Mariscal* en Vigo señaló una fecha en el arte lírico regional”, *Céltiga*, Buenos Aires, nº 108, 25.6.1929.

Otero Pedraio é, pensamos, o autor do comentario á estrea da ópera *O Mariscal* en Vigo que aparece no boletín *Nós*⁵⁶⁴, xa varias veces citado. A versión operesca de *O Mariscal* significaba, para o autor de *Arredor de sí*, “unha nova e necesaria faceta pra nos presentarmos na Europa” e o resultado final, a pesar de todos os pesares, era espléndido:

O 31 de Maio derradeiro, foi pra Galiza unha data de superior importancia. A beleza da obra, a concencia artística con que foi presentada, o esforzo dos admirábeles cantantes, todos avencellados n-un pulo d'entusiasmo e de traballo da mellor calidade, foi dina de Galiza⁵⁶⁵.

A ópera *O Mariscal*, a pesar dos temores iniciais a unha nova suspensión da representación⁵⁶⁶, a pesar de non se encher o aforo do teatro⁵⁶⁷ e tamén “apesares do pouco, exiguo, recramo de imprensa” foi, segundo Otero Pedraio, “un éxito cumprido e sin volta. *O Mariscal* ha dar a volta trunfal a Galiza, ha dar a volta a España, pra percorrer a Europa”⁵⁶⁸. Pola súa banda, o xornalista Roberto Blanco Torres consideraba que

Por este camino y otros parejos en rango y calidad quisiéramos que perseveraran los esfuerzos de quienes han contraído con el país la responsabilidad de una cultura y un arte creados sobre cimientos autóctonos [...]

Esta primera ópera gallega puede ser el hito inicial de la elevación de nuestro arte, de la trasmudación de nuestro ambiente artístico ahogado por ideas de vulgaridad y ruralismo⁵⁶⁹.

⁵⁶⁴ Cf. “O estreno de *O Mariscal*”, *Nós*, Ourense, nº 66, 15.6.1929.

⁵⁶⁵ *Ibidem*.

⁵⁶⁶ Otero desconfiaba: “Lediza un pouco angustiada, dos poucos minutos que faltan [...] - Si calquer cousa chegara pra impedila?... Xa aconteceu fai poucos días na Cruña... Non sabemos que mistericosas potencias esborrallaran a nosa esperanza [...] ¿ Qu'importa o estorbo d'un momento ?” (*Ibidem*).

⁵⁶⁷ Indica o polígrafo ourensán: “Ainda hai ocos no Teatro. Que se lle vai facer? Apesares dos xornais e dos anuncios, moita xente alfabetá ten os sentidos pechados. Por outra parte, a xente *bien*... Mais somos tan rutinarios qu'inda nos lembramos da xente *bien*?” (*Ibidem*).

⁵⁶⁸ *Ibidem*.

⁵⁶⁹ Cf. BLANCO TORRES, R.: “Crónicas de Galicia. Nuestro teatro lírico”, ¿?, ca. 1929. Recorte en Fundación Penzol, Vigo, Fondo Villar Ponte, Caixa 40 (4).

Finalmente, Modesto Prieto Camiña, sen se desmarcar dos louvores que a ópera tiña espertado, puña non obstante o dedo na ferida que lle debía doer a Villar Ponte:

Ahora bien; mi sincera opinión es que *O Mariscal*, debiera ser llevado a las tablas sin partitura, como leyenda trágica que es, para lucir cumplidamente los estupendos versos que la forman; en la ópera se hace esto muy difícil, y si bien la parte musical merece los máximos elogios por su inspiración, también la letra debe ser con comodidad gustada por los apasionados de la poesía. El recitado de La Raza, por ejemplo, ¿ no sería mucho más valiente y hermoso recitado sin orquesta ?; y así como ese, otros trozos, entre ellos el prólogo⁵⁷⁰.

5.4. XIRA POR DIVERSAS LOCALIDADES E RECEPCIÓN DA ÓPERA *O MARISCAL*

Tras o *début* vigués, *O Mariscal* iniciou unha pequena xira que o levou, en primeiro lugar, o 1 de xuño de 1929, a Pontevedra. Segundo o correspondente de *La Voz de Galicia*, que enviou a súa crónica telefónica ben entrada a madrugada,

El estreno de *O Mariscal* en Pontevedra constituyó un éxito enorme. Estuvo lleno y brillantísimo el teatro y el éxito del compositor Losada fué grande, rotundo y justo [...]

[...] Rodríguez Losada fué llamado a escena y saludó, en efecto, muchas veces desde el proscenio al que salió también su distinguido colaborador señor Villar Ponte.

La 'Polifónica' pontevedresa cubrió materialmente de flores el escenario y todos los intérpretes fueron colmados de agasajos. Se deseaba que mañana se repitiese la ópera, pero no fué posible acceder ya que músicos y cantantes tienen que regresar seguidamente a La Coruña⁵⁷¹.

⁵⁷⁰ Cf. PRIETO CAMIÑA, M.: "Crónicas regionales. El estreno de *O Mariscal*", *Heraldo de Galicia*, A Habana, nº 9, Año XI, 30.6.1929. O propio semanario galaico-cubano citado felicitaría tamén a Cabanillas, Villar Ponte e Rodríguez Losada polo éxito da representación da súa ópera (Cf. "Un resonante triunfo del Arte Gallego", *Heraldo de Galicia*, nº 10, Año XI, 10.7.1929).

⁵⁷¹ Cf. "*O Mariscal* en Pontevedra", *La Voz de Galicia*, A Coruña, nº 15.328, 2.6.1929. Días despois (5.6.1929), o mesmo xornal herculino reproducía en primeira plana unha fotografía correspondente á escena final do 3º acto da peza, tirada por Pacheco durante a representación en Pontevedra.

O xornal *Galicia Nueva* informará dous días antes desa estrea que “con este motivo han estado aquí [en Pontevedra] los señores Villar Ponte y Losada, haciendo preparativos”⁵⁷². Este comentario permite deducir, coidamos, a precaria trama empresarial que acompañou a xira da obra. Vemos, con efecto, que son os propios autores os que se vían obrigados a facer de produtores e axentes de contratación “sobre a marcha”... Nesta perspectiva cobra maior relevancia un chamamento feito desde o xornal *El Pueblo Gallego* o 15 de maio, probablemente polo propio Villar Ponte, aínda que apareza sen asinar, cando aínda a ópera non se estreara:

Para que tamaño esfuerzo tenga, pues, el premio merecido es preciso que no sólo en La Coruña sino en otras poblaciones gallegas *O Mariscal* se dé a conocer. Y esto se conseguirá, sin duda, si los empresarios de los principales teatros de nuestra tierra, percatándose de que a los autores e intérpretes de la nueva ópera no les acucia ninguna idea de lucro - pues económicamente la empresa siempre será un mal negocio - dan las facilidades necesarias a tal objeto. Lo mismo Losada que Cabanillas y Villar Ponte quieren ofrecerles a Vigo y a otras urbes gallegas - pero a Vigo, especialmente - una representación de su obra, y esperamos, por lo tanto, que ni en la ciudad de la Oliva ni en ninguna otra de Galicia falten empresarios que sepan darse cuenta de lo que para el progreso de nuestra música y de nuestro arte dramático significa la representación de *O Mariscal*⁵⁷³.

Na mesma liña cómpre sinalar tamén o seguinte comentario de *El Pueblo Gallego* na véspera da estrea da ópera no “Tamberlick”: “Sabemos que los precios de las localidades no estarán en consonancia con la importancia y gastos que origina *O Mariscal*, sacrificando sus autores la cuestión económica al éxito mejor de público”⁵⁷⁴.

O rotativo arousán *Galicia Nueva*, vista a boa opinión que lle merecera *O Mariscal* a varios melómanos deslocados desde Vilagarcía até a capital do Lérez para veren a representación, adiantaba:

⁵⁷² Cf. *Galicia Nueva*, Vilagarcía de Arousa, nº 7.768, 30.5.1929.

⁵⁷³ Cf. “Un próximo acontecimiento artístico. El estreno de la ópera *O Mariscal*”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.631, 15.5.1929.

⁵⁷⁴ Cf. “Del estreno en Vigo de la ópera *O Mariscal*”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.644, 30.5.1929.

es muy probable, según autorizados informes, que los aficionados a la buena música en Villagarcía [sic], puedan en breve saborear las exquisiteces de la inspirada partitura que el arquitecto coruñés señor Rodríguez Losada escribió para *O Mariscal*, hermoso y conocidísimo libro gallego del inmenso Cabanillas, que en colaboración con Villar Ponte teatralizó maravillosamente⁵⁷⁵.

Nunca chegou a se producir, que saibamos, esa estrea de *O Mariscal* en Vilagarcía de Arousa, como tampouco en Santiago de Compostela, o que resulta un tanto sorprendente tendo en conta o papel neurálxico desta cidade na cultura galega do momento. Mais si tivo lugar a estrea noutras cidades do país. Primeiro en Ferrol o día 18 de xuño de 1929, xoves, ás sete da tarde, no “Teatro Jofre”⁵⁷⁶. E despois, agora si, na Coruña, concretamente o venres 28 e o domingo 30 de xuño, ás oito menos cuarto e ás dez e media da noite, respectivamente, no “Teatro Linares Rivas”.

Na véspera desta estrea coruñesa, o xornal *El Orzán* saudaba o evento con alegría, ofrecendo ademais, como xa vimos, algunha explicación sobre as causas que frustraran a representación de *O Mariscal* na cidade un mes antes:

Al fin va a ser posible que los coruñeses conozcamos *O Mariscal*, la ópera en tres actos de Antonio Villar Ponte y Eduardo Rodríguez Losada, que hubo de estrenarse en Vigo por no estar el Teatro Rosalía Castro en condiciones legales para la celebración de esta clase de espectáculos.

Los insistentes requerimientos del público para que la obra se cantase en la [sic] Coruña, movieron a los autores a no demorar el estreno hasta que en el ‘Rosalía’ se ejecuten las obras que es necesario llevar a cabo y *O Mariscal* será puesto en escena mañana viernes, a las ocho menos cuarto en el Teatro Linares Rivas⁵⁷⁷.

⁵⁷⁵ Cf. *Galicia Nueva*, Vilagarcía de Arousa, nº 7.774, 6.6.1929.

⁵⁷⁶ Segundo informacións de prensa, os cantantes e músicos que ían participar nesta representación deslócáronse desde A Coruña á cidade departamental en caravana automobilística, estando previsto que asistisen á estrea tanto Rodríguez Losada e Villar Ponte como Cabanillas (Cf. “El estreno de *O Mariscal* en El Ferrol”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.660, 18.6.1929). O diario vigués *El Pueblo Gallego* sinalaría posteriormente, a propósito desta estrea da ópera *O Mariscal* en Ferrol, que a obra constituía todo un éxito (Cf. “Ferrol al día. El estreno de *O Mariscal*”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.661, 19.6.1929).

⁵⁷⁷ Cf. “Una grata noticia. Estreno de *O Mariscal*”, *El Orzán*, A Coruña, nº 3.437, 27.6.1929.

Pola súa banda, *El Noroeste* aseguraba que “promete resultar un verdadero acontecimiento artístico el estreno de la ópera gallega”⁵⁷⁸, en tanto *La Voz de Galicia* se dirixía aos seus lectores con tal ocasión nos seguintes termos:

Podemos dar una buena noticia a los lectores. Mañana en función vermut, tendrá lugar en el Teatro Linares Rivas el estreno de la ópera gallega del músico y arquitecto R. Losada *O Mariscal*, que se basa en el libro del mismo título de que son autores Ramón Cabanillas y Antonio Villar Ponte.

O Mariscal que, como es sabido, obtuvo un éxito franco en Vigo, Pontevedra y Ferrol, suponemos que correrá la misma suerte entre nosotros.

Celebramos de veras que al fin los coruñeses podamos conocer esta espléndida obra lírica que constituye un serio esfuerzo de arte realizado por convecinos nuestros dignos de aplauso y estímulo.

O Mariscal será puesto en escena en La Coruña con la misma propiedad y con el mismo entusiasmo que en Vigo, Pontevedra y Ferrol. La nutrida orquesta que interpreta la partitura y que mereció elogios de cuantos la escucharon por su afinación y su ajuste, viene haciendo nuevos ensayos, igual que los cantantes que tienen a su cargo la representación de la obra. El aplaudido escenógrafo Camilo Díaz llegará hoy a La Coruña para proceder al montaje de las seis bellas decoraciones que ha hecho para *O Mariscal*. Por su parte, el gran poeta Ramón Cabanillas tiene anunciada su asistencia al estreno.

Desde hoy se despachan localidades en la taquilla del Linares⁵⁷⁹.

A noticia, a dicir do citado xornal, “causó verdadero júbilo entre todos los aficionados al arte lírico”, polo que era doado predicir, dado ese ambiente, que “el Teatro ‘Linares Rivas’ se verá esta tarde abarrotado de público selecto”⁵⁸⁰. Pola súa vez, *El Pueblo Gallego*, alén de anunciar a presenza de Cabanillas na estrea, “que para ello vendrá desde Mondariz”, prognosticaba que “el teatro se

⁵⁷⁸ Cf. “Hoy, en el Linares. Estreno de *O Mariscal*”, *El Noroeste*, A Coruña, nº 14.107, 28.6.1929.

⁵⁷⁹ Cf. “Mañana se estrena *O Mariscal* en La Coruña”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, nº 15.385, 27.6.1929.

⁵⁸⁰ Cf. “El estreno de hoy, La ópera gallega *O Mariscal*”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, nº 15.386, 28.6.1929.

verá completamente abarrotado, sendo verdaderamente imposible atender a la demanda de localidades que se viene haciendo”⁵⁸¹.

Os comentarios dos xornais coruñeses ao día seguinte da estrea na súa cidade de *O Mariscal* están redixidos, polo xeral, en termos eloxiosos. *El Noroeste*, partindo da base de que “no creemos que nadie haya salido decepcionado anoche del ‘Linares Rivas’”, salientaba a modernidade, inspiración e feliz instrumentación da partitura, considerándoa moi acorde co libreto, así como a boa interpretación realizada por músicos e actores, nomeadamente Honoria Goicoa e Henriqueta Brandón. O músico Rodríguez Losada e Villar Ponte tiveron que saír varias veces ao palco escénico para saudar as aclamacións do público e dos propios intérpretes⁵⁸².

Non estivo tampouco na estrea coruñesa da ópera, como se ve, Ramón Cabanillas, a pesar de que xornais como *La Voz de Galicia* e *El Pueblo Gallego* chegaran a anunciar a súa presenza⁵⁸³. Este comportamento fai que resulte até certo punto lóxico pensar na hipótese dun certo desentendemento por parte do poeta cambadés cara á sorte da súa criatura literaria e dunha maior responsabilización na peripecia operística de *O Mariscal* do outro autor do drama teatral orixinal, Antón Villar Ponte.

Pola súa banda, *El Orzán* comezaba a súa recensión da estrea coruñesa de *O Mariscal*, asinada por J. F. de A. (=Fernández Asís), en termos ditirámicos:

Anotemos con orgullo en la historia de la cultura regional el día de ayer, verdaderamente fasto para cuantos aman las tradiciones de nuestra tierra, y sientan el noble anhelo de verla situada en el

⁵⁸¹ Cf. “El estreno de la ópera *O Mariscal*”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.669, 28.6.1929.

⁵⁸² Cf. “Teatro Linares Rivas. Ayer se estrenó la ópera gallega *O Mariscal*”, *El Noroeste*, A Coruña, nº 14.108, 29.6.1929.

⁵⁸³ Cf. “Mañana se estrena *O Mariscal* en La Coruña”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, nº 15.385, 27.6.1929; e tamén “El estreno de hoy. La ópera gallega *O Mariscal*”, *La Voz de Galicia*, nº 15.386, 28.6.1929. Indica o diario coruñés: “A la representación tiene prometido asistir el ilustre poeta Cabanillas que todavía no conoce la música de *O Mariscal*”.

mismo plano artístico que sus hermanas la renombrada Cataluña y la severa y tradicional Vasconia.

El entusiasmo y la ejemplar tenacidad de un músico de gran valía, la inspiración de un poeta racial, Cabanillas, digno sucesor del llorado Curros, y el talento de un escritor brillante y periodista sagaz, Villar Ponte, secundados por el desinterés, pudiéramos decir abnegación, de un grupo de artistas -después de la representación de ayer no se les puede llamar aficionados-, realizaron el milagro de dar cima a la empresa titánica de representar una ópera gallega, con elementos exclusivamente locales⁵⁸⁴.

As maiores gabanzas do redactor de *El Orzán*, con todo, dirixíanse ao autor da partitura:

O Mariscal representa un paso decisivo en la carrera artística de Eduardo R. Losada. Su preparación sólida, la pericia adquirida en sus intentos sinfónicos, y la plausible discreción con que se abstiene de innovaciones peligrosas, que sólo pueden intentarse cuando se cuenta con una potente genialidad, hace concebir la esperanza de que en breve tiempo se nos ofrecerá como un músico completamente formado.

En su último drama lírico se advierte todavía la preponderancia del compositor de poemas musicales sobre el autor dramático. Pero hemos de hacer observar que los trozos de marcado lirismo están conseguidos con tanta o más fortuna que los narrativos y descriptivos, y prueba de ello fueron los aplausos desbordantes con que se acogió el prólogo, hábilmente inspirado en la música regional⁵⁸⁵.

Fernández Asís sinalaba, finalmente, como instantes culminantes da ópera o dúo “Elvira-Amaro”, a escena amorosa “Pedro-Xoana”, a xaculatoria do falso pelegrín, a prisión do Mariscal, a aparición da Raza e o recitado final de Isabel de Castro. Poñía ramo á súa exhaustiva recensión aludindo ao pendor estético “francamente influído por la tradición wagneriana” que animaba, ao seu ver, esta versión operística de *O Mariscal*.

⁵⁸⁴ Cf. J. F. de A. [FERNÁNDEZ ASÍS]: “Acontecimiento artístico. Estreno de *O Mariscal*, *El Orzán*, A Coruña, nº 3.439, 29.6.1929.

⁵⁸⁵ *Ibidem*.

Outro xornal, *La Voz de Galicia*, felicitábase en primeiro termo de que por fin puidese ser vista e ouvida na cidade en que fora concibida e ensaiada a ópera *O Mariscal*, cuxa estrea chegara a entrar, segundo indica o cronista, “en la categoría de aspiración, y aun de obsesión”. Na continuación, valorizaba:

O Mariscal triunfó rotundamente.

La copiosa e inspirada partitura del notable compositor R. Losada, sirve admirablemente la leyenda que Cabanillas y Villar Ponte escribieron sobre la página histórica de Pardo de Cela en la Frouseira. Una síntesis del drama en verso que al mariscal ofrendaron tan altos ingenios. Un libro sobrio, de acción tal vez un tanto circunscrita para tres actos, pero que conserva sus características de bizarría y emoción.

Por cierto que nuestro dulce idioma regional, acariciador y cantarín, musical y eufónico suena deleitable o viril en los oídos, en las incidencias de la acción; tan grato como el italiano sin asperezas ni acritudes cuanto mejor se vocaliza. [...]

Hay en la obra - repitémoslo - inspiración, brío, originalidad, dramatismo, amantes y rendidos acentos y garimosas evocaciones de los característicos aires galicianos⁵⁸⁶.

O comentarista proseguía a súa recensión da estrea de *O Mariscal* sinalando os fragmentos musicais e interpretativos máis afortunados da obra:

Desde el preludio el público fué entrando en situación y la canción del ciego y la subsiguiente del lazarillo que un pífano subraya con un motivo campestre como los de la flauta de *Florisel* arrancaron unánimes aplausos. Esta galaica melodía es una de las más bellas e inspiradas.

En el primer acto gustaron también más particularmente el intermedio; el dúo de Amaro y Elvira, en el cual en amplias líneas se diseñan motivos gallegos; la romanza que en el segundo cuadro cantó Honoria Goicoa con admirable voz y gallardías de actriz y la salmodia del peregrino, que tiene arcaicas evocaciones...

⁵⁸⁶ Cf. “Una ópera gallega. Ayer se estrenó *O Mariscal* en La Coruña”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, nº 15.387, 29.6.1929.

En el segundo, es de gran efecto operístico el aire de marcha que señala la entrada de los nobles, un terceto, el canto a la libertad con que el Mariscal engrandece la situación; el exquisito dúo -también con ritmos acusadamente gallegos- de Juana (Enriqueta Brandón) y su amado; la escena del esbirro de Mudarra y el traicionado prócer y el final con la prisión de éste. En tal punto la orquesta juega aun más que las voces principalísimo papel adueñándose del ánimo y dando al momento su patético carácter.

Hay en el tercero otras dos situaciones análogas; las que el compositor destacó sin titubeos y con fácil estro: la simbólica de la aparición de la Raza, la despedida de los prisioneros y la página que pone doliente desenlace al drama. La grandeza orquestal y lo inspirado de los temas, que son glosa de algunos otros, antes oídos, llegan vivamente al auditorio⁵⁸⁷.

Púñalle ramo o anónimo autor ao seu comentario salientando o alto nivel de músicos e actores, especialmente de Honoria Goicoa (“sobre quien descansa en buena parte el peso de la obra”) e a entusiasta resposta do público:

Las ovaciones fueron incesantes y las llamadas a escena de cantantes y autores se sucedieron. Eduardo R. Losada recibió un masivo homenaje del entusiasmado auditorio que celebraba su artística creación y quería compensarle a la vez de peripecias y sinsabores múltiples.

Nuestro querido camarada en la prensa regional, Antón Villar Ponte, que tanto vale, recibió para sí y para su ilustre compañero y colaborador en el libro *O Mariscal* Ramón Cabanillas, la parte correspondiente en la abundosa cosecha de aplausos⁵⁸⁸.

Pola súa banda, *A Nosa Terra*, unha vez estreada na Coruña a obra, aludía a ela como “primeira ópera seria que se fai na Galiza”. Na súa opinión, a partitura era “algo serio”; o argumento, “formidabre”; a interpretación e presentación, “inmellorabres”⁵⁸⁹. Puña de manifesto o boletín, con todo, que a excepcionalidade da peza ser-

⁵⁸⁷ *Ibidem*.

⁵⁸⁸ *Ibidem*.

⁵⁸⁹ Cf. “Ópera galega. *O Mariscal*”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 262, 1.7.1929, p. 9.

vía infelizmente para facer aínda maior a evidencia do “atraso en que se atopa a nosa música en relación con outras manifestacións da arte galega”. A versión operística de *O Mariscal*, vista desde esa perspectiva, significaba no parecer da publicación coruñesa moi pouco no camiño do “conquerimento d’unha valía segura no aspecto que tratamos”, pois, “sendo o mais feliz e millor” de todos os contributos achegados até a data a tal fin, non demostraba por si soa “a existencia en Galicia d’unha forte actividade na arte musical”⁵⁹⁰.

Finalmente, o semanario *Heraldo de Vivero*, no seu exemplar de 9 de xuño de 1929, expresaba a súa satisfacción por un triunfo artístico de que participaban tres figuras (Villar Ponte, Rodríguez Losada Rebellón e Camilo Díaz Baliño) con vinculación familiar e afectiva á cidade do Landrove:

Compuesta sobre el drama que en verso escribieron, en gallarda colaboración, el poeta Cabanillas y el distinguido y afortunado cultivador de las letras Antonio Villar Ponte, por el notable arquitecto-músico don Eduardo R. Losada y Rebellón, se estrenó en Pontevedra y Vigo la ópera gallega *O Mariscal*. Su estreno constituyó un éxito inquestionable, franco y rotundo: un triunfo verdadero. Y ese verdadero triunfo nos es gratísimo registrarlo y proclamarlo por varias razones.

Por lo que para Galicia significa, primeramente, el triunfo de una obra seria, con todas las características técnicas de verdadera ópera, pero de ambiente, sentido, carácter y sabor inconfundiblemente galicianos; porque, además, en ese triunfo va envuelto el triunfo de un muy distinguido vivariense, el señor Villar Ponte, que en el campo de la Literatura honra a su pueblo natal y remoja sus viejos laureles por tantos eximios ingenios conquistados; porque es inspirado autor de esta magnífica obra musical un digno descendiente de vivarienses distinguidísimos [os Rebellón], cuya aristocrática familia en Vivero cuenta con hidalga representación; y, finalmente, porque, asociado a este triunfo de que hablamos, va también el nombre, nimbado por justa fama, de un artista genuinamente gallego (no al uso de contrahechos *galleguistas*), de un artista de inteligencia y de sentimiento que a Vivero profesa afecto cordial y a quien muy de veras estimamos: Camilo Díaz Baliño [...]

⁵⁹⁰ Cf. “Ao decorrel-os días”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 261, 1.6.1929, p. 1.

Repetimos que el triunfo de *O Mariscal* - y prescindimos aquí de lo muy discutible de la persona del famoso Pardo de Cela - nos ha regocijado, y, por lo que a nosotros toca, con todo entusiasmo felicitamos al notable literato D. Antonio Villar Ponte, al Sr. Losada Rebellón y al querido D. Camilo Díaz Baliño. Galicia con ellos está de enhorabuena”⁵⁹¹.

Aparentemente, a xulgar por estas recensións de prensa, *O Mariscal* en versión operística tiña sido un éxito rotundo de crítica e público, a consagración do seu compositor Rodríguez Losada e un novo loureiro de honra para a traxectoria literaria de Cabanillas e Villar Ponte. Mesmo a demanda do público obrigaría, segundo *La Voz de Galicia*⁵⁹², á celebración dunha nova función, a segunda, que se concretizaría ás 10.45 horas do domingo día 30 de xuño de 1929. Calibraba o escritor ourensán Álvaro de las Casas, en referencia ás pezas do teatro lírico de ambiente galego que proliferaban nesa época, que *O Mariscal* se erixía como “la mejor, sin duda, de lo estrenado hasta el día”⁵⁹³. No entanto, sería o propio Villar Ponte quen, tan só un mes despois de celebrado o evento músico-teatral, desmascararía a triste realidade que acompañara o periplo público da obra:

Una prueba de que las cosas de arte no preocupan ya a la mayor parte de las gentes, lo acabamos de comprobar de modo fidedigno con el estreno en nuestra urbe de la ópera *O Mariscal*. Esta ópera reunía los atractivos necesarios para llevar al teatro numeroso público. Era la primera que en gallego se representaba. Era de compositor de la localidad ya prestigiado como tal. Tenía por intérpretes distinguidos *amateurs* coruñeses. No se había omitido gasto alguno para que su presentación fuese lo más brillante posible. Pues a este esfuerzo serio, el más serio que en cuestiones de arte teatral lírico se

⁵⁹¹ Cf. “Estreno de *O Mariscal* de Villar Ponte”, *Heraldo de Viveiro*, Viveiro, 9.6.1929. Citado por *Heraldo de Viveiro*, Viveiro, 17.6.1994. Sobre a relación de Camilo Díaz Baliño coa vila de Viveiro, vide GALDO FERNÁNDEZ, F.: *Pintura e pintores de Viveiro*, Ed. do Castro, Sada, 1992, Cap. VIII, pp. 49-53.

⁵⁹² “Una ópera gallega. Ayer se estrenó *O Mariscal* en La Coruña”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, nº 15.387, 29.6.1929.

⁵⁹³ CASAS, Á. de las: “La trinidad literaria. Teatro gallego”, *Galicia*, Centro Galego de Montevideo, nº 152, Setembro de 1929.

ha realizado en España por gentes no profesionais no respondeu máis que una escasa minoría de público. Y no se busque una disculpa para esta indiferencia alegando lo elevado del coste de localidades, porque aparte de que hay partidos de fútbol en que se pagan precios iguais viéndose todo lleno el estadio, hubo una segunda representación a precios populares y la gente concurrió también en pequeño número. Ante este hecho y otros de parecida índole que podríamos señalar, ¿quién ha de creer que hoy por hoy haya ambiente en La Coruña para la creación de centros de cultura y arte?⁵⁹⁴

A frustración que causaba a noso autor, a pesar da estreita versión operística, o forzado ineditismo da peza en tanto obra propiamente teatral ponse de manifesto igualmente no seu artigo “Liñas sinxelas. O teatro como arma galeguizadora”, publicado no semanario galaico-arxentino *El Despertar Gallego* en decembro de 1929:

Inda nin Cabanillas nin eu puidemos tel-a satisfacción de vermos en escena *O Mariscal* coma nós o concebimos. Representóuse a ópera *calcada* do noso drama, que é merecente d’aplausos. Pro un libreto d’ópera xa se sabe que ten que ser cousa sinxela, abreviada, na que a música envolve todo, restándolle a expresividade oral ós herois da fábula. Quenes viron e ouviron a ópera do mestre Lousada non se achan, pois, decatado aínda [sic] do que é a nosa lenda trágica, recollida na fontenla gurgullante do pobo. Cabanillas e máis eu, pol-o mesmo, ñoramos tamén a estas datas si temos acertado ou non na teatralización d’aquela obra. C’o que nos falta o estímulo para rematar outras producións escénicas que tñamos escomenzadas. No teatro somentes pódese trunfar a forza d’esperencia. E na Galicia inda é pouco doado tela. Facer obras teatraes para que ningún as represente é cousa desanimadora d’abondo⁵⁹⁵.

Algún tempo despois, Antón tería ocasión de evocar novamente, con indisimulada amargura:

⁵⁹⁴ Cf. [VILLAR PONTE, A.] “Temas de interés. ¿Cuándo despertaremos?”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.693, 26.7.1929.

⁵⁹⁵ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Liñas sinxelas. O teatro como arma galeguizadora”, *El Despertar Gallego*, Buenos Aires, nº especial, decembro de 1929.

Aun recordamos con pena la triste indiferencia con que el público *bien* de La Coruña y otras poblaciones del país nativo acogió aquel esfuerzo admirable del arquitecto Losada al componer y llevar a escena, improvisando cantantes y músicos de orquesta, su ópera gallega *O Mariscal*. Se trataba de un serio alarde artístico sobre la base de elementos propios, con riesgo del peculio personal del autor [...] y a pesar de ello no se le dispensó el entusiasmo debido⁵⁹⁶.

⁵⁹⁶ Cf. VILLAR PONTE, A.: "Pretextos cotidianos. El teatro gallego y Valle Inclán", *El Pueblo Gallego* Vigo, nº 3.324, 30.11.1934.

VI. FORTUNA POSTERIOR DE *O MARISCAL*

6.1. NOVOS FRUSTRADOS INTENTOS DE REPRESENTACIÓN DA PEZA *O MARISCAL* ANTES DE 1936

Logo da súa estrea en versión operística en 1929 e antes do estourido bélico de 1936, a obra de teatro *O Mariscal* estivo a piques de subir a escena en varias ocasións.

A finais de agosto de 1929, o diario vigués *El Pueblo Gallego* daba conta aos seus lectores da existencia de contactos entre Antón Villar Ponte e a empresa do “Teatro Avenida” de Buenos Aires para unha futura representación da ópera *O Mariscal* na capital arxentina, mais nada sabemos sobre se frutificaron ou non. Tamén informaba o rotativo do interese (que só niso debeu de ficar) da directiva do “Círculo das Artes” de Lugo de inaugurar a temporada teatral no seu elegante e reformado coliseo con dúas representacións da ópera de Losada, Villar Ponte e Cabanillas⁵⁹⁷.

En realidade, estes intentos dificilmente poderían ter prosperado se temos en conta que o núcleo musical afeccionado sobre o que recaera a responsabilidade e o mérito da estrea da ópera *O Mariscal* experimentou de inmediato un proceso de inevitábel dispersión unha vez que aquela se produciu. Ese proceso sería sintomáticamente vaticinado en xuño de 1929 por Antón Villar Ponte nunha das súas colaboracións xornalísticas:

Con motivo de la ópera de Losada *O Mariscal* se logró reunir a los dispersos elementos de la antigua orquesta de la Filarmónica Coruñesa que ahora vienen demostrando hasta donde podrán llegar de persistir unidos para ulteriores empeños. Dichos elementos, una vez que la ópera de referencia se haya dado a conocer en las principales ciudades de Galicia, es seguro que volverán a disociarse por falta de estímulo que les sirva de nexo aleatorio. Lo que resulta verdaderamente lastimoso. Porque no cabe duda de que los precisados elementos de contar con un resuelto apoyo moral y econó-

⁵⁹⁷ Cf. “Noticias de arte. La ópera gallega *O Mariscal*”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.691, 29.8.1929.

mico de parte de algunos organismos de la localidad obligados a prestarlo, acabarían integrando un conjunto orquestal muy útil para el progreso del arte lírico gallego [...]

Una orquesta de 'amateurs' - la misma orquesta ahora formada de modo provisional para interpretar la ópera gallega *O Mariscal* - subvencionada por diversas entidades coruñesas, estimulada por un efusivo apoyo moral de los devotos de la música, podría darle a nuestra ciudad gloria y prestigio [...] Pero no caerá esa breva. El esfuerzo enorme que ahora acaba de hacerse gracias al talento y la voluntad de Losada - esfuerzo que ni siquiera serán capaces de concebir muchos a pesar de que ha constituido y sigue constituyendo una honra para La Coruña - se perderá de modo lamentable, como ya se perdieron tantos otros⁵⁹⁸.

En setembro de 1929, o noso xornalista dirixiuse publicamente á directiva da “Reunión de Artesáns” herculina para ofertarlle a súa obra, por se a súa representación teatral (non operística) puidese ser empregada con fins recadatorios para honrar na Coruña a memoria de Manuel Murguía mediante a erección dun artístico busto:

Y nosotros pensamos: el “Circo de Artesanos”, cuya presidencia ostenta hoy un gallego de gran prestigio, don José Búa [Carou], no podría iniciar y llevar a cabo la idea de erigirle un busto a don Manuel Murguía? Para ello, poco sería preciso: abrir una suscripción pública y organizar algún festival, verbigracia. El festival, podría consistir, de no contarse con una cosa mejor, en el estreno de la leyenda histórica *O Mariscal* que después de haberse hecho la ópera del mismo nombre, que da sólo una pálida idea de dicha leyenda, parece lógico le sea ofrecida sobre la escena a nuestro público. Así, al propio tiempo que se lograría recadar dinero para la honorificación de la memoria de Murguía, rendiríasele también un homenaje - pues La Coruña aun no le rindió ninguno, ni antes ni después de su ingreso en la Academia Española - al gran poeta gallego Ramón Cabanillas⁵⁹⁹.

⁵⁹⁸ Cf. [VILLAR PONTE, A.]: “Temas de interés. Lo que se debiera hacer y no se hará”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.657, 14.6.1929.

⁵⁹⁹ Cf. [VILLAR PONTE, A.]: “Temas de interés. Respondiendo a una pregunta de paisanos emigrados”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.701, 10.9.1929.

Non tivo tampouco acollida o ofrecemento.

Outro dos intentos de representación da obra, igualmente non levado a cabo, relaciónase co proxecto de celebración dunha frustrada “Semana de Arte Gallego” na “Exposición Ibero-Americana” de Sevilla de 1930. A representación da ópera *O Mariscal*, coa colaboración das cantantes Ofelia e Ángeles Nieto, segundo información tirada do xornal arousán *Galicia Nueva*, figuraría no programa desá “Semana” xunto coa actuación da “Polifónica” de Pontevedra e do coro ourensán “De Ruada”⁶⁰⁰. Talvez haxa que relacionar o ofrecemento da nosa ópera para ese evento co feito de que fose precisamente o arquitecto-compositor coruñés Rodríguez Losada o designado, en principio, polas catro Deputacións provinciais galegas para deseñar o pavillón que había de representar á Galiza nesa Exposición⁶⁰¹.

Igualmente fracasado resultou, finalmente, o intento de representación de *O Mariscal* facendo parte do programa da “Semana Galega” que a Real Academia Galega, por encomenda do presidente da Deputación coruñesa, Emilio Romay, tiña pensado organizar en Barcelona tamén en 1930, co gallo da “Exposición Internacional”. O propio Antón Villar Ponte fixo parte da comisión académica⁶⁰² que no verán de 1929 elaborou un programa provisorio para tal fin. A proposta, segundo informacións xornalísticas⁶⁰³, incluía alén da xa citada encenación da versión operística de *O Mariscal*, que “podría ser objeto de una audición en el Palau de la Música Catalana”⁶⁰⁴, actuacións da “Coral Polifónica de Pontevedra” e dos coros “De Ruada” ou “Cántigas da Terra”; un ciclo de conferencias en que participaría entre outros Antón Villar Ponte cunha

⁶⁰⁰ Cf. *Galicia Nueva*, Vilagarcía de Arousa, nº 7.508, 8.4.1930.

⁶⁰¹ Cf. “Galicia y la Exposición de Sevilla”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.246, 14.2.1928.

⁶⁰² Da súa constitución informa o *Boletín de la Real Academia Gallega*, A Coruña, nº 214, 2.4.1929, pp. 279-280.

⁶⁰³ Cf. *El Orzán*, A Coruña, nº 3.482, 18.8.1929 e mais “Una semana Gallega en Barcelona”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, nº 15.427, 15.8.1929.

⁶⁰⁴ Cf. “Una Semana Gallega en Barcelona”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, nº 15.427, 15.8.1929.

“Evocación histórica”⁶⁰⁵; e, finalmente, unha edición dun libro-álbum sobre a Galiza, con numerosas fotografías, ilustracións, mapas, publicidade e textos de numerosos autores, que se ocuparían de presentar cadansúa bisbarra⁶⁰⁶. Para coordinar as xestións na cidade condal para a celebración de todas estas actividades e iniciativas, a Academia procuraría o concurso e colaboración de Manuel Portela Valladares. Desde a tribuna do xornal de que aquel era propietario, *El Pueblo Gallego*, Antón Villar Ponte valorizaría:

El programa de la Semana Gallega en proyecto, en líneas generales se nos antoja muy plausible. Y si alguien no lo creyera así siempre hay tiempo de rectificarlo o ampliarlo en aquello que se juzgue oportuno.

De lo que no cabe duda es de que ese acto de adhesión espiritual a Cataluña, con motivo de la Exposición de Barcelona, que la Real Academia Gallega inició, haciendo las gestiones precisas para que pueda realizarse, ha de tener todas las simpatías de nuestros conterráneos conscientes. Entre Galicia y Cataluña hubo siempre relaciones de amistad fraterna [...]

Y si ningún otro pueblo de España nos demostró jamás tanto afecto fraternal como Cataluña ¿quién no habrá de aplaudir por lo que tiene de justa y oportuna la idea de la Real Academia Gallega de efectuar la Semana de referencia en Barcelona, con motivo de la gran Exposición que allí se celebra ?⁶⁰⁷.

Ora ben, os acontecementos políticos, por unha banda (renuncia do ditador Primo de Rivera, inicio da *Dictablanda*, incre-

⁶⁰⁵ Outros conferencistas previstos eran Ramón Otero Pedraio (“El paisaje”), o Marqués de Figueroa (“Lengua y Literatura”), Rafael González Villar (“Las Artes Plásticas de hoy”), Ángel del Castillo (“El Arte pretérito”), Ramón M^a Tenreiro (“Música y músicos”), Alfredo García Ramos (“Instituciones y Costumbres”) e Narciso Correal (“La Mujer gallega”).

⁶⁰⁶ Eran estes autores Victoriano García Martí (Santiago), Manuel Lustres Rivas (Vigo), Manuel Barbeito (Ferrol), Francisco Lanza (Ribadeo e a Raia de Asturias), Lois Peña Novo (Terra Chá), Wenceslao Fernández Flórez (A Coruña), Manuel Lugrís Freire (Betanzos e As Mariñas), Gonzalo López Abente (Bergantiños), Ramón Cabanillas (Arousa), Alejandro Barreiro (A Ulla), Jaime Solá (Baixo Miño), Vicente Risco (A Limia), Amor Meilán (Lugo), Antonio Couceiro Freijomil (Ourense), Xerardo Álvarez Limeses (Pontevedra), Leandro Pita Romero (Rías Altas), Marcelino Dafonte (O Cebreiro e a Raia leonesa), Eladio Rodríguez González (O Ribeiro de Avia), Alejandro Lastres (Xallas) e Aurelio Ribalta (Arzúa) (cf. “Una Semana Gallega en Barcelona”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, nº 15,427, 15.8.1929).

⁶⁰⁷ Cf. [VILLAR PONTE, A.]: “Temas de interés. Una iniciativa plausible”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.691, 24.7.1929.

mento da axitación pro-republicanista, etc.) e a pasividade e mais a falta de interese dos sectores comerciais e industriais galegos cara ao certame barcelonés, por outra, frustrarían finalmente a celebración da devandita “Semana Galega” na “Exposición Internacional” de Barcelona, cousa que Antón Villar Ponte non deixará de lamentar oportunamente nun artigo intitulado “Un síntoma desconsolador”:

Galicia, pues, está y estará ausente por completo del gran certamen barcelonés. Lo mismo en lo que concierne al comercio y a la industria, como en lo que guarda relación con el arte y los frutos de la inteligencia. Y este contraste entre nuestro país y otros de España de menor personalidad que en la ciudad condal exhiben cosas interesantes, por fuerza tiene que causarles honda amargura a cuantos hijos de Galicia visiten la Exposición que nos ocupa. Para colmo [...] hasta la Semana Gallega que pensaron en principio realizar allí las Diputaciones de nuestra tierra ya se ha frustrado totalmente [...]. Registramos, pues, este nuevo síntoma de pasividad regional, que alcanza a todas las esferas de nuestra vida colectiva, como algo sencillamente desconsolador que revela a las claras falta de propia estimación, carencia de serio espíritu progresivo y aún si se nos apura, de verdadero instinto de conservación también⁶⁰⁸.

Ben é verdade que, en agosto de 1930, o quinteto dirixido polo violinista Corvino interpretou no café coruñés “La Terraza” un arranxo do terceiro acto da ópera *O Mariscal*, elaborado *ex professo* polo propio compositor Eduardo Rodríguez Losada. Nos días previos ao evento, o diario *El Pueblo Gallego* vaticinaría:

Entre los aficionados a la buena música la noticia produjo verdadera satisfacción, porque aunque en La Coruña se representó dos veces la ópera de referencia, hay grandes deseos entre los que la

⁶⁰⁸ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. Un síntoma desconsolador”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.756, 13.11.1929. Días despois, comentando o fracaso deste proxecto de “Semana Galega” en Barcelona, aínda acrecentaba Villar Ponte: “el hecho es que Galicia será uno de los pocos países de la Península que no lleve alguna expresión de su alma colectiva a la ciudad condal, pese a los grandes motivos de gratitud que le dió a nuestra tierra la tierra catalana” (Cf. VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. La paulina que nos corroe”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.765, 23.11.1929).

Para unha visión sobre os contidos do evento, vide por exemplo os dous volumes do *Catálogo Histórico y Bibliográfico de la Exposición Internacional de Barcelona*, publicados en Madrid, en 1931-1933, baixo a dirección do daquela presidente da “Real Academia de la Historia”, Duque de Berwick y Alba.

conocen, de poder apreciar de nuevo la bella partitura de la misma que, como es sabido, alcanza la mayor inspiración en el tercer acto. Puede afirmarse, pues, que la próxima noche en que el quinteto Corvino interprete *O Mariscal*, 'La Terraza' se verá invadida de público⁶⁰⁹.

En compensación a esta situación de ineditismo nos escenarios, algúns feitos manteñen vivo o interese pola figura do Mariscal en certos segmentos da opinión pública galega e emigrada, ponderan a relevancia da peza de Cabanillas e Villar Ponte no magro panorama teatral galego e mesmo contribúen para a difusión de determinados fragmentos da mesma. Así, o escritor ourensán Álvaro de las Casas sinalará nun artigo publicado na revista galaico-uruguiaia *Galicia*, en decembro de 1930, que o período ditatorial primo-riverista tiña significado para o teatro galego un “dilatado paréntesis de silencio”, en que “apenas se dejó oír el poema magnífico que Cabanillas y Villar Ponte tejieron en torno a la amada figura de Pardo de Cela, para buena memoria del guerrero desventurado y honra de nuestro pueblo, acaso más desventurado aún”⁶¹⁰.

Pola súa vez, Ramón Villar Ponte editará no xornal *A Fouce*, o 17 de decembro de 1930, un traballo intitulado “Na data tristeira”, en que reflexiona sobre a constante campaña de descrédito que viña sufrindo a figura do Mariscal na historiografía hispana, sempre tratada con apaixonamento, agresividade, parcialismo e falta de exactitude. Ao seu ver, a pesar dese labor de “cronistas tecedores da mentira e da falsa historia”, a figura do Mariscal tiña acadado un lugar inmorrante no corazón dos galegos, pois o seu único delito tiña sido, en definitiva, “terse ergueito contra o poder eistrano e absorbente que cobizaba asoballare á sua patria”⁶¹¹. Os responsábeis do cabezallo galaico-arxentino aludido reproducirán no mesmo

⁶⁰⁹ Cf. “Notas de Arte. El quinteto Corvino y *O Mariscal*”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, ca. agosto de 1930. Recorte en Arquivo da Real Academia Galega, Fondo Villar Ponte, Caixa 150, Sobre 2.

⁶¹⁰ Cf. CASAS, Á. de las: “El nuevo teatro gallego”, *Galicia*, Montevideo, Ano XIII, nº 166, Decembro de 1930, p. 2.

⁶¹¹ VILLAR PONTE, R.: “Na data tristeira”, *A Fouce*, Buenos Aires, nº 24, 2ª xeira, 17.12.1930.

exemplar o “Prólogo” da peza que nos ocupa, un poema sobre Pardo de Cela de Florencio Vaamonde e un editorial de título ben elo-cuente: “En Pardo de Cela deben inspirarse os Nazionalistas pra libertar a Galiza”⁶¹².

E chegamos así, sen novas comparencias en escena da ópera *O Mariscal* e cun exasperante ineditismo do texto teatral homónimo, á proclamación da 2ª República. Durante ese período, a figura de Pardo de Cela non perdeu actualidade. Foi obxecto de reiteradas mencións por parte de Villar Ponte nos seus traballos xornalísticos, como tivemos ocasión de expor ao nos referir á interpretación de *O Mariscal*, e o propio Cabanillas aludiría aos mortos da Frouseira e ás hostes de Pedro de Soutomaior en *El Pueblo Gallego*, o 28 de xuño de 1936, escribindo sobre a transcendencia do plebiscito estatuario que nesa data se ía celebrar⁶¹³.

Ora ben, lonxe de concitar unánime veneración, ou sequera recoñecemento, como heroe nacional, Pardo de Cela continuaría a xerar abundante controversia. A este respecto, o académico José García Acuña, falando da faceta poética de Murguía, aludiría da seguinte maneira a un soneto en español escrito no seu día polo Patriarca como homenaxe ao Mariscal:

Finalmente vamos a transcribir el célebre soneto dedicado a Pardo de Cela, escrito bajo la impresión causada - y que aun perdura - por las fantasías de los novelistas que lograron convertir en héroe de las libertades gallegas a un señor feudal, tirano de la comarca que dominaba despóticamente, y al que sólo la muerte por la justicia de los Reyes Católicos, salvó del olvido piadoso. Al recordar Murguía este soneto andando los años, cuando ya la conciencia del historiador se hallaba sólidamente asentada bajo el influjo de una severa disciplina mental, solía reprocharse amargamente, no sólo haberse sentido inspirado por esta figura histórica en entredicho, sino principalmente de haberlo publicado contribuyendo así a la difusión de

⁶¹²Cf. *A Fouce*, Buenos Aires, nº 24, 2ª xeira, 17.12.1930.

⁶¹³Ademais, a revista *Grial* (Vigo, nº 54) publicaría en 1976 o relato intitulado “Madruga”, en que Cabanillas recreaba unha presunta anécdota magnánima do célebre Conde de Caminha en tempos da guerra que sostivo contra os irmandiños alzados.

una superchería más sobre las que entenebrecen y desfiguran la historia de Galicia de fines de la Edad Media. El afán fetichista de algunos escritores gallegos, les indujo a multiplicar los héroes de un fantástico walhala regional, olvidando que el único héroe glorioso, defensor, sin duda inconsciente, de la autonomía de la tierra vernácula y en todo caso enemigo de las arbitrariedades y depredaciones de los señores feudales, fué el pueblo de Galicia, organizado en aquellas gloriosas Hermandades, cuyo sentido democrático, innato en la región, se muestra en sus gloriosas rebeldías⁶¹⁴.

Da mesma maneira, Carvalho Calero protestaba en abril de 1933 polo intento de converter a Pardo de Cela nun Guillermo Tell⁶¹⁵ e o articulista José Díaz Andión opinaba en marzo de 1934 desde a revista do “Lar Gallego” de Madrid:

a medida que se va ahondando en aquella etapa histórica para conocer en su verdadera realidad los móviles o aspiraciones que impulsaron a este caudillo en sus luchas y episodios, parece como irse extinguiendo la estela fulgurante que hubo de alumbrar su memoria [...] Si la leyenda y la tradición le han venido concediendo a través de los siglos la extraordinaria aureola del caudillo valeroso que recibe la muerte en el cadalso para defender las aspiraciones de liberación sustentadas por el pueblo llano, al presente esta fama de víctima de la emancipación de que venía precedido el Mariscal, puede afirmarse que ha quedado poco menos que desvanecida⁶¹⁶.

Contrástense estas valorizacións de García Acuña, Carvalho Calero e Díaz Andión coas exprimidas polo poeta valdeorrés Florencio Delgado Gurriarán nas páxinas do xornal ourensán *Heraldo de Galicia*, pola mesma época:

Poucos na Terra - soio o crecente fato dos bós e xenerosos - conocen ós seus herois. Hespaña non quer que os galegos estudemos a

⁶¹⁴ Vide GARCÍA ACUÑA, J.: “Murguía, poeta”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, A Coruña, nº 248, 17.5.1933, pp. 173-179.

⁶¹⁵ Cf. CARBALLO CALERO, R.: “Mitos. Priscilianus”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 2.815, 4.4.1933.

⁶¹⁶ Cf. DÍAZ ANDIÓN, J.: “Glosas del pasado. El Mariscal Pardo de Cela”, *Galicia en Madrid. Órgano del ‘Lar Gallego’*, Madrid, nº 27, marzo de 1934, pp. 3-4.

nosa hestoria, e menos a dos homes que se ergueron contra ela, por non querer sufrir a tiranía dos seus reises. En troques, queren que os cativos galeguiños adeprendan a das falcatuadas d'istes. ¡Boa compensación!...

O grande mariscal - Pedro Pardo de Cela -, anticipándose moitos anos ós comuneiros de Castela, foi o esgrevio defensor das liberdades da Terra contra a tiranía dos reises casteláns. Home barudo, rexo loitador e nobre de sangue e corazón, sempre animado por un espírito prócer - adeprendede, señoritos galegos da CEDA, defensores de 'la Familia, la Patria, la Religión y la unidad nacional' - soio a treición o podía vencer, e soio por treición foi vencido, e, n'un frío día do mes de nadal, pagou coa sua vida, e coa do seu fillo, o pecado de amar e defender a Galiza sobre todo⁶¹⁷.

Ou, mesmamente, coas afirmacións de Ramón Villar Ponte ao se referir á resistencia á dominación castelá protagonizada pola filla do Mariscal, Constanza de Castro, na fortaleza de Caldaloba, en Cospeito,

pra vingal-a inxustiza cometida cô seu pai, tencionando cicais renovare a fogueira emancipadora que o Mariscal alimentou cô seu xesto viril i-ergueito antre tanto que a traizón non puxo remate ao esforzo patriótico i-heroico do consagrado pol-o martirio como campeón das liberdades galegas⁶¹⁸.

Así mesmo, na emigración bonaerense os promotores do xornal *A Fouce* reivindicarían unha e outra vez a figura de Pardo de Cela como “bó símbolo pr-á loita no reconquerimento das liberdades galegas”⁶¹⁹, como “último baluarte que se opuña á codicia asoballante d-os reis de Castela”⁶²⁰ e mais como “exemplo simbólico no qual debemos alumiñarnos pra nos limpar da indiñidade de catro

⁶¹⁷ Cf. *Heraldo de Galicia*, Ourense, nº 162, 18.12.1933. Citado por GURRIARÁN, R.: *Florencio Delgado Gurriarán, Vida e obra dun poeta valdeorrés republicano e galeguista*, Ed. do Castro, Sada, 1999, pp. 92-93.

⁶¹⁸ VILLAR PONTE, Ramón: “Unhas liñas históricas. O epílogo da traxedia mindoniense”, *Nós*, Ourense, nº 100, 15.4.1932.

⁶¹⁹ Cf. “Na data de Pardo de Cela”, *A Fouce*, Buenos Aires, nº 66, 17.12.1933.

⁶²⁰ *Ibidem*.

séculos de mansedume, de sumisión resíñada aos extranxeiros que detentan a nosa soberanía nazonal⁶²¹. Adicariánlle, por tal motivo, diversos artigos⁶²² e conmemorarían, con toda a solemnidade, cada novo aniversario do 17 de decembro, protestando especialmente contra as

prumas mercenarias, dispostas decote a falsear os feitos da nosa historia, que teiman [en] empequenecer a nobreza de Pardo de Cela e a trascendencia da traxedia da Frouseira. Xentes viles d-estes tempos, nos que a vida dos máis se redúz a unha vulgar loita económica, non terían noxo en facer o papel do asalariado Mudarra sobornando e mercado concencias⁶²³.

En agosto de 1932, o escolante de Ribeira Manuel González formularía unha iniciativa tendente a lle erixir un monumento á figura de Pardo de Cela na localidade da Estrada. O xornal *El Emigrado*, baixo a batuta de Manuel García Barros (*Ken Keirades*), abriría de inmediato unha colecta pública a tal fin e tanto o voceiro nacionalista *A Nosa Terra* como o diario vigués *El Pueblo Gallego* adherirían rapidamente á mesma. O editorialista do xornal de Portela Valladares, sumándose á iniciativa, sinalaría:

Porque al margen del silencio significativo que guarda López Ferreiro para la supuesta intervención de Pardo de Cela en el levantamiento de los ‘Hermandinos’, a pesar del juicio que mereció a Murguía la ejecución del señor de Vivero, empero las interpretaciones históricas que reducen la gesta del Mariscal al castigo genérico de un noble levantisco y ambicioso, aún sin delirios de romanizar en lo humano la figura de Pedro Pardo, ni mucho menos de estirar la leyenda hasta la intervención divina, no cabe duda de que la muerte del héroe gallego señala el momento en que hizo crisis la personalidad histórica de Galicia. El último tercio del siglo XV registra, con el degollamiento del Mariscal, el momento mismo en

⁶²¹ Cf. “Na data de Pardo de Cela”, *A Fouce*, Buenos Aires, nº 57, 15.12.1932.

⁶²² Véxanse, por exemplo, HERMIDA, Urbán: “O día de Cela”, *A Fouce*, Buenos Aires, nº 43, 17.12.1931, e mais PRESA, Moisés da: “O Mariscal”, *A Fouce*, Buenos Aires, nº 43, 17.12.1931.

⁶²³ Cf. “Na morte de Pardo de Cela”, *A Fouce*, Buenos Aires, nº 76, Novembro-Nadal de 1934.

que Castilla se dispuso a rasar toda peculiaridad regional. No importa que el bárbaro suceso fuese causa o mero accidente. Lo que Galicia recuerda y desea perpetuar es la efemérides aquélla, que pagina en la Historia el comienzo de la persecución, el cesarismo y el vilipendio, para obra y gloria de la *unidad nacional*.

Pasemos porque Pardo de Cela no represente, por modo maravilloso, las virtudes, excelencias y grandezas de la raza. Consintamos en no hacer de él un símbolo del ideal de independencia. Pero sin aguardar a una revisión histórica, que advendrá, glorifiquemos en piedra a Pardo de Cela, preso por la traición, muerto por la crueldad, acaso, más que por ser partidario de la legitimidad del trono de la Beltraneja, perseguido porque en los Reyes Católicos había nacido ya la idea de esa uniformidad española que tan cerrilmente cultivaron cuatro siglos⁶²⁴.

Moi outra sería, por exemplo, a actitude dun Noriega Varela entregado ao reaccionarismo perante esta iniciativa, como testemuñan os seguintes versos do seu “Xuicio d’o ano 1932”:

Y aínda n’algún santoral
(en canto d’a *d’o Crystal*
refulxentísima *Estrela*),
vas topar c’*O Mariscal*
San Pedro Pardo de Cela.

Esquencerás, por sabido,
que *o tal* fora un *forraxido*...⁶²⁵

Pouco tempo despois de colocada publicamente a iniciativa, constituiríase na citada vila pontevedresa unha “Comisión monumento a Pardo de Cela”, de que fixeron parte, entre outros,

⁶²⁴ Cf. “Opiniones. Un monumento a Pardo de Cela”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 2.728, 23.12.1932. Tamén se sumaría á iniciativa desde o xornal *Faro Villalbés* (nº 18, 21.11.1932, p. 3) o autor que asinou *PP da Costa* un traballo intitulado “Galicia y el Mariscal”, en que postulaba ademais a celebración do 17 de decembro como verdadeiro e único Día de Galiza, en detrimento do 25 de xullo, dado que o Apóstolo Santiago “ni era gallego ni nada hizo por la redención de Galicia, pese a las leyendas”.

⁶²⁵ Cf. NORIEGA VARELA, A.: “Xuicio d’o ano (1932)”, *O gaiteiro de Lugo*, Imprenta de Gerardo Castro, Lugo, 1932. Citado por FREIXEIRO MATO, X. R.: *A cara oculta de Noriega Varela (Biografía e Textos esquecidos)*, Ed. Laiovento, Ensaio, nº 10, Santiago, 1992, p. 156.

Fermín Bouza Brei (presidente de honra), Francisco Alonso Rey (presidente), Antón Fraguas Fraguas (vicepresidente), Rafael Varela Pazo (secretario), José Otero Abilleira (tesoureiro) e Manuel García Barros (vogal). A antedita comisión impulsou toda unha serie de traballos para conseguir apoios para a súa iniciativa⁶²⁶, lanzando un manifesto en que, entre outros razoamentos, achegaban o seguinte:

Vive na lembranza de Galiza unha figura rexa e firme, neboenta pra Hestoria, crara e precisa pr'a Tradizón, decote inspiradora e alcesa, con forza de creazón, como os mitos dos antigos deuses. Ela fixo falar as vellas crónicas e cantar os nosos poetas; foi bandeira de loita nas vibrantes horas da emozón cívica da nosa Terra e símbolo de unión de todol-os galegos n-un ideial de suprema libertade, louvada e vilipendiada a un tempo, como todo o que é estáneo [sic] e grandeoso.

Ista figura é a do MARISCAL PEDRO PARDO DE CELA [...] O heroe que se opuxo a intromiseón na Galiza de poderes alleos que afundiron con él aquela pasada goria que compre recobrar axiña⁶²⁷.

Esta idea de lle erixir un monumento a Pardo de Cela suscitaría as seguintes palabras de apoio por parte de Villar Ponte, publicadas en agosto de 1932:

La tragedia de la Frouseira constituyó el último bello gesto defensivo de Galicia contra la absorbente centralización castellana. Por eso nos parece muy bien la idea nacida en La Estrada de erigirle un monumento a Pardo de Cela que puede hacerse extensivo también a los hermandinos. Para tal monumento representativo del espíritu puro de la galleguidad, todos los buenos conterráneos tenemos que dar nuestro óbolo entusiasta. E incluso creemos que la colocación de la primera piedra -y mejor si es de la última- debiera coincidir con las fiestas conmemorativas del primer centenario del natalicio de Murguía⁶²⁸.

⁶²⁶ Cf. *El Emigrado*, A Estrada, nº 466, 28.2.1934.

⁶²⁷ Cf. "En prol do moimento a Pardo de Cela". Citado por *A Fouce*, Buenos Aires, nº 69, Abril de 1933 [Maiúsculas no orixinal].

⁶²⁸ Cf. VILLAR PONTE, A.: "Pretextos cotidianos. Una efemérides patriótica", *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 2.630, 30.8.1932.

No entanto, os trámites e preparativos para a erección do monumento pardo-celiano na Estrada foron moito máis lentos e complexos do agardado, de maneira que en maio de 1934 o xornalista viveirés se sentiu na obriga de relanzar a cuestación económica e de suxerir algunhas ideas para o deseño final do monumento, que debía facerse, ao seu ver, mediante “un montón de rocas amontonadas donde los cinceles de algunos artistas gallegos insinúen vagas siluetas barrocas, ante esbozos de cabezas de muchedumbre”⁶²⁹, coa figura do Mariscal no alto. Tamén suxería Villar Ponte que cando se procedese á inauguración, coincidindo cun 25 de Xullo, se representase ao ar libre a peza *O Mariscal*, aproveitando se fose preciso o vestuario e o *atrezzo* que almacenaba na Coruña, desde a representación da versión operística da obra, o músico-arquitecto Rodríguez Losada.

Coincidían estas preocupacións de Villar Ponte cunha significativa anécdota que ha suscitar o seu máis enérxico protesto. Un calendario oficial repartido profusamente por dependencias administrativas do Estado citaba na súa páxina correspondente ao 29 de marzo de 1934 ao Mariscal Pedro Pardo de Cela como integrante dun listado de famosos bandidos españois, ao lado de nomes como Diego Corrientes, Roque Guinart, “El Tempranillo”, “Los Siete Niños de Écija”, “El Pinales”, “El Vivillo”, etcétera. Perante este feito, “absurdo y caprichoso”, Villar Ponte escribiría:

El único caballero de los tiempos feudales que aparece en dicha relación es el caudillo de la Frouseira. Pero es que éste, por muy sanguinario que fuese - y no hay noticias fidedignas de que lo hubiera sido tanto como la mayoría de los señores de su época -, ¿ resulta lógico parangonarlo con los criminales vulgares que se le ponen por pareja ? [...].

¿ Por qué esa saña contra Pardo de Cela y el olvido de Pedro Madruga ? ¿ Por qué encasillar entre bandidos al héroe de la Frouseira, cuyos apellidos llevan con orgullo gentes aristocráticas, y no mostrarnos al Cid D. Rodrigo como el primer timador, devan-

⁶²⁹ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. Sobre propósitos monumentalizantes”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 3.155, 12.5.1934.

cero de los carteristas modernos, que hizo estafas tan famosas cual aquella del cofre que le coloca entre los precursores de la *criminalidad blanca* [...] ?

Pero Pedro Pardo de Cela, que no podía comportarse en sus tiempos de distinto modo que los grandes señores coetáneos suyos, tuvo sobre ellos el valor de enfrentarse con la fuerte Castilla, creando un movimiento de rebeldía tan serio que le costó la vida y que sólo a traición pudo sofocársele para que luego Fernando e Isabel realizaran la bárbara doma de que habla el licenciado Zurita.

Por eso con más razón que nunca nos parece necesario erigirle a Pardo de Cela ese monumento que buenos hijos de La Estrada patrocinan. Será el índice señalador del hito histórico de nuestra perdición entre las garras inquisitoriales del centralismo. Aunque ladren nuestros ulsterianos con alma esclava y pensamiento hipotecado a los enemigos de las libertades gallegas⁶³⁰.

Aínda en outubro de 1934 o noso autor tería que volver sobre o tema para animar os promotores da iniciativa, minimizar a importancia de que o monumento non chegase a ser todo o suntuoso que aqueles desexarían e, o que importa talvez máis, defender máis unha vez a absoluta pertinencia desa homenaxe⁶³¹. Infelizmente, a citada “Comisión pro-monumento” nin deu reunido antes do estalido bélico do 36 unha cantidade aceptábel e suficiente para o fin proposto, nin quixo ou puido incluír tampouco a utilización da peza de Cabanillas e Villar Ponte no seu programa de actividades recatorias.

Por outra banda, a pesar de que o voceiro do Partido Galeguista, *A Nosa Terra*, incluíu en 1933 un fragmento da peza de Cabanillas e Villar Ponte no número que coincidía cun novo cabodano do axustizamento do señor feudal en Mondoñedo⁶³², ningún agrupamento teatral ou lírico-teatral galego asumiu durante a xeira republicana a responsabilidade da montaxe de *O Mariscal*. Este ine-

⁶³⁰ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. Una ligereza con trazas de injuria”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 3.170, 30.5.1934.

⁶³¹ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. Sobre el monumento que va a edificarse en La Estrada”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 24.10.1934.

⁶³² Cf. *A Nosa Terra*, Pontevedra, nº 318, 18.12.1933.

ditismo de *O Mariscal* sobre os escenarios sería lamentado polo boletín *Nós* en 1933 coas seguintes palabras:

O teatro galego segue no seu ser. Querse dicir que non adianta un paso. Nas mans d'agrupamentos d'afeizoados, hoxe ademais circunscritos ás vilas, síguense repersentando escrusivamente as pezas humorísticas e costumbristas de Xavier Prado, Charlón e Hermida, e outros pol-o xeito. Nen as obras de Cotarelo, nen *O Mariscal* de Cabanillas e Villar Ponte, nen as mais recentes obras serias d'Álvaro das Casas (estas tres derradeiras inéditas nas táboas, fora da ópera baseada n-*O Mariscal*) logran imporse nos festivales de amateurs. Así estamos. E non embargante, o teatro galego é cousa que hai que facer⁶³³.

En decembro de 1934, o xornal *O Irmandino*, “órgao da Irmandade Galeguista do Uruguay”, reproduciría un brevísimo fragmento da traxedia dramática de Cabanillas e Villar Ponte *O Mariscal*, precisamente aquel en que se describe o instante en que Pedro Pardo de Cela, cal novo Cristo galego, vai subindo polo camiño da ferradura o seu Gólgota particular⁶³⁴. Esta reprodución enmárcase na conmemoración por parte da “Irmandade Galeguista” (Manuel Meilán, Xoaquín Bello, Antón Crestar e Camilo Bóveda Amor...), dun novo 17 de decembro como día en que se perderon as liberdades patrias a mans dos Reis Católicos⁶³⁵.

⁶³³ Cf. “A cultura galega hoxe en día”, *Nós*, Ourense, nº 115, 25.7.1933. Pola súa vez, o xornal do Partido Galeguista, *A Nosa Terra*, comentaba ao respecto: “Tense falado moito da nosa deficiente produción teatral mais o certo é que o teatro galego vaíse nutrindo xá de obras boas que compría ir pensando en levar a escena. A falla de intérpretes é, seguramente, a que determiña que o teatro en galego non teña acadado xá maor expansión. Eis éste un aspeito no que compría ir poñendo mán” (Cf. *A Nosa Terra*, nº 299, 8.6.1933).

⁶³⁴ Cf. “Da traxedia *O Mariscal* de Cabanillas e Villar Ponte”, *O Irmandino*, Montevideo, nº 2, Ano I, decembro de 1934. O fragmento en cuestión sería novamente reproducido no xornal no seu número 6 (xaneiro de 1936).

⁶³⁵ Ademais dos traballos sobre o tema publicados no xornal *O Irmandino*, a “Irmandade Galeguista” organizou o 22 de decembro de 1934 un festival no Salón-Teatro do “Centro Galego” de Montevideo, con diversas interpretacións musicais, recitados, un discurso de Manuel Leiras Méndez e unha representación por un cadro de declamación dirixido por Camilo Bóveda Amor da peza *O zoqueiro de Vilaboa*, de Alfredo Fernández (*Nan de Allariz*).

En xaneiro de 1936, *O Irmandino* publicaría o traballo “Pardo de Cela”, en que, alén de se reproduciren algúns versos pertencentes á peza *O Mariscal*, asegurábase que o nobre galego “renunciou á súa vida denantes que someterse a dominación estranxeira” (Cf. “Pardo de Cela”, *O Irmandino*, Montevideo, Ano II, nº 6, Xaneiro de 1936).

Segundo informacións que fornece o xornalista Laureano Santiso Girón en *El Pueblo Gallego*⁶³⁶, semella que o “Teatro de la Zarzuela” madrileño barallou a posibilidade de ofertar ao seu público ao longo de 1935 unha temporada de ópera galega. Formarían o repertorio tres pezas musicadas polo maestro Rodríguez Losada: *O Mariscal* (Villar Ponte e Cabanillas), *El monte de las ánimas* (Bécquer) e *Ultraya* (Cotarelo Valledor). Camilo Díaz sería o escenógrafo e o propio Rodríguez Losada faría as veces de empresario-promotor, co patrocinio do “Teatro Lírico Nacional”. Para a representación e interpretación botaríase man da compañía do “Teatro Liceo” de Barcelona e da “Orquesta Sinfónica”. Aínda que hai constancia da representación de *¡Ultraya!*, concretamente en marzo de 1935, non a hai, porén, para *O Mariscal*...

6.2. DISTANCIAMENTO ENTRE OS AUTORES DE *O MARISCAL*

Aínda que non cabe dúbida de que existiron, tanto durante a ditadura primo-riverista, como logo durante a 2ª República, moitos e poderosos condicionamentos obxectivos para afrontar a encenação da peza que nos ocupa, quer como teatro, quer como ópera, coidamos que tamén tiveron moito que ver neste ineditismo sobre a escena de *O Mariscal*, como causa coadxuvante, as propias desavizas ideolóxicas surxidas entre Antón Villar Ponte e Ramón Cabanillas, que deberon comezar mesmo antes da confección da versión operística da súa obra.

A harmonía persoal existente entre ambos fica fóra de toda dúbida no período que vai desde a confección de *O Mariscal* até, cando menos, o ano de 1928. Son variados os feitos que a testemuñan.

Despois de elaborada entre ambos a peza *O Mariscal*, Antón Villar Ponte non cesou, nun principio, na súa actitude de constante apoio e gabanza pública da figura do “poeta da Raza”. Nun arti-

⁶³⁶ Cf. SANTISO GIRÓN, L.: “Proyecciones. Ópera gallega en Madrid”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 3.341, 20.12.1934.

go publicado no xornal *Galicia* en maio de 1924, co título de “La propia estimación”, Antón Villar Ponte criticaría con dureza a presunta tendencia dos galegos a postergaren os valores autóctonos en favor dos alleos e a súa presunta propensión a practicaren unha actitude de reverencia desmedida e case servil perante quen detentase en cada momento o poder:

Los gallegos somos más originales [...] Entendemos que a las glorias del país conviene guardarlas y ocultarlas como guarda y oculta el oro el avaro. Así las retiramos de la circulación. No por otra cosa algunos santiagueses, no ha mucho tiempo, intentaron sustituir el nombre de Fonseca por el de Cajal en la plaza de aquel título. No por otra cosa un Concejo coruñés acordó que al futuro parque de Santa Margarita se le designe con el rubro de Parque de Joaquín Costa. Así, así somos originales los gallegos.

Ahora sólo falta que la U. P. de Vigo gestione que al conquistado o reconquistado monte del Castro se le ponga también el nombre del bizarro don Miguel [...]

¡ Ya sólo falta que la Academia Gallega proponga que a la plaza de Curros Enríquez de Pontevedra se le trueque ese nombre por el de Mussolini !⁶³⁷.

En apoio da súa tese, citaba o exemplo do que acontecía coa figura de Ramón Cabanillas no seu Cambados natal, desde o instante en que, a pesar dos moitos méritos contraídos, o autor de *No desterro* non tiña aínda unha rúa rotulada co seu nome nesa localidade⁶³⁸. Foi precisamente Antón Villar Ponte quen demandou explicitamente que o Concello cambadés lle dese o nome de Ramón Cabanillas a unha das rúas da vila e, aínda que a Corporación se fixo eco da petición e levou adiante a idea, o poeta de *Vento mareiro* declinou inicialmente a distinción⁶³⁹. Finalmente, respondendo novamente a unha suxestión de Antón

⁶³⁷ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Nuestros articulistas. La propia estimación”, *Galicia*, Vigo, nº 511, 16.5.1924.

⁶³⁸ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. Todo Galicia es Cambados”, *Galicia*, Vigo, nº 547, 29.6.1924.

⁶³⁹ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. El abuso de los homenajes y otros abusos”, *Galicia*, Vigo, nº 570, 26.7.1924.

Villar Ponte⁶⁴⁰, as autoridades municipais cambadesas rotularon no verán de 1925 tres espazos urbanos emblemáticos da vila cos nomes de Alfredo Brañas, Francisco Asorei e Ramón Cabanillas, respectivamente, denominacións que chegaron aos nosos días.

Do mesmo xeito, no segundo número da revista quincenal madrileña *Hispania*, de que eran directores Ricardo León (1877-1943) e Adolfo Bonilla y San Martín (1875-1926), Villar Ponte dedícalle a Cabanillas diversas gabanzas e catálogo como un dos artífices máximos da potente alborada novecentista que, na súa opinión, estaba a experimentar a lírica galega⁶⁴¹.

Reflexionando noutro artigo sobre a posibilidade de que alguén alcanzase universalidade desde o cultivo dun idioma minorizado como era o galego e saíndo ao paso do argumento contrario, moi empregado polos autores que ansiaban triunfar “na conxugación madrileña do verbo”, por empregarmos a célebre frase manuel-antoniana, Antón Villar Ponte vai esgrimir a figura de Ramón Cabanillas como exemplo palpábel da mesma. Aludía, concretamente, á anécdota de ter presentado nun dos números de *A Nosa Terra*, cando este xornal estaba baixo a súa dirección, dous cadros dedicados respectivamente a senllos sonetos de Cabanillas e Rey Soto,

para llegar a la conclusión de que su autor [Rey Soto], más tarde o más temprano, acabaría por ser olvidado, mientras que Cabanillas cada vez tendría un culto mayor de afecto entre las gentes de su país. Y el vaticinio se ha cumplido. No pasaron tantos años desde que nosotros hicimos aquel paralelo proselitista y ya podemos ver claramente cómo la personalidad del poeta enxebre se acrecienta y cómo la del rimador gallego que compuso toda su obra poética en castellano va camino de esvairse totalmente, pese a que este poseía

⁶⁴⁰ No xornal estradense *El Emigrado* (nº 170, 7.10.1925), nun artigo intitulado “La rotulación de calles”, asinado por “Un vecino que ya dirá quién es”, fábase en ton eloxioso da idea “iniciada por Villar Ponte de que Cambados otorgase a sus preclaros hijos Alfredo Brañas, Ramón Cabanillas y Francisco Asorey, el homenaje de honrar con sus nombres tres calles de la vieja y señorial villa”.

⁶⁴¹ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Temas regionales. La poesía gallega en la actualidad”, *Hispania*, Madrid, nº 2, 30.1.1925.

gran cultura, exquisito espírito e innegables condiciones de verdadero vate. No le valió, pues, de nada el hecho de buscar en un instrumento expresivo de más grande extensión que el gallego arma para la defensa de sus elucubraciones poéticas. No logró la universalización del propio estro, a que aspiraba, tomando por vehículo la lengua de Castilla. Avaro de nombradía, al renegar del idioma nativo en el que compusiera sus prístinos versos, tras elogios efímeros que duraron lo que la vida de la rosa, cayó en las simas del olvido, llevando, como suele decirse, en el pecado la penitencia.

Entre tanto (yo os invito a pensar en el contraste) Ramón Cabanillas, que nada ha escrito en castellano, que a todas horas piensa en gallego y en gallego expresa de continuo sus anhelos y sus inquietudes, figura por derecho propio entre los grandes líricos peninsulares del momento, adquiriendo cada vez relieve más alto. Aunque su obra está hecha en lengua vernácula logró una seria universalización que no consiguieron los otros poetas gallegos expresados en castellano⁶⁴².

Tamén adica o de Viveiro parágrafos de eloxio ao poeta Cabanillas ao fío da edición do seu *A rosa de cen follas* (1927). Tal libro supuña, a xuízo do xornalista, unha especie de “alarde coque-teril” do de Fefiñáns, que resgataba unha “flor de romanticismo ochocentista” no preciso momento en que lle chegaban determinados recoñecementos académicos: “Tiene derecho a todo quien supo hacer de todo en el terreno poético”, asevera Villar Ponte antes de concluir: “Cabanillas, hasta la fecha, ha sido el vate más fecundo que hubo en nuestra tierra”⁶⁴³. Ben é certo que Antón non disimulaba xa nesta altura, recorrendo á ironía, a súa incomodidade co feito de que rodeasen e agasallasen a Cabanillas moitos individuos que, en realidade, ignoraban o contido e o significado profundo da obra do poeta:

A un escritor lo que más le interesa es que se vendan mucho sus libros. Sólo podrá creer que tiene numerosos admiradores cuando vea que las obras que produce se agotan rápidamente.

⁶⁴² Cf. VILLAR PONTE, A.: “Galerías. Una lección ejemplar”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 951, 20.2.1927.

⁶⁴³ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Galerías. El homenaje que precisan los escritores”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 988, 5.4.1927.

En la actualidad parece que Cabanillas cuenta con sin fin de devotos en toda Galicia. Pero ¿ sus libros tienen muchos compradores ? Tienen, desde luego, más que los de otros. Sin embargo, no se agotan, ni mucho menos. Sabemos de ediciones de poemas suyos de los que se han vendido escaso número de ejemplares. Y sabemos más: sabemos que si vibra en debida forma el clarín llamando a un banquete en honor del nuevo miembro de la Academia Española, las listas de inscripción arrojarían un coeficiente numerario muy superior al de venta de algunos libros del homenajeado, de que pudieran dar fe las librerías y las casas editoriales.

Si se organiza, pues, un gran banquete a Ramón Cabanillas en Santiago o en Vigo, como pretenden algunos con la mejor de las intenciones, que sea de esta guisa: sacrificando un poco la calidad del menú a fin de que quede margen dentro del precio corriente del cubierto para que cada comensal - por exigencia previa de la comisión organizadora - tenga el deber de adquirir un libro del poeta. Así se aliaría lo útil con lo dulce, sentando un ejemplar precedente para lo sucesivo⁶⁴⁴.

O que se podería denominar *canto de ciño* no relacionamento intelectual e amical dos autores de *O Mariscal* prodúcese, ao noso ver, á altura de 1927 e maniféstase, de xeito moi especial, no fanado intento de confección en réxime de co-autoría da peza *Os mártires*, arriba xa aludida⁶⁴⁵, e mais no decidido apoio que Antón Villar Ponte empresta á candidatura de Ramón Cabanillas para ocupar un posto de numerario na Real Academia Española.

Con efecto, en virtude do disposto nun Real Decreto do “Ministerio de Instrucción Pública” de 26 de novembro de 1926, a Corporación académica preparouse para acoller no seu seo representantes das diferentes linguas non castelás do Estado Español⁶⁴⁶. Ese decreto sería saudado con satisfacción por Antón Villar Ponte nos seguintes termos:

⁶⁴⁴ *Ibidem*.

⁶⁴⁵ Lémbrese que no traballo “Carta aberta. Acerca del Teatro Gallego (*El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.227, 13.1.1928), Antón Villar Ponte sinalaba: “Por lo que respecta a Ramón Cabanillas y a mí [...] entre manos tenemos otra [obra] - *Os mártires* - que pronto habrá de publicarse”.

⁶⁴⁶ O Decreto, asinado polo ministro Eduardo Callejo, contemplaba dous representantes para o catalán, dous para o galego, dous para o eusquera, un para o “valenciano” e outro para o “mallorquí”.

De sabios es mudar de consejo. El regionalismo ya no es vitando. La Real Academia Española, por decreto del Ministerio de Instrucción Pública, aspira a transformarse en Academia de las lenguas peninsulares. Va llevar [sic] a su seno ocho nuevos miembros numerarios y otros tantos correspondientes especializados en el conocimiento y el cultivo del gallego, del vasco, del catalán y sus análogos para que limpien y fijen dichos idiomas, incluso mediante la confección de diccionarios. ‘Todo cambea’, como dijo el sainetero. Y ello nada nos extraña, porque contra lo que es natural no valen caprichos políticos.

El Gobierno merece por tal innovación académica un aplauso. Máxime cuando dicha innovación supone un cambio de conducta elocuentísimo [...].

Ahora lo que procede es que los concedores y cultivadores de los idiomas regionales que la Real Academia lleve a su seno, sean los que de veras merezcan serlo⁶⁴⁷.

Con motivo da reforma que nos ocupa, o xornal *El Pueblo Gallego* decidiu abrir nas súas páxinas un inquérito entre a intelectualidade galega a fin de pulsar a súa opinión a este respecto. A enquisa, aberta o 14 de outubro de 1926, formulábase coa pregunta: “¿Quién debe representar el gallego en la R.A.E.?” As respostas foron relativamente numerosas.

Felipe Fernández Armesto apostou por Otero Pedraio e Eugenio Montes⁶⁴⁸. O xornalista galego Javier Montero Mejuto, redactor de *El Sol*, barallou até seis nomes: Castelao, Otero Pedraio, Cabanillas, Eladio Rodríguez, Amor Ruibal e Cotarelo Valledor, inclinándose finalmente polos dous últimos en base á súa condición de expertos filólogos⁶⁴⁹. O betanceiro Manuel Roel propuxo ao poeta Ramón Cabanillas e a Antón Villar Ponte, “periodista vigoroso, iniciador da corrente galeguista dend’a fundación das Irmandades, verdadeiro paladín da cultura galega é alma mater de

⁶⁴⁷ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Iniciativa plausible. Ante la reforma de la Academia Española”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 880, 28.11.1926.

⁶⁴⁸ Cf. *El Pueblo Gallego*, Vigo, 17.12.1926.

⁶⁴⁹ Cf. *El Pueblo Gallego*, Vigo, 26.12.1926.

todo canto siñifique encumbramento d-o galego”⁶⁵⁰. *R. Ochoa e C.* (probabelmente, pseudónimo de Portela Valladares) manifestouse a prol de Otero Pedraio, mais condicionando a propia presenza de representantes galegos na Academia Española á elaboración definitiva por parte da propia Academia Galega dunhas normas unificadas de escrita do galego⁶⁵¹. Blanco Torres, pola súa banda, sen propoñer nomes en concreto e sen amosar demasiadas esperanzas na repercusión positiva que para o noso idioma poidese ter tal medida, mostrouse partidario de que fosen filólogos competentes e non literatos máis ou menos lucidos os que representasen o galego na “Academia Española”⁶⁵².

Outras publicacións galegas tamén se fixeron eco da cuestión que nos ocupa. A revista *Vida Gallega* emitiu o seu veredicto en favor da candidatura de Eladio Rodríguez González, entendendo que “sería una garantía contra la invasión del lusitanismo y la plaga - tanto o más temible que aquél - del *inventivismo*”⁶⁵³, e tamén a prol da de Ramón Cabanillas. A revista de Jaime Solá reproduciu nas súas páxinas, ademais, un artigo de Luís de Zulueta en gabanza de Cabanillas aparecido inicialmente no rotativo madrileño *La Libertad* e ao que pertence este fragmento:

Galicia tiene su poeta. Un poeta que ha heredado la honda sensibilidad melancólica de la inmortal Rosalía y el estro vigoroso de Curros Enríquez. Fuerza y ternura se juntan en este último cantor de Galicia, cuyas estrofas suspiran, a veces, bajo los robles y los pinos, en las noches de luna, y otras veces vibran con el zumbido de las hoces que, contra el lobo caciquil, alzan los míseros labriegos cuando un soplo de rebeldía rompe la secular sumisión.

Galicia tiene hoy, no un poeta, sino su poeta, el poeta de la raza, en la persona de Ramón Cabanillas. No es hombre de reclamos ni de homenajes; pero sí de una legítima popularidad en su región, ese

⁶⁵⁰ Cf. *El Pueblo Gallego*, Vigo, 29.12.1926.

⁶⁵¹ Cf. *El Pueblo Gallego*, Vigo, 2.1.1927.

⁶⁵² Cf. BLANCO TORRES, R.: “Sobre nuestro idioma en la Academia Española”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 920, 15.1.1927.

⁶⁵³ Cf. “El gallego en la Academia Española”, *Vida Gallega*, Vigo, nº 332, 20.2.1927.

moderno bardo de Suevia que se os aparece un día con su aire franco y decidido, y luego se os esfuma una larga temporada, entregado, acaso, a la soledad y al recogimiento, con esta mezcla tan típicamente gallega de resolución y de humildad, admirable energía silenciosa de un pueblo que sabe que vale mucho más de los que aparenta, y que quiere aparentar mucho menos de lo que puede y de lo que vale.

Pobre, hidalgo y soñador, llama el poeta a su Cambados, dormido junto al mar [...] Cabanillas, que ha convivido tantos años con los campesinos, recogiendo sus dolientes quejas, o bebiendo con ellos en la fiesta un tazón de vino espadeiro, tiene también en su espíritu no poco de aquellas tres calidades que son, a la verdad, tres virtudes... *Pobre e fidalgo e soñador*...

Tiene hoy Galicia su poeta. En los versos de Ramón Cabanillas es toda su tierra natal la que ríe y llora, grita y canta. [...]

No hay duda. Donde esté Ramón Cabanillas estará hoy representada Galicia. No es solo un cultivador de la lengua regional. Es, por excelencia, el poeta; es la voz de la actual emoción de su tierra⁶⁵⁴.

Pola súa vez, o boletín *Nós*, sen propor nomes, salientou no entanto con evidente satisfacción os moitos ‘votos’ que estaba a obter no inquérito de *El Pueblo Gallego* o seu colaborador Otero Pedraio⁶⁵⁵.

O “nominado” Villar Ponte interviu no citado inquérito en dúas ocasións. A primeira para rebater os argumentos publicitados polo diario madrileño *La Nación*, voceiro do partido único ditatorial “Unión Patriótica”, en contra da posíbel designación do poeta Ramón Cabanillas, que acababa de ser defendida nun editorial polo xornal madrileño *El Sol*. O mentado rotativo ‘upetista’, que apostaba por Amor Ruibal, Cotarelo Valledor ou, en todo o caso, Valle Inclán, consideraba deméritos do poeta de Fefiñáns o feito de non ser filólogo profesional, o marcado anticastelanismo de moitos dos seus versos e, en definitiva, a súa clara aposta polo cultivo literario exclusivo do idioma propio:

⁶⁵⁴ Citado por *Vida Gallega*, Vigo, nº 332, 20.2.1927.

⁶⁵⁵ Cf. *Nós*, Ourense, nº 37, 15.1.1927.

No desconocemos la obra poética de Ramón Cabanillas, pero deliberadamente hemos omitido su nombre, porque para ello tenemos buenas razones de orden patriótico. Cabanillas, como otros intelectuales gallegos, está asaz imbuído por el catalanismo de los *salta-taulets*, en buena hora finiquitado. En su espíritu mandan todos los tópicos anticastellanos, que no son los mejores consejeros para una obra de solidaridad ibérica, como la que representa la impuesta por el Gobierno al dar consagración oficial a las lenguas familiares en uso entre algunas clases sociales de varias regiones. En el caso de Galicia entre labradores y marineros.

Algunos conceptos que se repiten en la obra de Cabanillas no delatan una buena disposición de ánimo para hacer una labor que tiene que ser de concordia, como no garantiza la ecuanimidad precisa para una obra de hispanidad el reciente drama del poeta gallego *O Mariscal*, donde se asigna más valor a la leyenda que a la verdad histórica. Pero aunque no adoleciera de un galleguismo traducido del catalán de las Bases de Manresa, no creemos sea mérito suficiente para ir a la Academia a fijar una lengua [...] el ser un destacado poeta⁶⁵⁶.

Antón Villar Ponte replicará a estos razoamentos de *La Nación* da seguinte maneira:

si empezamos así, más vale que se declaren vacantes para *in eternum* los dos puestos creados a beneficio de la lengua gallega.

Que uno de los señores a quienes se eleve a uno de esos puestos sea técnico en las cosas de nuestro idioma, nos parece muy bien. Pero que el otro antes que técnico posea condiciones de indiscutible artista y de exquisito cincelador del instrumento de expresión vernácula, lo creemos justo y necesario. Solo así se completarían ambos. Para el primer puesto, Cotarelo o Amor Ruibal, cualquiera de ellos, antójásenos una buena adquisición. Para el segundo, pocos o ninguno podrán superarle a Cabanillas. Y esto, el dignísimo presidente de la Real Academia Española se halla harto de saberlo.

El otro gran don Ramón -Valle Inclán - a quien el órgano de la U. P. señala de pasada como superior a Cabanillas para ocupar uno de los dos nuevos sillones de académicos gallegos, en tal sentido nos parece tan recusable, como él, sin duda, se lo parecerá a sí mismo. Porque el ilustre autor de las *Sonatas* ha hecho toda su obra de fama

⁶⁵⁶ Cf. "Los candidatos a la Academia. Al buen callar llaman Sancho", *La Nación*, Madrid, nº 356, 7.12.1926.

en castellano, y *en castellano* debe de ir a la Academia o no debe ir de ningún modo⁶⁵⁷.

Esta súa apaixonada defensa da candidatura do poeta Cabanillas concluía da seguinte maneira:

Si Cabanillas, que ha sido hasta ahora el poeta más fecundo de Galicia, y uno de los más grandes, sino el más grande de la época contemporánea, digno de emparejarse con Rosalía, no reúne condiciones para ser académico de una lengua que cultivó y dignificó como pocos, en el seno de una Academia que quiere consagrar serio estudio a las lenguas regionales, ¿quién puede reunir las ?. En el idioma gallego, Cabanillas es una cumbre. De las pocas que se columbran desde fuera de Galicia. Y ante esta verdad todo lo otro se torna sofisma. Nómbrasele o no académico, en la lectura de sus obras, más que en la de los técnicos, habrán de seguir saboreando las bellezas del léxico gallego los devotos del gallego, de esta lengua armoniosa y flexible que antaño floreció en las cortes de amor y que hogaño - para su honra - está en uso entre labrantines y marineros, o sea entre lo mejor de Galicia⁶⁵⁸.

A segunda intervención de Villar Ponte no referido inquérito de *El Pueblo Gallego* tivo como fin asentar as dúas premisas previas que, ao seu ver, deberían operar nesta cuestión da designación de numerarios do idioma galego na “Academia Española”. A primeira era que, dos dous representantes que lle correspondían nela, un debería ser, por definición e en cualidade de nato, quen ostentase o posto de presidente da Academia Galega (Eladio Rodríguez, nesa altura). A segunda era que o outro representante habería de ser designado por esta, e non pola “Real Academia Española”⁶⁵⁹.

Con estes criterios defendidos polo xornalista viveirés amosáronse conformes Fernández Mazas (que propuxo ademais mudar o

⁶⁵⁷ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Galerías. *La Nación* y los candidatos gallegos a la Academia”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 891, 11.12.1926.

⁶⁵⁸ *Ibidem*.

⁶⁵⁹ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Galicia en la Real Academia”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 895, 16.12.1926.

nome de Real Academia de la Lengua Española polo de “Real Academia de las Lenguas Ibéricas”⁶⁶⁰, Vítor Casas (que apostou tamén por Otero Pedraio)⁶⁶¹ e o director do colexio “La Paz” de Vigo, Antonio Vidal⁶⁶². Por contra, expresaron a súa disconformidade de Josué Dapena e Xoán Xesús González.

O primeiro, partidario da designación de Cotarelo Valledor e Javier Sánchez Cantón, entendía que o posto de presidente da Academia Galega, como a experiencia demostraba, non tiña sido en absoluto garantía de “sólido renombre y prestigio, vasta cultura y reconocido galleguismo”⁶⁶³.

Pola súa banda, Xoán Xesús González negáballe á Academia Galega capacidade para facer unha designación digna e propuña que esta fose por “elección pública y si se quiere popular o mediante una *enquete* depurada en un periódico que se estime conveniente”⁶⁶⁴. Tampouco *Johán Carballeira*, partidario da designación de Cabanillas e Vicente Risco, se amosou desta vez conforme con Villar Ponte “en cuanto a que de la Academia Gallega se haga un a modo de desdoblamiento para representar a Galicia en la Española”⁶⁶⁵. Os promotores da revista galaico-bonaerense *Céltiga*, en fin, terciaron no debate para sinalar:

A nosotros no nos satisface absolutamente la reciente reforma de la Real Academia Española de la Lengua [...] porque nos parece una maniobra taimada para contener el avance de las lenguas regionales y para secuestrar en la Corte de las Españas a las figuras más significadas del movimiento nacionalista⁶⁶⁶.

⁶⁶⁰ Cf. *El Pueblo Gallego*, Vigo, 31.12.1926.

⁶⁶¹ Cf. *El Pueblo Gallego*, Vigo, 23.12.1926.

⁶⁶² Cf. *El Pueblo Gallego*, Vigo, 21.12.1926.

⁶⁶³ Cf. *El Pueblo Gallego*, Vigo, 8.1.1927.

⁶⁶⁴ Cf. *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 897, 18.12.1926. Noutro artigo Xoán Xesús González apostou por Otero Pedraio e Eugenio Montes como representantes do galego na Real Academia Española e apoiou ademais a proposta lanzada por Fernández Armesto de mudar o nome desa Corporación polo de “Academia de las Lenguas Ibéricas” (Cf. *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 900, 22.12.1926).

⁶⁶⁵ Cf. “Galicia en la Real Academia”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 910, 4.1.1927.

⁶⁶⁶ Cf. *Céltiga*, Buenos Aires, nº 48, 25.12.1926.

A finais de febreiro de 1927, *La Voz de Galicia* informaba nas súas páxinas da definitiva admisión por parte da Academia Española das propostas de nomeamento de Cabanillas, Cotarelo Valledor, Couceiro Freijomil e un tal Muñoz. Precisamente sobre ese descoñecido preguntábase o citado diario:

Y ¿quién es Muñoz? ¿Saben ustedes quien es Muñoz? Nuestra erudición modesta no alcanza a descubrirlo. No sabemos que exista en la bibliografía gallega actual ningún autor de su nombre que pudiera abrigar aspiraciones de ir a la Academia Española, con representación de la lengua y la literatura de esta región⁶⁶⁷.

Finalmente, o 11 de marzo de 1927 facíase pública a escolla oficial definitiva de representantes das linguas “rexionais” na “Real Academia Española de la Lengua”: por Galiza, Armando Cotarelo Valledor (proposto por Francisco Rodríguez Marín, Alemany, Rodríguez Carracido e o Marqués de Figueroa) e Ramón Cabanillas (proposto polo Marqués de Figueroa, Eduardo Gómez de Baquero e Miguel Asín y Palacios); por Cataluña, Antoni Rubio e Eugeni D’Ors; por Baleares, Mosén Lorenzo Ribet; por Valencia, o Padre Fallara; e, finalmente, por Euzkadi, o Padre Azcué e Julio Urquijo⁶⁶⁸. Como é sabido, Cotarelo Valledor faría efectivo o seu ingreso lendo un discurso sobre o trobador rianxeiro e almirante Paio Gomes Chariño, en abril de 1929. Un mes despois, Cabanillas faría o propio cun discurso sobre Eduardo Pondal, sendo recibido na Corporación por outro académico de orixes galegas, o Marqués de Figueroa.

Na perspectiva de explicar cando e por que se produciu o distanciamiento entre os autores de *O Mariscal*, resulta moi chamativo o feito de que Antón Villar Ponte non asistise ao banquete-home-

⁶⁶⁷ Cf. *La Voz de Galicia*, A Coruña, 27.2.1927.

⁶⁶⁸ A valorización que o xornal coruñés *La Voz de Galicia* fixo dos nomeamentos de Cabanillas e Cotarelo resulta ben elocuente: “por lo que a Galicia afecta, nos parecen perfectos los nombramientos hechos, tanto por las personas en quienes han recaído como por que en ellas aparecen personificadas las dos tendencias a que antes aludíamos [méritos literarios e coñecimentos idiomáticos] y que deben registrarse en la actuación académica para que sea completa [...] Cotarelo y Cabanillas, técnico e instintivo, profesor y poeta, elemento de orden y hombre de izquierda se completan [sic] y representan de modo admirable a nuestra tierra en la Academia Española” (Cf. “Fija, limpia y da esplendor. Los idiomas regionales en la Academia Española”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 12.3.1927).

naxe que se lle tributou a Ramón Cabanillas en Vigo, o 7 de maio de 1927, ao resultar designado numerario da Real Academia Española. E resulta chamativo, primeiro, porque Antón era unha figura frecuente nese tipo de actos na Galiza do seu tempo⁶⁶⁹, e, segundo, porque o de Viveiro, como acabamos de ver, defendera mesmo con vehemencia, a través de artigos de prensa, a idoneidade do poeta cambadés para o posto.

Cónstanos que a comisión organizadora da homenaxe, formada polos directivos do Casino vigués Pérez Viondi e Joaquín Novoa, presidente e secretario da entidade, respectivamente, e mais polo avogado pontevedrés Isidoro Millán, se deslocou *ex professo* á Coruña para invitar aos actos a diversas autoridades (gobernador civil, presidente da Deputación, presidente da Asociación de Prensa, presidente da Academia Galega e directores de todos os xornais herculinos) e tamén, expresamente, “al señor Villar Ponte, culto colaborador de Cabanillas en uno de sus últimos libros”⁶⁷⁰. Mais é verdade que esta ausencia puido deberse ao feito de estar nesa altura o viveirés gravemente enfermo, a xulgar polas palabras dun dos cronistas do acto, o director de *La Voz de Galicia* Alejandro Barreiro:

[Cabanillas] sabía bien que aunque no estuvieron en trance tal a su lado, le acompañaban y asistían espiritualmente Risco, Losada Diéguez, Castelao, Villar Ponte -su colaborador, ya mejorado de la dolencia-, Peña Novo, Otero Pedrayo, Lugrís Freire, Carré, Noriega, Amor Meilán, Macías, Martínez Morás, Salgado Toimil, Castillo, Taibo, Asorey, Solá, López Abente, Blanco Torres y tantos más...⁶⁷¹.

⁶⁶⁹ Sen afán de sermos exhaustivos, rexistramos a presenza de Antón Villar Ponte durante o propio período ditatorial en banquetes ofrecidos na honra de figuras como Vicente López Veiga (20.2.1924) e José Cidre (6.5.1924), ambos socios fundadores do “Centro Galego” da Habana; o diplomata e escritor José García Acuña, xerente do xornal *El Noroeste*, polo éxito da súa novela *La Mariñana* (30.3.1924); o daquela sindicalista Ramón Suárez Picallo (29.8.1926); o doutor Eliseo S. Otero (xullo de 1927); e, por último, o xornalista Dionisio Pérez (marzo de 1928). Tamén acode Villar Ponte, en marzo de 1926, á festa de inauguración da biblioteca da sociedade “Liceo” de Betanzos.

⁶⁷⁰ Cf. *La Voz de Galicia*, A Coruña, 1.5.1927.

⁶⁷¹ Cf. BARREIRO, A.: “Después del homenaje a Cabanillas. La divina poesía y la prosaica realidad”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 10.5.1927. No primeiro número do quincenario satírico santiagués *Los Miserables*, correspondente ao día 26 de maio de 1927, lemos: “Hállase muy mejorado de la grave enfermedad que le aquejaba, nuestro queridísimo amigo el ilustre escritor galleguista Antonio Villar Ponte, por cuyo completo restablecimiento hacemos los votos más fervorosos y sinceros”.

Non pode pasar desapercibida, porén, a non asistencia aos actos que nos ocupan, xa non do Antón Villar Ponte probablemente postrado no leito por unha doenza, senón de significados elementos da plana maior do nacionalismo galego, como Risco, Otero Pedraio ou Losada Diéguez, tan afíns en pensamento (catolicismo, saudosismo, anti-marxismo...) ao Cabanillas desa época⁶⁷². Moi probablemente, a ausencia dun e doutros debeuse en boa medida ao receo que sentiron perante o pendor excesivamente oficialista que os organizadores lle imprimiron á iniciativa⁶⁷³.

Con efecto, a presenza nos referidos actos de numerosos militares de alta graduación (o xeneral de Estado Maior Leocadio López, o xeneral e gobernador militar en Vigo sr. Coronel, o tenente coronel de Estado Maior Martínez Cabrera, o coronel de Artillaría Eliseo Loriga...) ⁶⁷⁴ e mesmo de catedráticos da Universidade compostelá que se tiñan significado xa pola súa teima antigaleguista, como Novo Campelo, xunto coas peroracións de persoeiros como o ex-cónsul de España en Tetuán e ex-ministro de Fomento Luís Rodríguez de Viguri Seoane (futuro ministro de Economía no goberno Berenguer), o alcalde vigués Alonso Cuenca ou o presidente do Casino, Pérez Viondi, contribuíron indubitabelmente a connotar de “oficialismo” a homenaxe e converteron a Cabanillas, *nolis velis*, pouco menos que nun entusiasta “poeta do réxime”. Deuse, en definitiva, empregándonos as atinadas palabras de Dolores Vilavedra, “unha certa apropiación do que a súa figura representaba por parte do aparato do poder central”⁶⁷⁵.

Neste sentido, non é casual que Antón Villar Ponte dedicase parágrafos dun seu artigo a ironizar sobre unha parte da concorren-

⁶⁷² Distinto é o caso de Ánxel Casal e Federico Zamora, membros da Irmandade herculina que acudiron a eses actos de homenaxe a Cabanillas en Vigo provistos dun cargamento de libros galegos para repartilos polas librarías viguesas e vendelos entre o público (Cf. BARREIRO, A.: *op. cit.*). Tamén fixeron acto de presenza no local da homenaxe, o salón social que o Casino olívico posuía na rúa Policarpo Sanz, Castelao e Francisco Asorei, mais segundo a crónica de Alejandro Barreiro (cf. *art. cit.*), simplemente “lo abrazaron conmovidos y se fueron”.

⁶⁷³ Documentos gráficos sobre este banquete poden verse en *Vida Gallega*, Vigo, nº 341, 20.5.1927.

⁶⁷⁴ Cf. “En Vigo. Homenaje a Cabanillas”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 8.5.1927.

⁶⁷⁵ VILAVEDRA, D.: *Historia da literatura galega*, Ed. Galaxia, Vigo, 1999, p. 160.

cia aos actos de homenaxe a Cabanillas (velada no “Teatro García Barbón”, banquete no Salón Social do Casino e baile de etiqueta), salientando que, con toda a probabilidade, moitos deses comensais nunca un libro do poeta mercaran nin cataran sequer polo forro. Tal clase de banquetes, expuña o de Viveiro,

nos parecerían bien si para asistir a ellos se pudiese una indicación previa: la de que cuantos aportaran el precio del cubierto que da derecho a tomar asiento en la mesa donde Cabanillas tenga honores de anfitrión, se viesen obligados a exhibir en mano, sinó todos sus libros, uno cuando menos. Porque es triste y cómico y hasta de índole farisaica, que a un hombre de letras le rindan honores de admiración por los libros que tiene publicados, multitud de individuos que no los conocen y que no gastarán dinero en adquirir alguno⁶⁷⁶.

A pesar de que, segundo o anónimo redactor de *La Voz de Galicia* que escribía en xullo de 1927 o artigo “Cabanillas en la Academia”, os fastos e homenaxes nada tiñan mudado o carácter do poeta cambadés, que paseaba polas frondas de Mondariz “con la misma despreocupación que cuando aún no era inmortal oficialmente”⁶⁷⁷, o certo é que desde entón mudarán para mal cousas ben substanciais, entre as que hai que mencionar a amizade co autor de *A patria do labrego*.

Con efecto, o relacionamento entre Cabanillas e Antón Villar Ponte entra en crise definitivamente a partir de 1928, por máis que aínda en agosto dese mesmo ano o de Viveiro incluía gabanciosamente nun dos seus artigos ao de Cambados na nómina universal de *poetas-faro*. Esa nómina, composta por autores como Jacint Verdager, Ángel Guimerá, Vitor Hugo, Guerra Junqueiro, José Martí, Schetchenko, Mickievicz, Curros Enríquez, Rosalía de Castro e Francisco Añón, incluía, segundo o criterio do xornalista, a aqueles que procuraban unha beleza sempre impregnada de humanitarismo, de anseios de xustiza, capaces de cantaren o pasado e o

⁶⁷⁶ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Galerías. El libro, artículo de primera necesidad”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.340, 5.6.1928.

⁶⁷⁷ Cf. “Cabanillas en la Academia”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 27.7.1927.

futuro de todo un pobo e de poren a súa inspiración ao servizo dun ideais “proyectoros de caminos innumerables sobre el mar de las multitudes, cuya silueta moral tiene todas las trazas de un hito vigo-roso que señala la cima ideológica de una época”⁶⁷⁸.

As raíces profundas dese distanciamento a que estamos referíndonos hai que as procurar, en primeira instancia, na deriva e posterior fracaso da ING risquiiana. En 1925, coa súa proposta de creación dun “Partido Liberal Autonomista Galego”, que no entanto non chegou a nacer, Antón rompe definitivamente co proxecto político-ideolóxico de Risco e inicia un periplo ideolóxico que significa o total abandono da ortodoxia elitista, saudosista e orgánico-historicista en que o autor da *Teoría do nacionalismo galego* sumira o movemento na etapa precedente. A partir de entón, fronte a un Cabanillas que se afana en poetizar nas “sagas” de *Na noite estrelecida* todos e cada un dos ideoloxemas relixiosos, míticos e panteístas que configuran o ideario dos que, con Risco á cabeza, se ven a si propios como unha élite de “escolleitos”, Antón Villar Ponte transita decididamente o camiño da “repolitización” democrática do nacionalismo, achegándose desde 1926 á “Alianza Republicana”, reconciliándose despois coa Irmandade coruñesa (1928) e impulsando a loita contra a ditadura a través de numerosas e emerxentes plataformas democrático-republicanistas: o “Partido Republicano Radical-Socialista” (1929), a “Organización Republicana Gallega Autónoma” (1929), a “Federación Republicana Gallega” (1930), etc.

Tamén o afastamento xeográfico tivo o seu quión na causalidade do enfriamento de relacións entre os autores de *O Mariscal*. Após o brillante período vivido no Balneario de Mondariz, Cabanillas optaría, como é ben coñecido, por abandonar Galiza e establecerse en Madrid. Non hai máis que escoitar o que opinaba Villar Ponte sobre casos de galegos eminentes que se “fugaban” á capital do Estado por esa época para se decatarse do pouco satisfeito que podía estar coa decisión do seu amigo cambadés.

⁶⁷⁸Cf. VILLAR PONTE, A. “Galerías. Dos clases de poetas”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.396, 11.8.1928.

Con efecto, cando o musicólogo lugués Jesús Bal Gay postulou desde as páxinas de *El Pueblo Gallego*, no verán de 1926, a idea de que a cultura galega debería ir sen demora á “conquista” de Madrid para se facer valer, Villar Ponte retrucariálle, desde o mesmo xornal:

Yo no creo que sea urgente ir a la conquista de Madrid. Madrid, después de todo, es la Babilonia de naciones de que hablara Baltasar Gracián. Lo urgente para Galicia es la conquista de sí misma. Mientras Galicia no sea dueña de si, no podrá serlo de nada ni de nadie. Así procedió Cataluña. ‘Hizo’ sus políticos, sus escritores, sus artistas, recobró su carácter natural, con la oposición ruda y sistemática de Madrid, y luego Madrid tuvo que tolerarlos que no es igual que amarlos. Y Galicia aún no hizo políticos, aunque comience a hacer escritores y artistas [...] No, no es en Madrid donde hay que ganar las primeras batallas, capaces de definirnos como beligerantes; las primeras batallas hay que ganarlas en Galicia⁶⁷⁹.

De igual xeito, unhas afirmacións de Evaristo Correa Calderón feitas ao fío do traslado do doutor Roberto Nóvoa Santos desde Compostela a Madrid, en novembro de 1927, no sentido de que todo o intelectual galego debía emigrar para contrastar o seu verdadeiro valer, serían contestadas con rotundidade polo xornalista viveirés nos seguintes termos:

Conformes con él en lo de que resulta necesario que nuestros intelectuales viajen y visiten lo mejor del extranjero para adquirir una cultura amplia e integral evitadora de preconceptos limitadores. No solo para nuestros intelectuales, sino para todos los gallegos deseamos esto [...]. Pero se trata de otra cosa: se trata de saber si desde un punto de vista patriótico puede considerarse atinado el consejo de que el bien de nuestra tierra está en que todos nuestros intelectuales de valía emigren, en la forma en que lo va a hacer Nóvoa Santos, para rendir sus mayores esfuerzos culturales con carácter de permanencia lejos de Galicia.

Generalizando esto que el sr. Correa Calderón propugna (y todo lo que es bueno debe tenderse a generalizarlo, como dijo acertada-

⁶⁷⁹ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Galerías. Al margen de unas marginales”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 750, 30.6.1926.

mente Kant) ¿ Qué podría ser de Galicia, aunque muchos gallegos honrasen su nombre en Madrid, París y Pekín ? [...] El porvenir de Galicia estriba en lo contrario: en que sus hijos ilustres conozcan lo bueno de los países ajenos para contrastarlo con lo propio y tratar de nacionalizarlo a toda costa, mediante la organización de núcleos de juventud idónea, a tal objeto ¿ Entraña esto algo de aldeanismo, de aria barojana de la limitación, de capillismo provincianista, de auto afán de endiosamiento ? [...]

Lo peor para Galicia - aunque para ellos resultase lo mejor - es que, hasta ahora [...], la mayoría de nuestros valores intelectuales, artistas y científicos, abandonara la metrópoli yendo a colaborar con su propio talento en las culturas ajenas, dejando la propia olvidada por completo, casi siempre⁶⁸⁰.

Idénticos argumentos exporía o viveirés, en fin, cando a “Universidad Popular” herculina acolla o 30 de decembro de 1927 unha conferencia do propio Nóvoa Santos, que acababa de regresar de Madrid tras vencer brillantemente na oposición para a provisión da cátedra de Patoloxía Xeral da “Universidad Central”. Este éxito do eminente doutor non alegraba en exceso a un Villar Ponte que vía con pesar, máis unha vez, como un intelectual galego de valía emigraba a Madrid e deixaba orfa do seu saber á Universidade compostelá en que viñera traballando. A este respecto escribía:

Celebramos que triunfen nuestras mentalidades representativas fuera de Galicia, porque ello redunde en prestigio de la raza, pero nos duele que ese triunfo lleve implícito consigo el absentismo de los triunfadores que tanta falta hacen entre nosotros. De seguir el ejemplo de Nóvoa Santos y de Varela Radío, todos los que representan un verdadero valor científico en la Universidad de Santiago, ésta acabará quedando muy en precario [...]

Por eso nosotros pensamos, dándole rienda suelta a nuestro encendido patriotismo, que los gallegos que vivan en Galicia cumplirán

⁶⁸⁰ Cf. VILLAR PONTE, A.: “Sin reñir y razonando. Una tesis indefendible”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.230, 14.1.1928. Aínda que Domingo García-Sabell, biógrafo de Nóvoa Santos, alude a este artigo de Villar Ponte (Vide GARCÍA-SABELL, D.: *Roberto Nóvoa Santos*, Banco del Noroeste, A Coruña, 1981, p. 28) faino, porén, terxiversando en certa maneira o seu sentido, pois lonxe de constituir un parabén ao trasladado, como suxire quen foi presidente da Academia Galega, o traballo do xornalista viveirés era, como pode verse na citación que acabamos de facer, un auténtico protesto pola “fuga de cerebros” galegos cara a Madrid.

el mayor deber de conciencia exaltando siempre, por sobre todos, a aquellos valores de la raza que dentro del terruño laboran en pro de la cultura del mismo haciéndose cien veces más útiles para la colectividad que los que emigran, aunque éstos tengan mayor merecimiento individual.

De los que vivan en Galicia para Galicia dependerá a la postre el progreso regional⁶⁸¹.

Por outra banda, está claro que pouco axudaron a manter a sintonía entre os dous autores de *O Mariscal* determinados nomeamentos e agasallos dados a Cabanillas polas autoridades primo-riveristas. Xa temos feito referencia á homenaxe en Vigo após a súa elección como numerario da Academia Española en marzo de 1927. Engádaselle a asignación dunha renda vitalicia de 3.000 pesetas anuais por parte da Deputación Provincial ourensá e o nomeamento de cronista artístico do Reino de Galiza por conta desa Deputación e mais da de Pontevedra (presidida por Daniel de La Sota). Por se isto non abundase, súmese a cerimonia de ingreso de Cabanillas na Academia de la Lengua en 1929... Todos estes agasallos e favoritismos oficiais afastaban claramente ao poeta cambadés do núcleo republicano-galeguista no instante en que este cobraba renovadas forzas na súa ofensiva democratizadora contra a Ditadura.

Resulta evidente que entre o Villar Ponte entregado de cheo á causa da República que resulta varias veces encadeado por causa dos seus valentes artigos antiditatoriais⁶⁸² e un Ramón Cabanillas que se deixa retratar na mesma época co ministro Calvo Sotelo, que recibe as lisonxas de Rodríguez de Viguri, Pérez Viondi e outros prebostes no banquete que se lle ofrece ao poeta en Vigo en 1927, que cobra unha nómina vitalicia por conta dalgunhas Deputacións pro-

⁶⁸¹ Cf. [VILLAR PONTE, A.]: "Temas de interés. El duelo del coruñés y el sevillano", *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.191, 30.11.1927.

⁶⁸² Concretamente unha vez na primavera de 1926, por criticar nun artigo publicado no diario vigués *Galicia* a proposta de nomeamento do ministro José Calvo Sotelo como fillo predilecto de Galiza (Cf. "El momento de Galicia", *Céltiga*, Buenos Aires, nº 34, 25.5.1926) e outra desde o día 15 ao 29 de xaneiro de 1927, por criticar ao Directorio primo-riverista (Cf. "Antón Villar Ponte fué multado en 500 pesetas por escribir", *El Despertar Gallego*, Buenos Aires, nº 90, 16.1.1927).

vinciais, e que, ademais, permanece en Madrid, mudo agora para as letras galegas, non podía existir xa a mesma harmonía que os unira no comezo da década dos 20 ao emprenderen a redacción de *O Mariscal*. Se cadra por iso mesmo non asistiu o cambadés a ningunha das representacións que da “súa” ópera se fixeran ao longo de 1929, se ben é certo que tampouco o fixera cando a estrea de *A man de Santiña*, dez anos atrás.

É sintomático que no proceso de configuración de organizacións e estratexias políticas que ten lugar no final da Ditadura primo-riverista, Antón e Ramón camiñen descompasados: mentres o de Viveiro impulsa desde finais de 1929 a ORGA, participa en marzo de 1930 no “Pacto de Lestrove” (que dá orixe á “Federación Republicana Gallega”) e intenta sen éxito na VI Asemblea Nacionalista (27 de abril de 1930) que as Irmandades se impliquen nesa organización, o de Cambados, en sintonía con Risco (lémbrese que é o autor de *No desterro* quen o recibe na Academia Galega en 23 de febreiro de 1929), aposta por outras vías e participa en setembro de 1930 no “Pacto de Barrantes”.

Significativa é igualmente, na perspectiva do distanciamento que se está a producir entre os autores de *O Mariscal*, a non participación do “poeta da Raza” na constitución en xullo de 1930 da “Asociación de Escritores Galegos”⁶⁸³, sobre todo se temos en conta que, en contraste, Antón Villar Ponte fará parte da súa primeira directiva nada menos que en cualidade de Vicepresidente Primeiro⁶⁸⁴.

⁶⁸³ As finalidades principais da “Asociación” eran a potenciación da literatura galega e a difusión do libro galego, por unha banda, e o fomento da creación e a dignificación da figura do escritor en galego, no camiño da súa profesionalización, por outra. Sobre esta entidade *vide* CAPELÁN REI, A.: *Contra a Casa da Troia. Cultura e sociedade no Santiago dos anos trinta*, Edicións Laivento, Col. Ensaio nº 45, Santiago, 1994, cap. III.

⁶⁸⁴ O resto da directiva estaba composta por Ramón Otero Pedraio (Presidente), Castelao (Vicepresidente 2º), Antón Noriega Varela (Vicepresidente 3º), Álvaro de las Casas (Secretario), Cándido Fernández Mazas (Vicesecretario), Vicente Risco (Tesoureiro), Roberto Blanco Torres (Contador), Jacinto Santiago (Bibliotecario) e, como vogais, Valentín Paz-Andrade, Rafael Dieste, Primitivo Rodríguez Sanjurjo, Florentino López Cuevillas, Jesús Bal Gay e Felipe Fernández Armesto (Cf. *Nós*, Ourense, nº 80, 15.8.1930).

Ben é certo que esta “Asociación” esmoreceu axiña. A derradeira referencia a ela aparece no xornal *El Pueblo Gallego*, o 22 de febreiro de 1931, anunciando unha xuntanza en Compostela que, segundo todos os indicios, nunca chegou a se celebrar, entre outras razóns, supomos, dada a efervescencia socio-política e intensa actividade da intelectualidade nacionalista e republicana que acompañou por eses días a caída da monarquía borbónica. Habería que agardar a 1936 para que os escritores galegos, esporados precisamente por un artigo de Villar Ponte, decidisen retomar a idea e constituísen unha nova “Asociación”.

A ruptura de Cabanillas co galeguismo organizado no Partido Galeguista en 1931; o feito de que aparecese a súa sinatura nun discutido manifesto de afirmación católica emitido por un grupo de intelectuais do sector dereitista do galeguismo (Risco, Otero Pedraio...) e publicado en novembro de 1931 pola revista pontevedresa *Logos*⁶⁸⁵; a súa negativa opinión sobre o liderado e as orientacións pro-esquerdistas de Alexandre Bóveda e Castelao⁶⁸⁶; a

⁶⁸⁵ Antón Villar Ponte foi, precisamente, un dos republicanos laicistas que contestaría este “Manifesto de afirmación católica dun grupo de nacionalistas” feito público por Risco, Otero, Cabanillas e outros á calor do debate constitucional da *cuestión relixiosa*.

Perante o chamamento a loitar polo triunfo da concepción católica do mundo incluído no citado “Manifesto”, Villar Ponte, no artigo intitulado “Pretextos cotidianos. El galleguismo siempre será liberal” (*El Pueblo Gallego*, Vigo, 5.11.1931) acusaría aos seus asinantes de ultramontanismo e, alén de reclamar a completa separación entre a esfera do político e a esfera do relixioso, faría a seguinte caracterización, retomada despois no seu discurso de ingreso na Academia Galega (1934): “Nuestro galleguismo fervoroso afinado en las tradiciones democráticas del país y compatible con todos los avances ideológicos que hoy privan en el mundo, tiene, como lo tuvo siempre, un franco resellamiento izquierdista [...]. Nosotros continuamos siendo leales al alma liberal de Galicia, que desde los tiempos de Prisciliano hasta hoy no se eclipsó jamás. El noble acento democrático, de pura tendencia izquierdista, que acertó a poner siempre nuestra tierra en todas las actuaciones peninsulares contrarias al absolutismo y a la reacción, nosotros lo proyectamos y lo proyectaremos sin titubeo en toda nuestra obra de gallejidad universalista. Por algo nos llamamos los Continuadores de aquellos Precursores que cantó Murguía, modelos de demócratas y de liberales [...]. Enemigos por tanto del ultramontanismo, lo combatiremos sin treguas [...]”.

Vicente Risco replicaría, á súa vez, estas palabras no artigo “Pra Anton Villar Ponte” (*El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 2.371, 10.11.1931): “A min paréceme que o noso documento, nen mistura de ningún xeito a relixión co-a política, nen significa unha posición d’ultramontanismo, nen moitísimo menos nega as tradicións liberais e democráticas de Galicia, nen pretende ir contra elas”.

⁶⁸⁶ Vide a este respecto as cartas de Cabanillas a Ramón Otero Pedraio datadas en Madrid a 22 de abril e 28 de outubro de 1934, respectivamente, existentes na Fundación Penzol (Vigo) e reproducidas por ALONSO MONTERO no artigo “Don Ramón Cabanillas confésase con Don Ramón Otero Pedrayo”, en VV. AA.: *Ramón Cabanillas. Camiño adiante*, Ed. A Nosa Terra, Col. A Nosa Cultura-Extra nº 10, Vigo, 1989, pp. 5-6.

súa amizade con caracterizados elementos dereitistas e antirrepublicanos pontevedreses, con vencellos familiares e políticos en Cambados, como Isidoro Millán (deputado melquiadista) ou Víctor Lis Quibén (futuro xefe das “escuadras del amanecer” en Pontevedra); a súa aceptación do cargo de vogal do “Consejo Nacional de Cultura” por designación do goberno lerrouxista en 1933; o seu nomeamento como director dunha “Escuela de Sordomudos” de Madrid en 1935, etc. son elementos que permiten comprender a ausencia de trato entre quen no pasado tiñan formado un *tándem* (ideólogo e poeta) extraordinariamente relevante e produtivo tanto na historia da nosa literatura como no nacente nacionalismo galego.

Da mesma maneira, para dar conta das razóns por que nin sequera a versión operística de *O Mariscal* volveu coñecer logo da súa estrea e posterior xira en 1929 máis representacións, cómpre non perder de vista que o arquitecto-compositor Eduardo Rodríguez Losada vaise significar desde abril de 1931 como unha das figuras máis relevantes dentro da urbe herculina no apoio público ás forzas dereitistas e antirrepublicanas⁶⁸⁷. Este feito provocou, sen dúbida, a deterioración do seu relacionamento co entón deputado orguista nas Constituíntes Antón Villar Ponte...

6.3. DO SILENCIAMENTO NO FRANQUISMO Á MONTAXE DO “CENTRO DRAMÁTICO GALEGO”

A guerra civil e o franquismo converteron *O Mariscal* en literatura esquecida ou facticamente prohibida. Tivo que ser, daquela, o exilio quen continuase a reivindicar a figura do nobre axustizado en Mondoñedo⁶⁸⁸ e quen resgatase, así mesmo, a peza de Cabanillas e Villar Ponte incluíndoa nas *Obras Completas* (pp. 635-779) de

⁶⁸⁷ Vide GRANDÍO SEOANE, E.: *Los orígenes de la derecha gallega: la CEDA en Galicia (1931-1936)*, Ed. do Castro, Col. Historia, Sada, 1998, p. 44.

⁶⁸⁸ Así Castelao, quen no seu discurso *Alba de Gloria* (Eds. Galicia, Centro Galego de Buenos Aires, 1951) inclúe a figura de Pardo de Cela, “inxustamente decapitado”, na “Santa Compañía de inmortalidades galegas”.

Ramón Cabanillas preparadas por Francisco Fernández del Riego e publicadas polas “Edicións Galicia” de Buenos Aires, en 1959.

Habería que agardar a 1981 para que Alonso Montero editase novamente *O Mariscal*, no groso terceiro tomo das *Obras completas* de Cabanillas publicadas pola casa Akal. Un ano despois, Manuel Lourenzo e Francisco Pillado reproducían na súa *Antoloxía do Teatro Galego* o cadro de *dramatis personae* da peza, o “Prólogo” e o Segundo Acto da Xornada Segunda. En 1996, Carlos L. Bernárdez e Manuel F. Vieites reuniron nun único volume, impreso polas Edicións Xerais na súa colección “Biblioteca das Letras Galegas” (nº 41), a *Obra dramática* do escritor cambadés, incluíndo loxicamente *O Mariscal*.

Entre as edicións da peza feitas en Buenos Aires e Madrid e a máis recente preparada por Carlos L. Bernárdez e Manuel F. Vieites, todas elas baseadas na segunda (Ed. Nós, A Coruña, 1929), cómpre consignar o histórico acontecemento da primeira representación teatral de *O Mariscal*, na modalidade de teatro de monicreques, que correu a cargo do “Centro Dramático Galego” e tivo lugar no salón de actos do Instituto de Ensino Secundario “Francisco Asorey” de Cambados o 15 de outubro de 1994. O entón director do “Centro Dramático Galego”, Manuel Guede, expuña na véspera da estrea que o obxecto último desa montaxe de *O Mariscal* era “saldar una deuda que tenemos pendiente desde el año 1929”⁶⁸⁹.

A este respecto e tendo en conta o exposto nos parágrafos precedentes, debemos expresar aquí o noso máis absoluto desacordo coas opinións do propio Guede e do entón Conselleiro de Cultura da Xunta de Galiza, Vázquez Portomeñe, sobre as causas que motivaron o ineditismo de *O Mariscal* nos escenarios até esa feliz ocasión.

O citado político aludía á peza como “empresa teatral chea de enormes e complexas dificultades escénicas e por tales razóns, ausen-

⁶⁸⁹ Cf. VAQUERO, N.: “Teatro. El Mariscal cabalga de nuevo”, *Faro de Vigo*, Vigo, Suplemento “Fin de Semana”, páx.1, 14.10.1994.

te dos escenarios de Galicia durante moitas décadas”⁶⁹⁰, mentres que o director do “Centro Dramático Galego” pontificaba que “se *O Mariscal* non gozou de oportunidades para subir á escena, foi pola particular complexidade que presenta nas súas opcións escénicas, nas dificultades de produción e exhibición e na extensa relación teatral que implica”⁶⁹¹.

Verdade é que argumentos moi semellantes foron dados durante o período franquista por Leandro Carré, ao se ocupar do labor teatral de Cabanillas:

A traxedia *O Mariscal* non se ten repentado [sic] aínda por sere obra de difícil realizazón. As dificultades para levala ao taboado escénico son moitas e de toda índole; contándose como unha das mais carísticas de venceren para os grupos de amadores o custo do vestuario que require⁶⁹².

Permitímonos lembrar, porén, que a ausencia de *O Mariscal* nos escenarios, desde 1936 cando menos e en certa maneira tamén durante o propio período 1923-1930, non se debeu en absoluto ás dificultades intrínsecas que presentaba para a representación e produción escénica (con ser estas innegábeis, non eran irresolúbeis, como o demostra a propia versión operística de 1929, que si coñeceu encenacións diante do público en varias localidades galegas), senón, ante todo e sobre todo, á situación política e cultural vigorante, caracterizada por senllas férreas ditaduras que perseguían e reprimían implacabelmente o uso do idioma e as manifestacións culturais de todo o tipo, tamén teatrais, que vehiculizasen unha visión do país e arrequentasen un proxecto político cuestionadores de la “unidad de la Patria” defendida polo centralismo español.

⁶⁹⁰ Vide VÁZQUEZ PORTOMEÑE, V., palabras de presentación en CABANILLAS & VILLAR PONTE: *O Mariscal*, Xunta de Galicia-IGAEM, Col. “Centro Dramático Galego”, nº 7, Santiago, 1994, p. 11.

⁶⁹¹ Vide GUEDE OLIVA, M.: “*O Mariscal* desde este horizonte”, en CABANILLAS & VILLAR PONTE: *O Mariscal*, Xunta de Galicia-IGAEM, Col. “Centro Dramático Galego”, nº 7, Santiago, 1994, p. 16.

⁶⁹² Vide CARRÉ, L.: “Ramón Cabanillas no teatro galego”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, A Coruña, Ano LIX, Tomo XXIX, Abril de 1961, nº 339-344, pp. 199.

Neste sentido, engadiríamos igualmente que se a obra non subiu aos escenarios durante a 2ª República, tamén non se debeu tanto á precariedade de medios das compañías dramáticas, con ser este elemento a ter en conta, como a factores esóxenos ao propio feito teatral: o enfriamento de relacións entre Cabanillas e Villar Ponte, polas respectivas derivas ideolóxico-políticas; a entrega absoluta ao labor de deputado do viveirés no período constituínte; etc.

Non hai dúbida de que *O Mariscal*, como obra, foi vítima das moitas precariedades do sistema dramático galego coetáneo, ao que lle “quedou grande”, por uns ou outros factores, a encenación dunha peza tan ambiciosa e complexa. Mais colixir disto que foi esa a causa fundamental do seu ineditismo nas táboas, ocultando e desprezando como fonte explicativa o propio contexto social e histórico-político que acompañou a súa xestación e o seu percurso, parécenos de todo punto errado e até inadmisíbel.

Parécenos, desde logo, moito máis ponderada e honesta a síntese proposta no seu día por Lourenzo e Pillado, que atribuíron o ineditismo escénico da obra “en parte a causa da complexidade técnica en parte polas diversas censuras que viñeron operando, especialmente desde 1936”⁶⁹³. No mesmo sentido, acerta plenamente Fernández Castro⁶⁹⁴ cando alude á auténtica *vocación escénica* desta obra e cando analiza que a abundancia de personaxes na mesma obedecía a esixencias derivadas do *significado colectivo* do drama e non a unha pretensa consciencia dos autores sobre a “imposibilidade” da representación, consciencia que os tería levado, daquela, a “derrochar” *dramatis personae* sen reparar nas presuntas dificultades que iso colocaría para a encenación...

A citada adaptación da peza de Cabanillas e Villar Ponte, realizada para o “Centro Dramático Galego” por Isabel Rey, Xan Cejudo e Marcelino de Santiago *Kukas*, percorreu despois da estrea

⁶⁹³ LOURENZO, M. & PILLADO MAYOR, F.: *O Teatro Galego*, Eds. do Castro, Sada, 1979, p. 76.

⁶⁹⁴ Vide FERNÁNDEZ CASTRO, *op. cit.*, p. 25.

en Cambados varias vilas e cidades do país⁶⁹⁵ e resultou, en calquera caso, polémica⁶⁹⁶.

Saudada como un grande éxito polo daquela cronista de *O Correo Galego* Ramón Latas Espiño⁶⁹⁷, a organización “Galiza Nova”, no entanto, considerou a existencia de certa intencionalidade censora na eliminación de certas escenas que vehiculizaban máis expresamente as mensaxes patrióticas que o texto orixinal encerraba⁶⁹⁸. Manuel Guede respostou a esas acusacións negándoa tallantemente⁶⁹⁹, en tanto Xan Cejudo, na presentación da adaptación, aclararía:

Como propósito xeral tentamos non altera-lo sentido orixinal da obra [...] Respectamo-la trama central e os marcos da acción, así como o número e natureza dos seus personaxes. Mantivemos, sempre que foi posible, a medida e a rima dos versos. Suprimímo-lo limiar e fragmentos que freaban o río da acción, reducindo ou concentrando escenas para clarear e intensifica-los momentos dramáticos máis importantes⁷⁰⁰.

Os propios *Kukas* e Isabel Rey, ademais de reivindicaren o respecto con que trataran o texto e a mensaxe da obra, defenderían a pertinencia da adaptación, xa que se trataba dunha obra orixinal que

⁶⁹⁵ Concretamente, Vigo (27 de Outubro e 1 de Novembro de 1994), Cervo (4, 5 e 6 de Novembro), Narón (10, 11 e 12 de Novembro), Pontevedra (15, 16 e 17 de Novembro), Tui (20 e 21 de Novembro), Vilagarcía de Arousa (24, 25 e 26 de Novembro), Ourense (29 e 30 de Novembro e 1, 2, 3, 4 e 5 de Decembro), Santiago (12, 13, 14, 15, 16, 17 e 18 de Decembro), O Barco de Valdeorras (21, 22 e 23 de Decembro), As Pontes (27, 28 e 29 de Decembro), Ordes (7, 8 e 9 de Xaneiro de 1995) e, finalmente, Redondela (12, 13 e 14 de Xaneiro).

⁶⁹⁶ Musicou o texto Manuel Rodeiro e manipularon no escenario os monicreques Luísa Aguado, Mercedes Castro, Nekane Fernández, Marián González, Isabel Rey, Pedro Rubín e Beatriz Sánchez. Para máis datos técnicos da montaxe véxase a edición *O Mariscal*, Xunta de Galicia-IGAEM, Col. Centro Dramático Galego, nº 7, Santiago, 1994.

⁶⁹⁷ Cf. LATAS, R.: “Éxito do *Mariscal* do CDG na súa estrea en Cambados”, *O Correo Galego*, Santiago, 17.10.1994.

⁶⁹⁸ Cf. “Galiza Nova denuncia censura en la obra de teatro *O Mariscal*”, *Faro de Vigo*, Vigo, 12.12.1994.

⁶⁹⁹ Cf. “Guede nega que exista censura no *Mariscal*. Galiza Nova denunciou manipulacións na obra”, *O Correo Galego*, Santiago, 12.12.1994.

⁷⁰⁰ Vide CEJUDO, X.: “O contexto”, en CABANILLAS & VILLAR PONTE: *O Mariscal*, Xunta de Galicia-IGAEM, Col. “Centro Dramático Galego”, nº 7, Santiago, 1994, p. 102.

resultaba, ao seu ver, demasiado extensa para o xénero de títeres, con parlamentos excesivamente longos e, ademais, en verso⁷⁰¹. Resumirían, así mesmo, a mecánica da súa adaptación a catro operacións: a) recortar os longos parlamentos que freaban o río da acción dramática; b) respectar o número e perfil dos personaxes; c) respectar a trama central e, finalmente, d) reducir ou concentrar o número total de escenas⁷⁰².

Outras autorizadas voces, como a de Laura Tato, criticaron a escolla da técnica das marionetas para a montaxe dunha obra que demandaba e “merecía”, ao seu ver, unha encenación máis convencional, con actores e actrices de carne e óso e respectando ao cento por cento o texto orixinal. Unha opinión semellante sostivo María Laxe, quen despois de louvar o excelente traballo de Kukas na dirección e no deseño dos monicreques, referiuse non obstante de maneira crítica aos problemas do son pregravado, á extrema sinxeleza escenográfica e á sensación de “frialdade” que transmitía a representación:

A posta en escea da obra non responde á expectación de ver representada a traxedia dos personaxes tirados da historia e a lenda. O dramatismo esváese e chama, nomeadamente nas esceas que son clave do desenvolvemento da traxedia, en moitas ocasións polo teatro de actor. O Mariscal e os seus fieis acurrallados pola traición, Elvira arrepentida ao se sentir burlada polo seu namorado ou dona Sabela desolada ao decatarse de que o indulto non vai chegar a tempo, son momentos nos que o espectador gustaría da expresividade e emotividade dos actores que as marionetas non logran transmitir⁷⁰³.

⁷⁰¹ Vide KUKAS (MARCELINO DE SANTIAGO): “A posta en escena con marionetas da obra *O Mariscal*”, en VV. AA.: *Actas das Xornadas sobre Ramón Cabanillas realizadas en Cambados os días 7 e 8 de xuño do 2001*, Xunta de Galicia-Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, Santiago, 2001, pp. 125-129, e REY POUSADA, Isabel: “A obra dramática *O Mariscal* e a súa adaptación”, *ibidem*, pp. 119-123.

⁷⁰² Segundo recolle o cronista de *La Voz de Galicia*, “os dous titiriteiros defenderon a adaptación realizada desta montaxe para as marionetas, explicando que o traballo principal da preparación se centrou en cortar aquelas pasaxes que podían distraer ó espectador do argumento fundamental. Os dous responsables da compañía Kukas incidiron en que se cortara texto pero ‘que non se engadira nin unha palabra nova’” (Cf. “Un Mariscal manipulado”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, edición Arousa, 8.6.2001).

⁷⁰³ Vide LAXE, Mª: “Dúas liñas mesturadas”, *A Nosa Terra*, Vigo, nº 646, 3.11.1994, p. 25.

Críticos teatrais como A. R. López, valorizando determinados aspectos da montaxe como a perfecta manipulación dos bonecos ou a cualidade da partitura musical, debida a Manel Rodeiro, sinalaban non obstante como defectos máis destacados a frialdade derivada de ter que escoitar os diálogos da peza mediante voces pregravadas⁷⁰⁴, a relativa impertinencia da adaptación normativizadora, salferida de “formas chirriantes por tiradas de contexto”, a falta de forza e a presenza dun certo “aquel de cerimoniaisidade vetusta”⁷⁰⁵.

Pola súa vez, Francisco Souto, defendendo a pertinencia da escolla das marionetas, considerou porén que a peza resultante non era do mellor que tiña saído nese campo do talento de *Kukas* e coincidiu con outros críticos á hora de advertir que “se callar, falta un pouco de frescura na realización e un chisco de calidade na gravazón”⁷⁰⁶.

Finalmente, vellos galeguistas como Manuel Beiras (*Eubensei*) non ocultaban, xunto cos seus parabéns aos adaptadores, a emoción de ver por fin sobre un escenario unha peza case mítica, así como certa sorpresa e estrañeza (non necesariamente negativa) diante da técnica teatral empregada na representación⁷⁰⁷.

6.4. A XEITO DE CONCLUSIÓNS: UN RETO AÍNDA PENDENTE

A relevancia de Antón Villar Ponte, como a de Cabanillas, na historia do teatro galego ten de se asociar, sen lugar a dúbidas, á peza *O Mariscal*, considerada polos seus coetáneos e por non poucos estudosos posteriores, con todo merecemento, como **unha obra-mestra da nosa dramaturxia**.

⁷⁰⁴ As voces pregravadas correspondían ao seguinte elenco: Víctor L. Mosqueira, *Kukas*, Xosé Vilarelle, Rodrigo Roel, Mela Casal, Miguel de Lira, Marcos Viéitez, Ernesto Chao, Xosé M. Olveira *Pica*, Xan Cejudo, Manuel Guede, Susana Dans, Francisco Oti, Luísa Martínez, Evaristo Calvo, Belén Constenla, Andrés Pazos, Pilar Pereira, María Bouzas, Xavier Estévez e Diego Varela.

⁷⁰⁵ Cf. LÓPEZ, A.R.: “Teatro de monicreques. *O Mariscal*”, *O Correo Galego*, Santiago, 17.10.1994.

⁷⁰⁶ Cf. SOUTO, F.: “As marionetas serven. Ao pé do *Mariscal*”, *A Nosa Terra*, Vigo, nº 658, 26.1.1995, p. 27.

⁷⁰⁷ Cf. *EUBENSEI* (pseud. de BEIRAS, Manuel): “Teatro. *O Mariscal* rexurdiu”, *A Nosa Terra*, Vigo, nº 654, 29.12.1994, p. 20, e tamén *El Correo Gallego*, Santiago, 16.12.1994.

No noso traballo, determinamos en primeiro termo que os autores de *O Mariscal* non se coñeceron persoalmente e non estableceron relacionamento amical antes dos anos 1913-1915, o que invalida de raíz todas as hipóteses que apuntaban á estadía cubana de ambos como presunto marco en que terían xestado a idea de comporen a citada peza. Tamén pensamos ter deixado suficientemente claro que ambos gozaban no momento de emprenderen a confección de *O Mariscal*, coincidindo coa xeira do “Conservatorio Nazonal” da Irmandade herculina, dunha bagaxe de coñecementos e experiencias teatrais o suficientemente importante e profunda como para abordaren un proxecto tan complexo e ambicioso con relativas garantías de éxito, como finalmente aconteceu.

Descartada a empatía agrario-basista entre ambos os autores, non cabe xa a menor dúbida sobre o carácter matriz das Irmandades da Fala, isto é, do nacionalismo galego, no proceso de alumeamento da peza que nos ocupa. Cabanillas e Villar Ponte acometeron a escrita de *O Mariscal*, neste sentido, cun duplo obxectivo. En primeiro termo, **estético**, por canto, retomando a corrente de teatro histórico que agromara nos finais do XIX nas nosas letras, tratábase de elevar a escena e a lingua galegas a categorías de dignidade e cualidade homologábeis ás doutras dramaturxias europeas coevas. Non outro fora, precisamente, o obxectivo de *A man de Santiña*, peza que Cabanillas escribiu, na nosa opinión, *motu proprio*, baseándose en persoas con que tiña trato e sen achegar tese explícita ningunha, e que só posteriormente, por intervención villar-pontina, acolleu algúns parlamentos en que as mensaxes das Irmandades resoarán sen disimulo. En segundo termo, **ideolóxico**, por canto a través de *O Mariscal* se pretendía conscientizar en sentido nacionalista ou nacionalitario ao público lector/espectador, amosándolle un feito decisivo e trágico da historia de país da man dunha figura heroica e martirizada, reivindicada pola tradición oral popular e pola literatura culta galeguista do século XIX, mais degradada e vilipendiada pola historiografía oficial hispana.

Por outra banda, coidamos ter demostrado o carácter verdadeiramente **co-autoral** da participación de Antón Villar Ponte na

elaboración desta peza, amiúde colocada no exclusivo mérito e haber de Ramón Cabanillas. Hai, desde logo, toda unha serie de antecedentes (contacto durante a adolescencia con figuras como García Dóriga e Leiras Pulpeiro, ambas con obra sobre o Mariscal; coñecemento e gosto pola novela *Los hidalgos de Monforte*, de Vicetto; proximidade aos *loci* durante a etapa de boticario en Foz; publicación dun artigo en *La Voz de Galicia* en febreiro de 1907 sobre unha excursión á Frouseira en que nace o desexo de redixir algún día unha obra sobre a lenda; contacto na estada en Cuba con destacados pardo-celianistas como Constantino Horta, Otero Abilleira, etc.; publicación de artigos en *A Nosa Terra* en 1916 sobre o significado histórico e político do 17 de nadal de 1483; etc.) que remiten claramente para o Villar Ponte como promotor fundamental e primixenio da confección de *O Mariscal*. Ademais, no instante da súa primeira recepción polo público lector, publicacións como *Alfar*, *Rexurdimento* e *A Nosa Terra* deixaron ben asente que a obra fora concibida e “escrita en prosa” por Villar Ponte e posteriormente “versificada” por Cabanillas.

Os fondos da Academia Galega atesouran varios cadernos e follas villar-pontinos con múltiples anotacións que poñen de manifesto o denso e intenso labor previo de documentación que implementou o de Viveiro antes de emprender a confección da peza. Entre esas follas hai unha, en español, que parece corresponder ao guiño en prosa que tería servido de pauta a Cabanillas para a versificación.

Da mesma maneira, os fondos da Fundación Penzol conservan unha copia ou borrador da peza con anotacións á marxe debidas a Villar Ponte que demostran, ao noso entender, tres tipos de intervención pola súa parte, *a posteriori* da versificación: a) suxestións de tipo idiomático; b) suxestións para alterar certos versos en aras a manter os mecanismos de intriga que funcionan na peza; c) correccións dalgúns erros relativos á adecuación histórica. Destas intervencións (algunhas aceptadas por Cabanillas, outras non, a zulgar polo texto definitivo) dedúcese que era Antón Villar Ponte quen máis claro e presente tiña o deseño global da peza e quen máis aten-

to estaba á súa “historicidade”, mais tamén deixan ver ás claras a capacidade de decisión de que gozou o poeta de Fefiñáns á hora de versificar e fixar o texto definitivo.

En definitiva, coidamos que un Villar Ponte familiarizado desde moi novo coa figura, os *loci* e a lenda do Mariscal recolleu en solitario materiais documentativos sobre a época, a lingua, os feitos e os personaxes que pretendía levar a escena; que a seguir elaborou un guión en prosa, ao parecer en español, que contiña a armazón estrutural e a pauta escénica; que lle entregou ese guión a Cabanillas para que o poeta o versificase, cousa que o de Fefiñáns fixo con certa fidelidade ás imaxes suxeridas polo guión; que Cabanillas someteu posteriormente o seu labor poetizador á revisión aprobatoria de Villar Ponte, quen suxeriu determinadas modificacións léxico-gráficas (unhas finalmente aceptadas polo cambadés, outras non) e advertiu da necesidade de retocar e refacer algunhas estrofas e versos, tanto para manter intactos os mecanismos de intriga que impulsaban a trama como para acertar na adecuación e verosemellanza históricas.

Está claro, por outra banda, que na xénese da obra confluíron factores de diversa índole: a) a configuración da figura do Mariscal como heroe nacional, mítico-simbólico, impulsada polas Irmandades; b) a consideración do teatro histórico como molde axeitado para o exercicio divulgativo, conscientizador e proselitista que aquelas querían levar a cabo; c) a necesidade de dotar de repertorio ao “Conservatorio Nazonal” da Irmandade herculina, entidade inicialmente destinataria da peza; d) a sintonía persoal e ideolóxica existente nese instante entre Villar Ponte e Cabanillas, sintonía que sen saírmos do terreo literario, xa dera como froitos a confección por parte do primeiro do breve ensaio *Ramón Cabanillas, poeta da Raza* e, polo segundo, de *A man de Santiña*.

O Mariscal presenta unha complexidade e unha fondura realmente inusuais no teatro galego da época. Cunha trintena de personaxes, cinco escenarios distintos, abundante recorrencia a efectos especiais de luz e son, etc. constitúe, sen lugar a dúbidas, o reto máis

considerábel que se colocou na escena galega anterior á guerra civil. A súa propositada complexidade, o uso de elementos simbólicos e lendarios, as referencias a un futuro restaurador da liberdade que coincide co presente dos espectadores/lectores, etc., son elementos e circunstancias que coadxuvan a intensificar a intencionalidade proselitista e a mensaxe nacionalista da obra.

A escrita desta peza, romántica pola composición e modernista polo estilo, debeu de comezar en 1919, segundo deducimos da correspondencia entre Castelao e Díaz Baliño, antes mesmo da propia estrea de *A man de Santiña*. O borrador da peza que se garda na Fundación Penzol está datado a 23 de abril de 1920 e no mes de setembro dese mesmo ano Villar Ponte lía fragmentos da peza en Mondariz, durante o acto de ingreso do propio Cabanillas na Academia Galega. No entanto, as limitacións económicas de ambos os autores, as tensións no seo das Irmandades, a rápida desfeita do “Conservatorio Nazonal” da Irmandade coruñesa, a febleza do sistema editorial e cultural galego da época, a falta de compañías teatrais, etc., etc. confabuláronse para impedir durante certo tempo tanto a representación como a edición de *O Mariscal*.

Foi a través de lecturas en cenáculos e publicacións de determinados fragmentos en revistas como *Alfar*, *Rexurdimento* ou *Ronsel* como comezou a coñecerse esta obra. Un primeiro intento de publicación protagonizouno, a finais de 1925 e comezos de 1926 a Imprenta Moret, da Coruña, mais por causas que descoñecemos o proxecto non foi adiante. En 1926 a editora “Lar” de Carré Alvarellos e Casal Gosenxe puxo na rúa unha primeira edición da obra, que ao parecer se esgotou axiña e tivo un acollemento extraordinario de crítica. De aí probabelmente o intento protagonizado por Francisco Villaespesa e Germán Fernández Fraga de tirar partido económico da valía de *O Mariscal* preparando unha estrea en Buenos Aires, en decembro de 1927, dunha versión en español da peza, mais sen contar en ningún momento coa autorización de Cabanillas e Villar Ponte. O protesto que núcleos da colonia galega emigrada como a “Federación de Sociedades Galegas” elevaron nese instante logrou paralizar este intento de “apropiación indebida”.

En 1929, Ánxel Casal coa súa editora “Nós” facía unha segunda (e moito máis barata) edición da obra, coincidindo practicamente coa estrea da súa versión operística. Esta, que comezou a ser preparada polo compositor Rodríguez Losada e Villar Ponte en 1927, viviu tamén a súa peculiar peripecia. A súa estrea padeceu sucesivos adiamentos ao longo de 1928, relacionados nalgún caso coa propia peripecia vital de Villar Ponte (grave doenza a finais de 1927, entrada en prisión por artigo en *La Correspondencia* crítico con Calvo Sotelo, morte da súa esposa Micaela, etc.), mais noutros con dificultades burocráticas, económicas e de “plantel” músico-vocálico.

Cando parecía que ía ser finalmente estreada na Coruña, o 27 de maio de 1929, as autoridades gubernativas valéronse dun pretexto legal que afectaba ao “Teatro Rosalía de Castro” para impedir provisoriamente a representación. Por ese motivo, a ópera *O Mariscal* subiu aos escenarios por vez primeira, no “Tamberlick” vigués, o 31 de maio dese mesmo ano. Despois viaxou a Pontevedra, Ferrol e Coruña, con éxito de crítica para músicos (a Filharmónica herculina), voces (Honoría Goicoa, Enriqueta Brandón, Fernando Navarrete...), escenógrafo (Díaz Baliño) e compositor, mais non de público... Varios intentos posteriores de representar novamente esta versión operística da peza de Cabanillas e Villar Ponte non foron adiante. As traxectorias vitais e ideolóxicas de Cabanillas e Villar Ponte durante o período republicano, a cada máis diverxentes e mesmo enfrontadas, explican en boa medida a hibernación que experimenta *O Mariscal*. A guerra civil e o franquismo provocaron que ficase nun absoluto esquecemento, só cuestionado polo exilio galego na Arxentina, que promove en 1959 a reedición da peza dentro das ‘Obras Completas’ do poeta cambadés.

Finalmente, alén de novas edicións en 1981 e 1996, *O Mariscal* coñeceu en 1994 a súa primeira subida aos escenarios como peza teatral, se ben nun contexto polémico en que se entrecruzaron acusacións de “censura” e críticas de diversa índole á pertinencia e grao de fidelidade da adaptación realizada, á modalidade

teatral escollida, á cualidade final do produto... Ao noso ver, pouco ou nada debe obxectarse aos responsábeis do espectáculo canto aos dous primeiros aspectos; no entanto, como espectadores que fomos, non debemos negar a sensación de “frialdade” que nos produciu o resultado final.

Por iso, no remate deste noso traballo, non podemos por menos que indicar que fica pendente aínda, pasados máis de oitenta anos desde a confección da peza, o reto de converter *O Mariscal* en teatro *de carne e óso*, isto é, na única modalidade, por moi respectábeis e válidas que sexan todas as outras, en que a forza e paixón do drama poderían transmitirse en toda a súa intensidade. E queremos finalizar facendo nosas e proxectándoas como desexo cara ao futuro inmediato, unhas palabras escritas por Manuel María en 1972 na revista madrileña *Primer acto*: “*O Mariscal*, de Cabanillas y Vilar Ponte, de haberse puesto en escena, cosa que no nos explicamos cómo no se hizo, pudo ser una obra popular, entre otras cosas, por la belleza de sus versos, porque el pueblo siempre fue sensible a la belleza de la poesía”. Todos os que amamos o teatro galego desexamos non tardar en comprobar o tino e a verdade que encerran esas palabras do grande e admirado poeta chairego.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALONSO GIRGADO, L. *et alii*: “Introducción”, en *Resol. Edición facsímile*, Centro ‘Ramón Piñeiro’-Xunta de Galicia, Santiago, 1997.
- ALONSO MONTERO, X. (ed.): *Ramón Cabanillas. Obra Completa. Tomo 3*, Akal Editor, Col. Arealonga, nº 39, Madrid, 1981.
- ALONSO MONTERO, X. (ed.): *Manuel Leiras Pulpeiro. Obras Completas*, Ed. Sálvora, Biblioteca de Autores Gallegos, Santiago, 1983.
- ALONSO MONTERO, X.: “Don Ramón Cabanillas confésase con Don Ramón Otero Pedrayo”, en VV. AA.: *Ramón Cabanillas. Camiño adiante*, Ed. A Nosa Terra, Col. A Nosa Cultura-Extra nº 10, Vigo, 1989, pp. 4-10.
- ÁLVAREZ, E. & ALONSO ESTRAVIZ, I.: *Os intelectuais galegos e Teixeira de Pascoaes. Epistolário*, Ed. do Castro, Col. Ensaio/Filoloxía, Sada, 1999.
- ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, X. M^a: “Literatura popular gallega en torno a Pardo de Cela”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Tomo XX, Santiago, 1965, pp. 350-378.
- ARMESTO, Victoria (pseud.): *Galicia Feudal*, Ed. Galaxia, Vigo, 1971, 2^a ed.
- BARREIRO, A.: “El teatro gallego y el idioma”, *Vida Gallega*, Vigo, nº 130, 31.7.1919.
- BARREIRO, A.: “Después del homenaje a Cabanillas. La divina poesía y la prosaica realidad”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 10.5.1927.
- BARREIRO, A.: “La meiga”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 27.12.1928.
- BARROS, C.: *A mentalidade xusticieira dos Irmandiños*, Eds. Xerais, Vigo, 1988.
- BARROS, C. : “Ascenso e caída do Mariscal Pardo de Cela”, en *Antón Losada Diéguez. 10 anos dun premio*, Concello de O Carballiño, 1995, pp. 85-89.

- BARROS, C.: “A revolta irmandiña e o mariscal Pardo de Cela”, en www.h-debate.com/barros/spanish/articulos/historia_medieval/pardo_de_cela.htm.
- BARROS, C.: “Mitos de la historiografía galleguista”, en www.h-debate.com/barros/spanish/mitos.htm.
- BERAMENDI, J. G. (ed.): *Obra política de Ramón Villar Ponte*, Ed. do Castro, Sada, Serie Documentos, nº 79, 1991.
- BERAMENDI, J. G. & NÚÑEZ SEIXAS, X. M.: *O Nacionalismo Galego*, Ed. A Nosa Terra, Col. Historia de Galicia, nº 18, Vigo, 1996.
- BERENGUER, Á.: “El teatro hasta 1936”, en DÍEZ BORQUE, J. M^a: *Historia de la literatura española. Tomo IV. Siglo XX*, Ed. Taurus, Madrid, 1980.
- BERNÁRDEZ, C. L.: “As Irmandades da Fala, o soño dun teatro galego”, en VV.AA.: *Actas das Primeiras Xornadas das Letras Galegas en Lisboa*, Centro ‘Ramón Piñeiro’-Xunta de Galicia, Santiago, 1998, pp. 171-181.
- BERNÁRDEZ, C. L.: “Ramón Cabanillas e o saudosismo. Literatura e ideoloxía no tempo das Irmandades”, en VVA.: *Actas das Xornadas sobre Ramón Cabanillas realizadas en Cambados os días 7 e 8 de xuño do 2001*, Xunta de Galicia-Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, Santiago, 2001, pp. 49-61.
- BERNÁRDEZ, C. L. & VIEITES, Manuel F.: “Introducción”, en CABANILLAS, Ramón: *Obra dramática*, Ed. Xerais, Col. Biblioteca das Letras Galegas, nº 41, Vigo, 1996.
- BERNÁRDEZ, F. Luís: “El poeta de Cambados”, *Grial*, Vigo, Tomo X, nº 35, 1972, pp. 86-88.
- BLANCO PÉREZ, D.: *Historia da literatura popular galega*, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago, Biblioteca de Divulgación, Serie Galicia, nº 14, Santiago, 1994.
- BLANCO SANMARTÍN, F.& NÚÑEZ SABARÍS, X.: *El Mariscal Pedro Pardo. Obra inédita de Emilia Pardo Bazán*, Servicio de Publicacións da Deputación Provincial de Lugo, Colección Literatura, Lugo, 2001.

- BLANCO TORRES, R.: “Crónicas de Galicia. Nuestro floreciente teatro”, *Eco de Galicia*, A Habana, nº 105, 3.8.1919.
- BLANCO TORRES, R.: “Sobre nuestro idioma en la Academia Española”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 920, 15.1.1927.
- BOUZA BREI, L.: “Memorante biografía human i-apasionada de Ramón Cabanillas Enríquez”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, A Coruña, Año LIX, Tomo XXIX, Abril de 1961, nº 339-344, pp. 177-185.
- BROWN, G. G.: *Historia de la literatura española. Tomo 6. El siglo XX*, Ariel, Barcelona, 1981, 9ª edición. Especialmente pp. 173-205.
- CAAMAÑO BOURNACELL, J.: “Ramón Cabanillas enjuiciado por sí mismo”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, A Coruña, Año LIX, Tomo XXIX, nº 339-344, Abril de 1961, pp. 186-195.
- CABANILLAS, R.: “A Trainera”, *Suevia*, A Habana, nº 10, 14.4.1912.
- CABANILLAS, R.: “Nazionalismo ou Soberanía Rexional”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 3, 5.12.1916.
- CABANILLAS, R.: “A filla do Rey”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 31, 30.9.1917.
- CABANILLAS, R.: “En troques”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 99, 5.9.1919.
- [CABANILLAS, R.]: “A saudade nos poetas galegos. Discurso de Ramón Cabanillas”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 129, 5.10.1920.
- CABANILLAS, R.: *Camiños no tempo*, Ed. Bibliófilos Gallegos, Santiago, 1949.
- CABANILLAS, R.: *Obra Completa. 3 Tomos*, Akal Editor, Col. Arealonga, nº 31, 32 e 39, Madrid, 1979-1981. Edición de Xesús Alonso Montero.
- CABANILLAS, R.: *Obra dramática*, Ed. Xerais, Col. Biblioteca das Letras Galegas, nº 41, Vigo, 1996. Edición de Bernárdez, Carlos L. e Veites, Manuel F.
- CANDA (Hijo), E.: “Estreno de *O Mariscal* en el ‘Tamberlick’ de Vigo”, *Vida Gallega*, Vigo, nº 415, 10.6.1929.

- CABO VILLAVERDE, M.: *O Agrarismo*, Ed. A Nosa Terra, Historia de Galicia, nº 16, Vigo, 1998.
- CAPELÁN REY, A.: *Contra a Casa da Troia. Cultura e sociedade no Santiago dos anos trinta*, Ed. Laiovento, Ensaio, nº 45, Santiago, 1994.
- CAPELÁN REY, A.: *Contra a Casa da Troia. Cultura e sociedade no Santiago dos anos trinta (e II)*, Ed. Laiovento, Ensaio, nº 78, Santiago, 1996.
- CAPELÁN REY, A.: “As Irmandades da Fala contra a Real Academia Española. A problemática lingüística do Estado español na orixe da organización liderada por Villar Ponte”, *A Nosa Terra*, Vigo, nº 946, 3.8.2000, p. 32.
- CARBALLO CALERO, R.: “Mitos. Priscilianus”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 2.815, 4.4.1933.
- CARBALLO CALERO, R.: “Teatro lírico e Ramón Cabanillas”, *Faro de Vigo*, Vigo, 12.9.1965. Recollido por TATO FONTAÍÑA, Laura (ed.) en CARVALHO CALERO, R.: *Escritos sobre teatro*, Biblioteca-Arquivo Teatral Pillado Mayor, Universidade da Coruña, A Coruña, 2000, pp. 57-59.
- CARBALLO CALERO, R.: “Cartas de Cabanillas”, en VV.AA.: *Homenaxe a Cabanillas no centenario do seu nacemento*, Universidade de Santiago, Facultade de Filoloxía, Santiago, 1977, pp. 7-16.
- CARBALLO CALERO, R.: *Historia da literatura galega contemporánea (1808-1936)*, Editorial Galaxia, Vigo, 1981, 3ª edición.
- CARVALHO CALERO, R.: *Letras Galegas*, AGAL, Ourense, 1984.
- CARVALHO CALERO, R.: “Pedro Madruga no teatro galego”, en *Agália*, Ourense, nº 10, verán de 1987, pp. 197-205. Recollido en *Estudos e ensaios sobre literatura galega*, Edicións do Castro, Sada, 1989, pp. 38-47.
- CARRÉ, L.: “A moderna orientación do Teatro Galego”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 184, 1.5.1923.

- CARRÉ, L.: “O Teatro Galego”, *Revista del Centro Gallego*, Montevideo, nº 124, Abril-Maio de 1927.
- CARRÉ, L.: “Ramón Cabanillas no teatro galego”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, A Coruña, Ano LIX, Tomo XXIX, nº 339-344, Abril de 1961, pp. 196-202.
- CARREIRA, X. M.: “Eduardo Rodríguez Losada, o compositor de *O Mariscal*”, en VV. AA.: *Ramón Cabanillas. Camiño adiante*, Ed. A Nosa Terra, Col. A Nosa Cultura-Extra nº 10, Vigo, 1989, pp. 40-41.
- CASAL, A. & CARRÉ ALVARELLOS, L.: “Por qué editamos *O Mariscal*”, *Céltiga*, Buenos Aires, nº 49, 10.1.1927.
- CASAS, Á. de las: “La trinidad literaria. Teatro gallego”, *Galicia*, Centro Galego de Montevideo, nº 152, Setembro de 1929.
- CASAS, Á. de las: “El nuevo teatro gallego”, *Galicia*, Centro Galego de Montevideo, nº 166, Decembro de 1930.
- CASAS, Á. de las: “La Editorial ‘Nós’”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 21.9.1934.
- CASAS, A. M^a: “Canciones del gay saber”, ¿?. Recorte en Fundación Penzol, Vigo, Fondo Villar Ponte, Caixa 40-4.
- CASAS, V.: “Libros Galegos. *O Mariscal*”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 7.10.1926.
- CASAS, V.: “Fenestra. Libros”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.638, 23.5.1929.
- CASÁS FERNÁNDEZ, M.: “Ramón Cabanillas. *Da Terra asoballada*. Epístola al poeta”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 3.9.1917.
- CASÁS FERNÁNDEZ, M.: “Una efemérides histórica. El mariscal Pardo de Cela”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 7.12.1920.
- CASÁS FERNÁNDEZ, M.: *Episodios Gallegos. Recuerdos históricos y literarios*, Ediciones Galicia, Buenos Aires, 1953.
- CASTELAO: *Alba de Groria*, Eds. Galicia, Centro Galego de Buenos Aires, 1951.

- CASTELAO: *Obras. Tomo VI. Epistolario*, Ed. Galaxia, Vigo, 2000.
- CASTELLÓN, A.: *El Teatro como instrumento político en España (1895-1914)*, Ed. Endymion, Col. Textos Universitarios, Madrid, 1994.
- CASTRO, P. R.: “Saudade y arte”, *Céltiga*, Buenos Aires, nº 72, 25.12.1927.
- CASTRO, X.: *O galeguismo na encrucillada republicana*, 2 vols., Deputación Provincial de Ourense, Ourense, 1985.
- CEJUDO, X.: “O contexto”, en CABANILLAS & VILLAR PONTE: *O Mariscal*, Xunta de Galicia-IGAEM, Col. “Centro Dramático Galego”, nº 7, Santiago, 1994, pp. 93-108.
- CHAO ESPINA, E.: *Historia de Vivero*, Eds. do Castro, Sada, 1988.
- CORES TRASMONTE, B.: “Tras el ‘Día das Letras Galegas’. Villar Ponte y la fundación del nacionalismo gallego”, *Tiempo de Historia*, Madrid, nº 27, Xuño de 1997, pp. 70-81.
- CORREA-CALDERÓN, E.: “Crónica. Poesía gallega”, *La Idea moderna*, Lugo, 26.6.1917.
- COUCEIRO FREIJOMIL, A.: “Temas regionales. En torno a una biografía de Vicetto”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, nº 15.115, 21.6.1928.
- CRITIAS (pseud. de BLANCO AMOR, E.): “Libros. *O Mariscal*”, *Céltiga*, Buenos Aires, nº 49, 10.1.1927.
- DÍAZ ANDIÓN, J.: “Glosas del pasado. El Mariscal Pardo de Cela”, *Galicia en Madrid, Órgano del ‘Lar Gallego’*, Madrid, nº 27, marzo de 1934.
- DOBARRO, X. M^a (ed.): “Introducción”, en CABANILLAS, Ramón: *A rosa de cen follas*, Eds. Xerais, Col. Biblioteca das Letras Galegas, nº 34, Vigo, 1993, pp. 9-73.
- DOBARRO, X. M^a: “O nacemento dun poeta en terras cubanas: Ramón Cabanillas”, en VVA.: *Actas das Xornadas sobre Ramón Cabanillas realizadas en Cambados os días 7 e 8 de xuño do 2001*, Xunta de Galicia-Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, Santiago, 2001, pp. 161-208.

- DOBARRO PAZ, X. M^a. & VÁZQUEZ SOUZA, E.: *Ánxel Casal (1895-1936). Textos e documentos*, Edición do Castro, Col. "Documentos para a historia contemporánea de Galicia", nº 168, Sada, 2003.
- DOMINGO CUADRIELLO, J.: "Presencia de Antón Villar Ponte en Cuba", *Grial*, nº 141, Tomo XXXVII, Vigo, Xaneiro-febreiro-marzo de 1999, pp. 91-110.
- DURÁN, J. A.: *Camilo Díaz Baliño. Crónica de otro olvido inexplicable*, Ed. do Castro, Serie Documentos, nº 76, Sada, 1990.
- EUBENSEI (pseud. de BEIRAS, M.): "Teatro. *O Mariscal* rexurdiu", *A Nosa Terra*, Vigo, nº 654, 29.12.1994, p. 20.
- FERNÁNDEZ, C.: "Na orixe da nova dramaturxia e do teatro galego moderno: *A patria do labrego* (1905), de A. Villar Ponte", in ÁLVAREZ, Rosario e VILAVEDRA, Dolores (Coords.): *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero. Tomo II. Literatura*, Universidade de Santiago, Dep. de Filoloxía Galega, Santiago, 1999, pp. 457-482.
- [FERNÁNDEZ ASÍS]: J. F. de A.: "Acontecemento artístico. Estreño de *O Mariscal*", *El Orzán*, A Coruña, nº 3.439, 29.6.1929.
- FERNÁNDEZ CASTRO, X. M.: "Cuestións históricas e teóricas en *O Mariscal* de R. Cabanillas e A. Villar Ponte", *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1996*, Ed. Galaxia, Vigo, 1997, pp. 11-39.
- FERNÁNDEZ DEL RIEGO, F.: *Ánxel Casal e o libro galego*, Eds. do Castro, Col. Documentos paea a historia contemporánea de Galicia, nº 7, Sada, 1983.
- FERNÁNDEZ FRAGA, G.: "Retratos metafóricos", *Céltiga*, Buenos Aires, nº 56, 25.4.1927.
- FERNÁNDEZ PÉREZ-SANJULIÁN, C.: *A construción nacional no discurso literario de Ramón Otero Pedrayo*, Eds. A Nosa Terra, col. Campus, nº 15, Vigo, 2003.
- FERNÁNDEZ PRIETO, L. & BARREIRO, M. M.: "A prosa política na época das Irmandades", en VV.AA.: *Historia da Literatura Galega*, Ed. A Nosa Terra-ASPG, Vigo, 1996, fascículo 19, pp. 577-608.

- FERNÁNDEZ REI, F.: *Ramón Cabanillas, Manuel Antonio e o mar da Arousa. Dúas singraduras na construción dun idioma para unha patria*, Real Academia Galega, A Coruña, 1999.
- FERNÁNDEZ REI, F.: “Cabanillas e a arela dunha lingua nacional” en VVA.: *Actas das Xornadas sobre Ramón Cabanillas realizadas en Cambados os días 7 e 8 de xuño do 2001*, Xunta de Galicia-Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, Santiago, 2001, pp. 19-48.
- FERNÁNDEZ TEIXEIRO, M. M^a: “Noticia del teatro gallego”, *Primer acto*, nº 120, Madrid, Maio de 1970.
- [FERNÁNDEZ TEIXEIRO] M. M^a: “O teatro de Otero a prol da vida, a esperanza, a beleza e a razón de vivir”, *A Nosa Terra*, Vigo, nº 712, 8.2.1996.
- FERREIRO, M. & FREIXEIRO MATO, X. R. (eds.): *Actas do Congreso Castelao na Galiza do século XX*, Depto. de Filoloxías Francesa e Galego-Portuguesa da Universidade da Coruña-ASPG, A Coruña, 1999.
- FERREIRO, M. & SANMARTÍN, G.: “Introducción” en CABANILLAS, Ramón: *A Virxe do Cristal*, Universidade da Coruña, Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado, nº 20, A Coruña, 2002, pp. 5-77.
- FILGUEIRA VALVERDE, X.: “Sobre el *Cantar do Mariscal*. Otra versión con nuevos versos”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Tomo XXI, Santiago, 1966.
- FONTE, R. (ed.): “Introducción”, en CABANILLAS, Ramón: *Vento mareiro*, Eds. Xerais, Col. Biblioteca das Letras Galegas, nº 38, Vigo, 1995, pp. 9-73.
- FRAGA, I.: “Vigo Teatral”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.391, 5.8.1928.
- FREIRE LESTÓN, X. V.: *A actividade editorial en Galicia (1850-1936). Apuntamentos para unha historia do libro galego*, Ed. do Cumio, Vigo, 1997.
- FREIXANES, V. F.: “Villar Ponte, xornalista”, *Teima. Revista Galega de Información Xeral*, nº 22, 12-19.5.1977, pp. 46-47.

- FREIXEIRO MATO, X. R.: *A cara oculta de Noriega Varela (Biografía e Textos esquecidos)*, Ed. Laiovento, Ensaio, nº 10, Santiago, 1992.
- FREIXEIRO MATO, X. R. & PILLADO MAYOR, F.: “A poesía e o teatro interseculares”, en VV. AA.: *Historia da Literatura Galega*, Ed. A Nosa Terra-ASPG, Vigo, 1996, fascículo 17, pp. 513-544.
- GARCÍA ACUÑA, J.: “Murguía, poeta”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, A Coruña, nº 248, 17.5.1933, pp. 173-179.
- GARCÍA DÓRIGA, A.: *¡Fuego del alma!...* Impr. de Antonio Santiago, Viveiro, 1911.
- GARCÍA NEGRO, M^a P. e DOBARRO PAZ, X. M^a: *33 aproximacións á literatura e á lingua galegas*, Edición do Castro, Col. Ensaio/Filoloxía, Sada, 1984.
- GARCÍA ORO, J.: *Galicia en los siglos XIV y XV, 2 tomos*, Fundación Barrié de la Maza, Col. Galicia Histórica, A Coruña, 1987, espec. pp. 353-365.
- GARCÍA ORO, J.: “Viveiro y la familia de los Pardo de Cela”, *Estudios Mindonienses*, Mondoñedo, nº 4, 1988, pp. 151-232.
- GARCÍA RAMOS, A.: “Galicia en Madrid. Cabanillas en la Academia Española”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 29.5.1929.
- GARCÍA-SABELL, D. (ed.): *Manoel Antonio. III. Correspondencia*, Ed. Galaxia, Vigo, 1979.
- GONZÁLEZ, X. X.: “No vieiro da nosa cultura. *O Mariscal*”, *El Compostelano*, Santiago, outubro 1926. Recorte en Arquivo da Real Academia Galega, Fondo Villar Ponte, Caixa 149, Sobre 2.
- GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, I.: “Sufijación nominal en *O Mariscal* de Ramón Cabanillas”, en VV.AA.: *Homenaxe a Cabanillas no centenario do seu nacemento*, Universidade de Santiago, Facultade de Filoloxía, Santiago, 1977.
- GONZÁLEZ PÉREZ, C. (ed.): *Álvaro Cebreiro*, Ed. do Castro, Col. Os nosos humoristas, nº 7, Sada, 1986.
- GONZÁLEZ-MILLÁN, X.: “O discurso literario galego e a configuración dun espacio público nacional no primeiro tercio do século XX:

- un marco de reflexión”, en CASAS, Arturo (coord.): *Tentativas sobre Dieste*, Ed. Sotelo Blanco, Santiago, 1995, pp. 13-27.
- GRANDÍO SEOANE, E.: *Los orígenes de la derecha gallega: la CEDA en Galicia (1931-1936)*, Ed. do Castro, Col. Historia, Sada, 1998.
- GUEDE OLIVA, M: “O Mariscal desde este horizonte”, en CABANILLAS & VILLAR PONTE: *O Mariscal*, Xunta de Galicia-IGAEM, Col. “Centro Dramático Galego”, nº 7, Santiago, 1994, p. 15.
- GURRIARÁN, R.: *Florencio Delgado Gurriarán, Vida e obra dun poeta valdeorrés republicano e galeguista*, Ed. do Castro, Serie Documentos, nº 157, Sada, 1999.
- HENRÍQUEZ SALIDO, M^a do C.: “A língua e a gramática nas Irmandades da Fala: ‘A Nosa Terra’ (1916-1920)”, en *Actas do IIIº Congreso Internacional da Língua Galego-Portuguesa na Galiza. Homenagem ao professor Carvalho Calero*, AGAL, Ourense, 1992, pp. 173-211.
- HERMIDA, Urbán: “O día de Cela”, *A Fouce*, Buenos Aires, nº 43, 17.12.1931.
- HERMIDA GULÍAS, C.: *Os precursores da normalización. Defensa e reivindicación da lingua galega no Rexurdimento (1840-1891)*, Ed. Xerais, Col. Universitaria, Vigo, 1992.
- ÍNSUA LÓPEZ, E. X.: “O teatro das Irmandades da Fala”, en VV.AA.: *Historia da Literatura Galega*, Ed. A Nosa Terra-ASPG., Vigo, 1996, fascículo 20, pp. 609-640.
- ÍNSUA LÓPEZ, E. X.: “A Nosa Terra e a literatura no tempo das Irmandades”, *A Nosa Terra*, Vigo, nº 809, 18.12.1997.
- ÍNSUA LÓPEZ, E. X.: “Introducción” en VILLAR PONTE, Antón: *Entre dous abismos. Nouturnio de medo e morte*, Universidade da Coruña, Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado, nº 3, A Coruña, 1998.
- ÍNSUA LÓPEZ, E. X.: “Introducción”, en VILLAR PONTE, A.: *A patria do labrego / Almas mortas*, Ed. *La Voz de Galicia*, Col. Biblioteca 120, nº 11, A Coruña, 2002, pp. 7-58.

- ÍNSUA LÓPEZ, E. X. & NUEVO CAL, C.: *O primeiro Villar Ponte*, Fundación Caixa Galicia-El Progreso, Lugo, XVII Premio “Ánxel Folé”, 2003.
- J. F.: “Por el Teatro gallego. Un intento que debiera hacerse” *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 870, 17.11.1926.
- JIMÉNEZ GÓMEZ, S.: *Guía para el estudio de la Edad Media gallega (1100-1480)*, Universidade de Santiago, Santiago, 1973.
- KUKAS (MARCELINO DE SANTIAGO): “A posta en escena con marionetas da obra *O Mariscal*”, en VVA.: *Actas das Xornadas sobre Ramón Cabanillas realizadas en Cambados os días 7 e 8 de xuño do 2001*, Xunta de Galicia-Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, Santiago, 2001, pp. 125-129.
- L. T.: “Sobre el estreno de la ópera *O Mariscal*. Un esfuerzo grandioso del arte lírico regional”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 2.6.1929.
- LAMAS CARVAJAL, V.: “Pero Pardo de Cela”, en *Espiñas, follas e frores*, Ourense, Impr. La Propaganda Gallega, 1876, p. 71. Reproducido por *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 124, 25.7.1920.
- LATAS, R.: “Éxito do *Mariscal* do CDG na súa estrea en Cambados”, *O Correo Galego*, Santiago, 17.10.1994.
- LAXE, M^a.: “Dúas liñas mesturadas”, *A Nosa Terra*, Vigo, nº 646, 3.11.1994, p. 25.
- LEDO ANDIÓN, M.: *Prensa e galeguismo: Da prensa galega do XIX ao primeiro periódico nacionalista. 20 anos de ‘A Nosa Terra’ (1916-1936)*”, Ediciós do Castro, Sada, 1982.
- LESTA MEIS, X.: “Aquí pra entre nós. Galicia no século XV. Pedro Pardo de Cela e Aguiar”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 451, 11.7.1925.
- LESTA MEIS, X. : “Aquí pra entre nós. *O Mariscal*”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 859, 4.11.1926. Publicado tamén co título “De Mi Tierra. *O Mariscal*”, *Heraldo de Galicia*, A Habana, 21.11.1926.
- LESTA MEIS, X. : “De mi tierra. La ópera *A Virxe do Cristal*”, *El Eco de Galicia*, A Habana, 7.12.1928.

- LOJO PIÑEIRO, F.: *A violencia na Galicia do século XV*, Universidade de Santiago, Biblioteca de Divulgación, Serie Galicia, nº 8, Santiago de Compostela, 1991.
- LÓPEZ, A. R.: “Teatro de monicreques. *O Mariscal*”, *O Correo Galego*, Santiago, 17.10.1994.
- LÓPEZ CARREIRA, A.: *Os Irmandiños. Textos, documentos e bibliografía*, Eds. A Nosa Terra, col. “Historia de Galicia”, nº 6, Vigo, 1991.
- LÓPEZ CARREIRA, A.: “Reflexións acerca dos mitos galeguistas (I e II)”, *A Nosa Terra*, Vigo, nº 710, 25.1.1996, p. 26 e nº 711, 1.2.1996, p. 26.
- LÓPEZ FERNÁNDEZ, C.: “O tema do Mariscal Pedro Pardo de Cela en Leiras Pulpeiro”, *Grial*, Vigo, nº 59, Tomo XVI, Xaneiro-febreiro-marzo de 1978, pp. 88-95.
- LORENZANA, SALVADOR (pseud. de FERNÁNDEZ DEL RIEGO, F.): “Home do seu país e poeta do seu tempo [Ramón Cabanillas]”, *Grial*, Vigo, nº 54, Outubro-Novembro-Decembro de 1976, pp. 417-430.
- LOURENZO, M. & PILLADO MAYOR, F.: *O Teatro Galego*, Eds. do Castro, Sada, 1979.
- LOURENZO, M. & PILLADO MAYOR, F.: *Antoloxia do Teatro Galego*, Eds. do Castro, Sada, 1982.
- LOURENZO, M. & PILLADO MAYOR, F.: *Dicionário do Teatro Galego (1671-1985)*, Ed. Sotelo Blanco, Barcelona, 1987.
- LOURENZO, M. & TATO FONTAÍÑA, L.: “Grupo Nós: o teatro”, en VV.AA: *Historia da Literatura Galega*, Ed. A Nosa Terra-ASPG, Vigo, 1996, fascículo 25, pp. 769-800.
- LUCA DE TENA, G.: “Hai agora 50 anos que morreu. Prometeo Vilar Ponte”, *A Nosa Terra*, Vigo, nº 290, 10.4.1986.
- MARIÑAS DEL VALLE, X.: “Retrato en tres tempos”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 15.5.1977. Suplemento “Los Domingos de la Voz”.
- MARTÍNEZ MORÁS, F.: “El poeta de la raza. *Da Terra asoballada*”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 28.8.1917.

- MARTÍNEZ-RISCO DAVIÑA, L.: *O ensino da Historia no bacharelato franquista (Período 1936-1951). A propagación do ideario franquista a través dos libros de texto*, Eds. do Castro, Col. Historia, Sada, 1994.
- MARTÍNEZ-RISCO DAVIÑA, L.: *Arredor da historia de Galicia. Ensaio sobre o seu ensino e o nacionalismo*, Ed. Espiral Maior, Col. Ensaio, nº 12, A Coruña, 1997.
- MATO, A.: *O Seminario de Estudos Galegos*, Publicacións do SEG-CSIC-Edicións do Castro, Sada, 2001.
- MAYÁN FERNÁNDEZ, F.: *El Mariscal Pardo de Ceta y la Iglesia de Mondoñedo a la luz de nueva documentación histórica*, Viveiro, 1962.
- MÉNDEZ FERRÍN, X. L.: “A figura literaria de Ramón Cabanillas”, *Pontenerga. Revista de Estudos Sociolingüísticos*, Deputación Provincial de Pontevedra, nº 2, ano 2000, pp. 105-120.
- MILLÁN OTERO, X. M.: “Sobre o itinerario poético. A paixón pasiva”, en VV. AA.: *Ramón Cabanillas. Camiño adiante*, Ed. A Nosa Terra, Col. A Nosa Cultura-Extra nº 10, Vigo, 1989, pp. 11-23.
- MILLÁN OTERO, X. M.: “O anuncio dos novos tempos: Ramón Cabanillas”, en VV.AA.: *Historia da Literatura Galega*, Ed. A Nosa Terra-ASPG, Vigo, 1996, fascículo 18, pp. 545-576.
- MILLÁN OTERO, X. M.: “A obra teatral de Ramón Cabanillas: unha cala en *O Mariscal*”, *Pontenerga. Revista de Estudos Sociolingüísticos*, Deputación Provincial de Pontevedra, nº 2, ano 2000, pp. 53-75.
- MOLINA, C. A.: *Prensa literaria en Galicia (1809-1920)*, Edicións Xerais, Vigo, 1989 e *Prensa literaria en Galicia (1920-1960)*, Edicións Xerais, Vigo, 1989.
- MONTERROSO DEVESA, X.-M^a: “Lembranza de Antón Vilar Ponte”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 3.10.1981.
- MONTERROSO DEVESA, X.-M^a & BERAMENDI, Justo G.: “Villar Ponte, Antón”, *Gran Enciclopedia Gallega*. Tomo XXX. VEA-ZURITA, Silverio Cañada (ed.), Xixón, s.d., pp. 136-137.

- MONTERROSO DEVESA, X-M^a & BERAMENDI, Justo G.: “Villar Ponte, Ramón”, *Gran Enciclopedia Gallega*. Tomo XXX. VEA-ZURITA, Silverio Cañada (ed.), Xixón, s.d., pp. 138-139.
- NAYA, J.: “Lembranza de Antonio Villar Ponte”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 15.5.1977. Suplemento “Los Domingos de la Voz”.
- NEIRA VILAS, X.: *A prensa galega de Cuba*, Edición do Castro, Col. “Documentos para a historia contemporánea de Galicia”, nº 14, Sada, 1985.
- NEIRA VILAS, X.: “A súa estancia en Cuba”, en VV.AA.: *Ramón Cabanillas. Camiño adiante*, Ed. A Nosa Terra, Col. A Nosa Cultura-Extra nº 10, Vigo, 1989, pp. 24-25.
- NEIRA VILAS, X.: *Memoria da emigración. Tomo I*, Ed. do Castro, Serie Documentos, nº 114, Sada, 1994.
- NICOLÁS, R.: *Entrevistas con Álvaro Cunqueiro*, Ed. Nigra, Vigo, 1994.
- NOGUEIRA, C.: *A memoria da nación. O reino de Gallaecia*, Eds. Xerais, Vigo, 2001.
- NOGUEIRA, E.: “Sobre el Teatro Galego. Una carta abierta”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.226, 10.1.1928.
- NOGUEIRA, E.: “Carta abierta. Acerca del Teatro Gallego”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 18.1.1928.
- NOGUEIRA, X.: *O cine en Galicia*, Ed. A Nosa Terra, Col. Historia de Galicia, Vigo, 1997.
- NORIEGA VARELA, A.: “Xuicio d’o ano (1932)”, *O gaitero de Lugo*, Imprenta de G. Castro, Lugo, 1932.
- NOVO GARCÍA, V.: “Pardo de Cela”, *Galicia*, A Habana, Ano, nº 14, 26.10.1902.
- NUEVO CAL, C.: “O nacionalismo en Viveiro (1923-1936), I a XIII”, *Heraldo de Viveiro*, Viveiro, 20.7.1990 a 16.11.1990.
- NÚÑEZ SEIXAS, X. M.: *O galeguismo en América, 1879-1936*, Ed. do Castro, Sada, 1992.

- NÚÑEZ SEIXAS, X. M.: *Emigrantes, caciques e indianos. O influxo socio-político da emigración transoceánica en Galicia (1900-1930)*, Ed. Xerais, Vigo, 1998.
- OGANDO GONZÁLEZ, I.: *Teatro histórico: construción dramática e construción nacional*, Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor, Universidade da Coruña, A Coruña, 2004.
- OTERO ABILLEIRA, J.: “Pardo de Cela”, *Galicia*, A Habana, nº 3, Ano X, 21.1.1911.
- OTERO PEDRAYO, R.: *O libro dos amigos*, Ed. Galaxia, Vigo, Col. Literaria, nº 148, 1997 (1ª ed. en Buenos Aires, 1953).
- OTERO PEDRAYO, R.: “Evocación de Ramón Cabanillas”, *Grial*, Vigo, nº 54, Outubro-Novembro-Decembro de 1976, pp. 405-416.
- PARDO, L.: “Pardo de Cela”, *Galicia*, A Habana, Ano III, nº 37, 11.9.1904.
- PARDO DE GUEVARA, E. J.: *El Mariscal Pardo de Cela y la Galicia de fines del siglo XV*, Editorial Alvarellos, Lugo, 1981.
- PENA, X. R. (ed.): “Introducción”, en CABANILLAS, Ramón: *Na noite estrelecida*, Eds. Xerais, Col. Biblioteca das Letras Galegas, nº 1, Vigo, 1988, pp. 9-62.
- PENA, X. R. (ed.): “Introducción”, en CABANILLAS, Ramón: *Da Terra asoballada*, Eds. Xerais, Col. Biblioteca das Letras Galegas, nº 32, Vigo, 1994, pp. 9-53.
- PENA, X. R.: *Manuel Antonio e a vangarda*, Ed. Sotelo Blanco, Col. Estudos e Investigacións, Santiago, 1996.
- PEÑA NOVO, L.: “Os vellos e os novos. Cabanillas, Barcia Caballero”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 28-29, 30.8.1917.
- PILLADO MAYOR, F.: *Cinco aspectos do Teatro Galego*, Biblioteca 114 de *El Correo Gallego*, Santiago, 1992.
- PILLADO MAYOR, F.: *O teatro de Manuel Lugrís Freire*, Edicións do Castro, Serie Teatro, Sada, 1991.
- PIÑEIRO, R.: *Olladas no futuro*, Ed. Galaxia, Vigo, 1974.

- PIÑEIRO, R.: “A significación política de Antón Villar Ponte”, *Teima. Revista Galega de Información Xeral*, nº 22, 12-19.5.1977, pp. 38-39.
- PORTEIRO GAREA, L.: “Liñas de arte. Múseca e poesía”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 8, 25.1.1917.
- PRESA, M. da: “O Mariscal”, *A Fouce*, Buenos Aires, nº 43, 17.12.1931.
- PRIETO CAMIÑA, M.: “Teatralerías. Ante un nuevo escarnio a Galicia”, *Heraldo de Galicia*, A Habana, Ano XI, nº 6, 31.5.1929.
- PRIETO CAMIÑA, M.: “Crónicas regionales. El estreno de *O Mariscal*”, *Heraldo de Galicia*, A Habana, nº 9, Ano XI, 30.6.1929.
- QUINTANILLA, J.: “Divagaciones. Dos artistas. Arte Gallego. Cantemos...”, *El Correo Gallego*, Ferrol, 30.9.1921.
- RABUNHAL CORGO, H.: *Textos e contextos do teatro galego (1671-1936)*, Ed. Laiovento, Ensaio, nº 39, Santiago, 1994.
- REBELLO, Luiz F.: *O teatro naturalista e neo-romântico (1870-1910)*, Instituto de Cultura Portuguesa, Biblioteca Breve, Série Literatura, nº 16, s.l., 1978.
- REBELLO, Luiz F.: *O teatro simbolista e modernista (1890-1939)*, Instituto de Cultura Portuguesa, Biblioteca Breve, Série Literatura, nº 40, s.l., 1979.
- REI NÚÑEZ, L.: “O ano do cometa de Ramón Cabanillas”, *A Nosa Terra*, Vigo, nº 908, 11.11.1999, p. 29.
- REI NÚÑEZ, L.: “Cabanillas en Cambados: A forxa dun poeta”, *PonteNorga. Revista de Estudos Sociolingüísticos*, nº 2, Deputación Provincial de Pontevedra, Pontevedra, 2000, pp. 33-52.
- REI NÚÑEZ, L. & CAMBA, X.: (Eds.): ‘*El Umia*’. ‘*El Cometa*’. *Ramón Cabanillas, xornalista cambadés*, Concello de Cambados, 2001. Edición facsimilar.
- REI ROMEU, M.: “A recepción crítica da obra de Cabanillas”, en VV.AA.: *Ramón Cabanillas. Camiño adiante*, Ed. A Nosa Terra, Col. A Nosa Cultura-Extra nº 10, Vigo, 1989, pp. 66-78.

- RENALES CORTÉS, J.: *Celtismo y Literatura Gallega. La obra de Benito Vicetto y su entorno literario*, 2 vols., Xunta de Galicia, Servicio Central de Publicacións, Santiago, 1996.
- REY POUSADA, I.: “A obra dramática *O Mariscal* e a súa adaptación”, VVA.: *Actas das Xornadas sobre Ramón Cabanillas realizadas en Cambados os días 7 e 8 de xuño do 2001*, Xunta de Galicia-Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, Santiago, 2001, pp. 119-123.
- RISCO, V.: “Prosas galeguistas”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 107, 5.12.1919.
- R[ISCO], V[icente]: “Libros”, *Nós*, Ourense, nº 35, 15.11.1926, p. 18. Reproducido por *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 876, 24.11.1926.
- RISCO, V.: “A saudade”, *Céltiga*, Buenos Aires, nº 61, 10.7.1927.
- RISCO, V.: “Vicetto ou o romantismo”, *Nós*, Ourense, nº 53, 15.5.1928; nº 54, 15.6.1928 e nº 55, 25.7.1928.
- RISCO, V.: “Da Galiza Renascente (Conclusión)”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 256, 1.1.1929.
- RISCO, V.: “Pra Anton Villar Ponte”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 2.371, 10.11.1931.
- RODRÍGUEZ GALDO, M^a X.: *Señores y campesinos en Galicia. Siglos XIV al XVI*, Editorial Pico Sacro, Santiago, 1976.
- RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, F.: “*O Mariscal*: un modelo de redención”, en VV.AA.: *Ramón Cabanillas. Camiño adiante*, Ed. A Nosa Terra, Col. A Nosa Cultura-Extra nº 10, Vigo, 1989, pp. 26-39.
- RODRÍGUEZ [SÁNCHEZ], F.: “Un personaxe simbólico: Pardo de Cela”, *Terra e Tempo*, Santiago, nº 1, 2^a época, Setembro-Dembro de 1995, pp. 16-23.
- RODRÍGUEZ [SÁNCHEZ], F.: “A imaxe na literatura do marechal Pardo de Cela”, en www.inicia.es/de/brigadas/literatura/PardoCela.html.
- RUIBAL, Euloxio R. & ABUÍN GONZÁLEZ, A.: “O teatro galego entre 1900 e 1936”, en VV.AA.: *Galicia, Tomo XXXII. Literatura. O*

- Século XX. A literatura anterior á Guerra civil*, Hércules de Ediciones, S.A., A Coruña, 2000, pp. 278-355.
- RUIBAL, Euloxio R.: *Xogo de máscaras. Escritos sobre teatro*, Espiral Maior, Col. Teatro, nº 2, A Coruña, 2003.
- RUIZ RAMÓN, F.: *Historia del Teatro Español. Siglo XX*, Ed. Cátedra, Madrid, 1984, 6ª ed.
- SAAVEDRA, P.: *Economía, Política y Sociedad en Galicia: La provincia de Mondoñedo, 1480-1830*, Servicio Central de Publicacións da Xunta de Galicia, Consellería da Presidencia, Madrid, 1985.
- SAINERO, R.: *Leyendas celtas en la literatura irlandesa*, Akal Editor, Madrid, 1990.
- SANMARTÍN REI, G.: “A prosa didáctica (1916-1936)”, en VV.AA.: *Historia da Literatura Galega*, Ed. A Nosa Terra-ASPG, Vigo, 1996, fascículo 26, pp. 801-832.
- SANMARTÍN REI, G.: *Os (pre)textos galegos (1863-1936)*, Ed. Sotelo Blanco, Col. “Estudios e Investigacións”, Santiago, 2002.
- SANMARTÍN REI, G.: *Lendo nas marxas. Lingua e compromiso nos paratextos (1863-1936)*, Ed. Espiral Maior, Col. Universitas, nº 1, A Coruña, 2002.
- SANTISO GIRÓN, L.: “Desfile de hechos. Reportaje sobre una posibilidad del libro gallego”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 2.127, 28.1.1931.
- SANTISO GIRÓN, L.: “Proyecciones. Ópera gallega en Madrid”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 3.341, 20.12.1934.
- SEOANE, I. (ed): “Introducción”, en VAAMONDE, Florencio: *Os calai-cos. Mágoas. Follas ao vento*, Eds. Xerais, Col. Biblioteca das Letras Galegas, nº 57, Vigo, 2003, pp. 11-152.
- SEOANE, L.: “Villar Ponte e a sua tertulia”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 15.5.1977. Suplemento “Los Domingos de la Voz”.
- SIGÜENZA, J.: “Escritores Gallegos. Antonio Villar Ponte”, *El Despertar Gallego*, Buenos Aires, 19.9.1926.

- SIGÜENZA, J. : “La personalidad de Ramón Cabanillas”, *Céltiga*, Buenos Aires, nº 44, 25.10.1926.
- SOLÁ, J.: “El poeta Cabanillas á través del Valle de Salceda”, *Vida Gallega*, Vigo, nº 106, 1.5.1918.
- SOLÁ, J.: “El tema actual gallego. Un catedrático universitario llama al buen camino a los nacionalistas”, *Vida Gallega*, Vigo, nº 559, 10.6.1933.
- SOUTELO VÁZQUEZ, R.: “A pegada dos irmáns Vilar Ponte no nacionalismo galego de antes da guerra”, *Anuario Brigantino*, Betanzos, nº 24, 2001, pp. 261-281.
- SOUTO, E.: “Notas para umha leitura escolar de *O Mariscal*”, *Lenguaje y Texto*, nº 6-7, s. l., 1991, pp. 41-51.
- SOUTO, F.: “As marionetas serven. Ao pé do *Mariscal*”, *A Nosa Terra*, Vigo, nº 658, 26.1.1995, p. 27.
- SUÁREZ PICALLO, X. A.: “Lembranza d-un mozo”, *A Nosa Terra*, Pontevedra, nº 405, 13.3.1936.
- TARRÍO VARELA, A.: *Literatura Galega. Aportación a unha Historia crítica*, Ed. Xerais, Col. Universitaria-Manuais, Vigo, 1994.
- TATO FONTAÍÑA, L.: *Teatro e nacionalismo. Ferrol, 1915-1936*, Ed. Laiovento, nº 50, Santiago, 1995.
- TATO FONTAÍÑA, L.: *O Teatro galego e os Coros Populares*, Tese de Doutoramento, Universidade da Coruña, Setembro de 1996.
- TATO FONTAÍÑA, L.: *Teatro galego. 1915-1931*, Ed. Laiovento, Ensaio, nº 89, Santiago, 1997.
- TATO FONTAÍÑA, L.: “Introdución”, in QUINTANILLA, Xaime: *Donosiña*, Biblioteca-Arquivo Teatral “Francisco Pillado Mayor”, Universidade da Coruña, A Coruña, 1997, pp. 9.57.
- TATO FONTAÍÑA, L.: *Historia do Teatro Galego. Das orixes a 1936*, Ed. A Nosa Terra, Vigo, 1999.
- TOBÍO FERNÁNDEZ, L.: “Lembranza de Antón”, *Heraldo de Viveiro*, Viveiro, 28.2.1986.

- TOBÍO FERNÁNDEZ, L.: *As décadas de T. L.*, Ediciós do Castro, Serie Documentos, nº 110, Sada, 1994.
- TORRES FEIJÓ, E. J.: *A Galiza em Portugal, Portugal na Galiza através das revistas literárias (1900-1936)*, Tese de Doutoramento, Universidade de Santiago, inédita.
- TUDELA, M.: *Álvaro Cebreiro*, Ed. do Castro, Col. O Movimento Renovador, nº 2, Sada, 1983.
- UN VECINO QUE YA DIRÁ QUIÉN ES (pseud.): “La rotulación de calles”, *El Emigrado*, A Estrada, nº 170, 7.10.1925.
- UN VELLO ACTOR (pseud.): “Teatro galego. Algo sobre arte dramática I”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 157, 15.2.1922.
- VV.AA.: *Polo reino de Galiza*, Eds. A Nosa Terra, Extra A Nosa Cultura nº 18, Vigo, 1988.
- VV.AA.: *Literatura Galega. Século XX*, Eds. A Nosa Terra, Col. Historia de Galicia-Monografías, Vigo, 2001.
- VV. AA.: “Cabanillas, Ramón”, *Enciclopedia Galega Universal. Tomo 4. BRAS-CASAL*, Ed. Ir Indo, Vigo, 2001, pp.145-147.
- VARELA JÁCOME, B.: “Literatura do s. XX”, en VV.AA.: *Historia de Galicia*, Cupsa Editorial, Barcelona, 1980.
- VAQUERO, N.: “Teatro. El Mariscal cabalga de nuevo”, *Faro de Vigo*, Vigo, Suplemento “Fin de Semana”, páx.1, 14.10.1994.
- VÁZQUEZ PORTOMEÑE, V.: Palabras de presentación en CABANILLAS & VILLAR PONTE: *O Mariscal*, Xunta de Galicia-IGAEM, Col. “Centro Dramático Galego”, nº 7, Santiago, 1994, p. 11.
- VÁZQUEZ SOUZA, E.: “Notas de contexto a unha peza inconclusa”, en VILAR PONTE, Antón: *Xuana de Vega ou ‘Os Mártires’*, Edicións Laidovento, Teatro, Santiago, 2001, pp. 23-44.
- VÁZQUEZ SOUZA, E.: *A fouce, o hórreo e o prelo: Ánxel Casal ou o libro galego moderno*, Ediciós do Castro, Col. Documentos para a historia contemporánea de Galicia, nº 169, Sada, 2003.
- VESTEIRO TORRES, T.: *Galería de gallegos ilustres. Tomo 1*, Ediciones Galicia, Buenos Aires, 1955 (1ª ed., Madrid, 1875).

- VICETTO, B.: *Historia de Galicia*, Tomo VI, Ferrol, 1872. Facsímil Ed. Alvarellos, Lugo, 1979.
- VICETTO, B.: *Los Hidalgos de Monforte, Tomos I e II*, Biblioteca Gallega de Autores Castellanos, nº 1 e 2, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 2004.
- VIEITES, Manuel F.: “De J. M. Synge a A. Villar Ponte. Teatro, literatura dramática e construción nacional na periferia atlántica. Anotacións pra un estudio preliminar”, en *Como en Irlanda*, Xunta de Galicia-IGAEM, Col. Centro Dramático Galego, nº 12, Santiago, 1996.
- VIEITES, Manuel F.: *Manual e escolma da literatura dramática galega*, Ed. Sotelo Blanco, Col. Literatura e Crítica, nº 11, Santiago, 1996.
- VIEITES, Manuel F.: “Villar Ponte na literatura dramática galega”, in VILLAR PONTE, Antón: *A festa da malla*, edición de Noemí Pazó e Dolores Vilavedra, Ed. Xerais, Col. “Os libros do Centro Dramático Galego”, nº 21, Vigo, 1997.
- VIEITES, Manuel F.: “A obra dramática de Ramón Cabanillas na procura dun teatro nacional. Estratexias de educación popular e recreación identitaria”, en VVA.: *Actas das Xornadas sobre Ramón Cabanillas realizadas en Cambados os días 7 e 8 de xuño do 2001*, Xunta de Galicia-Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, Santiago, 2001, pp. 63-82.
- VILANOVA RODRÍGUEZ, A.: *Los gallegos en la Argentina. Tomo 2*, Eds. Galicia, BB.AA., 1966.
- VILAVEDRA, D. (coord.): *Diccionario da literatura galega. Tomo I. Autores*, Ed. Galaxia, Vigo, 1995 e *Tomo II. Publicacións Periódicas*, Ed. Galaxia, Vigo, 1997.
- VILAVEDRA, D.: *Historia da literatura galega*, Ed. Galaxia, Col. Manuais, nº 2, Vigo, 1999.
- VILLALAIN, D.: “*Como en Irlanda*”, en *Grial*, Vigo, nº 131, Tomo XXXIV, Xullo-Agosto-Setembro de 1996, pp. 441-443.
- VILLAR PONTE, A.: “Impresiones de un libro. *Belial*”, *Revista gallega*, A Coruña, nº 334, 11.8.1901.

- VILLAR PONTE, A.: “Impresiones y apuntes”, *Revista Gallega*, A Coruña, nº 429, 7.6.1903.
- VILLAR PONTE, A.: “Impresión literaria. La obra de Enrique Ibsen”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 1.6.1906.
- VILLAR PONTE, A.: “La leyenda de la Frouseira”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, nº 8.208, 14.2.1907. Tamén reproducido en *El Norte de Galicia*, Lugo, nº 2.079, 27.11.1907 e mais en *Follas Novas*, A Habana, nº 577, 21.6.1908.
- [VILLAR PONTE, A.]: “Con letra del siete. El homenaje del día”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 27.10.1912.
- [VILLAR PONTE, A.]: “Con letra del siete. Un premio y una vacante”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 19.11.1912.
- [VILLAR PONTE, A.]: “Con letra del siete. Nuestras glorias regionales”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 15.1.1913.
- [VILLAR PONTE, A.]: “Con letra del siete. Quisiera ver cien nobles...”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 28.11.1913.
- [VILLAR PONTE, A.]: “Con letra del siete. Cervantes y Shakespeare”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 22.1.1914.
- [VILLAR PONTE, A.]: “Con letra del siete. El hombre del día”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 10.2.1914.
- VILLAR PONTE, A.: “Pláticas literarias. Hablemos de *La Malquerida*”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 4.3.1914.
- [VILLAR PONTE, A.]: “Con letra del siete. Por nuestro renacimiento literario”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 7.4.1914.
- [VILLAR PONTE, A.]: “Con letra del siete. La sexta Asamblea agrícola”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 15.4.1914.
- [VILLAR PONTE, A.]: “Con letra del siete. Ni un solo periódico gallego”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 3.5.1914.
- VILLAR PONTE, A.: “Decenario Gallego”, *Diario de la Marina*, A Habana, ca. finais de maio 1914 (asinada o 9.5.1914). Recorte en Real Academia Galega, Fondo Villar Ponte, Caixa 149, Sobre 2.

- [VILLAR PONTE, A.]: “Con letra del siete. La cuestión agraria”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 1.12.1914.
- [VILLAR PONTE, A.]: “Con letra del siete. El literato ciego y los ciegos en literatura”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 13.1.1915.
- [VILLAR PONTE, A.]: “Con letra del siete. Acerca de las palabras de un tuno”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 7.2.1915.
- [VILLAR PONTE, A.]: “Con letra del siete. Entre los clásicos y las estrellas”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 7.3.1915.
- [VILLAR PONTE, A.]: “Con letra del siete. Ofrenda sentimental”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 13.3.1915.
- VILLAR PONTE, A.: “Crónicas de la vida gallega”, *Diario de la Marina*, datada a 21.3.1915. Recorte en Archivo da Real Academia Galega, Fondo Villar Ponte, Caixa 151, Sobre 1.
- VILLAR PONTE, A.: “Anotaciones breves. Un gran poeta gallego”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 13.6.1915.
- [VILLAR PONTE, A.]: “Con letra del siete. Una peregrinación cultural”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 9.4.1916.
- VILLAR PONTE, A.: *Nacionalismo Gallego. Nuestra afirmación regional*, Imp. de *La Voz de Galicia*, A Coruña, maio de 1916, 2ª ed.
- VILLAR PONTE, A.: “Ramón Cabanillas”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 2.7.1916.
- [VILLAR PONTE, A.]: “Con letra del siete. La Feria del Libro”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 19.11.1916.
- VILLAR PONTE, A.: “O 17 de Nadal do 1483. Non esquezamos a nosa hestoria. Cando morreron as liberdades gallegas”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 4, 15.12.1916.
- [VILLAR PONTE, A.]: “Con letra del siete. ¡El pobre Berges!”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, nº 11.694, 17.2.1917.
- VILLAR PONTE, A.: “De paso para la América. Un nuevo conquistador. Villaespesa en La Coruña”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 22.4.1917.

- [VILLAR PONTE, A.]: “Con letra del siete. Las obras de Ramón Cabanillas”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 29.4.1917.
- [VILLAR PONTE, A.]: “Con letra del siete. *Alento da Raza*”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 22.6.1917.
- [VILLAR PONTE, A.]: “Con letra del siete. El libro gallego”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 4.10.1917.
- VILLAR PONTE, A.: “Jornadas. El viejo siempre joven”, *El Noroeste*, A Coruña, ca. 1918. Recorte en Archivo da Real Academia Galega, Fondo Villar Ponte, Caixa 148, Sobre 4.
- VILLAR PONTE, A.: “Honrando a nuestros poetas. Curros Enríquez y Pondal”, *El Noroeste*, A Coruña, nº 10.319, 7.2.1918.
- VILLAR PONTE, A.: “Antes que llegue la hora del estreno... La primera obra teatral de Cabanillas”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 13.4.1919.
- VILLAR PONTE, A.: “O noso voto espricado en verbas quentes”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 90, 25.5.1919.
- VILLAR PONTE, A.: “Lembranza...”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 124, 25.7.1920.
- VILLAR PONTE, A.: “El Santo Graal”, *La Correspondencia*, Cienfuegos, ca. 1921. Recorte en Archivo Real Academia Galega, Fondo Villar Ponte, Caixa 147, Sobre 1.
- VILLAR PONTE, A.: “Margarita Xirgú”, *El Correo Gallego*, Ferrol, 19.7.1921.
- VILLAR PONTE, A.: “Follas Novas. Libros e revistas”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 153, 15.12.1921.
- VILLAR PONTE, A.: “Nuevo renacimiento de las letras gallegas. Algunos libros nuevos”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 22.1.1922.
- VILLAR PONTE, A.: “Os esteos da nazionalidade”, *Alborada*, Pontevedra, nº extra, 25.7.1922.
- VILLAR PONTE, A.: “Nuestros articulistas. Interpretación de un home-naje y glosa de un consejo”, *Galicia*, Vigo, nº 33, 31.8.1922.

- VILLAR PONTE, A.: “Nuestros articulistas. El Marqués de Figueroa y la personalidad de Galicia”, *Galicia*, Vigo, nº 413, 28.11.1923.
- VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. Un medio para crear la emoción histórica”, *Galicia*, Vigo, nº 467, 23.3.1924.
- VILLAR PONTE, A.: “Esta vez no es el tacaño un gallego. Por una mezquina diferencia de pesetas, se priva a nuestra Rosalía del mejor homenaje”, *Galicia*, Vigo, nº 496, 27.4.1924.
- VILLAR PONTE, A.: “Nuestros articulistas. La lengua gallega, ante conscientes e inconscientes”, *Galicia*, Vigo, nº 498, 30.4.1924.
- VILLAR PONTE, A.: “Nuestros articulistas. La propia estimación”, *Galicia*, Vigo, nº 511, 16.5.1924.
- VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. Todo Galicia es Cambados”, *Galicia*, Vigo, nº 547, 29.6.1924.
- VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. El abuso de los homenajes y otros abusos”, *Galicia*, Vigo, nº 570, 26.7.1924.
- VILLAR PONTE, A.: “Temas regionales. La poesía gallega en la actualidad”, *Hispania*, Madrid, nº 2, 30.1.1925.
- VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. Un gallego ejemplar”, *Galicia*, Vigo, nº 807, 10.5.1925.
- VILLAR PONTE, A.: “Al margen de un poema sinfónico. El eterno defecto de los gallegos”, *Galicia*, Vigo, nº 809, 13.5.1925.
- VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. Selección de poemas de Lamas Carvajal”, *Galicia*, Vigo, nº 941, 4.10.1925.
- VILLAR PONTE, A.: “Galerías. Un rato a cinematografía”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, ca. 1926. Recorte en Fundación Penzol-Vigo, Fondo Villar Ponte, Caixa 40 (6).
- VILLAR PONTE, A.: “De Galicia. Acerca de un pleito histórico”, *El Sol*, Madrid, ca. xaneiro 1926. Citado por recorte existente na Fundación Penzol (Vigo), Fondo Villar Ponte, Caixa 40 (6).
- VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. Una lección de historia gallega”, *Galicia*, Vigo, nº 1.029, 19.1.1926.

- VILLAR PONTE, A.: “Unha obra nova galega. *O Mariscal* está impren-
tándose”, *Mariñana*, Sada, nº extra, febreiro 1926.
- VILLAR PONTE, A.: “Galerías. Por qué el teatro gallego no prospera”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 639, 16.2.1926.
- VILLAR PONTE, A.: “Galerías. Evocación literaria”, *El Pueblo Gallego*,
Vigo, nº 686, 11.4.1926.
- VILLAR PONTE, A.: “Galerías. Estudios de relevante interés”, *El Pueblo Gallego*,
Vigo, nº 706, 9.5.1926.
- VILLAR PONTE, A.: “Feminismo y feminidad”, *La Correspondencia*,
Cienfuegos, 13.6.1926. Recorte en Archivo Real Academia
Gallega, Fondo Villar Ponte, Caixa 148, Sobre 1.
- VILLAR PONTE, A.: “Galerías. Al margen de unas marginales”, *El Pueblo Gallego*,
Vigo, nº 750, 30.6.1926.
- VILLAR PONTE, A.: “Temas de interés. Una institución que necesita-
mos”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 794, 20.8.1926.
- VILLAR PONTE, A.: “Galerías. La gloriosa tradición liberal de Galicia”,
El Pueblo Gallego, Vigo, nº 819, 18.9.1926.
- VILLAR PONTE, A.: “Galerías. *La guerra hermandina*”, *El Pueblo Gallego*
Vigo, nº 820, 19.9.1926.
- VILLAR PONTE, A.: “Galerías. Una efemérides liberal”, *El Pueblo Gallego*
Vigo, nº 832, 3.10.1926.
- VILLAR PONTE, A.: “Galerías. Hasta nosotros llegó un rumor”, *El Pueblo Gallego*,
Vigo, nº 853, 28.10.1926.
- VILLAR PONTE, A.: “Iniciativa plausible. Ante la reforma de la
Academia Española”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 880, 28.11.1926.
- VILLAR PONTE, A.: “Galerías. *La Nación* y los candidatos gallegos a la
Academia”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 891, 11.12.1926.
- VILLAR PONTE, A.: “Galicia en la Real Academia”, *El Pueblo Gallego*,
Vigo, nº 895, 16.12.1926.
- VILLAR PONTE, A.: “Galerías. La zarzuela de un vasco y la ópera de un
gallego”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 939, 6.2.1927.

- VILLAR PONTE, A.: “Galerías. Una lección ejemplar”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 951, 20.2.1927.
- VILLAR PONTE, A.: “Galerías. Acerca de la saudade y la morriña”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 981, 27.3.1927.
- VILLAR PONTE, A.: “Galerías. El homenaje que precisan los escritores”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 988, 5.4.1927.
- VILLAR PONTE, A.: “Galerías. Zarzuela y ópera gallegas”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.113, 31.8.1927. Reproducido también en *Vida Gallega*, Vigo, nº 352, 10.9.1927.
- VILLAR PONTE, A.: “De Galicia. Lo mejor para el desenvolvimiento de nuestra música”, *El Sol*, Madrid, nº 3.163, 25.9.1927.
- VILLAR PONTE, A.: “Temas de interés. Una novela de Rosalía y una guía de turismo”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 12.11.1927.
- [VILLAR PONTE, A.]: “Temas de interés. Negocio para quien sea, y beneficio para La Coruña”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1189, 27.11.1927.
- [VILLAR PONTE, A.]: “Temas de interés. El duelo del coruñés y el sevillano”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.191, 30.11.1927.
- VILLAR PONTE, A.: “Galerías. El teatro gallego y *O Mariscal*”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.215, 28.12.1927.
- VILLAR PONTE, A.: “Requerimiento que merece ser atendido. El maestro Baldomir en situación crítica”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.227, 12.1.1928.
- VILLAR PONTE, A.: “Carta Abierta. Acerca del Teatro Gallego”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.227, 13.1.1928.
- VILLAR PONTE, A.: “Sin reñir y razonando. Una tesis indefendible”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.230, 14.1.1928.
- [VILLAR PONTE, A.]: “Temas de interés. Un pleito literario”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 31.1.1928.
- VILLAR PONTE, A.: “Temas de interés. Acerca de unos homenajes”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.236, 2.2.1928.

- [VILLAR PONTE, A.] "Temas de interés. Primicias de una ópera gellga", *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.247, 15.2.1928.
- [VILLAR PONTE, A.]: "Temas de interés. Necesitamos un teatro grande y un buen teatro pequeño", *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.528, 28.2.1928.
- [VILLAR PONTE, A.]: "Temas de interés. Un trabajo de Alfredo García Ramos", *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.259, 29.2.1928.
- [VILLAR PONTE, A.]: "Tema de interés. El esfuerzo ejemplar de un coruñés", *El Pueblo Gallego*, Vigo, ca. primavera de 1928. Recorte en Real Academia Galega, Fondo Villar Ponte, Caixa 150, Sobre 2.
- VILLAR PONTE, A.: "Galerías. El libro, artículo de primera necesidad", *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.340, 5.6.1928.
- VILLAR PONTE, A.: "Galerías. Un libro auroral y otro crepuscular", *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.379, 21.7.1928.
- VILLAR PONTE, A. "Galerías. Dos clases de poetas", *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.396, 11.8.1928.
- [VILLAR PONTE, A.]: "Temas frívolos. Cómo podemos rejuvenecer a Don Juan", *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.471, 7.11.1928.
- [VILLAR PONTE, A.]: "Temas de interés. Una lección más que debe tenerse en cuenta", *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.513, 26.12.1928.
- [VILLAR PONTE, A.]: "Temas de interés. Empresas de cultura musical", *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.581, 15.3.1929.
- [VILLAR PONTE, A.]: "Temas de interés. Una empresa que soñamos", *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.605, 13.4.1929.
- VILLAR PONTE, A.: "Galerías. Abolengo del ideal galleguista", *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.611, 20.4.1929.
- [VILLAR PONTE, A.]: "Temas de interés. Fiestas de arte y cultura", *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.629, 12.5.1929.
- [VILLAR PONTE, A.] "Temas de interés. Lo que se debiera hacer y no se hará", *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.657, 14.6.1929.

- [VILLAR PONTE, A.]: “Temas de interés. Una urbe sin teatros”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.687, 19.7.1929.
- [VILLAR PONTE, A.]: “Temas de interés. Una iniciativa plausible”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.691, 24.7.1929.
- [VILLAR PONTE, A.]: “Temas de interés. ¿Cuándo despertaremos?”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.693, 26.7.1929.
- [VILLAR PONTE, A.]: “Temas de interés. Respondiendo a una pregunta de paisanos emigrados”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.701, 10.9.1929.
- VILLAR PONTE, A.: “Temas de interés. De una institución y de un libro”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.716, 27.9.1929.
- VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. Un síntoma desconsolador”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.756, 13.11.1929.
- VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. La *pauliña* que nos corroe”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.765, 23.11.1929.
- VILLAR PONTE, A.: “Liñas sinxelas. O teatro como arma galeguizada”, *El Despertar Gallego*, Buenos Aires, nº especial, decembro de 1929.
- VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. ¿Existe o no existe la saudade”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1.789, 21.12.1929.
- VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. La tragedia del caballero de Santiago”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 2.101, 28.12.1930.
- VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. La Historia se repite”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 2.189, 10.4.1931.
- VILLAR PONTE, A.: “Ante las Constituyentes Españolas. El pensamiento de Galicia”, *Crisol*, Madrid, 13.6.1931.
- VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. El galleguismo siempre será liberal”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 5.11.1931.
- VILLAR PONTE, A.: “Buenos días. El collar unitario”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, ca. finais de 1931-comezos de 1932. Recorte en Archivo Real Academia Galega, Fondo Villar Ponte, Caixa 149, Sobre 2

- VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. Mayorazgo que quiere perpetuar un gallego”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, ca. 1932. Recorte en Arquivo Real Academia Galega, Fondo Villar Ponte, Caixa 149, Sobre 2.
- VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. Los de mente clara y los de posición sesgada”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 2.515, 17.4.1932.
- VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. Valorizaciones gratuitas, no”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 2.517, 20.4.1932.
- VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. Un sueño absurdo”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 2.542, 19.5.1932.
- VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. Una efemérides patriótica”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 2.630, 30.8.1932.
- VILLAR PONTE, A.: “Exemplos. Un aristócrata enxebre”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 2.706, 26.11.1932.
- VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. Un buen medio de fomentar el gallego”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 9.4.1933.
- VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. Comentarios a un trabajo de Rodríguez [sic] Lapa”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 2.835, 28.4.1933.
- VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. Un toque de atención”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 13.5.1933.
- VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. Al buen callar llaman Sancho”, *El Pueblo Gallego*, nº 2.865, 3.6.1933.
- VILLAR PONTE, A.: “Meditación sinxela”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 2.909, 25.7.1933.
- VILLAR PONTE, A.: “Exemplos. Os sabios chochean...”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 2.967, 30.9.1933.
- VILLAR PONTE, A.: Os evanxeos da risa absoluta (anunciación do Antiquixote), Ed. Nós, Santiago, 1934.
- VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. La renovación política por el embuchado”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, ca. 1934.

- VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. Sugerencias en torno de una obra teatral irlandesa”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 10.2.1934.
- VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. La *Oxford Union* y el garbanzo de Giménez Caballero”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 3.086, 17.2.1934.
- VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. El ideal nacional del fascismo hispano”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 3.092, 24.2.1934.
- VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. Sobre propósitos monumentalizantes”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 3.155, 12.5.1934.
- VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. Una ligereza con trazas de injuria”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 3.170, 30.5.1934.
- VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. El lirismo y la política gallega”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 6.7.1934.
- VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. Sospecha de ocultación de cierto sentimiento tras símbolos galleguistas”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 3.249, 31.8.1934.
- VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. Sobre el monumento que va a edificarse en La Estrada”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 24.10.1934.
- VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. Se nos da lo que merecemos”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 3.295, 27.10.1934.
- VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. El teatro gallego y Valle Inclán”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 3.324, 30.11.1934.
- VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. Sobre la creación literaria que no es unipersonal”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 3.370, 25.1.1935.
- VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. Como se escribe en gallego y como se ridiculiza a Galicia”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 3.459, 9.5.1935.
- VILLAR PONTE, A.: “Avisos gallegos. De la Torre de Hércules a la Torre de los Lemos”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 9.6.1935.
- VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. Una juventud que se niega a sí misma”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 3.572, 18.9.1935.

- VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. ¿Quiénes somos los buenos españoles y cuáles los malos”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 3.862, 25.1.1936.
- VILLAR PONTE, A.: *Pensamento e sementeira. Leciós de patriotismo galego*, Ed. Galicia, Bos Aires, 1971.
- VILLAR PONTE, A.: *O sentimento liberal na Galiza. Discurso lido o día 24 de xullo do 1934, no acto da súa recepción pública por D. Antonio Villar Ponte e resposta de Don Ramón Otero Pedrayo*, “Publicacións da Real Academia Galega”, A Coruña, 1977.
- VILLAR PONTE, A.: *Xuana de Vega ou Os Mártires*, Edicións Laiovento, Santiago, 2001. Edición e notas de contexto de Ernesto Vázquez Souza.
- [VILLAR PONTE, A.]: “Temas de interés. Sobre teatros”, *El Pueblo Gallego*, Vigo. Recorte sen datar en Arquivo da Real Academia Galega, Fondo Villar Ponte, Caixa 147, Sobre 4.
- VILLAR PONTE, A.: “Pretextos cotidianos. Después del homenaje a Bagaía”. Recorte sen identificar existente no Arquivo da Real Academia Galega, Fondo Villar Ponte, Caixa 148, Sobre 4.
- VILLAR PONTE, A.: “Temas de interés. Libros próximos a publicarse”, *El Pueblo Gallego*, Vigo. Recorte sen datar en Arquivo Real Academia Galega, Fondo Villar Ponte, Caixa 148, Sobre 4.
- [VILLAR PONTE, A.]: “Temas de interés. Problemas de difícil solución”, *El Pueblo Gallego*, Vigo. Recorte sen datar en Arquivo da Real Academia Galega, Fondo Villar Ponte, Caixa 150, Sobre 2.
- [VILLAR PONTE, A.]: “Temas de interés. De teatro y otras cosas”, *El Pueblo Gallego*, Vigo. Recorte sen datar en Arquivo da Real Academia Galega, Fondo Villar Ponte, Caixa 150, Sobre 2.
- [VILLAR PONTE, A.]: “Temas locales. Una solución que pudo anticiparse”, *El Pueblo Gallego*, Vigo. Recorte sen datar en Arquivo da Real Academia Galega, Fondo Villar Ponte, Caixa 150, Sobre 2.
- [VILLAR PONTE, A.]: “Temas de interés. Lamentable caso de negligencia”, *El Pueblo Gallego*, Vigo. Recorte sen datar en Arquivo da Real Academia Galega, Fondo Villar Ponte, Caixa 150, Sobre 2.

- VILLAR PONTE, R.: “El poeta de la raza. Una nueva obra”, *El Correo Gallego*, Ferrol, 30.8.1921.
- VILLAR PONTE, R.: “Unhas liñas históricas. O epílogo da traxedia mindoniense”, *Nós*, Ourense, nº 100, 15.4.1932
- VILLAR PONTE, R.: *A xeración do 16. (Discurso lido o día 16 de xuño do 1951 na súa recepción)*, Publicacións da Real Academia Galega, A Coruña, 1977.
- VILLARES PAZ, R.: “O marco histórico de Antón Villar Ponte”, *Teima. Revista Galega de Información Xeral*, nº 22, 12-19.5.1977, pp. 49-50.

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	9
I. ANTECEDENTES DE <i>O MARISCAL</i>	15
1.1. Cabanillas e Villar Ponte: orixes dunha frutífera amizade	15
1.2. Formación e precedentes teatrais dos autores de <i>O Mariscal</i>	44
1.3. Preludio da escrita en colaboración: <i>A man de Santiña</i>	52
1.3.1. Algunhas hipóteses sobre a xénese de <i>A man de Santiña</i>	52
1.3.2. Recepción e fortuna de <i>A man de Santiña</i>	69
1.4. Proceso de familiarización dos autores de <i>O Mariscal</i> coa figura de Pardo de Cela	79
1.5. Oportunidade de <i>O Mariscal</i> no contexto teatral da época ..	97
II. A CONTROVERTIDA CUESTIÓN DA AUTORÍA	107
2.1. Opinións sobre o grao de participación dos autores de <i>O Mariscal</i> na confección da peza	107
2.2. Novos datos a considerar sobre a cuestión	110
III. PERIPECIA EDITORIAL E RECEPCIÓN	131
3.1. Notas sobre o proceso de elaboración de <i>O Mariscal</i>	131
3.2. Un fanado primeiro intento de representación de <i>O Mariscal</i>	135
3.3. Primeiro intento de publicación de <i>O Mariscal</i>	140
3.4. Adiantos de <i>O Mariscal</i> en publicacións periódicas	148
3.5. Outro frustrado intento de edición de <i>O Mariscal</i>	151
3.6. A edición de “Lar” (1926).....	156
3.7. Outro fanado intento de representación de <i>O Mariscal</i>	169
3.8. Unha tradución non autorizada de <i>O Mariscal</i> para o español	172
3.9. A edición de “Nós” (1929)	184

IV. ANÁLISE E INTERPRETACIÓN DE <i>O MARISCAL</i>	191
4.1. Análise de <i>O Mariscal</i>	191
4.2. Interpretación de <i>O Mariscal</i>	198
4.2.1. O mito pardo-celista como visión alternativa á historia oficial	199
4.2.2. <i>O Mariscal</i> como ferramenta proselitista do nacionalismo galego	219
V. XÉNESE E FORTUNA DA VERSIÓN OPERÍSTICA DE <i>O MARISCAL</i>	235
5.1. Sobre a xénese da versión operística de <i>O Mariscal</i>	235
5.2. Censura na estrea coruñesa?	250
5.3. Estrea en Vigo da ópera <i>O Mariscal</i>	261
5.4. Xira por diversas localidades e recepción	268
VI. FORTUNA POSTERIOR DE <i>O MARISCAL</i>	281
6.1. Novos frustrados intentos de representación da peza <i>O Mariscal</i> antes do 36	281
6.2. Proceso de distanciamento entre os autores de <i>O Mariscal</i>	296
6.3. Do silenciamento no franquismo á montaxe do “Centro Dramático Galego”	317
6.4. A xeito de conclusións: un reto aínda pendente	323
REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS	331

ESTE LIBRO SAÍU DO PRELO DE LUGAMI EN BETANZOS O 25 DE ABRIL DE 2005



LIBROS PUBLICADOS

1. Xaime Quintanilla: DONOSIÑA
(Edición de Laura Tato)
2. Denis Diderot: O PARADOXO SOBRE O
ACTOR
(Edición bilingüe de X. C. Carrete Díaz e F.
Sucarrat Boutet) –Esgotado–
3. Antón Villar Ponte: ENTRE DOUS ABISMOS e
NOUTURNIO DE MEDO E MORTE
(Edición de Emílio Xosé Ínsua López)
–Esgotado–
4. Oscar Wilde: ERNEST
(Edición bilingüe de Miguel Pérez Romero)
–Esgotado–
5. Aristóteles: POÉTICA
(Edición bilingüe de Fernando Muñoz)
–Esgotado–
6. Hildegarde de Bingen: O DESFILE DAS
VIRTUDES
(Edición bilingüe de Xosé C. Santos Paz)
7. Ramón Otero Pedrayo: O FIDALGO E O
TEATRO (TRES TEXTOS DRAMÁTICOS)
(Edición de Xosé Manuel Sánchez Rei)
8. TRES PEZAS CÓMICAS MEDIEVAIS
(Edición bilingüe de Henrique Harguindey
Banet)
9. Pedro P. Riobó Sanluís: O TEATRO GALEGO
CONTEMPORÁNEO (1936-1996)
10. O TEATRO DE CHARLES BAUDELAIRE.
PROXECTOS
(Edición bilingüe de Xesús González
Gómez)
11. Ricardo Carvalho Calero: ESCRITOS SOBRE
TEATRO
(Edición de Laura Tato)
12. António Ferreira: CASTRO
(Edição de M^a Rosa Álvarez Sellers)
13. Rosvita de Gandersheim: OBRA DRAMÁTICA
(Edición bilingüe de Xosé C. Santos Paz)
14. Llorenç Villalonga: DESBARATOS
(Edición bilingüe de Xesús González
Gómez)
15. José Oliveira Barata: O ESPAÇO LITERÁRIO
DO TEATRO. ESTUDOS SOBRE
LITERATURA DRAMÁTICA PORTUGUESA/I
16. Alexandre Ballester: NUN PREGUE DE
VELUDO
(Edición bilingüe de Xesús González
Gómez)
17. Goretti Sanmartín Rei: O TEATRO DE XAN
DA COVA. *LA GALICIANA* E *MARÍA PITA*
18. Josep Pere Peyró: DESERTOS
(Edición bilingüe de Xesús González
Gómez)
19. Afonso Álvares: AUTO DE SANTIAGO
(Edição de Juan M. Carrasco González)
20. Ramón Cabanillas: A VIRXE DO CRISTAL
(Edición de Manuel Ferreiro e Goretti
Sanmartín Rei)
21. TEATRO BRASILEIRO: TEXTOS DE FUNDAÇÃO
(Edição de Maria Aparecida Ribeiro)
22. Joan Guasp: O VENDEDOR DE AMENDOÍNS
(Ed. bilingüe de Xesús González Gómez)
23. Roberto Cordovani: TEATRO BRASILEIRO NA
GALIZA
(Edição de Eisenhower Moreno)
24. François Riccoboni: A ARTE DO TEATRO
(Edición bilingüe de Roberto Salgueiro)
25. M^a Isabel Morán Cabanas: FESTA,
TEATRALIDADE E ESCRITA.
ESBOÇOS TEATRAIS NO *CANCIONEIRO GERAL*
DE GARCIA DE RESENDE
26. Ana Kiffer: ANTONIN ARTAUD. UMA
POÉTICA DO PENSAMENTO
27. Paulino Pereiro: A MÚSICA TEATRAL
28. Francisco Gomes de Amorim: FÍGADOS DE
TIGRE
(Edição de Carme Fernández Pérez-
Sanjulían)
29. Gil Vicente: FARSA DOS ALMOCREVES
(Edición de Xoán Carlos Lagares)
20. Manuel María: EDIPO
(Edición de Miguel A. Mato Fondo)
31. Eugène Labiche [e Marc-Michel]: UN
CHAPEU DE PALLA ITALIANA
(Edición bilingüe de Ana Luna Alonso)
32. Manuel Lourenzo: ÍNSOMNES
33. Cándido A. González: ¡MAL OLLO!...
(Edición de Manuel Ferreiro e Laura Tato
Fontañá)
34. Iolanda Ogando: TEATRO HISTÓRICO:
CONSTRUCCIÓN DRAMÁTICA E CONSTRUCCIÓN
NACIONAL
35. Euloxio R. Ruibal: MÍNIMALIA. 20 PEZAS DE
TREATRO BREVE
36. Antoni Nadal: O TEATRO MALLORQUINO DO
SÉCULO XX
37. Emilio Xosé Ínsua López: SOBRE *O*
MARISCAL, DE CABANILLAS E VILLAR PONTE